TESE DOUTORAMENTO

As Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos de Galicia. 1836-1936

Ana Cruz Martínez Rodríguez

Directores

Fernando Acuña Castroviejo

Raquel Casal García

DEPARTAMENTO HISTORIA I

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DOUTORAMENTO

As Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos de Galicia 1836-1936

Asdo. .....

Ana Cruz Martínez Rodríguez

2015

DEPARTAMENTO HISTORIA I

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Departamento de Historia I. Facultade de Xeografia e Historia

FERNANDO ACUÑA CASTROVIEJO CATEDRÁTICO DE ARQUEOLOXIA E MARIA RAQUEL CASAL GARCÍA, PROFESORA TITULAR DE ARQUEOLOXÍA DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

CERTIFICAN

Que a licenciada ANA CRUZ MARTINEZ RODRIGUEZ realizoú baixo a nosa dirección a tesis de doutoramento titulada "As Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos de Galicia. 1836-1936".

E para que conste e se poida proceder aos trámites necesarios para a sua defensa asinamos en Santiago a 30 de abril de 2015.

Asdo. Fernando Acuña Castroviejo Asdo. : Mª Raquel Casal García

Conforme: Ana Cruz Martínez Rodríguez

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Aos meus pais

O meu agradecemento aos meus directores de tese,
Raquel e Fernando, pola súa confianza e apoio



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Resumo

Nesta investigación analízase a traxectoria das Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos de Galicia entre 1836 e 1936. Estas cooporacións debían actuar en cada provincia coma brazos executores das directrices gobernamentais no relativo á xestión do Patrimonio Cultural. Na práctica, o contexto de precariedade institucional e material condicionaron significativamente a súa eficacia e funcionamento.

As Comisións galegas, a pesar das súas manifestas deficiencias, durante máis dun século realizaron un volume inxente de modestas actuacións que, tomadas no seu conxunto, constitúen unha meritoria contribución á conservación e posta en valor do Patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico e documental de Galicia.

Para a reconstrucción da traxectoria das Comisións galegas apenas contamos coa documentación xenerada por elas mismas, pero sí coa abundante correspondencia intercambiada coas institucións das cales dependeron: a Comisión Central, a Real Academia da Historia e a Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Estas fontes compleméntaronse coas noticias obtidas dos xornais, revistas e boletíns que deron eco das actuacións dos comisionados. Reconstruímos con esta documentación a meritoria actuación das Comisións na recuperación dos bens culturais desamortizados, na defensa dos monumentos ante as agresións da expansión urbana, na formación do xérnolo dos museos provinciais, promoveron excavacións arqueolóxicas e a recuperación de vestixios de interés histórico-arqueolóxico, interviron na defensa da Muralla de Lugo, na supervisión das reparacións dos edificios monumentais, etc….

A pesares das cuantiosas achegas, a historia das Comisións Provinciais está repleta de períodos oscuros, de inactividade, actuacións desafortunadas,… Unha análise contextualizada permite comprender estas circunstancias no marco da precariedade da política cultural gobernamental.

O estudo das Comisións Provinciais de Monumentos histórico artísticos de Galicia, sobre todo, permite recuperar as achegas dun amplo coleitivo de eruditos que se implicaron na defensa dos bens culturais galegos, con frecuencia sen apoios nin medios materiais.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Contido

PARTE I

A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO EN GALICIA (1836-1936) 15

1. A POLÍTICA DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO. 1836 - 1936 17

1.1 A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO DESAMORTIZADO 17

1.2. A ATENCIÓN ÓS EDIFICIOS NACIONALIZADOS NA DÉCADA DOS CINCUENTA 24

1.3. O DESPEGUE DA ARQUEOLOXÍA NA DÉCADA DOS SESENTA 30

1.4. A RESTAURACIÓN. AS DECLARACIÓNS DE MONUMENTOS 41

1.5. A INSTITUCIONALIZACIÓN DA PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NO SÉCULO XX 47

1.6. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA, REPÚBLICA E GUERRA CIVIL 52

2. A ARQUEOLOXÍA NA PRODUCIÓN ESCRITA 59

2.1 O COÑECEMENTO ARQUEOLÓXICO DOS AUTORES CLÁSICOS 59

2.2. A INFORMACIÓN ARQUEOLÓXICA NOUTRAS FONTES ESCRITAS 69

3. AS COMISIÓNS DE MONUMENTOS. 75

3.1. DA DESAMORTIZACIÓN ÁS COMISIÓNS DE MONUMENTOS. 1835-1844 75

3.2. A RECUPERACIÓN DOS BENS CULTURAIS E ARTÍSTICOS NACIONALIZADOS. 1844-1849 80

3.3. O REPREGAMENTO DAS COMISIÓNS NA DÉCADA DOS CINCUENTA 85

3.4. A REORGANIZACIÓN DAS COMISIÓNS BAIXO CONTROL ACADÉMICO 92

3.5. A ACTIVACIÓN DAS COMISIÓNS DURANTE A RESTAURACIÓN 102

3.6. AS COMISIÓNS NO CAMBIO DE SÉCULO: O DESPEGUE 104

PARTE II

AS COMISIÓNS DE MONUMENTOS DE PONTEVEDRA, CORUÑA E LUGO. ACHEGAS Á ARQUEOLOXÍA E Á CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO

4. A Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Coruña .. 113

4.1. Antecedentes: As Comisións científicas e a Deputación Arqueolóxica. 1836-1844 113

4.2. A Comisión de Monumentos: periodización e traxectoria 118

5. A Comisión Provincial de Monumentos de Lugo 159

5.1. Os inventarios e expurgos dos Bens Nacionalizados. 1836-1844 159

5.2. Traxectoria da Comisión de Monumentos de Lugo 162

6. A Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Pontevedra 201

6.1. As comisións científicas e recoletoras. 1836-1844 201

6.2. Traxectoria da Comisión de Monumentos de Pontevedra 205

PARTE III

A COMISIÓN PROVINCIAL DE MONUMENTOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS DE OURENSE

7. Antecedentes. O abandono do Patrimonio Nacionalizado. 1835-1844 241

7.1 O inventariado e selección dos bens culturais e artísticos 241

8. A Comisión de Monumentos de Ourense 1844-1941 255

8.1 Traxectoria e periodización 255

9. AS ACHEGAS DA COMISIÓN DE MONUMENTOS 335

9.1. O MUSEO DE PINTURAS DE OURENSE 335

9.2. A BIBLIOTECA PROVINCIAL E A BIBLIOTECA DA COMISIÓN 341

9.3. INTERVENCIÓNS ARQUEOLÓXICAS PRÁCTICAS 345

9.4. O MUSEO ARQUEOLÓXICO DE OURENSE 363

9.5.A RECUPERACIÓN DE EPÍGRAFES 369

9.6. O MONETARIO DA COMISIÓN 376

9.7 O BOLETÍN DA COMISIÓN 380

9.8. OS INFORMES SOBRE O PATRIMONIO 384

9.9 AS REPARACIÓNS DOS EDIFICIOS MONUMENTAIS 389

9.10. ÁLBUM FOTOGRÁFICO DE MONUMENTOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS 392

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TEXTOS ANEXOS

OBXETIVOS E ESTRUCTURA DA SOCIEDAD ARQUEOLÓGICA ESPAÑOLA 397

SEMANARIO PINTORESCO. 27/4/1845, N.º 17. PÁXINA 8 397

ARTIGO SOBRE A CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN ARQUEOLÓXICA GALLEGA 399

NEIRA DE MOSQUERA 399

RECREO COMPOSTELANO. 27 DE XULLO DE 1842. Nº 89 PÁX. 4 399

ANTIGÜEDADES DE ORENSE- JUAN MANUEL BEDOYA 401

INFORME REMITIDO Á REAL ACADEMIA DE ARQUEOLOXÍA NO 1842 BASEADO NO INFORME DO MESMO AUTOR ENVIADO Á R.H.A. NO 1841 401

INSTRUCCIÓN SOBRE AS OBSERVACIÓNS A SEGUIR POLAS COMISIÓNS PROVINCIAIS DE MONUMENTOS. 1844 405

REGLAMENTO DE LAS COMISIONES PROVINCIALES DE MONUMENTOS HISTÓRICOS Y ARTÍSTICOS. 24 DE NOVIEMBRE DE 1865. REFORMADO POR REAL ORDEN DE 30 DE DICIEMBRE DE 1881 409

CIRCULAR DE BARTOLOMÉ TEIGEIRO SOLICITANDO OBXETOS ARTÍSTICOS PARA O FUTURO MUSEO HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE LUGO. 1876 421

INFORME. APORTACIONES DE LA COMISIÓN DE LUGO AL PROYECTO DE LEY DE MONUMENTOS. 1876 423

CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN ARQUEOLÓXICA DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. 1897 425

RECLAMACIÓN DA COMISIÓN DE MONUMENTOS DE LUGO A RAH PARA QUE INTERMEDIE COA DEPUTACIÓN PARA A OBTENCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS. 1997 427

RENUNCIA COLEITIVA DOS INDIVIDUOS DA COMISIÓN DE MONUMENTOS DE LUGO. 1922 429

MANUSCRITOS 443

BIBLIOGRAFÍA XERAL 445

XORNAIS E REVISTAS PERIÓDICAS HISTÓRICAS 463

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Introdución

Desde finais dos noventa véñense publicado en España numerosos traballos relativos ás Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos. Estas lonxevas corporacións provinciais apenas atraeran ata datas recentes a atención dos historiadores dado que, desde o descoñecemento, atribuíuselle sistematicamente a consideración de ser entidades inoperantes e ineficaces.

A recente atención prestada nos últimos anos ao estudo das Comisións de Monumentos vén determinada pola concienciación do relevante papel que tiveron asinado durante máis dun século na xestión do Patrimonio Artístico e Arqueolóxico nas respectivas provincias. Esta constatación puxo de manifesto a necesidade de recuperar a memoria da súa traxectoria, á marxe dos seus éxitos ou fracasos, dado que está estreitamente aparellada á sorte dos monumentos e vestixios históricos e artísticos de cada provincia.

Por este motivo a investigación sobre as Comisións transcende da simple cuantificación dos seus éxitos e de reclamar en base a eles o recoñecemento dos seus méritos. Consideramos que o estudo das Comisións de Monumentos é relevante por sí mesmo, por coincidir na práctica coa xestión patrimonial provincial ata ben entrado o século XX, fora esta xestión exitosa ou non. De feito, afondar na traxectoria das Comisións supón, en gran medida, sinalar as súas manifestas deficiencias e estudar os factores que as explican; evidenciar que as súas limitacións constitúen unha manifestación máis da precariedade da política cultural e patrimonial estatal desenvolvida ata o primeiro terzo do século XX.

Con esta investigación sobre as Comisións de Monumentos galegas, a primeira a nivel estatal que supera o marco xeográfico provincial, pretendemos contribuír a unha futura revisión sobre estas corporacións na cal se matice a súa imaxe de inoperancia e se valore as súas achegas entendéndoas no contexto de precariedade institucional no cal se desenvolveu a política cultural e patrimonial española. Neste

sentido, Isabel Ordieres realizou xa un valioso traballo de síntese a nivel estatal no cal abordou a participación das Comisións de Monumentos na restauración dos edificios monumentais nacionais. Non obstante, a restauración de edificios constitúe unicamente unha das moitas atribucións das lonxevas Comisións de Monumentos.

No momento de inicial esta investigación o obxectivo que nos propuxemos foi o de estudar á Comisión de Monumentos de Ourense, a única Comisión recoñecida medianamente en Galiza pola relevancia dos logros que acadara no cambio de século: a formación do Museo Arqueolóxico de Ourense e a edición do Boletín da Comisión. Unha análise comprensiva e contextualizada desta Comisión reclamaba afondar na instalación e traxectoria das descoñecidas Comisións do resto das provincias galega e, como non, relacionala tamén coas do resto da península.

As carencias bibliográficas sobre ás Comisións galegas en concreto e, sobre a xestión do Patrimonio Cultural galego do século XIX en xeral, leváronnos a estender este estudo non solo xeograficamente a toda Galicia senón tamén a afondar no estudo do contexto sociocultural galego e estatal, necesario para comprender a significación e traxectoria das catro Comisións galegas, e da ourensá en particular.

A extensión do marco xeográfico da investigación a toda Galicia non levou consigo a renuncia ao estudo máis pormenorizado da Comisión de Ourense. Persistimos na intención de afondar no estudo desta Comisión co obxectivo de evidenciar que a intensificación na investigación dunha destas corporacións permitiríanos constatar a amplitude da actividade que desenvolveron. Así, a intención non é destacar a Comisión de Ourense sobre as tres restantes senón amosala coma exemplo que nos permita extrapolar os resultados ás demáis comisións galegas, sinalando sempre as peculiaridades de cada unha delas.

Metodoloxicamente optamos por abordar a investigación en tres partes. Comezamos cunha contextualización, imprescindible para a comprensión dos condicionantes políticos, culturais e lexislativos que determinaron á traxectoria e logros das Comisións. Delimitamos as dificultades materiais, económicas e estruturais que tiveron que afrontar os comisionados para acadar os variables obxectivos que se lles encomendaron ao longo da súa centenaria traxectoria. Dedicamos especial atención a establecer as interaccións das Comisións de Monumentos coas institucións e organismos centrais e locais dos que dependeron e, en xeral, con aquelas entidades coas cales se relacionaron. Reconstruímos así nesta primeira parte o entramado institucional establecido nos diferentes períodos para a xestión do

Patrimonio Cultural sinalando a posición que ocupaba nel as Comisións de Monumentos.

A vinculación desta investigación á área de Arqueoloxía da USC levounos a prestar especial atención ás actuacións das Comisións con respecto aos vestixios arqueolóxicos. Comprobamos que a implicación das Comisión nestas cuestións foi parella á implantación da Arqueolóxica coma ciencia en Galicia. Coa finalidade de aproximarnos ao contexto científico e cultural arqueolóxico e de valorar a contribución das Comisións nesta área, reconstruímos os parámetros nos que se movía a ciencia arqueolóxica: afondamos na implantación das inspeccións arqueolóxicas prácticas, na evolución da interpretación dos vestixios arqueolóxicos, no tratamento da información arqueolóxica dos autores clásicos, os tópicos arqueolóxicos decimonónicos, a valoración e conservación dos vestixios materiais, .. Comprobamos novamente as carencias da bibliografía actual neste ámbito. Ata o presente, os estudos sobre a Arqueoloxía decimonónica centráranse case exclusivamente na vinculación das cuestións arqueolóxicas con respecto ao celtismo, de aí que necesitaramos recorrer as fontes clásicas directamente para abordar estas cuestións.

Na segunda parte do traballo aproximámonos ás Comisións de Monumentos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Con respecto a estas tres provincias perseguimos estudar comparativamente as súas liñas xerais de actuación e as particularidades da traxectoria de cada unha delas. Con este fin sinalamos as súas achegas e actuacións máis relevantes e os períodos de maior e menor actividade de cada Comisión afondando nas circunstancias que os motivaron. Este achegamento permitiunos constatar as coincidencias na traxectoria das Comisións, fortemente condicionadas polos factores políticos externos. Recollemos tamén brevemente os trazos biográficos dos comisionados máis relevantes sinalando a súa formación intelectual e as achegas máis relevantes de cada un deles.

Por último, a terceira parte do traballo dedicámola á análise máis exhaustiva da Comisión de Monumentos de Ourense. Escollemos esta Comisión pola dispoñibilidade de fondos documentais propios e pola relevancia dalgúns dos seus logros: a edición do seu Boletín e a formación do Museo de Pinturas e do posterior Museo Arqueolóxico. A nivel persoal, afondar no proceso de recuperación e posta en valor dos monumentos e bens culturais desta provincia, onde residín durante anos, foi especialmente gratificante.

A intensificación das pescudas relativas ás actuacións desta Comisión permitiunos non só establecer períodos e liñas xerais da súa actuación senón tamén neste caso afondar no funcionamento interno das Comisións, coñecer as metodoloxías de intervención dos comisionados e analizar polo miudo os logros máis relevantes. Pomos de manifesto, sobre todo, que actuacións que hoxe semellan discretas requirían un volume inxente de traballo atendendo ao desenvolvemento técnico, viario e cultural da época, un traballo ademais honorario e por tanto non retribuído.

Concluíndo, a análise da traxectoria das Comisións de Monumentos galegas permítenos por un lado constatar o salientable volume de actuacións realizadas e ao mesmo tempo valorar estes logros relacionándoos coas atribucións que se lle encomendaron e as circunstancias culturais e económicas nas cales se desenvolveron.

Destacamos finalmente o nivel de implicación de moitos dos comisionados que, sen retribución económica, realizaron con escasos medios e apoios unha voluminosa tarefa de recuperación, custodia e posta en valor do Patrimonio Monumental e Artístico provincial. Por este motivo, ao longo do traballo, incluímos os trazos biográficos e achegas individuais dos individuos máis relevantes. A recuperación da memoria destes personaxes, moitos de eles practicamente descoñecidos, resultounos unha das facetas máis gratificantes do traballo. O espazo apenas nos permitíu incluír unhas breves notas sobre a súa formación, obras e as súas principais achegas. Unha vez máis, a bibliografía actual apenas dedicou estudos a maior parte destes eruditos do século XIX e comezos do XX para os cales contamos unicamente cun limitado grupo de investigacións relativas aos comisionados máis relevantes: Murguía, Arturo Vázquez Núñez, Martínez Sueiro,…

Con respecto ás fonres, unha das principais dificultades ao afrontar esta investigación foi a dispersión e mesmo o extravío da documentación propia das Comisións. Este extravío relacionámolo coa súa febleza organizativa que as privou en moitas ocasións de locais propios onde custodiar os seus arquivos. A descontinuidade no tempo contribuíu nalgún caso tamén a dificultar a conservación da documentación entre etapas. Noutras ocasións a falta de delimitación entre as actuacións particulares dos comisionados a súa participación coma membros das Comisións ocasionou que a documentación relativa a determinadas intervencións se conservara en fondos familiares privados de difícil acceso. Unicamente a Comisión de Ourense conserva parcialmente os seus fondos, aínda que en mal estado, especialmente para as primeiras décadas da súa existencia.

A falta de fondos propios, para o estudo das Comisións contamos principalmente coa documentación que nos achegan os arquivos das diversas institucións centrais que coordinaron a súa actuación, esencialmente a Comisión Central ata o 1859 e as Reais Academias da Historia e de Belas Artes a partir desa data.

A Comisión Central (1844-1859), coordinadora Comisións de Monumentos provinciais ata o 1960, apórtanos a correspondencia mantida con esta institución. Esta documentación compleméntase coas dúas *Memorias da Comisión Central* que recollen os informes sobre o Patrimonio desamortizado remitidos desde as provincias polas Comisións de Monumentos. Especialmente relevante é a Memoria da Comisión Central de 1845 dado o volume da tarefa realizada polas Comisións de Monumentos no seu primeiro ano de andadura. A segunda Memoria da Comisión Central abarcará a década 1845-1855, máis breve que a anterior, apórtanos unha información valiosa por estar referida a unha etapa especialmente escura.

As Comisións de Monumentos a partir de 1860 quedaron baixo a tutela da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (en adiante RABASF) no relativo ás cuestións artísticas e da Real Academia da Historia (en adiante RAH) para o relativo aos estudos históricos. Entre a documentación conservada nos arquivos da RABASF destacamos os informes elaborados polas Comisións para instruír as Declaración de Monumentos Nacionais e tamén os informes preceptivos dos comisionados para informar a autorización dos derrubes de edificios monumentais ou para autorizar obras de reparación de monumentos históricos e artísticos. A RAH conserva nos seus fondos os informes de contido histórico e as notificacións de achados arqueolóxicos. Esta Academia publicou varias Memorias nas que incluía os informes e traballos académicos remitidos polos correspondentes das Comisións de Monumentos. A partir do 1871 o *Boletín de la Real Academia de la Historia* substituíu ás Memorias achegando maior difusión aos traballos dos académicos.

As Comisións intercambiaron tamén abundante correspondencia con organismos e entidades locais moi diversos en función das épocas e dos asuntos aos que atenderon: a Sociedade de Amigos do País, a Real Academia Galega, a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, Deputacións, Concellos, Bispados….

A ordenación cronolóxica desta variada documentación permitiunos paliar a falta de arquivos propios e acadar un achegamento global á actividade das Comisións, con grandes lagoas nas décadas iniciais. De especial relevancia para complementar

esta información resultou a consulta de xornais, boletíns e revistas coetáneos e, en especial, do Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense, publicado a partir de 1898. Resultounos tamén de interese os artigos e informes publicados no *Boletín de la Academia de Historia*, e no *Boletín de la Real Academia Galega* que permitiron a difusións dos estudos históricos, arqueolóxicos e artísticos de numerosos comisionados galegos.

Unha fonte a ter en conta é a produción propia dos individuos que integraron as Comisións de Monumentos, en os que figuran os máis salientables autores da produción histórica e arqueolóxica de Galicia do século XIX e comezos do XX: Barros Sibelo, Murguía, Marcelo Macías, Arturo Vázquez Núñez, Benito Fernández Alonso, Maciñeira, Martínez Salazar, Ángel del Castillo,…. A súa abundante produción permitenos constatar a afección, compromiso e coñecementos científicos dos comisiónados galegos.

Outra documentación que nos permite achegarnos á tarefa das Comisións de Monumentos son os arquivos dos Museos e Bibliotecas que xestionaron directamente. No caso ourensán contamos coa documentación do Arquivo do Museo Arqueolóxico de Ourense que recolle o legado do Museo de Pinturas, do Museo Arqueolóxico e da Biblioteca da Comisión.

Resultan de especial utilidades os textos legais e normativos relativos á defenda do Patrimonio Artístico e Arqueolóxico que nos permiten situarnos no marco legal no cal se desenvolveu a tarefa das Comisións de Monumentos.

En canto ás fontes actuais, atopamos un baleiro bibliográfico practicamente absoluto no relativo ás Comisións galegas. Os escasos traballos existentes están vinculados a historiadoras da Arte e céntranse basicamente na actuación das Comisións con respecto á Restauración Monumental. Xa falamos da aportación de Isabel Ordieres Díez, a nivel estatal, sobre a restauración monumental que inclúe as intervencións neste eido das Comisións de Monumentos galegas. Entre as contadas excepcións referidas á Galiicia contamos co estudo de Irene Calvo que abordou na tesiña de licenciatura inédita do departamento de Historia da Arte da USC a traxectoria da Comisión da Coruña no que respecta a defensa dos monumentos arquitectónicos desa provincia. No mesmo ámbito, contamos coa recente tese de Rosa Méndez Fonte, *La conservación de los monumentos arquitectónicos en Galicia (1840-1940)* da Universidade da Coruña (2010).

Con respecto aos estudos da Arqueoloxía galega referida ao século XIX e comezos do XX preséntanse tamén amplas lagoas bibliográficas, xa sinaladas por Pereira González (1996), un dos autores que máis ten achegado ao estudo da Arqueoloxía neste período. A escasa bibliografía ao respecto refírese basicamente ás achegas dos autores clásicos ao coñecemento dos vestixios arqueolóxicos interprentado básicamente en relación a súa vinculación co celtismo.

Sinalamos por último tamén os fondos gráficos de recente dixitalización que nos achegaron abundantes ilustracións coetáneas dos monumentos galegos, moitas delas inéditas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

PARTE I

A protección do Patrimonio Arqueolóxico en Galicia (1836-1936)

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. A política de protección do Patrimonio. 1836 - 1936

1.1 A recuperación do Patrimonio desamortizado

Na Galicia do século XIX a emerxente elite burguesa desprazou progresivamente aos estamentos tradicionais. Neste proceso, o colectivo liberal implicouse no progreso cultural e científico e na súa extensión ao conxunto da sociedade. No marco das correntes nacionalistas e do romanticismo, os axentes liberais potenciaron tamén a investigación histórica e a valoración e protección do Patrimonio Histórico e Monumental, tanto a nivel estatal como periférico.

A Desamortización neste proceso de transformación social tivo unha enorme transcendencia a pesares de que o Goberno acadou solo parcialmente os seus obxectivos, desposuír a Igrexa do seu poder socieconómico e achegar financiamento ás maltreitas arcas estatais. Neste traballo non afondamos na análise socioeconómica da Desamortización que conta con abundante bibliografía, tanto a nivel estatal como para Galicia. Interésanos unicamente a súa incidencia no que respecta ao Patrimonio Cultural atesourado durante séculos nos conventos e mosteiros galegos.

Efectivamente, os decretos desamortizadores de 1836 carrexaron o abandono dos edificios eclesiásticos nos cales se custodiaban importantes arquivos documentais, fondos bibliográficos, esculturas, pinturas, ourivaría relixiosa e outros aparellos útiles para as ciencias e as artes. O despoxo da Igrexa supuxo a nacionalización deste cuantioso Patrimonio Artístico e Cultural, incluídos os mesmo edificios conventuais e os mosteiros.

Neste contexto desamortizador, o marco lexislativo vixente para a protección dos obxectos de valor artístico e cultural era aínda moi precario. A normativa básica existente era a *Instrucción sobre el modo de recoger y conservar los monumentos* de *Carlos IV de* 26 de marzo de 1802[2] que regulaba o concepto de antigüidade histórica e outorgaba valor histórico aos obxectos e estruturas da Idade Media e anteriores. Esta norma complementábase coa *Cédula por la cual se aprueba y manda observar la Instrucción formada por la Real Academia de la Historia de 1803 sobre el modo de recoger y conservar los monumentos antiguos descubiertos ó que se descubran en el*

2 *Instrución sobre el modo de recoger y conservar los monumentos, 26 de marzo de 1802. Recogida en la Novísima Recopilación*. Imprenta Real, Madrid, 1803.

Reyno.[3] Esta última cédula atribuía á RAH a protección dos vestixios atopados en terreos públicos ou do Estado, e por tanto, constituía a normativa básica aplicable aos bens culturais e artísticos acabados de nacionalizar. Nesta altura, o aínda incipiente Patrimonio Arqueolóxico quedaba á marxe do amparo legal o cal supoñía que estes vestixios quedaran na práctica en mans dos seus descubridores (MAIER ALLENDE, Jorge. 2008:18).



Ilus. 1 Praza do Obradoiro

Nos anos inmediatos a Desamortización, o Goberno, no contexto de bancarrota económica e centrado na contenda carlista, non puido prestar a debida atención ao Patrimonio expropiado. Por este motivo, durante anos, os bens alleados quedaron abandonados nos edificios eclesiásticos, expostos á pillaxe, á humidade e aos roedores e outras inclemencias. Para achegarnos ao alcance da desfeita sufrida polo bens culturais nacionalizados nestes anos contamos co valioso estudo de Jesús Ángel Sánchez García *Una década trágica para el patrimonio gallego. De la Desamortización a las Comisiones de Monumentos (1835-1844*) (SÁNCHEZ GARCÍA, J.A.:2004).

Con respecto aos bens mobles nacionalizados o Goberno incluíra nos decretos desamortizadores cláusulas que os apartaba das vendas. Con estes fondos de interese cultural o obxectivo gobernamental era constituír museos e bibliotecas nas capitais provinciais que contribuíran a aumentar o nivel cultural da sociedade.[4] Non obstante, o Goberno descoñecía a calidade e a cantidade inxente de bens culturais e

3 MAIER ALLENDE. Jorge *II Centenario de la Real Cédula de 1803. La Real Academia de la Historia y el inicio de la legislación sobre el Patrimonio Arqueológico y Monumental en España*. 2003

4 O Real Decreto de 30 de noviembre de 1833 regulaba a división territorial de España en provincias, ideada por Javier de Burgos. Perseguía que desde cada capital provincial se puidese chegar a cabalo nun día á calquera punto das novas demarcacións territoriais.

artísticos atesourados nos edificios eclesiásticos e non previra a dificultade técnica e o custe económico de reacomodalos, en es especial en plena contenda bélica.

No que se refire aos edificios eclesiásticos o Goberno inicialmente tiña o obxectivo de obter a maior rendibilidade económica posible a través da súa venda directa e, cando esto non fora posible, cedelos para usos públicos ou privados. Neste caso, o artigo segundo do Decreto de Mendizábal contemplaba tamén unha atención diferenciada a determinados edificios en atención a súa valía histórica ou artística. Así, exceptuáronse das vendas *los edificios que el Gobierno destine para el servicio público, o para conservar monumentos de las artes o para honrar la memoria de hazañas nacionales*.

No momento da exclaustración, o Goberno contaba con escasos recursos económicos para a atención ao Patrimonio polo cal unicamente se puideron tomar febles iniciativas neste eido. Nas capitais provinciais, no 1835, formáronse unhas *comisións recolectoras* que tiveron coma cometido expurgar e inventariar os bens culturais e artísticos útiles dos edificios eclesiásticos. A súa tarefa tivo continuidade no 1837 coa instalación das súas sucesoras, *as comisións científicas,* que continuaron co inventariado dos bens culturais e a súa reunificación en depósitos. A falta de recursos impediulles a ambas, na maior parte dos casos, o traslado cara ás capitais provinciais para constituír as proxectadas bibliotecas e museos.

Nestes anos de desprotección e abandono do Patrimonio inmediatos á exclaustración foi cuantioso o espolio dos bens culturais e artísticos nacionalizados cara a coleccións privadas e museos estranxeiros. Martínez Lombo sinala que de feito, xa nos anos previos á exclaustración e, ante a inminencia das leis desamortizadoras, as institucións relixiosas negociaran de antemán en numerosas ocasións a venda dos obxectos de arte e dos volumes librarios máis valiosos cos coleccionistas e particulares (MARTÍNEZ LOMBÓ, E. 2008:7).

> *Por desgracia mientras nosotros mirábamos con indiferencia y desvío tan interesantes trabajos, y arrumbamos, por viejos é inservibles, en trasteras y desvanes objetos de subido valor artístico, los sabios y coleccionistas extranjeros, no contentos con estudiar nuestros monumentos, adquirían á precios, inverosímiles, curiosidades y joyas artísticas, que, para vergüenza nuestra, han ido á enriquecer los principales museos de Europa.* [5]

5 BCPMHAO T. I Nº 1 1 marzo de 1898 Páx.1

Eruditos das cidades e vilas nutriron tamén as súas coleccións privadas cos bens culturais nacionalizados e tamén cos vestixios procedentes das escavacións arqueolóxicas de afeccionados que aumentaron progresivamente nas décadas seguintes. Entre as coleccións privadas máis salientables que se formaron en Galicia durante o século XIX destacamos polo seu volume e calidade a colección de Ricardo Blanco-Cicerón seguida a distancia pola de Villaamil y Castro, a de Federico Maciñeira, a de José Viqueira Barrio,[6] a de Santiago de la Iglesia,[7] a de Fernández Gil y Casal, Eduardo Álvarez Carballido; … (ACUÑA CASTROVIEJO, F. 2013).

Igualmente, nestas décadas un volume inxente de documentos e volumes librarios procedentes das bibliotecas de mosteiros e conventos nacionalizados integrouse en coleccións privadas e públicas de Italia, Portugal, Francia, Rusia e, especialmente, Estados Unidos (SÁEZ SÁNCHEZ, C. 2004:36).

Rematada a contenda carlista, desde comezos dos corenta, o Goberno instou aos Xefes Políticos das recén creadas provincias para que se interesaran polo Patrimonio das súas demarcacións. Desde o Goberno central, no 1840, requiríuse as autoridades provinciais información sobre a existencia nos templos de sepulcros de reis ou de personaxes célebres que pola súa beleza e mérito mereceran conservarse.[8] No 1842, o Goberno interesouse polo estado de formación de bibliotecas e museos na provincias e, ao mesmo tempo, requeriu aos Xefes Políticos a remisión de *inventarios clasificados de los objetos literarios y artísticos expresando su clase, su mérito y el nombre del autor si constare*. Tamén se pedíu ás autoridades provinciais que formaran gabinetes numismáticos e arqueolóxicos nas capitais, se ben non temos constancia de que se crearan nesta altura en Galicia.[9] En xeral, estes chamamentos gobernamentais apenas foron atendidos polos Xefes Políticos, sempre centrados nos asuntos políticos e económicos e pouco atentos ás cuestións culturais.

Entrados os anos corenta, os edificios e bens culturais nacionalizados, logo dunha década de abandono, amosaban un evidente deterioro. O Goberno para a súa

6 Médico da beneficiencia municipal que reuníu unha importante colección de moedas e pezas arqueolóxicas depositadas na Biblioteca Xeral e no Departamento de Historia I da Universidade de Santiago xunto con numerosos minerais integrados actualmente no Museo de Historia Natural Luís Iglesias.

7 Cedida por Pericot para a USC.

8 Circular de 3 de maio de 1840

9 R.O. de 13 de xuño de 1842

recuperación optou por unha xestión descentralizada, en consonancia coa nova estrutura administrativa provincial en pleno proceso de implantación.

Efectivamente, o escaso desenvolvemento das infraestruturas viarias e técnicas desaconsellaba unha actuación centralizada. Descartouse encomendar estas tarefas de recuperación dos bens culturais ás Reais Academias da Historia e a de Belas Artes pola súa limitada capacidade de acción nos territorios máis afastados da capital. Maier Allende sinala ademais que a vinculación destas institucións cos sectores conservadores non favoreceu que a Raíña confiara nelas a hora de encomendarlles a recuperación dos bens nacionalizados. De feito, nas décadas precedentes, a RAH exercera con dificultade as súas atribucións de tutela do Patrimonio nas áreas máis afastadas á capital o cal, na práctica, supuxera que os edificios monumentais e bens artísticos nestas áreas quedaran baixo a protección directa das autoridades locais, con frecuencia insensibles aos asuntos culturais e artísticos (MAIER ALLENDE, J. 2008:19). Este replegue das Academias nos anos corenta relacionámolo tamén co feito de que a RAH, apenas sen recursos económicos, vírase afectada polo falecemento de académicos relevantes, situación que a levou a centrarse practicamente na elaboración de publicacións históricas (SABAU Y LARROYA, P. 1852: 5).[10]

O Goberno, finalmente, optou pola implantación dun modelo de recuperación do Patrimonio análogo ao establecido en Francia no período inmediato á Revolución Francesa. Deste xeito, no 1844, creáronse ás Comisións provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos, coordinadas por unha Comisión Central instalada en Madrid. O obxectivo inicial destas Comisións era recuperar os bens culturais útiles que reuniran nos anos previos as *Comisións Recolectoras* e *Científicas* e trasladalos ás capitais provincias co obxectivo de integralos en Bibliotecas e Museos de nova creación ou, de

10 Unha análise retrospectiva aportada polo seu Secretario José Cáveda, sinalaba que a Academia vírase limitada polo seu carácter literario e polas carencias administrativas "… *se encargó á la Real Academia de la Historia la inspección de los monumentos públicos y de las antigüidades á propósito para ilustrar, sobre todo, nuestros anales. Distinguíase entonces, como ahora, esta Corporación por su ilustrado celo, por su amor al bien público, y el vivo interés con que se consagraba á exclarecer los hechos memorables de la patria; pero reduciéndola su propio instituto á tan ardua y penosa tarea, á la discusión y al examen, cuerpo científico y no administrativo, precisamente por su índole especial, por su organización y su objeto, le era imposible desempeñar con éxito cumplido una inspección que suponía más que discutir y acordar, más que empeñarse en cuestiones arqueológicas y esclarecer medallas y lápidas. Sin los fondos especiales y una oficina propia, le faltaban á la vez la autoridad y la acción, así como los encargados en las provincias de ejecutar sus órdenes, caso de que directamente le fuese dado dictarlas. Sus corresponsales podían informarla, y nada más*." (Cáveda, J. 1868:421)

ser o caso, nos preexistentes. O Goberno perseguía con esta mediada o dobre obxectivo de acercar a cultura á sociedade e tamén o de dar amparo aos bens de interese cultural nacionalizados, visiblemente afectados polo abandono e os espolios.[11]

Esta integración dos bens culturais nacionalizados en Bibliotecas e Museos formaba parte da ambiciosa política de extensión cultural isabelina que contemplaba tamén a creación de escolas de primaria, centros de Segunda Ensinanza, Escolas de Oficios e Belas Artes;… De feito entre 1845 e 1847 practicamente todas as capitais provinciais, entre elas as galegas, dotáronse de Institutos de Segunda Ensinanza. Nestes centros formouse un amplo colectivo burgués que, a partir da segunda metade do século, dinamizou a vida cultural galega e que foi protagonista principal da defensa do Patrimonio.

As instalación da Comisión Central e das Comisións de Monumentos fíxose efectiva a mediados de 1844. A Comisión Central tiña coma cometido trasladar ás directrices relativas á xestión do Patrimonio aos Xefes Políticos encargados de executalas co auxilio das Comisións de Monumentos. Neste sistema as Reais Academias da Historia e a de Belas Artes, ambas acabadas de reformar, actuaban unicamente coma órganos consultivos do Goberno en materia cultural.

A creación da Comisións Central e as de Monumentos foi acollida con manifesto malestar pola RAH a cal intensificou nestes anos o seu esforzo en facer valer as súas atribucións de Inspección de Antigüidades que lle outorgara a *Cédula de 1803*. Neste senso a RAH dirixiuse á Raíña recordándolle as atribución que tiña encomendadas e manifestándolle abertamente o desexo de facerse cargo das atribucións da Comisión Central con respecto a recollida dos bens nacionalizados. As súas pretensión non foron atendidas pola Raíña a cal, en cambio, reafirmoulle a súa función de inspección e asesoramento gobernamental. Segundo a Raíña, as Reais Academias cumprían un papel asesor, diferenciado ao da Comisión Central e o das Comisións de Monumentos que era o de actuar *como las manos que obedecen y ejecutan* (MAIER, 2008:58).

Comezada a súa andadura no 1844, as Comisións de Monumentos centráronse na recuperación dos bens nacionalizados. Seguindo expresas instrucións do Goberno

11 Carmen Benso sinala o interese do Goberno liberal pola formación das elites en centros públicos laicos, afastados dos Seminarios e outras institucións eclesiásticas conservadoras (BENSO CALVO, Mª C. 2010:198).

non se ocuparon na recollida de bens doutra natureza dado o interese gobernamental en priorizar a salvagarda do Patrimonio desamortizado. Por este motivo os vestixios arqueolóxicos provintes das incipientes intervencións arqueolóxicas quedaron inicialmente fora do seu ámbito de actuación.

Neste entrabado institucional de xestión do Patrimonio foi decisivo o papel asinado ao Xefes Políticos provinciais que actuaban coma Presidentes Honorarios das Comisións de Monumentos. Centrados nos asuntos políticos, desatenderon con frecuencia ás demandas da Comisión Central e as súas responsabilidades para coas Comisións de Monumentos e, en xeral, contemplaron a recuperación dos bens nacionalizados coma unha carga innecesaria, cara e improdutiva.

As Comisións de Monumentos, baixo a efectiva coordinación da Comisión Central, durante os seus dous primeiros anos de existencia completaron con relativo éxito o inventariado, recollida e instalación dos bens mobles nacionalizados nas capitais provincias, ben en Museos e Bibliotecas ou en depósitos segundo o caso. Rematado o groso da recuperación dos bens mobles nacionalizados as Comisións dedicáronse á confección de informes históricos e artísticos referidos aos edificios eclesiásticos.

Con respecto aos edificios, a política de vendas de edificios nacionalizados tivera escaso éxito. Atendendo ás fontes estatais, de 2.120 conventos nacionalizados á altura de 1845 vendéranse unicamente 685 cunha rendibilidade económica moi baixa. O Goberno creara, simultaneamente ás Comisións, organismos aos que encomendara a venda das propiedades eclesiásticas sen especial interese artístico ou cultural. Así, a *Junta Superior de Enajenación de Edificios* e, posteriormente, a súa substituta a *Junta de ventas de Bienes Nacionales* comprobaron a dificultade da venda das fábricas eclesiásticas, pouco funcionais e de difícil adaptabilidade a usos particulares. A *Junta Superior de colocación de oficinas en edificios del Estado* encargouse a súa vez de buscar a estes inmobles unha utilidade pública ante a imposibilidade de vendelos (ORDIERES DIEZ,I. 1993:13). [12] Non foi unha tarefa doada e, en numerosas ocasións, ben pola estrutura pouco adaptable dos edificios ou pola

12 A dispoñibilidade dos edificios eclesiásticos nacionalizados posibilitou á instalación de servizos administrativos e educativos nas capitais das recén creadas provincias, e por consiguinte, favoreceu unha maior presenza e capacidade de actuación do Goberno nas provincias.

súa localización illada, sufriron o abandono e conseguinte ruína e, as veces, o seu desmantelamento para o aproveitamento dos materiais para a construción.[13]

En abril de 1845, coa instalación do goberno moderado, decretouse a suspensión da venda de edificios e promoveuse a elaboración dun inventario que recollera as posibles utilidades que puideran aplicarse ás edificacións eclesiásticas.[14] As Comisións de Monumentos colaboraron neste proceso facilitando informes ao Goberno relativos a posibles usos dos edificios en base as necesidades locais.

1.2. A atención ós edificios nacionalizados na década dos cincuenta

As Comisións de Monumentos acadaron, salvo excepcións, notable éxito na tarefa inicial de inventariar e derivar ás capitais provinciais os bens mobles nacionalizados. Rematado o groso desta tarefa o seu nivel de actividade decaeu progresivamente na década dos cincuenta con excepcións puntuais. A política de xestión do Patrimonio estatal reorientouse nesta década cara á recuperación dos edificios eclesiásticos deteriorados polo abandono. Remitimos á tese doutoral de Ordieres Díez, *Historia de la restauración monumental en España (1835-1936)* para o estudo a nivel estatal do proceso da recuperación das fábricas monumentais desamortizadas e do papel desenrolado polas distintas Comisións de Monumentos (ORDIERES DÍEZ, I: 1993). En Galicia, sobre a restauración de fábricas eclesiásticas contamos coa tesiña de licenciatura inédita da historiadora da arte Irene Calvo que estuda a participación da Comisión de Monumentos da Coruña na defensa do Patrimonio Arquitectónico desta provincia (CALVO MOSQUERA, I: 2002).

Nesta década, tanto a RAH como a RABASF denunciaron repetidamente os derrubes de edificios e os espolios e saídas de bens culturais ao estranxeiro.[15] A RABASF reclamou a atención das autoridades locais para que evitaran a ruína dos

13 Un exemplo galego da reutilización de materiais de edificios monumentais documentámolo na R.O. do 6 de Abril de 1850 segundo a cal o Estado renuncia a favor do Concello de Verín e dos veciños da pedra dos muros do exconvento de Franciscanos de Monterrei para destinala ao embaldosado das calles, na construción de beirarrúas, na igrexa de Verín, no atrio de Monterrei e na construcción dun dique para encauzar o Támega. J.M. Pereda.*Tiempos pretéritos. El Eco de Monterrey*. 10/02/1930 Nº 422

14 R.D. de 11 de abril de 1845

15 ARBAIZA BLANCO-SOLER,S. *La Academia y la conservación del patrimonio*. BRABASF Nº 60 e 89, 1999

edificios nacionalizados e non autorizaran demolicións. Con respecto a estas reclamacións en defensa das fábricas eclesiásticas realizadas por parte das Academias Díez Ordieres sinala que foron interpretadas coetáneamente polos sectores liberais coma unha defensa dos intereses materiais da Igrexa por parte de institucións conservadoras (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:124).

O Goberno, comprobada a dificultade de venda dos edificios eclesiásticos nos anos corenta, optou pola súa reutilización como medio para garantir a súa conservación. Esta política de reutilización propiciou en moitos casos lesivas adaptacións dos edificios que afectaron mesmo a súa estabilidade e estrutura. Precisamente o *Ministerio de Comercio, Instrución y Obras Públicas,* en xaneiro de 1850, preocupado polas actuacións emprendidas desde os Concellos contra as fábricas monumentais, requiriu aos Xefes Políticos que velaran pola integridade dos monumentos:

> *Las numerosas reclamaciones que han dirigido á este Ministerio muchas de las Comisiones de monumentos históricos establecidas en las provincias, sobre el abuso introducido por los Ayuntamientos de despojar los antiguos monasterios y edificios célebres, privándolos de portadas, columnas, verjas y otros objetos artísticos, con el mal entendido celo de hermosear los paseos, sitios públicos y aún las obras de moderna construcción de las poblaciones; ha llamado vivamente la atención de S. M. celosa siempre de que se respeten los restos preciosos de aquellos monumentos que por su grandiosidad y belleza atestiguan con su existencia las glorias de nuestra patria. En su vista y deseando la Reina (Q.D.G.) poner remedio a un mal que ha de redundar no solo en descrédito de los causadores, sino en el del mismo gobierno, menoscabando además los ricos tesoros que en bellas artes poseemos; se ha dignado resolver me dirija á V.S. a fin de que recomiende á los Ayuntamientos de esa provincia de su cargo la mas puntual y rigurosa observancia de cuanto previene la disposición 6ª del artículo 13 de las Instrucciones circuladas por la Real orden del 24 de junio de 1844 acerca de la vigilancia que deben ejercer para la conservación de los monumentos y demás objetos históricos y artísticos.[…]*[16]

16 R.O. de 7 de xaneiro de 1850. BOPO Nº 1 xaneiro de 1850.

O Goberno, a partir da década dos cincuenta, canalizou as actuacións de conservación dos edificios nacionalizados a través das demandas das Comisións de Monumentos. Deste xeito, as Comisións máis activas acadaron a maior parte das partidas orzamentais destinadas ás reparacións de monumentos. As principais intervencións desenroláronse nas provincias de Barcelona, Salamanca, Segovia, Tarragona, Toledo, Zaragoza,…

Con respecto a Galicia, sinalamos que os orzamentos do Ministerio de Fomento destinados á conservación entre 1850 e 1880 non recollen partidas económicas específicas para a atención dos edificios galegos.[17] Esta situación coincide cun período de relativa inoperancia das Comisións galegas afectadas neste intervalo pola falta de fondos económicos e persoal cualificado, situación análoga a da meirande parte das Comisións de Monumentos do resto da península.

Nesta década dos cincuenta contamos con varias medidas lexislativas promovidas polo Goberno con respecto á protección dos edificios. No 1850 instouse aos Xefes Políticos para que velaran por que se consultara previamente ás Comisión de Monumentos antes de acometer calquera intervención ou derribo nas fachadas monumentais e que solicitaran un ditame ao respecto á Academia de Belas Artes da provincia ou directamente á RABASF. [18]

> *"Enterada la Reina (Q.D.G.) de una exposición que ha elevado la Real Academia de San Fernando, denunciando el deplorable abuso que sea ha introducido en varias capitales, y principalmente en esta Corte, de destruír las fachadas de muchos célebres edificios antiguos con revoques y demoliciones por cause del ornato público; y teniendo en consideración S.M. que de no proceder en este asunto con todo detenimiento desaparecerán en breve hasta los más bellos recuerdos de las artes españolas, se ha dignado resolver disponga V.S. que en lo sucesivo, antes de demoler, revocar o hacer obras en los edificios públicos, se consulte en cada caso a la Comisión de monumentos históricos y artísticos, a fin de que ésta manifieste su dictamen oyendo*

17 *Boletín de la Academia de San Fernando* Nº 26 1881 Páxs. 74-77

18 R.O. de 4 de maio de 1850 dirixida aos Xefes Provinciais.

previamente a la Academia de Bellas Arte de esa provincia, o en su defecto a la Real de San Fernando.[19]

Tamén no 1850 acordouse que nos edificios monumentais non se fixeran variacións que afectaran á planta ou a ornamentación cando foran cedidos a corporacións ou particulares. A lexislación promulgada ao efecto especificaba que en ningún caso as reformas podían afectar aos claustros, portadas, galerías e ornatos de recoñecido mérito artístico. Así mesmo, as fachadas non podían sufrir alteración das formas nin innovacións. Os Xefes Políticos debían supervisar as reformas auxiliándose de arquitectos de confianza e debían deter e informar ao Goberno Central no caso de ter constancia de reformas contrarias a esta disposición.[20]

Un factor determinante para a política patrimonial destas décadas foi a alternancia no poder entre progresistas e moderados que determinou as relacións entre Igrexa e Estado. Así, durante o goberno moderado de Narváez restableceuse a relación coa Igrexa o cal supuxo o fin das vendas dos bens do clero secular e outras comunidades relixiosas.[21] Neste contexto, durante a Década Moderada, o Goberno firmou o Concordato de 1851 que suspendeu as medidas desamortizadoras e carrexou a colaboración estatal nos gastos do clero secular e na conservación de edificios eclesiásticos.[22]

Nesta década dos cincuenta, coincidindo co deficiente funcionamento das Comisións de Monumentos, a RAH esforzouse por afianzar as súas funcións e obter a protección do goberno conservador.[23] Con este obxectivo modificou os seus Estatutos e potenciou a figura dos correspondentes académicos nas provincias ampliando os nomeamentos e recompensando *a los individuos que realicen trabajos arduos y prolongados en materia histórica.*[24] (SABAU Y LARROYA, P. 1850:13). Esta Real

19 BOPO Nº 64 28 de maio de 1850

20 BOPO Nº140 21de novembro de 1850

21 R.D. de 11 de abril de 1845

22 16 de marzo de 1851. Publicado na Gaceta o 17 de outubro.

23 "*Las Cortes y el Gobierno, conociéndolo, han concedido su protección á la Academia, que de esta manera ha podido renovar sus antiguos planes, concebir otros nuevos, y pensar en suma en dar á la historia nacional la importancia que reclama nuestro siglo*." (Memorias RAH 1850. Sabau y Larroya, P. 1851:36)

24 O novo regulamento da Academia de xuño de 1850 estableceía que os correspondentes debían remitir, ao menos cada dous anos, algunha memoria, disertación, documentos, obxectos de antigüidade, asuntos ou noticias sobre

Academia publicou no 1852 unha extensa Memoria na que recompilou as investigacións e informes remitidos polos correspondentes académicos nos últimos vinte anos. Entre eles figuraban noticias e informes sobre achados arqueolóxicos remitidos desde Galicia que, nesta altura, contaba unicamente con dous correspondentes académicos : Domingo Fontán e Antonio Neira de Mosquera (SABAU Y LARROYA, P. 1852:58).[25]

Así mesmo, a RAH, ante a constatación da destrución e abandono dos arquivos desamortizados, emprendeu unha intensa recompilación do disperso Patrimonio Documental.[26] O Goberno concedeulle os materiais que se conservaran nos arquivos das ordes monásticas e nas administracións de fincas do Estado. Entre os manuscritos recuperados nestes anos pola RAH figuran ata dous caixóns con *papeles antiguos de alguna importancia* de Ourense e Pontevedra (SABAU Y LARROYA, P. 1852:48). A Academia recibiu tamén nos seus arquivos abundante documentación procedente de conventos das ordes relixiosas suprimidas entre os que figuraban pergamiños de Fausto López Villabrille, referidos na súa maior parte a Galicia (SABAU Y LARROYA, P. 1857:44).[27]

---

cuestións relativas ao instituto da Academia. Tanto os académicos de número coma os correspondentes tiñan a obriga de participar á Academia calquera noticia sobre achados de monumentos, documentos ou obxetos útiles para calquera dos ramos da Historia achegando explicación ou memoria sobre os mesmos (SABAU Y LARROYA, P. 1852:369).

25 Desde Galicia, nesta Memoria figuran as noticias sobre o recoñecemento do lugar de Duarria, en Lugo, onde se acharon dez moedas de ouro romanas e indicios dunha poboación antiga. (SABAU Y LARROYA, P. 1852: 5). Verea y Aguiar, a finais dos trinta, remitiu á RAH , a primeira parte da súa Historia de Galicia. A este envío adxuntou trinta e dúas moedas de cobre atopadas en o Bosque, na parroquia de Canedo. Poladura, cara finais dos trinta, remitira información de moedas de ouro achadas a perto de Lugo, no camiño cara Mondoñedo, entre elas, tres de Adriano. Yáñez de Andrade, cara o 1840, informou dunha moeda achada na capela dos Gozos, perto de Montealegre, en Ourense. Tamén aportou unha descrición da Muralla de Lugo axuntando copia de dez inscricións, noticias históricas e a lenda dun marco miliario da vía Bracarense. Nos corenta, o deán Bedoya informou á Academia do achado dun pedestal con inscrición romana atopado en Caneiro, Ourense. José Verea y Aguiar, remitiu un debuxo da parte inferior dunha estatua masculina con escudo atado con cordóns na parte traseira.Tamén enviou copias de epitafios de reis da Igrexa de Santiago.Desde Betanzos, Perales de Riaza remitiu unha copia dun epitafio grego dedicado aos deuses xenios polo grego Marción, unha inscrición china e unha redoma de vidro. Memorias de la Real Academia de la Historia de 1852 T. VIII 1852. Páx. 19-25

26 "*Creció la necesidad de adoptar pronto remedio al ver que desaparecían archivos respetables, que se destruían muchos de sus códices y documentos, que otros perdían en manos iletradas los carácteres que aseguraban su autenticidad, y que no pocos figuraban en los archivos y museos extranjeros, acusando á la Nación que se dejó arrebatar con ellos los testimonios de sus glorias*" (Sabau y Larroya, P. 1850:1).

27 R. O. de 18 de agosto e a R.O. de 29 de outubro

Durante o Bienio Progresista (1854-1856), novamente a alternancia política afectou á Igrexa, neste caso negativamente, xa que viu anulados parte dos beneficios recoñecidos polo Concordato de 1851. Efectivamente, a desamortización de Madoz de 1855 levou consigo novas vendas de propiedades en *mans mortas* pertencentes ás ordes militares, irmandades, propios e comúns dos Concellos, institucións de beneficencia e outros bens que non foran afectados polas leis desamortizadoras anteriores. Unha vez máis, os decretos desamortizadores exceptuaron das vendas aos edificios destinados a servizos públicos, á beneficencia, aos ocupados por párrocos e calquera outros de interese cultural ou histórico para o Goberno.

Nesta altura o Goberno, ante o evidente declive das Comisións de Monumentos, tratou de impulsalas reorientando e ampliando as súas competencias. Con este fin, no 1854, dotounas dun novo Regulamento que lles atribuíu a protección de todos os edificios monumentais e da totalidade do Patrimonio moble, sen restrinxir a súa actuación aos bens nacionalizados. O novo Regulamento incluíu expresamente nas súas competencias por primeira vez atribucións sobre o Patrimonio Arqueolóxico. As Comisións podían agora destinar a estas cuestións as partidas orzamentarias excedentes dos seus orzamentos. Na práctica, as dificultades económicas impediron que se destinaran fondos a calquera actuación no eido arqueolóxico.

Así as cousas, a reforma das Comisións de 1854 non acadou a perseguida reactivación dado que as carencias orzamentais, a falta de persoal cualificado e a escasa implicación dos Xefes Políticos continuaron lastrando o seu funcionamento. Contribuíu a acentuar este declive o contexto de crise da Comisión Central da segunda metade da década.

Para Galicia contamos cunha valoración coetánea sobre a situación dos vestixios monumentais e arqueolóxicos galegos e da actuación das Comisións de Monumentos ao respecto de Juan de Díos de la Rada y Delgado[28]. As súas impresións corresponden a unha viaxe efectuada por terras galegas no 1858 acompañando ao séquito da Raíña.

> *Los descubrimientos arqueológicos han sido mirados casi siempre en Galicia con reprensible indiferencia. Existen columnas miliarias que sirven de sustentáculo al uso de un lagar; monedas romanas de cobre que circulan por*

28 Catedrático de Arqueoloxía na Escola Superior de Diplomática. Ocupou numerosos cargos políticos e administrativos.



Ramón Valle-Inclán Bermúdez (1823 -1890)

Paí do literato do mesmo nome.

Diruxiu *La Voz de Arosa* (1880-1882)

Forneceu a Murguía de numerosos informes sobre vestixios arqueolóxicos da área do Barbanza.

Na correspondencia mantida entre ambos figura abundante información relativa a mámoas, dólmenes, menhires, altares célticos, torres, restos de construccións antiguas,…

ochavos en el comercio, y sextercios que compran al peso los joyeros; antiguos sepulcros de una sola pieza, convertidos en lavaderos, ó, lo que es peor, en pilones de caballerías; inscripciones de todas clases esculpidas sobre piedras, que se pican y se destinan á materiales de construcción; en fin, el abandono más reprensible desprecia allí esos preciosos vestigios de la antigüedad, y ni las autoridades, ni las comisiones de monumentos tratan de poner dique á tamaños desafueros, fomentando los descubrimientos por el aliciente del premio, y protejiendo la creación de museos arqueológicos en las capitales de provincia. Bien qué lo que pasa en Galicia sucede por desgracia en otros muchos puntos de España…(…). [29]

1.3. O despegue da Arqueoloxía na década dos sesenta

Na década dos sesenta confluíron numerosos factores económicos, políticos, culturais e ideolóxicos que interactuaron favorecendo o incremento da práctica arqueolóxica e á instalación da Arqueoloxía como ciencia e, en xeral o despegue cultural e o debate ideolóxico. Nesta década instaláronse tamén significativos establecementos vinculados as ciencias históricas e arqueolóxicas.

A RAH solicitara ao Goberno reiteradamente a creación dunha institución para a ensinanza da Paleografía e a Diplomática que formara profesionais para catalogar, custodiar e estudar o Patrimonio Documental integrado na rede de Bibliotecas e Museos que viña formándose desde os anos corenta. Estas xestións culminaron coa instalacion no 1856 da

29 *Viaje de SS MM y AA por Castilla, León, Asturias y Galicia verificado en el verano de 1858*. Juan de Dios de la Rada y Delgado.

Escuela Superior de Diplomática que iniciou a súa andadura na sede da RAH, con considerable retraso respecto das institucións análogas do entorno europeo (MAIER ALLENDE, J. 2008:173).[30]

A intalación da *Escuela Superior de Diplomática* posibilitou a creación do *Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Anticuarios* que achegou ás ciencias auxiliares da Historia e á xestión do Patrimonio persoal cualificado con formación científica. Os facultativos da Escola de Diplomática acadaron progresivamente na segunda metade do século gran prestixio intelectual e social converténdose en autoridades en materia historiográfica. Estes cadros técnicos desprazaron nas décadas posteriores aos eruditos e afeccionados aos estudos históricos que predominaran durante a primeira metade do século XIX. A Escola Superior de Diplomática acolleu a relevantes personaxes galegos vinculados á Arqueoloxía e á Arquivística, entre eles, Villaamil y Castro, López Ferreiro e Martínez Salazar.[31]

Logo de décadas de demandas por parte das Reais Academias, no 1867 instalouse o Museo Arqueológico Nacional que perseguía *llevar a cabo la recogida, el estudio y la valoración de las antigüedades españolas* (ALMAGO-GORBEA / MAIER 1999:185). O Goberno, co obxectivo de acrecentar os seus fondos, solicitou a colaboración das Comisións de Monumentos, as Academias de Buenas Letras, as Sociedades Arqueolóxicas e outras corporacións invitándoas a achegar doazóns e cesións de materiais en depósito.[32] No artigo primeiro do Regulamento do Museo solicitábase a estas entidades das proincias a remisión de *un ejemplar de los objetos dobles que posea, ó aquellos que sin ser de grande importancia para la historia da provincia o del municipio puedan ser de más general utilidad en el Museo Central. A* R.O. especificaba que *todos los objetos que se descubrieran en las excavaciones*

30 PEREIRO e PASAMAR, 1996 en *La Escuela Superior de Diplomática* afondan na historia e significado desta institución. Esta Escola, ligada á Universidade Central, foi o primeiro centro oficial que impartíu estudos de Arqueoloxía con rango universitario. No 1857 creouse un Corpo de Arcquiveiros e Bibliotecarios que, a partir de 1867, pasou a denominarse *Cuerpo Facultativo de Bibliotecarios, Archiveros y Anticuarios* que, desde 1871, tivo coma órgano de expresión a Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos. A Escola Superior de Diplomática suprimiuse no 1900 e os estudos de Arqueoloxía integráronse na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central.

31 O ingreso no Corpo Facultativo de Arquivos e Bibliotecas requería estar titulado pola Escola de Diplomática. Murguía acadou o ingreso no 1868 grazas aos seus contactos co Goberno Republicano, e Fernando Fulgosio accedeu tamén directamente grazas aos seus contactos na Corte.

32 Artigo 1º da Real Orden de 6 de novembro do 1867

realizadas con fondos del Estado, sean considerados como propiedad de la Nación y, remitidos al Museo Arqueológico Nacional…" (FRANCO MATA, A. 2005:13).

Coa finalidade de acrecentar a colección do Museo, no 1868 creáronse unhas relativamente exitosas *Comisións Científicas* que se mantiverons ata 1875 e que tiñan coma obxectivo reunir fondos para o M.A.N. procedentes das provincias. (FRANCO MATA, A. 2005:120).[33] O galego Fernando Fulgosio foi designado durante tres meses, no 1873, para que percorrera Galicia en busca de materiais para o Museo (REQUEIJO ALONSO. A. 2005:130). Barros Sibelo, desde a provincia de Ourense, negociou co Museo Arqueolóxico a venda dos torques de ouro de Allariz (FRANCO MATA, A. 2005:133). Desde a provincia de Lugo, Villaamil y Castro xestionou a remisión de obxectos artísticos ao Museo atopando coa oposición da Comisión de Monumentos desa provincia, contraria a saida dos materiais fora da provincia.

Paralelamente, nas provincias acometeuse un esforzo na procura da instalación de museos que, na maior parte dos casos, permitiron unicamente a formación de depósitos que facilitaron o seu establecemento posterior. Reproducimos unha análise coetánea referida ao estado de conformación dos museos provinciais a altura de 1868 no cal se alude a falta de celo das Comisións ao respecto:

> *En la mayor parte de las provincias es casi desconocida hasta la existencia de su Museo; en ninguna comprenden la utilidad que puede tener. Formados los Museos con los cuadros y esculturas recogidos en los extinguidos conventos, ni aún siquiera conocen la procedencia de la mayor parte de los cuadros, que las comisiones encargadas de formar los catálogos no sen han cuidado tampoco de hacer constar en ellos, como debían, y hubiera sido una de las condiciones más interesantes; falta tanto más sensible, cuanto que nadie mejor puede tener á mano datos oficiales de la procedencia de las obras;* (…). *Haciendo ver en mis artículos que el Museo de Valencia puede con arrreglo ser bastante bueno; que el de Barcelona vale muy poco, y que el de Zaragoza no vale nada (…). Una base de Museo, más ó menos buena, existe en la mayor parte de las capitales:(…) hay que gastar mucho aunque sea paulatinamente, si se quiere tener algo, y son las provincias las que deben gastarlo, no el Gobierno, que nunca pudo hacerlo con el acierto é interés que los mismos interesados. Al*

33 O MAN recolle nos seus fondos o expediente 1868/103-A-B-C denominado *Asuntos relacionados con las Comisiones de Monumento Provinciales y con las adquisiciones de piezas a través de las mismas*. O listado de provincias dos cales conserva documentación non inclúe as comisións galegas (FRANCO MATA, A. 2005:13).

> *Gobierno no debe pedirse sino apoyo moral (…) Cada provincia debería nombrar un individuo, pero uno solo, nada de comisiones,(…) Los encargados deben ser retribuídos, porque las comisiones honoríficas es muy probable se desempeñen tarde y mal,…"* [34]

Con respecto ao Patrimonio Arqueolóxico, un dos factores determinantes para o despegue da Arqueoloxía nos sesenta foi o relativo progreso económico que posibilitou a expansión das cidades e a extensión da rede de estradas e de camiños de ferro. Os movementos de terras ligados ao crecemento urbano e a expansión e modernización viaria, superposta ás antigas vías romanas, propiciaron a descuberta de numerosos vestixios da antigüidade. Como contrapardida, multiplicáronse os destrozos e a mutilacións de vestixios e de fábricas monumentais. Desde os Concellos xustificáronse estas agresións con argumentos hixienistas e de ornato público.[35] Neste contexto, os partidarios de conservar as fábricas monumentais e os vestixios arqueolóxicos enfrontáronse a amplos sectores progresistas e hixienistas favorables aos derrubes e aos traslados dos edificios ruinosos nos cales vían unicamente unha rémora ao crecemento urbano.

As Comisións de Monumentos participaron activamente nestas tensións ao posicionarse gran parte dos comisionados a favor da conservación das fábricas e dos vestixios da antigüidade. No caso de Galicia, destacou neste senso a Comisión de Monumentos da Coruña desde a cal Antonio de la Iglesia denunciou repetidamente a través dos xornais ás agresións ao Patrimonio por parte das autoridades locais, *salvajes con levita*. Nos seus artigos

Premios da RAH por descubremento de antigüidades (1858-1873).

Estes Premios tiveron entre os seus obxectivos impulsar o estudo dos vestixios da antigüidade, en especial, das vías romanas.

Os estudios superiores a cen kilómetros de vía premiabanse con 3.000 reais, medalla de honra e diploma de académico

Os estudos de menos de cen kilómetros estaban dotados de medalla honorífica e título de académico

A remisión á RAH de infomres e calcos sobre inscricións antiguas e inéditas que contribuíran a resolver puntos xeográfico ou histórico controvertidos carrexaba unha gratificación de 2.000 reais.

34 Ceferino Araujo Sánchez. *Los Museos Provinciales de España*. Revista de Bellas Artes é Histórico-arqueológica. Año III. Nº 74 19/03/1868 Páx. 353-357

35 *Resumen de las tareas y actas de la Academia de Nobles Artes de San Fernando*. DE LA CÁMARA, E. 1868. Apéndice Nº 2. Páxs. 83-85

propoñía a creación de Museos para acoller as antigüedades e a obriga de costear as reparacións dos monumentos aos responsables das agresións.[36]

A nivel ideolóxico, no proceso de consolidación da Arqueoloxía foi tamén relevante o auxe dos nacionalismos. As pescudas na singularidade dos territorios estimulou os estudos históricos e a valorización e recuperación do Patrimonio Artístico, Monumental, Etnográfico e Arqueolóxico periféricos. Paralelamente o proceso de consolidación do Estado español propiciou a nivel central a recuperación e exaltación das fábricas monumentais de interese nacional, en especial as da etapa medieval.

No mesmo plano ideolóxico, para a Arqueoloxía e, concretamente para os estudos prehistóricos, foi determinante o debate sobre o evolucionismo impulsado coa publicación de Darwin *A orixe das especies e as leis da selección natural* (1859).[37] A Arqueoloxía acadou un protagonismo propio na confrontación evolucionista ao achegar aval científico ás teses de salvaxismo e lonxevidade da raza humana.[38]

A Arqueoloxía e as novas ciencias naturais, desde os anos trinta cuestionaran os postulados tradicionais. Os estudos de paleontólogos, enxeñeiros de minas,[39] xeólogos[40] e outros colectivos estableceran a tese da coetaneidade da especie humana e de grandes animais extinguidos baseándose na asociación de fábricas líticas primitivas e restos óseos. Así mesmo, o contacto coas poboacións salvaxes

36 A. De la Iglesia. Monumentos de Galicia. 1876. Ed. R.M. SAURÍN DE LA IGLESIA. 2008 Páx.227

37 Sobre o tema consultar Pereira González, Fernando. As opinións sobre a humanidade primitiva na Galicia do século XIX e as súas relacións coa información arqueolóxica. Gallaecia, Nº16 Páx. 71-95 1997 e o estudo coleitivo O Darwinismo en Galicia. Ed. Francisco Díaz-Fierros. Universidade Santiago de Compostela, 2009

38 As teses evolucionistas ampliaran a cronoloxía da xénese da humanidade postulando a evolución a través da selección natural desde un primate que, logo dun estadío de salvaxismo, evoluiría ata a humanidades actual. A Igrexa, ao fronte dos sectores conservadores, defendeu tenazmente os seus dogmas que situaban a humanidade no centro do Universo. Rexeitou especialmente a tese do estadio previo de salvaxismo que contradicía á creación do home a imaxe e semellanza de Deus, e por tanto con valores humanos, aparencia actual e valores éticos.

39 O enxeñeiro de minas Casiano de Prado(1797-1866) naceu e cursou estudos en Santiago de Compostela. Introduciu en España metodoloxías científicas no estudo da etapa prehistórica. Non abordamos os seus estudos pioneiros sobre o Paleolítico por desenvolverse fóra do marco xeográfico de Galicia. Consultar González Fabre, M. *Aportación científica del Ingeniero de Minas D. Casiano de Prado y Vallo* (1797-1866). Tese de doutoramento da Universidade Politécnica. Madrid, 2004.

40 O R.D. de 15 febreiro de 1865 estableceu que os enxeñeiros da Comisión Del Mapa Genealógico tiñann entre as súas funcións "*el estudio y catálogo de los objetos pertenecientes a la antigüedad que se encuentren en las excavaciones de las minas, cavernas y otros trabajos subterráneos*. Outra función establecida no Decreto era a de formar coleccións nacionais de minerais, rocas, fósiles e obxectos de arte achados en minas e traballos subterráneos (PUCHE RIART, O. 1993:116).

contemporáneas, propiciado polo expansionismo europeo, contribuíu a reforzar a tese da etapa de *semisalvaxismo* da Humanidade.

Nesta etapa, onde tantos factores confluíron a favor do despegue da Arqueoloxía, non acompañou a eficacia do modelo gobernamental de xestión do Patrimonio. O Goberno, no 1860, suprimiu a Comisión Central e outorgou ás Reais Academias da Historia e a de Bellas Artes de San Fernando a ansiada coordinación compartida das Comisións de Monumentos. Ambas Academias tiveron grandes dificultades para reorganizar e reactivar as Comisións, obxectivo que non completaron ata o 1868, coincidindo coa instalación da República. A desconfianza do novo goberno republicano cara as Comsións, vinculadas ás conservadoras Reais Academias, supuxo na práctica que se postergara a súa reactivación efectiva.

Maior éxito tivo a iniciativa académica de impulsar un programa de *Premios que la Real Academia de la Historia adjudicará por descubrimientos de antigüedades* (1859-1872). Estos premios perseguían o estímulo da investigación arqueolóxicas das vías romanas favorecido pola expansión das cidades e, especialmente, da rede viaria superposta as vías antiguas romanas.[41]

Estas convocatorias de premios deron tamén os seus froitos en Galicia. Desde Lugo, José Teixeiro y Vaamonde, informou da existencia de inscricións votivas e de camiños romanos (SABAU Y LARROYA, P. 1860:12). Na provincia de Ourense, Cid de la Concepción notificou no 1858 o achado de columnas miliarias asociadas a vías romanas no entorno de Xunqueira de Ambía (SABAU Y LARROYA, P. 1860:13). Barros Sibelo desde 1859 continuou estes estudos no entorno da Vía de Braga a Astorga acadando un segundo premio da Academia polas súas investigacións.

Nesta década na cal se prolongou no tempo a reorganización e reactivación das Comisións de Monumentospor parte das Reais Academias, rexurdiu un antigo proxecto. Sebastián Castellanos de Losada reactivou entre o 1863 e 1868 a antiga Academia de Arqueoloxía que fundara no 1841, agora baixo a nova denominación *Real Academia de Arqueología y Geografía del Príncipe Alfonso* (SÁNCHEZ BIEZMA, J. 1868:16).[42] Temos documentada a reactivación desta Academia en galicia coa

41 Para afondar no programas de Premios establecidos pola RAH desde 1858 consultar *250 años de Arqueología y patrimonio*. Ed. Martín Almagro Gorbea. Real Academia de la Historia. Gabinete de Antiguedades, 2003

42 Sebastián Castellanos de Losada presidente da Academia de Arqueoloxía nos anos corenta integrarase no 1854 coma vocal da Comisión Central R.O. de 12 de Decembro de 1854. Coma integrante da Central no 1856 encargouse

instalación de deputacións provinciais nas catro provincias. Esta Academia privada no 1868 recibíu ata tres Memorias de estudos arqueolóxicos de Barros Sibelo.[43] Apenas temos información sobre esta segunda etapa da Academia de Arqueoloxía en Galicia salvo breves alusións a súa isntalación na prensa.[44]

A presenza da Academia de Arqueoloxía na Coruña fora acollida con receos por autoridades intelectuais coma Murguía, Villaamil y Castro que tíñana en pouca estima. **Ramón Rúa Figueroa,**[45] un dos seus membros, na correspondencia mantida con Murguía en xullo de 1868 sinaláballe os motivos do fracaso desta Academia en Galicia e suxeriulle a necesidade de crear unha sociedade histórico-arqueolóxica galega

> *…Advierto a U. que aquí no hay ninguna comisión formada: la de monumentos no hace nada ni sé quienes la constituyen; la arqueológica quedó en proyecto; la de la Historia sólo sé que ahora se ha nombrado a D. Félix de Villaamil por su interés en salvar la reliquia céltica. Yo intenté organizar la comisión de arqueología y me encontré solo luchando con la apatía de todos o con mezquinas rivalidades que vienen de arriba, porque los académicos de la Historia creen que los de la arqueológica van a usurparles sus glorias y sus monumentos. Yo creo que con los hijos notables de este país, y prescindiendo de las sabias corporaciones de la Corte, debiera formarse una sociedad histórico-arqueolóxica, con un Museo donde se reuniese nuestros monumentos o restos de la antigüedad, celebrando en el punto que se designara, o sucesivamente*

---

da reorganización da Comisión de Monumentos de Valencia e a inspección dos monumentos desa provincia (SÁNCHEZ BIEZMA, J. 1868:20). Desaparecida a Comisión Central e debido as malas realcions coa RAH retomou o proxecto da Academia de Arqueoloxía. contando co favor e protección da Casa Real, de aí o cambio de nome da Academia.

43 Na correspondencia de Carlos R. Fort a Murguía este apunta a conveniencia de captar a Barros Sibelo para a Academia da Historia co fin de evitar que os seus importantes fondos documentais pasaran á Academia de Arqueoloxía. Carlos R. Fort, coñecedor do pouco aprecio de Murguía pola Academia de Arqueoloxía e por Barros Sibelo, afirmaba na correspondencia privada que Barros Sibelo esperaba obter beneficios da Academia de Arqueoloxía "*porque la preside Aráosla, de quien espera algo o mucho y ha desairado a la de la Historia aunquetienemejor pasado y más porvenir*" BARREIRO FERNÁNDEZ / X.L. AXEITOS, 2003: 456).

44 Revista de Bellas Artes é Histórico-Arqueológica. T. III 24/04/1868. Nº 78 Crónica General. Páx. 62

45 Placer Bouzo. El Heraldo gallego. Nº 66 08/04/1875 // *Manual del viajero en la catedral de Santiago. Reseña histórica*. Páx.32, 1847

> *en las diferentes capitales, una reunión anual, para dar cuenta de los trabajos de cada uno de los asociados, influyendo para que esta sociedad y la conservación des sus colecciones fuese dotada de fondos provinciales, amén de la cuota anual de cada socio para impresión de Memorias, etc.*[46]

Finalmente a vinculación de Sebastián Castellanos de Losada á Casa Real propiciou a supresión da Academia durante a República. O Decreto de 30 de outubro de 1868 supuxo a incautación do seu Patrimonio que foi derivado ao Museo Arqueolóxico Nacional.

Rúa Figueroa, logo da disolución da Academia de Arqueoloxía, enrolou a Murguía no 1868 na conformación dunha *Sociedad para el fomento de la historia arqueológica y bellas artes gallegas.*[47] Ambos, conxuntamente con Faustino Rodríguez, elaboraron un programa da Sociedade que recollía os estatutos elaborados por Murguía:[48]

> *La Sociedad que deseamos ver constituída, tiene le noble objeto de fomentar entre nosotros el amor á los estudios históricos y arqueológicos, así como también el de dar, si es posible un favorable impulso á las bellas artes. Para conseguirlo, trataremos de empezar a reunir en un lugar dado, cuantos libros y manuscritos se relacione con la historia, arqueología, bibliografía, poesía y dialecto de Galicia: publicando una Revista órgano de la SOCIEDAD, tan barata que poda alegar á todas partes: imprimiendo aquellas obras que más necesarias parezcan para lograr el fin que nos proponemos: fundando un museo*

46 BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. e AXEITOS, X.L. Cartas a Murguía. T. II (1868-1885). 2005:34-5). Sobre o proxecto de Rúa Figueroa e a súa materialización falaremos nos parágrafos seguintes. A correspondencia remitida á Murguía recolle noticias das excursións arqueolóxicas realizadas aproveitando os seus desprazamentos profesionais

47 Rúa Figueroa foi un dos múltiples proveedores de información histórica e arqueloxíca de Murguía. Esta colaboración tiña como obxectivo contribuir a Historia de Galicia de Murguía. En referencia a unha saída arqueolóxica Rúa Fuigueroa informa a Murguía: *He oído, sí, hablar de muchas inscripciones y de mucho vandalismo empleando en el afirmado de algunas carreteras empleando miliarias, lápidas y monumentos encontrados en la antigua vía romana de Braga a Astorga. Quien está enterado de esto y me dió estas tristes noticias ha sido Lareu, ayudante de caminos e hijo de esa, quien no pudo evitar estas profanaciones a que los contratistas de carreteras se entregan y, al parecer, con fruición y entusiasmo*. Carta 547 de 1 de xaneiro de 1868. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R./ AXEITOS X.L., 2005:15

48 *Compostela. Resumen histórico y descripción arqueológica y artística de esta ciudad, ilustrada con planos, láminas y grabados intercalados en el texto seguidos de una Guía General*. Historia y descripción arqueológica de la Basílica Compostelana. s/n José María Zepedano y Carnero. Soto Freire 1870

> *arqueológico: procurando formar una estadística monumental: arbitrando medios para restaurar los edificios ruinosos que lo merezcan por su mérito artístico o arqueológico: ofreciendo premios a los autores de las mejores memorias sobre temas que la SOCIEDAD crea oportuno sacar a concurso, trabajando activamente, no sólo para que las diputaciones provinciales pensionen en Madrid y Roma á nuestros jóvenes artistas, sino también para que se trate con toda urgencia de crear un Museo de pintura y escultura en Galicia:….* [49]

Vinculada a esta iniciativa de Murguía e Rúa Figueroa, a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, no 1868, promoveu unha *solemnísima y distinguida asemblea de patriotas gallegos que expresamente concurrieron de las cuatro provincias con el objeto de fundar un Centro para fomentar el estudio de la Historia de la Arqueología y de las Bellas Artes en Galicia.*[50] Coma resultado da asemblea nomeouse unha *Junta* e confeccionouse unha lista con fondos materiais de futuras doazóns para a conformación dun Museo Arqueolóxico para Galicia. O proxecto interrumpiuse polo traslado de Murguía a Madrid para exercer como Xefe do Arquivo de Simancas e pola implicación activa do liberal Rúa Figueroa nos acontecementos políticos vinculados á instalación da República.

No plano ideolóxico, a República favoreceu a intensificación do debate e difusión das teses evolucionistas. O clima de liberdade favoreceu a expansión das prácticas arqueolóxicas e, en especial, as vinculadas aos polémicos estudos prehistóricos:

> *La arqueología prehistórica nacida ayer, llama hoy la atención del mundo civilizado. Es el estudio de moda, la preocupación científica de la época. Lazo que une la geología con la historia, clave que a de concurrir á explicar importantes fenómenos sociales, no debe quedar limitado su conocimiento á las Academias y á los sabios, sino que conviene popularizarlo, porque como ha dicho muy bien un entendido escritor, la arqueología prehistórica es una verdad*

49 Consultar sobre este proxecto Murguía de X.R. Barreiro Fernández e X.L. Axeitos (2012:314-31). A correspondencia entre Rúa Figueroa e Murguía sobre este proxecto pode consultarse no Tomo II das Cartas a Murguía dos mesmos autores (2005:24-38.)

50 Di*ctame presentado a la Sociedad Económica de Santiago acerca de la fundación del Museo Arqueológico de Galicia.* Bernardo Barreiro V.V. *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*. Ano III Nº 30, 30 de xuño de 1884

> *que ha de ejercer una influencia decisiva sobre el desarrollo de la razón pública, destruyendo radicalmente multitud de errores.*[51]

Con respecto ás Comisións de Monumentos galegas, o longo proceso de reactivación propiciado polas Académias estendeuse ata o 1868. Nestes intervalo perviviron unicamente con carácter administrativo dado que víronse gravemente afectadas pola falta de integrantes e medios económicos. Nestes anos, Murguía reclamou a atención das Comisións de Monumentos cara ao deterioro e perda dos bens arqueolóxicos galegos e solicitoulles que xestionaran declaracións de Monumento Nacional para mámoas, castros e demais monumentos célticos co obxectivo de garantila súa salvagarda. Murguía denunciou tamén a responsabilidade das autoridades locais con respecto aos atentados sufridos polo Patrimonio (Galicia 1865:512).

Durante a República (1868-1874) retomáronse as medidas desamortizadoras e Goberno procedeuse á nacionalización de manuscritos, códices, obxectos de arte e antigüidades existentes nas Catedrais, Colexiatas e igrexas así como dos seus respectivos arquivos a fin de derivalos cara aos Museos. Este Decreto de xaneiro de 1869 xustificouse coa necesidade de atallar as vendas e saídas ao estranxeiro de documentos e obxectos de valor histórico e artístico por parte das institucións conservadoras temerosas do novo periodo radical (SÁEZ SÁNCHEZ, C. 2004:38).[52]

A exaltación política dos primeiros anos da República propiciou graves actos anticlericais que afectaron gravemente ao patrimonio da Igrexa. Desde o Ministerio da Gobernación interveuse instando aos Gobernadores Provinciais para que impediran estes atentado e frearan a destrucións e derrubes incontrolados dos edificios eclesiásticos.[53]

51Tubino. *Estudios sobre el hombre prehistórico*,1867. *Revista Bellas Artes e histórico-arqueológica*. 29/12/1867 Nº 63 Páx.1

52 A RABASF propuxo ao Ministro de Fomento que estos traballos se encomendaran ás Comisións de Monumentos (De la Cámara, E. 1869: 31). Finalmente en cada provincia nomeouse unha comisión encargada de levar a cabo o decreto sen acadar plenamente a integración dos materiais incautados nos Museos e Arquivos. A falta de fondos e de cualificación dos individuos para a selección dos bens provocou sustracións e perdas importantes. (SÁEZ SÁNCHEZ, C. 2004:39). Finalizada a República, en xaneiro de 1875, decretouse a devolución dos obxetos incautados polo Decreto de Incautación de 1869 aos Cabildos e corporacións relixiosas.

53 Circular do 18 de novembro de 1868 do Ministerio de Gobernación aos Gobernadores Provinciais, ARABASF 9.181 / Cartafol 2-55/1

En Galicia, durante a República, as intervencións arqueolóxicas en materia prehistórica acadaron tamén o seu oco, favorecidas polo contexto de liberdade ideolóxica. Neste período o pioneiro Barros Sibelo interveu en ata corenta e catro mámoas das cales despoxou da súa cobertura ata trinta.[54] Estimulado pola descuberta de poboados lacustres nos lagos suízos, inspeccionou no 1869 o entorno da Lagoa de Antela onde recuperou materiais *de la edad de la piedra pulimentada*.[55] O mesmo autor localizou en Ourense, Pontevedra e Lugo lanzas de ferro primitivas remitidas nestes anos ao Museo de Artillería de Madrid.[56] Tamén Villaamil y Castro, comezados xa os setenta, realizou investigacións prácticas en materia prehistórica nas covas do entorno de Mondoñedo.[57] Fernando Fulgosio publicou nestes anos o artigo *Estudios prehistóricos* na revista *El Museo Universal*.[58] Finalizado o perido republicano os tres autores afástanse dos estudos prehistóricos reprovados nos ambentes conservadores académicos.

Apesares das dificultades que atravesaban as Comisións no periodo republicano, a Comisións de Monumentos de Ourense promoveu no 1874 a inspección do dolmen de Codesás, acadando estas investigacións certo eco na prensa local e nos boletíns oficiais da época.[59]

Neste periodo de efervescencia arqueolóxica os vestixios da antigüidade espertaron o interese non so das persoas instruídas senón tamén dos buscadores de

54 *Informe acerca del hallazgo de diversos restos arqueológicos RAH* CAOR/9/7965/09 (5) 24/09/1869

55 ARAH CAOR/9/7965/09(4) (5) 24/09/1869 ". esto, unido esto a otros descubrimientos anteriores, me hace sospechar que es probable se encuentre en la laguna, restos de una ciudad lacustre" Sibelo propuxo á Academia que nos traballos de drenaxe da Lagoa se tomasen as medidas para "*la conservación de todos los objetos que allí se encuentren, á evitar que manos profanas ocasionen estravio y pérdidas que quizás pasen a enriquecer otros museos estrangeros."*

56 Antigüidades de Galicia, Ed. 2007:110

57 Consultar Catálogo e revisión crítica das coleccions faunísticas do Museo Provincial de Lugo. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. / RAMIL REGO, P. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Nº 5 Páx. 189-218 1995

58 Para afondar nas vinculacións de Fulgosio cos estudos prehistoricos consular RENERO ARRIBAS, Víctor M. *Fernando Fulgosio y la evolución de los estudios prehistóricos en la segunda mitad del siglo XIX*. Páxs. 265-171 Archaia, Nº 3, 4, 5 Ano 2003-2005

59 VICENTE MORENO,E. *Informe…del exámen de las piedras halladas en el Monte de Codesás*. El Heraldo Gallego. Nº 19 07/05/1874 Páxs. 19-21

tesouros. O afeccionado a arqueoloxía Valle-Inclán Bermúdez, pai do literato, apórtanos unha testemuña desta práctica na área do Barbanza: [60]

> *Cavando unos paisanos de la parroquia de Oleiros, con el objeto de buscar un tesoro, hallaron en una mámoa en el lugar de Lijó una piedra colocada verticalmente, que tiene de largo siete cuartas y media, puesta sobre otra que estaba horizontal y de mucho menores dimensiones, pues solo tiene dos cuartas y media de largo y una y media de ancho, cuyas piedras tenían unos dibujos grabados. Desgraciadamente la primera ya estaba cuando y la he visto muy mutilada por los muchachos, que a fuerza de golpes con piedras o otros instrumentos habían destruído casi por completo el dibujo, del que ya no me hubiera sido posible formar idea cabal sin auxilio del maestro de escuela que por haberla visto intacta pudo explicarme lo que aparecía confuso; la otra piedra no fuera mutilada y pude copiar el grabado sin trabajo."*[61]

1.4. A Restauración. As Declaracións de Monumentos

En materia de xestión do Patrimonio, o fin da República supuxo unha regresión, unha volta ao modelo isabelino. O conservadorismo ligado á Restauración levou consigo tamén unha ralentización da práctica arqueolóxica e, sobre todo, un freo para os estudos prehistóricos.

O clima ideolóxico reaccionario reflectiuse no recruamento do debate das teses evolucionistas. Os intelectuais liberais amosáronse inicialmente moi prudentes, se ben foi inevitable que ao longo das décadas se consolidaran progresivamente as teses evolucionistas arraigadas no período republicano. En Galicia os investigadores de ideoloxía liberal que se significaran na etapa anterior nos estudios vinculados á arqueoloxía e a prehistoria instaláronse nestes anos na prudencia e evitaron contravir á ortodoxia tradicional. Neste senso Villaamil y Castro evitou en adiante nos seus estudos toda adscrición cronolóxica. A lenta aceptación do evolucionismo nas décadas posteriores foi duramente combatida polos sectores conservadores, en

60 Revista Cuadrante. Un home do XIX: don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez. V.V.A.A. Barreiro Fernández e Axeitos recollen a súa Correspondencia en Murguía, 2012.

61 Carta de Valle Inclán a Murguía (X.R. BARREIRO FERNÁNDEZ/ X.L. AXEITOS 2003:510). O texto reflicte a práctica habitual de informar ás autoridades académicas dos achados arqueolóxicos.

Ilus. 2 Villaamil y Castro

especial desde a universidade galega. Pereira González sinala que a proposta da orixe simia da Humanidade tardou aquí especialmente en ser aceitada (PEREIRA GONZÁLEZ, F.1997:73).[62]

O retorno da política conservadora levou consigo a supresión das leis desamortizadoras e a devolución dos bens incautados no periodo anterior.[63] Con respecto á defensa do Patrimonio Monumental, o Goberno reforzou as atribucións das Reais Academias delegando nelas a emisión de ditames para as Declaracións de Monumentos e para as autorizacións de obras de conservación, de reforma, traslado ou derrube dos edificios monumentais. As Comisións de Monumentos neste contexto cobraron certo pulo e actuaron principalmente como proveedoras de informes relativos aos monumentos e bens artísticos e culturais.

Nas provincias, o crecemento das cidades seguíu ocasionando derrubes e intervencións lesivas nas fábricas monumentais. Desde a Coruña, Antonio de la Iglesia denunciou repetidamente na prensa a actuación das autoridades locais contra a conservación dos edificios. Neste contexto as Declaracións de Monumento Nacionais convertéronse nun dos instrumentos máis efectivos para garantila conservación do Patrimonio. Esta distinción supoñía para os edificios e monumentos a tutela estatal e a vixilancia das Comisións de Monumentos.

> *…casi milagrosamente se mantenían en pie esos artísticos restos porque hace decenas de años que lo principal de los mismos se halla sin tejado ni armaduras y expuesto sin la menor defensa ni abrigo a la constante acción de las lluvias y de toda intemperie del cielo, así como de las furiosas arremetidas de la tierra. (.) y mientras los extranjeros vienen a España y gastan en la primera ocasión setenta mil duros en copiar o modelar en yeso el Pórtico de la Gloria de*

62 Marcelo Macías da Comisión de Ourense, a altura de 1899, afirmaba aínda que a orixe simiesca da Humanidade era absurda e conducía ao rebaixamento da Humanidade Sermón do 30 de noviembre de 1899. BCPMHAO T. XIV 1943-1944. Páxs. 26-40

63 Decreto do 1 de xaneiro 1874

> *la catedral de Santiago para llevar el facsímile a sus museos, nosotros, o mas bien el caciquismo, que es el que piensa, ordena elige y lo decide aquí todo por nosotros, queramos o no queramos, funda y demuestra en esas punibles devastaciones el problema de nuestro avance hacia el progreso, ilustración y bienandanza*."[64]

A Restauración supuxo a reorganización das Comisións de Monumentos que acadaron certa efectividade a pesares da persistencia das dificultades das etapas anteriores: as carencias económicas, a falta de persoal cualificado e a escasa cooperación das autoridades provinciais. [65] As Comisións galegas centráronse nestas décadas especialmente na defensa dos edificios monumentais fronte as agresións das autoridades locais. Realizaron tamén un significativo esforzo na recollida de fondos para a instalación de Museos provinciais, sen ben neste ámbito unicamente poideron constituír depósitos cerrados ao público por falta de instalacións e dotación económica.[66]

No plano lexislativo, a RABASF, no 1874, reclamou ante o Ministro de Fomento unha Lei de Monumentos que velara pola salvagarda dos bens culturais. Esta Academia recibiu o encargo da elaboración do texto legal e, con tal motivo, solicitou ás Comisións de Monumentos que achegaran suxerencias sobre os puntos que debería recoller a nova regulación.[67] Desde Galicia remitíronse propostas para esta Lei desde ao menos as Comisións da Coruña e de Lugo. Finalmente o proxecto lexislativo non saíu adiante nesta etapa.

A RABASF, preocupada polo espolio de bens mobles, remitiu unha circular no 1878 aos Gobernadores Provinciais pedindo que evitaran a desaparición de obxectos artísticos e arqueolóxicos que nesa altura saían cara ao exterior da man de *especuladores extranjeros que en número considerable recorren las provincias de España, y poco a poco van trasladando a las galerías de poderosos aficcionados, o á*

64 Antonio de la Iglesia. Santo Domingo de Pontevedra. 1880. (SAURIN DE LA IGLESIA, 2008:385)

65 ARAH CAO/9/7966/10(2) 1877. A altura de 1877, unicamente restaban por reorganizarse efectivamente as de Cidade Real, Guipuzcoa, Logroño e Teruel.

66 A recollida de fondos para os Museos e o coleccionismo constituiron un actividade en auxe. Os fondos documentais do coleccionista galego Blanco Cicerón permitenos achegarnos a existencia dun florecente mercado de antigüidades en Galicia.

67 Circular de 14 de Agosto de 1874. BRABASF Páxs.53-54. Nº 12 Ano II 1882

Juan Antonio Saco y Arce (1835 - 1881)

Nado en Toén, cursou Teoloxía no Seminario de Ourense e en Santiago e doutorouse en Madrid.

Exerceu a cátedra de latín e grego nos Institutos de Pontevedra e de Ourense. Renunciou á cátedra por motivos de conciencia Durante o Sexenio e retornou no 1873 incorporándose á cátedra de Retórica e Poética.

Entre a súa produción escrita figura *Gramática Galega* (1868) e *Poesías* (1878). Publicou as primeiras entregas de *Literatura popular de Galicia* (1881) recompiladas por Eugenio Marquina.

Actuou coma interlocutor de Hübner, notificándolle informes sobre epígrafes de Ourense.

los Museos de sus naciones respectivas, los más preciosos restos de nuestra riqueza artística, suntuaria y litúrgica.[68]

Entrando na década dos oitenta, desde o Goberno impulsouse a constitución de museos provinciais. En Galicia neste eido tivo relativo éxito a iniciativa da *Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago* que, no marco da celebración do seu centenario, conformou no 1884 un Museo Arqueolóxico no edificio de San Clemente retomando o proxecto truncado de 1868 de Murguía e Rúa Figueroa.[69] A colección arqueolóxica do Museo abriuse ao público unicamente con carácter anual co galo da celebración das festas do Apóstolo ou con ocasión de visitas de autoridades á cidade. Durante o resto do ano os materiais servían como modelo para os estudantes de Belas Artes.

O Goberno central, nos anos posteriores á conformación do Museo Arqueolóxico da Sociedade Económica, contemplou a creación dun *Museo Central Arqueolóxico de Galicia*. A tal efecto, Villaamil y Castro recebíu o encargo de averiguar a dispoñibilidade de fondos para o cal realizou un percorrido por toda Galicia. A *Memoria* que confeccionou ao respecto recolle a riqueza arqueóloxica galega dispoñible nesa altura nas coleccións públicas e privadas.[70] Villaamil y Castro sostiña que reunidos os materiais dispoñibles podería formarse en Galicia un Museo coa mesma calidade cuantitativa e cualitativa cos de Valladolid, Barcelona, Granada ou Sevilla. Finalmente o proxecto de formar o Museo Central fracasou pola falta de

68 Circular de 30 de marzo de 1878. BRABASF Páx.55-57. Nº 12 Ano II 1882

69 A descripición dos fondos do Museo Arqueolóxio no momento da súa constitución recóllese na Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en Santiago de, Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, Páxs. 64-67, 1886

70 A súa colección particular, os obxetos do Museo da Sociedade Económica, os do Cabildo da Catedral, os da Colexiata do Sar, os obxetos do Real Hospital de Santiago, os da Universidade e algúns a cargo das Comisións de Monumentos. Destaca tamén as coleccións particulares de Luis Rodríguez Seoane, Manuel Sánchez Arteaga, López Ferreiro, Casto San Pedro….

orzamento.[71] Villaamil y Castro, no 1889, opinaba que o Goberno non estaba en situación económica de crear un Museo Arqueolóxico en Galicia e consideraba que a súa contitución debía realizarse a espensas das institucións eclesiásticas.

A partir de 1885 a Igrexa solicitou a Declaración de Monumento Nacionais para os seus edificios monumentais, en especial para as catedrais. Con esta práctica perseguíase o financiamento estatal das intervencións de conservación dos edificios eclesiásticos. De feito, neste período, o destino preferente dos orzamentos asignados polo Estado para á conservación do Patrimonio destináronse ás catedrais e edificios da Igrexa. Estas partidas canalizáronse en forma de asignacións extraordinarias non incluídas nos orzamentos ordinarios para conservación de monumentos (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:165).

No 1897 tivo lugar unha breve iniciativa arqueolóxica: *La comisión del Museo Arqueológico establecida en Santiago por la Sociedad Económica, y de la cual forman parte hombres tan ilustrados y competentes como nuestros particulares amigos Don Antonio López Ferreiro, D. José de Villaamil y Castro, D. Luís Rodríguez Seoane y D. Vicente Canales, se ocupó en varias sesiones de las exploraciones arqueológicas que por cuenta del Museo deben verificarse en breve en varios puntos de Galicia, comezando por el castillo de la Rocha*.[72] No texto completo que recollemos nos anexos podemos constatar que realizaron unha inspección no castro da Rocha, nas inmediacións de Santiago de Compostela.

No último terzo do século, en España aumentaron progresivamente as intervencións arqueolóxicas de investigadores estranxeiros. Recoñecidas autoridades nesta materia tutelaron a supervisaron as investigacións de numerosos xacementos españois.[73] Galicia tamén formou parte do percorrido de prestixiosos arqueólogos europeos coma Hübner, Shulten, Obermaier, Cartilhac, Leite de Vasconcellos,.. A nivel nacional, autoridades coma Aureliano Fernández e Fidel Fita visitaron xuntos Galicia

71 VILLAAMIL Y CASTRO, J. Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en Santiago de, Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, 1886

72 Barreiro de Vázquez Varela, Bernardo. *Exploraciones arqueológicas en el Castillo de la Rocha*. Publicado en *Revista gallega*. Nº 109. 1897 Páxs. 4-5

73 Na segunda metade do século a inseguridade en Próximo Oriente convertíu aos países do sur de Europa nunha variante segura e económica dos tours arqueolóxicos que na primeira metade de século tiñan coma destino Exipto e Oriente Próximo.

no 1879 reflectindo as súas impresións sobre os Patrimonio Monumental e Arqueolóxico galego en *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia* (1880).

A partir dos anos setenta cobraron auxe en España as sociedades privadas de corte cultural e científico que participaron activamente na investigación histórica e arqueolóxica. Estas asociacións contribuíron a recuperación e posta en valor do Patrimonio e dos vestixios arqueolóxicos. Entre elas figuraban as Sociedades Excursionistas, as Academias de Belas Artes, Sociedades de Ciencias da Natureza, de Antropoloxía,…. A nivel estatal, entre as máis relevantes neste eido figuran a *Sociedad Arqueológica de Carmona; a Sociedad Arqueológica de Tarragona, a Sociedad Arqueológica Luliana, a Sociedade Arqueológica de Pontevedra*…. A súa contribución foi significativa e materialilzouse na publicación de monografías e artigos insertos en xornais, revistas culturais e nos boletíns científicos que proliferaron nestas décadas.

Á altura de 1881, Antonio Machado Álvarez contactou con Murguía para interesalo en abandeirar a recuperación do folclore popular galego e asturiano. [74] Machado contribuiría facilitándolle unha rede de colaboradores que integraban o máis selecto da erudición local das vilas e cidades galegas. As manobras de Murguía levaron a Machado a buscar novo candidato para o seu proxecto (BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. 2012:628). Así, Emilia Pardo Bazán,[75] coa que Murguía mantivo unha tensa relación, no 1884 constituíu baixo a súa presidencia a ***Sociedad del Folk-Lore Gallego*** desligada de calquera vinculación ou ideoloxía política (BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. 2012:394). Os traballos desta Sociedade abrangueron desde á literatura, filoloxía, etnografía ata a prehistoria.***[76]***

Nunha xuntanza da directiva de *Folk-lore* de 1894 na cal a debatía sobre a súa disolución ou reorganización acordouse mudar o nome da Sociedade polo de Academia Gallega. Esta Academia tería como obxectivo o cultivo e fomento das

74 Machado proxectaba a recuperación da cultura popular desenvolvendo un programa análogo ao de Folk-Lore Society de Londres (1878). Con este obxectivo perseguía a creación de sociedades en distintas áreas da península presididas por escritores de prestixio.

75 Para afondar na participación de Pardo Bazán na recuperación do folclores consultar *Emilia Pardo Bazán y el Folklore Gallego* de Marisa Sotelo Vázquez. *Garoza: revista de la Sociedad española de Estudios Literarios de Cultura Popular*, 2007, Nº 7, Páx. 19

76 Consultar *El Folk-Lore Gallego en 1884-1885.Sus actas, acuerdos y discursos de Emilia Pardo Bazán, presidente y memoria de Salvador Golpe*, Secretario. Madrid. Tip.Ricardo Fe, 1886

ciencias, a literatura e o arte en Galicia. A circular resultante da reunión, asinada por Murguía, Martínez-Salazar, Costales, Pondal, Pérez Ballesteros, Paz Novoa, Novo, López Seoane e Salvador Golpe constituíu o xermolo da actual Real Academia Galega.[77]

O auxe do nacionalismo incrementou os estudos das culturas periféricas. En Galicia, no ámbito literario do Rexurdimento, autores coma Rosalía, Pondal e Curros Enríquez reivindicaron a utilización literaria do idioma vernáculo. Na cidade de Ourense, Saco y Arce acometeu traballos de recuperación do patrimonio oral galego. A nivel ideolóxico e político, Murguía acadou ampla reputación coma historiador e coma referente do nacionalismo político.

1.5. A institucionalización da protección do Patrimonio no século XX

Comezado o novo século suprimiuse o Ministerio de Fomento, encargado no período anterior das cuestións relativas á conservación do Patrimonio.[78] As súas funcións foron asumidas polo Minist*erio de Instrución Pública y Bellas Artes* do cal dependeu a *Dirección General de Bellas Artes,* especificamente dedicada ás cuestións culturais. A súa instalación estimulou a produción de lexislación para a protección do Patrimonio e a creación de organismos para a súa xestión.[79]

No plano lexislativo tivo especial relevancia o *Proyecto de ley de defensa y conservación de las antigüedades* de decembro de 1900. Esta normativa estableceu que os bens declarados nacionais debían ser custodiados e conservados polo Estado en Arquivos, Bibliotecas e Museos, sen que puideran ser cedidos a corporacións nin particulares (Art. 4). Os Municipios e Deputacións provincias, Reais Academias, Sociedades Económicas, Cabildos Catedralicios e outras corporacións tiñan a obriga de expor as coleccións artísticas e arqueolóxicas ou de depositalas nos museos do Estado. Así mesmo, os arquivos documentais debían estar dispoñibles para a investigación (Arts. 5 e 6). O Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes debía

77 Eco de Galicia: diario de la tarde. Nº 2515 19/10/1894 Páx. 2

78 Decreto de 18 de abril de 1900

79 Pódese consultar unha análise da normativa en materia de protección do *Patrimonio en La regulación y la gestión del Patrimonio Histórico-Artístico durante la Segunda República (1931-1939).* Javier García Fernández, 2007

establecer museos Arqueolóxicos nas provincias que careceran deles, sempre que na localidade existiran coleccións arqueolóxicas de importancia (Art. 7). Os propietarios de obxectos arqueolóxicos non poderían sacalos de España sen autorización previa (art. 11). O Goberno tiña capacidade para expropiar antigüidades, previa taxación, por motivos de utilidade pública (art. 12).[80]

Ilus. 3 Catedral de Santiago de Compostela.

De especial relevancia para o estudo histórico foi a creación no 1907 da *Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones científicas* creada para impulsar as investigacións científicas. Esta *Junta* promoveu viaxes de investigación ao estranxeiro nas cales participaron relevantes investigadores galegos coma Cuevillas, Ángel del Castillo, Filgueira Valverde, Isidro Parga Pondal e Ramón Sobrino Buhigas entre outros.[81] No seo desta *Junta* formouse no 1914 unha *Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas* que contou coa participación do recoñecido arqueólogo Hugo Obermaier.

Con respecto ás cuestións arqueolóxicas a *Ley estableciendo las reglas a que han de someterse las excavaciones arqueológicas, artísticas y científicas y la conservación de las ruínas y antigüedades* de 7 de xullo de 1911 regulou as escavacións e a conservación das antigüedades e ruínas. Esta lei estableceu a formación dun Inventario de ruínas monumentais e outorgou ao Estado amplas atribucións sobre os achados arqueolóxicos, incluídos os atopados en propiedades particulares e os achados fortuítos. A Lei concedía a propiedade dos obxectos descubertos aos autores das escavacións efectuadas legalmente.

80 R. D. 7 de decembro de 1900. BOPO Nº 444

81*Arquivo da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científica* disponible na ligazón http://edaddeplata.org/tierrafirme_jae/analesJAE/index.html

A normativa de 1911 tivo o seu desenvolvemento co Regulamento provisional de 1 de marzo de 1912 que creou a *Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades*. Esta *Xunta* asumiu gran parte das atribucións das Comisións de Monumentos e da Comisión de Antigüedades da RAH. A *Xunta* correspondíalle outorgar os permisos de escavacións e recibir as Memorias das intervencións arqueolóxicas que se realizaran. Así mesmo correspondíalle tamén a elaboración do *Inventario de ruínas monumentais e de antigüedades* que recollía numerados os xacementos, ruínas, cavernas, covas, vías romanas e outros monumentos e vestixios. A *Inspección General de Monumentos* creada en xuño de 1910 encargouse de propor medidas para a conservación de monumentos ao Ministerio e prestarlle asesoramento nesta materia.[82]

A instalación desta administración profesional en materia de xestión do Patrimonio non supuxo a desaparición das corporacións honoríficas preexistentes. De feito, as Comisións de Monumentos perviviron e ata foron dotadas dun novo Regulamento no 1918 que lles reafirmou as súas competencias para a vixilancia dos Monumentos, para realizar intervencións arqueolóxicas e crear e organizar Museos arqueolóxicos e de Belas Artes.[83] As Comisións seguiron informando puntualmente ás Reais Academias sobre as necesidades de intervencións e ameazas de derrubes que ameazaba aos edificios monumentais e mantiveron a prerrogativa de solicitar a paralización cautelar das intervencións que afectaran ao Patrimonio Monumental.

Esta proliferación de organismos oficiais con competencias en materia arqueolóxica coincidiu en Galicia coa potenciación de institucións culturais que promoveron as investigacións históricas e arqueolóxicas, entre elas a Sociedade de Amigos do País de Santiago, a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, a Real Academia Galega e, xa na década dos vinte, o Seminario de Estudos Galegos.

Os individuos das Comisións de Monumentos participaron con frecuencia simultaneamente nesta diversidade de institucións culturais e organismos públicos servíndose deles complementariamente para a realización da súa produción científica e cultural. As Comisións de Monumentos aportaban aos seus comisionados certa oficialidade a hora de realizar investigacións e o aval do prestixio e recoñecemento científico das Reais Academias.

82 R.D. de 8 de xuño de 1910

83 R.D. de 11 de agosto de 1918

Así, as Comisións galegas reuniron no cambio de século a un nutrido grupo de intelectuais polifacéticos que favoreceron o seu despegue. A Comisión de Ourense foi a que acadou un maior recoñecemento polos fitos que supuxeron a instalación do seu Museo Arqueolóxico e a edición do seu Boletín. Esta Comisión aglutinou durante décadas parte significativa do traballo científico e cultural de Ourense.

A Sociedade Arqueolóxicas de Pontevedra facilitou aos intelectuais desa provincia un marco amplo para o desenvolvemento das súas investigacións históricas e etnográficas. Na Coruña, a instalación da RAG no 1905, con Manuel Murguía na presidencia, reuniu no seu entorno un foco de intelectuais vinculados ao ideario galeguista a pesares dos esforzos da Academia por proxectar unha imaxe de neutralidade ideolóxica (BARREIRO FERNÁNDEZ,X.R./ AXEITOS, X.L. 2012:663-671). Membros destacados das catro Comisión galegas participaron coma socios tanto da Sociedade Arqueolóxica como da RAG.

Os individuos das comisións galegas participaron tamén puntualmente en todo evento cultural celebrado no seu entorno inmediato. Con frecuencia atopámolos participando en homenaxes, certames literarios, exposicións,… Neste eido tivo especial relevancia a celebración en Santiago de Compostela da Exposición Rexional de 1909 que contou cunha Sección de Arqueoloxía instalada no Colexio de San Clemente.[84] Ata dez comisionados percorreron Galicia e áreas limítrofes para reunir materiais destinados a Exposición de antigüidades. Participaron neste evento autoridades coma López Ferreiro, Vázquez Queipo, Cabeza de León, o coleccionista Blanco Cicerón, [85] Tafall Abad, Celestino García Romero, Armando Cotarelo, Pérez Constanti, Eladio Oviedo y Arce,….[86] Os integrantes das catro Comisións de Monumentos participaron activamente neste evento provendo de bens arqueolóxicos á Exposición.

Neta etapa a arqueoloxía galega acadou a atención do exterior, en especial a partir de 1914 a raíz das primeiras intervencións científicas nos castros galegos.

Os comisarios designados percorreron toda Galicia na pescuda de materiais para a Exposición.

85 Para afondar consultar Blanco-Cicerón consultar *La Exposición Regional Gallega de 1909: Ricardo Blanco-Cicerón y la arqueología galaica.* Fernando Acuña Castroviejo/ Raquel Casal García.E, sobre a colección de Blanco-Cicerón consultar Fernando Acuña Castroviejo, O coleccionismo en Galicia entre finais do século XIX e principios do XX: Ricardo Blanco-Cicerón e o seu legado, 2013

86 Remitimos para consultar sobre a Sección Arqueolóxica da Exposición de 1909 a Real Sociedad Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela / 1784-2006 que integra unha ampla selección de fotografías.

Compre sinalar que a altura de 1900 aínda non existía consenso con respecto a funcionalidade e datación dos castros galegos. A súa identificación definitiva coma lugares de hábitat, análogos ás citanias lusas, foi posible na segunda década do século logo das primeiras escavacións oficiais efectuadas nos castros de Sta. Tegra, Troia, a Cibdá,…

> *Nuestro querido compañero D. Ángel del Castillo (..), acaba de hacer una excursión a Mondariz (..)*
>
> *Pero lo más interesante, sin duda, fue el minucioso estudio que llevó a cabo de los castros de dicha comarca, señalando la existencia de los de Frades, Caneiro, Meirol, Troña, Lougares, vilar, Searas, Castelo, Castromao, Prado, Coto da Cidade, Fontefría, Coto Redondo y Hachas en cuatro de los cuales (en los de Troña, Caneiro, coto Redondo y Castelo) practicó excavaciones que dieron por resultado el descubrimiento de restos de antiguas poblaciones formadas por casas circulares, entre cuyos muros halló hachas de piedra, fusiolas, fragmentos de ánforas, tégulas, etc. que guardan mucha analogía con los recientemente descubiertos en el monte de Santa Tecla, (La Guardia), a donde también fueron los señores Castillo y Peinador a fin de estudiar los restos y objetos hasta la fecha recogidos, de los cuales obtuvieron interesantes dibujos, planos y fotografías, que oportunamente daremos a conocer a nuestros lectores.*[87]

Nestas primeiras décadas do século constituíuse no Baixo Miño un foco de estudos arqueolóxicos e prehistóricos propiciado pola presenza de arqueólogos lusos nesa área.[88] A Asociación Pro-Monte Santa Trega promotora dos estudos no castro do

87 Importantes descubrimientos arqueológicos en Mondaríz. Artigo sen firma publicado no Boletín de la Real Academia Gallega. T. VIII Nº 95 1915

88 No BCPMHAO adicouse amplo espazo as decobertas desta área: *Los grabados rupestes del sudoeste de Galicia, 1926; Algunas notas sobre el asturiense de Galicia, 1929 ; Un nuevo concheiro prehistorico descubierto en Galicia, 1929; Nuevos descuabrimientos prehistóricos en el suroeste de Galicia y norte de Portugal, 1932; ¿Serán preastuirenses las estaciones prehistóricas del litoral Galaico-Miñoto?, 1933; Algunos raspadores de la Industria Galaico-Miñota de tipo asturiense, 1933; Una nueva hipótesis dobre la utilización de la industria lítica de tipo asturiense? ; El culto del hacha en el castro de Santa Tecla? De Joaquim Fontes entre outos traballos temos : Estaçao paleolítica de Camposancos, 1925. De Fernandez Costas: As insustrias líthicas da Guarda, 1929; Notas en col do astuiense na bisbara dá Guardia, 1930 Estaçao paleolítica de Camposancos e As industrias líticas de A Guarda*, 1930.

Trega mantivo estreitos vínculos con eles e cos xesuítas portugueses exiliados afincados en Camposancos que estudaron os xacementos paleolíticos desa área.[89]

As investigacións sobre os castros atraeron o interese foráneo pola arqueoloxía galega. Na década dos vinte, Maciñeira retomou os seus estudos arqueolóxicos no entorno de Bares acadando o recoñecemento de autoridades académicas nacionais coma Pericot.

Especial relevancia tivo a visita a Galicia realizada por Hugo Obermaier no 1922. Co galo de preparar un ciclo de conferencias para a Universidade de Santiago percorreu durante cinco semanas os principais xacementos e museos arqueolóxicos galegos (BARREIRO, 1993:190).[90] O froito desta viaxe recolleuno en *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia* de 1923.

1.6. A Ditadura de Primo de Rivera, República e Guerra Civil

Instalada a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) intensificouse a promulgación de lexislación relativa a protección do Patrimonio. O Goberno asumiu a propiedade dos obxectos de mérito artístico e histórico, incluídos os da Igrexa, sen prexuízo de que esta seguira sendo a súa posuidora efectiva. Coa nova normativa a Igrexa, e os organismos a ela vinculada, necesitaban dunha autorización estatal para poder allear obras artísticas ou de valor histórico e arqueolóxico.[91]

Especial relevancia a nivel lexislativo tivo a promulgación do Real Decreto Lei de 9 de agosto de 1926 que declarou constituído o *Tesoro Artístico Arqueológico Monumental*. Os bens incluídos nel quedaron baixo a tutela estatal o cal supoñía que calquera obra ou intervención proxectada neles requirira da autorización das

89 Nas últimas décadas do século XIX o colexio de xesuítas do Pasaxe de A Guarda acolleu a numerosos estudosos en materia arqueolóxica que mantiveron contactos con eminentes arqueólogos, ente eles, Schulten, Obermayer, Jalhay, Fontes, Leite de Vasconcellos, P. Carballo, Agel del Castillo, etc. Celestino García Romero impartiu clase de Historia Universal neste colexio no cal estudou Domínguez Fontela. Froito das súas investigacións os xesuítas formaron unha colección arqueolóxica que posteriormente entregaron ao Museo formado pola Sociedade Pro Monte Sta. Trega.

90 A viaxe tiña a finalidade de preparar o ciclo de conferencias co cal a Universidade de Santiago iba a conmemorar a creación da sección de Historia na facultade de Filosofía e Letras

91 R.D. de 9 de xaneiro de 1923

Academias da Historia e da de Belas Artes. A destrución de monumentos quedaba limitada a circunstancias excepcionais e requirían sempre de informes previos das autoridades competentes.

O Real Decreto Lei establecía tamén o deber de conservación dos monumentos de titularidade privada. Neste caso os propietarios ou usufrutuarios dos bens protexidos eran os responsables da súa conservación e das obras que efectuaran neles. Con respecto ao Patrimonio de titularidade pública, a nova normativa recollía a posibilidade de cesión de edificios catalogados a particulares, corporacións e a Igrexa para usos diversos. Os beneficiarios da cesión eran os responsables da conservación e reparacións dos bens cedidos. No caso de que as inversións en mantemento e reparacións foran cuantiosas recoñecíase o dereito a transmisión e exención de impostos por un tempo máximo de noventa e nove anos.

O Decreto Lei creou unha *Junta de Patronato para la protección, conservación y acrecentamiento del Tesoro artístico-nacional* conformada por individuos con cargos honoríficos e con capacidade xurídica plena.[92] Na práctica esta Xunta xestionou directamente a protección do Tesouro Artístico a través de propostas elevadas ao Ministerio. A *Junta de Patronato* dispoñía de fondos propios provenientes da xestión do Patrimonio obtidos a través de licencias de explotación, multas, venta de entradas,… As atribucións da *Xunta* ampliáronse no 1928 ao outorgárselle a alta inspección do Patrimonio moble e inmoble, a clasificación de Monumentos Nacionais, o nomeamento de arquitectos e a adquisición de bens e expropiacións.[93]

Unha das medidas lexislativas máis salientables da Ditadura foi a Declaración múltiple de setecentos trinta e un monumentos estatais mediante o R.D. de 3 de xuño de 1931. As Comisións Galegas participaron nese procedemento achegando nos anos previos as descricións artísticas e informes históricos dos principais monumentos galegos.

No eido da investigación histórica e arqueolóxica, neste período, tivo especial relevancia en Galicia a creación do Seminario de Estudos Galegos. A represión política da Ditadura propiciara que os intelectuais, en especial os de ideario galeguista e liberal, canalizaran a súa actuación cara a proxectos de corte cultural. Neste

92 A documentación xerada pola Xunta pode consultarse en:

http://edaddeplata.org/tierrafirme_jae/memoriasJAE/index.html

93 R.D. de 25 de xuño

contexto, desde a Facultade de Filosofía, Letras e Dereito da Universidade de Santiago un grupo de profesores e alumnos, entre os que figuraban Armando Cotarelo, Losada Diéguez, Filgueira Valverde e Bouza Brey, promoveron no 1923 a creación do Seminario de Estudos Galegos. Os seus integrantes, intelectualmente comprometidos coas correntes galeguistas, mantiveron unha estreita relación co colectivo da Xeración Nós co cal compartían ideario.[94]

O Seminario organizou os seus traballos por áreas temáticas constituíndo doce seccións, entre elas a de Prehistoria. Nesta área integráronse relevantes personalidades da investigación científica coma Bouza-Brey, López Cuevillas, Filgueira Valverde,… [95] Desde esta Sección acometeuse un amplo programa de inspeccións e prospeccións arqueolóxicas en toda Galicia abordados cientificamente a través da recollida de datos, localización de xacementos, elaboración de estudos locais e comarcais, formación de catálogos, .. Especial relevancia tiveron as investigación arqueolóxicas realizadas na Terra de Melide que contaron coa intervención de todas as seccións do Seminario e constituíron a base para posteriores estudos desa área.

A ideoloxía política dos membros do Seminario determinou a orientación dos seus estudos históricos e arqueolóxicos. O interese por afondar no feito diferencial galego estimulou a investigación da etapa prehistórica, especialmente dos vestixios castrexos. Otilia Prado Fernández sinala que a escasa atención prestada ao período da romanización polo Seminario vencéllase ao rexeitamento desta etapa caracterizada pola homoxeneización cultural peninsular (PRADO FERNÁNDEZ, O. 1997:114). Así, ao igual que fixera Murguía, os integrantes do Seminario orientaron os seus estudos a afianzar o ideario nacionalista utilizando a información histórica e arqueolóxica coma instrumento.

Neste período López Cuevillas, ao fronte da sección de Prehistoria desde 1926, realizou intensas investigacións sintetizadas na publicación conxunta con Bouza Brey de *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatria en Galicia* (1929). A traxectoria investigadora de López Cuevillas non pasou desapercibida no exterior de Galicia:

94 A Revista Nos incluíu unha Sección de Arqueoloxía onde os integrantes do Seminario, entre eles Cuevillas, publicaron numerosos artigos relativos as súas investigacións arqueolóxicas prácticas.

95 PRADO FERNÁNDEZ, Otilia. *Aportación do Seminario de Estudos Galegos á Arqueoloxía: Unha revisión. 1996* Santiago de Compostela, 1997

En el Seminario del profesor Bosch Gimpera y en las sesiones de la Asociación Catalana de Antropología, sonó pronto el nombre de Cuevillas. Un joven prehistoriador gallego, surgido de la remota Orense, se revelaba ante la general sorpresa como un excelente expositor, conocedor de las modernas teorías y afortunado excavador .

En las páginas de Nos había ya dejado constancia de lo que podía alcanzar, si lograba el apoyo de las corporaciones de su tierra . Al lado de otro viejo amigo, por fortuna en activo todavía, Angel del Castillo, y del desaparecido Maciñeira, y acompañado pronto de varios jóvenes, que constituían una gran promesa, Cuevillas aparecía como el brillante adalid de una naciente escuela arqueológica, dotada de clara personalidad dentro del movimiento científico español. Naturalmente, una de mis misiones al ir a ocupar en los primeros días de 1926 la cátedra que acababa de ganar en la universidad compostelana, en la que insistían mis maestros Bosch Gimpera y Obermaier, era la de ponerme en contacto con Cuevillas e impulsar en el cauce científico la labor que el grupo de arqueólogos encuadrados en el Seminario de Estudios Gallegos estaba desarrollando.

Parecía que por fin la Prehistoria gallega iba a salir de las nieblas que sobre ella habían esparcido los escritores y aficcionados de la etapa romántica de nuestra ciencia. [96]

A vinculación dos integrantes do Seminario con Pericot e a florecente Escola Catalana de Arqueoloxía fundada por Bosch Gimpera materializouse no 1925 coa toma de posesión de Pericot dunha cátedra na Universidade de Santiago de Compostela. A súa permanecería na universidade galega durou unicamente dous cursos académicos ata o seu traslado no 1927 á Universidade de Valencia. Na súa estadía en Galicia mantivo contactos co membros do Seminario de Estudos Galegos, con Maciñeira e con Santiago de la Iglesia entre outras figuras relevantes no eido arqueolóxico.[97]

No intervalo da súa estadía en Galicia Pericot tivo unha bolsa pola Universidade de Santiago para estudar as relacións atlánticas entre Galicia e as Illas Británicas. Na

96 Luís Pericot. *Algunos recuerdos personales de Cuevillas*. BCPMHAO T. XX ano 1959-60. Fasc. I-IV. Páxs. 45-48

97 A intermediación entre Pericot e Santiago de la Iglesia supuxo a doazón dos fondos arqueolóxicos do investigador galego á Universidade de Santiago.

primavera de 1927 Pericot realizou unha campaña de exploración e escavación nos castros dos arredores de Mondariz que tivo continuidade coas intervencións de Cuevillas nas campañas de 1928, 1929 e 1930.

Durante a República continuou o proceso de regulación da xestión do Patrimonio do período anterior. As atribucións do Goberno en materia de protección do Patrimonio recolléronse no mesmo articulado da Constitución republicana (art. 45).

> *Toda la riqueza artística e histórica del país, sea quien fuere su dueño, constituye tesoro cultural de la Nación y estará bajo la salvaguarda del Estado, que podrá prohibir su exportación y enajenación y decretar las expropiaciones legales que estimare oportunas para su defensa. El Estado organizará un registro de la riqueza artística e histórica, asegurará su celosa custodia y atenderá a su perfecta conservación.*
>
> *El Estado protegerá también los lugares notables por su belleza natural o por su reconocido valor artístico o histórico.*[98]

O Goberno desde a súa instalación tomou medidas lexislativas para limitar a exportación de bens culturais e artísticos da Igrexa e dos sectores conservadores que, neses anos intentaban derivar ao estranxeiro os seus bens culturais temerosos das expropiacións. A nova regulación obrigaba a empresas e particulares a solicitar autorizacións administrativas para poder vender bens culturais e artísticos con antigüidade superior aos cen anos. O Estado reservouse nestes casos o dereito de tenteo nas vendas que afectaran ao Patrimonio (GARCÍA FERNÁNDEZ, J. 2007:10).

A comezos da etapa republicana xurdiu a polémica sobre a conveniencia de conservar ou non os escudos pétreos dos edificios públicos que ostentaban coroas na parte superior. Nesta controversia participou Ángel del Castillo o cal realizou xestións solicitando que se respectara e recoñecera a súa valía arquitectónica e histórica.[99]

A norma lexislativa de protección do Patrimonio máis relevante da República foi a *Ley relativa al Patrimonio Artístico Nacional* de 13 de maio de 1933. Esta normativa reafirmou á Dirección General de Belas Artes coma organismo coas máximas competencias en materia de conservación do Patrimonio.

---

98 Constitución Española de 9 de decembro de 1931. Artigo 45

99 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* S.N. 21/04/1931

A nova Lei, ampliaba á precedente referida unicamente aos Monumentos Arquitectónicos Artísticos, e incluía agora na denominación de Patrimonio Histórico-Artístico Nacional a *cuantos inmuebles y objetos muebles de interés artístico, arqueológico, paleontológico o histórico que haya en España de antigüedad no menor de un siglo; también a aquellos que sin esta antigüedad tengan un valor artístico o histórico indiscutible, exceptuando, naturalmente las obras de autores contemporáneos;…*[100]

Esta Lei regulaba a protección dos Monumentos fronte a derrubes requiría á vixilancia de obras e reformas de edificios monumentais. A inclusión dun monumento no Catálogo supoñía a prohibición da súa demolición total ou parcial sen autorización previa do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes. Recollíase a posibilidade de incautación dos bens catalogados en mans privadas que non estivesen debidamente atendidos. Establecíanse tamén aspectos técnicos das obras que se efectuaran nos monumentos. Así, os arranxos limitáronse á consolidación dos monumentos e freáronse as reconstrucións lesivas. Determinouse que nas restauracións os engadidos debían de estar delimitados e diferenciados con respecto as partes orixinais dos monumentos. Coa Lei regulábase tamén o dereito do público de acceso aos monumentos.

Esta normativa de 1933 non deixaba sen efecto a *Ley de excavaciones* de 1911 que seguía regulando as cuestións arqueolóxicas. Como novidade con respecto ao Patrimonio Arqueolóxico, a Orde Ministerial de agosto de 1934 nomeou a vinte e sete Delegados-directores de escavacións. Esta Orde establecía tamén a asignación de fondos para escavacións e o destino dos obxectos que se recuperaran nas intervencións.

Coincidindo co inicio da Guerra Civil, foi aprobado mediante R.D. de 16 de abril de 1936 o *Regulamento para a aplicación da Lei de 1933.* Este Regulamento contemplaba a formación dunha relación de cidades e vilas de especial mérito artístico e histórico. Prevía tamén a protección e inclusión nun Catálogo dos bens inmobles de interese dignos de ser conservados. O Regulamento constituía unha *Junta Superior del Tesoro Artístico* que substituía a *Junta de Excavaciones* de 1912 e a *Junta de Patronato* de 1926. Esta Junta conformaríase con individuos das Academias da

100 Lei de 13 de maio de 1933. *Patrimonio Artístico Nacional. Cuadernos de Legislación* Nº 13 Ministerio de Educación e Ciencia, Madrid, 1971 Páx. 74

Historia e a de Belas Artes, do Museo Arqueolóxico, do Museo do Prado, representantes de diversas corporacións, catedráticos e un arquitecto. Entre as súas competencias figuraba a de crear delegacións nas localidades que considerara de interese.

A instalación destas delegacións levaría consigo a progresiva desmantelación das Comisións de Monumentos. O contexto bélico truncou a posta en marcha da Lei e por tanto as Comisións de Monumentos non chegaron a ser desmanteladas, se ben en Galicia estas corporación estaban nesta altura en manifesto declive.

Con respecto ao estudos históricos e ás investigacións en materia arqueolóxica galegas, a Ditadura truncou o ambicioso proxecto cultural do Seminario de Estudos Galegos. Os seus integrantes sufriron o exilio, a cadea ou confinamento domiciliario logo de ser destituídos dos cargos públicos que ocupaban e inhabilitados para exercer as súas profesións.

Anos despois, no 1944, Filgueira Valverde fundou das cinzas do Seminario de Estudos Galegos o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento vinculado ao Consello Superior de Investigacións Científicas. Nesta corporación integráronse antigos membros do Seminario recoñecidos nesa altura polo Réxime, como Bouza Brey, Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas.

2. A Arqueoloxía na produción escrita

2.1 O coñecemento arqueolóxico dos autores clásicos

Ao longo do século XIX, a valorización do pasado e dos seus vestixios contribuíu a afianzar sucesivamente os idearios políticos provincialista, rexionalista e nacionalista que reclamaron o recoñecemento da singularidade galega.

Neste contexto, un colectivo de intelectuais galegos de formación heteroxénea, acometeu a confección de relatos a modo de Historias de Galicia cos cales perseguían a dignificación de Galicia a través da reconstrución gloriosa do seu pasado autónomo coa intencionalidade de reclamar melloras no marco dunha xestión política autónoma. Os compendios historiográficos de Verea y Aguiar e Martínez Padín e, xa na segunda metade do século, os de Benito Vicetto, Barros Sibelo, Villa-Amil y Castro, Murguía e Saralegui convertéronse nos textos clásicos da historiografía galega do XIX.

Continuando coa tradición do século anterior, estes autores basearon inicialmente os seus texto históricos principalmente nos textos clásicos e na Biblia. Estas fontes foron desprazadas a partir da segunda metade do século coa introdución progresiva de información extraída das incipientes prácticas arqueolóxicas e, desde as últimas décadas do século, das investigacións con metodoloxías científicas.

Nestes textos historiográficos do XIX a pescuda da orixes racial e da *esencia* dos pobos constituíu un elemento esencial. Nese contexto a Arqueolóxica amosouse como a ciencia adecuada para afondar nas etapas máis remotas, alí onde non alcanzaban as fontes escritas.

Un dos temas recorrentes dos textos históricos da primeira metade do século foi a **identificacións toponímica** das vilas, ríos e montes citados nos textos clásicos. Este interese pola localización dos lugares mencionados nas fontes ocupou aos autores na localización de emprazamentos míticos como a Abóbriga, o Medulio ou as Casitérides. Neste ámbito, Puche Riart sinalou xa a precocidade dos estudos historiográficos galegos centrados na localización destas illas desenvolvidos por Sarmiento, Cornide,[101] Masdeu e Pérez Quintero[102] (PUCHE RIART, O. 1993:100).

101 CORNIDE, J. (1785). *Las Casitérides o islas del estaño restituídas a los mares de Galicia: Disertación critica en que se procura probar que estas islas no son las Sarlingas como pretende en su Britannia Guillermo Cambden y si las de la costa occidental del Reyno de Galicia.* Imp. B. Cano. Páx.179,Madrid

Esta localización de puntos xeográficos acometeuse inicialmente desde a especulación teórica e os argumentos etimolóxicos. Xa nos sesenta, coincidindo co despegue da práctica arqueolóxica, Barros Sibelo realizou traballos prácticos para a localización do Monte Medulio.[103] Coetaneamente Villaamil y Castro realizou tamén un estudo teórico sobre a localización deste mítico emprazamento.[104]

O interese pola identificación dos topónimos clásicos reflectiuse tamén nos esforzos realizados desde finais dos cincuenta, a instancias da RAH, para delimitar o itinerario das vías romanas e das vilas a elas asociadas. En Galicia estas investigacións materializáronse nos traballos de Cid de la Concepción, Barros Sibelo, Díez Sanjurjo, Arturo Vázquez Núñez, Marcelo Macías,…

Nos sesenta, coincidindo coas extensión das intervencións arqueolóxicas prácticas, os investigadores galegos pescudaron na procura de achados análogos aos realizados noutros puntos de Europa e España. Así, a expectación internacional polos achados das **cidades lacustres** en Austria, Suíza e Italia estimulou o estudo do entorno das lagoas. En Galicia, nos sesenta, Barros Sibelo[105] Murguía e Villaamil y Castro realizaron pescudas sobre a probable existencia de construcións na lagoa de Antela.

Cartailhac na súa obra *Les ages prehistoriques de L´Espgane et du Portugal* internacionalizou o debate das cidades lacustres galegas.[106] No 1870 Saralegui e Medina continuou con estes estudos no artigo *Pueblos lacustres*. Décadas máis tarde Díez Sanjurjo referiu o achado de machados de pedra e outros vestixios da Lagoa de

---

102PEREZ QUINTERO, M. 1. (1790): *Disertación crítico-topográfica. Las Casitérides restituídas a su verdadero sitio, por haberlas dislocado el inglés Cambdeno y otros sabios extranjeros, cuya sentencia ha sostenido nuevamente el abate D. Juan Francisco Masdeu*. Imp. Vázquez Hidalgo. Páx.49, Sevilla.

103 CAOR/9/9765 (37) 07/09/1861 Informe Monte Medulio Barros Sibelo. O desinterés da RAH nestas investigacións levouno a publicar pola súa conta *Apuntes Arqueológicos de Galicia. El monte Medulio* no 1863.

104 *Situación del monte Medulio y sus incidencias históricas*. En Album de la Caridad: Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de nuestros vates gallegos contemporáneos, 1861

105 ARAH CAOR/9/7965/09(4) *Informe acerca del hallazgo de diversos restos arqueológicos*. 1869

106 O seu traballo baséase nos datos aportados por Villaamil y Castro en *Antigüidades prehistóricas y célticas de Galicia* (1872) e Murguía en Historia de Galicia que apunta a existencia de palafitos e cidades lacustre en Galicia. Precisamente, Villaamil y Castro no 1887 publica *La Edad Prehistórica en Galicia según Mr. Cartillhac* no cal apunta que os traballos de Cartillhac sobre as cidades lacustres galegas adoecen de escavacións propias e presentan erros de transcrición dos autores clásicos.*Galicia Revista Regional. La Edad Prehistórica en Galicia según Mr. Cartillhac*. Ano I Nº 2 Febreiro de 1887 Páx. 75 - 82

Antela.[107] Cuveiro Piñol en *Iberia protohistórica* (1891) sinalou tamén a existencia de poboados lacustres na Lagoa de Antela, nos xuncais de Betanzos e no Xistral.[108] O tema tivo continuidade ata ben entrado o século XX.[109]

A exaltación da singularidade nacional e a pescuda das orixes foi a cuestión central dos textos historiográficos.[110] Contamos con numerosos traballos na bibliografía actual dedicados a valorar as achegas dos autores do XIX ao celtismo. En concreto existen estudos específicos sobre Benito Vicetto,[111] Villaamil y Castro[112] é, sobre todo, Murguía.[113] Neste traballo con respecto ao celtismo interésanos unicamente valorar a utilización da información arqueolóxica facilitada polos vestixios das etapas prehistóricas que permitiron perfilar as primeiras propostas sobre a cronoloxía e adscrición dos monumentos *célticos*. Analizamos con este obxectivo as Historias dos autores clásicos do XIX para delimitar as súas achegas en canto á adscrición da autoría, funcionalidade e cronoloxía dos túmulos e castros e a súa relación coas poboacións celtas.

A existencia de vestixios arqueolóxicos baixo acumulacións artificiais de terra era coñecida desde antigo. De feito, as referencias a buscadores de tesouros e escavacións de mámoas e castros está amplamente documentada desde os séculos anteriores.[114] Con respecto aos castros, o nivel de coñecementos a comezos do

---

107Apunta tamén o achado de pilotes, emparillados e mesmo un tronco oco con forma de embarcación. Sinalou a existencia de semiesferas ou "cortejos" afirmando que nas poucas rexistradas atopáronse anacos de arcilla cocida e carbóns. Díez Sanjurjo. Los caminos antiguos y el Itinerario Nº 18 de Antonino. BCPMHAO T. II marzo-abril de 1905 Nº 43 Páx. 342

108 Cuveiro Piñol, Juan. Iberia protohístorica. Páx. 112, 1891

109 Conde-Valvís Fernández publicou *La Laguna Antela y sus palafitos* (1951), L. Monteagudo *Galicia legendaria y arqueológica: problemas de las ciudades "asolagadas*" (1957) e J.M.Vázquez Varela *Las leyendas de las poblaciones sumergidas por un castigo divino: una panorámica analítica del noroeste de la península ibérica* (1957).

110 Para afondar na introdución do celtismo en Galicia remitimos a Pereira González no seu artigo *O celtismo na historiografía galega do século XVIII*.

111 Consultar sobre o ideario de Vicetto en *El celtismo de Benito Vicetto*. Filología Románica. Nº 6 Universidade Complutense, Madrid,1989

112Para máis información Juan C. López García en *A influencia do celtismo na obra de José Villaamil y Castro*. Gallaecia, 1997

113 Remitimos ao estudo de Beatriz Díaz Santana para unha síntese das valoracións dos autores contemporáneos respecto ao celtismo (DÍAZ SANTANA, B. 2001:319).

114 Pedro Vázquez de Orjas obtivo a través da Real Cédula de Felipe II de 26 de Mayo de 1609 autorización para abrir

século XIX era aínda moi limitado.[115] En xeral, a falta de escavacións e estudos científicos sobre castros e túmulos propiciou que durante todo o XIX se dera unha certa ambigüidade tanto na delimitación funcional coma cronolóxica destes vestixios que se mantivo ata comezos do século XIX.

Verea y Aguiar na súa *Historia de Galicia* (1838)[116] integrou catorce *investigacións* dedicadas fundamentalmente a rebater puntos históricos dos textos clásicos. Este traballo, baseado esencialmente nas fontes escritas, evidencia a valoración dos vestixios arqueolóxicos coma fonte de información, *me propuse buscar aún entre los escombros de los pueblos, y en los desperdicios históricos, de que otros no han hecho caso, algunas preciosidades, que puedan contribuír a mi objeto; y me persuado que, así como en los puntos antecedentes, podré descubrir la verdad, separando las amontonadas ruínas que la tienen sofocada.(Historia de Galicia:207).*[117]

e inspeccionar sepulturas dados os indicios da existencia de ouro e outras riquezas das de Caldas de Reis e Padrón. Esta autorización levou consigo que proliferasen os buscadores sen licencia e, segundo a queixa de Orjas "*se tiene noticia de más de tres mil abiertas … y no se tiene noticia de hombre ninguno que esté preso por ello"*. Andrés Martínez Salazar.BRAG 20 de maios de 1909 Nº 26 e sucesivos.

115 Os vestixios en superficie dos castros espertaran xa o interese desde antiguo. Castella Ferrer no 1610 apuntara a abundancia de restos arqueolóxicos de aparencia defensiva e aludíu ao costume de edificar edificios relixiosos e ermidas sobre asentamentos antiguos. "Hacían los gallegos cantidad de fuertes redondos con sus fosos y trincheras en la Campaña, ocupando con ellos los cerros más fuertes que hallaban, llámanles hoy en día Castros, porque en ellos y abrigados dellos se fortificaban sus ejércitos." Coetaneamente Prudencio Sandoval propuxo que eran construcións defensivas cristiáns fronte aos mouros. A finais do século XVIII o Padre Sobreira na súa correspondencia con Cornide prantexaba a tese dunha ordenación espacial defensiva dos castros (ZARALEJOS PRIETO, M. 1991:301).

116" Historia de Galicia" foi aprobada pola RAH no 1832 e publicada no 1838. Constitúe a primeria parte dun proxecto historiográfico que non tivo continuidade. Xunto con outros traballos literarios foi presentado polo autor para o seu ingreso coma correspondente desta Academia. *Memorias de la Real Academia de la Historia*, T. VIII (1852:9).

117 A súa afección ás investigacións arqueolóxicas témola documentada coa súa participación no 1837, na inspección da laxe de Carrás onde, en compañía de Antonio Bugallal e Bedoya, localizaran figuras pintadas. CAIOR/9/3931/06 (2). A finais desa década remitíu á RAH trinta e dúas moedas de cobre da parroquia de Canedo, Ourense. M*emorias de la Real Academia de la Historia de* 1852 T. VIII Páx.18. Nos corenta remitíu á RAH bocetos dunha estatua humana con escudo e copias de epitafios reais da Igrexa de Santiago…. *Memorias de la Real Academia de la Historia de 1852* T. VIII 1852. Páx. 19-25

Verea y Aguiar, coñecedor directo dos túmulos galegos, nas súas inspecións localizou multitude deles espallados por toda Galicia, case todos despoxados anteriormente pola cobiza dos buscadores de tesouros. A estas estructuas asignoulles unha funcionalidade funeraria e animou ás *persoas curiosas* das vilas para que realizaran estudos prácticos dos túmulos da área de Montes (Historia de Galicia. 1838:101).[118]

Desbotou a funcionalidade militar dos castros alegando *que si fueran fortificaciones no era posible que se hallasen estendidos tan general que casi corresponde uno a cada parroquia de Galicia: no era posible que tubiesen la misma figura rigurosamente circular: no era posible que todos tubiesen el mismo espacio que viene a ser poco más o menos el que ocupa el patio del Palacio Ral de Madrid: no era posible que muchos de estos círculos se formase bajo la superioridad o eminencia de otras colinas. Estas solas reflexiones destruyen enteramente la opinión ó congetura de que pudiesen ser puntos militares; y por el contrario, todas las circunstancias que se notan son propísimas de objetos religiosos…"* A existencia de fosos nalgúns castros atribuíuna a usos posteriores (VEREA Y AGUIAR, 1838:139-141).

José Verea y Aguiar (1775-1849).

Nado en Santiago, estudou Leis e Canons.

Colaborou en numerosos xornais e fundou e dirixiu *Diario Cívico Patriota* (1812).

Foi académico da RAH.; membro da Sociedade Económica de Amigos do País e presidente da Deputación Arqueolóxica da Coruña (1842).

Publicou *Historia de Galicia (*1838) e numerosos discursos e informes de temática variada.

Martínez Padín dedicou un capítulo íntegro da súa *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia* (1849) aos monumentos célticos, castros e túmulos. Coincidiu co P. Sobreira en que non estaban dispostos ao azar senón describindo liñas concéntricas. Propuxo que unicamente terían funcionalidade defensiva os castros

118 Con respecto aos túmulos, sostivo que „*… cerca de la villa de Noya aún se ve un monumento de estas piedras vectoriales; y en otras partes de Galicia. En los sepulcros se echaban las cosas de mayor estimación del difunto, como urnas, vasos de oro, de plata y de bronce, armas, monedas, y hasta los caballos. Sostiña que en toda Galicia se ven unos sepulcros de aquellos tiempos que llaman vulgarmente, Mámoas y Modorras, y son unos montecitos redondos a la manera de la mitad de un globo: dentro hay un orden circular de grandes piedras en cuyo centro se depositaría lo que vulgarmente se llama Ollas, ó vasos cinerarios*". (Verea y Aguiar, 1832:101).

reutilizados na etapa romana. Con respecto aos dólmenes asignoulles unha función funeraria e unha procedencia celta e romana.

As fontes empregadas na súa obra foron esencialmente as escritas se ben afirmaba valorar a información que puideran achegar as investigacións arqueolóxicas. En referencia aos castros e túmulos recomendaba aos *amantes de la historia* das localidades que fixeran recoñecementos destas estruturas das cales el mesmo aseguraba ter inspeccionado persoalmente gran número.

Barros Sibelo referíndose a súa *Galicia Monumental* da cal publicou so dúas entregas (1859) reivindicou a importancia dos epígrafes coma fonte histórica: *… la lapidaria es el germen de donde se ha de desarrollar un principio de verdad fija para sentar una costumbre social de aquellos pueblos remotos: de otro modo, es divagar entre la confusión de las preocupaciones y las fábulas de los cronistas del siglo XVI. (…) Del granito y solo del granito surgirá la resolución de muchas dudas históricas: es el primer secreto que deben desentrañar los Arqueólogos y escritores de nuestra olvidada patria.*[119]

O seu compendio historiográfico *Antigüedades de Galicia* (1875) centrouno no estudo das etapas iniciais da historia de Galicia e nel reflicte as súas numerosas investigacións prácticas xunto cun amplo coñecemento das fontes clásicas.

Actualmente pódemos acceder a unha abundante produción de informes e memorias de Barros Sibelo que foron derivadas especialmente á RAH e, en menor medida, á RABASF A abundancia da súa produción danos conta da cuantiosa actividade arqueolóxica desenvolvida, en especial durante á década dos sesenta.[120]

Benito Vicetto publicou a partir de 1865 ata sete tomos da súa novelada *Historia de Galicia*. As elites cultuais do momento consideraron inadmisible este traballo pola falta de rigorosidade e de toda crítica das fontes clásicas. Efectivamente na súa elaboración estiveron totalmente á marxe todo recurso arqueolóxico e calquera outro de carácter científico. Intelectuais coma Murguía, Villaamil y Castro e Eduardo

119 Barros Sibelo desistiu da súa Galicia Monumental por coincidir este proecto no tempo co inicio da Historia de Galicia de Manuel Muguía e a de Benito Vicetto. Durante as súas investigacións adicou amplos esforzos á recuperación de epígrafes.La ilustración de la Coruña. 27/01/1960 Nº 21

120 Afondaremos nas súas investigación noutro epígrafe por figurar entre os integrantes da Comisión de Monumentos de Ourense. Para afondar na súa biografía e producción consultar o estudos propio Barros Sibelo. Aproximación Biográfica. Boletín Auriense, 2010

Pondal mesmo xulgaron este traballo de *desatino* (BARREIRO FERNÁNDEZ,X.R., 2012:4 1).

Na súa Historia de Galicia Vicetto atribuíu a autoría das mámoas aos *celtas* e con respecto ao castros considerounos funcionalmente coma fortificacións romanas ou suevas.

Murguía comezou nos sesenta a traballar na súa *Historia de Galicia* coetaneamente cos proxectos de Barros Sibelo e Vicetto. Os dous primeiros tomos da súa *Historia* saíron a luz por fascículos entre 1865-1867 na imprenta de Soto Freire.[121] O terceiro tomo publicouse no 1880, un cuarto no 1891 e o quinto no 1913.

Non temos constancia de que Murguía acometera investigacións arqueolóxicas prácticas se ben os seus textos reflicten un coñecemento significativo do territorio e dos vestixios arqueolóxicos galegos. Na súa obra integráronse abundantes informes achegados por numerosos intelectuais das vilas galegas os cales tiñan a conciencia de contribuír a elaboración dunha *obra patria,* a súa *Historia de Galicia*.[122]

Murguía contou entre os seus provedores de informes con **Félix Álvarez de Villaamil**[123] que proporcionoulle noticias arqueolóxicas sobre a área de Coruña, Ribadeo, Viveiro e Mondoñedo. **Ramón Valle-Inclán Bermúdez** facilitoulle informes da área do Barbanza e arredores. **Jacobo Araujo** remitiu a Murguía noticias sobre castros, dolmens e outros achados arqueolóxicos, en especial da área de Viveiro. **Soto Freire**, o seu editor, colaborou coa

Villaamil y Castro (1838-1910).

Académico da RAH e da RABASF Cursou estudos na *Escuela Superior de Diplomática* (1869).

Ocupou diversos cargos en arquivos e bibliotecas na universidade de Santiago e en Bibliotecas e Arquivos do resto de España.

Desde a década dos sesenta, realizou estudos prácticos con metodoloxía científica a nivel europeo, situándose cronoloxicamente entre os pioneiros nesta materia en Galicia.

Realizou un informe sobre o patrimonio galegos dispoñible para a constitución dun Museo Arqueolóxico Central para Galicia.

121 X.R Barreiro Fenández en Murguía recolle as visicitudes da elaboración da Historia de Galicia de Murguía. Murguía. Barreiro Fernández, X.R. 2012:580-581.

122 A través da correspondencia de Murguía recompilada por Barreiro Fenández podemos constantar as achegas dun nutrido grupo de correspondentes de numerosas localidades galegas.

123 Arquivo RAH GA 1870/2(5). Consultar Semblanza sobre Félix Álvarez Villaamil no apartado adicado á Comisión de Monumentos da Coruña.

achega de documentación e informes que permitiron a Murguía avanzar na confección dos dous primeiros tomos da *Historia de Galicia*. Neste sentido intermediou na compra da documentación do erudito **Díez de Robles**,[124] o cal, atendendo a palabras de Barros Sibelo, dedicara vinte e sete anos a compilar datos para unha *Historia de Galicia* que tiña moi avanzada no momento do seu pasamento.

A *Historia de Galicia* de Murguía viu o seu terceiro tomo nos oitenta. A falta de rigor científico deste tomo e a súa carga ideolóxica foi denunciada nesa altura nun informe da RAH firmado por Pedro Madrazo. Segundo o informe, Murguía suplía a información con conxecturas e *con los recursos de su calenturienta imaginación* (BARREIRO FERNÁNDEZ. X.R. 2012:598).

Villaamil y Castro, formado na Escola Superior de Diplomática, a altura de 1865 afirmaba *yo he buscado algo y he trabajado, o hecho trabajar, hablando con propiedad, en castros y mámaos y si algo he encontrado me ha demostrado que ni son celtas ni romanos sino muy posteriores.…*[125]

Villaamil y Castro, máis cauto que Murguía, afastouse sempre de emitir conclusións arriscadas non fundamentadas en evidencias arqueolóxicas. Así, referíndose aos monumentos megalíticos, afirmou que a existencia de menhires era practicamente imaxinaria e, con respecto ás pedras altares, sostivo que os seus fochos e canais eran similares aos atopados en calquera rocha a cada paso nas montañas graníticas. (Villa-Amil y Castro, 1878:96).

A súa abundante produción reflicte tanto a práctica de inspeccións visuais de terreo como de investigacións prácticas. Con respecto aos castros afirma*, el numero*

124 Barros Sibelo nunha nota a pé de páxina de Antigüidades de Galicia aludíu á apropiación de Murguía das investigación de Robles. A nota, que tanto ofendeu a Murguía, non era infundada. Comprobamos como Soto Freire nunha carta á Murguía afirma que Díez de Robles, posuidor de abundantes datos manuscritos recopilados durante décadas, non tería reparos en venderllos con tal de que se lle dera "parte da gloria que merecera lealmente."

Para máis información sobre a polémica que en torno a este asunto que se ventiluo na prensa consultar o artigo propio Barros Sibelo. Aproximación Biográfica. Boletín Auriense, 2010. As cartas entre Murguía e Soto Freire ao respecto figuran en BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. / AXEITOS, X.L. Cartas a Murguía. T. I Carta 322 Páx. 354 No Heraldo Galleo M.Murguía e Soto Freire desminten a existencia da suposta obra Historia de Galicia da cal según Barros escribira Robles a primeira parte. El *heraldo gallego : semanario de ciencias, artes y literatura*. Año III Número 165 - 9 agosto 1876

125 Villaamil y Castro mantiña unha fluída correspondencia con Murguía ao cal en ocasións recomendaba prudencia a hora de adscribir aos celtas numerosos vestixios. (BARREIRO FERNÁNDEZ,X.R. / AXEITOS, X.L. 2003:333) Carta a Murguía 303, novembro de 1865.

*de los que he reconocido es tan considerable que en algunos parajes, donde mis exploraciones han sido más detenidas, no he andado dos kilómetros sin encontrar uno cual sucede en alas cuencas del Masma y del Lorenzana: multiplicación que aleja toda idea de que hayan sido lugares religiosos o puramente militares, y traen el convencimiento de que no pueden tomarse por otra cosa que por antiguas poblaciones. Algunas de ellas han servido de núcleo a ciudades de la importancia de Santiago y Mondoñedo;.(*Villa-Amil y Castro, 1878:98).

Con respecto ás súas investigacións prácticas sinalou que *en solo 100 kilómetros cuadrados, he reconocido hasta 22. Todos estos monumentos han sido objeto de las exploraciones que, durante largo tiempo, he practicado en el país.*[126] No marco destas intervencións prácticas Villaamil y Castro reuniu numerosos obxectos arqueolóxicos recollidos tanto nas covas da área de Mondoñedo coma en numerosos castros e mámoas os cales cedeu en depósito ao Museo da Sociedade de Amigos do País de Santiago.[127]

En *Los castros y las mámoas de Galicia (*1876) propuxo para os castros unha funcionalidade defensiva e poboacional. Prestou tamén unha precoz a atención aos vestixios da vida cotiá, tanto líticos coma metálicos e cerámicos (ZARALEJOS PRIETO, M.1991:310).

No 1886 percorreu Galicia comisionado para coñecer a dispoñibilidade de materiais arqueolóxicos para a formación dun Museo Central en Santiago. Froito deste

Saralegui y Medina (1839-1910).

Nado en Tuy. Ingresou na Armada no 1854 con destino en Filipinas.

Xa asentado no Ferrol ocupou postos relacionados coa Marina.

Académico da RAH. (1865); membro da Sociedade Económica; da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra e académico da RAG

Editou o Almanaque Ferrolano (1904). Entre a produción histórica destacamos *Estudio sobre la época céltica en Galicia y sus poetas*, *Estudios sobre Galicia* e *Efemérides Ferrolanas*,

Publicou **tamén** *Tratado de Economía Política* e *La cuestión obrera en Galicia*.

126 Villa-Amil y Castro, José. P*obladores, ciudades, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo*. Páx. 95 Separata do: *Boletín de la Sociedad Geográfica*. T. V, año III, Nº 8, 1878

127 Para información sobre os obxetos arqueolóxicos recollidos e os lugares intervidos consultar *Memoria sobre la creación de un museo arqueológico en la ciuda de Santiago de Compostela. Colección del que suscribe, depositada en el Museo de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santigo.* Páxs. 43-50, 1886

percorrido publicou unha *Memoria sobre a formación do Museo Arqueolóxico* na cal recollía o inventario do Patrimonio Arqueolóxico moble dispoñible nesa altura.[128]

Entre a súa abundante produción destacamos unicamente a de contido arqueolóxico: a obra de síntese *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* (1873);[129] *Descripción Histórico-Artística-Arqueológica de la Catedral de Santiago* (1866); *Rudimentos de Arqueología Sagrada* (1867); *Adornos de oro encontrados en Galicia* (1874); *Armas, utensilios y adornos de bronce recogidos en Galicia* (1875); *La edad prehistórica de Galicia* (1887); *Estudio sobre el Hombre prehistórico/ Exploraciones de túmulos en Galicia*[130]*;…*

Leandro Saralegui y Medina utilizou nos seus textos á información arqueolóxica de xeito especulativo e esencialmente teórico.[131] Saralegui y Medina atribuíu aos castros unha cronoloxía prerromana e unha utilidade defensiva, en especial para os castros de altura. Sinalou as dimensións extraordinarias que presentaban algúns que consideraba podían actuar coma cabeceira de circunscrición.[132] Afirmaba que os castros constituían entre si *líneas generales de defensa* agrupados por circunscricións locais. Sinalou tamén a frecuente asociación entre castros, minas e vestixios de castramentación romanas. Afirmaba que os foxos e parapetos ocultaban grosas murallas de cachotería.

Entre a súa produción figura *Estudios sobre la época céltica en Galicia y sus poetas (*1867, reeditado en 1888 e 1894*); Los Castros/ estudios de Arqueología Prehistórica (1887); Estudios sobre Galicia(1888); Efemérides Ferrolanas; Informe sobre el antiguo convento de Santa Catalina de Montefaro; San Martín de Jubia*; *El regionalismo en Galicia; …*

128 *Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en la ciudad de Santiago, que en cumplimiento de la real orden de 30 de junio de 1886 presenta José Villaamil y Castro al Excmo*. 1886

Sr. *Ministro de Fomento, Madrid, Imprenta del Colegio Nacional de Sordomudos y de Ciegos*, 1887.

129 Cabano Vázquez recompila a súa produción no estudo da introdución a reedición de "*Ensayo de un catálogo sistemático y crítico de algunos libros y folletos que tratan de Galicia*"

130 *Revista de Bellas Artes é Histórico Arqueológica.* Ano III 14701/1868 Nº 65 Páx. 209-212.

131Consultar O pensamento arqueolóxico e antropolóxico de Leandro Saralegui y Medina (1839-1910)

132 Saralegui y Medina.L. Los castros, Estudios de arqueología prehistórica Galicia, revista regional. Año I agosto de 1887 Nº 8 Páx. 65 -72 e Nº 9 setembro de 1887 Páx.123-134.

Non temos constancia de que participase en intervencións prácticas se ben os seus artigos reflicten un coñecemento directo dos vestixios da área do Ferrol.

2.2. A información arqueolóxica noutras fontes escritas

Á marxe das *historias* xerais de Galicia do XIX contamos con abundante bibliografía que nos achega valiosa información relativa ao Patrimonio e aos vestixios arqueolóxicos galegos.

A nivel nacional, xornais e revistas de ampla tirada coma o *Semanario Pintoresco Español* (1836-1857) ou *El Museo Universal (1857-1869)* exaltaron os vestixios arqueolóxicos e os edificios monumentais galegos. Desde as súas páxinas reclamouse a súa protección e contribuíse á súa divulgación.

O santiagués **Neira de Mosquera**[133] publicou no *Semanario Pintoresco Español* abundantes contidos referidos a monumentos e paisaxes galegas ilustrados con fermosas litografías:

> *El fomentó, y aún pudieramos decir que creó entre nosotros la aficción á la arqueología y á la historia. Rehaciendo castillos y monasterios derruídos, desenterrando viejas leyendas, […] enseñó á Galicia á conocerse y respetarse a sí misma, á enaltecer la memoria de sus ilustres muertos y á buscar lenitivo*

***Neira de* Mosquera** (1823-1854)

Participou na instalación da Deputación Arqueolóxica na Coruña no 1842.

Divulgou o Patrimonio galego en *El Semanario Pintoresco*, *Los españoles*, *El Correo de Ultramar de París*, na *Revista de Galicia* e en *El Idolatra de Galicia*.

Dirixiu *El Recreo Compostelano* (1842-1843); *Mil y una noches españolas*; *El Eco de Galicia* e *Diario de Galicia*.

Publicou artigos en *El censor de la Prensa* e *El Imparcial* co seudónimo de Malatesta. Foi redactor de *El Globo* e *El Heraldo*.

No 1850 publicou *Monografías de Santiago* e, no ámbito literario, publicou *La Marquesa de Camba* e *La razón de la sinrazón*.

133 Véxase para ampliar información sobre Neira de Mosquera en Álbum de Galicia. Os Galegos pintados por si mesmos. Ed. Ricardo Polín. 1999, Páx. 92-93.// Alfredo Vicenti. Historias literarias. Don Antonio Neira de Mosquera / *Su tiempo y su obra. La ilustración gallega y asturiana*. Nº 8 18/03/1880.// M*anual del viajero en la catedral de Santiago: reseña histórica de Galicia, glorias de Galicia, edificios de la ciudad de Santiag*o. Páx. 31, 1847

para el dolor presente en el libro siempre abierto de sus grandezas pasadas.[134]

Os seus artigos publicados entre 1843 e 1854 no *Semanario Pintoresco* contribuíron á divulgación e defensa dos monumentos galegos. Entre eles figuran *España pintoresca: La ciudad de Santiago* (1844); *Galicia pintoresca: las torres de Altamira* (1844); *Galicia pintoresca: el palacio Churruchaos* (1847); *La muralla romana de Lugo* (1850); *Puente de Lugo* (1850) *Las torres de Oeste* (1852);… Tiveron tivo especial eco nos anos corenta os artigos referidos á descuberta do Mosaico de Batitales na cidade de Lugo.

Fernando Fulgosio y Carasa (1831-1873).

Nado en Madrid no seo dunha familia ferrolán vinculada ao carlismo.

Realizou estudos de Filosofía e Ingresou no corpo de Arquiveiros e Bibliotecarios.

Publicou nas revistas culturais da época novelas, poesías e lendas.

Entre a súa produción vinculada a Galicia figura *Recuerdos de Galicia* (1866).

Foi o responsable de varios dos tomos de Crónica General de España, entre eles os das provincias de Coruña (1865),

Na mesma década dos corenta, **Antolín Faraldo** (1822-1853) publicou por entregas no xornal *El Recreo Compostelano* (1842-43) *Historia de Galicia* I e II; *Galicia antes de la invasión romana e Historia del Cristianismo en Galicia*. Nestes traballos reclamaba, no marco do provincialismo, a singularidade galega a través da exaltación da súa historia e do seu Patrimonio.[135]

Na segunda metade do século XIX tivo continuidade o xénero dos libros de viaxes que apórtanos abundantes textos con descricións de monumentos e vestixios arqueolóxicos. A cidade de Santiago de Compostela, centro de peregrinación, figura amplamente representada nesta tipoloxía literaria.

Entre estes textos podemos encadrar *Viaje a Galicia* (1745) de Sarmiento; *Viaje a Galicia verificado recientemente por dos amigos* (1842); *Manual del viajero en la catedral de Santiago: reseña histórica de Galicia, glorias de Galicia, edificios de la ciudad de Santiago* (1847); *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia* de F. Fita e A. Fernández (1880); *De Palencia a La Coruña* de Ricardo Becerro de Bengoa (1883); G*uía de Galicia: itinerarios, descripciones*. de Cesáreo Rivera 1883); *Guía del antiguo reino de Galicia y Principado de*

134 Alfredo Vicenti. Historias literarias / *Don Antonio Neira de Mosquera. Su tiempo – su obra. La ilustración gallega y Asturiana*. T. II Páx. 104

135 Nos anos coarenta participou no proxecto da Academia Literaria de Santiago vinculada ao xermen do provincialismo. Nesta Academía confluíron individuos con intereses comúns coma Neira de Mosquera, os irmás Rúa Figueroa, Martínez Padín, Francisco Añón,….

Asturias provincias de Coruña, Lugo, Pontevedra, Orense y Oviedo :.. (1886) de Emilio Valverde y Álvarez; Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia de Lisardo Barreiro (1890); *Galicia, León y Asturias* (1894) e *Guía del viajero en Santiago* (1885) ambos de Ramón Álvarez de la Braña; *A través de Galicia* de Francisco de Camba (1908); *Galicia, the Switzerland of Spain* de Annette Meakin (1909); *A Corner of Spain* de Walter Wood (1910); Matilda Ruth Anderson achéganos valioso documental gráfico en *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña* (1939); …

Ao tempo que proliferaron os compendios historiográficos dedicados a Galicia, nesta segunda metade do século estendeuse tamén a publicación de historiografías máis modestas circunscritas a nivel xeográfico ás demarcacións provinciais e locais. Nestes produtos históricos a pescuda dos orixes locais, a toponimia e as descricións de vestixios e monumentos locais foron temas de referencia.

A nivel provincial **Fernando Fulgosio**[136] publicou *Crónicas de la provincia de la Coruña* (1865) seguida de *Crónicas de la Provincia de Orense* (1866) e as *Crónicas de la Provincia de Pontevedra* (1867).[137] Para a provincia de Lugo, Villaamil y Castro apórtanos a *Crónica de la provincia de Lugo (1866) e* Amor Meilán, xa no século XX, *Historia de la provincia de Lugo (1918).*

As principais cidades galegas contaron tamén coas súas respectivas historias. **Taboada e Leal** publicou *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo* (1840); **Henrique Vedia y Goossens** referiu practicamente á cidade da Coruña a súa *Historia y descrición de La Coruña (*1845); **Montero y Aróstegui** publicou *Historia y descripción de el Ferrol* (1858); **González Zúñiga** dedicou á cidade de Pontevedra a súa *Historia de Pontevedra* (1846); **Antonio Rey Escariz** publicou *Historia y descripción de la ciudad de la Coruña* (1886); **Casto Sampedro** recompilou en tres tomos *Documentos, inscripciones y monumentos para la historia de Pontevedra*; **Baamonde y Ortega** foi o responsable de *Álbum pintoresco, geográfico, estadístico y descriptivo de la ciudad departamental marítima de Ferrol* de (1867); **Saralegui y**

136 Fernando Fulgosio y Carasa participa os seus datos biográficos a Murguía nunha carta de 20 de decembro de 1865. FERNÁNDEZ BARREIRO, X.R. / AXEITOS, X.L. 2003. Páx. 341-342. carta3 10. Víctor Renero Arribas apórtanos abundante información sobre o autor e a súa obra en Fernando Fulgosio y la evolución de los estudios prehistóricos en la segunda mitad del siglo XIX. Archaia Nºs 3,4, e 5 Ano 2003-2005 Páx. 165-170

137 Constitúen os volumes correspondentes a estas provincias do proxecto Crónica General de España dirixido por Cayetano Rosell. Fulgosio foi tamén o responsable dos volumes correspondentes a Guipúscoa(1868), Valladolid (1869); Zamora (1869); Ávila (1870); Baleares (1870); Tarragona (1870) e Filipinas (1871)

Medina dedicou diversos traballos a esta mesma cidade, entre eles, *La futura historia de Ferrol* (1901) e *Efemérides ferrolanas. Apuntes para la historia de Ferrol y sus cercanías* (1904);…

Nas vilas máis pequenas os estudosos locais acometeron tamén proxectos historiográficos máis modestos. **Ramón de Artaza y Malvárez** publicou *Recuerdos de la muy noble, muy leal y muy humanitaria villa de Muros* (1877); Fernando Méndez San Julián *Apuntes sobre Rivadeo* (1884); **José de Santiago y Gómez** *Historia de Vigo y su Comarca (1896);* **José de Santiago** e **Ulpiano Nogueira** *Bayona Antigua y Moderna* (1902); **Samuel Eiján** publicou *Historia de Ribadavia y sus alrededores* (1920*);* **Pedro Varela Castro** *La Estrada* (1923); …

Á marxe da produción de *Historias*, na segunda metade do século estendéronse en Galicia os semanarios, xornais, revistas, almanaques e outras publicacións que acadaron diversa continuidade no tempo. Nas súas páxinas reflíctese a progresiva valoración do Patrimonio e o interese crecente pola Arqueoloxía e a protección do Patrimonio. Neste punto destacou a publicación dos irmáns De la Iglesia, *Galicia. Revista universal de este Reino* (1860-65) que deu cabida nas súas páxinas a abundantes artigos de contido hitóricos e arqueolóxico e a denuncia sobre as agresións aos edificios monumentais.

Desde a extensión da práctica arqueolóxica cara aos anos sesenta ocasionalmente investigacións ou mesmo achados fortuítos de vestixios arqueolóxicos atraeron a atención dos xornais. Pola súa relevancia destacamos o artigo publicado no 1874 de Venancio Moreno no *El Heraldo de Ourense* relativo ás investigacións efectuadas no dolmen de Codesás que foi reproducido nos Boletíns Provinciais de numerosas provincias españolas e nos xornais estatais. Este xornal ourensán acolleu tamén nas súas páxinas durante a década dos setenta numerosos artigos dedicados ao Patrimonio, entre eles os de Barros Sibelo publicados baixo o epígrafe xenérico de *Antigüedades de Orense* ou mesmo o traballo de J. Pereira titulado *Castros y Mámoas*.

Nos anos oitenta acometéronse interesantes proxectos editoriais orientados especificamente aos contidos culturais e históricos. Entre eles destacamos *Galicia Diplomática* (1882-1892), *Galicia Histórica* e o xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana*. *Galicia Diplomática* recolleu boa parte da produción de Bernardo Barreiro de Vázquez, o seu propietario e director, vinculado á Sociedade Económica e á

Comisión de Monumentos da Coruña. Este intelectual foi ademais o responsable dun mapa arqueolóxico da cidade de Santiago de Compostela.[138]

López Ferreiro encabezou o proxecto *Galicia Histórica*, do cal publicou dous volumes: *Colección Diplomática* (1901) e *Galicia en los primeros siglos de la Reconquista* (1903). Murguía dirixiu o xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana (1879-1882),* que integrou nas súas páxinas numerosos artigos relativos a monumentos, personaxes relevantes e litografías das fábricas monumentais de Galicia e Asturias firmados en ocasións polo mesmo Murguía. *139*



Ilus. 4 Catálogo Monumental da Coruña

De especial relevancia para a divulgación dos traballos en materia arqueolóxica e histórica foi a publicación do *Boletín de la Academia da Historia* desde 1877 e do Boletín da Real Academia Galega a partir do 1906. Especial importancia para a divulgación das investigacións galegas tivo a publicación do *Boletín da Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* que saíu a luz no partir do 1898.

Comezado o século XX acometeuse a elaboración *do Catálogo Artístico de España* co obxectivo de recoller as riquezas monumentais e artísticas de cada provincia.[140] **Balsa de la Vega**, publicista e crítico de arte, confeccionou os catálogos das provincias de Pontevedra (1907-1908), Coruña (1908-1910) e Lugo (1910-1913). **Cristóbal de Castro** foi designado para elaborar o Catálogo da provincia de Ourense (1913-1915) para o cal contou coa colaboración da Comisión de Monumentos desa provincia. Estes catálogos das provincias galegas non chegaron a publicarse no seu

138 *Guía histórica, artística, arqueológica militar de la antigua capital de Galicia, Santiago de Compostela*, 1886

139 Inicialmente denominouse *La Ilustración de Galicia y Asturias*. No 1882 publicouse coma *La Ilustración de Cantabria.*

140 O Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes designou a Manuel Gómez Moreno ao fronte do proxecto. Inicialmente contemplouse que realizara o Catálogo na súa integridade provincia por provincia. A envergadura do proxecto finalmente derivou na designación de diversos autores. A disparidade de criterios e metodoloxía tivo coma resultado unha calidade heteroxénea.

momento se ben as edicións dixitalizadas actuais permítenos acceder ao valioso material gráfico que os conforman.[141]

Nas últimas décadas do século, asentada a investigación científica en materia arqueolóxica, consolidouse a produción de monografías de contido histórico e arqueolóxico. Unha nova xeración de autores con maior formación académica acometeu a produción de textos monográficos de contido histórico e arqueolóxico nos cales se incorporou progresivamente as metodoloxías científicas. Entre estes autores destacan Federico Maciñeira, Celestino García Romero, Martínez Salazar, Pardo de Lama, García de la Riega, Marcelo Macías, Arturo Vázquez Núñez, Benito Fernández Alonso, Domínguez Fontela, Julián López García…. A súa produción a partir da década dos vinte tivo continuidade coa dos autores vinculados ao Seminario de Estudos Galegos na cal a metodoloxías científicas está xa plenamente asentada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

141 Realizáronse os catálogos en trinta e nove provincias. Actualmente o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto do Patrimonio Cultural de España restaurou e dixitalizou os catálogos permitindo a súa visualización a través da rede. Para información sobre a confección dos catálogos galegos consultar *El Catálogo Monumental de España* (1900-1961) de Amelia López-Yarto Elizalde

3. As Comisións de Monumentos.

3.1. Da Desamortización de Mendizábal ás Comisións de Monumentos. 1835-1844

Os decretos desamortizadores dos anos trinta contemplaran solo parcialmente os efectos da nacionalización sobre o Patrimonio Eclesiástico. Desde o primeiro momento a intención gobernamental fora destinar os fondos artísticos e librarios de interese á formación de Museos e Bibliotecas. Pero o certo é que o Goberno apenas tiña coñecemento previo do volume e da valía e destes bens artísticos e documentais e non se avaliara a dificultade económica e técnica da súa reinstalación e salvagarda.

Durante a década inmediata a exclaustración a situación bélica e as dificultades económicas da guerra carlista apenas permitiron ao Goberno tomar algunhas medidas mínimas para garantir a conservación dos bens nacionalizados. Nesta década creáronse en dúas ocasións comisións encargadas de efectuar expurgos e reorganizar os bens nacionalizados.

No 1835 o Goberno creou unhas *comisións* que recibiron entre outros nomes os de *recadadoras*, *recolectoras* ou *civís*.[142] O seu obxectivo consistía realizar o expurgo dos bens culturais de interese para as artes e as ciencias e derivalos ás capitais provinciais. Estas *comisións* conformáronse por entre tres e cinco individuos *inteligentes y activos* escollidos entre as persoas cultas de cada provincia. Para a súa elección o Goberno contou cos informes das Academias de Belas Artes, dos encargados de Arquivos Públicos e das Sociedades Económicas de Amigos do País nas provincias onde existiran.[143]

No caso de Galicia a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago colaborou de pleno no expurgo e recollida de bens culturais nacionalizados. Esta Sociedade contaba con numerosos membros espallados polas cidades e vilas de

142 R.O. de 29 de xullo 1935

143 As Sociedades de Amigos do País, en declive desde finais do XVIII, reactiváronse coa instalación da Rexencia. Actuaron coma asesoras do Goberno en materia económica, educativa, e asistencial e tiveron especila relevancia na procura da dinamización económica e social da súa área xeográfica. A Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago integrou a individuos da relevancia coma Verea y Aguiar, Villaamil y Castro, Murguía, López Ferreiro,…

Galicia o cal facilitou o acceso aos fondos, en especial no entorno de Santiago de Compostela e no norte da provincia de Pontevedra.

O Goberno, ante as dificultades para financiar os traballos de recuperación dos bens culturais, autorizou á venda pública de *aquellos efectos que no merecieran conservarse*.[144] Esta medida non alcanzou para costear o traslado ás capitais provinciais dos bens seleccionados polo cal en moitas provincias tiveron que permanecer almacenados nos edificios de orixe ou reunificados en depósitos próximos.

O Goberno promoveu no 1837 a formación dunhas segundas comisións, nesa altura denominadas *científicas e artísticas,* que tiñan o obxectivo de continuar coa tarefa das anteriores *comisións recoletoras*.[145] Segundo o Goberno coa súa creación pretendía *aclarar dudas y responder a las muchas consultas que el gobierno había recibido en cuanto a la clasificación, traslación y destino de objetos artísticos procedente de conventos suprimidos* (MARTÍNEZ LOMBÓ, E. 2008:8).

Estas *comisións científicas* tiveron unha composición similar as súas antecesoras: *en cada capital de la provincia se formará una comisión científica y artística presidida por un individuo de la diputación provincial o del ayuntamiento, y compuesta de cinco personas nombradas por el jefe político e inteligentes en literatura, ciencias y artes. Esa comisión reuniendo los inventarios particulares formarán uno general, en el cual designará las obras que merezcan, según su juicio ser conservadas y las hará trasladar inmediatamente a la capital*.[146]

As *comisións científicas* atoparon dificultades análogas as das súas antecesoras, as *comisións recoletoras*. Os seus membros, de carácter honorario, non dispoñían de formación adecuada para decidir sobre a calidade e valía dos materiais a expurgar. Isto na práctica levou consigo á destrución de valiosa documentación, libros, cadros e obxectos artísticos e culturais nun volume dificilmente cuantificable. Co obxectivo de obter efectivo para financiar o traslado da cantidade inxente de materiais librarios e documentais o Goberno permitiu a venda ao peso dos materiais librarios expurgados. A limitada demanda de papel ocasionou en ocasións que os materiais foran destruídos para facilitar os traslados.

144 R. D. de 18 de novembro de 1835

145 R. O. de 27 de maio de 1837

146 R. O. 27 de maio de 1837, artigo 2º

Para afondar sobre este período en Galicia remitimos novamente ao artigo de Jesús Ángel Sánchez García *Una década trágica para el patrimonio gallego. De la Desamortización a las Comisiones de Monumentos (1835-1844*).[147] En Galicia, tanto as comisións *recolectoras* de 1835 como as *científicas e artísticas* de 1837 efectuaron con certo éxito os primeiros expurgos e inventarios dos obxectos culturais nacionalizados. En cambio, ao igual que na maior parte das provincias españolas, non puideron acometer o trasladalo dos bens seleccionados ás capitais provinciais nin por tanto formar os proxectados Museos e Bibliotecas que debían servir de apoio a política de extensión cultural do Goberno. As limitacións orzamentarias aconsellaron reunir os bens recuperados en depósitos e, no caso dos fondos documentais, integralos en bibliotecas preexistentes nas provincias onde as houbera.

Os inventarios efectuados polas *comisións recolectoras* e as *científicas* permitiron posteriormente ás Comisións de Monumentos, instaladas no 1844, contrastar os materiais recuperados dos depósitos e cuantificar as perdas de bens desamortizados que tiveran lugar durante os anos que permaneceran nos edificios de orixe e nos depósitos.[148]

Efectivamente nesa etapa de almacenamento e abandono do Patrimonio nacionalizado o espolio e a saída de bens culturais cara ao exterior fora moi contiosa segundo apunta a Comisión Central no seu informe de 1845 " *.. allí se habían vendido a papel viejo millares de volúmenes que por el vil precio de cuatro ó mas reales arroba, siendo público que este papel viejo iba fuera del Reino a cualquier extrañas bibliotecas con las más raras produciones.*[149] As saídas de pinturas e bens artísticos de cara aos Museos estranxeiros e as coleccións primarias fora tamén moi cuantiosa.

En canto aos edificios eclesiásticos, nestes anos permaneceron abandonados e expostos ao deterioro. O matemático e xeógrafo galego Domingo Fontán, propuxera ao Goberno en diversas ocasións que os edificios se destinaran ao establecemento de oficinas estatais, correccionais, cadeas ou locais para a recollida de mendigos co fin de evitar a súa ruína.[150]

147 Quintana. Nº 3 Páx. 123-151. 2004

148 Faltan estudios xerais sobre a elaboración dos primeiros inventarios. Para a provincia de León temos a estudo dos inventarios de Desamortización de Luzón Castro.

149 Informe da Comisión Central de 1845 Páx. 14

150Matemático e xeografo, individuo da Sociedade Económica e deputado entre 1836 e 1841

Xa nos anos corenta temos que citar tamén como antecedente directo das Comisións de Monumentos á que denominaremos xenericamente coma Academia de Arqueoloxía, conformada baixo a iniciativa privada de Sebastián Castellanos de Losada (1807-1891).[151] Este intelectual vinculado á Corte estableceu no 1836 unha *Sociedad Numismática*[152] *co* obxectivo de difundir o gusto polas antigüedades e promover a conservación do Patrimonio. Este proxecto mudou as súas e atribucións ao longo da súa dilatada traxectoria que finalizou no 1868. [153]

Castellanos de Losada, coñecedor das investigacións científicas estranxeiras, coa instalación da Academia *de Arqueoloxía* acadou o establecemento dunha rede de correspondentes nas principais capitais europeas durante o 1841. A través destes correspondentes a Academia relacionouse coas principais sociedades culturais e Academias de Belas Artes europeas (Yeves Andrés, J.A. 2002:60). O éxito da súa instalación no exterior levou á Academia a acometer cara a finais de 1841 a creación de Deputacións Arqueolóxicas na maior parte das provincias españolas co obxectivo de difundir no ámbito local o coñecemento histórico e arqueolóxico e promover as investigacións prácticas.

En Galicia a *Academia de Arqueoloxía* conformou Deputacións nas catro provincias reunindo aos intelectuais máis recoñecidos do momento. No caso da provincia de Ourense contamos excepcionalmente co valioso artigo sobre instalación

151 Nos corenta publicou varios manuais de arqueoloxía, entre eles, Elementos de Numismática (1838) e Compendio Elemental de Arqueología (1844). Correspóndelle a fundación das primeiras cátedras de Arqueoloxía elemental que impartiu no Ateneo de Madrid e no Liceo e no Instituto Español (SEBASTIÁN CASTELLANOS, B.1844:7). Castor de Caunedo publicou no 1848 unha biografía de Castellanos de Losada, Bibliotecario Anticuario da Real Biblioteca desde o 1844. José Sánchez Biedma apórtanos outro traballo que abarca ata 1868. Noticia Biográfica-Bibliográfica del Imo. Sr. D. Basilio Sebastian Castellanos de Losada Serrano y Castro. Ambos traballo constitúen eloxios do biografiado, méritos, escritos, cargos, distincións, … Lavin Berndonces p***ublicou*** *La figura de Castellanos de Losada en la arqueología española del siglo XX BBoletín del Museo Arqueológico Nacional*. Tomo 15 Nº 1-2, 1997

152 A Sociedade no 1839 mudou o nome polo de Sociedad Arqueológica Central de España y sus Colonias e, en abril de 1844, acadou o rango de Real Academia. A instancias dunha reclamación da RAH ., o 23 de abril do mesmo ano retiróuselle o rango de Real e pasou a denominarse Sociedad Arqueológica Matritense.

153 Os obxectivos da Academia recóllense no artigo terceiro dos seus Estatutos "*Su objeto es difundir en España, por todos los medios posibles, el estudio y examen científico de la antigüedad en todos los ramos del saber; buscar y publicar las obras inéditas de autores españoles que merezcan ver la luz pública, siempre que versen sobre puntos arqueológicos; evitar, en cuanto pueda, la destrucción de los monumentos antiguos españoles y en caso inevitable, pasarlo a la posteridad por medio de descripciones, dibujos y grabados*."

da Deputación Arqueolóxica[154] que contou con personaxes ilustres coma o enxeñeiro Yáñez de Andrade e o deán Juan Bedoya.[155] Na provincia da Coruña constituíuse a Deputación Arqueolóxica Gallega con Verea y Aguiar coma Presidente e Neira de Mosquera como Secretario.[156] O xornal *El Recreo Compostelano* (1842-1843) converteuse no seu medio de expresión con Neira de Mosquera ao cargo da dirección e redacción desde 1843. No 1845 esta Deputación mudou a súa denominación pola de *Diputación de Santiago de la Academia Española de Arqueología* (ARES BOTANA, O. 1998:22-24). Non atopamos referencias ás Deputacións Arqueolóxicas de Lugo e Pontevedra se ben sabemos que existiron dado que figuran incluídas nos listados de provincias con delegacións da Academia de Arqueoloxía.

A Academia de Arqueoloxía cando o Goberno optou pola creación das Comisións de Monumentos no 1844 xulgounas innecesarias e amosouse escéptica en canto a súa capacidade de actuación. Nunha das xuntas da Academia de Arqueoloxía de marzo de 1845 afirmábase que as Comisións de Monumentos constituían un *plagio de la organización de la Academia, las cuales sin poder dar jamás tan sazonados frutos, gravarán el erario público infructuosamente.*[157] Resultan evidentes as analoxías entre a Academia de Arqueoloxía e as súas Deputacións Arqueolóxicas con respecto á estrutura creada polo Goberno no 1844 baseada nunha Comisión Central que coordinaba as Comisións de Monumentos establecidas nas provincias.[158]

A duplicidade entre ambas estruturas levou consigo a reorientación da actividade da *Academia de Arqueoloxía* cara os traballos teóricos e supuxo a desmantelación das Deputacións Arqueolóxicas instaladas nas provincias. Nos anos seguintes a *Academia de Arqueoloxía* perviviu dedicada ao fomento da produción histórica e arqueolóxica coa concesión de premios de investigación. A súa actividade decaeu nas décadas

154 No Boletín da Comisión de Monumentos, un extenso artigo identifica a instalación da Comisión de Monumentos de 1844 erróneamente coa da Deputación Arqueolóxica de 1842. T. 10, Nº 216, Maio-xuño, 1934. Páxs. 203-208

155 Desenvolvemos a información sobre esta Deputación no apartado dos antecedentes da Comisión de Monumentos de Ourense

156 O artigo foi publicado no Recreo Compostelano e reproducido no BOPO de 27 de xullo de 1842. Nº 89 Páx. 4. Incluímolo íntegro no Anexo.

157 Tomado de Yeves Andrés, J.A. 2002:66. Xunta Directiva de marzo de 1845.

158 No 1867 creouse unha Comisión dentro da RABASF para o examen dos estatutos da Academia de Arqueoloxía analizando os puntos de contacto con respecto ás Comisións de Monumentos . *Memoria de las tareas de la Academia de San Fernando de 1867*. De la Cámara, E. 1867: 31.

seguintes e non recobrou novo pulo ata os anos sesenta, nesta década rexurdiu brevemente ata a súa desmantelación definitiva no 1868.[159]

3.2. A recuperación dos bens culturais e artísticos nacionalizados. 1844-1849

A Comisión Central e as Comisións Provinciais de Monumentos Históricos e Artísticos creáronse en xuño de 1844 co obxectivo de recuperar o Patrimonio Cultural e Artístico nacionalizado e instalalo en Museos e Bibliotecas preexistente ou de nova formación .[160]

A Comisión Central tiña o cometido de coordinar as Comisións de Monumentos e asesorar ao Goberno en materia de xestión do Patrimonio. O Goberno transmitía a Comisión Central as directrices con respecto ao Patrimonio para que as trasladara aos Xefes Políticos, encargados de executalas co auxilio das Comisións de Monumentos.

José Cáveda y Nava, Secretario da Raíña no 1845, referíndose á Comisión Central sinala que as súas funcións foron

> *Hiciéronla indispensable en circunstancias difíciles la necesidad de conservar al Estado los preciosos monumentos artísticos y literarios que correspondieron a las ordenes religiosas. Suprimidas en momentos de angustia y turbulencia, preciso era que una institución protectora, como auxiliar de la administración pública, se destinase exclusivamente á cuidar de los edificios de reconocido mérito que quedaban inhabitados, y á reunir los preciosos objetos de las Artes y la Letras que los enriquecían. Investigar el paradero de los extraviados, reunirlos todos, clasificarlos, atender á su buena conservación, constituír con ellos los Museos y Bibliotecas que el público disfruta en las principales ciudades del Reino; tal fue su misión desde su mismo origen, siempre desempeñada con laudable constancia, … (CAVEDA, J. 1868:413)*

As Comisións de Monumentos eran organismos autónomos, coordinadas pola Comisión Central, que actuaban baixo as directrices directas do Xefe Político

159 Cinco tomos das Actas da Academia de Arqueoloxía consérvanse na biblioteca da Fundación Lázaro Galdiano de Madrid pendentes de estudo. Inventarios 15110, 15111, 15070, 15112.

160 R.O. de 13 de xuño de 1844

provincial, o responsable directo das súa actuacións. Ao Xefe Político correspondíalle constituílas, presidilas, estimular o seu funcionamento e actuar coma interlocutor directo entre elas e a Comisión Central.

As Comisións foron dotadas dun Regulamento que delimitaba os procedementos de actuación con respecto ao Patrimonio nacionalizado. Nesta normativa recollíase tamén as responsabilidades dos Concellos con respecto aos bens culturais.

Os alcaldes tiñan a obriga de colaborar coas Comisións de Monumentos comunicándolle noticias e informes relativos ao Patrimonio e debían colaborar na recuperación de cadros, códices, esculturas e calquera obxecto artístico ou cultural. Así mesmo debían informar ás Comisións da existencia de lápidas, estatuas, columnas, medallas e demais restos arqueolóxicos. Segundo o Regulamento das Comisións as autoridades locais tiñan a responsabilidade de velar polo estado de conservación dos edificios, cadros e esculturas dos edificios eclesiásticos nacionalizadas e debían comunicar ás Comisións de Monumentos calquera incidencia que lles afectara. Os alcaldes debían tamén estimular ás persoas instruídas das vilas para que efectuaran investigacións históricas e artísticas.

As Comisións de Monumentos conformábanse por cinco *personas inteligentes y celosas por la conservación de nuestras antigüedades* (art.1). Estes integrantes escolléronse entre os eruditos locais e afeccionados ás antigüidades, onde abundaron os xuristas, enxeñeiros, deputados provinciais e eclesiásticos. Os cargos de comisionado tiñan carácter honorario e non estaban retribuídos polo cal eran debían compaxinarse coa actividade profesional habitual. Con frecuencia a carga excesiva de traballo que supoñía o nomeamento non compensaba o recoñecemento social que reportaban. Isto motivou que en ocasións os cargos aceitáranse unicamente por deferencia ao nomeamento do Xefe Político e con escasa vontade real de participar activamente na tarefa das Comisións. No plano económico os comisionados contaban unicamente co abono das dietas e os gastos ocasionados.

Inicialmente as Comisións de Monumentos estruturaron a súa tarefa en tres seccións. A Sección Primeira debía ocuparse do inventariado e recuperación dos materiais librarios e documentais e da formación de Bibliotecas. A Sección Segunda tiña encomendado a recuperación das esculturas, cadros e obxectos artísticos e a formación de Museos. Por último a Sección Terceira encargábase dos edificios

monumentais e, por extensión, dos vestixios arqueolóxicos.[161] Esta estruturación en seccións non se correspondía cunha distribución por grupos de traballo, inviable nun colectivo de apenas cinco individuos, senón que atendía á natureza dos informes remitidos a Comisión Central, que si dispoñía de persoal especializado para cada unha das tres sección.

Atendendo ao Regulamento os comisionados tiñan encomendado …*reunir todos los datos y antecedentes posibles relativos á los documentos literarios, libros, códices, medallas, inscripciones, Reales privilegios y bulas pontificias, manuscritos notables, relieves, estatuas, pinturas y cualesquiera otros objetos literarios y artísticos que hubieren pertenecido á las comunidades suprimidas; inquerir su paradero; practicar diligencias para su recobro; reunirlos y clasificarlos; establecer con ellos Museos, Archivos y Bibliotecas pronvinciales, ó agregarlos á los establecimientos de la misma clase ya creados; poner el mayor empeño en la restauración de los sepulcros de los Reyes y personajes célebres, así como también vigilar la buena conservación de los edificios notables. De todos debían las Comisiones formar catálogos razonados, oportunas clasificaciones y Memorias para aprovechamiento del público é inteligencia del Gobierno* (CÁVEDA, J. 1868: 424).

As Comisións, a maiores da recuperación dos bens nacionalizados, tiveron tamén desde o momento da súa creación competencias en materia arqueolóxica recoñecidas expresamente no seu Regulamento (art. 5).

> *La sección tercera cuidará de promover escavaciones en los sitios en donde hayan existido famosas poblaciones de la antigüedad, escitando el celo y patriotismo de los eruditos y anticuarios: recogerá cuantas monedas, medallas, noticias y otros objetos antiguos puedan encontrarse, los clasificará oportunamente, y atenderá en fin á la conservación de aquellos edificios cuyo mérito los haga acreedores á semejante distinción.*

O Regulamento establecía tamén as competencias da Comisión Central con respecto as actividades arqueolóxicas (art. 23):

> *1ª Corresponderá con las Academias y particulares que entienda ó hayan entendido en trabajos de escavaciones, estimulándolos a continuarlos.*

161 BOPO 6 de Agosto de1844. Nº 93 Páx. 1 e seguintes.

> *2ª Nombrará personas, si ya no las tubiese en su seno, que puedan encargarse de la dirección de dichas escavaciones, é intervengan todos los objetos descubiertos poniéndolos en poder de la comisión.*
>
> *3º Recogerá por cuantos medios le sean posibles las lápidas, vasos, vasijas, monedas, medallas y otros objetos de antigüedad, reuniéndolos en el mismo local donde esté establecido el museo y clasificándolos por épocas. Las épocas principales serán: época fenicia, época céltica, época griega, época romana, púnica, época bárbara, época árabe y época del renacimiento.*
>
> *4ª Clasificados en esta forma los objetos de arqueología, formará el correspondiente catálogo de ellos.*
>
> *5ª Se informará detenidamente de los monetarios y demás gabinetes arqueológicos que existiren en cada provincia, y notará el número de monedas y objetos que encirren, dando parte de éllo al Gobierno de S. M. para qué tenga presentes estos datos en la formación de Estadísticas.*

Non obstante, nos anos inmediatos a creación das Comisións, o Goberno deulles instrucións expresas para que non realizaran intervencións en materia arqueolóxica e para que priorizaran a atención aos bens desamortizados. O Goberno non estaba interesado en que se aumentara o Patrimonio a custodiar coas achegas de actuacións arqueolóxicas.

Organizativamente as Comisións debían reunirse con carácter ordinario cada semana e, extraordinariamente, cando algunha Sección o reclamara (art. 29). As Comisión debían comisionar a un dos seus individuos para efectuar visitas retribuídas aos pobos da provincia co obxecto de velar polo estado de conservación dos edificios monumentais (art. 30). No caso de Galicia non atopamos ningunha referencia que permita constatar que se efectuaran estas visitas nesta altura.

As Comisións de Monumentos nos seus dous primeiros anos de existencia realizaron a maior parte do esforzo da recuperación dos bens mobles nacionalizados. Neste período inicial prestaron especial atención ás tarefas das Seccións Primeira e Segunda, e dicir, á recuperación de documentos e volumes librarios e a recollida de cadros e obxectos artísticos.

Para realizar esta tarefa a Comisión Central facilitoulles os inventarios elaborados polas precedentes *comisións recolectoras* e as *científicas* coa finalidade de que, efectuados os novos recontos, puideran delimitar as perdas habidas no intervalo

no que os materiais culturais estivesen amoreados nos edificios eclesiásticos e depósitos. Con este fin as Comisións inspeccionaron os depósitos e realizaron novos expurgos e inventarios que deixaron en evidencia o espolio sufrido polo Patrimonio nos anos de abandono.

As comisións procederon ao traslado dos materiais ás capitais na meirande parte das provincias se ben a falta de recursos económicos limitou a instalación de Museos e Bibliotecas. Estas carencias ocasionaron que en moitas capitais provinciais os bens recuperados acenáranse novamente en depósitos. Maior sorte tiveron os volumes librarios que foran integrados en bibliotecas preexistentes e foron contados os casos de formación de bibliotecas e museos.[162]

Para valorar o esforzo e logros das Comisións na recuperación de volumes librarios debemos atender non solo á cantidade de volumes recuperados senón tamén antigüidade e valía dos fondos sen esquecer a dificultade material dos traslados. A espectacularidade dos resultados numéricos acadados nalgunhas provincias relaciónase as veces basicamente coa existencia previa de grandes Bibliotecas e Arquivos. No caso de Galicia salientamos as dificultades climatolóxicas e orográficas as se enfrontaron os comisionados e que permitiron a formación dunha biblioteca con 12.000 volumes en Ourense.

As Seccións Segundas das Comisións, dedicadas á recuperación de cadros e obxectos artísticos nesta etapa non acadaron na meirande parta das provincias a proxectada creación de Museos. Neste senso destacamos unha vez máis a precocidade da Comisión de Ourense que instalou un Museo de Pinturas con 180 cadros aberto ao público no 1845.[163] En todo caso a valoración dos resultados debería ter en conta a calidade das obras por riba do volume.

---

162 En canto a recollida de volumes destacaton as Comisións de Barcelona (70.000 vol.), Sevilla (36.000), Valencia (34.000 vol.) Zaragoza (34.000 vol.)) e Toledo (30.000). Tamén foi relevante a tarefa das Comisións de Alacante (18.000), Ourense (12.000), Baleares, Canarias e Cádiz (10.000),…. As provincias da Coruña, Cáceres, Xirona, Guadalajara, Segovia, Tarragona. recolleron cerca dos 5.000 volumes eCanarias non chegou aos 3.000 se ben as obras recuperadas foron de gran mérito.

163 Sinalamos a modo comparativo os 200 cadros reunidos en Alacante, 161 en Canarias, en Córdoba reuníronse 252 cadros de autores coma Velázquez, Zurrarán, Rubens e El Greco, en Guadalajara 430 cadros; 238 en Xaén e en Salamanca ata 1.061 cadros; Segovia 386; 600 en Valencia e 947 en Valladolid … *Memoria de la Comisión Central sobre su actuación y la de las Comisiones Provinciales de Monumentos desde el año 1846* hasta 1855. 2- 55/1 RABASF 1855

Con respecto á Sección Terceira, ás Comisións galegas postergaron a realización dos informes sobre edificios ata ter practicamente rematados os traballos da Seccións Primeira e Segunda.[164] Este aprazamento reflíctese na Memoria de 1845 da Comisión Central a cal amosou a súa decepción cos resultados obtidos en relación aos informes sobre ás fábricas monumentais.

No caso de Pontevedra a decepción estaba plenamente xustificada dado que o Xefe Político informara que ningún edificio da provincia era de interese nin tiñan elementos arquitectónicos valiosos. A Comisións de Lugo e a de Coruña apenas informaron da existencia dalgún edificio relevante nas súas provincias. Unicamente a Comisión de Ourense realizara dilixentemente o inventariado de edificios monumentais se ben estes informes non acadaran os resultados notables que obtiveran os remitidos ás Seccións Primeira e Segunda e foran remitidos tardiamente.

Rematado o groso da recuperación dos bens mobles, comprobamos como a partir de 1847 as actas das sesións da Comisión Central reflicten unha diminución do volume de traballo das Comisións de Monumentos.[165] Nestes anos tamén a Comisión Central viu mermada a súa capacidade de actuación o cal se evidencia na publicación das súas Memorias. A intención inicial da Central era a de publicar unha Memoria anual , obxectivo que solo se cumpriu coa Memoria de xuño de 1845 relativa aos traballos do primeiro ano das comisións. A falta de fondos non permitiu a Central publicar outra Memoria ata o 1855 na cal se inclúen os traballos realizados desde a publicación da anterior Memoria.

3.3. O repregamento das Comisións na década dos cincuenta

Despois dos dous primeiros anos de andadura, as Comisións centráronse na atención ás fábricas monumentais. Neste ámbito colaboraron coa política gobernamental de vendas de edificios nacionalizados informando ao Goberno a través

164 No resto da península destacamo a actuación de autoridades coma Cáveda en Asturias, a intervención directa de Amador de los Ríos en Toledo, Ivo de la Cortina en Tarragona en colaboración coa Sociedad Arqueológica Tarraconense. En Madrid era a propia Comisión Central quen efectuaba os traballos directamente (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:136).

165 *Libros de actas de las sesiones celebradas por la Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. (1844-1983) Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

da Comisión Central sobre as posibles reutilizacións das fábricas.[166] A lexislación establecía que era o deber dos comisionados con respecto aos edificios era o de

> *"… efectuar una clasificación general y ordenada de los mismos a fin de darles una aplicación definitiva acomodada a sus circunstancias, según estas los hagan a propósito bien para oficinas del Estado, bien para cuarteles, presidios, cárceles, casas de corrección o beneficencia, hospitales, escuelas, fábricas y otros establecimientos públicos o de conveniencia mas ó menos general; bien para ser conservados como monumentos históricos, o artísticos ó quedar sus iglesias consagradas al Culto divino donde sea menester; por cuyo medio se logrará utilizarlos con ventaja y sin verlos desaparecer sucesivamente de una manera tan lastimosa como estéril para la Nación conforme ha sucedido hasta ahora;…"*[167]

Cara a finais dos corenta o Goberno reorientou a actividade da Comisión Central e as de Comisións de Monumentos cara a protección e mantemento dos edificios monumentais. Nesta nova etapa as Comisións de Monumentos debían fornecer á Comisión Central de informes sobre as necesidades de reparacións dos edificios.

A Central en función das demandas remitidas polas Comisións provinciais decidía en que edificios intervir e solo puntualmente actuaba de *motu propio* no caso de ter coñecemento directo de necesidades específicas nalgún monumento. Con frecuencia as intervencións proxectadas prolongábanse durante anos dificultados polas lentitude burocrática, as limitacións técnicas, a climatoloxía adversa e a escaseza temporal de operarios en determinadas provincias.[168]

Con respecto ao financiamento das reparacións, a Comisión Central obtivo no 1849 unha partida de 53.000 reais destinada á tarefas de conservación. No ano seguinte non obtivo recursos para este fin e, a partir de 1.851, as partidas decreceron progresivamente (ORDIERES DÍEZ. I.1993:141). As dificultades para obter efectivo levaron a Central a partir do1851 a reservar dos seus orzamentos como mínimo 10.000 reais para as reparacións de urxencia. Con esta medida pretendía evitar a falta

166 R.D. de 11 de abril de 1845

167 BOPO Nº 55 08/05/1845

168 ARABASF 2-55/1

de liquidez puntual para atender situacións de emerxencia dado o habitual dos retrasos na recepción das partidas orzamentarias estatais (ORDIERES DÍEZ, I 1993:582).

En Galicia este período coincidiu con certa apatía na actividade das Comisións e cun descoñecemento manifesto do Patrimonio Monumental galego na capital. Estas circunstancias limitaron as actuacións de reparación e conservación nos edificios galegos por parte da Comisión Central. De feito na primeira metade da década dos cincuenta non atopamos referencias a actuacións de mantemento en Galicia nos orzamentos da Central.[169]

Esta falta de efectividade das comisións galegas relacionámola en gran medida co desinterese dos Xefes Políticos nas cuestións patrimoniais e culturais. Estes cargos políticos promoveron o nomeamento de comisionados seleccionados de entre o persoal administrativo do Goberno provincial, alleos ás humanidades case sempre. Con estes nomeamentos posiblemente perseguíase cumprir coa formalidade administrativa de manter as comisións constituídas. Desde o Goberno provincial as actuacións en materia de conservación do Patrimonio víanse con frecuencia como unha carga innecesaria e custosa.

A nivel estatal, nestes anos a Comisión Central realizou diversas actuacións en defensa dos edificios cedidos para usos públicos, afectados con frecuencia polas mutilacións e adaptacións a usos públicos e privados. A instancias da Central, no 1852 o Goberno estableceu que en *lo sucesivo antes de demoler, revocar o hacer obras en edificios públicos, se consulte en cada caso a las Comisiones de Monumentos para que estas den su dictamen oyendo previamente a las Academias de Bellas Artes de la Provincia respectiva, o en su defecto a la Real de San Fernando.*[170]

Cara a metade dos cincuenta o funcionamento deficiente do sistema de protección do Patrimonio levou ao Goberno a reorganizar a Comisión Central e as Comisións de Monumentos.[171] No 1854 dotounas dun novo Regulamento que lle outorgaba novas atribucións e as desligaba da ocupación orixinaria de recuperar os bens desamortizados.

169 Memoria da Comisión Central 1845-1855

170 R. O. de 14 de setembro de 1852

171 R. D. de 15 de novembro de 1854

A reforma reforzou á Comisión Central coa ampliación das súas atribucións e a asignación dun orzamento anual. A nova regulación conformouna coma un corpo científico auxiliar do Goberno con capacidade para determinar a valía dos monumentos históricos e artísticos. Deste xeito pasou de ser un órgano facultativo a un ser unha axente directa do Goberno *que a la ciencia debe reunir la acción y al pensamiento la autoridad necesaria* (Cáveda, J. 1868:442).

Cáveda referíndose a situación das Comisión á altura de 1854 sostiña

> *Habían llegado al período de su existencia en que era preciso, no ya dedicarse, como hasta entonces, casi exclusivamente á investigar el paradero de los objetos artísticos que habían desaparecido y reunir los ya inventariados, sino atender á su conservación, clasificarlos convenientemente, ofrecerlos al público bien ordenados, en la capital de cada provincia. Necesitaban además presentar al Gobierno los datos y antecedentes que comprobasen la conveniencia de restaurar aquellos edificios que mereciesen conservarse, y cuyo mal estado exigía un pronto remedio; indicar las obras que en ellos debían practicarse y formar sus presupuestos. Más para esto, preciso era extender sus atribuciones, procurarles una acción más expedita, y todo el apoyo de la autoridad administrativa en las localidades* (Cáveda, J. 1868: 440).

O Regulamento de 1854 outorgou ás Comisións de Monumentos competencias sobre a totalidade do Patrimonio eliminando a restrición anterior á custodia dos bens nacionalizados. As Comisións debían nesta nova etapa centrarse na conservación e restauración de monumentos e, no caso de ter excedentes orzamentarios, facultábasellas para empregalo en investigacións arqueolóxicas coa debida autorización do Goberno.

Esta autorización para intervir en asuntos arqueolóxicos estaba limitada na práctica pola escasa dotación económica das Comisións dado que a inexistencia de *excedentes* impedía calquera actuación. Esta autorización para realizar actividades arqueolóxicas resulta aínda máis ambigua dado que o Regulamento de 1854 establecía expresamente no seu articulado que os orzamentos xestionados pola Comisión Central non debían ser empregados en investigacións arqueolóxicas (art. 30):

> *.. no podrán las Comisiones provinciales destinar los fondos consignados en sus presupuestos a las excavaciones y diligencias practicadas para el descubrimiento de antigüedades y nuevas empresas arqueológicas, debiendo*

emplearse exclusivamente en la conservación de los edificios monumentales, en sus restauraciones.

O novo Regulamento introduciu tamén novidades na provisión de prazas das Comisións facilitando a incorporación de persoal máis cualificado. O Gobernador Civil debía propor á Central ternas con individuos destacados pola súa erudición e afección ás Belas Artes e á Arqueoloxía. Entre os seleccionados das ternas pola Comisión Central l correspondíalle ao Gobernador nomear ao Secretario e ao Vicepresidente. Coma novidade, os arquitectos provinciais integráronse nas Comisións coma vocais natos.

Regulamento de 1854

Atribucións da **Comisión Central.**

1º Indagar el paradero de los objetos históricos y artísticos que se hayan extraviado y pertenezcan al Estado. 2º Promover la restauración de aquellos edificios que se encuentren en estado ruinoso y tengan un verdadero precio para las Arte y la Historia. 3º Dar unidad y dirección a los trabajos de las Comisiones provinciales, auxiliándolas con sus luces. 4º Cooperar al mejor éxito de sus tareas, alentándolas y procurando remover los obstáculos con que pueda tropezar en el ejercicio de sus funciones. 5º Contribuír eficazmente a la mejor organización de los Museos, Bibliotecas y Archivos que estas han creado. 6º Promover en el Gobierno las gestiones necesarias para evitar las restauraciones inoportunas de las fábricas monumentales, y el mal uso que de ellas pueda hacerse en perjuicio de su buena conservación. 7º Denunciar los abusos cometidos en el disfrute de estos edificios al concederse para usos de utilidad pública. 8º Hacer las oportunas reclamaciones cuando sin conocimiento de su importancia histórica o artística se pretenda enajenarlos o demolerlos.

Atribucións das **Comisións de Monumentos:**

1º Procurar a la Central cuantos informes, datos y antecedentes les reclame. 2º Someter a su examen y apreciación las restauraciones de los edificios confiados a su cuidado, siempre que sean de alguna importancia, o puedan alterar la forma y carácter de las fábricas. 3º Remitirle anualmente una nota de sus respectivos presupuestos y de su inversión. 4º Consultarle la creación de nuevos Museos, Bibliotecas y Archivos, o las modificaciones sustanciales, ampliación y mejora de estos establecimientos. 5º Darle conocimiento de los descubrimientos y adquisiciones de nuevos objetos artísticos y arqueológicos. 6º Continuar con los trabajos de que trata el art. 3º de la Real Orden del 13 de junio de 1844, y sobre todo la formación de índices de las Bibliotecas, Archivos y Museos confiados a su cargo. 7º Reconocer frecuentemente el estado de los monumentos públicos, y dar parte desde luego al Gobierno y a la central de los deterioros que en ellos advirtiesen, procurando su pronto reparación. 8º Indicar al Gobierno, por conducto de la Comisión Central, aquellas investigaciones y diligencias que creyesen oportunas para el descubrimiento de cualquier objeto de la propiedad del Estado que pueda interesar a las Artes o a la Historia. 9º Dirigir los trabajos y exploraciones que tengan por objeto recobrar los documentos, lápidas, libros, pinturas, estatuas y esculturas que correspondieron a las casas religiosas suprimidas, y que hayan podido extraviarse. 10º Reclamar ante el Gobierno contra aquellas restauraciones que desfiguran el carácter y las formas de las obras monumentales, propiedad del Estado o de los pueblos. 11º Vigilar la buena conservación de los panteones de nuestros Reyes y de los varones ilustres, y promover la restauración de los que se hallen en estado ruinoso o necesiten reparaciones importantes.

A nivel organizativo o Regulamento establecía que as Comisións de Monumentos debían reunirse semanalmente e con carácter extraordinario cando cando as circunstancias o requiriran. Cara a metade da década dos cincuenta a normativa desamortizadora de Madoz de 1855, continuou cos alleamentos de edificios eclesiásticos. A Comisión Central prestou colaboración ao Goberno neste proceso buscando información a través das Comisións de Monumentos sobre os edificios que debían excluírse das vendas polos seus méritos históricos e artísticos.[172]

En referencia ás leis desamortizadoras a Central recomendou ás Comisións que *se ejerza vigilancia más solicita sobre los anuncios de subastas de los Bienes Nacionales de esta provincia para dar inmediato aviso a esta Central siempre que en ellos aparezca la de un monumento de valor histórico o artístico*.[173] Desde Galicia, con respecto ás vendas de edificios nacionalizados, a Comisión da Coruña informou a Central de que non consideraba necesaria a exclusión das vendas do pazo de Lestrove por carecer o edificio de mérito. A Comisión de Lugo notificou unicamente coma destacable a existencia de *un pavimento moruno que se cree de un templo pagano* (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:144).

A política gobernamental de reutilización de edificios para usos públicos levou aparellada o incremento das modificacións e mutilacións das fábricas monumentais. Por este motivo a Comisión Central solicitou ao Ministro de Fomento , no mes de setembro de 1855, que evitara os derrubes e modificacións dos edificios. Na mesma comunicación a Central lembroulle que entre 1854 e 1855 non recibira fondos e que por tanto *inútil es que procurase descubrir las necesidades si carece de los medios de satisfacerlas.* Finalmente o Goberno atendeu á solicitude da Central e asignoulle no 1855 un orzamento de 120.000 reais para a reparación de monumentos o cal permitiu a Central atender a edificios monumentais en Toledo, Palencia, Segovia, Alcalá, Zaragoza e Huesca por valor de 110.000 reais.[174]

A Comisión Central informou ao Goberno en marzo de 1857 da necesidade de realizar unha estatística monumental que facilitara a custodia efectiva dos edificios. As Comisións de Monumentos debían colaborar coa súa confección trasladando aos alcaldes e párrocos das vilas formularios relativos aos edificios desamortizados das

172 ARABASF 2-55/1.

173 ARABASF 2-55/1.

174 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Atisticos*.1856 Sesión18/08/1856 Páx. 82

das localidades respectivas.[175] En previsión da escasa formación artística e cultural que se supoñía aos axentes locais as preguntas do formulario prantexáronse de xeito que puideran ser contestadas con un *si* ou *non* ou de xeito numérico.[176] Os resultados destes interrogatorios foron moi desiguais en función do interese e capacitación dos estudosos locais de cada localidade (CÁVEDA, J. 1868:426). Finalmente a Central non puido formar a Estadística por mor da falta de fondos e pola relativa inoperancia das Comisións de Monumentos na remisión dos informes.

A medida que avanzou a década, a Comisión Central entrou en crise e con ela arrastrou ás Comisións de Monumentos. Cáveda e Amador de los Ríos coincidiron en sinalar como un dos principais motivos da inactividade das Comisións á intermediación dos Gobernadores Civís. Ambos consideraban que estes cargos políticos restaban fluidez a relación entre a Central e as Comisións de Monumentos:

> *cuan conveniente seria para el mejor y más buen desempeño de los negocios, el que esta Comisión pudiera entenderse directamente con los Vicepresidentes de las Comisiones provinciales a causa de las muchas ocupaciones que pesan sobre los Gobernadores Civiles y les impiden dedicarse con toda la asiduidad necesaria á los objetos de las Comisiones de Monumentos sin perjuicio de que dichas autoridades puedan presidir las Juntas y tomar parte en las deliberacións cuando lo tengan por conveniente*.[177]

Nesta altura a ineficacia das Comisións de Monumentos é manifesta. Atendendo a un informe da Central remitido ao Goberno, as Comisións de Monumentos *solo toman la iniciativa en las cuestiones que se ofrecen por rumores de periódicos o por noticias particulares que le comunican algunos aficionados a las artes*. É dicir, as Comisións unicamente actuaban cando o dano nos edificios estaba xa feito e resultaba inútil e máis custoso reparalo.

No verán de 1857 a política do Goberno viroulle as costas á Comisión Central. O R. D. de 9 de setembro de 1857 determinou a súa incorporación administrativa na

175 En López Trujillo, M.A. 1997 pode consultarse as preguntas incluídas nestes cuestionarios remitidos aos alcaldes e párrocos dos concellos por considerárselles os máis cultos destas demarcacións.

176 O cuestionario está dividido en catro sección: a referidas ao período Romano (16 cuestións), á Idade Media (36), á Árabe (10) e aoRenacemento (9). As autoridades locais debían sinalar o estado de conservación dos edificios e indicar posibles usos.

177 RABASF 2-55/1 (24).

RABASF contravindo as reclamacións dos responsables da Central. Isabel Ordieres apunta que a integración da Comisión Central na RABASF podería vencellarse á intención gobernamental de dar por concluída a fase de inventariados que motivaran a creación da Comisión Central e as Comisións de Monumentos.

O proceso de integración da Central na RABASF ralentizouse no tempo e non se fixo efectivo ata a R.O. de 18 de xaneiro de 1859. Os integrantes da Central na súa carta de dimisión manifestaron o seu desacordo con esta medida e expuxeron que fosen os inconvenientes externos os que lastraran o funcionamento da Comisión Central e impedisen a súa efectividade.

3.4. A reorganización das Comisións baixo control académico

O Ministerio de Fomento, en febreiro de 1859, decretou o cese das funcións da Comisión Central coma organismo autónomo ordenando que a súa Secretaría e os empregados se integraran na RABASF[178] A perda de autonomía da Comisión Central, que seguiu mantendo este nome durante anos, supuxo para a RABASF e a RAH o ansiado control das Comisións de Monumentos que reclamaran desde a súa instalación no 1844.

Realizado o traspaso de competencias, as Academias remitiron unha circular ás Comisións pedindo informes sobre a súa composición e os asuntos que tiñan pendentes de tramitación. Unicamente respostaron á circular a metade das Comisións e na súa maior parte para informar da inexistencia de asuntos pendentes.[179]

Resulta evidente que as Academias no momento de asumir a tutela das Comisións atopáronas practicamente inoperantes pola falta de fondos e pola dificultade de prover as vacantes con persoal cualificado. A reactivación das Comisións non foi sinxela e de feito a desorganización persistiu durante toda a primeira metade da década na maior parte das provincias. No caso de Galicia nesta primeira metade dos sesenta unicamente podemos constatar que permaneceron constituídas e con escaso volume de actividade as Comisións de Ourense e da Coruña.

178 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*.1859 Sesión de 11/02/1859 Páx. 42.

179 2-55/1 doc. 25 12 de Decembro de 1859. ORDIERES DÍEZ, I. (1993:596).

Ante a evidencia da ineficacia das Comisións, as Academias, á altura do 1864, crearon conxuntamente unha *Comisión Mixta Organizadora de las Comisiones de Monumentos* conformada por cinco individuos, tres da RAH e dous da RABASF Esta Comisión Mixta que tiña o cometido de prover de individuos ás Comisións de Monumentos foi a encargada de elaborar un novo Regulamento para as Comisións aprobado o 29 de setembro de 1865.[180]

Atendendo ao novo Regulamento a cada Academia correspondíalle nomear entre dous e cinco integrantes das Comisións de Monumentos. A maiores incrementouse o número de comisionados natos que agora incluía ao Arquitecto Provincial,[181] ao Inspector de Antigüedades nas provincias onde existira e ao Xefe da Sección de Fomento (art. 2). Coma Presidente das Comisións seguiu actuando o Gobernador Civil (Art. 5), coma Vicepresidente o académico máis antigo das Comisións (Art. 6) e coma Secretario o máis recente (Art. 9). Este Regulamento modificouse no 1867 establecendo a celebración de sesións semanais nas cales a participación obrigatoria mínima para que se puideran tomar acordos era de cinco individuos.[182] Esta reforma do Regulamento recoñeceu coma vocal nato das Comisións aos Xefes das Bibliotecas e Arquivos das capitais (DE LA CÁMARA, E. 1867:11).[183]

Unha das principais novidades introducidas no Regulamento de 1865 foi o requisito de ter o nomeamento de *correspondente* dalgunha das Academias para poder integrarse nas Comisións. Esta medida que perseguía dotar as Comisións de persoal cualificada dificultou na práctica a provisión de prazas dada a falta de académicos en moitas das provincias.Esta carencia levou ás Academias a nomear ata cento vinte e catro novos correspondentes académicos para facilitar a reorganización das Comisións (ORDIERES DÍEZ, I. 1993: 152).

180 Pode consultarse o regulamento en Colección legislativa de España. Segundo semestre de 1865. Tomo XCIV. Páxs. 833- 844. Madrid, 1865.

181 As prazas dos Arquitectos Provinciais creáronse no 1858. Entre as funcións propias do cargo figuraba a de conservación e reparación dos monumentos de valor artístico ou histórico. No regulamento do seu cargo recollíase que nas viaxes que o seu posto implicaba deían indagar sobre os edificios de interese que existiran nas localidades visitadas informando sobre o seu estado e mérito e realizar informes e debuxos dos mesmos.Os arquitectos provinciais pasaron a depender das Deputacións Provinciais n o 1869. (ORDIERES DÍEZ, I. 1993: 50).

182 R.O. do 17 de abril de 1867

183 R.D. do 20 marzo de 1867

Os nomeamentos de académicos retrasaron a reorganización das Comisións que se realizou de forma progresiva nas diferentes provincias. Así as cousas, a reorganización das comisións que comezara a comezos dos sesenta non se completou ata practicamente rematada a década.

En Galicia a primeira Comisión en reorganizarse foi a de Lugo no 1866, seguida da de Coruña e a de Ourense entre 1867 e 1868 respectivamente. A altura de 1869 …*quedan aún por reorganizar las de Canarias, Ciudad Real, Guipúscoa, Logroño, Pontevedra y Teruel, dos de las cuales, las de Canarias y Pontevedra, podrán acaso hacerlo muy pronto*.[184]

As reorganizadas Comisións de Monumentos debían render conta da súa actividade de xeito independente a cada Academias en función a natureza das súas actuacións. Con respecto á RABASF correspondíalles provela de informes artísticos; someterlle orzamentos e proxectos de restauracións; comprobar que as reparacións nos monumentos non alteraran as formas; informarlle sobre a xestión dos seus orzamentos; consultarlle a creación, reforma e mellora de Museos; proporlle a adquisición de obxectos artísticos que superasen as súas posibilidades económicas; remitirlle resumos trimestrais dos seus traballos; propor a recuperación de obxectos artísticos en mans privadas; proporcionarlle catálogos dos museos provinciais;.

As Comisións debían notificarlle á RAH as cuestións históricas e arqueolóxicas: propor escavacións en despoboados; comunicarlle achados de valor histórico e arqueolóxico e informala sobre a posibilidade de adquirilos; informar e facilitar copias sobre epígrafes; informar sobre documentos de interese para o coñecemento histórico e informar sobre os contidos dos Arquivos de Facenda; ..

O Regulamento de 1865 atribuía expresamente ás Comisións competencias en materia arqueolóxica. O artigo dezasete contemplaba que podían realizar *todas las excavaciones que considerasen oportunas para la ilustración de la historia nacional* e podían tamén *realizar reconocimientos facultativos y arqueológicos de los monumentos públicos para precaver su ruína y evitar malas restauraciones*. O Regulamento incidía na importancia de prestar atención a aquelas intervencións construtivas que se fixeran sobre lugares con indicios arqueolóxicos e ás efectuadas nas inmediacións das vías romanas. Deste xeito as Comisións sumaron á súa función

184 *Resumen de las Actas y tareas de la Academia Nacional de Nobles Artes de San Fernando, Páxina 13 De la Cámara*, E. 1869.

de conservación e estudo do Patrimonio a de vixilancia da actividade civil sobre o mesmo.

As competencias en materia arqueolóxica das Comisións de Monumentos segundo Regulamento de 1865 eran

> *Art.17.3 La dirección de las excavaciones arqueológicas que en cada provincia se conceptuaren necesarias para la ilustración de la historia nacional.*
>
> *Art. 17.10: La intervención en las obras públicas que se hicieren, ya con fondos municipales ó provinciales, ya á espensas del estado en despoblados antiguos, en las inmediaciones de las grandes vías romanas ó en otrocualquier lugar que ofrezca indicio de construcciones respetables, a fin de evitar la pérdida ó sustracción de los objetos artísticos ó arqueológicos que pudieran descubrirse.* [185]
>
> *Art. 19.2: Hacer propuestas o informar sobre la manera y forma de practicar exploraciones arqueológicas en los despoblados de antiguas ciudades ú otro lugar análogo, siempre que algún descubrimiento fortuíto y la conveniencia de no malograrlo así lo aconsejaren.*
>
> *Art. 19.3 Ilustrarle igualmente en orden á la adquisición de aquellos objetos arqueológicos ó artístico, que sin ser propiedad del Estado ni de los pueblos, parezcan dignos, por su antigüedad ó belleza, de ocupar un puesto en los Museos provinciales".*

No contexto da reorganización das Comisións, a RAH foi requirida no1868 polo Ministerio de Fomento para formar un *Plan General de Excavaciones*.[186] Amador de los Ríos[187] foi o encargado de realizar un informe previo que finalmente non puido presentar ao desatenderen as Comisións a formación dun catálogo dos despoblados das súas demarcacións (art. 28). [188] Por este motivo solicitou ao Goberno que, en

185 Este punto do artigo 17.10 tivo a súa importancia neste momento en que a ampliación das cidades e das vías de comunicación implicou unha importante intervención en áreas de valor arqueolóxico.

186 R.O. de 15 de abril de 1868

187 Amadorde los Ríos (1818-1878) exerceu coma Secretario da Comisión Central presidente da Comisión de Antigüidades. Foi académico numerario da RAH e da RABASF A altura de 1868 exerceu coma Director do Museo Arqueolóxico Nacional. Publicou abundante obra poética, filolóxica e histórica. Afeccionado á Arqueoloxía participou en numerosas intervencións prácticas.

188 CAG/9/7980/43/2

tanto non houbera unha lexislación ao respecto, tomara medidas preventivas provisionais para impedir que se efectuaran escavacións sen a correspondente autorización oficial.[189]

Unha das principais obrigas das Comisións recollidas no Regulamento do 65 foi a de informar os expedientes de Declaración de Monumentos. Nestes procedementos as Comisións debían participar remitindo á Academia que correspondera os seus informes dos méritos históricos ou artísticos das fábricas monumentais. En base a estas noticias as Academias debían elevar os informes correspondentes ao Goberno para a toma de decisións en materia de Patrimonio.

As Declaracións de Monumentos convertéronse nun medio para salvagardar os monumentos e vestixios arqueolóxicos nuns anos nos que a expansión das cidades e a mellora da rede viaria viña plantexando tensións importantes nas cidades. Neste ámbito as Comisións tiñan atribucións para ordenar a suspensión cautelar de obras que alteraran o carácter histórico ou ou as formas artísticas dos edificios ata a resolución definitiva das Academias con respecto a necesidade de protección.

O Regulamento das Comisións establecía que o Gobernador Civil tiña a obriga de consultar calquera actuación relativa ao Patrimonio ás Comisións de Monumentos e informar ao respecto á Real Academia competente (art. 20). Esta garantía víase anulada ao introducir o Regulamento a posibilidade de que o Gobernador actuara unilateralmente en caso de urxencia, o cal na práctica deixaba nas súas mans a protección do Patrimonio. En Galicia, con moita frecuencia atopamos aos Gobernadores Civís posicionándose en contra da conservación dos edificios.

Nestes anos de intensa actividade construtiva e expansión da rede viaria tivo especial relevancia a R.O. de 15 de Abril de 1868 que declarou propiedade do Estado cantos obxectos antigos se acharan nas obras públicas, dependerán estas da administración, de empresas ou particulares

Neste período os orzamentos para a conservación de monumentos aumentaron considerablemente con respecto a etapa anterior (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:150). No caso de Galicia, a altura de 1868, as Comisións demandaran intervencións para os edificios de Samos, San Vicente del Pino, Celanova, Oseira, Santo Domingo de

189 CAG/9/7980/43/2

Ourense, as Murallas de Lugo, a torre de Barreira, a capela de San Miguel de Celanova e o convento de San Vicente de Pontevedra (Cáveda, J. 1868:435).

Con respecto a financiación das Comisións o Regulamento de 1865 establecera que as Deputacións debían atender aos gastos ordinarios das Comisións e consignarlles partidas para as reparacións e restauracións que precisaran os edificios monumentais ao seu cargo (art. 46).

En plena reorganización efectiva das Comisións de Monumentos tivo lugar a proclamación da República no 1868. A efervescencia política do momento levou consigo que as cuestións culturais se relegaran a un segundo plano. Neste contexto as Comisións de Monumentos, apenas constituídas, víronse profundamente afectadas. Os seus integrantes de orientación liberal derivaron a súa atención preferente cara aos asuntos políticos e, os vinculados ao sector eclesiástico ou conservadores, repregáronse prudentemente ante o clima anticlerical e e liberal por temor ás represalias.

Ilus. 5 Santiago de Compostela, 1868

Nos comezos da República o novo Goberno mesmo intentou suprimir as Comisións de Monumentos, vinculadas ás conservadoras Academias. De la Cámara, Secretario da RABSF, aludindo ao intento de supresión das Comisións de

Ramón Rúa Figueroa (1825-1875)

Nado en Santiago cursou estudos de Enxeñería.

Foi autor de varios traballos teóricos sobre minería. Afeccionado a literatura escribiu *Ayer y hoy en verso*; *El arzobispo d. Suero de Toledo*;…

Foi redactor de Santiago y a por ellos e de *El Porvenir*.

Afeccionado á Arqueoloxía posuía unha importante colección de cerámica.

Foi membro da Academia de Arqueoloxía desde 1867.

Realizou numerosos recoñecementos e inspección arqueolóxicas na área de Ribadavia.

Actuou coma fornecedor de noticias a Murguía para os dous primeiros tomos da Historia de Galicia.

Promoveu a creación da Sociedad para el fomento de la historia arqueológica y bellas artes gallegas que non chegou a materializarse polo traslado de Murguía a Madrid.

Monumentos por parte das Juntas Revolucionarias, afirmaba que *poco enteradas de la organización y elementos constitutivos de estos cuerpos provinciales, pensaron en disolverlos y reconstituirlos bajo otras bases ajenas al pensamiento que predomina en su constitución* (DE LA CÁMARA E. 1869:14). Efectivamente a vinculación das Comisións ás conservadoras Reais Academias non favoreceu a confianza nelas do goberno republicano. Na práctica as Comisións durante a República repregáronse novamente coincidindo esta inactividade co período de esplendor da Arqueoloxía e dos estudos prehistóricos propiciado pola apetura ideolóxica liberal.

A pesares das reticencias iniciais das autoridades republicanas cara ás Comisión estas permaneceron constituídas aínda que en xeral non acadaron a reactivación efectiva da súa actividade.

Esta inactividade vémola reflectida na circular da RABASF de decembro de 1868. ás Comisións de Monumentos na que lles solicitaba información sobre os edificios que necesitaran intervencións. A circular solicitaba ás Comisións que *empleasen cuantos medios les concede el Reglamento para evitar que se destruyese ningún edificio que mereciese conservarse por su carácter histórico o artístico, y que dieran parte de cuanto ocurriese en cada caso particular, seguras de que encontrarían decidido apoyo,…*. Moi poucas Comisións de Monumentos responderon a á Academia da Arte. (DE LA CÁMARA, E. 1869:19).

Ante a inactividade das Comisión no 1869 a RABASF remitiulles unha nova comunicación a vinte e dúas delas coa intención de estimular o seu funcionamento. Solo seis das Comisións respostaron nesta ocasión á Academia, entre elas a de Ourense que alegou motivos económicos e varias vacantes para xustificar a súa inactividade (DE LA CÁMARA,

E. 1869:29).

En Galicia temos documentada a carencia de persoal cualificado nas provincias coa testemuña de Félix Álvarez de Villaamil, recén nomeado académico da RAH, o cal debatendo con Manuel Colmenero sobre a necesidade de crear *cuerpos auxiliares de la Academia* versados en materia arqueolóxica sinaláballe que entre os individuos galegos capacitados para conformalas apenas se contabas con Antonio de la Iglesia, os irmás Rúa Figueroa, Villaamil y Castro, Murguía *y otro en Orense*.[190]

A altura de 1870 a RABASF consideraba que as Comisións de Monumentos achegaban *escaso froito* e dirixiulles unha vez máis ás menos activas sen obter máis éxito que nas ocasións anteriores.[191] Esta relativa inactividade das Comisións non impediu que o Goberno republicano contara puntualmente cos seus servizos. No marco da política desamortizadora, solicitoulles no 1872 a súa colaboración para que lle remitiran informes sobre os edificios que mereceran ser apartados das vendas polo seu valor histórico ou artístico.

Cara a finais do período republicano, á instancias da RABASF, estableceuse como requisito previo para autorizar as demolicións de edificios a emisión dun informe académico favorable. As Comisión participaron na instrución destes procedementos remitindo ás Academia sa información relativa aos monumentos afectados. Segundo a normativa cando se previra a destrucción dun edificio de mérito artístico ou histórico os Gobernadores Civís debían suspender as actuacións e dar parte á superioridade.[192] En todo caso, os Gobernadores debían notificar sempre os proxectos de derrube ás Comisións de Monumentos, Academias de Belas Artes, Reitores das Universidades ou Directores de Institutos. No caso de que os monumentos se derrubaran sen a correspondente autorización debían ser reedificados, a ser posible a espensas da corporación responsable dos danos. Esta normativa era aplicable tamén aos edificios e obxectos culturais de titularidade privada. Na práctica esta normativa tivo escasa aplicación.

Durante todo o período republicano a capacidade de intervención das Comisións na práctica foi moi limitada. Unha circular remitida pola RABASF no 1873. reflicte os problemas que as afectaban e instaba ás Comisións a retomar o cumprimento das

190 GA 1870/2 (5)

191 Circular de 20 de Abril de 1870. BRABASF Páxs. 50 -51 Nº12 Ano II 1882.

192 R. D. de 16 de Decembro de 1873.

súas funcións: .. *son muchas las Comisiones provinciales de Monumentos que descuidan por largo tiempo el cumplimiento del primero y más importante de sus deberes; la celebración de sus reuniones frecuentes y periódicas, y la remisión a esta Central de los resúmenes trimestrales de sus actas*.

A Circular admitía que as circunstancias que atravesaban as Comisións non posibilitaran as *exploración, conservación o restauración de monumentos, creación mejora y aumento de colecciones de objetos de arte de antigüedad.* En cambio consideraba que si podían ocuparse de *investigacións literarias e históricas; escribiendo monografías o descripciones de los monumentos de su provincia, clasificando y ordenando sus colecciones y formando sus índices o catálogos; promoviendo discusiones artístico-arqueológicas; usando de varios modos de la iniciativa que el Reglamento les concede parar procurar la excepción de la venta de los edificios monumentales, evitar la perdida, extravío o destrucción de libros manuscritos, cuadros y demás objetos antiguos y preciosos, las mutilaciones, impropiedades y extravagancias que suelen cometerse con frecuencia en las reparaciones de los templos y edificios públicos; y en fin, acercándose unos a otros, y sosteniendo vivo, por medio del trato íntimo y frecuente de la discusión y aún de la controversia, el calor que alimenta y desatrolla el espírito artístico, causa y efecto a la vez de la verdadero civilización.*[193]

Efectivamente as principais dificultades das Comisións nestes anos da República foran as económicas e a falta de académicos para prover as vacantes. Co obxectivo de paliar esta situación a RABASF lembrou ás autoridades provinciais a súa obriga de asinarlles orzamentos para o desenvolvemento da súa actividade recollida no Regulamento de 1865. No que respecta á provisión de prazas a Academia, contravindo ao seu Regulamento, instounas a propor individuos *que por sus conocimientos y aficciones artísticas* estiveran en condicións de ser nomeados académicos.[194] Esta medida favoreceu o incremento do nomeamento de académicos. Segundo o ourensán Paz Novoa, a distinción de académico tiña coma única utilidade a de conceder *autoridad para que los tontos callen*.[195]

193 Circular de 2 de Xaneiro de 1873. BRABASF Páx. 51-52. Nº 12 Ano II 1882.

194 *Actas de la Real Academia de Bellas Artes San Fernando*. Sesión ordinaria de 30/12/1872 Páx. 463. Circular de 2 de Xaneiro de 1873 da Academia de San Fernando aos Gobernadores Provinciais. 9.181 / Cartafol 2-55/1. (ORDIERES, Díez, I. 1993: 614)

195 Cartas a Murguía. T.1 Carta 342. BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. / AXEITOS, X.L. 2003:373

A demolición de edificios seguiu sendo unha das inquietudes principais das Academias e das Comisións de Monumentos. Neste sentido, en decembro de 1873 a RABASF dirixiu unha carta ao Goberno informando de que con frecuencia desde os Concellos favorecíanse os derrubes de fábricas monumentais coa connivencia dos Gobernadores Provinciais. Denunciaba que estes atentados obedecían a intereses económicos e a falta de sensibilidade artística e ignorancia das autoridades locais:

> *Entre nosotros, por el contrario basta un pretexto cualquiera, basta el capricho de un concejal influyente, para que se decrete la demolición de un templo, de una muralla antigua, de una puerta monumental e histórica, de una casa o palacio, que además de su mérito artístico, recuerda hechos y nombres gloriosos en nuestra historia. Con el aparente motivo de ensanchar una calle, abrir una nueva, o rectificar una alineación, que podría mejorarse de otro modo menos violento, y acaso menos costoso, se ordena la demolición de un monumento, y se lleva a cabo su destrucción con pasmosa rapidez, y hasta con punible fruición, sin dar oído a las observaciones de los inteligentes, sin escuchar las reclamaciones de esta Academia ni de sus delegadas las de Bellas Artes de la provincia, ni de las Comisiones de Monumentos. Antonio de la Iglesia*

A RABASF amosou tamén o seu malestar ao Goberno pola execución de derrubes de monumentos sobre os que as Academias emitiran informes facultativos en contra. Por este motivo reclamaron que se tomaran medidas para frear aos Concellos a hora de formar, aprobar e executar os seus proxectos urbanísticos.[196]

No último ano da República, o Goberno promoveu a elaboración dunha Lei de Monumentos para a confección da cal solicitou a RABASF e ás Comisións de Monumentos que lles remitiran propostas.[197] Ordieres Díez destaca con respecto a esta Lei que por primeira vez o Goberno liberal pretendía incluír ao Patrimonio vinculado á Igrexa nos bens cultural estatais á marxe de ideoloxías políticas e da súa titularidade efectiva (ORDIERES DÍEZ, I. 1993: 159). O cambio político non permitiu o seu desenvolvemento.

Nestes anos, a instalación do *Museo Arqueológico Nacional* propiciou a recuperación de vestixios con destino a acrecentar os seus fondos. Entre os

196 Circular da RABASF de 10 de decembro de 1873 ao Goberno reclamando medidas para evitar os derrubes promovidos desde os Concellos (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:616).

197 Cartafol 2-55/1 14 de Agosto de 1874. 9181. (ORDIERES DÍEZ, I. 1993:625)

percorridos que ser realizaron pola península con este fin figura o de Fernando Fulgosio que viaxou a Galicia cara ao 1872 (FRANCO MATA, Ángela 1993:308). Desde o MAN. remitíronse circulares ás provincias solicitando ás Comisións de Monumentos e a outras autoridades culturais a remisión de materiais duplicados ao Museo Arqueolóxico Nacional. Comprobaremos como as Comisión non sempre aceptaron a saída do Patrimonio Cultural cara á capital.

3.5. A activación das Comisións durante a Restauración

Finalizada a República, as Comisións de Monumentos continuaron velando pola integridade dos monumentos informando ás Academias sobre as incidencias e necesidades de reparacións que afectaran ás fábricas monumentais.

Ilus. 6 Muralla de Lugo

As Comisións galegas realizaron unha salientable tarefa de protección dos edificios denunciando as agresións das autoridades locais, en especial na provincia da Coruña. Nesta provincia Antonio de la Iglesia denunciou repetidamente na prensa os atentados cometidos contra os monumentos da Coruña e Pontevedra. No caso das cidades de Ourense e Pontevedra e doutras vilas máis pequenas sinalamos que o menor desenvolvemento urbano limitou as tensións entre os partidarios de conservar os monumentos e as autoridades locais. Na caso da cidade de Lugo, a Comisión de Monumentos atendeu con celo á conservación da Muralla agredida repetidamente desde o Concello nestas décadas.

A Comisión de Antigüidades da RAH asumiu a partir do 1878 a elaboración dos Expedientes de Declaracións de Monumentos Nacionais. Estas Declaracións convertéronse no principal instrumento para a salvagarda das fábricas monumentais dado que a súa concesión apartábaos das leis desamortizadoras e deixábaos baixo tutela e vixilancia directa das Comisións de Monumentos (MAIER, 2003:49). Deste

xeito, as Comisións consolidaron a súa función de órganos consultivos das Academias ao actuar como provedoras de informes sobre o mérito histórico e artístico dos edificios nos procedementos de instrución das Declaracións.

A relativa activación das Comisións que tivera lugar a comezos da Restauración non fora suficiente para darlles impulso, motivo polo cal as Academias intentaron darlles novo pulo a inicios dos oitenta. Con este fin no 1881 modificouse o seu Regulamento outorgándolles capacidade para suspender cautelarmente as obras e derrubes de edificios públicos en tanto as Academia e autoridades competentes non decidiran ao respecto. Esta reforma autorizaba tamén á Comisión Mixta a modificar a composición das Comisións ao seu criterio. [198]

Nesta etapa da Restauración as Comisións iniciaron en numerosas provincias xestións para a instalación de Museos arqueolóxicos. No caso de Galicia os esforzos das Comisións víronse limitados pola falta de recursos económicos e polas dificultades para acadar locais axeitados. Nesta década unicamente acadaron a formación de depósitos cerrados ao público que anos despois constituirían o xerme de posteriores museos.

Os esforzos das Comisións pola formación de Museos coincidiu en Galicia coa instalación do Museo Arqueolóxico da Sociedade Económica de Amigos do País e co proxecto gobernamental de instalar un Museo Arqueolóxico Central en Galicia, desbotado finalmente por falta de orzamento.

A medida que avanzaron os oitenta as Comisións de Monumentos galegas víronse favorecidas polo aumento do nivel cultural que lles permitiu integrar persoal con maior cualificación. As primeiras promocións da Escola Superior de Diplomática contaban con integrantes recoñecidos coma López Ferreiro, Martínez Salazar e Murguía entre outros. Estes individuos formaron parte dos cadros do Corpo Facultativo de Arquiveiros e Bibliotecarios o cal lles facilitou o acceso directo á documentación dos Arquivos oficiais.

Na última década do século as Comisións galegas esforzáronse por utilizar as prerrogativas que lles atribuía o seu Regulamento para participar máis activamente nas cuestións relativas ao Patrimonio. O contexto de efervescencia cultural finisecular e as melloras técnicas favoreceron este despegue das Comisións.

198 R.O. de 30 de decembro de1881. O Regulamento modificado pode consultarse no Boletín da RABASF Nº 13 Páx. 79-91. Ano II, 1882

En Galicia foi especialmente significativo o despegue da Comisión de Ourense que acadou altas cotas de actividade aglutinando nesa provincia boa parte do esforzo en materia de protección do Patrimonio e difusión cultural durante as próximas décadas. A instalación do seu Museo Arqueolóxico e a publicación do Boletín da Comisión constituíron importantes fitos para a promoción da cultura e investigación en materia histórica e arqueolóxica de Galicia.

No caso galego, comprobamos como ás Academias coa súa lentitude burocrática e descordinación lastraron o funcionamento efectivo das Comisións en numerosas ocasións. No caso da provincia de Pontevedra, a inoperancia e lentitude das Academias a hora de proceder aos nomeamentos de académicos dificultou a provisión de vacantes na Comisión. Así, individuos coma Casto Sampedro e José Lois, ante a imposibilidade de integrarse na Comisión optaron por crear a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894-1937). Esta Sociedade proporcionoulles un marco de actuación flexible para canalizar a investigación, catalogación, protección e difusión do Patrimonio oral e material. Anos despois reputados comisionados compaxinaron o cargo nas Comisións coa participación da Sociedade Arqueolóxica que se víu favorecida polas prerrogativas administrativas e legais que lle aportaba a presenza de comisionados académicos.

No caso de Coruña e Lugo, as Comisións viron limitado o seu protagonismo dado que os comisionados compaxinaron os seus cargos coa pertenza a institucións que lles outorgaban amplas posiblidades de actuación tales como a Sociedade de Amigos do Pais, a RAG, o Seminario de Estudos Galegos, a Universidade de Santiago, as Academias de Belas Artes, …

3.6. As Comisións no cambio de século: o despegue

O despegue das Comisións de Monumentos iniciado nos noventa coincidiu cara a finais de século cunha etapa de florecemento cultural. As iniciativas das Comisións víronse favorecidas polas melloras da rede viaria, os medios de transporte e pola proliferación dos xornais e publicacións científicas. En materia arqueolóxica os avances científicos e técnicos permitiron a consolidación das intervencións prácticas e a progresiva implantación das metodoloxías científicas.

As novidades administrativas en materia de xestión do Patrimonio e o aumento de normativa intensificou as actuacións de conservación dos monumentos e a investigación en materia arqueolóxica. Aínda que as Comisións seguiron baixo a tutela das Academias quedaron insertas no entrabado institucional para a defensa do Patrimonio encabezado polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes.

As Comisión a partir de 1901 coa modificación do seu Regulamento incorporaron coma integrantes natos ao alcalde da capital da provincia, o reitor universitario de habelo, o director do Instituto de Secundaria, o Xefe de Museo Arqueolóxico Provincial;… [199] Estas incorporacións e a maior dispoñibilidade de académicos cualificados favoreceu a efectividade das Comisións.

Ilus. 7 Catedral de Ourense, 1890

A medida que se profesionalizou a xestión e protección do Patrimonio ao longo das décadas seguintes ás Comisións de Monumentos tiveron que compartir as súas atribucións con novos organismos oficiais. As novidades introducidas pola Lei de 1911 coa instalación da *Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades* provocaron unha reforma das Comisións plasmada nun novo Regulamento aprobado no 1918. [200] Este Regulamento afectou á composición das Comisións ao establecer que todos os correspondentes académicos da provincia quedaban vinculados coma integrantes ás Comisións.

No R. D. de 25 de agosto de 1917 estableceuse que a Junta interviría nos expedientes para a conservación dos monumentos históricos-artísticos ampliando o seu campo de actuación inicialmente referido ás ruínas. As Comisións de Monumentos mantiveron a súa capacidade para instar ás autoridades locais a solicitar a Declaración de Monumento Nacional ou Arquitectónico-artístico. Estas peticións dirixíanse ao *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes* e requirían a presentación de informes ás dúas Academias e da Junta Superior de Excavaciones segundo correspondera. Ao solicitar un expediente de catalogación as autoridades locais estaban obrigadas á protección do monumento ata que tivese lugar a resolución do Ministerio. As institución

199 R.D. de 25 de outubro de 1901

200 R D. del 11 de agosto de 1918

oficiais tiñan dereito de tenteo para acadar a propiedade do monumento ou edificio en cuestión. Este instrumento legal foi utilizado con frecuencia polas Comisións de Monumentos para evitar a destrucción e agresións inminentes.

As dificultades económicas foron sempre un lastre para as Comisións de Monumentos. A altura de 1921 lexislouse para que as Deputación asignaran como mínimo unha partida orzamentaria anual de 500 pesetas para os gastos ordinarios das Comisións dado tiñan dificultades para que se lles recoñecera a asignación da deputación establecida no seu Regulamento.

A medida que se crean organismos administrativos para a xestión do Patrimonio o papel das Comisións foi decaendo progresivamente. A Comisión de Ourense, a máis activa de todas, viuse prexudicada polo progresivo pasamento dos seus integrantes máis activos e pola avanzada idade de Marcelo Macías, figura en torno a cal se articulara a Comisión. A consolidación de organismos como a RAG e sobre todo de organizacións coma o Seminario de Estudos Galegos aglutinaron a investigación científica.

Ilus. 8 Dólmen de Serra Faladoira.

A pesar da institucionalización da protección do Patrimonio, o Goberno seguiu contando coas Comisións de Monumentos que mantiveron as atribucións recollidas no Regulamento de 1918. Na Real Orde de 1929 recoñecíalles expresamente ás

Comisións competencias en cuestións relativas á vixilancia e información sobre o Patrimonio se ben excluíaseas de toda capacidade executiva:

> *. la misión encomendada a las citadas Comisiones provinciales de Monumentos, así como a las Autoridades todas, es pura y meramente de vigilancia e información, y en ningún caso pueden ni están facultadas para por si mismas tomar resolución ejecutiva alguna, sin la previa aprobación de este Departamento ministerial*.[201]

A partir de 1929 por R.O. modificouse unha vez máis a composición das Comisións engadindo coma membros natos ao Presidente da Deputación, o Alcalde da capital, o reitor da Universidade no caso de habela ou, no seu defecto, o Director do Instituto Xeral e Técnico, o prelado da Diócese da capital ou persoa na que delegara, os directores da Academia de Belas Arte, o Arquitecto Provincial, o Arquitecto municipal e o diocesano e os xefes dos Museos estatais da provincia. Os cargos de Presidente, Vicepresidente e Secretario repartíanse entre os académicos por elección en vez de por orde de ingreso na Comisión. Esta ampliación na composición na práctica non mellorou a funcionalidade das Comisións dado que as obrigas profesionais destes cargos natos contadas veces posibilitaba a súa participación activa nas Comisións.

Durante a República afondouse na profesionalización da xestión e defensa do Patrimonio. Os proxectos republicanos contemplaba instalar unha *Junta Superior del Tesoro Artístico* da cal dependería delegacións nas localidades de interese patrimonial que sustituirían progresivamente as Comisións de Monumentos. O estourido do conflito bélico impediu a formación destas delegacións e a desmantelación oficial das Comisións de Monumentos. Nalgunhas provincias deixaron de existir sen máis e noutras continuaron exercendo unha discreta actividade consultiva paralela ás actuacións dos organismos e departamentos oficiais con competencias na xestión dos bens culturais

.

201 R.O. de 26 de marzo de 1929

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte II

As Comisións de Monumentos de Pontevedra, Coruña e Lugo. Achegas á Arqueoloxía e á conservación do Patrimonio

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

COMISION PROVINCIAL

DE

MONUMENTOS HISTÓRICOS Y ARTISTICOS

DE LA

CORUÑA.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4. A Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Coruña

4.1. Antecedentes: As Comisións científicas e a Deputación Arqueolóxica. 1836-1844

A localización xeográfica da cidade da Coruña con respecto ao territorio da provincia foi determinante durante toda a traxectoria das Comisións Científicas e Recolectoras e a da posterior Comisión de Monumentos. As limitacións viarias e dos medios de transportes xunto coas carencias orzamentais limitaron durante todo o século XIX a capacidade de actuacións das diferentes comisións á cidade da Coruña e a súa contorna inmediata.

A Comisión Científica instalouse na cidade da Coruña no 1835 baixo tutela do Xefe Político co obxectivo de expurgar e inventariar os bens eclesiásticos nacionalizados. As dificultades desta Comisión para actuar nos territorios máis afastados á capital provincial levou ao Goberno a instalar unha segunda comisión na cidade de Santiago de Compostela xestionada directamente pola Sociedade Económica de Amigos do País. Esta segunda Comisión debía proceder ao expurgo e recollida dos bens culturais da cidade de Santiago e das localidades do sur da provincia. Ambas comisións actuaron de xeito independente nas súas respectivas áreas xeográficas.[202]

Na cidade da Coruña, o Xefe Político , Juan de Condoval, conformou a Comisión Científica contando co asesoramento da Sociedade Económica para a selección dos individuos que recaía en Juan Antonio Lema, Benito Ángel Sotelo, Francisco González Corral, Domingo García Varela e Francisco Javier Rodríguez.[203] A finais de ano, Juan de Zárate sustituiu a Juan de Condoval no cargo de Xefe Político.

Efectuados os primeiros expurgos, o Xefe Político informou ao Goberno que os bens recuperados na área norte apenas tiñan utilidade e que *casi todos los libros que existen de las bibliotecas de los conventos no pueden tener salida alguna sino como papel viejo y su traslación de unos puntos a otros costará mucho más de lo que*

202 A cidade de Santiago de Compostela, na súa calidade de cidade universitaria e de sede eclesiástica, contou cunha situación favorable para o desenvolvemento dun amplo colectivo de intelectuais. A distancia xeográfica dificultou a integración destes intelectuais na actividade das Comisións científica e na posterior Comisión de Monumentos afincada na cidade da Coruña.

203 ARABASF 47-4/22(1) 11/11/1835

pueden producir. O Xefe Político propuxo ao Goberno que os materiais expurgados se destinaran á venda ao peso para evitar os gastos do seu traslado e acadar ingresos para costear a recuperación dos bens culturais útiles. Para facilitar as vendas dos volumes expurgados o Xefe Político nomeou nos distritos e vilas subcomisións dirixidas por comisionados de Amortización.[204]

O Xefe Político, contrario aos traslados dos volumes á capital, concedeu ao Concello de Ferrol no 1836 autorización para formar unha biblioteca pública cos volumes procedentes de Pontedeume e Santa Marta de Ortigueira. Así mesmo informou ao Goberno de que a súa intención era conceder prerrogativas similares aos concellos de Coruña, Padrón e a aqueles outros que o solicitaran.[205] O Goberno non aceitou esta proposta e insistiu no seu proxecto inicial de formar unha única biblioteca na capital provincial.[206]

Con respecto a Comisión Científica conformada en Santiago de Compostela, a Sociedade Económica desde o primeiro momento denunciou a escasa capacitación dos comisionados e manifestou ás autoridades a necesidade de conformar unha comisión con persoal multidisciplinar que tivera coñecementos específicos en materia artística e documental para que se puideran efectuar con rigor os expurgos dos bens culturais. A Sociedade Económica coincidiu co Xefe Político en desaconsellar ao Goberno o traslado dos volumes seleccionados á cidade da Coruña para formar unha biblioteca unificada. A Sociedade alegou coma xustificación o alto custe do transporte e, a modo de exemplo, informou ao Goberno que entre a biblioteca de San Agustín e a de San Martín reunían de quince a vintemil volumes dificilmente transportables á Coruña.[207]

A Sociedade propuxo coma alternativa que se destinara o edificio de San Martiño Pinario para acoller os materiais da área de Santiago e que na cidade da Coruña se habilitara un edificio para a recollida dos volumes da área norte. O Xefe Político, alegando razóns orzamentarias, amosouse partidario de que os volumes se recolleran en depósitos nas vilas máis próximas aos conventos de orixe.

204 ARABASF 47–4/2(2) 25/05/1836

205 ARABASF 47-4/2(8) 25/5/1836

206 ARABASF 47–4/2(2) 25/05/1836

207 ARABASF 47-4/2(3a) 12/02/1835

A Sociedade Económica recibiu en setembro de 1835 a orde de recuperar os volumes da área sur da provincia co encargo inicial de inspeccionar catro conventos suprimidos aos cales no mes de outubro o Goberno engadiu outros vinte e dous edificios. [208] A Sociedade Económica, a altura de novembro de 1835, elevou ao Goberno un orzamento dos gastos que ascendía a 65.400 reales de vellón coa proposta de sufragalo cos fondos de Amortización.[209]

Os edificios a intervir pola Sociedade Económica aumentáronse unha vez máis en decembro de 1835 ao incluír os conventos de Noia, Herbón e Pobra do Deán entre outros. Para acometer estes traballos o Goberno concedeu á Sociedade permiso para que aumentara os comisionados a condición de que non supuxera un incremento das partidas orzamentarias que se estableceran.

O expurgo e a recollida dos volumes da área sur iniciouse a finais de1835 cos fondos facilitados por adiantando pola Sociedade Económica. Para abaratar os custes a Sociedade Económica solicitara que os traballos de inventariado se efectuaran paralelamente aos traballos efectuados polos comisionados de Amortización.[210] A Sociedade reclamou tamén ao Goberno encargarse unicamente da custodia dos materiais recuperados e que se consignara aos Comisionados de Arbitrios as vendas dos materiais expurgados.[211]

As cuestións económicas ocasionaron tensións entre a Sociedade Económica e o Xefe Político. Este último, no mes de agosto de 1836 instou ás comisións para que efectuaran as vendas dos materiais duplicados e os expurgados co obxectivo de obter financiamento. A Sociedade propuxo a venda ao peso dos libros expurgados con destino ás fábricas de papel e tendas. O Xefe Político aceitou a proposta sempre que a venda se efectuara desde o Goberno civil e polos seus comisionados**.**[212] O conflito xurdiu ao negarse a Comisión dependente da Sociedade Económica a efectuar as vendas baixo a dirección dos comisionados de Amortización na súa área de actuación.[213] O Goberno central acordou finalmente que a Sociedad Económica se

208 R.D. de 25 de xullo

209 ARABASF 47-4/2(1) 11/11/1835

210 ARABASF 47-4/2(3) 02/12/1835

211 ARABASF 47-4/2 (2)02/12/1835

212 ARABASF 47-4/2(6) 26/12/1835

213 ARABASF 47-4/2 (9) 12/08/1836 e 47-4/2 (9a) 12/08/1836

ocupara da recollida dos obxectos útiles e que os comisionados de Amortización procederan á venda dos materiais expurgados e as obras duplicadas**.**[214]

O expurgo nas bibliotecas encomendadas á Sociedade Económica foi intensivo e levou consigo unha considerable merma do Patrimonio. Os inventarios de libros do convento de Santo Domingo de Santiago recollen a recuperación de 169 volumes útiles dun total de 2.000.[215] No convento de San Agustín o inventario realizado en decembro de 1835 recollía coma volumes útiles 327 de 3.445 totais.[216] Para o convento de San Francisco de 4.436 volumes separáronse coma útiles 156. Na Biblioteca de San Lourenzo de 1.000 exemplares únicamente se consideraron útiles 3. En Santa María de Conxo de 2.638 seleccionáronse 182 volumes.[217]

A pesares da insistencia do Goberno finalmente non foi posible trasladar os volumes librarios á cidade da Coruña nesta altura de 1836. As circunstancias económicas e bélicas obrigaron a almacenalos nos edificios de orixe, derivados a depósitos próximos ou ben integralos en bibliotecas preexistentes. [218]

O Goberno no 1837 novamente volveu a interesarse polos bens culturais nacionalizados e conformou en cada provincia unha *Comisión Recoletora* da cal, no caso da Coruña, temos unicamente testemuñado que realizou inventarios de bens artísticos. Estes inventarios foron posteriormente utilizados polo Xefe Político no 1844 para argumentar ao Goberno a carencia de mérito dos bens inventariados e por conseguinte da inutilidade da instalación dun Museo na provincia.[***219***] Nesta altura tampouco se deron as condicións para acometer o traslados dos bens seleccionados á cidade da Coruña.

214 ARABASF 47-4/2(7). 01/15/1836

215 ARABASF 47-4/2(10). 07/09/1836. Inventariado realizado en outubro de 1835 e remitido á Academia en setembro de 1836.

216 ARABASF 47-4/2(11b) 14/12/1835

217 ARABASF 47-4/2(11c) / 47-4/2(11d) /47-4/2(11e) 14/12/1835

218 Como exemplo da derivación de fondos, a Sociedade Económica solicitou á Raíña no 1836 autorización para formar unha biblioteca nocturna na cidade de Santiago para uso dos artesáns e artistas Para este fin solicitáronse 830 volumes procedentes dos conventos de Santo Domingo, San Agustín, San Francisco, San Lorenzo e Santa María de Conxo. Logo dos retrasos motivados pola falta de colaboración das autoridades locais a Sociedade obtivo para este fin directamente da Raíña os libros útiles dos conventos de Santiago no 1838. ARABASF 47-4/2(10a).1836/09/07/ 47-4/2(12) 04/04./1838 / 47-4/2(13) 29/04/1838 / 47-4/2(14) 15/08/1838

219 ARABASF 47-4/2(17) 01/02/1844

Comezada a década dos corenta, o Goberno tratou de impulsar a formación de Bibliotecas e Museos cos bens culturais almacenados nos edificios de orixe e en depósitos. No caso da Coruña prantexouse as opcións de instalar unha biblioteca na cidade da Coruña ou a de integrar os volumes recuperados na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela.[220]

O Xefe Político a finais de 1841 manifestou ao Goberno que era partidario de que fora a Universidade de Santiago a que recollera os volumes na súa Biblioteca por ser esta a opción a máis económica. Se pola contra se optara pola formación dunha biblioteca na cidade da Coruña informou que os fondos iniciais dispoñibles eran de 5.426 volumes.[221]

Atendendo a proposta anterior, o Goberno solicitou un informe ao Claustro da Universidade de Santiago sobre a posibilidade de integrar os volumes librarios na súa Biblioteca. En resposta a Universidade comunicou en xullo de 1842 que podería acoller unicamente algúns volumes procedentes do convento de San Agustín e un número moi limitados dos conventos de localidades próximas xa que parte dos fondos eran inútiles e o transporte era moi costoso.[222]

Con respecto á instalación dun Museo cos obxectos de mérito artístico o Xefe Político sostivo que es *impracticable la formación del museo por carecerse de objetos artísticos en número suficiente y ser los que existen de poco mérito reduciéndose en su mayor parte a estampas de tan poca entidad que no merecen en mi concepto colocación tan honorífica*.[223]

O Goberno a comezo do 1844 insistiu novamente na necesidade de formación dun Museo e dunha Biblioteca.[224] Nesta altura o Xefe Político informou que os libros atopábanse nun estado lamentable e estaban expostos ás sustraccións polo cal necesitaban dunha colocación inmediata. Na súa opinión a opción de integralos nos fondos da Universidade non era factible pola falta de orzamento para o traslado e pola

220 A dificultade de constituír bibliotecas nas capitais levou ao Goberno a lexislar para que nas provincias onde houbese universidade se integraran os volumes recuperados nas bibliotecas universitarias. As autoridades locais tiñan a obriga de financiar os gastos da integración. R.O. de 22 de setembro de 1841

221 ARABASF 47-4/2 (16) 19/08/1842

222 ARABASF 47-4/2 (16) 19/08/1842

223 ARABASF 47-4/2 (16) 19/08/1842

224 R.O. de 15 xaneiro

falta de espazo dado que nos anos previos a Biblioteca universitaria integrara os libros procedentes de San Martiño e do Colexio Maior de Fonseca. Por estos motivos propuxo que fora a Xunta de Comercio a que recollera na súa biblioteca pública propia os 5.426 volumes que permanecían nos depósitos.[225]

Con respecto a formación dun museo, o Xefe Político reiterou o manifestado a altura de 1842 sobre a carencia de mérito dos bens recuperados. Como comprobante remitiu unha copia dos inventarios realizados polas *Comisións Recoletoras* a altura de 1837.[226]

O Xefe Político, a requirimento do Goberno, elevou en xuño de 1844 unha relación dos edificios monumentais que pola súa belleza ou contido eran dignos de conservarse.[227] Este informe sostiña que o único edificio destacable da provincia era o mosteiro de beneditinos de Santiago *en cuanto a los demás, la deterioración en que se hallan les hace perder el mérito que han tenido y su conservación en la actualidad, aunque mala, se debe a algunos Párrocos que habitan una parte de aquella, esceptuando los que ya fueron destinados al servicio público*.[228]

4.2. A Comisión de Monumentos: periodización e traxectoria

A recuperación dos bens nacionalizados.1845-1847

A R.O de 13 de xuño de 1844 requiriu aos Xefes Políticos a formación dunha Comisión de Monumentos. No caso da provincia da Coruña sabemos que se constituíu cara ao mes de setembro se ben non temos constancia de que individuos a integraron inicialmente.

Desde o momento da súa instalación, a Comisión prestou auxiliou ao Xefe Político nas tarefas de formación da Biblioteca provincial. Nesta altura o Goberno aceitara a proposta de integrar os 5.400 volumes almacenados en depósitos nos

225 ARABASF 47-4/2(17a) 09/02/1844. A Biblioteca da xunta de Comercio fora fundada no 1806 polo canónico da Igrexa de Santiago Pedro Antonio Sánchez na casa do consulado. A altura de 1844 a Biblioteca contaba con 4.138 volumes.

226 ARABASF 47-4/2(17) 01/02/1844

227 R.O. de 2 de abril de 1844

228 ARABASF 47-4/2(50) 07/06/1844

fondos da Biblioteca xestionada pola Xunta de Comercio[229] coa condición de que esta estivera aberta ao público e que o mantemento dependera do Concello e a Deputación.[230]

A Comisión Central desde setembro asumiu a xestión dos ben nacionalizados. Nese mes comunicou ao Xefe Político a súa desconformidade co informe que lle remitira en abril referido aos edificios no que se sostiña que o único de mérito da provincia era o mosteiro de beneditinos de Santiago. Solicitou por tanto un novo estudo máis detallado sobre os conventos da provincia co fin de determinar cales merecían conservarse.

Con respecto aos obxectos artísticos, a Central deu instrucións ao Xefe Político para que, co auxilio da Comisión de Monumentos, recollera os obxectos de mérito artístico almacenado para garantir a súa conservación.[231] A carencia de persoal cualificado na Comisión motivou que a Central solicitara informes sobre a dispoñibilidade de profesores de Belas Artes e outros individuos cualificados da provincia que puideran valorar os obxectos recuperados. Con este motivo solicitouse aos Concellos de Coruña, Santiago e Ferrol que informaran sobre os arquitectos, pintores e escultores que houbera nos seus distritos.[232]

A Comisión de Monumentos efectuou a recollida do groso de obxectos artísticos e dos volumes librarios durante o inverno de 1844 a 1845 , de feito á altura de maio informou á Central de que tiña xa avanzados os traballos. Nas tarefas de recuperación enfrontáranse ás reticencias do Comisario de Rendas que se resistira a entregalos bens recuperados sen orden superior expresa.[233]

A Comisión Central felicitou á Comisión polas tarefas realizadas ao tempo que instouna para que rematara coa recuperación de libros, cadros e obxectos artísticos. Lembroulle tamén que debía remitir os inventarios dos bens artísticos recuperados coa antelación suficiente para que puideran incluírse na Memoria Anual que estaba

229 A biblioteca do consulado situada en Orzán era "*no muy considerable pero curiosa y que legó el Señor Don Pedro Sánchez Boado, canónico de la iglesia catedral de Santiago, y que conserva la junta de comercio en el edificio en que celebra sus sesiones*." *Henrique de Vedia, Historia y descripción de La Coruña*. 1845

230 ARABASF 47-4/2(52) 27/09/1844

231 ARABASF 47-4/2 (52) e 47 -4/2 (63) de 27/09/1844

232 ARABASF 47-4/2(64) 28/04/1845

233 ARABASF 47-4/2(20) e 47-4/2(20a) 31/05/1845

previsto publicar en xullo.[234] Finalmente, a pesares das felicitacións trasladadas á Comisión, a Memoria Anual de xullo de 1845 calificou de decepcionante á actividade da Comisión da Coruña precisamente por non ter remitido a tempo os informes complementarios relativos ás fábricas monumentais da provincia.[235]

Durante o verán de 1845 a Comisión de Monumentos intensificou a recollida de volumes librarios de tal xeito que no mes de xullo tiña recuperados xa os dos conventos de San Francisco de Ferrol, San Agustín de Pontedeume, San Saturnino, Montefaro e do Priorato de Xubia. Reuniran un total de 4.311 volumes e oito cadros de temática relixiosa do convento de Pontedeume. Co obxectivo de adquirir outros efectos espallados polos edificios da provincia nomearon a varios comisionados nas vilas. Con respecto aos edificios notables e aos monumentos sepulcrais, a Comisión manifestou á Central a intención de confeccionar os índices en canto rematara a recollida de volumes librarios e efectos artísticos.[236]

A Comisión, no mes de agosto, recolleu uns 2.200 volumes máis nos conventos de Santo Domingo, San Agustín e San Francisco. Nas comunicacións remitidas a Central informouna de que a valiosa biblioteca de San Martín de Santiago fora xa incorporada aos fondos da biblioteca da Universidade e que os volumes de Santa María de Sobrado desapareceran nos anos previos por mor dos incendios e dos sucesos bélicos. Nesta altura a Comisión solicitou as autoridades locais de Padrón que remitiran inventario dos libros e pinturas do convento de carmelitas desa vila. Con respecto a recuperación de cadros os comisionados informaron á Central que apenas tiñan recadado unha ducia deles.[237]

No mesmo més de agosto, á Central recibíu os informes sobre os edificios monumentais da provincia. Neles aludíase ao estado ruinoso do exconvento de terceiros observantes da vila de Mellid que estaba en mans privadas. O informe incluía copias das inscricións de dous sepulcros con estatuas xacentes e de varias inscricións da igrexa dese convento.[238]

234 ARABASF 47-4/2 (65) 14/05/1845

235 Informe da Comisión Central de 1845.

236 ARABASF 47-4/2(22) 16/07/1845

237 ARABASF 47-4/2(23) 14/08/1845

238 ARABASF 47-4/2(55) e 47-4/2(55a)14/08/1845

A Comisión denunciou tamén o abandono no que se atopaba o Mosteiro cisterciense de Sobrado que permanecía abandonado e totalmente aberto ao público. Os comisionados realizaran xestións ante o alcalde da localidade recomendándolle que tapiara as entradas e solicitáronlle que conservara baixo a súa responsabilidade os obxectos artísticos do edificio ata que puideran ser trasladados á capital.[239]

O primeiro listado de individuos da Comisión de Monumentos co que contamos é de setembro de 1845. Nel figuran coma integrantes o Gobernador José Martínez, Juan Pérez Villaamil,[240] o deputado Calixto Montalvo, Nicolás Fernández Bolaño,[241] Henrique de Vedia Goossens[242] e José María Maya.[243]

Cara ao mes de novembro de 1845 a Comisión tiña instalados xa os volumes de Santo Domingo, San Francisco e San Agustín da Coruña nun local axeitado.[244] A finais de decembro comunicaron á Comisión Central que pronto recibirían outros 2.748 volumes procedentes de Montefaro que permanecían depositados na vila de Ares.[245]

---

239 ARABASF 47-4/2(57) 14/08/1845

240 Juan Pérez Villaamil. Nado no Ferrol, educouse en Madrid xunto co seu irrmá o célebre pintor Jenaro Pérez Villaamil.Taballou coma axudante do seu irmá en Puerto Rico entre 1830 e 1833. Foi membro fundador da Academia de Belas Artes da Coruña.

Publicou numeroas litografías en revistas da época, entre elas, o Semanario Pintoresco e La España Artística y Monumental,. Para afondar na súa biografá obra consultar J.E. ARIAS ANGLES Un pintor romántico desconocido: Juan Pérez Villaamil. Páxs. 385-408 Archivo español de arte, T. 51, Nº 204, 1978 Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

241 Conciliario da Academia e Escola de Belas Artes da Coruña. Nicolás Fernández Bolaño doou no 1854 a súa biblioteca particular de 4.500 volumes á Biblioteca Publicado do Consulado da Coruña.

242 Henrique de Vedia Goossens, coñeceu de primeira man os monumentos da provincia da Coruña. A súa obra Historia y descripción de la Coruña de 1845 dedicou un dos seus capítulos á descripción dos edificios de mérito da provincia. Nas descricións alúdese aos efectos da exclaustración e sobre os edificios e os novos usos a que foron destinados á altura de 1845. Foi propietario dunha biblioteca particular con numerosas copias manuscritas de obras históricas e literarias. Consultar *El estudio de los fondos de la Biblioteca Francisco de Zabálburu. Los manuscritos de María Teresa Llera Llorente. Revista general de información y documentación, Vol. 15, Nº 2, 2005 Páxs. 103-128. Consultar Fernando Echegarai, "Enrique de Vedia Goossens: Puntualizaciones bibliográficas y biográficas" separata del Homenaje a D. Julio de Urquijo*, T. III. San Sebastián, Sociedad de Amigos del País, 1950 Páxs. 283-301.

243 ARABASF 47-4/2(66). 26/09/1845

244 ARABASF 47-4/2(24) 11/11/1845

245 Cos volumes recollidos en Montefaro formouse o 23 de decembro de 1845 unha biblioteca que foi o xerme da Biblioteca Pública da Deputación da Coruña. Esta biblioteca á altura de 1851 aínda non estaba aberta ao público "*por no estar organizada*". A Comisión de Monumentos consideraba que as 5.000 obras conservadas eran "*de poco mérito, incompletas muchas y otras destrozadas*." Desde o Negociado de Fomento afirman que os volumes non valen o que

A Comisión de Monumentos no 1846 continuou reacomodando os volumes recuperados. En setembro dese ano a Central requiriulle os índices dos materiais recuperados para incluílos na súa segunda Memoria Anual.[246] Nesta altura a Comisión de Monumentos informouna de que recollera e clasificara ata o momento 4.311 volumes e que non remitira os respectivos informes por estar a espera das noticias que se lle enviaran desde os partidos xudiciais da provincia.[247]

A pervivencia administrativa. 1847-1874

A recollida e acomodo dos volumes librarios e dos bens artísticos prolongouse ata finais da década dos corenta. En todo caso o groso da recuperación do Patrimonio diminuíu progresivamente xa desde o 1846 dando paso un longo período no cal a actividade da Comisión da Coruña reduciuse progresivamente ao tempo que se reorientou cara á protección dos edificios monumentais. Neste ámbito, cónstanos que xa no mes de xuño de 1848 informara á Central do estado de conservación do mosteiro de beneditinos de Santiago. [248]

Nesta nova etapa, a falta de documentación propia e a diminución da correspondencia entre a Comisión e a Central apenas nos permite máis que constatar que permaneceu constituída realizando actividades de carácter administrativo que apenas deixou pegada nas fontes.

A documentación intercambiada entre a Comisión de Monumentos e a Central durante o 1849 reflicte que aínda quedaban pendentes nesa altura asuntos relativos á recuperación dos volumes librarios. Nese ano a Comisión Central evaluou a conveniencia de integrar os fondos da biblioteca do exmosteiro de San Félix de Monfero nos da biblioteca da Universidade de Santiago. Segundo o informe elaborado

custa o arrendo do local. A Biblioteca como tal non se fundou ata o 1881 con tan só 150 volumes conservados. Las bibliotecas públicas de la Coruña. La noche. Nº 8180 25/07/1947

246 A Central non chegou a publicar esta Memoria cos traballos de 1846. A seguinte Memoria aprazouse durante unha década e recolleu os traballos efectuados desde o 1846 ata o 1855. Cartafol 2-55/1 RABASF

247 ARABASF 47-4/2(26a) 30/10/1846

248 Naquela altura estaba ocupado na súa maior parte por tropa de guarnición, pola guarda civil e polo boticario do Mosteiro. Precisamente o presbítero, Pablo Martínez, en recoñecemento aos traballos de conservación que realizara nese edificio, fora nomeado vocal da Comisión de Monumentos. *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. Actas*.1848 Páx. 331 e ARABASF 47-4/2(53) 06/06/1848

ao respecto pola Comisión de Monumentos, o administrador de Bens Nacionais de Betanzos encargara no 1847 a Juan Vales Seijas a custodia do edificio que permanecera ata ese momento abandonado e aberto ao público. Nesa altura a biblioteca do mosteiro atopábase xa arruinada por mor da humidade e a pillaxe a que estivera exposta nos anos de abandono previos. En consecuencia a Comisión informou a Central de que os libros conservados na súa maior parte estaban sen pastas e incompletos e que o seu traslado a Santiago sería moi caro e de pouca utilidade.[249]

Neste período escuro comprobamos que existiu certa continuidade con respecto aos integrantes do período anterior. A altura de xullo de 1853 integraban á Comisión o Xefe Político Nicolás Fernández Bolaño, José Maya y Barrera,[250] Julián Areán,[251] **Faustino Domínguez**,[252] e continuou no cargo Juan Pérez Villaamil.[253] A incorporación na Comisión de docentes da Universidade de Santiago lévanos a prantexar novamente a cuestión da localización xeográfica da Comisión da Coruña. Descoñecemos coma compaxinaban os docentes universitarios as súas obrigas profesionais coa participación activa na Comisión, instalada na cidade da Coruña.[254]

A pesar da carencia de información relativa á actividade desenvolvida pola Comisión durante a década dos cincuenta sabemos que dispoñía dunha infraestrutura

Faustino Domínguez Domínguez (1811-1890)

Cursou Arquitectura e foi alumno do enxeñeiro Yáñez de Andrade.

Exerceu coma Arquitecto Provincial da Coruña desde 1846.

Foi responsable de edificios institucionais, relixiosos e de obras públicas de toda Galicia, en especial na provincia da Coruña.

Exerceu coma Secretario e Presidente da Academia Provincial de Belas Artes da Coruña desde 1879.

Participou na Comisión en calidade de Arquitecto provincial.

249 ARABASF 47-4/2(29) 08/02/1850 Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos . Actas 1850. Páx. 359

250 Avogado de orixe navarro e profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

251 Exerceu a cátedra de Anatomía na Universidade de Santiago.

252 Para afondar sobre este arquitecto consultar Jesús Ángel Sánchez García en *Faustino Domínguez Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX,* 1997. Coruña. A regulación das Comisións de Monumentos de 1854 supuxo a integración dos arquitectos provinciais nas Comisións de Monumentos coma vocais natos.

253 ARABASF 47-4/2(67). 26/07/1853

254 ARABASF 47-4/2(68). 16/12/1854

que reflicte unha actividade ordinaria de certo peso. A través do orzamento anual do Goberno Civil da provincia podemos comprobar que a Comisión no 1854 tiña asinada unha partida orzamentaria de 4.000 reais para os seus gastos de oficina. [255] De feito o informe anual de gastos remitido desde a Comisión á Central a finais de 1854 incluía partidas para o mantemento dun escribinte, un mozo e gastos de conservación da biblioteca e museo. Descoñecemos a que fondos museísticos e librarios se refire este informe.[256] Entendemos que boa parte desta actividade estivo orientada a informar á Central das necesidades de reparación e obras nos edificios monumentais se ben non consta que nesta década a Central destinara fondos para a reparación de edificios galegos.

Con respecto aos edificios eclesiásticos sabemos que nestes anos a Central reclamou á Comisión de Monumentos con certa insistencia a remisión dun informe completo sobre os edificios de mérito da provincia. Este informe non foi elevado á Central ata ben entrado 1855 e nel a Comisión sostiña que os edificios monumentais da provincia eran *escasos y de poca relevancia* (MÉNDEZ FONTES, R. 2004: 66).

A reforma do Regulamento das Comisións de 1854 non conseguiu reactivar a actividade das Comisións durante a segunda metade da década, etapa que coincidiu ademais coa crise da Comisión Central. Para este lustro tampouco contamos apenas con referencias que nos permitan achegarnos á actividade da Comisión da Coruña.

Nestes anos unha das funcións principais das Comisións era a de emitir informes históricos e artísticos sobre os edificios. Nesta faceta temos documentado que cara ao mes de abril de 1856 o abade de Xunqueira, Cristóbal Hernández, solicitara que se suspendera a adxudicación do Pazo de Lestrove á Mitra de Santiago. A Central, antes de tomar unha decisión ao respecto, solicitou á Comisión da Coruña un informe sobre o mérito histórico e artístico do edificio.[257] Sabemos que a Comisión confeccionou un informe sobre o pazo dado que dez anos despois solicitóuselle de novo que remitira un segundo informe con noticias actualizadas relativas ao edificio.

255 ARABASF 47-4/2(81) 19/05/1855

256 ARABASF 47-4/2(80) 02/01/1855

257 Comisión Central de Monumentos Históricos Artísticos 1856. Sesión de 19/06/1856 Páx.71

Con respecto a composición da Comisión, cónstanos que no 1857 incorporáronse Ramón Gayoso e Manuel Pardo Osorio[258] e renovaron nos seus cargos os veteranos Julián Areán, Faustino Domínguez e Juan Pérez Villaamil. A finais deste ano incorporouse coma vocal Manuel Camacho, proposto pola Comisión nas ternas remitidas á Central.[259]

Descoñecemos ata cando se mantivo activa a Comisión recén reorganizada se ben cara ao 1860 unicamente semella estar vinculado a ela Faustino Domínguez.

As Reais Academias ao asumir no 1860 o control das Comisións atopáronas na maior parte dos casos practicamente inactivas por falta de integrantes. No que respecta á Comisión da Coruña, a falta de documentación permítenos coñecer unicamente que como mínimo Faustino Domínguez continuou vinculado a ela durante a primeira metade da década dos sesenta. Para este período carecemos de toda referencia a actuacións da Comisión, se ben, de habelas, serían moi limitadas.

Co obxectivo de prover ás vacantes das Comisións as Reais Academias realizaron un chamamento na procura de candidatos para o nomeamento de académicos correspondentes, requisito imprescindible para integrar ás Comisión desde a reforma introducida polo Regulamento das Comisións de 1865.[260]

Antonio de la Iglesia (1819-1892).

Burgués liberal, estivo ideoloxicamente vencellado ao rexionalismo. Impartiu docencia en Retórica, Poética e Historia.

Exerceu coma Inspector de Instrucción Primaria, cargo que lle posibilitou o coñecemento directo da riqueza patrimonial das provincias da Coruña e Pontevedra.

Denunciou desde os xornais o abandono e agresións cara os monumentos galegos contribuíndo á sensibilización da opinión pública sobre a necesidade de conservar os edificios históricos

Publicou numerosos artigos en *La Aurora de Galicia*, *Revista de Galicia* e *Galicia. Revista universal de este Reino*. ..

258 Manuel Pardo Osorio informara a Academia da Historia no 1835 da existencia dunha inscrición árabe no coro da igrexa de Sta. María de Azogue en Betanzos. Biblioteca Virtual Cervantes CAIC/9/3931/03(2) 1835

259 ARABASF 47-4/2(74) 17/11/1857

260 A esta convocatoria acudíu Barros Sibelo, interesado en integrarse na Comisión de Coruña, onde residía desde 1863. As Academias en cambio integrárono na Comisión de Ourense onde realizara a comezos dos sesenta traballos sobre a Vía de Braga a Astorga. A pesar da súa integración na comisión ourensá realizou investigacións arqueolóxicas prácticas e estudos históricos en toda a provincia da Coruña ata o seu falecemento no 1903, á marxe de toda relación coas comisións.

Na maior parte das provincias a Comisión Mixta reorganizou ás Comisións de Monumentos ben entrada a segunda metade da década dos sesenta. No caso de Galicia, a Comisión da Coruña foi a primeria en constituirse a comezos de 1866.[261]

A recén instalada Comisión coruñesa contou entre os seus correspondentes cos académicos da RAH Antonio García Magaz, Benigno Rebellón, Antonio de la Iglesia[262] e Félix Álvarez Villaamil. Representando á RABASF integrouse Ubaldo Chicharro[263] e renovou no cargo Faustino Domínguez. Coma integrantes natos incorporáronse Santiago Loriga e Pedro de la Encina representando á Academia Provincial de Belas Artes da Coruña e o Arquitecto Provincial, o Xefe da Sección de Fomento e o Xefe do Arquivo de Galicia.[264]

Nesta etapa destacamos pola súa relevancia a actividade que realizou Antonio de la Iglesia, tanto a título persoal como representando á Comisión. A través da prensa denunciou repetidamente ás autoridades locais implicadas nas agresións e derrubes dos edificios monumentais, especialmente nas provincias da Coruña e de Pontevedra.[265]

A altura de novembro de 1867 a Comisión Central reclamou ao Xefe Provincial que a Comisión da Coruña es *una de las que no despliega actividad ni da señales de vida y aún no ha respondido a las invitaciones de la Academia*.[266]Atendendo a esta reclamación, a finais de ano 1867, celebrouse no despacho do Gobernador unha

261 Xunta Ordinaria de 16 de marzo de 1866. Fol 195. Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Año 1868 Na Real Academia Galega no fondo documental Hermanos de la Iglesia figuran as actas da Comisión Provincial de Monumentos da Coruña entre o 1867-1878.

262 Rosa María Saurín de la Iglesia publicou un estudo dos irmás De la Iglesia en *Antonio, Francisco y Benigno De la Iglesia. Una biografía intelectual*. Santiago Compostela, 2003 R.M. Saurín de la Iglesia recopilou os seus artigos en *Estudios Arqueológicos*. 2008. introdución.

263 Ubaldo Chicharro foi avogado liberal da Real Audiencia e exerceu coma alcalde da Coruña no ano 1841.

264 Resumen de las Actas y tareas de la Academia Nacional de Nobles Artes de San Fernando durante el año académico de 1868 a 1869. Eugenio De La Cámara. Madrid, 1869 Páx. 66 e A. RABASF 55-3/2(11). 16/01/1866

265 Entre os seu artigos de denuncia figuran: Santiago de la Coruña (1858); la Gloria de la Catedral de Santiago (1861); Recuerdos de Santiago (1861); Monasterio de Monfero (1863); *Puente Don Alonso y Monasterio de San Justo* (1863); *Los Churruchaos y la Torre de la Barreira* (1865); *El Idioma gallego, su antigüedad y vida* (1866); *Museos de la Coruña* (1876); *Restauración artístico- religiosa de Galicia* (1879); Santo Domingo de Pontevedra (1887);..

266 ARABASF 47-4/2 (3) 05/10/1867

asemblea na cal se conformou unha nova Comisión conformada por Epifanio Díaz Iglesias, José López Amarante, Ramón Pereiro y Rey e Manuel Murguía.[267]

A Dirección Xeral de Instrucción Pública requiriu á RABASF no 1867 o informe sobre o Pazo de Lestrove que anos atrás remitira a Comisión de Monumentos da Coruña á Comisión Central. Con este motivo a Academia solicitou á Comisión de Monumentos que lle facilitara un novo informe con noticias actualizadas sobre o estado de conservación e a importancia histórica e artística do edificio. Desde a Comisión alegouse que non dispoñían de fondos económicos para realizar ás averiguacións necesarias para a confección dun novo informe. A información solicitada sobre Lestrove dilatouse no tempo e, de feito, a Comisión non o elevou á RABASF ata o 1875.

O certo é que a partir do 1868 a actividade da Comisión, ao igual que no resto das provincias, viuse afectada pola inestabilidade política do período republicano. As circunstancias políticas e as carencias económicas entre outros factores limitaron a actuación da Comisión novamente repregada.

Un informe firmado por Faustino Domínguez e Antonio de la Iglesia de decembro do 1874 achéganos á situación da Comisión no intervalo republicano. Segundo este documento da Comisión elevado á RABASF *aunque tienen solicitado la consignación en el presupuesto provincial de cierta cantidad que sufrage los gastos, ni para ellos, ni aún para los más indispensables de Secretaría se aprobó partida alguna hasta ahora, hallándose por esta causa en descubierto un individuo de la corporación, del gasto de fundición de un fascímil sacado de un collar céltico de oro, antes de ser el original remitido por un vecino de esta ciudad a la Academia de la Historia*.

O texto anterior permítenos comprobar a situación de penuria económica da Comisión e tamén como nestes períodos de aparente inactividade das Comisións atendíanse na medida do posible aos asuntos relativos ao Patrimonio.

O extravío da documentación propia da Comisión e o os procedementos informais dos comisionados nos permiten unicamente recuperar información parcial da actividade desenvolvida nestes anos. Con respecto a realización de informes sobre os méritos artísticos e históricos monumentais sabemos que a Comisión realizou un estudo sobre o antigo convento de San Agustín de Santiago requirido pola *Dirección General de Propiedades y Derechos del Estado*. O informe fora solicitado polo

267 ARABASF 47-4/2 (75) 05/03/1868

Concello, interesado en obter o edificio para asilo de mendicidade, libre de todo pago e sen gravames. Os comisionados visitaron o convento e informaron en sentido favorable a súa concesión *aunque condicional para que se conserve íntegro, se repare, no se pierda nada de su área, y se mantenga incolume su claustro*. [268]

A Reactivación da Comisión. 1874-1906

Rematada a República, a Comisión da Coruña reorganizouse e logrou certa estabilidade no seu funcionamento. Esta reactivación respecto ao período anterior semella evidente se ben compre ter presente que a maior dispoñibilidade de referencias escritas debida á proximidade no tempo posibilitan un coñecemento máis exhaustivo da súa actividade, imposible nas etapas anteriores.

Coa Restauración a Comisión renovou a súa composición cubrindo as vacantes dos falecidos Santiago Loriga e de Pedro de la Encina coa integración no mes de xaneiro de 1875 de José Pastor e Antonio Goumes-Gay. [269]

Faustino Domínguez e Antonio de la Iglesia no momento da reinstalación da Comisión, no1874, recolleron nun informe as tarefas desenvolvidas durante a República e os proxectos da Comisión para o futuro inmediato. O texto denunciaba os problemas orzamentarios que acuciaran á Comisión no pasado e que a limitaban no presente.[270] Neste asunto tiveron o apoio da RABASF que interveu nos anos seguintes comunicándolle reiteradamente á Deputación Provincial a súa obriga de consignar fondos a favor da Comisión de Monumentos.[271]

Nestes anos a RABASF solicitara ao Goberno unha Lei de Monumentos. Co obxectivo de contribuír a súa confección a Academia no 1874 solicitou ás Comisións que realizaran propostas para o proxecto lexislativo. A colaboración da Comisión de Coruña materializouse no informe *Propuestas de la Comisión de Monumentos de la*

268 ARABASF 47-4/2(82) 31/12/1874 e CAC/9/7953/06 31/12/1874

269 ARABASF 47-4/2(82) 31/12/1874 e CAC/9/7953/06 31/12/1874 e 47-4/2(77) 25/01/1875

270 ARABASF 47-4/2(82) 31/12/1874 e CAC/9/7953/06 31/12/1874

271 *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Ano 1875* Sesión ordinaria de 22 de febreiro de 1875. Páx 223

Coruña para unha lei especial de Monumentos Histórico-Artísticos firmado por Antonio de la Iglesia e Faustino Domínguez.[272]

A Comisión entre os seus proxectos inmediatos incluía a formación dun Museo de Belas Artes e de Antigüedades na cidade da Coruña. As xestións para a súa instalación comezaron xa no 1874 coa solicitude de fondos do orzamento provincial para conseguir un local axeitado. A perspectiva da apertura do Museo estimulou a Comisión na búsquena de fondos por toda a provincia. Con este fin os comisionados cursaron unha solicitude ao Concello da Coruña para obter do derruído arco de Porta de Aires as lápidas do escudo e varias inscricións. Faustino tratou sen éxito co Concello de Vedra a obtención dun miliario abandonado no lugar da Gándara, en San Fiz de Sales.[273] Os comisionados procuraron tamén a adquisición do retrato ao óleo do coruñés D. José Cornide de Saavedra exposto no mosteiro de A Ensinanza da Cidade de Santiago, novamente sen éxito.

No verán de 1875 a Comisión consultou coa RABASF sobre a posibilidade de dispor nun local no antigo edificio do Consulado e Tribunal de Comercio para instalar nel a súa sede e o Museo. Así mesmo propuxeron a instalación dun segundo Museo de antigüedades eclesiásticas no edificio de Santo Domingo.[274]

A obtención dun local axeitado para instalar o Museo non foi un obxectivo sinxelo e, de feito, as xestións prolongáronse durante anos. Antonio de la Iglesia, a través dos xornais, denunciou repetidamente a falta de interese das autoridades no tema. Nun artigo titulado *Museos de la Coruña* publicado no xornal *El Anunciador* no 1876 denunciaba

> *Hay un público edifico en esta población, capaz y bello que no está ocupado lo bastante y que facilmente puede contener el museo de bellas artes y el de antigüedades y aún el archivo histórico. Esto da cierta importancia a una capital coma la Coruña, esto se halla mandado por nuestra legislación, y esto, consiguiente con ella así lo tiene pedido nuestra Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos. Tan llano como el punto se presenta ¿que*

272 IreneCalvo Mosquera aportanos a súa analise no artigo Os inicios na conservación do Patrimonio en España: Propostas da Comisión de Monumentos de A Coruña para unha lei especial de Monumentos Histórico-Artísticos. Páx. 477-488. Congreso José Canalejas e a súa época. Actas do Congreso en Ferrol. Santiago de Compostela, 2005.

273 As xestións da Comisión non deron resultado e finalmente a Sociedade Econmómica recollera o miliario para a súa colección propia.

274 ARABASF 47-4/2(88). 05/07/1875

> *resta a la prensa local? Excitar como hoy pretendemos hacer a nuestra autoridad a fin de que se sirvan no demorar ya por más tiempo la dotación de tan útiles mejoras a la capital de Galicia, que por falta de ellas pierde cada día elementos que al arte y a la ciencia histórica le son muy necesarios y mengua indebidamente la reputación de este gran pueblo.*[275]

A Comisión de Monumentos, no mes de marzo de 1875, elevou á RABASF o informe sobre o Pazo de Lestrove que lle demandara anos atrás a partir da información obtida nunha visita de anos anteriores. Este informe non foi do agrado da Academia *que* o xulgou ser *más literario que técnico*.[276] Os comisionados xustificaron a falta de rigor do informe alegando que non dispoñían de medios económicos para realizar unha nova viaxe que permitira un estudo máis completo do edificio.[277] Aproveitaron para lembrar á Academia que ata tres veces solicitaran sen éxito fondos á Deputación para os gastos ordinarios de Secretaría.[278]

Neste período da Restauración a Comisión da Coruña destacou sobre todo pola defensa dos edificios monumentais. No mes de decembro de 1874 a Comisión ordenou a suspensión de obras nos exconventos de San Francisco e de Santa María de Azogue, en Betanzos. Desde o Concello alegouse que os derrubes proxectados contaban co ditame favorable do arquitecto e non afectaban ao mérito artístico do conxunto arquitectónico dado que o único digno de conservarse era a igrexa e o primeiro corpo do claustro. As autoridades locais consideraron que a Comisión ao paralizar as obras *procedió de ligero y que no se halla enterada; que la parte demolida amenazaba ruína; que la acción del tiempo y el total abandono en que estuvo por espacio de treinta y tres años hicieron indispensable la demolición*. Neste contexto a Comisión, sen autoridade para deter as obras e sen de recursos económicos para desprazarse a Betanzos, solicitou ao párroco que recollera os obxectos de interese artístico ou curiosos das ruínas para garantir a súa conservación.[279]

O edificio de San Francisco de Betanzos seguiu ocupando a atención da Comisión nos anos seguintes. Antonio de la Iglesia solicitou a intervención do

---

275 A. De la Iglesia. *El Anunciador* Nº 4454 e 4466 Agosto, 1876. Ed. SAURÍN DE LA IGLESIA, 2008 Páxs. 225-230

276 ARABASF 47-4/2(46) 22/04/1875

277 ARABASF 47-4/2(46). 22/04/1875

278 ARABASF 47-4/2(88). 05/07/1875

279 ARABASF 47-4/2(85). 30/04/1875

Arcebispo no 1876 para evitar a demolición e ruína do claustro oxival do convento *cuya reparaciones tenemos entendido que hace meses se pretende por la Comisión de monumentos de esta provincia y está el asunto paralizado, nos dicen, por la apatía o descuido de la secretaría o curía eclesiástica lo que nos ha asombrado en gran manera pues esos descuidos o apatías las creíamos que sólo eran patrimonio de otra clase de oficinas de España.*[280]

Faustino Domínguez comunicou a situación do claustro ás Academias manifestado o malestar da Comisión de Monumentos pola falta de colaboración da Deputación e do Concello no relativo á conservación do convento de San Francisco.[281]

Ilus. 9 San Francisco de Betanzos

Nesta altura a través da prensa podemos comprobar como a Comisión de Monumentos era un referente na provincia coma protectora do Patrimonio Monumental. En xuño de 1875 o xornal *Diario de Santiago* publicou en primeira páxina un extenso artigo anónimo no cal se reclamaba a atención da Comisión ante os

280 A. de .la Iglesia*. El Anunciador* Nº 4466 de agosto de 1876. ed. SAURÍN DE LA IGLESIA, 2008 Páx. 225-230

281 ARABASF 47-4/2(88). 05/07/1875

intentos de modificación da Portada de Platerías.[282] Murguía, recoñecendo posteriormente a autoría do artigo, sostiña que o seu cargo na Comisión de Monumentos obrigábao a denunciar os atentados que puidera sufrir a portada da Catedral.[283]

Unha vez máis, Murguía, alegando a súa competencia coma integrante da Comisión, mantivo no 1876 unha polémica nos xornais co cura Antonio Ituarte. En varios artigos de *El diario de Santiago* cuestionou un polémico raspado de *limpeza* da fachada da igrexa de San Miguel de Agros e reclamou ao párroco que non danara no sucesivo a fachada con raspados tan agresivos.[284]

O recoñecemento social da Comisión coma garante da conservación do Patrimonio reflíctese tamén nos xornais *El porvenir* e *El Diario de Santiago*. Desde as súas páxinas, en agosto de 1875, solicitouse a intervención da Comisión para a defensa das Torres de Catoira e das Torres de Altamira, na Mahía.[285]



Ilus. 10 Torres de Altamira

A Comisión, en outubro de 1876 remitiu á RABASF un resumo da actividade desenvolvida nos últimos dous anos que foi acollido con gran estima pola Academia a cal gabou o celo e constancia despregados.[286] A RABASF comprometeuse a esixir ás autoridades locais responsabilidades con respecto ás demolicións de fábricas denunciadas pola Comisión.[287]

282 *El Diario de Santiago: De intereses materiales, noticias y anuncios* Nº 880 04/06/1875 Páx. 1

283 *El Diario de Santiago: De intereses materiales, noticias y anuncios* . Nº 885 11/06/1875 Páx. 3 Murguía participaba na Comisión como integrante nato, representando ao Arquivo Provincial.

284 *El diario de Santiago*. Nº 890 Páx. 1 17/06/1875

285 *El Diario de Santiago: diario de intereses materiales, noticias y anuncios*. Nº939 08/08/1875 páx.2

286 ARABASF 47-4/2(91) 24/10/1876

287 ARABASF 47-4/2(90) 20/09!876

A Comisión tiña entre as súas competencias a de firmar as autorizacións para realizar calquera actividade que afectara aos edificios monumentais. No 1877 Antonio firmou un informe autorizando a instalación no convento de San Clemente de Santiago das oficinas de Correo e telégrafos (Irene CALVO MOSQUERA, 2002:128)

Nos anos seguintes a Comisión continuou denunciando á RABASF o estado ruinoso do claustro de San Francisco de Betanzos e, no mes de abril de 1878, tivo que informala do derrube de tres lenzos das súas arcadas. A Comisión, dada a ruína do edificio, solicitou a intermediación da Academia para que obtivera fondos do Estado para acometer a restauración. Logo de múltiples xestións a Comisión acadou financiación para este proxecto da Deputación, do Concello e o Prelado e de doativos particulares.[288]

No eido da investigación arqueolóxica, Santiago de la Iglesia recompilou as investigacións arqueolóxicas que efectuara persoalmente nos últimos anos nos alrededores da Coruña, concretamente no Monte dos Bicos, partindo das inspeccións que realizara o seu pai desde a década dos cincuenta. [289]

Á marxe da actuación da Comisión de Monumentos, o investigador Barros Sibelo publicou *Antigüedades de Galicia* no 1875 e dous anos despois remitiu á RAH varios informes sobre as súas investigacións na provincia no marco das cales localizara dúas inscricións romanas e dúas medievais na área de



Antonio López Ferreiro (1837-1910).

Nado en Santiago de Compostela. Cursou Teoloxía Sagrada e titulouse coma Arquiveiro e Bibliotecario na Escola Superior de Diplomática.

Foi canónigo da Catedral de Santiago e dirixiu as escavacións da Catedral na procura dos restos do Apóstolo.

Entre as súas obras de contido histórico figuran Estudio histórico crítico sobre el Priscilianismo (1878); Galicia en el último Tercio del siglo XV (1883-1885); Lecciones de Arqueología Sagrada (1889); Fueros Municipales de Santiago y su Tierra (1895) e Historia de la Santa Iglesia de Santiago de Compostela (1898 e 1911).

Dirixiu o proxecto Galicia Histórica (1901-1903) .

288 ARAH CAC/9/7953/ (1); CAC/9/7953/7(2); CAC/9/7953/7(3) / ARABASF 47-4/2(48) e 47-4/2(49) 30/04/1878

289 Nas proximadades identificara numerosas rochas con inscripcións das cales aportou mapas e debuxos. O informe menciona a inspección de numerosos vestixios recoñecidos polo sue pai durante vinte anos de investigacións, entre eles figura un menhir en Elviña e outras formacións líticas que consideraba prehistóricas. *Informe acerca de unas supuestas inscripciones "fenicias o rúnicas" en el litoral de La Coruña*. CAC/9/7953/16(2) A recopilación de informes arqueolóxicos que Santiago de la Iglesas remitíu á RABASF no 1895 oi escrito no 1877.

Caldas de Reis e Cuntis e outras en distintas localidades da provincia da Coruña.[290]

Varios edificios monumentais da cidade da Coruña requiriron a atención da Comisión no 1878. Neste ano as autoridades locais prantexaron o traslado da Igrexa de Santo Domingo e o derrube da Colexiata para realizar no seu solar unha praza. Desde o xornal *La ilustración de Galicia y Asturias*, Manuel Murguía reclamou a intervención da Comisión de Monumentos para que impedira estas actuacións.[291]

Cara a finais da década dos setenta José Mará Labín e **López Ferreiro,**[292] futuro integrante da Comisión, efectuaron escavacións na Catedral de Santiago na pescuda das reliquias do Apostolo.[293] Desde os xornais *El Anunciador* da Coruña e a *Gaceta de Galicia* reclamouse a atención da Comisión de Monumentos para que se supervisara estas intervencións arqueolóxicas. Os achados destas intervencións foron de especial relevancia para a cidade de Santiago, reforzada coma centro de peregrinación.[294]

A Comisión de Monumentos seguiu especialmente activa nos oitenta. No 1880 elaborou un Catálogo de Monumentos da Provincia. Neste ano cubriuse a vacante de José Pastor coa inte**g**ración de Pedro Barrié y Pastor.[295]

290 ARAH CAC/9/7953/8(1);CAC/9/7953/8(2); CAC/9/7953/8(3); CAC/9/7953/8(4); CAC/9/7953/8(5)

291 La ilustración gallega y asturiana;revista quincenal ilustrada. Año 1 Nº 1 15 de xuño de 1878. Páx. 11 Afincado na Coruña nesta altura mantivo unha refrega con Murguía a raíz dunha nota a pe de páxina de Antíguedades de Galicia non favoreceu a súa participación nos circulos intelectuais onde Murguía acadara gran prestixio.

292 Rey Alvite, Jesús. *La labor fecunda de López Ferreiro. Boletín da Real Academia Galega*, T. 20 Nº 235-240 Páx. 153-394 1931 "*La extraordinaria asiduidad del señor López Ferreiro en los estudios históricos y arqueológicos durante cerca de medio siglo, tenía que producir un fruto copiosísimo, siendo de sentir, en bien de Galicia y de su Historia, que buena parte del mismo se halle desperdigado por los diferentes periódicos y revistas de su tiempo, muchas de cuyas publicaciones ya no existen y acaso tampoco las colecciones de ellas (.)//Por tanto resulta dificilísimo apreciar el conjunto de toda la labor publicista del sabio canónico compostelano, con perjuicio grande para la cultura histórica de Galicia, ya que por su desconocimiento casi total, deja de producir los apetecidos efectos*.

293 A descuberta dos restos óseos tivo lugar en xaneiro de 1879 e catro anos despois a Santa Sede acordou a súa lexitimidade autorizando o culto ás reliquias (FANDIÑO VEIGA, X.R. 2010:16).

294 Gaceta de Galicia. Nº 34 11 /02 /1879 Páx. 3

295 ARABASF 47-4/2(79) 30/11/1880

A Comisión tivo noticias no 1880 de obras e demolicións realizadas na Colexiata de Santa María do Campo na Coruña. Con este motivo solicitou información ao respecto ao Cabildo e solicitaron a RABASF a paralización das obras (Irene CALVO MOSQUERA,2002:129)

Na primeira metade da década dos oitenta a Comisión implicouse especialmente na defensa do conxunto monumental da Capela e Pórtico de San Andrés.[296]

O Maiordomo do Gremio de Mareantes informara á Comisión dos intentos de derribo do conxunto arquitectónico por parte do Concello en maio de 1881.[297] No mesmo mes, Antonio de la Iglesia publicou un artigo ao respecto no xornal *El Domingo*:

Es muy sensible que joya de tan estimado valor como el monumento descrito yazga sin los reparos que en él, sin duda, realizaría una bienhechora Comisión de Monumentos históricos y artísticos, a tener algunos fondos destinados a estos venerables objetos. Lo que unicamente ahora podrá hacer y hará la Comisión de la Coruña es procurar que así el Pórtico como otros monumentos de la provincia se conserven intactos. Y más el presente, que se quedaría en las manos si indiscretamente se soñase en removerlo a otro punto.[298]

A Capela de San Andrés foi derrubada no mes de xullo de 1881 polo cal a Comisión centrouse na defensa do Pórtico. Con estes obxectivo Antonio de la Iglesia elevou á RABASF un informe relativo ao seu mérito artístico e

Santiago de la Iglesia (1851-1931).

Realizou estudos de Medicina, profesión que exerceu no Ferrol.

Foi correspondente académico da RAH.

Herdou a afección de seu pai e tío á arqueoloxía. Dirixiu xunto co seu irmán Antonio de la Iglesia la publicación *Galicia, Revista Universal de este Reino.*

Reuniu unha importante colección de obxectos arqueolóxicos dos cales el mesmo publicou no 1907 o inventario, Catálogo de la Sección de protohistoria gallega de la colección de Santiago de la Iglesia.

Estos fondos foron doados posteriormente a Universidade de Santiago de Compostela.

296 Antonio de la Iglesia dedicou a San Andrés numerosos estudos. Saurín de la Iglesia recompílaos en Estudios Arqueológicos. Páxs. 419-513. A recompilación de Rosa María Saurín de la Iglesia da documentación e artigos de Antonio de la Iglesia recolle copias das actas de varias sesións da Comisión de Monumentos que figuran no Arquivo Saurín de la Iglesia. As recollidas son as relativas a reedificación da capela de San Andrés e do Pórtico.

297 Entre 1881 e 1884, Eusebio da Garda constrúe a actual igrexa neorrománica.

298 Antonio de la Iglesia. *El Pórtico de San Andrés de la Coruña. El Domingo*, Nº 20 1881. SAURÍN DE LA IGLESIA, R.M. 2008:425).

histórico reclamando a súa conservación. Segundo denunciou na prensa *los demoledores, impelidos de un vértigo extraordinario, saltaron al Pórtico, dejándolo casi al descubierto; y hubieran sin duda llevado más allá su intención y saña a no salirles al paso la Comisión de Monumentos históricos y artísticos.*[299]

A Comisión, en maio de 1882, propuxo cubrir o Pórtico de San Andrés para protexelo da choiva e con este fin nomeou unha subcomisión no seu seo para que se encargara do proxecto. Non foi necesario xa que apenas uns meses despois o Concello ordenou a demolición do Arco ofertando á Comisión de Monumentos a posibilidade de enumerar as pedras para a súa reubicación. Un informe da policía urbana avalaba a solicitude do Concello aludindo o estado ruinoso do Pórtico e a necesidade de proceder ao ensanche da vía pública. A Comisión lembrou ao Concello que o Decreto da Presidencia do Goberno de 16 de decembro de 1873 ordenaba que no caso de derribo dun monumento as entidades ou persoas responsable terían a obriga de reconstruílo.



Ilus. 11 Menhir de Elviña

299 Antonio de la Iglesia. *El Pórtico de San Andrés de la Coruña. El Domingo*, Nº 20 1881. 27/03/1881

Os integrantes da Comisión mantiveron postura dispares sobre o traslado do Pórtico polo cal delegaron na RABASF a decisión a tomar.[300] Nestes meses, a Comisión de Monumentos viuse afectada por baixas de enfermidade que dificultaron a celebración de sesións e toma de acordos. Faustino Domínguez e Antonio Goumes-Gay amosáronse favorables ao traslado do Pórtico. Pola contra, Antonio de la Iglesia, partidario da súa conservación *in situ,* propuxo que o Pórtico se incluíra no cerramento da nova capela de San Andrés alegando que o trasladado era inviable debido a mala calidade dos materiais. A Comisión, en novembro de 1883, finalmente elevou un informe á RABASF no cal se declararon a favor do traslado do Pórtico.

Ao marxe da Comisión de Monumentos, Antonio de la Iglesia a nivel individual solicitou ao Gobernador que paralizara a orde de derrube do Concello. Manténdose na súa postura de disconformidade co derrube remitiu a comezos de 1884 un informe á Academia encarecendo o mérito histórico e artístico do Pórtico.[301]

A RABASF non apoiou a Antonio de la Iglesia e, no mes de xuño de 1884, pronunciouse a favor do traslado alegando que *no se ha de oponer sistemáticamente una resistencia invencible al nuevo desarrollo de poblaciones floreciente en su nuevo modo de ser y vida actual, sin que para ello concurran razones muy poderosas,…"* [302] Antes de que se procedera o traslado do Pórtico a Academia ordenou que se enumeraran os sillares e que a reubicación se realizara baixo vixilancia da Comisión de Monumentos no sitio esta sinalara de acordo co Concello.

A maiores da defensa dos conxuntos monumentais a Comisión nos oitenta continuou coas xestións de cara á formación dun museo. Antonio de la Iglesia nos artigos publicados en *El Domingo* propoñía coma ubicación as galerías do claustro de San Francisco da Coruña onde se conservaban numerosas lápidas. Afirmaba que el mesmo aportaría aos fondos do museo materiais provintes de sepulcros de ladrillo atopados no antigo número cinco da Calle Real.[303]

300 ARABASF 43-3/4(3) 14/01/1884

301 ARABASF 43-3/3(3) 14/01/1884 e Sesión da Comisión de 14 de xaneiro de 1844. SAURIN DE LA IGLESIA, R.M. (2008:648)

302 BRABASF Nº 53 Páxs. 80-84 Ano VI Marzo de 1886 e ARABASF 43-3/4(5) 04/06/1884

303 *San Francisco de la Coruña. El Domingo* Nº 11 e *Museo de la Coruña. El Domingo*. Nº 13.1881. SAURÍN DE LA IGLESIA, R. M. (2008 : 238).

Faustino Domínguez Coumes-Gay (1845-1900).

Académico da R.A.B.S.F. desde 1883. Sucedeu o seu pai na presidencia da Real Academia de Belas Artes da Coruña.

Fillo de Faustino Domínguez Domínguez, herdou a súa profesión e exerceu coma Arquitecto provincial na provincia da Coruña e coma arquitecto titular municipal de Ferrol e Santiago.

A Comisión, ante a inminente formación do museo, no 1882 acordou solicitar a particulares donativos ou depósitos de obxectos artísticos e históricos. Co mesmo obxectivo solicitou á RABASF a cesión de óleos, esculturas e outros obxectos de arte.[304] Neste caso a Academia recomendou á Comisión que se dirixira ao Ministerio de Fomento para solicitarlle fondos culturais. ***305***

As expectativas da Comisión de acadar un museo desvanecéronse nos anos seguintes.*306* Antonio de la Iglesia no 1885 lamentaba no xornal *Las Noticias* que a cidade da Coruña perdera a oportunidade de contar cun museo propio:

Por haberse desperdiciado ocasión de tener esta capital sitio a propósito para la custodia de los objetos arqueológicos y Museo de la provincia, ha perdido y pierde ella diariamente y la más populosa ciudad de Galicia porción de aquellos elementos que servirían para esclarecer puntos históricos importantes y curiosos, de cuya escasez o pérdida se quejan a menudo amargamente los galicanos escritores y los que, dados a la historia patria, de vez en cuando procuran empujar por este beneficioso camino el progreso de la Nación española. *307*

A Comisión Máis tivo máis éxito nas xestións realizas para acadar un bibliotecario que permitira a apertura ao público da esquecida biblioteca que se formara no 1843 cos volumes nacionalizados (SANCHEZ GARCÍA, J.A. 2006:129).

304 ARABASF 43-3/4(1) 22/05/1882

305 ARABASF 43-3/4(2). 1882/06/07

306 Fracasado este proxecto da Comisión da Coruña, o Goberno central, no 1886 prantexou a necesidade de constituir un Museo Arqueológico Central de Galicia. Nese ano comisionou a Villaamil y Castro para que realizara un informe sobre a a dispoñibilidade de materiais arqueolóxicos en Galicia. Para a confección do informe Villaamil y Castro percorreu as localidades galegas examinando os obxectos reunidos en coleccións públicas e privadas. O resultado das súas averiguacións recolleuse na Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en Santiago Villaamil y Castro, Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, 1887

307 *Las Noticias*, 20 de xuño de 1885 Nº 2914. Saurín de la Iglesia, R.M. 2008:498.

Na provincia da Coruña en materia arqueolóxica apenas temos constancia de intervencións prácticas vinculadas directamente á Comisión, máis alá das practicadas a nivel individual polos irmáns De la Iglesia. Nestes anos o académico Barros Sibelo, desviculado nesa altura das Comisións, remitiu á RAH no 1883 informes e achados arqueolóxicos froito das súas investigacións prácticas.[308]

A actividade da Comisión nesta década foi cuantiosa se ben únicamente podemos documentar aquelas actuacións que pola súa relevancia acadaron a atención das Academias e dos xornais. A esta actividade engadimos outras actuacións ordinarias das cales os xornais locais apenas nos aportan breves referencias.

Entre as actividades ordinarias da Comisión figuraba a de autorizar obras menores nos edificios monumentais. Citamos coma exemplo que o director do Gran Hospital, da praza do Obradoiro, no 1884 non puido abrir unha ventá na fachada principal do edificio por carecer de informe favorable da Comisión de Monumentos.[309]

A Comisión tiña tamén competencias na supervisión de intervencións menores no Patrimonio. Así no1887 informou á RABASF sobre as tarefas de limpieza e restauración do cruceiro da igrexa do Hospital de Santiago realizados polo comisionado Faustino Domínguez Coumes-Gay que consistiran na retirada de ornamentos engadidos no 1830.[310]

A Comisión tamén informou á RAH no 1889 sobre os *actos vandálicos* sufridos pola Igrexa románica de

Manuel Martínez Murguía (1833-1923)

Iniciou a carreira de Farmacia en Madrid.

Casado con Rosalía de Castro, retornou a Galicia onde editou e publicou numerosos artigos en El Diario de La Coruña e La ilustración Gallega y Asturiana.

Publicou por entregas o inacabado Diccionario de escritores gallegos (1862-1865). Entre 1865 e 1866 saíron a luz os dous primeiros tomos de Historia de Galicia.

Exerceu coma arquiveiro no Arquivo do Reino de Galicia, a seguir ocupou unha praza na Biblioteca da Universidade de Santiago e, a partir de 1894, no Arquivo provincial de Facenda da Coruña.

O seu ideario galeguista e as teses sobre o celtismo acadaron un fondo arraigo político e cultural.

Participou na creación da Real Academia Galega no 1906 a cal presidiu ata o seu pasamento.

308 GA 1883/2(1) Os acahdos consistían nun machado de bronce, unha lucerna de barro e un vaso lacrimatorio en admirable estado de conservación, e duas moedas, unha delas de Egica acuñada en Xirona. Os materiais foran atopados nas proximidades da mina abandonada de Limideiro perto de un dolmen de San Martín de Meanos, Corcubión.

309 *Gaceta de Galicia; diario de Santiago*. Nº 1699 15/12/1884 Páx. 2

310 ARABASF 43-3/4(6) 20/04/1887 e 43-3/4(7) 09/07/1887

Santa María de Azogue de Betanzos solicitando á Academia que restaurara o templo.[311]

Outra das tarefas ordinarias da Comisión era a de intermediar na remisión de achados e noticias históricas ou arqueolóxicas. Temos documentado que través da Comisión Arias Sanjurjo intercambiou no 1887 correspondencia coa RAH relativa ás investigacións realizadas nos castros de Roxos e de Gomarás, nas proximidades de Santiago.[312] Comezada a década dos noventa, a Comisión remitiu á RAH un calco dunha inscrición do 912 da Ponte de Tabeada sobre o Deza.[313]

Entre as obrigas da Comisión figuraba a de realizar informes sobre os méritos históricos e artísticos dos edificios para as Declaracións de Monumento Nacional. A primeira Declaración da provincia recaeu en Santa. María de Sar no 1895. En decembro do ano seguinte acadou a distinción a Catedral de Santiago e a seguir obtívoa o convento de San Francisco de Betanzos.[314]



Ilus. 12 Real Hospital de Santiago de Compostela

No relativo a composición da Comisión durante esta década sabemos que Andrés Martínez Salazar remitiu á RAH os seus méritos profesionais interesándose no nomeamento coma académico correspondente. O nomeamento permitiulle a integración coma vocal da Comisión de Monumentos no mes de maio de 1893.[315]

A distancia xeográfica fora desde sempre un atranco para a Comisión de Monumentos da Coruña a hora de intervir na cidade monumental de Santiago de Compostela e no seu entorno. A RABASF e RHA en decembro de 1894 trasladaron á Comisión da Coruña o acordo de crear unha Subcomisión de Monumentos en Santiago de

311 ARAH CAC/9/7953/11(1); CAC/9/7953/11(2) CAC/9/7953/11(3)

312 ARAH CAC/9/7953/10 (1); CAC/9/7953/10(2); CAC/9/7953/10(3)

313 ARAH CAC/9/7953/12

314 ARAH CAC/9/7953/14

315 ARABASF 43-3/4(14) 10/05/1893 e 43-3/4(15)10/07/1893

Compostela para atender dun xeito máis directo á conservación dos monumentos da Idade Media e do Renacemento desa cidade histórica.[316]

A Subcomisión contou coma representantes da R.H.A. con Antonio López Ferreiro, José Mª Fernández Sánchez[317] e a Antonio Vázquez-Queipo[318]. Representando á RABASF integrárona Luís Rodríguez Seonae, Francisco González[319] e a Eloy Leñan.[320] Lamentablemente non contamos con información relativa ás actuacións que realizou esta Subcomisión e descoñecemos ata cando permaneceu activa. Resulta evidente a coincidencia de individuos integrados nesta Subcomisión de Santiago e os vinculados á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela.

A altura de 1897 a Comisión de Monumentos estaba conformada por Filiberto Abelardo Díaz coma Presidente; por Benigno Rebellón como Vicepresidente e cos vocais Manuel M. Murguía, Faustino Domínguez Coumes-Gay, Ramón López de Vicuña, José González Giménez, Leopoldo Sánchez e, actuando coma Secretario, Andrés Martínez Salazar.[321] O orzamento da Comisión de Monumentos nesta altura ascendía a 500 pesetas.[322]

316Na cidade de Mérida tamén se establecera unha de subcomisións para poder atender de xeito específico o seu cuantioso patrimonio.

317 José Mª Fernández Sanchez. Asturiano de orixe, licenciouse en Dereito e doutorouse en Filosofía e Letras na Universidade Central. Desde 1864 exerceua cátedra de Filosoifa en Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Foi socio de mérito da Sociedade Económica e académico da RAH Xunto con Francisco Freire publicou *Santiago, Jerusalén y Roma, diario de una peregrinacón a estos y otros santos lugares de España. Francia Egipto Palestina, Siria e Italia* (1875); *Historia de los pueblos orientales hasta la época de Alejandro e Guía de Santiago y sus alrededores* (1885). *Galicia Histórica: Revista bimestral*. Ano II Nº 9 maio de 1903 Páxs. 43-48

318 Antonio García Vázquez-Queipo.Nado en Valdeorras licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago e doutorouse en Madrid. Foi Redactor de *La Esperanza* e realizou nomerosas traduccións. Publicou Estado de las personas en la familia según las costumbre y leyes germánicas. Defensor da lingua vernácula editou Enmienda de algunos vicios de locución a que propenden los naturales de Galicia.A este intelectual adícalle unha semblaza ilustrada *El Eco de Galicia.* Nº 211 30/08/97 Páxs. 1 e 2

319 Doutor en letras e reitor da Colexiata do Sar e catedrático de Arqueoloxía no Seminario central de Santiago

320 ARABASF 43-3/4(20) 20/12/1894

321 ARABASF 43-3/4(23). 16/07/1897

322 *El pensamiento gallego: diario católico-tradicionalista* S.N. 12/04/1897 Páx. 3

Finalizando o século, a Comisión solicitou fondos para a restauración e conservación do convento de San Francisco de Betanzos.[323] Murguía, Martínez Salazar e Goumes-Gay visitaron Betanzos no mes de abril co obxectivo de examinar o templo e emitir un informe relativo aos seus méritos históricos e artísticos.[324] Coma medida de protección, no 1897, solicitaron á *Dirección General de Instrucción Pública* a declaración de Monumento Nacional para este edificio.

No ámbito arqueolóxico, Santiago de la Iglesia remitiu en maio de 1895 á RAH un extenso informe titulado no que recollía apuntes e fotografías realizados polo seu pai ao longo de vinte anos baixo o título *Reseña de las inscripciones fenicias o rúnicas del litoral de la Coruña descubiertas por D. Francisco Mº de la iglesia*.[325] Fidel Fita, desde a RAH, interesouse por estas insculturas do litoral coruñés e promoveu un abundante intercambio de comunicacións coa Comisión ao respecto durante o 1897.[326] No informe aludíase tamén ás exploracións efectuadas en As Pontes de García Rodríguez por Santiago de la Iglesia no transcurso das cales atopara frechas, machados neolíticos, ánforas de barro e varios túmulos. Nas circulares intercambiadas coa RAH De la Iglesia ilústranos as circunstancias nas que se realizaba a práctica da arqueolóxica nesta altura:

> *..no he concluído mi estudio a satisfacción porque gasté allí bastante dinero en jornales y excavaciones y la labor individual tiene un límite muy restringido cuando no se posee una fortuna y se vive del trabajo intelectual, de municipios y diputaciones no hay que esperar socorro ni ayuda.*[327]

A través da prensa comprobamos que os comisionados realizaban visitaban aos edificios para os que solicitaba permiso de obras. Así, no 1900, o cura de Carvás obtivo autorización para trasladar a súa igrexa parroquial os altares laterais, imaxes e obxectos sagrados do exconvento de Montefaro. A Comandancia de enxeñeiros de Ferrol non permitiu o traslado das campás e do altar maior por non figurar na

323 ARAH CAC/9/7953/15 (1); CAC/9/7953/15(2); CAC/9/7953/15(3); CAC/9/7953/15(4);

324 *El pensamiento gallego : diario católico-tradicionalista* S.N. 20/04/1897 Páx.2 e CAC/9/7953/15(5)

325 CAC/9/7953/16(2) *Informe acerca de unas supuestas inscripciones "fenicias o rúnicas" en el litoral de La Coruña*. 1895

326ARAH CAC/9/7953/16(1); CAC/9/7953/16(2); CAC/9/7953/16(3)CAC/9/7953/16(4); CAC/9/7953/16(5); CAC/9/7953/16(6); CAC/9/7953/16(7); CAC/9/7953/16(8); CAC/9/7953/16 (9)

327 CAC/9/7953/16(9) 17/11/1897

concesión da Comisión e por considerar que o citado altar constituía unha obra de arte que debía ser respetado tal e como manifestara a Comisión de Monumentos que fora a examinalo.[328] Anos despois o Goberno Civil notificou á Comisión de Monumentos que debía recoller todos os obxectos de valor histórico que se conservaran no edificio.***[329]***

A vinculación da Comisión de Monumentos coa RAG

A altura de 1903, na Comisión causaran baixa por falecemento Faustino Domínguez e o recén incorporado Leopoldo Sánchez e cesara por traslado José González Jiménez.***[330]*** Coma integrantes activos contaba unicamente con Manuel Murguía, Andrés Martínez Salazar e Ramón López de Vicuña.[331] Co obxecto de cubrir as vacantes, a Comisión reorganizouse no 1904 incorporando a integrantes de prestixio no eido arqueolóxico.

Federico Maciñeira Pardo[332] solicitou á R.H.A. a súa adscrición á Comisión de Monumentos en febreiro co motivo do seu traslado profesional desde Lugo a Ortigueira***.[333]***

328 O convento de Montefaro a comezos de 1906 foi cedido por R.O. do Ministerio de Facenda ao de Guerra para mellorar a defensa do porto de Ferrol Gaceta de Galicia. Nº 127 10/06/1900 Páx. 2

329 *El Norte de Galicia: diario político y de información*. Nº1493 14/02/1906

330 ARABASF 43-3/4(29). 05/03/1903

331Ramón López de Vicuña (1852-1909). Doutror en Filosofía e Letras e afeccionado á Arqueoloxía. Exerceu como catedrático no Instituto da Coruña desde 1878 ata o seu traslado a Madrid no 1907. Colaborou asiduamente na prensa publicando artigos sobre arquitectura relixiosa. Publicou os manuaisl *Curso elemental de hjistoria de España* (1893); *Curso elemental de Geografía* (1881)….

332 *Juan Carlos, Domínguez Pérez. Maciñeira y los estudios de identidad en el nacimiento de la protohistoria Gallega Analiza as achegas de Maciñeira ao estudo da protohistoria galega. Revista Atlántica-Mediterránea de Prehistoria y Arqueología Social,* 11 Páxs. 171-221 Cádiz, 2009

332 Na reedición do Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia do 2008 publicada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza recóllense os estudos sobre a vida e obra de Ángel del Castillo de Alfredo Vigo Trasancos e Lois Ladra.

333ARABASF 43-3/4(31) 03/02/1904 e 43-3/4(32). 24/04/1904

Federico Maciñeira y Pardo de Lama (1870-1943).

Nado en Ortigueira. Académico da RAH, da RAG, da Sociedade Arquelóxica de Pontevedra, Cronista de Ortigueira;..

Nos noventa realizou investigacións no entorno de Ortigueira. Nesta etapa publicou Investigaciones prehistóricas de Galicia (1895); Crónicas de Ortigueira (1892); Los Castros prehistóricos en Galicia (1897 por entregas ata o 1900); Un interesante bronce (1902); Restos de una pesquería en Galicia (1896); Piedra oscilante de Samarugo (1896); Los Fenicios en Galicia (1896); El Santuario de S. Andrés de Teixido (1907);…

Nos anos vinte retomou as súas investigacións e mantivo relacións cos integrantes do Seminario de Estudos Galegos .

Nesta etapa publicou Nuevos hallazgos arqueológicos en el Puerto de Bares (1928) e Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos en la cuenca superior del Eume (1929);… A modo recopilatorio publicou Bares: puerto hispánico de la primitiva navegación occidental (1847).

.

A finais de 1904 incorporáronse á Comisión Antonio López Ferreiro e Francisco Javier de Salas Carvacho. Representando á RABASF integrouse o pintor Román Navarro García, o escultor Isidoro Brocos Gómez e Gumersindo Pardo Reguera, todos eles vinculados a Escola de Belas Artes da Coruña.[334]

Neste ano de 1904 instalouse a RAG, entidade coa cal a partir a Comisión mantivo unha estreita vinculación. Os comisionados na súa meirande parte dispuxeron conxuntamente dos recursos facilitados por ambas organizacións para desenvolver as súas actividades en defensa do Patrimonio. O Boletín da RAG serviu aos membros da Comisión como medio de expresión no cal publicar as súas contribucións á investigación histórica

Entre as actuacións da Comisión que podemos recuperar na prensa nesta etapa figura a defensa da Fachada do Obradoiro. A comezos de 1908 o Cabildo da Catedral de Santiago comezou a aplicar pintura branca, gris e dourada ás estatuas e releves da portada da Catedral. No mes de maio a RAH solicitou que se interrumpiran estes traballos.[335] A RABASF interesouse no tema no mes de xullo a raíz do artigo publicado en *El Eco de Santiago*, segundo o cal a intervención era innecesaria e antiartística.[336]

As obras iniciáranse por indicación de López Ferreiro baixo a súa dirección e, segundo el mesmo manifestou á Academia, os traballos fixéranse *limitándose únicamente a la limpieza y extracción de hierbas, rellenando con cemento los interesticios causados por las raíces; que para esto no creía necesario presentar proyectos ni memoria, remitiéndose solamente a los estudios y trabajos hechos por*

334 ARABASF 43-3/4(34) 11/10/1904

335ARABASF 43-3/4(8) 22/05/1908 e 43-3/4(10) 26/05/1908

336 ARABASF 43-3/4(11) 22/07/1908

el notable arquitecto don Fernando Casas, constructor de aquella fachada, cuyos documentos se conservan en el archivo de esta Santa Iglesia. Asegurou ter suspendido as obras en canto coñeceu as comunicacións das autoridades.[337] A Comisión de Monumentos, informada do sucedido no mes de xullo, solicitou a Antonio López Ferreiro e a Antonio García Vázquez-Queipo un informe ao respecto.[338]

Ilus. 13 Castro de Céltigos, Ortigueira

A nivel arqueolóxico destacamos pola súa transcendencia a celebración da Exposición de Santiago de1909 que contou cun Pavillón Arqueolóxico instalado no edificio de San Clemente, onde permanecía instalada aínda a colección do Museo Arqueolóxico que formara a Sociedade Económica. Para a organización da Exposición creouse unha Sección de Arqueología e Historia vinculada á Sociedade Económica de Amigos do País que tiña o cometido de recoller e seleccionar os obxectos históricos e arqueolóxicos das catro provincias galegas. Nesta tarefa participaron activamente os correspondentes das Comisións de Monumentos galegas.

337 ARABASF 43-3/4(12a) 28/07/1908

338 ARABASF 43-3/4(12a) 28/07/1908

Pablo Pérez Costantí. (1857-1936).

Estudou Medicina e parcialmente Farmacia.

Foi Académico da RAG, RAH e RABASF. Exerceu coma Arquiveiro Municipal de Santiago.

Publicou artigos históricos en La Gaceta de Galicia, La Voz de Galicia, El Eco de Santiago, Faro de Vigo, Café con Gotas e participou en Galicia Diplomática, Revista Gallega, Almanaque Gallego,….

Publicou *Biografía del escultor Ferreyro* (1898); tres volumes de *Notas viejas galicianas* (1925-1927); *Diccionario de Artistas que florecieron en Galicia durante los siglos XVI y XVII* (1930); Historia del periodismo Santiagués e Linajes Galicianos.

A altura de xuño de 1910 conformaban a Comisión Manuel Murguía, Román Navarro, Isidoro Brocos, Gumersindo Pardo Reguera e Andrés Martínez Salazar.[339] Coma integrantes natos participaban o Presidente da Deputación, o Alcalde, o Director de Instituto Xeral e Técnico, Julio Galán coma arquitecto provincial e Julio Iglesias coma bibliotecario.[340] Coma académicos da RABASF no 1913 ingresaron **Ángel del Castillo,**[341] César Vaamonde Lores,[342] Eugenio Carré Aldau[343] e a Jaime Ozores Pardo.[344]

A Comisión a pesar dos atrancos nunca renunciara á instalación dun Museo de antigüedades. Este tema reactivouse a finais de 1910, ao aparecer nas proximidades do pazo municipal da Coruña, diversos restos de fábrica dun muro romano. Os obxectos achados foron recollidos pola Comisión para *el Museo que tiene en formación la Comisión de Monumentos y la Real Academia de Bellas Artes de la provincia*.

A Comisión elevou ás Academias no 1910 o Catálogo Monumental dos edificios de interese da provincia, confeccionada polo padronés Rafael Balsa de la Vega.[345] O Catálogo mereceu o recoñecemento da

339 ARABASF 43-3/4(40) 13/06/1910

340 La correspondencia gallega; diario de Pontevedra. Nº 6207 01/11/1910

341 Na reedición do Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia do 2008 publicada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza recóllense estudos sobre a vida e obra de Ángel del Castillo de Alfredo Vigo Trasancos e Lois Ladra.

342 César Vaamonde Lores (1867-1942) Membro fundador de Liga Gallega, das Irmandades da Fala, de Solidaridad Gallega e da RAG. Desde 1907 exerceu como arquiveiro e bibliotecario da RAG e publicou no seu Boletín abundantes artigos de temática histórica,

343 Eugenio Carre Aldrau (1852-1932). Editor de ideoloxía galeguista participou na Cova Céltica e membro da RAG

344 ARABASF 58-18/4(1) 17/02/1913

345 Balsa de la Vega, nado en Padrón, realizou os Catálogos Monumentais das provincias da Coruña (1910-1912), Lugo (1913) e Pontevedra (1908). O Catálogo de Ourense (1915) foi realizado por Cristóbal de Castro. Balsa de la

Comisión por incluír monumentos pouco ou nada coñecidos da provincia.[346]

Nestes anos a Comisión interveu na defensa do epígrafe da Torre de Hércules, asunto que atraeu o interese da RAH no 1911.[347] Esta Academia recibiu tamén un informe da Comisión relativo a un denario Nigriniano, doado ao Museo Británico por Edward S. Dodgson que publicara un artigo sobre o mesmo en *La Gaceta de Galicia*.[348]

A Comisión de Monumentos en maio de 1915 aprobou en asemblea apoiar unha proposta do Bispo auxiliar da diocese de Santiago para a restauración da Catedral de Santiago. Na mesma asemblea decidiron tamén que o arquitecto provincial Losada se desprazara a Betanzos para informarse de *determinadas tropelías artísticas* sucedidas nesa vila. Os académicos acordaron tamén nomear a Román Navarro coma representante da Comisión na *Xunta consultiva sobre edificios destinados a espectáculos públicos*.[349]

En Santiago de Compostela no 1915 prantexouse a reubicación da estatua de Montero Ríos na Praza do Hospital (actualmente do Obradoiro) en contra da opinión de numerosas sociedades culturais e prestixiosas personalidades que consideraban que afectaba negativamente a perspectiva da monumental praza. A Comisión de Monumentos consultada ao respecto *por no incurrir en el enojo de ciertos poderosos*

Ángel del Castillo López (1885-1961).

Académico da RAH. e membro da RAG Foi Cronista Oficial da Coruña desde 1946.

Desde 1922 presidiu a Academia de Bellas Artes de Coruña e foi Director do seu Museo. .

Publicou *La arquitectura cristiana en Galicia* (1906); *Los Castros gallegos: protohistoria* (1908); Burgo del Faro: sus iglesias antiguas (1915); *Por las montañas de Galicia* (1914); *El patrimonio artístico de Galicia, La arquitectura en Galicia,1 Hachas de bronce de talón* (1927); *El Pórtico de la Gloria, estudio preliminar* (1949): *Notas históricas y monumentos más interesantes de la Coruña* (1948); e *Monasterio de Sobrado de los Monjes*.

No 1972 publicouse *postumamente Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*.

Vega publicou ademais no BRAG diversos artigos de contido arqueolóxico: *Enigma arqueológico* (Nº 26, 1909), Lugo Romana (Nº 74, 1913), Notas arqueológicas (Nº 58 , 92);…

346*Boletín de la Sociedad Española de Excursiones* Nº 24 de 1910

347 ARAH CAC79/7953/19 (1); CAC/9/7953/19(2); CAC/9/7953/19(3)

348 ARAH CAC/9/7953/18(1); CAC/9/7953/18(2)

349 *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias.* S.N. 08/05/1915

Ilus. 14. Torre de Hércules

caciques, que ejercen su feudo en aquella región, rehuyó el contestar concretamente a la consulta, y acordó, alegando fútiles pretextos, inhibirse, desobedeciendo así la orden del Ministerio.[350]

A Comisión entre 1909 e 1917 dedicou un gran esforzo a xestión do traslado dos libros depositados no Arquivo da Delegación de Facenda da Coruña procedentes dos conventos suprimidos, en especial de Montefaro. A Comisión tivo moitas dificultades para acadar un destino para estos fondos, inicialmente solicitados pola RAG, e que finalmente remataron no Arquivo da RAH.[351]

A Comisión incorporou coma integrantes a Eladio Oviedo y Arce,[352] José Seijo Rubio[353] e a Ramiro Fernández Valbuena[354] no verán de 1916.[355] Neste ano os comisionados instruíron a declaración de Monumento Nacional para a Praza de Alfonso XII de Santiago de Compostela.[356]

350 Diario de Galicia: periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general Nº 2111 18/09/1915 Páx.1

351 ARAH CAC/ 9/7953/20(1) 01/06/1909; CAC/9/7953/20(3) 24/06/1910; CAC/9/7953/20 (1) 18/05/1917; CAC/9/7953/20(04) 03/06/1910; CAC/09/7953/20(6) 11/09/1916; CAC/9/7953/20(8) 31/07/1917

352 Eladio Oviedo Arce (1864-1918). Académico RAG Licenciado en Filosofía e Letras, Doutor en Teoloxía exerceu coma profesor de Historia Eclesiástica e Arqueoloxía Sagrada. Pertenceu ao Corpo de Arquiveiros e Bibliotecarios e exerceu coma Xefe do Arquivo Rexional de Galicia. Entre a súa producción escrita no eido histórico figura *Precedentes y estado actual de los estudios de Arqueología Sagrada* (1891), *Informe sobre el valor de los Documentos Pontevedreses considerados como fuente del tema "Colón español"; Itinerario de Antonino; López Ferreiro y su obra; Dos nuevos torques de oro*;… Moitos dos seus estudos foron publicados no boletín da RAG ou consérvanse inéditos no seu Arquivo. Discipulo de López Ferreiro participou con el no proxexto Historia de Galicia (1901-1903). Foi un dos membros fundadores da RAG

353 José Seijo Rubio (1881-1970). Catedrático de Debuxo e Caligrafía e destacou como pintor. Membro da RAG e da Academia de Belas Artes da Coruña

354 Ramiro Fernández Valbuena (1847-1922). Bispo auxiliar de Santiago de Compostela. Publicou numerosa bibliografía de carácter relixioso.

355 ARABASF 58-18/4(3) 07/07/1916

356 ARAH CAC/9/7953/23(1); CAC/9/7953/23(2)

A Comisión supervisou a restauración efectuada no Pazo Arcebispal de Santiago de Compostela. No 1917 remitiu á RAH ata vinte e oito fotografías do edificios acollidas con satisfacción pola Academia.

Nestes anos San Francisco de Betanzos reclamou novamente a atención da Comisión. Cara ao mes de xullo de 1916 os comisionados solicitaron a paralización das obras que se estaban a realizar no edificio coa autorización do Gobernador e sen contar coa aprobación académica previa. A comunidade franciscana acelerou a destrucción de dúas capelas do templo e construíu un edificio residencial adosado á fachada lateral sur da Igrexa.

O arquitecto Repullés emitiu un informe negativo sobre o anexo por sobrepasar á altura da Igrexa e afectar á solidez e estética da Igrexa. En decembro de 1917 a RAH propuxo a demolición deste anexo se ben finalmente aceitou a proposta da RABASF de modificar unicamente a altura do engadido.O arquitecto Repullés modificou o seu parecer inicial e propuxo que o anexo se conservara integramente. A Comisión de Monumentos, desconforme, solicitou que se respetaran os acordos tomados.[357]

No mes de febreiro de 1918 a Comisión reuniuse en asemblea contando coa asistencia de Murguía, Tettamancy, Martínez Salazar, o alcalde Navarro e o marqués de San Martín. A Dirección de Belas Artes solicitaralles informes sobre os edificios públicos de mérito que necesitaban reparación. Os comisionados manifestaron que por falta de recursos económicos non podían visitar os edificios e que unicamente podían contribuír recabando informes aos vocais residentes nas vilas onde houbera edificios de interese artístico e histórico. Deste xeito procederan xa cando solicitaran ao Bispo auxiliar da Diócese de Santiago, Fernández Valbuena, o estudo do coro da Catedral de Santiago.[358]

Ilus. 15 Sobrado dos Monxes

357 ARABASF 58-18/4(8) 31/08/1918 e Acta da Comisión de´Monumentos da Coruña de 29/08/1918. BRAH Nº73 Páxs. 385-387 e CAC/9/7953/27(2) 20 / 04/1918 / CAC/9/7953/27(1) 26/04/1918

358 *El Correo de Galicia. Diario independiente de avisos y noticias*. Nº5171 26/02/1918

Martínez Salazar (1846-1923)

Estudou na Escola Superior de Diplomática de Madrid. Exerceu coma arquiveiro no Arquivo Xeral de Galicia.

Foi académico da R.H.A.; da Real Academia de Belas Artes; da Sociedad Económica de Amigos do País, da Real Academia Española da Lingua, da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra,….

Membro fundador da RAG, presidiuna efimeramente no ano do seu pasamento, 1923.

Editou *Revista Galicia* e impulsou o proxecto da Biblioteca Gallega. Foi Cronista Oficial da Coruña entre 1889-1923.

Publicou *Crónica Troyana, documentos gallegos de los siglos XIII al XV* (1911); *El cerco de la Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita* (1889);…

A Comisión seguiu ocupándose de San Francisco no verán de 1918. Unha numerosa comisión de veciños de Betanzos solicitou a súa intervención para que velara pola conservación do templo e paralizara a cesión de terreos públicos anexos ao edificio nos cales os Franciscanos construíran un xardín adosado ao templo.[359]

As Comisións de Monumentos dotáronse de novo Regulamento en agosto de 1918 o cal levou consigo a súa reorganización. A presidencia da Comisión da Coruña recaeu en Manuel Murguía, Tettamancy ocupou a Vicepresidencia e Martínez Salazar a Secretaría. Coma vocais participaron José Seijó Rubio, Abad Conde, Morán, Maciñeira, Navarro, Martín y Saborit, e Martínez-Moras.

Apenas contamos con referencias de actuacións da Comisión nos anos seguintes á reorganización de 1918. Sabemos que neses anos as Comisións participaron na elaboración de informes relativos ao mérito histórico e artístico dos numerosos monumentos que foron incluídos na Declaración múltiple de Monumentos Nacionais de 1923.

Finalizando o 1923 a Comisión de Monumentos atendeu a solicitude do cura párroco de Santa María de Azogue que pediu permiso para construír unha caseta adosado ao ábside desa Igrexa. A Comisión desprazouse a Betanzos para realizar un informe ao respecto.[360]

No 1926 integrantes da Comisión acadaron nomeamentos significativos. A participación de Seijo Rubio na Exposición Nacional de Belas Artes supúxolle o nomeamento coma Delegado Regio de Bellas Artes na provincia. Eugenio Carré foi nomeado Cronista da Cidade da Coruña.

A Comisión celebrou asemblea en outubro de 1926. Descoñecemos se a acta desta xuntanza transcendeu por ter cun carácter extraordinario ou se con carácter

359 *El regional diario de Lugo* Nº 11940 05/06/1918 Páx. 2

360 ARABASF 58-18/4(11a) 09/11/1923

ordinario a Comisión celebraba asembleas similares. A orde do día da asemblea reflicte unha actividade intensa.

Na acta da sesión recóllense as xestións efectuadas pola Comisión en defensa da igrexa de San Pedro de Redonda, Corcubión, afectada por unha orde de derrube. Con respecto a formación do Catálogo Monumental e Artístico da provincia a Comisión acordou solicitar á Deputación recursos económicos para poder concluílo.[361]

Na xuntanza Seijó notificou á Comisión a existencia dunha estatua procedente dun sepulcro atopado nun pallar de Mellid e suxeriu a posibilidade de adquirila para os fondos da Comisión. Tamén se acordou facilitar ao párroco desa vila recursos para proceder ao desescombro dos sepulcros adosados ao muro da Igrexa de San Pedro. Os comisionados abordaron tamén o achado de antigas sepulturas realizadas no monte Sartego da parroquia de Piñeiro en Cedeira[362]

Fernando Martínez-Moras (1885- 1937).

Martínez Moras, fillo de Martínez Salazar, estivo ao fronte da Universidade Popular da Coruña.

Foi secretario da Real Academia Galega e membro da Academia provincial de Bellas Ates da Coruña.

A súa producción escrita foi moi abundante. Publicou numerosos artigos de contido histórico e arqueolóxico no Boletín da Real Academia Galega e na Revista do Centro Galego de Montevideo.

Na extensa asemblea abordouse a instrución do expediente para a declaración de Monumentos Histórico e Artístico do Mosteiro de Sobrado dos Monxes realizada por Ángel Del Castillo e Martínez-Morás.[363]

A Comisión de Monumentos para poder completala, ante a falta de fondos, acordou inserir na prensa local un reclamo invitando *a todas las entidades y personas que deseen prestar su valiosa colaboración, a que en término de quince días faciliten a esta delegación Regia, cuantos datos, noticias y fotografías crean convenientes para la mejor ilustración de este expediente enviándolas al efecto al señor don José Seijo Rubio, …*[364]

361 Artigo 17 do R. D. de 9 de agosto de 1926

362 ARABASF 58-18/4(12a) 16/10/1926

363 *El Compostelano: diario independiente* Nº 1964 Páx. 1 20/10/1926

364 *El Progreso:semanario independiente*. Nº9 526 08/10/19(3)

Finalmente o informe e material gráfico sobre os méritos do mosteiro de Sobrado dos Monxes foi redactado por Obermaier no 1926. Este informe foi publicado no Boletín da RAH no 1927.[365]



Ilus. 16 Sobrado dos Monxes

Na asemblea de outubro de 1926 a Comisión acordou insistir ante a Dirección General de Bellas Artes para que se pronunciara sobre a solicitude de declaración de monumento arquitectónico artístico da Igrexa de Cambre solicitada anos atrás. Tamén se pronunciaron a favor de requirir ao cura párroco desa Igrexa que procedera á limpeza das herbas do teito e muros do templo. Os comisionados acordaron averiguar o estado no que se atopaba o Castelo de Narahío. Entre os acordos tomados figuraba tamén lembrar ás autoridades locais que as obras que se ían a acometer na capela de Breamo, segundo a prensa, necesitaban o informe previo da Comisión.

A seguinte asemblea da que temos constancia foi a celebrada no Instituto da Guarda no mes de setembro de 1927. Participaron nela Antonio Blázquez Delgado-Aguilera, Román Navarro, Rafael Pérez Barreiro, Eugenio Carré Aldao, Angel del Castillo, Jesús Fernández Nóvoa, Ángel Blázquez Jiménez e Martínez-Moras. O tema central desta asemblea era debatir o Real Decreto-lei de 9 de agosto de 1926 segundo o cal as deputacións, concellos e outras corporacións debían remitir á Comisión de Monumentos un listado detallado das obras de valor arqueolóxico e artístico das súas demarcacións.

365 ARAH CAC/9/7953/29(1); CAC/9/7953/29(2); CAC/9/7953/29 pode consultarse no BRAH T. 90, 1927 Páxs. 294-296

O Gobernador, atendendo á solicitude da Comisión, publicou no Boletín Oficial da Provincia de 22 de outubro unha circular dirixida aos Concellos e outras entidades e individuos para que remitiran listas dos monumentos dos respectivos distritos. De noventa e seis Concellos unicamente vinte e cinco aportaron comunicacións ou listados. Os comisionados comunicaron á Dirección General de Bellas Artes esta baixa participación e solicitaron unha subvención para poder realizar viaxes para a inspección e toma de fotografías dos monumentos. Desde o Ministerio outorgóuselle unha subvención de 500 pesetas.

A Comisión acordou tamén na asemblea de decembro de 1927 solicitar ao Concello da Coruña a expropiación dunha finca pegada a Igrexa de Santiago da Coruña a fin de que o edificio quedara exento. Co mesmo obxectivo plantexouse proceder a expropiación pequenas casas que estorban a visibilidade da súa fachada. Seijo afirma ter intervido en dito templo para evitar que fosen mal pintados uns retablos modernos.[366]

No 1928 recollese un informe sobre a obra de Celestino Sánchez Rivera "Compostela Monumental: el Monasterio y Templo de Santa María la Real del Sar".

A comezos de 1927 na cidade da Coruña retomouse unha vez máis o proxecto de instalar un Museo de arte que contaría cos fondos iniciais da Comisión de Monumentos.[367] José Seijo Rubio suxeriu no xornal *Galicia industrial* que para a creación do Museo sería convinte que o Estado cedera o convento de San Agustín. O director do futuro Museo sería Ángel del Castillo, antecesor de Seijo Rubio no cargo de Delegado Rexio.

Francisco Tettamancy Gastón (1854-1921)

Nado na Coruña.

Emigrou a Arxentina e a súa volta a Galicia acadou un cargo na Deputación da Coruña.

Membro da RAG, correspondente da RAH. e da RABASF

Entre as súa produción figura: *Apuntes para la historia comercial de La Coruña* (1900); *Batallón literario de Santiago: diario de campaña:(años 1808-1812* (1910); *Boicentril: o druidismo e o celtismo gallegos, a epopeya irlandesa* (1912); *Britanos y galos: (páginas de la Guerra de la Independencia)*, *1808-1809* (1910); *La Revolución gallega de 1846* (1908); *La Torre de Hércules: impresiones acerca de este antiquísimo faro bajo su aspecto histórico y arqueológico* (1920); *La Torre del homenaje del Castillo de Villalba* (1913); *Los Mártires de Carral* (1912); *O Castro de Cañas* (1919);…

366 ARABASF 58-18/4(13ª) 30/12/1926 El Compostelano: diario independiente Nº 1964 Páx. 1 20/10/1926

367 *Del Arte en Galicia. Galicia industrial y comercial*, Ano I 11/02/1927 Páx. 20-21

O pintor José Seijo Rubio sostiña que *en el ideario artístico que me he propuesto llevar a cabo desde el significado puesto de Delegado Regio de Bellas Artes, que el Gobierno de su Majestad ha tenido a confiarme, figura el fomentar y enaltecer cuanto tenga relación con las Belllas Artes, y a esto obedece mi iniciativa referente a la creación y sostenimiento en la Coruña de un Salón Permanente de Exposiciones*. Co patrocinio da Alcaldía pretendía acoller toda obra de pintura, escultura e grabados de autores nacionais e estranxeiros. Como aspecto novedoso proxectaba tamén recoller mostras das industrias e artes decorativas de toda España. No proxectado centro de exhibición impartiríanse cursos e conferencias didácticas de contido artístico.[368]

Ilus.17 Igrexa de Cambre

Angel del Castillo, Fernando Martínez Moras e Román Navarro visitaron no mes de agosto de 1928 ao Gobernador provincial da Coruña para agradecerlle a publicación dunha circular en favor da conservación da riqueza artística da provincia. Aseguraron ao Gobernador que *siempre que la comisión tubo noticia de proyectadas enajenaciones de objetos hitóricos o artísticos o supuestos atentados contra los monumentos provinciales, evitó se llevaran a cabo siempre que contó con el apoyo de las autoridades, y vigiló atentamente la conservación de los monumentos*.

Nesta visita informaron ao Gobernador que estaban tramitando en Madrid os expedientes para as declaracións de monumentos arquitectónicos e artísticos da igrexa de Santa María de Cambre y dos exmosteiros de Sobrado e Monfero.[369]

Ángel del Castillo presidiu a Comisión de Monumentos desde 1930. A información que temos para os anos seguintes da actividade da Comisión é escasa. Sabemos que no 1931 realizaron a instrución do informe para a declaración do Pórtico da Gloria.

368 *Del Arte en Galicia. Galicia industrial y comercial*, Ano I 11/02/1927 Páx. 20-21

369 *El pueblo gallego : Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* S.N. Páx. 29 05/08/1928

Entrado o 1932, a Comisión denunciou as actuacións do Concello con respecto ao Pazo dos Andrade. Angel de Castillo viña denunciando desde 1924 as intencións de derribo do pazo dos Conde de Andrade por parte das autoridades locais e con este motivo solicitara a intervención da Comisión de Monumentos (VIGO TRASANCOS, A. 2008:39). Os comisionados consideraron que o estado de abandono no que se atopaba era intencionado e que perseguía xustificar a súa demolición (MENDEZ Fontes. 2004:75). A pesares de que o edificio acadou a declaración de Monumento Nacional a Comisión non puido evitar o seu derribo, coa excepción da torre.

Ángel del Castillo e Martínez-Morás, representando á Comisión, elevaron ao Ministerio de Instrución Pública en setembro de 1934 a solicitude de Declaración de Monumento Nacional para o Colexio de Fonseca, de Santiago de Compostela, para a súa inclusión no Patrimonio Artístico Nacional.[370]

A Comisión da Coruña a finais de 1934 contaba entre os seus integrantes con José Baldomir Rodríguez, Pablo Pérez Constantí, José Seijo Rubio e Ángel del Castillo López.[371] A finais deste ano a Comisión de Monumentos colaborou con representantes da RAG e do Arquivo de Galicia para tratar sobre a reubicación dos fondos do Arquivo Histórico de Galicia. Finalmente acordouse a instalación do Arquivo no edificio do Pazo de Xustiza.[372]

Non temos constancia da desmantelación da Comisión nin de como a afectou a Guerra Civil e a instalación da Ditadura.

370 *El compostelano: diario independiente*. Nº 4268 03/10/1934

371 ARABASF 58-18/4(15) 02/11/1934

372 *El pueblo gallego Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* S.N. Páx. 9 22/12/1934

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

COMISION DE MONUMENTOS

HISTÓRICOS Y ARTÍSTICOS

DE LA

PROVINCIA DE LUGO.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. A Comisión Provincial de Monumentos de Lugo

5.1. Os primeiros inventarios e expurgos dos Bens Nacionalizados. 1836-1844

Nos anos inmediatos aos decretos desamortizadores o Goberno deu instrucións para que se procedera a recollida dos bens culturais e artísticos dos edificios eclesiásticos nacionalizados. No caso da provincia de Lugo descoñecemos todo o relativo a formación das comisións científicas e recolectoras que mandaran constituír os decretos lexislativos nos anos seguintes. Este descoñecemento abrangue tamén ao alcance cuantitativo e cualitativo dos bens culturais recuperados nestes anos.

Sabemos que a recollida dos efectos culturais realizouse cara finais de 1835. O Xefe Político de Lugo no verán dese ano solicitara ao Goberno que se asignara unha partida económica específica para poder acometer a recuperación dos bens nacionalizados dada a falta de recursos económicos na provincia.[373] Segundo as súas estimacións os gastos ascendían a dezaseis mil reais.[374]

As dificultades económicas non impediron que se iniciaran os traballos a finais de ano con cargo a anticipos particulares. No mes de decembro de 1835 os traballos de inventariado e recuperación de libros e obxectos artísticos estaban xa adiantados. Nesa altura o Xefe Político solicitou que se remitiran as partidas económicas solicitadas meses atrás para cumprir coas obrigacións económicas contraídas ou que, no seu defecto, se permitira sufragar os gastos con catro mil reais dispoñibles dos fondos de Policía. Esta última proposta foi aceitada polo Goberno a comezos do anos seguinte.[375]

Temos noticias de que nestes anos inmediatos á Desamortización o Patrimonio Bibliográfico de Lugo viuse gravemente afectado pola saída de materiais librarios ao estranxeiro. Na correspondencia de Murguía alúdese a este espolio *¿Como a no saberlo de casualidad, podría sospecharse que los más interesantes documentos del*

373 ARABASF 51-1/5(1) 13/08/1835

374 ARABASF 51-1/5(3) 01/10/1835

375 ARABASF 51-1/5(4) 18/11/1835 e 51-1/5(5) 01/12/1835

archivo de la Catedral de Lugo ocupan un lugar entre los 25.000 manuscritos de la biblioteca Bodleian de Oxford? [376]

Para achegarnos á repercusión que tiveron os decretos desamortizadores nos edificios nacionalizados contamos co estudo de Antonio Prado Gómez *O nacemento do Lugo Liberal: Desamortización e cambios urbanos*. Este traballo afonda nas transformacións urbanísticas que sufriu a cidade de Lugo a raíz dos derrubes de edificios eclesiásticos e da expropiación dos seus terreos anexos. Este espolio inmobiliario da Igrexa permitiu ampliar o espazo destinado a creación de novas prazas e rúas e a dotación da cidade de edificios para uso públicos. Neste último caso sinalar que foron cuantiosas as mutilacións e obras que se fixeron nas fábricas monumentais para adecualas a novos usos. Estas agresións aos edificios monumentais foron unha constante ao longo do século XIX e mesmo afectaron ás Murallas da cidade.[377]



APUNTES CONCERNIENTES

AL

VESTIGIO ROMANO

DESCUBIERTO

EN LA CALLE DE BATITALES

DE LA CIUDAD DE LUGO,

presentados á la Sociedad Económica de la provincia, en nombre de la Comision de su seno encargada del descubrimiento, por D. Francisco Javier Armesto, D. Antonio Luis de Arnau, individuos de ella.

LOS PUBLICA LA SOCIEDAD.

LUGO:
IMPRENTA DE PUJOL Y HERMANO.
1843.

Ilus. 18 Informe Mosaico de Batitales

A finais da década dos trinta, a nivel arqueolóxico,apuntamos que o enxeñeiro Alejo Yáñez de Andrade acometeu a pavimentación da Praza Mayor nos terreos do derruído convento das Agostiñas. No marco destas obras achou numerosos vestixios romanos dos cales informou á RAH Tamén notificou á Academia que adosara varios epígrafes na Muralla da cidade para garantir a súa conservación.[378]

Comezados os corenta acadou transcendencia a nivel nacional a descuberta do Mosaico de Batitales na cidade de Lugo. Antonio Luís de Truán comunicou no 1841 ao Conde de Clonnard a descuberta do mosaico

376 Carta de Vázquez Parga, conde de Pallares a Murguía BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. / AXEITOS, X.L. 2003: 329

377 Adolfo Abel de Vilela recolle as tensións que se ocasionaron entre autoridades, veciños e a Junta Superior de Venta de Bienes Nacionales. Arqueología y sociedad en Lugo, 1993:25)

378 ARAH 9/3932 Para información sobre intervencións e noticias arqueolóxicas referidas a cidade de Lugo anteriores ao marco cronolóxico deste traballo consultar La sociedad lucense y la arqueología de Adolfo de Abel Vilela.

axuntando dous debuxos do mesmo.[379] A espectacularidade do achado atraeu ao Goberno o cal no 1842 deu instrucións á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago para que acometera a súa recuperación. Arnau e Armesto foron os designados pola Sociedade para acometer a intervención. As súas investigacións recolléronse en dous informes, un histórico-crítico e outro artístico-arqueolóxico, ambos remitidos ao Goberno. Aos informes axuntaron un proxecto para a conservación e protección do Mosaico *sin impedir la circulación*.[380]

Nos anos corenta, recén instalada a Rexencia, retomáronse os traballos de recuperación dos bens desamortizados coa finalidade de destinalos á formación de Museos e Bibliotecas. Desde Lugo, en marzo de 1844, o Xefe Político respondeu ás consultas do Goberno informando que non había na cidade museo algún, nin tampouco obxectos artísticos relevantes cos que formalo. Con respecto ás bibliotecas sinalou que existían na cidade dúas unicamente, a do Seminario Conciliar e outra que reunía os volumes procedentes dos conventos suprimidos

Ilus. 19 Porta de San Pedro. Muralla de Lugo

Desde o goberno provincial propúxose ao Goberno reunificar ambas co obxectivo de abaratar os gastos de persoal e mantemento.[381] Esta proposta foi aprobada no mes de agosto pola recén instalada Comisión Central. A reunificación efectiva dos fondos non tivo lugar ata setembro de 1846. [382]

379 ARABASF 51-1/5(21) 02/08/1844 e 51-1/5(22) 06/08/1844

380 Para afondar sobre os traballos realizados consultar Apuntes concernientes al vestigio romano en la Calle de Batitales de la ciudad de Lugo presentados a la Sociedad Económica de la provincia, en nombre de la Comisión de su seno encargada de su descubrimiento, por D. Francisco Javier Armesto.D. Antonio Luís de Arnau, individuos de ella. Lugo, 1843. Neira de Mosquera publica un artigo sobre o mosaico titulado *Antigüidades Españolas. Mosaico de* Batitales no Semanario Pintoresco Español Nº 8 Páx. 301, 1850.

381 ARABASF 51-1/5(8) 15/03/1844

382 ARABASF 51-1/5(9) 23/08/1844 e 56-1/2; 56-2/2 26/09/1846

O Ministro da Gobernación requeríra en abril de 1844 ao Xefe Político que remitira unha relación con aqueles edificios dignos de conservarse indicando o uso actual.[383] Na relación elevada no mes xuño figuraban unicamente o Mosteiro de beneditinos de San Salvador de Vilanova de Lourenzá cedido ao Concello; o antigo convento de xesuítas de Monforte reutilizado coma colexio de humanidades; o exconvento de beneditino de San Vicente del Pino de Monforte e o Monteiro de Beneditinos de Lemos adquiridos polo Concello.[384] Este breve informe foi acollido con desgusto pola Comisión Central nos meses posteriores.

5.2. Traxectoria da Comisión de Monumentos de Lugo

A Recuperación dos Bens Nacionalizados. 1845-1849

A Comisión de Monumentos instalouse en outubro de 1844 integrando coma Presidente ao Xefe Político, Juan Ferreyra Caamaño e coma vocais a Ignacio Saavedra Pando, Antonio Magín Pla,[385] Ramón Neira Montenegro, Juan Pardo y Prado de Guevara e a Antonio María Miranda.[386]

No momento da súa instalación os comisionados recibiron instrucións da Central para que formaran o inventario dos bens mobles dos conventos. Neste inventario debían incluírse, ademais dos volumes librarios e obxectos artísticos, outros obxectos de valor coma os bustos sepulcrais, o mobiliario de calidade, as portas e ventás con entalles, púlpitos, sillería de coros, escudos de armas, rellas, releves, libros de coro,

383 Cumprindo coa Real Orde de 2 de abril de 1844

384 ARABASF 51-1/5(48a) 14/06/1844

385 Magín Pla publicou o artigo Antigüidades no Almanaque de 1865 de Soto Freire. Este artigo acreditap coma persoa instruída en asuntos arqueolóxicos. Documenta numerosos achados arqueolóxicos fortuítos datados na década dos vinte, a maior parte numismáticos. O artigo describe con detalle o achado do Mosaico de Batitales e outras antigüidades da cidade de Lugo e Ourense. *Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono*. 1865; Páxs. 7-16. Magín Pla figura como académico correspondente da RABASF á altura de 1870.

386 ARABASF 51-1/5(63) 11/10/1844

etc. Os comisionados debían averiguar tamén o paradoiro dos bens vendidos con anterioridade para proceder a súa reclamación.[387]

A comezos de 1845 as tarefas de recuperación dos bens culturais estaban aínda pendentes de comezar e a Central viuse na obriga de lembrarlle ao Xefe Político a obrigatoriedade de impulsar a actividade da Comisión. O Gobernador, recén incorporado no seu posto, informou que no momento da toma de posesión convocara á Comisión de Monumentos e comprobara con desgusto *que nada se hiciera hasta ahora o muy poco más*. Entre a documentación da Comisión unicamente atopara a acta de instalación e a copia da relación dos edificios monumentais que remitira o seu antecesor no mes de xuño anterior.[388] Con respecto a este informe amosou a Central o seu recelo en canto a calidade e suxeriu que se nomeara un artista ou persoa intelixente para que percorrera a provincia e realizara descricións e informes cun mínimo de fiabilidade.[389]

O Xefe Político solicitou á Central unha moratoria nos traballos de recuperación e inventariado dos bens nacionalizados dado que a súa recente incorporación ao cargo obrigáballe a atender de xeito prioritario aos asuntos políticos e administrativos.[390] Con respecto a Comisión de Monumentos, informou á Central, de que a pesar da boa disposición dos vocais, difícilmente poderían cumprir coa súa tarefa por careceren dos coñecementos facultativos e multidisciplinares necesarios. [391] Para paliar esta situación a Comisión Central autorizouno a integrar na Comisión a cantas persoas considerara oportunas pero encareceulle que comezase coa menor brevidade a recuperación dos efectos culturais e artísticos.[392]

A boa dispoñibilidade do Xefe Político non semella que fora efectiva. De feito, segundo podemos comprobar na Memoria da Comisión Central de xuño de 1845 o inventario dos bens recuperados non foi entregado coa antelación suficiente para incluílo na Memoria.[393] E máis, un ano despois o despegue da Comisión de Lugo

387 ARABASF 51-1/5(10) 02/10/1844

388 ARABASF 51-1/5(50) 11/03/1845 e Informe da Comisión Central de 1845 Páx.103

389 ARABASF 51-1/5(50) 11/03/1845

390 ARABASF 51-1/5(50) 11/03/1845

391*Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. Actas*. 1845 02/04/1845Páx. 89

392 ARABASF 51-1/5(51) 02/04/1845

393 Informe da Comisión Central de 1845 Páx. 65

estaba aínda pendente. De feito a Comisión Central, en xuño de 1846, dirixiuse aos Xefes Políticos das provincias de Lugo, Xerona, Granada, Lérida, Salamanca e Murcia para que *excitaran el celo* das comisións existentes ou que propuxeran novos individuos para renovalas.[394]

Posiblemente respondendo as indicacións da Central, no mes seguinte a plantilla da Comisión de Monumentos Lugo aumentou en dúas persoas. Estas novas incorporacións, segundo o Xefe Político, aportarían á Comisión resultados *más felices que los anteriores.*[395]

A Central cara a primavera de 1846 requiriu ás provincias que remitiran os informes dos obxectos recuperados para incluílos na Memoria de 1846, que por cuestións orzamentarias finalmente non se chegou a publicar. Segundo o informe remitido pola Comisión de Lugo na capital non existía aínda Museo de Pinturas nin cadros suficientes cos que conformalo. Os comisionados unicamente reuniran algunas pinturas de relativo mérito que depositaran no despacho do Goberno Provincial e outros tres cadros que foran derivados á Biblioteca Provincial. Segundo o resumo anual, a Comisión ocupárase fundamentalmente na formación do índice da biblioteca provincial que reunía nesa altura máis de oito mil volumes, e no cal se engadiran obras descartadas nos inventarios iniciais por seren de escasa utilidade.[396]

Con respecto aos edificios monumentais a Comisión informou á Central que se destinaran a uso público o Mosteiro de Beneditinos de San Salvador de Vilanova de Lourenzá e o antigo convento de Xesuítas de Monforte. A criterio dos comisionados unicamente dúas edificacións estarían en perigo: o edificio de San Vicente do Pino e o de Beneditinos de Samos solicitado polo Concello.[397]

Non contamos con referencias da actuación da Comisión de Monumentos de Lugo para os anos finais da década dos corenta. Nesta altura a maior parte das Comisións dedicáronse a completar a recollida dos bens culturais pendentes e a informar sobre as necesidades de reparacións dos edificios monumentais.

394 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. 1846. Sesión Ordinaria. 25/06/1846, Páx. 223

395 ARABASF 51-1/5(12) 18/07/1846

396 ARABASF 51-1/5(13) 18/07/1846

397 ARABASF 51-1/5(13) 18/07/1846

A pervivencia nos anos cincuenta

Na década dos cincuenta, a medida que se completou a recuperación dos bens mobles, as comisións orientáronse cara á conservación das fábricas monumentais. Neste período a Comisión de Lugo, ao igual que a maioría, viu reducida considerablemente a súa actividade con respecto a etapa de recuperación dos bens nacionalizados. Nestes anos, as comunicacións intercambiadas coa Comisión Central apórtanos escasas referencias ás actuacións dos comisionados.

Con respecto ao Patrimonio da provincia destacamos a atención que RAH prestou ao Mosaico de Batitales nesta década. Esta Academia intercambiou abundante correspondencia ao respecto con Neira de Mosquera do cal recibiu varios informes e mesmo un extracto do Mosaico.[398] Neira de Mosquera contribuíu tamén a difundir Mosaico a nivel nacional no prestixioso Semanario Pintoresco.[399]

Con respecto a Comisión de Monumentos de Lugo temos un oco documental na correspondencia coa Central que vai do 1846 ao 1853. Non podemos precisar se neste intervalo se deu unha desactivación da Comisión. Precisamente a primeira referencia coa que contamos é unha comunicación de 1853 do Xefe Político á Central na cal informa dos integrantes da Comisión: Ignacio Saavedra Pardo, Ramón Neira Montenegro, Juan Pardo de Guevara, Antonio María Miranda e Antonio Magín Plá, este último ausente da provincia nos últimos anos. [400] O feito de que os integrantes foran practicamente os mesmos que no período anterior suxire que se mantivo certa continuidade. Neste caso o oco documental podería reflectir certa deixadez de funcións da Comisión nestes anos a cal motivaría que a Central solicitara información sobre a súa composición.

A Comisión Central solicitou en xuño de 1853 á Comisión que averiguara o paradoiro dos documentos militares que existiran na provincia. Os comisionados

398ARAH CALU/9/7960/2(1); CALU/9/7960/2(2); CALU/9/7960/2(3); CALU/9/7960/2(4);CALU/9/7960/2(5); CALU/9/7960/2(6)

399 *Antigüedades españolas. Mosaico de Batitales*. Semanario Pintoresco Español. Nº 8 Páx. 301. Madrid, 1850;

Galicia Pintoresca. Nº 8 Páx. 301, 1850

400 ARABASF 51-1/5(64) 19/07/1853

realizaron averiguacións ao respecto e respostaron no mes de abril do ano seguinte que non atoparan documentos desa natureza na provincia.[401]

José Teijero y Vahamonde (1796-1868).

Nado en Lugo, exerceu numerosos cargos en diversas corporacións locais

Colaborou con Pascual Madoz para a confección do *Diccionario Geográfico de España* achegando a información relativa á cidade de Lugo.

Publicou numerosos artigos de temática histórica e arqueolóxica no *Semanario pintoresco español* e no *Eco de Galicia*.

Concorreu aos premios de investigación das vías romanas organizados pola RAH. no 1858 cun traballo relativo ás vías romanas de Galicia. Ofertou a esta Academia un plano das vías romanas de Cornide.

No 1860 remitiu á RAH. unha notificación sobre o achado de varias inscricións e moedas da cidade de Lugo.

No 1854 as Comisións foron dotadas de novo Regulamento que lles ampliaba as súas funcións, estendéndoas máis ala da atención aos bens nacionalizados. As modificación supuxeron cambios na composición das Comisións. En Lugo, cara finais dese ano, o Xefe Político remitiu varias ternas á Central indicando candidatos cos seus respectivos méritos para a elección de comisionados.[402]

A Central en xullo de 1856 solicitou ás Comisións que a informaran sobre os edificios monumentais que necesitaran reparacións e que adxuntaran os orzamentos respectivos das obras. Desde Lugo os comisionados notificaron que os únicos edificios de mérito da provincia eran os conventos de Vilanova de Lourenzá que estaba en bo estado e baixo a custodia do Municipio e o Mosteiro de Samos, ocupado polo Concello e destinado a escola pública e a casa do párroco. A Central solicitou aos comisionados que complementaran os informes sobre os edificios remitindo diseños arquitectónicos e estilísticos e noticias históricas.[403] Este informe sobre monumentos coa indicación detallada das necesidades de reparación foi remitido á Central no mesmo mes de setembro.[404]

Neste mesmo ano de 1856 a Comisión recibiu tamén un oficio da Central no cal se lle solicitaba información sobre o pazo de Lestrove. Resulta obvio, e así o comunicaron os

401 ARABASF 51-1/5(60) 06/05/1854

402 ARABASF 51-1/5(65) 20/03/1855

403 ARABASF 51-1/5(54) 07/07/1856 e *Comisión Central de Monumentos históricos y artísticos*. 1856 19/08/1856

Páx. 79

404 ARABASF 51-1/5(55) 22/09/1856

comisionados de Lugo, que este informe correspondíalle elaboralo á Comisión da Coruña.[405]

A seguinte referencia que temos relativa á Comisión é unha notificación dos seus integrantes de 1857. Nesa altura integrábana José Ramón Becerra; Buenaventura Miguel Plá; Manuel Anselmo Rodríguez; Antonio Castro Martínez e Luís Pau (ORDIEREZ DÍEZ, I. 1993:723).

Non temos referencias relativas a actuacións da Comisión de Monumentos de Lugo nos últimos anos da década dos cincuenta, coincidindo coa crise da Comisión Central. Nestes anos **José Teixeiro y Vaamonde** participou nas convocatorias da RAH de Premios sobre investigacións da antigüidade no 1858 coa remisión dun informe sobre as vías romanas da provincia.[406] A Academia agradeceulle a información recibida e alentouno a seguir investigando sobre as antigüedades da provincia. [407]

A RAH intercambiou, entre 1859 e 1960, varios oficios co mozo Villaamil y Castro relativos a un báculo e calzado episcopal da Secretaría da cámara do Bispo de Mondoñedo.[408] O mesmo investigador no 1861 elevou á Academia debuxos e informes sobre unha cruz procesional do Conde Santo do Mosteiro de Lourenzá xunto cunhas ordenanzas antiguas do Concello de Mondoñedo e algunhas das súas actas.[409]

A reorganización dos sesenta e a incidencia da República

Comezada a década dos sesenta as Reais Academias relevaron á Comisión Central no control das Comisións de Monumentos. As noticias que temos desta etapa para a Comisión de Lugo seguen sendo escasas e nos permiten pouco máis que constatar a súa continuidade.

405 ARABASF 51-1/5 (38) 07/07/1856

406 CALU/9/7960/03(1). Consultar información biografía de José Teixiero en Manuel CASTRO LÓPEZ. *Notas Biográficas. José Teixeiro y Vaamonde. Galicia. Revista Regional*. Ano. II Nº 4 Páx.37 01/04/1888

407 ARAH CALU/9/7960/3(1) ; CALU/9/7960/3(2).

408ARAH CALU/9/7960/4(1): CALU/9/7960/4(2); CALU/9/7960/4(3); CALU/9/7960/4(4); CALU/9/7960/4(5); CALU/9/7960/4(6); CALU/9/7960/4(7).

409 ARAH CALU/9/7960/5(1); CALU/9/7960/5(2).

Descoñecemos se a reorganización da Comisión de 1857 foi efectiva xa que non temos constancia de que se realizan actividades ata o trasvase das competencias da Central ás Academias.

A primeira actuación da Comisión que podemos documentar baixo tutela académica refírese aos derrubes do muro norte e da nave maior e costado da igrexa de San Martín de Mondoñedo que tiveran lugar no mes de febreiro de 1861.[410] A Comisión informou a RABASF destes sucesos no mes de marzo.[411]

Bartolomé Teigeiro Sanfiz. (-1907)

Foi membro da RAH. e da RABASF

Exerceu coma profesor de debuxo do Instituto de Lugo.

Entre as súas publicacións figura *Breve reseña histórico-descriptiva de la catedral de Lugo* (1887); *Estudio histórico-arqueológico sobre las murallas de Lugo* (1892); *Ligeros apuntes sobre la importancia de Lugo durante la dominación romana.* (1888).

De temática social publicou *Estudios sobre los medios conducentes a mejorar la situación económica y social del obrero en Galicia* (1892).

É significativo que a RAH no 1861 solicitara directamente ao particular Juan Matías Vilá a remisión de copias de dez inscricións atopadas na parede da súa vivenda sen que nos conste a intermediación da Comisión neste asunto.[412]

En canto a composición da Comisión, en outubro de 1862 o Gobernador Provincial, elevou, á RABASF ternas con propostas para a súa reorganización. A esta Academia non lle constaba que houbera vacantes e por tal motivo solicitou información ao respecto antes de proceder á elección de novos integrantes.[413] Finalmente a Comisión reorganizouse no mes de decembro integrando ao Conde de Pallarés, a **José Teijeiro**, Antonio Castro Martínez, José Jorge de la Peña[414] e Manuel Anselmo Rodríguez.[415] Non nos constan actuacións desta renovada Comisión nos anos seguintes nos cales semella que atravesou un período de desactivación similar ao doutras provincias.

A creación da Comisión Mixta e a dotación do

410 ARABASF 51-1/5(4$_0$) 20/03/1861

411 ARABASF 51-1/5(40) 30/03/1861

412 ARAH CALU/9/7960/6

413 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. 1862 Xunta de 11/10/18622 Páx. 162

414 Consultar Antonio, Prado Gómez. José Jorge de la Peña, un espírito liberal. Boletín do Museo Provincial de Lugo, ISSN 0212-8438, Nº 13, 2006-2008. Páxs. 209-224

415 ARABASF 51-1/5(69) 03/12/1862

Regulamento de 1865 derivou nunha nova reorganización que no caso da Comisión de Lugo tivo lugar en abril de 1867. Nesta ocasión integrárona Gumersindo Laverde Ruíz[416] coma académico da RAH; Manuel Pardo Domínguez da RABASF; o arquitecto provincial Rafael Luque; o Xefe da sección de Fomento Carlos Vaamonde e o Gobernador Provincial Camilo Penedo.[417]

Unha vez máis a reorganización non foi efectiva. O certo é que as notificacións de achados arqueolóxicos recibidas polas Academias desde a provincia de Lugo nos anos seguintes non contaron coa participación ou intermediación da Comisión de Monumentos. Esta falta de actividade coincidiu nestes anos da República cunha etapa de apertura ideolóxica e intensificación das investigacións arqueolóxicas. Na provincia de Lugo neste eido destacaron as efectuadas por Villaamil y Castro na área de Mondoñedo.[418]

Un documento de febreiro de 1871 permítenos constatar o deficiente funcionamento da Comisión de Monumentos tras a reorganización. O Tenente Coronel de Infantería Nicolás Cástor de Caunedo[419] remitiu a través do Gobernador Civil de Lugo unha carta á RABASF na cal denunciaba o abandono do Mosaico de Batitales denunciando que se atopaba inundado por augas sucias e que os restos das termas romanas e de varias lápidas da capital lucense estaban en mal estado. O informe sinalaba tamén que o sepulcro bizantino de dona Flora estaba oculto pola vexetación e que outros moitos recordos do pasado reclamaban a debida atención e protección.

416 Gumersindo Laverde Ruíz (1835-1890). Nado en Santander. Licenciouse en Dereito no 1859. Exerceu a cátedra de Retórica e Poética no Instituto de Lugo desde 1862 ata o seu traslado a Valladolid no 1872. Entre a súa producción figura Ensayos críticos sobre Filosofía, pública española. literatura e instrucción. Semblanza en El lucense, diario católico de la tarde. Nº 1.801 16/12/1890.

417 ARABASF 51-1/5(72a) 20/04/1867

418 Villaamil y Castro nesta década realizou exploracións prácticas nos castros do norte de Lugo, entre eles Croa de Riotorto e Croa de Zoñán. No 1866 publicou Crónica de la provincia de Lugo na cal recolleu o froito das súas intensas exploracións sobre a provincia. Foi o responsable do tomo correspondente a provincia de Lugo do proxecto editorial Crónica General de España. Historia descriptiva de sus provincias, poblaciones más importantes y posesiones de Ultramar. Madrid, 1866. A comezos do 1871, realizou investigacións na Cova de Furada dos Cans e da Cova do Rey Cintolo, ambas preto de Mondoñedo. Para información sobre os obxectos recuperados nas súas investigacións nestas covas consultar Memoria sobre la creacción de un museos arqueológico en la Ciudad de Santiago de compostela. Colección del que suscribe, depositada en el Museo de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Páxs. 43-45 1886

419 Afeccionado á arqueoloxía e membro da Academia de Arqueoloxía que fora clausurada ao comezo do período Democrático pola súas conexións coa monarquía.

Canuedo ofrecía á Academia a súa colaboración para a protección sinxela e eficaz dos citados vestixios.[420] A RABASF reprochou ao Gobernador que os asuntos dos que informaba o Caunedo correspondíalle abordalos á Comisión de Monumentos a cal debía reorganizar e velar para que funcionara con regularidade e contestaran ás circulares e comunicacións das Academias.[421]

A chamada de atención da RABASF foi efectiva e, no mesmo mes, a Comisión de Monumentos respostou a unha circular da RABASF na que se solicitaba información relativa á conservación dos edificios. A Comisión informou que non tiña nada que declarar ao respecto dado que a Comisión non estaba ao cargo de edificio algún.[422] O aparente desinterese dos comisionados nos asuntos da súa competencia confirmámolos nun documento posterior de **Bartolomé Teigeiro** o cal, en marzo de 1874, afirmaba que a Comisión antes de 1871 estaba *compuesta en su mayor parte de personas ajenas a lo que requieren estos cuerpos y que por ese motivo agité y conseguí su reorganización*.[423]

A finais de 1871 da Comisión notificou á RABASF que Abraira de la Torre atopara restos de mosaicos na provincia . A Comisión recibira tamén en depósito unha colección de retratos ao óleo da familia Borbén.[424]

En xeral, durante os anos da República, as comisión recén instaladas non conseguiron despegar a súa actividade, polos recelos do Goberno republicano cara estas corporacións vinculadas ás conservadoras Academias. A Comisión de Lugo foi a única das comisións galegas que conseguiu una reorganización efectiva durante a República mentres que as outras apenas conseguiron desenvolver unha actividade testemuñal ata a Restauración.

420 ARABASF 51-1/5(23) 18/02/1871

421 ARABASF 51-1/5(24) 01/03/1871 e Sesión Ordinaria de 27 de Febreiro de 1871 Páx. 195 *Actas de las sesiones particulares, ordinarias, generales, extraordinarias, públicas y solemnes de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.* Ano 1871

422 ARABASF 51-1/5 (73) 18/04/1971

423 ARABASF 51-1/5(123) 13/03/1874

424 ARABASF 51-1/5(25) 14/10/1871

Bartolomé Teijeiro preséntasenos coma o responsable desta reorganización que tivo lugar en xullo de 1871. A Comisión conformouse con Gumersindo Laverde Ruíz que renovou coma Vicepresidente, Bartolomé Teijeiro no cargo de Secretario e coma vocais o veterano Antonio Magín Pla, o Conde de Pallarés, José María Castro Bolaño,[425] **Manuel Soto Freire**,[426] Antonio de Medina Canals,[427] Valentín Portabales[428] e Nicandro García Taboada.[429]

Na asemblea de reorganización decidiron establecer dúas subcomisións internas, unha para inspeccionar as obras da fachada da casa consistorial da cidade e outra para supervisar o estado do Mosaico de Batitales, afectado por filtracións de augas que o inundaban periodicamente. Na asemblea plantexouse tamén que a Comisión se sumara ao proxecto editorial *Museo Español de Antigüedades* en canto dispuxeran de fondos.[430]

Desde a reorganización unha das principais inquietudes dos comisionados foi a creación dun Museo provincial arqueolóxico. Con este fin, no mes de outubro de 1871, reclamaron ás antigüidades que coleccionaba no instituto de Mondoñedo entre as que figuraba un báculo do século XIII pertencente a un bispo de Mondoñedo; calzado

Soto Freire (1826-1897).

Editor nado en Lugo.

Da súa imprenta saíron os xornais *La aurora del Miño* (1857); *Diario de avisos* (1858); *Boletín del Clero del Obispado de Lugo* (1859); *El correo de Lugo* (1860); *Boletín Oficial de Ventas de Bienes Nacionales* (1861-1868); *El Gallego* (1867); *La Patria* (1869); *La Paz* (1869-); La Fe (1873);..

Editou os dous primeiros tomos de *Historia de Galicia* (1865 e 1866) de Murguía; *El Caballero de las botas azules* de Rosalía de Castro (1867); *Gramática Gallega* de Saco y Arce (1868); *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia* de Villaamil y Castro (1873); ..

Publicou postumamente *La imprenta en Galicia* (1868).

425 José María Castro Bolaño (1803-1876) Nado en Vilalba, graduouse en Dereito, exerceu coma avogado en Viveiro e en Lugo e publicou varios traballos de natureza xurídica.Dirixiu o xornal El Correo de Lugo e publicou numerosos artigos na prensa da época.

426 Para afondar sobre a biografía de Soto Freire consultar Manuel Soto Freire de Juan Soto. Xunta de Galicia, 1997.

427 Antonio de Medina y Canals fora na década anterior un activo integrante da Comisión de Monumentos de Ourense. Recollemos unhabreve semblanza súa nos apartados adicados a Comisión de Ourense.

428 Valentín Portabales Blanco (-1921) foi catedrático e director do Instituto de Lugo

429 ARABASF 51-1/5(73) 13/07/1871

430 ARABASF 51-1/5(73) 13/07/1871

de época e catro releves, probablemente dun altar.[431] O Gobernador da Provincia non lles cedeu estos obxectos alegando que unha orde superior do Ministerio de Fomento os incautara para o Museo Arqueolóxico Nacional.[432]

A RABASF antes de pronunciarse a favor da entrega destes efectos á Comisión solicitoulle informes *a fin de conocer el interés que puedan tener para la provincia o la localidad, y las razones de preferencia que pueda haber á favor del Museo provincial.*[433] Segundo a Academia o Goberno non perseguía despoxar ás provincias das súas riquezas artísticas e arqueolóxicas para enriquecer ao Museo Central e por tanto deu instrucións aos comisionados para que realizaran as xestións oportunas para recuperar os obxectos asegurándolles que no caso de que atoparan obstáculos interviría prestando o debido apoio.[434] Descoñecemos se finalmente a Comisión acadou o seu obxectivo.

A instalación do Museo cara finais de 1871 parecía inminente. Con tal motivo o Concello cedeu en depósito á Comisión unha colección de retratos pintados a óleo da dinastía Borbén.[435]

Nesta altura a o Goberno solicitou ás comisións de monumentos que participaran na preparación da Estadística Monumental. A Comisión de Lugo colaborou neste proxecto distribuíndo nas localidades da provincia os interrogatorios que lle remitira a RABASF para conseguir información sobre os obxectos arqueolóxicos e monumentos. Bartolomé Teigeiro o foi designado para que confeccionara os informes sobre os edificios notables da provincia· a partir dos cales elaborou unha Memoria descritiva dos monumentos elevada á RABASF en abril de 1872. [436]

No mes de outubro de 1871 os comisionados comunicaron á RABASF o achado de restos dun mosaicos nun edifico antigo na parroquia de Santiago de Silva, preto do promontorio do Castro dos Arcos onde tiñan aparecido anteriormente rodas, arcas de

431 ARABASF 51-1/5(16) 13/07/1871

432 ARABASF 51-1/5(18) 13/10/1871

433 Sesión Ordinaria do 16 de outubro de 1871. Páx. 279. A*ctas de las sesiones particulares, ordinarias, generales, extraordinarias, públicas y solemnes de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.* Ano 1871 e ARABASF 511-1/5(19) 18/10/1871 e 51-1/5(17) 04/10/1871 e 51-1/5(18) 13/10/1871

434 ARABASF 51-1/5(17) 04/10/1871

435 ARABASF 51-1/5(25) 14/10/1871

436 ARABASF 51-1/5(57) 04/10/1871 e 51-1/5(59) 30/04/1872

pedra e outros restos antiguos. Adxuntaron un informe sobre os achados elaborado polo seminarista José Abraira de la Torre. Os comisionados informaron á Academia que valoraran emprender escavacións no lugar se ben llo impedira a falta de fondos. A resposta da Academia a comezos de 1872 é significativa e pon de manifesto a postura oficial con respecto ás escavacións arqueolóxicas:

> *modere esa Comisión sus impulsos de acometer exploraciones, que las más veces sirven sólo para empeñarse en gastos infructuosos, que conceda siempre su preferente atención a la conservación de los monumentos puestos a su cuidado, y que no proceda a hacer excavaciones sin el previo conocimiento y asentimiento de la Real Academia de la Historia, como está prevenido*. [437]

A actividade da Comisión de Monumentos de Lugo nestes meses foi intensa. No mes de xullo de 1872 a RABASF recibiu cinco páxinas con facsímiles de inscricións, monografías, restos arquitectónicos, selos e outros obxectos antiguos. Esta Academia reenviou á R.H.A. todo o material por considerar que a documentación era da súa competencia e que os obxectos carecían de interese artístico.[438]

En novembro de 1872 a Comisión cumpriu coa obriga recollida no Regulamento de presentar ás Academias un resumo trimestral da súa actividade. Neste documento refírese o achado de lousas de granito con inscricións romanas deterioradas atopadas na restauración dun torreón circular da Muralla. As copias das inscricións e os obxectos recollidos en diferentes puntos da cidade foron remitidos á RABASF[439]

O Goberno republicano requiriu a colaboración das Comisións para a execución dos novos decretos desamortizadores. Así, a *Dirección General de Propiedades y derechos del Estado* solicitou á Comisión de Lugo no 1872 unha relación das fincas e edificacións da provincia que polo seu valor artístico ou histórico debían ser apartadas dos alleamentos. Os comisionados para cumprir coa solicitude solicitaron á RABASF informacións sobre os edificios declarados monumentos nacionais da provincia dado que afirmaban non dispor de documentación ao respecto.[440] A resposta da RABASF foi contundente.

437 ARABASF 51-1/5(25) 14/10/1871

438 ARABASF 551-1/5(28) 09/07/1972 e 1-1/5(32) 10/12/1872

439 ARABASF 51-1/5(31) 28/11/1872

440 ARABASF 51-1/5(31) 28/11/1872

> *La Academia me encarga decir a Vuestra Señoría que no es ella la que tiene la facultad de hacer tales declaraciones, sino el Gobierno supremo, previos los informes de las Comisiones provinciales y de la central; y que, siempre que se declara monumentos nacional un edificio cualquiera, al mismo tiempo se le pone bajo la guarda e inspección de la Comisión Provincial respectiva, de manera que ninguna pueda ignorar los que existen con ese carácter en su territorio. Así pues no hay declaración alguna de esta especie que no conste entre los papeles de cada Comisión.*[441]

O nivel de actividade da Comisión de Monumentos durante o 1873 seguiu sendo considerable. No mes de febreiro Bartolomé Teijeiro informou das investigacións emprendidas nos despoblados da provincia. A RABASF recibiu varios debuxos e facsímiles de vestixios e medallas atopados nestas intervencións.[442]

No mesmo mes de febreiro a Comisión interesouse novamente pola conservación do Mosaico de Batitales. O mal estado no que se atopaba levou aos comisionados a estudar o seu traslado. Con este obxectivo contactaron co Inspector de Antigüedades de Tarragona para que lles facilitara información sobre procedementos de extracción segura de mosaicos.[443]

A Comisión notificou cara finais de 1873 ás Academias a necesidade de cubrir as vacantes de Gumersindo Laverde, ausente por traslado desde facía dous anos, e a do falecido Manuel Pardo Domínguez.[444] O comisionado Antonio de Medina propuxo a candidatura de José Castro.[445]

Bartolomé Teijeiro en marzo de 1874 remitiu ás Academias un balance das actuacións da Comisión desde a reorganización de 1871. Neste informe sinalaba que nestes anos a falta dunha asignación económica dificultara enormemente o funcionamento da Comisión[446] Bartolomé Teijeiro aseguraba que el fora o principal artífice de todo o que se fixera e que precisamente a baixa participación dos vocais

441 ARABASF 51-1/5(33) 11/12/1872

442 *Comisión Central de Monumentos Historicos y Artístico*.1873 Sesión de 19/04/1873 Páx.132

443 ARABASF 51-1/5(75) 11/02/1873

444 ARABASF 51-1/5(77) 07/10/1873

445 Sesión Ordinaria do 13 de outubro de 1873. Páx. 564 *Actas de las sesiones particulares, ordinarias, generales, extraordinarias, públicas y solemnes de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. Ano 1873

446 ARAH CAC/9/7953/6

dificultara ata a celebración de asembleas. Ao seu parecer o sistema de provisión dos cargos de Vicepresidente e Secretario, baseado na antigüidade, perxudicaba ao funcionamento das Comisións cando recaían en persoas pouco activas. Por este motivo propuxo ás Academias modificar o Regulamento para que estos cargos se cubriran mediante elección directa, atendendo ao mérito dos integrantes da Comisión.[447]

No seu extenso informe Bartolomé Teijeiro informaba ás Academias que os sucesos bélicos do Sexenio afectaran negativamente ás investigacións da Comisión: *las circunstancias por las que el país ha atravesado, cruzado por partidas carlistas en bastante parte de su territorio, no han permitido las exploraciones que se había propuesto*. Como anexo ao comunicado axuntou un debuxo do ábside e altar maior da Catedral de Lugo e unha fotografía dunha táboa de Rubens do Colexio da Compañía de Monforte de Lemos do cal a Comisión efectuara recentemente unha limpeza.[448]

A RABASF comunicou á Comisión que valoraba os esforzos realizados. Con respecto ao suposto retablo de Rubens amosou as súas reticencias e recomendou á Comisión que dedicara o seu tempo a *objetivos más dignos* que unha produción *del más lastimoso período de la decandencia del buen gusto artístico*. A Academia dubidaba da autoría do retablo e creía que era dunha escola de maior antigüidade, *bastante más pura y religiosa que la del célebre pintor flamenco.* Solicitou aos comisionados que indagaran a procedencia exacta e que atenderan para que non se danara o retablo con restauracións e limpezas. [449]

447 ARABASF 51-1/5(123) 13/03/1874

448 ARABASF 51-1/5(123a) 13/03/1874 e Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. 1874 Sesión de 14 de Abril de 1874. Páx. 154

449 ARABASF 51-1/5(124) 13/04/1874

Ilus. 20 A Compañía, Monforte.

A Comisión no mes de marzo de 1874 integrou a Bernardo Valcárcel de la Peña e Antonio Teijeiro Sanfíz.[450] Estas incorporacións non contribuíron a dar pulo á súa actividade que progresivamente foi decaendo nos anos seguintes. Unha parte significativa das referencias de actuacións do período inmediato relacionámolas con contribucións particulares de Bartolomé Teigeiro, sen dúbida a alma da Comisión nesta etapa.

No mesmo ano de 1874 a RABASF solicitou ás Comisións que aportaran propostas para a elaboración da futura Lei de Monumentos Nacionais. As achegas da Comisión de Lugo recibiunas no mes de abril do ano seguinte. O documento, remitido pola Comisión e firmado por Bartolomé Teijeiro, propoñía que o Goberno asignara partidas específicas para a conservación dos edificios declarados monumentos e que estas partidas as xestionaran directamente as Comisións de Monumentos.[451] No relativo aos edificios en mans privadas, propoñían que o Goberno establecera

450 ARABASF . 55-3/2(90) 51-1/5(20) 26/02/1877 e 51-1/5(78) 07/04/1876

451 O documento, incluido nos anexos, está firmado por Bartolomé Teijeiro e supomos que é da súa autoría. Compre ter en conta que correspondíalle a el firmar todos os documentos emitidos pola Conisión polo seu cargo de secretario.

servidumes de paso e garantira o acceso ao público previa indemnización aos particulares.[452]

A Comisión cara finais de 1874 enviou novos informes e fotografías da Catedral de Lugo á RABASF. Esta Academia non acolleu con agrado estas achegas e lembrou á Comisión que debía centrar os seus esforzos na conservación dos edificios.[453]

As seguintes referencias escritas das actuacións da Comisión lévannos ao intervalo entre o 1876 e o 1877 no cal o Mosaico de Batitales centrou boa parte da atención da Comisión.[454] As dificultades para a súa conservación *in situ*, levou aos comisionados a plantexar unha vez máis a necesidade de proceder a súa extracción e trasladalo. Este asunto levou consigo un cuantioso intercambio de correspondencia entre os comisionados e a RAH.[455]

A Comisión dedicou tamén os seus esforzos ao proxecto de conformar un museo na cidade de Lugo.[456] Nesta empresa contou co beneplácito e colaboración da RAH que no 1877 dirixiu unha circular ás autoridades dos distritos para que comunicaran á Comisión de Monumentos calquera achado arqueolóxico e para que a informaran da dispoñibilidade de obxectos artísticos. Tamén se requiría que se invitara ás persoas ilustradas da provincia a ceder obxectos para o Museo.[457]

A Circular non obtivo o resultado desexado e a Comisión, no mes de novembro, dirixiuse ao Gobernador solicitando a súa colaboración:[458]

> …*siempre que tenga conocimientos de haberse descubierto en este distrito algún objeto o efecto del los que se expresan en la adjunta nota, invite a las personas que los encuentren o los tengan en su poder a cederlos al museo provincial, así como también haga igual invitación á aquellas personas que posean algunos otros de los mismos objetos y quieran cederlos perpetua o*

452 ARABASF 51-1/5(58) 21/04/1875

453 ARABASF 51-1/6(126) 25/02/1875

454 ARAH CALU/9/7960/2(8);CALU/9/7960/2(9);CALU/9/7960/2(10);CALU/9/7960/2(11);CALU/9/7960/2(12); CALU/9/7960/2(13).

455 ARAH CALU/9/7960/2(14); CALU/9/7960/2(15); CALU/9/7960/2(16); CALU/9/7960/2(17)

456 ARAH CALU/9/7960/8(1); CALU/9/7960/8(2); CALU/9/7960/8(3)

457 O comunicado recóllese no apéndice documental.

458 Sesión ordinaria do 5 de marzo de 1877. Páx. 575. *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernand*o. Ano 1877

accidentalmente al mencionado Museo, donde se conservarán con todo el esmero y cuidado que requieran. …[459]

O Bispo de Lugo tamén prestou o seu apoio ao proxecto do Museo. Dirixiuse aos arciprestes, párrocos e demais clero solicitándolles que colaboraran na recollida de obxectos que puideran ser de interese artístico ou cultural. Estas xestións non tiveron froito inmediato e o proxectado museo novamente viu aprazada a súa instalación.

Nos anos seguintes as referencias relativas á Comisión espállanse. Coma testemuña da súa continuidade apenas contamos cun acuse de recibo dunha circular da RABASF do mes de outubro de 1879 na que se lle solicitaba que evitara a destrucción de monumentos e obxectos de arte na provincia. Os comisionados, atendendo a esta petición, acordaron difundir a circular a través do Boletín Oficial da Provincia e trasladala tamén aos Bispos de Lugo e Mondoñedo.[460]

A Comisión de Monumentos nestes anos seguiu cumprindo coa súa función de velar pola salvagarda dos monumentos. A altura de 1880 o Concello de Lugo informouna do proxecto de construcción dun sumidoiro que debería atravesar o Mosaico de Batitales. Estas obras obedecían as reclamacións dos veciños que solicitaran o saneamento da calle e pediran que se extraera o Mosaico para facilitar as obras. O Arquitecto local pronunciárase a favor da extracción do pavimento dado que nos últimos anos as filtracións de auga danaran o Mosaico ao cal se lle desprenderan numerosas teselas. Segundo o seu informe *desde hace cuatro años ha desaparecido la figura principal del cuadro, y puede asegurarse que, siguiendo en el estado en que hoy se encuentra, desaparecerán los restos que quedan, antes de otro tanto tiempo* (ABEL VILELA, Adolfo. 1996:17).

A Comisión de Monumentos non chegou a ningún acordo coa RAH no asunto da extracción do Mosaico polo cal solicitou a intervención da RABASF Finalmente optouse por mantelo no seu lugar e variar o trazado do sumidoiro.[461] A actuación da

459 Memoria da Provincia redactada polo Gobernador Cesar Ordás Avecilla en junio de 1888. *La idea Moderna. Diario Democrático de Lug*o. 18/08/1898 Páx.1

460 ARABASF 51-1/5(35) 08/02/1880

461 ARABASF 51-1/5(35) 08/02/1880

Comisión con respecto á conservación do Mosaico de Batitales recebou o eloxio da RABASF a comezos de 1881.[462]

A constatación de que a Comisión atravesaba unha crise témola acreditada nun comunicado de Bartolomé Teijeiro de febreiro de 1880 no cal expoñía á RABASF a os problemas que a aqueixaban. Por unha parte sinalaba a responsabilidade das autoridades provinciais por privala de fondos económicos. A maiores, informaba que a Comisión víase afectada tamén polas vacantes e pola baixa participación dos comisionados que as veces dificultaba a celebración de asemblea legalmente constituídas.

> *Es bastante difícil a pesar del personal con que figura la Comisión poder reunir número suficiente para celebrar sesión en los pocos casos que se ofrecen a su deliberación después que por falta de protección en los Cuerpos provinciales, fracasaron varios proyectos relativos a su instituto además de otros causales. Baste decir que nada tiene consignado en presupuesto siquiera para los imprescindibles gastos de papel, tinta, plumas y correo, que por cortos que sean gravitan sobre el vocal que tienen la honra de firmar como Secretario [Bartolomé Teijeiro].*[463]

Esta notificación non tivo efectos e as dificultades da Comisión persistiron nos anos seguintes. Os xornais locais, no mes de maio de 1882, lamentaban que a Comisión de Monumentos *no de señales de vida* para oporse ao intento do Concello de Lugo de derribar unha parte da Muralla da cidade co consentimento do Gobernador. [464] O Ministro de Fomento interveu neste asunto e mandou suspender a demolición ata que se pronunciara ao respecto a Comisión o cal sérvenos coma testemuña de que seguía constituída.[465] Non temos en cambio constancia de que a

462 BRABASF Nº 2, Febreiro de 1881 Páx. 39

463 ARABASF 51-1/5(35) 08/02/1880

464 *La ilustración cantábrica: revista decenal ilustrada*. Nº15 28/05/1882 páx. 178 Non é o primeiro intento de derribo total ou parcial que sofre a Muralla. Abel Vilela recolle en La sociedad lucense y la Arqueología, 1993, as intervencións e agresións sufridas pola Muralla e os debates que en distintos momentos prantexaron a conveniencia da súa conservación ou derribo, fora parcial ou total. Abel de Vilela non menciona o intento dos anos oitenta que recollemos no texto.

465 *La ilustración cantábrica: revista decenal ilustrada*. Nº 20 18 de xullo de 1882 . Páx. 10 Prado Gómez sostén que na cidade de Lugo os intentos de derribo da Muralla non foron tan intensos como noutras ciudades españolas pola gran dispoñibilidade de terreo intramuros que permitiu absorber sen grandes tensións o aumento da poboación. Esto non

Comisión emitira o informe solicitado polo Ministerio nin de que se realizaran finalmente estas obras de derrrube.

As referencias relativas á actividade da Comisión nos oitenta son moi escasas. Sabemos que permanecía activa por alusións a actuacións illadas que sérvennos para achegarnos á tipoloxía de asuntos nos que se ocupaba. Temos noticia de que os comisionados no 1884 desenterraron unhas lápidas, descubertas e soterradas o ano anterior, e inseríronas na parte exterior da Muralla xunto con outras colocadas alí anteriormente. Villaamil y Castro sinalou no 1888 que esta intervención da Comisión de Monumentos puido estar motivada polo temor a que foran trasladadas ao Museo Arqueolóxico Central que se proxectaba instalar na cidade de Santiago de Compostela á altura de 1884. A criterio de Villaamil y Castro a Comisión non debeu colocar estas lápidas na Muralla dado o evidente mal estado no que se atopan as que se adosaran alí mesmo anteriormente.[466]

As dificultades orzamentarias e a escasa implicación dos comisionados mantívose nestes anos. Este funcionamento deficiente non impedía que a sociedade culta da provincia fora consciente da existencia da Comisión e das súas responsabilidades con respecto á defensa do Patrimonio. Desde o xornal *El Regional*, a finais de 1886, reclamábase a súa intervención para a protección dos achados arqueolóxicos atopados na parte traseira da nova cárcere de Lugo. Neste punto localizárase unha mina ou antigo camiño subterráneo no cal se atoparan numerosas moedas antigas, algunhas de ouro. [467]

A Comisión de Monumentos, na década dos noventa, foi autorizada polas Academias para que propuxeran candidatos á académicos co obxectivo de afrontar as dificultades na provisión de vacantes. Así, desde a Comisión, propúxose a candidatura de Víctor Silva Posada[468] e a de Antolín López Peláez[469] ambos nomeados

impediu que durante o século XIX sufrira derrubes parciais e apertura de novas portas para dar saída as rúas principais (PRADO GOMEZ, A. 1999 :234).

466 Villaamil y Castro, J. *Informe acerca de unas nuevas inscripciones romanas descubiertas en Lugo*. CALU/97960/09 (2) 19/01/1888 e BRAH T. XII, ano 1888No resto do artigo Villaamil expón á RAH as súas investigación sobre as lápidas da cidade de Lugo incluídas no Corpus Inscriptionarum de Hübner das cales afirma ter localizado únicamente cinco

467 *El Regional: diario de Lugo*. Nº 868 28/12/1886

468Académico da RAH natural de Mondoñedo, falecido en 1925. Autor de numerosos artigos de contido históricos publicdos na prensa e no BRAH

académicos e integrados na Comisión en febreiro de 1894.[470] Unha vez máis a provisión das vacantes semella que non foi capaz de aportar á Comisión maior dinamismo se ben podemos constatar que a comezos dos noventa permanecía constituída e activa.

Bartolomé Teigeiro seguiu sendo o seu individuo máis activo, responsable directo da maior parte das intervencións que temos documentadas nestes anos. No 1991 enviou á RAH calcos de inscripciones de Lugo que estaban no cerramento dunha finca.[471] A esta Academia remitiu no 1995 facsímiles de tres inscripciones que se atoparan ao derribar parte da Muralla de Lugo xunto cunha foto dunha estatua de bronce achada no1840.[472] Estes envíos de informes e calcos están firmados por Bartolomé Teigeiro, pero descoñecemos se os firmou en calidade de Secretario da Comisión ou coma particular responsable destas actuacións.

Comprobamos que a Comisión tivo un papel activo no debate en torno á conservación da Muralla de Lugo reavivado no 1895 cando o Concello reclamou o seu derribo alegando motivos hixienistas e a necesidade de facilitar a expansión da cidade. A *Junta Consultiva de Urbanización y Obras,* consultada ao respecto, pronunciárase favor da conservación da Muralla alegando *o respecto debido a las antigüedades mientras non supusieran un mal intolerable* (DE ABEL VILELA, ADOLFO. 1996:21). Coincidindo con este intento de derribo, a Comisión de Monumentos, por iniciativa dos vocais Valentín Portabales Blanco e Bartolomé Teigeiro, solicitou en decembro de 1895 a Declaración de Monumento Nacional para a Muralla co obxectivo de garantir a súa conservación.[473] Nesta ocasión acadaron o apoio do Gobernador Civil que colaborou na obtención dunha resolución favorable á Declaración.[474]

Bartolomé Teigeiro amosou sempre un interese especial cara a recuperación de epígrafes. No relativo a este asunto mantivo unha relación epistolar fluída con Fidel

---

469 Canónigo do cabildo da Catedral que impartía a materia de Arqueoloxía no Seminario. Publicou numerosos e controvertidos artigos en *El Lucense*

470 ARABASF 51-1/5 (79) 21/12/1893 e 51-1/5 (82) 16/02/1894

471 Arquivo Histórico da Compañía de Jesús de Castela.

www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcp28c8

www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcj97n5

473 ARABASF 51-1/5 (41) 16/12/1895

474 ARABASF 51-1/5(42) 17/12/1895

Fita da RAH No 1896, estrañamente a través da Comisión de Monumentos da provincia da Coruña, informou do descubremento de tres inscricións romanas na Muralla de Lugo das cales adxuntou os correspondentes calcos.[475] O ano seguinte remitiu á mesma Academia un calco dunha inscrición da Igrexa de Santa María de Cirio.[476]

Con respecto á composición da Comisión, sabemos que á altura de agosto de 1897, conformábana Valentín Portabales Plan, Nemesio Cobreros Cuevillas, Antolín López Peláez, Antonio Teijeiro Sanfiz, Bernardo Valcárcel de la Peña,[477] Víctor Silva Posada e Bartolomé Teijeiro Sanfiz. ***[478]***

Neste ano de 1897 Bartolomé Teigeiro intercambiou correspondencia co a RAH informándoa das súas dificultades e solicitando que mediara coa Deputación a fin de que lle asinara unha partida económica. Segundo sostiña *hace años que la Excma. Diputación provincial no consigna cantidad alguna en su presupuesto para subvenir a los gastos indispensables e inherentes a las obligaciones de estos cuerpos. Tampoco cuenta la Comisión con local destinado a Secretaría y archivo de la misma.* A RAH reclamou ao Ministerio da Gobernación para que apercibira á Deputación Provincia a fin de que cumprira coas súas obrigas con respecto á Comisión de Monumentos.[479]

Estas xestións semella que non obtiveron os resultados desexados dado que a Comisión a finais de século permanecía inactiva na práctica. Esta desorganización da Comisión de Monumentos reflíctese no xornal *El Regional: diario de Lugo* o cal, en febreiro de 1898, cuestiónase mesmo a súa existencia

> *Ahora que estamos en vena de reorganizaciones, no sería malo que se intentara la de la Comisión provincial de monumentos, pues hay vocal nato de la misma, que no sabe si aquella existe o no.*
>
> *Nosotros nos inclinamos a creer lo último.*

475 ARAH CAC/9/7953/13 (1); CAC/9/7953/13(2); CAC/9/7953/13(3)

476 ARAH CALU/9/7960/11(1); CALU/9/7960/11(2); CALU/9/7960/11(3); CALU/9/7960/11(4)

477 Bernardo Valcárcel de la Peña, comunicara á RABASF, en xuño de 1897, que por non ter os coñecementos necesarios para actuar coma vocal da Comisión de Monumentos, renunciaba a este cargo. ARABASF 51-1/5(84) 21/07/1897

478 ARABASF 51-1/5(87) 06/08/1897

479 ARAH CALU/9/7960/12(1); CALU/9/7960/12(2): CALU/9/7960/12(3)

> *De cualquier modo, conviene que se ocupe alguien de este asunto; pues hace poco sucedió lo de nuestra Catedral, en la de Mondoñedo intenta también meterse el pico del cantero, y creemos que la citada Comisión de monumentos debe intervenir y no poco en estos asuntos.*
>
> *Pero en fin, bueno fuera que ahora que el Sr. Gobernador civil de la provincia, amante del arte y de la historia como pocos, ya que estudia la creación de un Museo arqueológico provincial, echara de pasada una mano por esa Comisión nominal*.[480]

O mesmo xornal infórmanos que a Comisión carecía nesa altura de local e medios económicos se ben non por isto a escusa de non actuar debidamente en determinadas ocasións:

> *No son las que la forman sino personas de buena voluntad y de reconocida ilustración; pero como esto no implica que hayan de pagar de su propio bolsillo los trabajos e investigaciones que realicen, de ahí el que la Comisión no funcione ni poco ni mucho, limitándose los que la forman, á trabajos particulares y aislados, que carecen por lo tanto, de la importancia que revisten las gestiones que practica una corporación.*
>
> *En tiempos de gobernadores entusiastas por los trabajos históricos y arqueológicos; en tiempos de los señores Guzmán, Canals y otros, la Comisión tenía sus oficinas y archivos en el viejo edificio de las oficinas de Hacienda. Con motivo de la reforma hecha en esta, la Comisión tubo que desalojar el local y hasta hoy.*
>
> *Ahora bien; no sabemos si en la Diputación existirá una excitación de la Real Academia de la Historia, recordándole el deber en que se halla de sufragar los gastos que esa Comisión origine. Algo de eso se indicó, aunque ignoramos si la Academia lo hizo.*
>
> *La última intentona para leGaliciar la vida de la Comisión, realizose en tiempos del Sr. Varela Recaman. El resultado, no hay para que decir que fue nulo.*

480 El Regional de Lugo. Nº 9881 04/02/1898 Páx.2

> *Los señores de la Comisión, dado lo extraordinario del caso ¿no pudieron reunirse con el señor Gobernador para evitar el repicado del pórtico lateral de la Catedral de Lugo?*
>
> *No es que pongamos cebada al rabo del burro muerto. Es que seguimos creyendo que en aquella ocasión, la Comisión de Monumentos, que existía, no se portó como debiera. Y por lo que sea al porvenir pudiera importar, y como atentados de aquella naturaleza pudieran repetirse, creemos y seguiremos creyendo, que en casos extraordinarios, las Comisiones de monumentos deben adoptar actitudes extraordinarias también.*[481]

As dificultades económicas da Comisión constatámola tamén noutro anuncio breve de *El Regional de Lugo.* No artigo asegúrase que a Comisión, no mes de abril de 1898, non puido atender á solicitude da RAH de remitirlle calcos de varias inscricións romanas inéditas enclavadas na Muralla por estar en lugar de difícil acceso e recubertas de varias capas de cal. Para atender a esta petición os comisionados finalmente tiveron que recorrer aos orzamentos da Deputación.[482]

Os traballos particulares que cita o artigo reproducido aluden sen duda ás actuacións de Bartolomé Teigeiro. Estas actuación practicamente todas relaciónanse coa recuperación de epígrafes, actividade impulsada nestes anos por Fidel Fita desde a RAH Bartolomé Teijeiro encargouse da recuperación do Patrimonio epigráfico da provincia de Lugo informando a Academia sobre novos achados. No 1900 remitiulle informes e calcos de inscricións e dun baixo releve descubertos na Muralla de Lugo tras o derribo dun dos seus torreóns.[483] O Boletín da RAH dedicou un artigo do seu Boletín ás descricións destes catro epígrafes romanos inéditos.[484]

Menor capacidade amosou a Comisión no cambio de século para intervir na defensa dos monumentos, en especial fora da capital da provincia. Desde a prensa reclamouse á Comisión de Monumentos a comezos de 1900 que defendera o castelo de Pambre, en Palas de Reis, que fora vendido pola Casa de Alba a un labrador que

481 *El regional: diario de Lugo*. Nº 9883 06/02/1898 Páx.2

482 *El Regional de Lugo*. Nº 9923 10/04/1898 Páx. 3

483 ARAH CALU/9/7960/13(1); CALU/9/7960/13(2); CALU/9/7960/13(3); CALU/9/7960/13(4); CALU/9/7960/13(5); CALU/9/7960/13(6); CALU/9/7960/13(7); CALU/9/7960/13(8); CALU/9/7960/13(9); CALU/9/7960/13(10); CALU/9/7960/13(11).

484 BRAH T. 36, ano 1900

pretendía derruílo para aproveitar a pedra.[485] Non temos constancia de que Comisión intermediara neste asunto se ben evidentemente o Castelo non chegou a ser derruído.

A reactivación da Comisió no cambio de século

A partir de 1901 atopamos na prensa varios artigos que denunciaban a deixadez da Comisión e reclamaban a súa reactivación. En *El Norte de Galicia* afirmábase que a Comisión de Monumentos *no se ocupa de nada, y casi no figura ni en papel* a pesar da riqueza arqueolóxica da cidade.[486] O mesmo xornal, no mes de marzo de 1901 lamentaba que os académicos, arquitectos e outras autoridades non recolleran os vestixios arqueolóxicos que tan frecuentemente aparecían na cidade para conformar con eles un Museo.O xornal denunciaba tamén que os achados epigráficos se insertaran na Muralla sistemáticamente expóndoos aos axentes atmosféricos.[487]

Tamén desde *El Regional* criticouse á Comisión pola súa actuación con respecto ás intervencións realizadas na Catedral de Lugo. Nun artigo de xullo de 1902 cuestionábase o repicado e mutilación dun dos seus pórticos e a retirada de determinados ornatos. O artigo denunciaba *la escesiva tolerancia que en estas cosas se ha guardado siempre, debe desaparecer de una vez, y ya que en Lugo no hay comisión de monumentos artísticos, sino de nombre, hagamos sus veces los demás y consignemos nuestra protesta…* [488]

Nestes anos nos que a Comisión de Lugo semella que permanecía inactiva, Manuel Hermida da Comisión de Monumentos de Ourense, informou a RAH no 1901 do derrube dun cubo da Muralla de Lugo. Segundo informou á Academia, de entre os escombros recollera unha lápida que reubicou no cerre do xardín do novo círculo de artesáns.[489]

485 *La idea moderna: diario democrático en Lugo*. Nº 2932 19/09/1900 Páx. 3

486 *Norte de Galicia; diario político y de información*. Nº10 12/02/1901Páx. 3

487 Norte de Galicia; diario político y de información. Nº 47 28/03/1901Páx. 1 // El regional; diario de Lugo. Nº 9174 28/03/1901 Páx. 2

488 *El regional; diario de Lugo* Nº 6756 25/07/1902 Páx.2. Esta actuación fora denunciada xa no artigo que reproducimos anteriorrmente no cal se lamentaba o estado de inactividade da Comisión.

489 BRAH T. 38, ano 1901

A pesares da escasa visibilidade da Comisión de Monumentos temos constancia de que permanecía constituída. Nestes anos *La Concordia* recolleu unha noticia sobre un achado efectuado polo enxeñeiro Guillermo Thonson de restos arqueolóxicos dunha *cidade céltica* nas cercanías de Quiroga. A RAH enterada pola prensa deste suceso solicitou á Comisión de Lugo no 1902 que ampliara a información sobre estes restos.[490] Esta solicitude permite unicamente constatar que a Comisión estaba conformada se ben non consta nos cartafoles da RAH noticias referidas a este asunto, nin por tanto o informe dos comisionados relativo a estos achados.

Coincidindo con este período de inoperancia da Comisión, o alcalde da cidade de Lugo, Ángel López Pérez, defensor do *progreso urbanístico*, pronunciouse unha vez máis a favor da eliminación de numerosos fábricas monumentais, entre elas a Muralla.[491]

Ilus. 21 Catedral de Mondoñedo

Non consta que a Comisión se pronunciara ao respecto da conservación da Muralla nestes anos. En cambio solicitou ao Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes a Declaración de Monumento Nacional a favor do Castelo da Ponte en Viveiro coa finalidade de impedir a súa demolición. Entre os méritos alegados na solicitude os comisionados atribuíronlle elementos arquitectónicos arábigos, románicos e bizantinos. A RAH non apreciou tales méritos e pronunciouse en contra da Declaración:

No es obra preeminente ni como defensa militar (…) ni como modelo perfecto del arte. No se ve en ella la coexistencia de elementos arábigos, románicos y bizantinos que la Comisión de Lugo descubre, con entusiasmo que induce

490 ARAH CALU/9/7960/15(1); CALU/9/7960/15(2); CALU/9/7960/15(3); CALU/9/7960/15(4); CALU/9/7960/15(5).

491 O veterinario Rof Codina realizou un estudo sobre a inviavilidade técnica e económica do seu derrube (DE ABEL VILELA, A 1996:21).

> *error y sólo domina con inclusivo imperio el carácter propio del Renacimiento español y no en circunstancias tan extraordinarias que hagan de la puerta del Puente de Vivero obra única o excepcional*.[492]

Tamén a RABASF coincidiu en sinalar a falta de méritos do Castelo da Ponte de Viveiro e por tanto informou ao Ministerio en sentido desfavorable á concesión da Declaración para o Monumento.[493] A pesar da denegación a RAH encareceu aos comisionados que velaran para que os acordos municipais non perxudicaran á súa conservación.[494]

A situación de crise da Comisión pode relacionarse nesta altura coa falta de integrantes. De feito, desde a Comisión, solicitouse ás Academias no 1903 o nomeamento de novos académicos para poder cubrir as vacantes.

Nesta altura o descoñecemento das Academias no que se refire a conformación das Comisións galegas é manifesto. Nos seus anuarios comprobamos a falta de actualización dos rexistros de integrantes e o descoñecemento dos académicos dispoñibles na provincia tanto para provincia de Lugo como para a de Pontevedra. Desde a Comisión de Lugo informouse ás Academia que Antonio de Medina residía en Ourense desde facía vinte e catro anos; Bernardo Valcárcel de la Peña non chegara a tomar posesión; Víctor de Silva residía en Mondoñedo; Jesús Noya González en Viveiro e Federico Maciñeira Pardo en Ortigueira. Por tanto, os únicos correspondentes activos da Comisión eran o Presidente, Valentín Portabales, Nemesio Cobreros, Pedro González Maseda e Bartolomé Teigeiro.

De cara á reorganización da Comisión, o Gobernador Civil elevou ternas cos correspondentes informes sobre os méritos dos candidatos para o nomeamento de novos académicos a finais de 1904. A reinstalación da Comisión tivo lugar finalmente en maio de 1905 integrando a José Montenegro Soto,[495] a Emilio Tapia Ribas,[496] ao arquitecto Nemesio Cobreros Cuevillas e a Indalecio Varela Leuzano.[497]

---

492 ARABASF 51-1/5(44a) 28/11/1902

493 ARABASF 51-1/5(47) 24/04/1903Podese consultar o informe da RAH en

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=308728&portal=111

494 CALU/9/7960/17(4) 1903/02/27 e ARABASF 51-1/5(46) 27/02/1903 ARAH CALU/9/7960/17(1); CALU/9/7960/17(2); CALU/9/7960/17(3); CALU/9/7960/17(4); CALU/9/7960/17(5).

495JoséMontenegro Soto (1868-1934). Académico da RAH exerceu coma abogado e ocupou diversos cargos político na provincia.

No medio do proceso de reorganización a RABASF dirixiuse ao Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes en xuño de 1904 solicitando a paralización das obras da Catedral de Mondoñedo ata que o proxecto contara con informe académico favorable. Non temos constancia de que a Comisión de Monumentos remitira ás Academias informes necesarios para a instrución sobre as características do edificio e a idoneidade das obras.

A recén reorganizada Comisión retomou a súa actividade e, en decembro de 1905, reuniuse no despacho do Gobernador contando coa asistencia de Montenegro, Bartolomé Teigeiro, González Maseda, Cobreros, Varela Lenzano e Tapia. Na reunión acordaron retomar o proxecto de instalación do Museo arqueolóxico. Con este obxectivo comisionaron a Bartolomé Teigeiro para que recuperara os epígrafes integrados na Muralla e os reunira nun local que lles cedera a Deputación.[498] No eido arqueolóxico, delegaron no arquitecto Cobreros a inspección de varias mámoas achadas en Argevid, na parroquia de San Salvador de Cesar, en Sarria.[499]

Bartolomé Teigeiro, principal artífice das actuacións da Comisión durante décadas, finou en marzo de 1906. Un mes antes a RAH . recibira un copia súa dunha inscrición romana localizada na cidade de Lugo.[500] O pasamento de Bartolomé Teigeiro probablemente foi unha das circunstancias que provocou que a recén reinstalada Comisión caera novamente na inactividade se xulgamos pola falta de documentación e referencias escritas dos anos posteriores.

496 Emilio Tapias Ribas (1862-1918) Exerceu a docencia en Viveiro. Dirixiu os xornais El Lucense, El Eco de Galicia, el Norte de Galicia e el Correo de Lugo. Foi un dos fundadores da RAG

497 ARABASF 51-1/5(92) 24/04/1904; 51-1/5(94) 11/10/1904; 51-1/5(98) 04/02/1905 e 51-1/5(37) 09/06/1904 e El norte de Galicia. 16/03/1905 Páx. 2

498 El norte de Galicia. Lugo 11/12/1905 páx.3

499 ARAH CALU/9/7960/18(1); CALU/9/7960/18(2); CALU/9/7960/18(3); CALU/9/7960/18(4). El norte de Galicia. Lugo 11/12/1905 páx.3 Consultar Manuel Vázquez Seijas. *Notas sobre túmulus lucenses Zephyrus*, 1953, Vol. 4. Nos meses posteriores a RAH intercambiu a coa Comisión numerosa correspondencia referida a este achado

500 ARAH CALU/9/7960/19(1); CALU/9/7960/19(2). 14/04/1906 Non está firmada pero corresponde á letra de Bartolomé Teigeiro.

A documentación das Academias recolle unicamente que as vacantes da Comisión de Lugo cubríronse en xullo de 1906 con Lago González[501] e **Manuel Amor Meilán.**[502]

A situación de inactividade da Comisión sería a causante de que a comezos do 1909 a RABASF lle requirira noticias sobre o seu estado de conformación. A Comisión no mes de marzo elevoulle unha relación dos seus individuos que recollía a Jenaro González Rico coma Presidente, a Valentín Portabales coma Vicepresidente, José María Montenegro Soto coma Secretario, Pedro González Maseda, Emilio Tapia Rivas, Manuel Lago González, Indalecio Varela Leuzano, Manuel Amor Meilán, Manuel Pérez Batallón como Presidente da Deputación, Rodrigo de la Peña coma Alcalde da capital, Victoriano Sánchez Latas como Xefe de Fomento e Leoncio Bescansa como Arquitecto municipal.[503] Este nutrido listado correspondíase na maior parte cos individuos que a integraban nominalmente por razón do seus cargos profesionais, na práctica a plantilla activa da Comisión era sen dúbida máis cativa.

A Comisión reuniuse en asemblea en setembro de 1909 contando coa asistencia de Portabales, González Maseda, Lago, Bescansa, Amor Meilán, Varela Lorenzana e Tapia. Acordaron que o arquitecto Bescansa e Amor Meilán se trasladaran a Monforte

Manuel Amor Meilán (1867-1933)

Nado na Coruña. Exerceu coma funcionario na Deputación de Lugo.

Membro fundador da R.A.G. ; académico da RABASF; das Academia de Belas Artes de Barcelona e Toledo e da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.

Novelista, dramaturgo e poeta. Foi redactor de *El Regional* de Lugo e de *La provincia*. Colaborou en publicacións coma *La Ilustración Artística, Revista de España, La Ilustración Ibérica.,. Publicou* numerosos artigos en galego e castelán en diversos xornais co seudónimo de Manuel Molina Mera.

Entre a produción histórica figura *Historia de la provincia de Lugo* (1918). *Geografía General del Reino de Galicia*,

Realizou estudos prácticos sobre a Cova do Rei Centolo, Mondoñedo.

501 Manuel González Lago (1865-1925). Cursou estudos de Humanidades, Filosofía, Teología y Derecho Canónico. Estivo vinculado ao Seminario de Estudos Galegos. Publicou numerosos libros de temática eclesiástica. Os xornais recollen numerosas poesías súas tanto en castelán coma en galego. Foi Bispo de Tui e Arcebistpo de Santiago de Compostela.Tiña unha importante biblioteca persoal con mais de 7000 volumes que foron integrados na Biblioteca Universitaria.

502 ARABASF 51-1/5(103) 11/04/1906 e 51-1/5(106) 01/07/1906

503 ARABASF 51-1/5(108) 22/05/1909

para estudar o mérito artístico do cadro da Adoración dos Reies Magos do convento da Compañía. Así mesmo, designaron a Bescansa para que recollera as lápidas que existían na Muralla e noutros lugares da capital coa finalidade de integralas no futuro Museo provincial para o cal contaban cun local cedido pola Deputación.[504]

As actuacións das que temos noticia nesta etapa seguen sendo breves e illadas. No 1910 parte dos integrantes da Comisión formaron parte dunha Xunta Inspectora que tiña o cometido de vixiar ás obras da Catedral de Mondoñedo.[505]

A Comisión, sen local propio a altura de 1911, reuniuse no despacho do Gobernador no mes de xullo. Asistiron á xuntanza Portabales, Maseda, Montenegro, Varela Lenzano e Amor Meilán. Entre os puntos do día a tratar figuraba o nomeamento de Balsa de la Vega coma responsable do Catálogo de obras artísticas e arqueolóxicas da provincia. A asemblea analizou tamén a nova normativa legal sobre escavacións.[506]

Nos xornais destes anos atopamos novamente referencias relativas á Comisión, unha vez máis para sinalar a súa desorganización e deficiente funcionamento.

Ilus. 22 Castelo de Vilalba.

Nesta ocasión Desde a *Gaceta de Galicia*, reclamábase a intervención da Comisión para que xestionara a Declaración de Monumento Nacional para a Torre de Vilalba. Segundo o xornal o dono actual do edificio destruíra as murallas que circundaban a torre e nos últimos meses presentárase unha denuncia pola extracción das pedras da edificación ante a Inspección Xeral de Monumentos.[507] O *Noticiero de Vigo* recolleu que as persoas

504 *El Correo de Galicia: diario indepediente de avisos y noticias*. S.N. 10/09/1909

505 ARAH CALU/9/7960/20(1); CALU/9/7960/20(2)

506 La *voz de la verdad: diario católico con censura eclesiástica*. Nº 247 29/07/1911 // *El diario regional de Lugo* Nº19231 28/07/1911

507 *El Eco de Galicia: diario católico e independiente*. Nº 1605 15/11/1911

cultas da vila, interesadas pola conservación da Torre, propuxeran a Declaración de Monumento Nacional e a adquisición do edificio polo Goberno.[508]

A Comisión de Monumentos reuniuse en novembro do 1911, *respondiendo a las excitaciones hechas por toda la prensa gallega*, coa finalidade de establecer se procedía incluír o castelo no Inventario Nacional do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes. Atendendo ao xornal *El Diario de Pontevedra* a Comisión realizou un informe sobre a valía histórica e artística do edificio *preceptivo* para a instrución da Declaración de Monumentos Nacional. Esta actuación levou consigo a paralización do proxecto de demolición.[509]

A raíz desta intervención a Comisión acordou formar un catálogo dos castelos da provincia. Para a súa elaboración propuxeron que se consultara ás persoas máis cultas e preparadas das vilas de cada partido xudicial.[510] Non nos consta que se realizara este catálogo.

A pesar de que as referencias relativas á Comisión son moi escasas nesta década sabemos pola prensa que os comisionados seguían reuníndose periodicamente e por tanto que a Comisión permanecía constituída e activa.[511] A supervisión de obras en edificios monumentais sen dúbida foi unha das tarefas habituais dos comisionados nestes anos. Coma mostra, De Abel Vilela sinálanos a partir da documentación do Concello, que a Comisión de Monumentos reclamara repetidamente que se prohibira a construcción de vivendas adosadas á Muralla. A lexislación local que limitou esta práctica promulgouse entre o 1913 e 1915 (DE ABEL VILELA, A. 1996:23).

Balsa de la Vega, responsable do Catálogo Monumental da provincia,[512] suxeriu á Comisión de Monumentos no 1914 que formara un Museo para acoller as antigüedades que aparecían a cotío na cidade de Lugo. Lembrou aos comisionados

508 *El noticiero de Vigo. Diario Católico independiente de la mañana*. Nº 1104 8 11/11/1911

509 *El Diario de Pontevedra. Periódico liberal*. Nº 8258 11/11/1911

510 *Gaceta de Galici : Diario de Santiago*. Nº. 279 22/11/1911 Páx. 1

511 El regional. Diario de Lugo. Nº 9675 19/12/19112 Páx. 2 Un anuncio breve convoca una asemblea para o 21 de decembro de 1912

512R. Balsa de la Vega. Catalogo-InventarioMonumental y Artístico de la provincia de Lugo. Manuscrito de 1911-1912 dixitalizado poloC .S.I.C. http://biblioteca.cchs.csic.es/digitalizacion_tnt/index_interior_lugo.html

que os fondos que reuniran durante décadas e que permanecían nunha habitación da planta baixa do Instituto da cidade constituían unha boa base para a formación dun Museo Arqueolóxico. Esta alusión aos fondos reunidos nas décadas anteriores testemuña a tarefa de recollida e conservación dos vestixios por parte dos comisionados

> *Tenemos entendido que la diputación provincial cedió hace algún tiempo local para este museo y que la Comisión de monumentos en alguna reunión se preocupó de organizarlo. Pero es el caso que transcurren los años, la epigrafía va perdiendo esos valiosos ejemplares que de ningún modo deben permanecer más tiempo abandonados, expuestos quizás a que algún día pasen a manos extrañas para aumentar las colecciones de otros museos nacionales.*[513]

Para esta segunda década do século XX temos un importante oco documental que abrangue ata xaneiro de 1919. Neste mes a Comisión celebrou unha asemblea no *Instituto General y Técnico* onde o principal punto do día foi a reorganización e a provisión de vacantes. A continuidade da maior parte dos integrantes con respecto ao período anterior lévanos a pensar que nos anos previos a Comisión estivo en todo momento constituída se ben probablemente afectada pola baixa participación de parte dos comisionados.

Nesta asemblea renovaron nos seus cargos Varela Lenzano coma Presidente, Montenegro y Soto na vicepresidencia, Amor Meilán coma Secretario e coma conservador Portabales Noguera. Propuxeron ás Academias o nomeamento de novos correspondentes dado que por motivos de saúde algúns dos integrantes non podían participar con asiduidade e tamén para cubrir as vacantes dos falecidos Tapia e de González Maseda. Entre os candidatos propostos pola Comisión figuraba Joaquín Arias Sanjurjo de Monforte.[514] Coma correspondente da RABASF, propuxeron a Miguel

Joaquín Arias Sanjurjo (1860-1946).

Licenciado en Dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Dirixiu a Gaceta de Galicia. Publicou numerosos artigos relativos ás vías romanas e edificios monumentais galego.

No 1887 notificou á RAH. a descuberta de dous castros nas proximidades de Santiago de Compostela. bibliografía ao respecto.

Publicou *El Castillo de Litoria y otras menudencias orensanas, etc*.(1932) e *Una excursión a la Ribera Sagrada*

513 *La idea Moderna; diario democrático de Lugo* Nº 7007 09/03/1914 Páx. 1

514 Acta 29/01/1919 Comisión de Monumentos de Lugo. BRAH T. 75,1919, Páxs. 377-378

García Teijeiro[515] para sustituír a vacante de Manuel Lago González.Os comisionados aproveitaron a notificación dos novos integrantes para informar á R.A.F.A.S.F. que Ramón Méndez Gaite, que figuraba nos anuarios como correspondente da provincia, non pertencera nunca á Comisión de Lugo.[516]

A RABASF en xaneiro de 1921 solicitou á Comisión de Monumentos que informara sobre o derribo promovido pola alcaldía nunha das portas da Muralla. Estas agresións continuadas do Concello á Muralla motivaron que se solicitara a Declaración de Monumentos Nacional para garantir a súa conservación. No informe para a Declaración, realizado por José Ramón Melida e publicado no Boletín da RAH, recollíase que *el 5 de mayo último el Ayuntamiento de Lugo, en "sesión supletoria", celebrada "con la sola asistencia de dos o tres Concejales", acordase enajenar un terreno inmediato a la muralla y de uno de sus cubos para establecer un garage, y que al día siguiente, sin esperar a que tal acuerdo fuese firme, comenzara el derribo de dicho cubo*. [517]

O Ministerio de Instrución Publica e Belas Artes declarou Monumento Nacional á Muralla de Lugo mediante R.O. do 16 de abril de 1921. Recén obtida a distinción, a Comisión realizou un informe para á RAH sobre o seu estado de conservación e as reparación que necesitaba a Muralla. O Concello rexeitou facerse cargo destas necesidades e alegou que por ser Monumento Nacional as reparacións e gasto de mantemento da Muralla debían recaer no Goberno (ABEL DE VILELA, A 1996:24). Desde a RABASF lembrouse á alcaldía que era a súa obriga atender aos gastos habituais ocasionados polos monumentos da cidade.[518]

No mes seguinte á concesión da Declaración iniciáronse as obras para a construcción dunha nova porta na Muralla.[519] A Comisión, enfrontada coa alcaldía, solicitou á RABASF no mes de xuño que obrigara ao Concello a rematar as obras da

515Pode consultarse a súa semblanza en Las Riberas del Eo. 30/05/1936 Nº 3.182

516 ARABASF 51-1/5(116a) 28/05/1921

517 Mélida, José Ramón. *Las murallas de Lugo*. B.RAH T. 78 Páxs. 311-313. 1921

518 A conservación das amurallas das cidades foi unha das loitas das Comisións e Academias opostas ás políticas de derribo totais ou parciais das autoridades locais. Casos semellantes aos de Lugo déronse en Córdoba (LUZÓN NOGUE, J.M. 2007:248) e en Sevilla (LARA ESCOZ, J.I. :2007) que solo conseguiron conservar algúns tramos das súas murallas.

519 *La Integridad diario católico* Nº 9325 11/05/1921 Páx. 2 No trasncurso das obras atopouse unha moeda de cobre romana e un muíño de pedra

apertura da porta coa maior brevidade ou, no seu defecto, que reconstruíra o muro.[520] Os comisionados consideraban que a demora nas obras poñía en perigo a integridade da Muralla e por tal motivo solicitaron á *Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades* e a RABASF que enviaran a un comisionado a Lugo para que informara ao respecto.

A Comisión dirixiuse á *Dirección General de Bellas Artes* para pedir que designara un conservador para a Muralla propondo para o cargo a Luís López Martí. Desde a Dirección Xeral optouse por nomear coma conservador a Darío Vila López, desestimando ao candidato proposto.

A Comisión de Monumentos, reunida en xullo de 1921, amosou a súa desconformidade e o seu enoxo co nomeamento pola indiferenza con que as autoridades acolleran a súa proposta. Segundo os comisionados o candidato da Dirección Xeral de belas Artes, Vila López, *no solo se había significado muy recientemente como uno de los enemigos de las murallas lucenses y defensor de los mas grandes radicalismos en lo que a su integridad afecta, sino que es público y notorio que su nombramiento fue gestionado y obtenido precisamente por los que, con su conducta, provocaron el actual lamentable estado de las cosas*.[521]

Os integrantes da Comisión lamentaba tamén que a Dirección Xeral de Belas Artes e as Academias desatenderan a súa notificación do mes de maio relativa ao mal estado de conservación da Muralla e as súas propostas de mantemento. Como medida de presión os comisionados optaron drasticamente por presentar ás Academias a renuncia colectiva dos seus cargos na Comisión e por rexeitar as súas credenciais de académicos correspondentes.[522]

520 ARABASF 51-1/5(115) 03/05/1921

521 ARABASF 51-1(117a) 12/07/1921

522 ARABASF 51-1/5(117a) 24/07/1921

Non temos noticia de cómo se solventaron as diferencias coa Academia. Sabemos unicamente que a altura de xaneiro de 1922 a Comisión continuaba coa súa actividade. Nesta altura o Gobernador Civil foi informado polo Conservador dos Monumentos Nacionais de que se estaban efectuando obras no local do *Círculo das Artes,* que afectaban á Muralla. A Comisión ante a indiferencia das autoridades locais ante este tipo de atentados optou por informar do sucedido á RABASF e á *Junta Superior de excavaciones y antigüedades*.

Descoñecemos as actuacións da Comisión nos anos inmediatamente posteriores a dado que a seguintes referencias coas que contamos lévannos ao 1926, ano no cal Angel del Castillo e Martínez Moras visitaron os vestixios de Santa Eulalia de Bóveda, descubertos na década anterior. As investigacións que efectuaron leváronos a datar dos restos nos primeiros séculos do cristianismo. A Comisión de Monumentos de Lugo acordou participar nestas investigacións e colaborar sufragando o desescombrado dos vestixios.[523]

Miguel García Teijeiro (1868-1936)

Académico da RAH. e membro da RAG

Publicou numerosos artigos literarios e históricos no xornal *Las Riberas del Eo.*

Entre a súa produción escrita destacamos os traballos de corte histórico arqueolóxico: *Monumentos megalíticos de Porcía*; *Notas descriptivo arqueológicas de la Catedral de Lugo de Galicia; Lugo. Datos históricos y locales y de la sede lucense*; *Ribadeo, su condado y fortaleza*; .

Os traballos en Santa Eulalia de Bóveda comezaron na primavera de 1927 contando coa participación da Comisión de Monumentos, a Deputación provincial e o prelado da Diócese de Lugo. Os arqueólogos Martí, Vázquez Seijás e o arquitecto Ricardo García Poig foron os designados para practicar as intervencións no transcurso das cales localizaron un muro de fábrica romana de sillería e ladrillos, mármol en prancha con debuxos alegóricos e columnas de mármol. As pinturas naturistas atopadas representaban alegorías con simboloxía cristián, grecas coloridas e releves.[524]

A Comisión durante o ano seguinte ocupouse en buscar nos arquivos documentación relativa a Santa Eulalia de Bóveda. Coma resultado destas investigacións, no 1928, elevaron á RAH reproducións de trinta privilexios

523 *El Regional. Diario de Lugo* Nº 14809 02/08/1926

524 El Diario de Pontevedr : Periódico liberal. Nº 12679 14/04/1927 Páx. 1

altomedievais vinculados ao templo de Santa Eulalia xunto con fotografías dos releves. No informe, os comisionados cuestionaron a adscrición cronolóxica e cultural proposta inicialmente polos investigadores.[525]

A Muralla de Lugo sufriu novas agresións neste ano de 1928 ao permitir a alcaldía a construcción de dous edificios adosados. A Comisión informou á RAH e pediulle que intermediara para conseguir o derribo das construcións. A través da RAH reclamaron ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes que velara polo estado de conservación da Muralla e reclamaron medidas para evitar a súa degradación.[526] A RAH recibiu tamén este ano da Comisión unha fotografía coa inscrición do Acróstico de Odoario da Catedral de Lugo do século VIII.[527]

Para os anos seguintes contamos unicamente con noticias intermitentes relativas á Comisión. Nesta etapa é de supor que participaría na instrución dos informes preceptivos para as Declaracións de Monumentos conxuntas de 1931 que na provincia de Lugo recaeron nas Termas e a Catedral de Lugo; a igrexa e claustro de Catedral; as igrexas de San Pelaxi Diomondi, Santiago de Vilar e Santa María de Donas, Santa María de Meira, San Estebo de Ribas de Miño, San Xoan de Portomarín, San Martiño de Mondoñedo en Foz, e Santa Eulalia de Bóveda (MENDEZ FONTES, R. 2004:84).

A Comisión de Monumentos de Lugo acolleu no mes de maio de 1931 ao arquitecto encargado de realizar o inventario da riqueza artística nacional. A vista tiña coma principal obxectivo inspeccionar a Muralla e comprobar as reparacións que precisaba dado que o Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes asinara fondos a este fin.[528]

Unha comunicación de 1931 da Comisión á RABASF relativa á súa conformación permítenos coñecer aos integrantes nesta altura: Indalecio Varela Lenzano figuraba coma Presidente, José María Montenegro Soto coma Vicepresidente, Manuel García Blanco actuaba coma conservador e coma vocais

525 ARAH CALU/9/7960/21(1); CALU/9/7960/21(2); CALU/9/7960/21(3).

526 ARAH CALU/9/7960/21(5); CALU/9/7960/21(6);CALU/9/7960/22(1); CALU/9/7960/22(2); CALU/9/7960/22(3); CALU/9/7960/22(4); CALU/9/7960/22(5); CALU/9/7960/22(7); CALU/9/7960/22(8)

527 ARAH CALU/9/7960/21(4)

528 *El regional diario de Lugo* Nº 17100 25/05/1931

Jesús Noya González, Miguel García Teijeiro, Alfredo Lorenzo López e Luís Martí Núñez.[529]

A Deputación provincial no 1932 promoveu a creación dun Museo na ala sur do Pazo Provincial. Os fondos iniciais formáronse a partir dos materiais dos depósitos da Comisión de Monumentos, de materiais aportados polo Concello e integraron tamén parte da colección de Villaamil y Castro que estaba cedida ao Instituto de Segunda Ensinanza da cidade.[530] Descoñecemos cal foi a participación da Comisión neste proxecto que demandara durante décadas.

Contamos cunha nova relación de integrantes da Comisión de finais de 1934 que presenta poucos cambios respecto da anterior. Segundo a notificación da Comisión á RABASF os seus integrantes eran Indalecio Varela Lenzano, Manuel García Blanco, Alfredo Lorenzo López, Luís L. Martí Núñez, Miguel García Teijeiro e Jesús Noya González.[531] Nas comunicación á RAH informouse de que Montenegro Soto causara vacante por falecemento.[532.]

Entre a documentación da RAH figura unha notificación de 1935 firmada polo avogado Estanislao Pinacho Aresti informando sobre achados de restos arqueolóxicos romanos en Pousada, perto de Baralla, que atribuía a unha posible cidade romana. Non nos consta que a Comisión intervira inspeccionando estos achados. [533]

Nestes anos as referencias ás actuacións da Comisión son case nulas. Este baleiro podería relacionarse cunha etapa de baixa inactividade nun contexto de conflitividade política. Cara finais de 1938 a Comisión elevou ao Servicio de Defensa do Patrimonio Artístico un informe sobre o estado dos monumentos da provincia notificando os danos que sufriran durante a contenda. Segundo a Comisión o Concello amosaba un absoluto desinterese polos coidados e gastos que implicaba o mantemento da Muralla. O informe recollía tamén noticia das reparacións que se realizaran en Santa Eulalia de Bóveda e solicitaba a colaboración estatal para velar pola súa conservación. Pedíase tamén que se intervira na conservación da Igrexa de Vilar de Donas e da Igrexa de Torbeio. A Comisión solicitou ademais a Declaración de

529 51-1/5(120) 11/12/1933

530Sánchez Barguiela, Rafael. Historia dos museos en Galicia.Museos do Eixo Atlántico. 2004 Páx. 38

531ARABASF 51-1/5(121) 08/11/1934

532 ARAH CALU/9/7960/23(1); CALU/9/7960/23(2); CALU/9/7960/23(3)

533 ARAH CALU/9/7960/24(1); CALU/9/7960/24(2)

Monumento Nacional para o Mosteiro de Penamaior, a Igrexa de San Pedro de Viveiro e a Porta de Vila de Viveiro (MENDEZ FONTES, 2004: 83).

A Comisión de Monumentos de Lugo no 1941 comezou a publicación dun Boletín de contidos históricos, arqueolóxicos e culturais similar ao que con éxito viña publicando a comisión ourensán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

COMISION PROVINCIAL

DE MONUMENTOS

HISTÓRICOS Y ARTÍSTICOS

DE

PONTEVEDRA,

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. A Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Pontevedra

6.1. As comisións científicas e recoletoras. 1836-1844

Na provincia de Pontevedra a recuperación dos bens culturais nacionalizados nos anos inmediatos á Desamortización foi especialmente calamitosa. Ao igual que no resto do Estado, nesta capital provincial instalouse no 1835 unha *comisión* para a recollida dos bens artísticos e dos volumes librarios conservados nos mosteiros e conventos suprimidos.[534] Para a selección dos seus integrantes o Goberno contou co asesoramento da *Sociedad de Amigos del País de Santiago.*

A *comisión* instalouse no mes de xullo integrando inicialmente a Antonio Pardo Lis, Ramón María Godoy e Ramón García Flórez.[535] Estes comisionados, antes de acometer os traballos, reclamaron o cobro anticipado de dietas e outros gastos que, segundo cálculos do Xefe Político, ascenderían a corenta e catro reais diarios. O Goberno provincial, sen capacidade para afrontar este pago, propuxo ao Goberno que se destinara a este fin o metálico que se atopara nos conventos ou, de non ser posible, o produto das rendas provinciais pendentes de cobro.[536]

O Goberno non aceitou que se pagaran dietas por adiantado e condicionou o seu cobro a que se remataran primeiro os traballos de selección e recollida dos efectos culturais. A falta de acordo cos comisionados sobre as condicións económicas levou consigo a negativa a realizar os traballos e o cese voluntario dos comisionados en novembro de 1836. [537]

Nos meses seguintes constituíuse unha *comisión* de nova planta con integrantes nomeados por distritos: Antonio Blanco en Pontevedra, José Gamboa en Tui, José María Lebrón en Ponteareas, José Manuel Cadabal en Baiona e Ricardo Bobo en Cambados.[538]

Esta nova comisión tivo que enfrontarse novamente coas dificultades económicas dado que o Goberno non destinara partidas especificas para a recollida dos efectos culturais e artísticos. Con relación aos traballos acometidos temos

534 R. O. de 29 de xullo de1835

535 ARABASF 7-6/2(1) 12/08/1835

536 ARABASF 7-6/2(1) 12/08/1835

537 ARABASF 7-6/2(2) 16/09/1835

538 López Gómez, P., "*El inventario delas bibliotecas…"; y Buján Núñez,J.D., "Desamortización y Bibliotecas*…",273.

documento unicamente actuacións puntuais. Nos arquivos da RABASF figura una comunicación de finais de 1836do comisionado de arbitrios de amortización de Tui ao comisionado de Baiona relacionado coa entrega da biblioteca e pinturas do Monteiro de Oia. Na comunicación sinálase que os ingresos procedentes das vendas dos materiais non útiles serían insuficientes para costear os gastos do traslado e que, de non asinarse fondos, a biblioteca debería permanecer no mosteiro de orixe. [539]

Non temos documentada na provincia de Pontevedra a formación dunha *comisión recoletora* similar as conformadas no 1837 noutras provincias. Supoñemos que si existiu e, en todo caso, o certo é que nestes anos realizáronse inventarios e expurgos de volumes librarios nos edificios eclesiásticos, ao menos na capital da provincia. Como testemuña temos unha solicitude do Xefe Político ao Goberno de maio de 1840 na cal pide autorización para vender os libros inservibles que se recolleran nos conventos alegando o seu mal estado. O volume debeu ser cuantioso dado que o Xefe provincial suxeriu que cos ingresos obtidos se sufragaran os gastos da instalación dunha casa asilo na cidade de Pontevedra.[540]

Informes posteriores dos anos corenta describen esta etapa inmediata á Desamortización coma un período de rapiñas e deterioro dos efectos culturais abandonados nos edificios eclesiásticos. Nestes informes dos anos corenta alúdese á existencia de inventarios dos bens nacionalizados *efectuados polas comisións científicas* e *recoletoras* se ben non atopamos copia deles nos arquivos da RABASF [541]

Comezada a década dos corenta o Goberno retomou o seu proxecto de impulsar a instalación de Museos e Bibliotecas nas capitais provinciais cos fondos culturais nacionalizados. Con este fin consultouse aos Xefes Políticos provinciais sobre a preexistencia nas provincias deste tipo de establecementos. No caso de Pontevedra a resposta do Xefe Político foi que non existían previamente nin se formaran nos anos inmediatos por *no haber obxectos dignos de conservarse*.[542]

539 ARABASF 7-6/2(5) 07/09/1836

540 ARABASF 7-6/2(9) 29/05/1840

541 ARABASF 7-6/2(29) 27/01/1844

542 ARABASF 7-6/2 (11) 20/06/1840 e 7-6/2(10) 05/06/1840

Ilus. 23 Colexiata de Baiona

Nesta altura o Xefe Político era o responsable directo da aplicación da política gobernamental na provincia, incluídas as cuestións culturais e a recollida dos bens nacionalizados. Atendendo as declaracións de Juan Falomir, no momento da súa toma de posesión coma Xefe Político en agosto de 1842, o seu predecesor no cargo, Pedro Donoso Cortés, fora precisamente o responsable da sustracción dos cadros e volumes librarios de máis valor de entre os bens recollidos nos edificios eclesiásticos.[543] Anos máis tarde os integrantes da Comisión de Monumentos reforzaron estas acusacións.

O Goberno instou ao recente novo Xefe Político no que procedera a instalar de inmediato un Museo e unha Biblioteca na capital provincial. Neste punto Falomir confirmou a información que se facilitara ao Goberno no 1840 e sostivo que os volumes dispoñibles na provincia *a excepción de alguna obra de los padres de la Iglesia, eran sermonarios y vidas de santos, viejos e inútiles y que no se han hallado objetos artísticos dignos de conservarse*. Informou ao Goberno de que no momento de acceder ao cargo revisara os inventarios feitos tras a exclaustración coa intención de

543 ARABASF 7-6/2 (12) 20/ 06/1840 e 20/08/1842

reclamar os bens culturais e artísticos que faltaran pero o tempo transcurrido dificultaba a súa recuperación.[544]

Falomir comprometeuse a publicar no Boletín Oficial da Provincia unha circular da Raíña na cal se instaba aos alcaldes, deputados e Concellos a colaborar achegando información sobre o paradoiro de libros e obxectos artísticos coa finalidade de poder obter un fondo suficiente para a instalación dunha Biblioteca e Museo.[545]

A colaboración dos Concellos materializouse no mes de maio de 1844 coa recepción no goberno provincial de informes relativos aos edificios eclesiásticos destinados a informar ao Goberno sobre o seu valor económico, artístico e funcional. Os informes do distrito de Cambados incluían descricións do templo de Vilagarcía e do de Armenteira. Na cidade de Pontevedra realizáronse informes sobre os conventos extramuros de dominicos, o das claras, da igrexa de San Francisco e o colexio da Compañía de Xesús. Fixéronse tamén informes sobre os conventos de Lérez e de Poio. No distrito da Estrada destacábase unicamente a valía da casa de Torre da Barreira pertencente á familia de Churrichaus.[546]

Ilus. 24 Armenteira, 1908

544 ARABASF 7-6/2(29) 27/01/1844

545 ARABASF 7-6/2 (12) 20/ 06/1840 e 20/08/1842

546 ARABASF 7-6/2(46ª) 28/05/1844

6.2. Traxectoria da Comisión de Monumentos de Pontevedra

A recuperación dos Bens desamortizados. 1844-1845

O Goberno no 1844 optou por acometer a recuperación dos bens culturais desamortizados a través da instalación de Comisións de Monumentos a nivel provincial coordinadas desde Madrid pola Comisión Central. Na provincia de Pontevedra a Comisión constituíuse no mes de outubro de 1844 contando coma integrantes con José Mosquera, Enrique Álvarez de la Braña,[547] Ventura Rego, Claudio González y Zúñiga e Francisco Sancho.[548]

A Comisión Central solicitou á recén instalada Comisión no mesmo mes de outubro que realizara novos inventarios dos bens conservados nos conventos e que os cotexara cos elaborados polas comisións precedentes. Realizada a avaliación dos inventarios debían averiguar o paradoiro dos materiais que desapareceran no intervalo.[549] A Central encargoulles tamén que completaran a información sobre edificios monumentais recollida nos informes facilitados no mes de maio polos Concellos.[550] Emprazou tamén aos comisionados para que recolleran fragmentos dos sepulcros do convento de dominicos da capital provincial e para que velaran pola conservación do seu pórtico.[551]

Os informes dos comisionados estiveron listos en maio de 1845 logo de visitar os edificios eclesiásticos na procura de obxectos que mereceran conservarse *si bien ajenos por sus circunstancias y destinos de los conocimientos que exigen estos asuntos*. Nestas visitas atoparan os edificios vacíos *por estar abandonados y mucho tiempo a merced del que quiso registrarlos o llevarse lo poco o nada útil que quedara*. Unicamente atoparan algúns volumes depositados en San Francisco, a maior parte

547 Non podemos precisar se ten parentesco con Ramón Álvarez de la Braña (Noia, 1837-1906) autor de "*Galicia, León y Asturia*s" (1894), de "*Guía del viajero en Santiago*" (1885) e "*Gramática y vocabulario del dialecto gallego*". o cal foi décadas despois vocal da Comisión de Monumentos de León.

548 Os integrantes na súa meirande parte forman parte do cadro de funcionarios e cargos públicos do Goberno provincial. Ocuparon por este orde os cargos de Diputado provincial; asesor de rentas; cura, rector e xuíz eclesiástico de Sta. María de Pontevedra; vocal do Consello provincial; fiscal do partido xudicial da provincia. 7-6/2 (14) 04/10/1845

549 ARABASF 7-6/2(30) 02/10/1844

550 En concreto, a Central interesouse por recibir noticias dos edificios do distrito de Paradela; do edificio das clarisas de Pontevedra e noticias e descripción dos conventos de Poio e Lérez.

551 ARABASF 7-6/2 (47) 30/10/1844

tomos incompletos de obras ascéticas o teolóxicas podres e en mal estado. Os comisionados sostiñan quen non realizaran novos inventarios por non existir obxectos que recoller neles e por tanto tampouco cos que formar Biblioteca ou Museo algún. Segundo indicou o Xefe Político á Central, as obrigas profesionais dos comisionados non lles permitían completar os informes relativos os edificios eclesiásticos elaborados polos Concellos pero amosaran a súa dispoñibilidade para solicitar máis información aos alcaldes.[552]

Na primavera de 1845, a Comisión Central apurou aos comisionados para que informaran sobre as súas actuacións de cara a integralas na Memoria Anual do mes de xullo. A Comisión elevou unicamente uns breves informes dos edificios monumentais, elaborados a partir das informacións facilitadas desde os Concellos. O Xefe Político informou á Central de que a implicación da Comisión de Monumentos con respecto a recollida de efectos culturais e librarios fora escasa a pesar de que intentara inculcarlle a necesidade de acometer *aunque no fuese más que un simulacro de biblioteca, o museo provincial*. Con respecto aos libros do exconvento de San Francisco sinalou que non se realizara o inventario e que, na súa opinión, era innecesario conservalos volumes *por su corroimiento y mal estado*.[553]

A Comisión Central na súa Memoria Anual de xuño de 1845 reflectiu o seu malestar polo pouca efectividade e desinterese da Comisión de Pontevedra. Segundo a Memoria a Comisión respondera ás solicitudes da Central solo *después de un silencio incalificable y cediendo en fin a las repetidas instancias de la Central.* [554]

Coma xustificación, no mes de xuño o Xefe Político alegou que na provincia xa se fixera todo o posible para a recuperación dos limitados bens nacionalizados conservados e que por este motivo consideraba innecesaria a existencia da Comisión de Monumentos.

> *En esta secretaría se han reconocido los inventarios de los monasterios y conventos suprimidos y es el resultado que los pocos libros que aquella contenían han desaparecido por efecto de una continua dilapidación durante la guerra civil, razón por la cual, y por no existir los exclaustrados, convengo con la*

552 ARABASF 7-6/2(48a) 19/06/1845

553 ARABASF 7-6/2 (48) 19/06/1845

554 *Memoria de la Comisión Central sobre su actuación y la de las Comisiones Provinciales de Monumentos desde el año 1846 hasta 1855.*// 2- 55/1 RABASF 1855

> *comisión provincial en que es imposible saber su paradero. Además, en esta provincia no hay poblaciones de nombradía en la antigüedad como sucede en otras de la Península y en cuyo recinto puedan hacerse excavaciones para obtener restos de algún mérito como lápidas inscripciones, sepulcros que interesen a la historia […] … concluyendo con manifestar a vuestra excelencia que juzgo por demás la existencia de la comisión provincial, cuando esta corporación por ningún sentido puede ocuparse en los objetos de su erección…*[555]

A Comisión Central acolleu con enoxo a proposta do Xefe Político de disolver a Comisión e lembroulle a existencia de inventarios e informes da etapa previa remitidos polo seu predecesor que o contradicían:

> *…mentira parece, repite la Central, que se tenga tanto olvido y tampoco amor patrio que se asegure que no consiguieran dichos diputados resultado alguno ventajoso, que no existan cosas notables y que nada se puede esperar en dicha provincia. (…) Sensible es en sobre manera a esta comisión tener que dirigirse a vuestra excelencia con semejantes quejas que arguyen siempre falta de patriotismo por parte de quien las motiva y que por más templadas que sean, llevan naturalmente envueltos algunos severos cargos. El haber transcurrido un año entero sin que la provincia de Pontevedra de muestras de vida y el responder al cabo de ese tiempo y de multitud de invitaciones y aclaraciones del modo que lo hace el Presidente y la comisión, no han podido menos de causar grande extrañeza a la central, asegurándola que aquella provincial es enteramente inútil, como ella mismo confiesa.*[556]

No mes de agosto, a modo de desculpa, o Xefe Político alegou que no momento de acceder ao seu cargo xa informara ao Goberno repetidamente de que na provincia solo se conservaban algúns libros incompletos e moi deteriorados. Reiterou que no momento da exclaustración non se recolleran os bens culturais e artísticos e que os oito anos de abandono transcorridos dificultaban a súa recuperación. Asegurou ter realizado esforzos para averiguar o paradoiro dos bens desaparecidos e que coma resultado atopara nove cadros colosais de certo mérito no Mosteiro de Poio.

555 ARABASF 7-6/2 (48) 19/06/1845

556 ARABASF 7-6/2 (49) 28/07/1845

Comprometeuse a recollelos e a conformar con eles un pequeno Museo na capital xunto con outros dispoñibles.[557]

Dous meses despois, no mes de outubro, dirixiuse novamente á Central reiterando a súa opinión de que a Comisión de Monumentos era innecesaria nesa provincia por falta de bens artísticos que recoller e custodiar. Alegou que ata o momento as limitacións de persoal do Goberno Civil non lle permitiran *haber dado a este interesante negocio el impulso que merece por haber otros de atención preferente que no admiten dilación*.[558]

No mesmo mes de outubro de 1845 notificouse á Central a recepción nas dependencias do Goberno Político de dezaoito cadros *nun estado lamentable*. [559]Estes mesmos cadros, no mes de maio do ano seguinte, foron agredidos *por los satélites de la junta rebelde de esta capital*. Segundo o Xefe Político as pescudas realizadas permitiran responsabilizar dos destrozos aos soldados acuartelados no edificio do Goberno Civil. A Central solicitou que se restauraran as pinturas e que se instalaran no Instituto de Segunda Ensinanza onde se barallaba a posibilidade de formar un pequeno Museo. [560]

O Xefe Político amosou maior dilixencia con respecto a recuperación dos efectos culturais no segundo ano de existencia da Comisións. Na primavera de 1846 remitíronse a tempo os inventarios de cadros e libros xunto cos informes das tarefas realizadas pola Comisión para a súa inclusión na Memoria Anual da Central de 1846.[561]

A Comisión de Monumentos completou a súa plantilla no mes xuño integrando a dous profesores do recén instalado Instituto de Secundaria da capital: Miguel Rúa[562] e Carlos Somoza y Manzanares.[563] Nesta altura os comisionados elevaron á Central o

557 ARABASF 7-6/2 (26) 16/08/1845

558 ARABASF 7-6/2 (14) 04/10/1845

559 ARABASF 7-6/2(32); 04/10/1845 e 7-6/2(33) 16/10/1845

560 ARABASF 7-6/2(35) 09/05/1846 e 7-6/2(37) 25/06/1846

561 ARABASF 7-6/2(38) 26/06/1846. A Comisión Central por motivos económicos no pudo publicar esta segunda Memoria correspondente a a 1846. A segunda Memoria publicouse recollendoa actividade de toda a década comprendida entre1846-1856.

562 Licenciado en leis e catedrático de historia, mitoloxía, retórica e poética.

563 Catedrático de matemáticas, xeografía e historia natural exerceru coma médico homeópata e catedrático interino

índice dos cadros depositados no exconvento de San Francisco. O Xefe Político reclamou tamén en toda a provincia que se cederan cadros susceptibles de integrarse no proxectado Museo do Instituto.[564]

Os comisionados dedicaron o verán de 1846 á confección dos inventarios de libros e a preparar a integración dos volumes na Biblioteca do Instituto.[565] Coincidindo coa opinión do Xefe Político, os comisionados sinalaron ao Xefe Político anterior, Donoso Cortés, como responsable da sustracción dos volumes máis valioso e acusárono de deixar amontoados e dispersos unicamente os volumes de escaso mérito.[566] Na segunda metade de ano realizouse o inventario dos libros de San Francisco remitido á Central a finais de ano.[567] Os comisionados elaboraron simultaneamente un índice co rexistro das sepulturas de reis e personaxes célebres da provincia requirido pola Central.[568]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Xeografía no Instituto de Segunda Ensinanza de Pontevedra. Neste centro leeu o discurso de apertura do curso 1854-1855; Necesidad de la Instrucción. Estivo vinculado á Comisión de Monumentos desde 1846 ata o 1880.

564 ARABASF 7-6/2(39) 26/07/1846 e 6/2(39a) 20/06/1846

565 ARABASF 7-6/2(40) 17/08/1846

566 Efectivamente, na década dos oitenta, Rodríguez Seoane asegurou que o Xefe Político inmediato a exclaustración levárase os libros máis notables e as edicións máis raras e valiosas e os mellores cadros dos mosteiros de Pontevedra, Lérez, Poio e Armenteira e dos conventos de San Francisco e Sto. Domingo da capital Luís Rodríguez Seoane. Gaceta de Galicia. Nº 434 13/07/1880 Páx. 2

567 A B.A.R.A.S.F. 7-6/2(42) 23/12/1846 e 6/2(38a) 20/06/1846 inventario firmado por Miguel Rúa.

568 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. Sesión ordinaria de xuño de* 1846, *Páx. 235*



Ilus. 25 Armenteira, 1880.

A Central acolleu con satisfacción o informe recibido en xaneiro de 1847 das actuación realizadas na segunda metade do ano anterior. No o informe mencionábase a recuperación de 617 volumes en mal estado procedentes do Mosteiro de Armenteira e tres cadros do exconvento de San Francisco de Cambados. Os comisionados, atarefados nos traballos da recuperación dos bens culturais mobles, non puideran en cambio atender á elaboración de informes sobre os edificios.[569]

A atención aos edificios desamortizados. 1847-1860

No mes de xuño de 1847, rematando aínda a recollida dos bens nacionalizados, os comisionados informaron á Central do achado dun tesouro con moedas de finais do século IV na parroquia de San Andrés de Xeve, nunha finca de O Coto:

> *Cavando una aldeana de aquella feligresía una tierra que forma la cúspide de una colina que debió haber sido uno de los muchos castros que poseían los celtas en esta provincia, rompió con la azada una vasija de barro provista de monedas romanas que expendió y vendió inmediatamente la indicada aldeana a precio ínfimo. Por casualidad pudieron adquirir varias de tales medallas algunos*

569 ARABASF 7-6/2(43) 30/01/1847

> *de los vocales de esta comisión que a consecuencia de este hallazgo se reunión en sesión en la mañana de ayer acordando en la misma encargar a sus vocales don Claudio González, don Miguel Rúa y don Carlos Somoza la comisión de reconocimiento del lugar a donde estaba el depósito y la adquisición de cuantas medallas puedan recogerse, sobre lo cual trabajarán con todo celo a fin de recoger el mayor número de datos a este particular referente si el mérito y clase de las monedas merece la particular atención de esta comisión tendrá el mayor cuidado en decir a la central todo cuanto vaya adelantando.*[570]

A Central deu instrucións aos comisionados para que atenderan preferentemente ás actividades da súa competencia. Esta actitude relacionámola coa política gobernamental de desincentivar as intervencións arqueolóxicas e centrar os esforzos na recuperación dos bens nacionalizados. Non obstante a Central pediu aos comisionados que a mantiveran informada sobre as moedas recuperadas. [571]

Finalizado o groso do esforzo da recuperación dos bens nacionalizado, as Comisións iniciaron un período máis sosegado onde as súas obrigas foron esencialmente as da vixilancia e custodia das fábricas monumentais. Na provincia de Pontevedra, atendendo ao rexistro de intervencións da Central, comprobamos que non se efectuaron reparacións ou actuacións de conservación nos edificios monumentais da provincia que requiriran a intervención da Central.

Deducimos que nos anos seguintes a Comisión desatendeu as súas obrigas de atención ás necesidades dos edificios dado que cando en xuño de 1853, a Central solicitou ás Comisións de Monumentos a relación dos edificios de interese histórico e artístico que necesitaran reparación urxente a Comisión respostou que os edificios nacionalizados da provincia estaban en mans privadas ou devolvéranse á Igrexa tras o

---

570 ARABASF 7-6/2(44) 03/07/1847 e 7-6/2(45) 14/07/1847 O estudo dos materiais atopados pode consultarse en J. FILGUEIRA VALVERDE y A. GARCÍA ALÉN, "*Adiciones a la Carta Arqueológica de la provincia de Pontevedra", El Museo de Pontevedra*.Páx. 82, 1953

571 En relación a este achado, Cuveiro Piñol, futuro integrante da Comisión, sinalau *que al cabar sus tierras un labrador en una ladera del castro que allí existe, se encontró con una ánfora, que contenía nada menos que 9.000 monedas, en perfecto estado de conservación, entre ellas dos de oro de los eperadores Nerón y Vespasiano, unas 800 de plata del alto y bajo imperio y las restantes de bronce de dichas épocas y diferentes módulos desde el grande hasta el más pequeño, las cuales hemos tenido el gusto de poseer en su mayor parte, y que hoy se hallan en el Instituto de 2ª enseñanza de Pontevedra. El hallazgo fué en el año 1849.Juan Cuveiro Piñol. Iberia protohistórica y rectificaciones de algunos hechos históricos. 1891 Páx. 121 A data é posterior en dous anos pero coincide o lugar e a tipoloxía dos vestixios localizados.*

Concordato do 1851 e que por esta circunstancia descoñecían que edificios estaban baixo a súa custodia.[572]

Durante a década dos cincuenta a documentación conservada pola Central refírese practicamente toda á conformación da Comisión. Para achegarnos a actividade da Comisión contamos unicamente con referencias moi puntuais á actuacións que pola súa excepcionalidade reclamaron a atención da Comisión Central.

Con respecto a conformación da Comisión sabemos que no mes de xullo de 1853 renovaron os cargos Claudio González, Enrique Álvarez de la Braña e Carlos Somoza y Manzanares e que incorporouse o arquitecto José García Luneses.[573] A Comisión tiña novas vacantes no 1855 motivo polo cal o Xefe Político remitiu ternas á Comisión Central no mes marzo para a selección de novos individuos co fin de reorganizar a Comisión de acordo ao Regulamento de 1854.[574] As referencias posteriores lévannos á 1856, ano no que integraban a Comisión, Carlos Somoza y Manzanares, Atilano Romay; Baldomero García e o avogado Atanasio Fontano. Finalizando a década o Xefe Político facilitou novas ternas para prover as vacantes do finado Carlos Somoza e os traslados de varios comisionados. Parece evidente que a Comisión mantivo continuidade durante toda a década se ben non podemos precisar o nivel de actividade que desenvolveu.

Os arquivos da Central recollen nestes anos a implicación da Comsión na conservación do Pazo de Lestrove. Cristóbal Hernández, Abade de Xunqueira solicitara a Raíña en abril de 1856 que suspendera a venda deste pazo polo seu mérito histórico, artístico e relixioso.[575] A Central designou a Antonio Gil de Zárate para que informara sobre o mérito histórico e artístico do edificio.[576] No informe que realizou este último recollíase que o edificio fora alleado en remate público e adxudicado a Bernardo de Arbizu pola cantidade de 123.000 reais. Na opinión de Gil

572 ARABASF 7-6/2(53) 28/06/1853

573 ARABASF 7-6/2(27) 23/07/1853

574 ARABASF 7-6/2(18) 26/03/1855

575 ARABASF 47-4/2(30a). 25/04/1856

576 Antonio Gil de Zárate foi autor de diversos manuais de literatura e retórica. No 1856 foi designado coma Subsecretario do Ministerio da Gobernación

de Zárate non procedía reclamar a propiedade dado que o edificio era *apenas una casa de campo o recreo, bastante común aunque antigua.*[577]

37. SEMANARIO PINTORESCO ESPAÑOL. 289

ESPAÑA PINTORESCA.

EL PALACIO DE LOS TORRECHANOS VULGO CHURRUCHAOS.

Ilus. 26 Pazo de Churruchaos.

A Comisión Central acolleu con sorpresa o informe e xulgouno de lixeiro e irresponsable. En base a noticias previas sobre a valía do edificio reclamoulle que realizara un novo informe no que recollera exhaustivamente as características formais e datos históricos do edificio.[578]

A reorganización da Comisións de Monumentos. 1860-1873

A crise da Comisión Central de finais dos cincuenta solventouse co traspaso das súas competencias á RAH e á RABASF No momento do trasvase as Academias atopáronse cunhas comisións apenas activas que na maior parte dos caso foi necesario reorganizar. Neste caso estaba a Comisión de Pontevedra que reinstalouse

577 ARABASF 47-4/2(36) 18/06/1856 e 47-4/2(35) 18/06/1856

578 ARABASF 47-4/2(37) 27/06/1856

de nova plana en agosto de 1860 integrando ao médico Ramón Sancho, a Antolín Esperón,[579] a Antonio Valenzuela[580] e Luís Sobrino.[581]

A documentación da que dispomos para achegarnos a Comisión de Pontevedra nesta etapa é aínda moi escasa. Podemos afirmar unicamente que a Comisión permaneceu constituída ao menos durante os primeiros anos da década se ben descoñecemos o nivel de actividade ordinaria que desenvolvía.

Cara a metade da década, apoiando esta imaxe de inactividade temos a testemuña aportada polo xovencísimo José Villaamil y Castro na súa *Descripción históricoartística-arqueológica de la catedral de Santiago* (1866) na cal recrimina á Comisión a súa pasividade con respecto ao derrube da Torre de Churrichaos ao tempo que reclama que cumpra coas súas obrigas con respecto a defensa dos monumentos:[582]

> *al escribir estas líneas hemos tenido el sentimiento de saber, que la preciosa torre cuadrada del siglo XIV y originalísimo ejemplar de estilo gótico, único resto del palacio de los Churrichaos en Pontevedra, fue destruído ha poco tiempo por un acuerdo del ilustre Ayuntamiento de dicha ciudad, sin que los individuos de la Comisión de Monumentos históricos y artísticos hubiesen denunciado semejante desafuero arqueológico, ya que aquella corporación, que hubiera ser la primera en velar por la conservación de tan histórico monumento, que tantos recuerdos traía a la memoria de cuantos en algo estiman las pasadas glorias de Galicia, llevan a cabo un acto contrario al sentimiento artístico de*

579 Antolín Esperón (1821-1895), nado en Pontevedra, cursou Dereito na Universidade de Santiago de Compostela. Doutorouse no 1841 e exerceu coma director e profesor de francés no Instituto de Secundaria de Pontevedra. Colaborou en numerosos xornais nacionais e participou na redacción de La Reforma e El Diario de Pontevedra entre outros. Publicou por entregas no Semanario Pintoresco Impresiones de viaje.Santander y provincias vascongadas (1850).

580 Antonio Valenzuela (1819 -1866), catedrático de Química e Física no Instituto de Secundaria de Pontevedra. Desde 1853 ocupou a cátedra de Historia Natural. Publicou Memoria geonóstico-agrícola da provincia de Pontevedra premiada e publicada pola Academia das Ciencias. No 1861 publicou *Memoria sobre la exención temporal de impuestos, concedida a las nuevas plantaciones de olivos, viñas y árboles frutales.* Luís Rodríguez Seoane adicoulle a súa morte o texto Corona fúnebre a la memoria del Sr. D. Antonio de Valenzuela Ozores (1867) no cal recolle unha semblanza biográfica. O Texto inclúe poesías a súa honra de Paz Novoa, Rodríguez Seoane, Luis de la Riega, Juan Cuveiro,…

581 ARABASF 7-6/2(20) 01/08/1860

582 Sobre o acontecido coas torres de Churruchaos consultar JUEGA, J., DELAPEÑA, A. y SOTELO, E.: Pontevedra, Villa amurallada Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra, 1995,.

> *nuestro pueblo y á las disposiciones vigentes sobre conservación de monumentos: esto á parte del mérito arquitectónico, que únicamente podía ocultarse á la vista del profano en el arte. Sin duda el mezquino interés privado pudo sobreponerse al noble y desinteresado de conservar intacta aquella venerable página de piedra de que nuestros predecesores nos legaron.*[583]

Rodríguez Seoane[584] manifestouse no mesmo sentido con respecto ao derrube de Churrichaus. Sostivo que a actuación Comisión de Monumentos fora incalificable ao autorizar a súa demolición dada a excelente factura das torres, en especial dunha delas que lonxe de ameazar ruína houbera podido ser un excelente reclamo para a zona.*[585]*

En todo caso, semella que a Comisión de Pontevedra nalgún momento cara a metade dos sesenta deixou de reunirse. Esta inactividade constatámola en novembro de 186 cando o Gobernador Provincial recibiu instrucións das Academias de reactivar a actividade da Comisión de Monumentos. A súa resposta foi que descoñecía se a Comisión se reunía e quen a conformaba. A inactividade da Comisión podería xustificar que a RABASF en setembro de 1865 xestionara sen a súa intermediación o proxecto de derrube da igrexa de Caldas e a súa reconstrución de nova planta.[586]

A altura de 1865 as Reais Academias, ante inoperatividade xeneralizada das Comisións, acometeron

Luís Rodríguez Seoane (1836- 1902).

Nado en Pontevedra. Doutorouse en Medicina.

Foi deputado a Cortes e senador por Pontevedra. Participou no Banquete de Conxo (1856) e formou parte da Xunta Revolucionaria de Pontevedra de 1868.

No 1871 ocupou a Cátedra de Terapéutica na Universidade de Santiago de Compostela.

Fundou o semanario pontevedrés *El País* (1857) e colaborou *en El Buscapié, El Siglo Médico, La Perseverancia, Revista de Galicia* e *Faro de Vigo*.

Cultivou a poesía en galego e en castelán.

583Villaamil y Catro. Descripción histórico.artística-arqueológica de la catedral de Santiago.1866 Páx. 50

584 Para afondar na súa figura consultar Xosé A. Fraga Vázquez. 2012 "Luis Rodríguez Seoane", en Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega.

585 Gaceta de Galicia. Nº 434 13/07/1880, Páx. 2

586 ARABASF 7-6/2(62) 12/09/1865

a súa reorganización dotándoas de novo Regulamento. Esta normativa perseguía aumentar a cualificación dos comisionados esixindo coma requisito para o ingreso ter o nomeamento de académico correspondente. A medida provocou que as reorganizacións das Comisións se prolongaron durante anos, no caso de Pontevedra ata finais de 1969.[587]

A Comisión de Pontevedra instalouse no mes de outubro do 1869, en plena República, integrando aos académicos Manuel García Maceira; José Urrutia y Caballero; Francisco Sancho; Luís Sobrino e Emilio Álvarez Jiménez como correspondentes da RAH[588] Coma académicos da RABASF integrárona Luís Rodríguez Seoane,[589] Ramón Vives, Juan Cuveiro Piñol,[590] Francisco Hernández Anciles e Francisco de P. Couciño. [591] O Arquitecto Provincial e o Xefe da Sección de Fomento participaron coma vocais natos.

A comezos dos setenta a recén instalada Comisión participou na formación da Estadística Monumental proxectada polo Goberno. Os comisionados actuaron coma intermediarios na remisión e recollida dos interrogatorios distribuídos aos alcaldes e párrocos das vilas da provincia.[592]

A RABASF no verán de 1873 requiriu a Comisión de Monumentos que realizara un informe relativo ao estado de conservación do templo de Santa María La Mayor da

587 Atendendo ao resumo das actas e tarefas do curso académico de 1868-1869 da RABASF a Comisión de Pontevedra e a de Canarias, Ciudad-Real, Guipúscoa, Logroño e Teruel de Canarias foron as últimas en instalarse. (De la Cámara, E. 1869:13).

588 *Resumen de las tareas y Actas de la Real Academia de Nobles Artes de Santiago en el curso académico de 1868-1869. De la Cámara,* E. 1869 Páx 74. Apéndice Nº 1

589 Foto: Alvite. Fonte: Real *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*

590 Juan Cuveiro Piñol (1821-1906) publicou *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (1868) e *Diccionario Gallego-Castellano* (1876). Fundou as publicacións *Las Musas del Lérez*,(1842); *La Distracción* (1852) e *La Revista* (1867). Publicou Estudios de numismática no Almanaque de Galicia para uso de la Juventud no 1866. p. 77-84 No 1891 publicou *Iberia protohistórica y rectificaciones de algunos hechos históricos, desde los atlantes, bereberes y otros pueblos que se han establecido en España, hasta la Era Cristiana: monumentos megalíticos de la península : invención de la escritura.*

591 *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. Año 1869. Sesión Ordinaria do 21 de Junio. fol. 287v-288r.

592 *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*.Año 1871 Sesión Ordinaria del 24 de abril. Páx, 221

cidade de Pontevedra.[593] A solicitude motivaraa unha solicitude do alcalde para reparar o teito do templo a cargo dos fondos estatais previstos para a reparacións de monumentos.

Finalizando o período republicano a RAH, dirixiuse ás Comisións de Monumentos pedíndolles que evitaran na medida do posible os actos contra a integridade dos monumentos eclesiásticos. A Comisión de Pontevedra manifestou á Academia que non tiña constancia de que na provincia se cometera ningún acto desa natureza que prexudicara ás fábricas monumentais.[594]

Ilus. 27 Santa María La Mayor.

Ramón Álvarez de la Braña, no mes de abril de 1874, comunicou á RABASF que o Concello de Pontevedra propoñíame derribar o que restaba da Torre de Churrichaos e á Igrexa de Santa María de Pontevedra.[595] A RABASF interesouse por estos edificios e instou á Comisión de Monumentos a que emitira os correspondentes informes.[596]

A Comisión non se pronunciou ao respecto en todo o 1874 a pesar de que a RAH insistiu novamente en que se a informara sobre o estado de conservación do Pazo de Churrichaos. O interese da Academia por este edificio non foi suficiente para impedir o derrube acometido coa conivencia do Gobernador.[597]

593 ARABASF 7-6/2(63) 09/06/1873; 7-6/2(63a) 08/06/1873 e 7-6/2(64) 28/06/1873

594 ARAH CAPO/9/7967/1(1) 13/04/1874 ; CAPO/9/7967/1(3) /25/04/1874; CAPO/9/7967/1(4) 25/04/1874.

595 ARABASF 7-6/2(60) 18/04/1874

596 Sesión ordinaria de 27 de Abril de 1874. Páx. 75 *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*.Año 1874 e ARABASF 7-6/2(61) 29/04/1874

597 ARAH CAPO/9/7967/1(7); CAPO/9/7967/1(6),CAPO/9/7967/1(2) 18/04/1874; CAPO/9/7967/1(5) 05/05/1874



Ilus. 28 Churrichaos, 1880

A defensa das fábricas monumentais.1874-1890

A Comisión comezou o período da Restauración con varias vacantes nas súas filas o cal podería xustificar o baixo nivel destes anos.[598] A información para a década dos setenta segue sendo reducida se ben os anuarios académicos nos permiten confirmar que a Comisión permaneceu constituída.

Desde esta década e ata finais de século a Comisión de Monumentos centrou os seus esforzos na defensa das ruínas de Santo Domingo. Un artigo de Bernardino Barreiro Varela publicado en *El Diario de Santiago* no 1878 denuncia que durante a década dos setenta o Concello intentara reiteradamente derruír o exconvento de Santo Domingo e que atopara coa aposición firme da Comisión de Monumentos e de intelectuais coma Antonio de la Iglesia, vinculado á Comisión da Coruña. [599]

598 ARAH CAPO/9/7967/2(1); CAPO/9/7967/2(2); CAPO/9/7967/2(3); CAPO/9/7967/2(4)

599 No 1878 Bernardino Barreiro Varela redacta un extenso artigo denunciando o abandono do convento de Santo domingo *El Diario de Santiago* Nº 1706 15/04/1878

O Gobernador Civil a finais de 1880 informou a RABASF sobre o proxecto do Concello de derruír as ruínas da igrexa do exconvento de Santo Domingo.[600] Luís Rodríguez Seoane, integrante da Comisión de Monumento,cuestionou desde a *Gaceta de Galicia* que se alegara o estado ruinoso do convento para proceder ao seu derribo. No seu artigo rebate unha noticia do xornal *El Lérez* na cal se recriminaba á Comisión de Monumentos pola súa ineficacia na protección do edificio:

> *Satisfechos pueden estar, manifiesta este apreciable periódico, los individuos que en esta capital constituyen la comisión encargada de velar por la conservación de los monumentos arqueológicos, pues que a su descuido e indolencia se debe el que la ruínas de Santo Domingo, tan apreciadas por todos los inteligentes que han tenido ocasión de admirarlas, tengan que venir irremisiblemente a tierra dado el peligroso estado de inminente ruína en que se hallan.*[601]

Rodríguez Seoane consideraba que o derrube das ruínas non estaba xustificado e respondía unicamente a intereses particulares. No seu artigo Da Gaceta refería outros atentados contra o Patrimonio cometidos na cidade os cales denunciara previamente na prensa, entre eles o da fonte da praza da Ferrería e a demolición do castelo de Churrichaos.[602]

Os xornais foron tamén o recurso principal de Antonio de la Iglesia, integrante da Comisión da Coruña, que denunciou tamén nestas datas ás agresións aos edificios monumentais da cidade de Pontevedra e recriminou o proceder da Igrexa por non posicionarse en contra do Concello en defensa do convento de Santo Domingo

> *dispénsennos hasta las autoridades eclesiásticas que no loemos su proceder, por no interponer desde un principio, como debieran las reclamaciones oportunas sirviéndose de la vigilancia de los párrocos para acudir a tiempo de evitar desmanes y profanaciones de sepulturas y reliquias.*[603]

A polémica levou consigo que a proxectada demolición dos restos do convento de Santo Domingo se dilatara no tempo. En tanto, a RAH solicitou á Comisión de

600 ARABASF 7-6/2(55) 21/10/1880

601 Gaceta de Galicia Nº 434 13/07/1880 Páx. 1

602 Gaceta de Galicia. N0 434 13/07/1880 Páx. 2

603 Antonio de la Iglesia. Santo Domingo de Pontevedra.1880 (Saurín de la Iglesias, 2008:396).

Monumentos no 1884 que informara sobre o valor histórico e artístico do edificio.[604] A Comisión, afectada polas vacantes, tardou varios anos en realizar un informe no cal se pronunciou en contra do derrube e que polo seu contido elevou á RABASF no 1887. O informe iba acompañado dun plano, fotografías e outros documentos relativos ás actuacións que realizara a *Comisión* nos anos previos para a conservación do conxunto monumental, incluídas as fincas anexas.[605]

Os comisionados propuxeron á RABASF que se precintaran as fendas das dúas capelas do convento e tamén *extraer la tierra y escombros hasta descubrir los zócalos, sepulturas y demás; hacer un cercamiento con una sencilla verja de hierro sobre zócalo de piedra*. Segundo os comisionados a limpeza detida do recinto permitiría recuperar sepulturas e outros restos de valor artístico. Para acometer estas actuacións a Comisión elaborou un orzamento estimado de 6.000 pesetas.[606]

Ilus. 29 Ruínas de Sto. Domingo.

Comisión solicitou á RABASF os recursos necesarios para a conservación do exconvento de Santo Domingo no 1888 alegando que a Deputación non podía costealos. Os comisionados sostiñan que as obras de conservación requirían atención

604 ARAH CAPO/9/7967/3(1)

605 A Deputación provincial concedéralles unha partida de 800 pesetas para o cerramento provisional do recinto conventual con madeira. Os traballos de desescombro realizados polo Concello para a ampliación do Hospicio colindante impediran o proxectado cerramento.

606 ARABASF 7-6/2(56a) 27/12/1887 Asinan Manuel de la Fuente, Ramón Vives e Antonio Crespo.

inmediata dado que o Concello utilizaba o pretexto do estado ruinoso do edificio para xustificar a súa demolición ao tempo que alegaba que constituía un *foco de infección* e que o edificio corría perigo de desprendementos.[607]

A RABASF non respaldou á Comisión e pronunciouse en contra da conservación dos restos do convento por entender que o edificio presentaba un estado ruinoso. En consecuencia recomendou á Comisión de Monumentos que antes de que se procedera ao derrube recollera os obxectos de valor artístico do recinto que mereceran conservarse de cara a integralos nun futuro Museo.[608]

Os comisionados recibiron con desagrado a resolución da RABASF e no mes de novembro de 1888 emitiron un comunicado que recollía a súa postura contraria ao derrube eximíndose de toda responsabilidade derivada da demolición

> *… es improcedente la venta solicitada por el Ayuntamiento mientras no conste la conformidad del Ministro de Fomento, o éste niegue los dos extremos que para conservación de los restos dichos, propuso la Comisión Provincial de Monumentos. Y para el caso improbable de que la Dirección General de Propiedades conceda lo que solicita el Ayuntamiento juzgo conveniente y aún necesario que se recurra a la autoridad el señor Gobernador protestando de antemano contra la demolición de los repetidos restos; y que desde luego se dé cuenta de lo que se acorde en pliegos certificados a las Academias de Bellas Artes y de la Historia, recordando el informe remitido y antes citado, a fin de que en ningún tiempo puedan hacerse cargos a esta Comisión por descuido y negligencia en el cumplimiento de su deber.* [609]

607 ARABASF 7-6/2(56) 08/01/1888

608 ARABASF 7-6/2(57) 08/01/1888

609 ARABASF 7-6/2(58b) 27/11/1888

PART OF THE MUSEUM OF ARCHÆOLOGY AT PONTEVEDRA

Ilus. 30 Sto. Domingo de Pontevedra.

A alcaldía no 1890 ordenou o derribo do exconvento alegando a ruína causada polo desplome de estancias anexas. O Gobernador paralizou o derrube sostendo que dispoñía de informes facultativos que desmentían o estado de ruína do edificio. Na denuncia recollía que a orde de demolición efectuárase sen a comunicación e informes preceptivos e que a Comisión de Monumentos recoñecera valor artístico ás ruínas.[610] Sinalaba tamén que a valía do exconvento de Santo Domingo fora apreciada polos académicos da RAH Aureliano Fernández Guerra e Fidel Fita que visitaran recentemente a cidade.[611]

Os arquitectos e demais autoridades locais consultados compartían o parecer do Gobernador e coincidiron en sinalar o mérito artístico do ábside, do rosetón lateral e das capelas interiores que constituían unha mostra do estilo gótico puro e que por tal motivo consideraban merecedores de ser conservados e restaurados.

A RAH felicitou á Comisión polo seu celo na defensa do convento pero non contraveu directamente o pronunciamento anterior da RABASF a favor da demolición.

610 ARABASF 7-6/2(49) 17/07/1890

611 ARABASF 7-6/2(49) e 7/6/2(54) 17/07/1890

Nos anos seguintes a Comisión e a RAH intercambiaron abundante documentación relativa ao edificio. Finalmente a tenacidade da Comisión viuse recompensada coa nomeamento do convento de Santo Domingo coma Monumento Nacional no 1892.[612]

Apenas uns anos antes, Rogelio Lois, empregado do Concello de Pontevedra, iniciara os trámites para a conformación dun Museo nas ruínas do convento de Santo Domingo. No 1888 solicitara autorización *para hacer con recursos propios y los demás auxilios que puidera reunir, la limpieza y cerrramiento de los expresados restos, bajo la inspección y de acuerdo con los individuos de la subcomisión que se designó a tal efecto*. Efectivamente no 1889 *con el producto de un certamen musical, y por iniciativa de Rogelio Lois, una comisión particular que, con él formaron D. José Casal y D. Manuel de la Fuente, hizo construír en 1889 una valla de madera que aisló las Ruínas y convirtió en jardín el muladar. Don Casto Sampedro fue, más que el jardinero, el padre de aquellas piedras huérfanas.*[613]

Posteriormente Rogelio Lois pediu á Comisión unha nova autorización para ampliar o Museo e reunir nas ruínas de Sto. Domingo *una gran parte de los restos que se hallaban diseminados y ocultos a las miradas del público en poder de particulares abandonados en distintas circunscripciones rurales de la provincia.*[614]

Luís de la Riega (1827-1909)

Académico da R.H.A. e membro da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.

Publicou *El Río Lérez, su origen, el de su nombre, fuentes de su nacimiento* (1892).

Colaboru en *La Revista, El eco de Pontevedra, Revista Popular,* .. Parte da súa producción firmouna co seudónimo Doctor Mendigo- Ría.

Entre as súas composicións literarias figuran O *quinto gallego, despedida; Epigrama; Discusiones sobre el amor* (1894);*Contos anexos: un congreso de mulleres* (1894);.

O seus traballos e artigos inspiraron as teses do seu sobriño, Celso García de la Riega, sobre a galeguidade de Colón.

No mesmo ano de 1889, Luís Rodríguez Seoane, integrante da Comisión de Monumentos, publicou unha laudatoria en recoñecemento ao fundador do Museo baixo o título *Carta que el Sr. D. Luís Rodríguez Seoane dedica a D. Rogelio Lois*

612ARAH CAPO/9/7967/4(3); CAPO/9/7967/4(4); CAPO/9/7967/4(1); CAPO/9/7967/4(2); CAPO/9/7967/4(5); CAPO/9/7967/4(7); CAPO/9/7967/4(8)

613 Sobre el centenario de D. Casto Sampedro. Ciudad. Semanario de Pontevedra. Año II Nº 97 08/12/2947

614 *El Eco de Galicia: órgano de los gallegos residentes en las Repúblicas de las Américas*. Nº341 10/04/1901 Saralegui y Medina.

Casto Sampedro Folgar (1848-1937)

Cursou Dereito na Universidade de Santiago (1872).

Exerceu coma avogado en Pontevedra.

Fundou e presidiu a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894)

Foi correspondente da RAH. e da RAG; Cronista da provincia de Pontevedra; Delegado provincial de Belas Artes e membro do Instituto de Estudios Históricos do Miño.

Entre a súa produción figura *Documentos, inscripciones y monumentos para la historia de Pontevedra* (1896); *Diccionario de Oficios; Cancionero musical de Galicia; Rollas y picotas de Pontevedra; La extraño inscrición de Santiago de Redondela; La estela de "Coaralos"; Costumbre curiosas de Pontevedra; Refranero de los pescadores de las Rías Bajas; La Casa del Museo de Pontevedra*, …

autor de la desobstrución de escombros en los restos del Monasterio de Santo Domingo de Pontevedra, y cierra con una verja tan interesantes ruínas.

As dificultades organizativas da década dos noventa

A comezos dos noventa a Comisión viuse paralizada polas vacantes que impedíanlle constituírse en asemblea oficial e tomar acordos formalmente válidos. O certo e que nestes anos a lentitude e despropósitos académicos na provisión de prazas encadeáronse e actuaron coma un freo para o desenvolvemento da actividade da Comisión. Nos desactualizados anuarios académicos evidénciase o descoñecemento da realidade das Comisións provinciais.

En varias ocasións a Comisión de Pontevedra facilitou ás Academias ternas con candidatos para cubrir as vacantes as cales foron ignoradas repetidamente. Desuse o caso de que os nomeamentos das Academias recaeron as veces en individuos descoñecidos na provincia e mesmo falecidos anos atrás. Así sucedeu en outubro de 1893 cando a Comisión propuxo cubrir as vacantes dos falecidos Manuel Varela de la Iglesia e de José Benito Juncal cos competentes Luís de la Riega e Casto Sampedro.[615] As Academias, desatendendo esta proposta, nomearon a Antonio Gaite Núñez e a Rafael Sinovas Muñoz, académicos da RAH falecidos anos atrás.[616]

A imposibilidade da Comisión de constituírse e tomar acordos favoreceu que os individuos máis activos da provincia constituíran a Sociedade Arqueolóxica (1894-1937) que iniciou neste contexto unha frutífera andadura

615 ARABASF 46-2/4(1) 25/10/1893

616 ARABASF 46-2/4(2) 21/12/1893 e 46-2/4(3) 27/02/1894 46-2/4(5) 30/01/1895

con Casto Sampedro e José Lois y Casal ao fronte. Ao abeiro desta Sociedade os intelectuais pontevedreses atoparon un amplo marco no cal realizar a súa tarefa cultural e de recuperación e estudo do Patrimonio fora das formalidades e dos lentos trámites burocráticos nos que tiña que desenvolverse a Comisión de Monumentos.

Entre a Sociedade Arqueolóxica e a Comisión de Monumentos desde a súa creación deuse unha estreita relación de colaboración. Coa autorización da Comisión á Sociedade Arqueolóxica obtivo os permisos para a instalación dun Museo no entorno das ruínas de Sto. Domingo ante a imposibilidade da Comisión de impulsar este proxecto por si mesma.

Toda a controversia xurdida en torno a conservación do exconvento de Santo Domingo acadara amplo seguimento na prensa. Outras actuacións menores da Comisión pasaron desapercibidas ou mesmo podemos afirmar que se atribuíron á Sociedade Arqueolóxica, entidade que permitía maior liberdade de acción aos integrantes que compartían ambas organizacións. En todo caso resulta evidente que a sociedade pontevedresa tiña a Comisión de Monumentos coma o órgano de referencia no relativo a protección do Patrimonio. Así, a finais de 1894, o xornal *El Eco de Galicia* pedía a Comisión que evitara o traslado das columnas de mármol da igrexa de Sete-Coros cara Santiago de Compostela promovido pola Sociedade Económica de Amigos do País.[617]

As dificultades para a provisión de prazas da Comisión persistían no cambio de século. Ante a lentitude e ineficacia das Academias, no 1896 os comisionado insistiron en reclamar a idoneidade dos candidatos propostos anos atrás, ente eles Casto Sampedro o Presidente da Sociedade Arqueolóxica. Os comisionados lembraron ás Academias que o

Emilio Álvarez Giménez (1830-1911).

Nado en Zamora. Foi catedrático de Estudos Clásicos e Casteláns no Instituto de Pontevedra.

Publicou *Biografía del R.P. Fray Martín Sarmiento y noticia de sus obras impresas manuscritas, con indicación de los Archivos y Bibliotecas en donde se hallan* (1884); *Sobre las faltas de lenguaje que se cometen en Galicia* (1870); *Literatura preceptiva o Retórica y poética; Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León: estudio gramatical* (1890).

No eido literario publicou *El manojo de espigas: drama en un acto y en verso* (1878); *Judit o la heroína de Betulia: drama bíblico en tres actos y seis cuadros* (1906).

Colaborou nos xornais *El Eco de Pontevedra, El Iris e Crónica de Pontevedra.* Dirixiu *El Ditamen, La Paz, El Alerta, El Fénix* e *El Eco de Tambo*.

617 *El Eco de Galicia: diario de la tarde*. Nº 2559 (12/12/1894) Páx. 3

Regulamento das Comisións permitíalles presentar candidatos para o nomeamento de académicos.[618]

A Comisión cubriu as vacantes no mes de xullo de 1897 coa integración de Manuel la Fuente, José Casal y Lois, Ramón Vives, Francisco de Paula Louriño e **Emilio Álvarez Giménez**.[619]

Desde a reorganización os comisionados implicáronse na investigación dunhas presuntas inscricións ibéricas das cales aportaron abundantes informes e material fotográfico á RAH[620] A modo de síntese sobre eses estudos, Puig y Larraz publicou no Boletín da RAH un artigo titulado *Inscripciones Ibéricas de Galicia*.

A un ano da última reorganización, a Comisión de Monumentos comunicou novamente ás Academias que non podía constituírse legalmente por mor das baixas. Para a súa cobertura propuxeron as candidaturas de Casto Sampedro e Luís de la Riega achegando os informes respectivos sobre os seus méritos.[621] Neste caso a RAH aceitou as propostas da Comisión e no mes de marzo de 1899 nomeou a ambos académicos correspondentes. A incorporación destes relevantes intelectuais, en especial a de Casto Sampedro, levou consigo un maior estreitamento dos vínculos entre a Sociedade Arqueolóxica ea Comisión de Monumentos. [622] Nesta última a meirande parte da plantilla conformábana membros da Sociedade Arqueolóxica.

A confluencia da Comisión e a Sociedade Arqueolóxica

Comezado o século vinte, a *Sociedade Arqueolóxica* acadara ampla acollida na sociedade culta pontevedresa ao tempo que estendera a súa presenza no resto das

618 ARABASF 46-2/4(6) 10/01/1896

619 ARABASF 46-2/4(9) 13/07/1897

620Gabriel Puig y Larraz, vinculado a Comisión de Ourense, remitíu a RAH .a través da Comisión de Pontevedra numerosos informes sobre supostas insculturas no entorno de Lalín que inspeccionara por encargo de Fidel Fita. Os informes correspondense aos documentos do ARAH CAPO/9/7967/5(1); CAPO/9/7967/5(2); CAPO/9/7967/5(3); CAPO/9/7967/5(4);CAPO/9/7967/5(5);CAPO/9/7967/5(6);CAPO/9/7967/5(7);CAPO/9/7967/5(8);CAPO/9/7967/5(9);CAPO/9/7967/5(1); CAPO/9/7967/5(11) Puig y Larraz publicou sobre estas investigacións Inscripciones Ibéricas de Galicia no RAH Tomo 31 Ano 1897Páxs. 414-426

621 ARABASF 46-2/4(13) 20/04/1898

622 ARABASF 46-2/4(14) (15) (18) 20/03/1899

cidades galegas a través do nomeamentos de socios entre as elites culturais de Galicia.

Neste contexto, o colectivo erudito da cidade de Pontevedra realizou unha intensa actividade de recuperación do Patrimonio popular, etnográfico, monumental e arqueolóxico no cal a Sociedade Arqueolóxica tivo un papel protagonista como dinamizadora. Menos visible, estivo detrás a Comisión de Monumentos facilitando as ferramentas legais e os contactos institucionais necesarios.

Casto Sampedro e Lois Casal, como responsables da Sociedade Arqueolóxica e membros destacados da Comisión de Monumentos, utilizaron complementariamente os recursos económicos e humanos da Sociedade e as atribucións legais e a oficialidade das Comisión, respaldadas polas Reais Academias.

Unha vez máis en marzo de 1903 a Comisión de Monumentos informou da necesidade de cubrir novas vacantes. Nesta altura conformábana Emilio Álvarez Giménez, Casto Sampedro, Luís de la Riega coma correspondentes da RAH e, representando á RABASF, unicamente José Lois y Casal. Cesaran Ramón Vives por enfermidade e Manuel de Lafuente por trasladado. Nos anuarios da RABASF dese ano figuraba erroneamente Eloy Bullón coma académico da provincia de Pontevedra.[623]

No cambio de século comezaron a estenderse por Galicia as inspeccións de terreo na pescuda de vestixios arqueolóxicos. No caso de Pontevedra temos noticia da participación de Casto Sampedro nas prospeccións da necrópole de Mourente, preto de Pontevedra no 1903 (GARCÍA DE LA RIEGA, 1904:468).

Casal y Lois (1845-1912).

Nado en Pontevedra. Cursou Medicina en Santiago.

Foi socio fundador e Vicepresidente da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894).

Recompilou o patrimonio etnográfico e oral do entorno de Pontevedra. Foi autor de antoloxías poéticas coma *Colección de Poesías gallegas* (1865) e *Cantares Gallegos* (1869).

A revista El Museo de Pontevedra publicou postumamente parte da súa documentación inédita: publicou: *Exvoto de la Capilla de Campolongo* (1946); *Montes pontevedreses del siglo XIX* (1859); *Periódicos de hace cien años: "El Circulador", "La distracción" (*1847); *El primer periódico de Pontevedra: las musas del Lérez: periódico de ciencias, literatura i artes* (1942); *Tres periódicos pontevedreses del siglo XIX* (1955); *Costumbres populares: apuntes acerca de juegos, diversiones, pasa-tiempos, entretenimientos y juguetes* (2008).

623 ARABASF 46-2/4(19) 16/03/1903

Ilus. 31 Necrópolis de Mourente.

O Museo da Sociedade Arqueolóxica instalouse finalmente no edificio da Deputación ao comezo do século contando coa colaboración da Comisión de Monumentos para a concesión de permisos e demais trámites. O Museo contaba cunha sección dedicada a aras, miliarios e lápidas. Noutro salón reuníronse as moedas e medallas; armas e utensilios de pedra; obxectos de cobre e bronce; un torque de ouro; cerámica; imaxinaria dos séculos XVI e XVII;…. Por último dedicouse unha sala á Biblioteca que contaba con obras notables e curiosas, relacionadas cos traballos da Sociedade Arqueolóxica.

A Comisión de Monumentos no 1905 solicitou a acreditación de académico para outros dous membros da Sociedade Arqueolóxica, Celso García de la Riega[624] e Luís Sobrino Rivas.[625] Neste caso a solicitude tardou anos en ser atendida polas Academias.[626]

A pesares da proximidade no tempo apenas contamos con referencias relativas ás actuacións da Comisión de Monumentos destes anos. Coñecemos que a altura de

624 Celso Garciá de la Riega conta con un completo blog con datos biográficaos, recopilación dos seus artigo, pinturas e debuxos. Consultar. https://celsogarciadelariega.wordpress.com/

625 Luís Sobrino Rivas (1848-1907), médico xinecólogo e membro fundador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra.

626 ARABASF 46-2/4(22) 03/01/1905

1910 integrábana os académicos da RAH Emilio Álvarez Giménez, Casto Sampedro Folgar e Manuel de la Fuente.[627] José Casal y Lois representaba en solitario á RABASF O Arquitecto municipal Siro Borrajo participa coma vocal nato .[628]

O nomeamento múltiple no 1913 de académicos da RABASF supuxo a integración na Comisión de Celso García de la Riega, Enrique Peinador Vela,[629] Fernando Campos Sobrino,[630] Enrique Peinador Lines[631] e Manuel de la Fuente Sanz.[632]

Desde a súa integración na Comisión Celso García de la Riega publicou en varias ocasións controvertidas teses históricas. Acadaron amplo eco os seus artigos en defensa da orixe galega de Colón.[633] Anteriormente, en *La Gallega: Nave capitana de Colón en el primer viaje de descubrimientos* (1897) sostiña a construcción galega da nave de Colón. Retomando esta temática publicou *Colón, Español: su origen y patria* (1914) obra na que defende a teoría da orixe pontevedresa de Colón.

Oviedo y Arce, logo de revisar a documentación aportada por García de la Riega para a defensa da súa tese, concluíu que os documentos foran manipulados e

Celso García de la Riega (1844-1914)

Nado en Pontevedra. Sen estudos superiores.

Cofundador de *Galicia Literaria (1875)* e membro da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1896).

Publicou *Galicia Antigua. Discusiones acerca de su geografía y de su historia (*1904*).*

Colaborou nos xornais *La voz del Pueblo*; *La voz de Galicia*; el *Heraldo Gallego*, *La Temporada* (Mondariz), *El Imparcial*, *La Correspondencia de España*,…

Entre os seus traballos literarios figuran *Entremeses literarios* (1905) e *El Amadís de Gaula* (1907).

Destacou coma pintor e debuxante.

627 Inspector de Canales, Camiños e Portos.

628 ARABASF 46-2/4(23) 14/06/1910 e 46-2/4(24) 14/06/1910

629 Ramón Peinador Vela (1841-1928) avogado e cofundador do Balneario de Mondariz (1873).

630 En referencia a este individuo o Marqués de Cerralbo afirma no 1915 que o "malogrado" correspondente amosara na RAH un voluminoso álbum de debuxos de grabados rupestres da provincia de Pontevedra. B.RAH Páx. 47

631 Enrique Peinador Lines (1880-1940) sucedeu ao seu pai Peinador Vela como xerente do Balneario de Mondaríz. Conxuntamente co seu irmá Ramón, dinamizou a vida cultural desa vila. Suvencionou diversas expedicións arqueolóxicas e creou un pequeno museo etnográfico arqueolóxico en Mondaríz.

632 ARABASF 91-15/5(1) 17/02/1913 91-15/5(3) 17/06/1913; 91-15/5(4) 17/06/1913 ;91-15/5(5) 17/06/1913; 91-15/5(6) 17/06/1913 e 91-15/5(7) 17/06/1913

633 X.A. Barreiro Fernández afonda sobre a polémica xurdida entre Celso García de la Riega e Murguía en torno a hipótese da orixe pontevedresa de Colón en Murguía (2011: 804-811)

sentenciou que *es de esperar que cesen en sus propagandas los secuaces de García de la Riega y que den el valor que se merecen a la tesis por él creada, la cual no puede defenderse por los medios que él empleó.*[634]

O polémico integrante da Comisión publicou a seguir *Ni celtas ni suevos* de *Galicia Antigua* no cal rebatía as teses celtistas de Murguía propondo coma alternativa unha fantasiosa teoría sobre a orixe autóctona galega.[635] A confrontación con Murguía prolongouse no tempo e as súas descalificacións na presa fixéronse extensivas á Real Academia Galega, presidida por Murguía. Descoñecemos a aceptación e apoio que tivo De la Riega no seo da Comisión.

A partir da segunda década do século XX os xornais apórtannos abundantes referencias relativas ás actuación máis salientables da Comisión as cales evidencia un funcionamento ordinario consistente.

Como testemuña da función de inspección da Comisión contamos cunha breve noticia do *Correo de Galicia* na cal se alude a unha visita da Comisión programada para finais de 1913 aos descubrimentos arqueolóxicos da illa de Toralla, estudados recentemente por Oviedo y Arce.[636]

A documentación da RAH recolle a partir de 1914 a actuación de intermediación da Comisión de Monumentos coa Sociedade Pro-Monte Santa Tegra relativa ao descubrimento dos vestixios arqueolóxicos do Monte Santa Trega de A Guarda.[637]

No 1915 Fernández Gil y Casal[638] realizou un informe de oito folios titulado *Apuntes Arqueológicos* referido a diversos vestixios da área de Vilagarcía que foron comentados no Boletín da RAH polo Marqués de Cerralbo.

---

634 BRAG XI Nº122 01/10/1917 Páxs. 25-58 e BCPMHAO T VIII Nº 185 Páx.351-352. O tema da orixe galega de Colón ocupará a numerosos eruditos galegos. A Comisión de Ourense amosará certa cautela inicial se ben finalmente acollerá a proposta da orixe galega de Colón. O BCPMHAOrecolle o extenso artigo "*Notable documento acerca de la patria de Colón*." Montes de Oca García. BCPMHAO T VIII Nº 176 setembro-outubro de 1927

635 Para información sobre as tensións entre García de la Riega e os membros da Cova Céltica consultar a Xosé Ramón Barreiro Fernández (2011: 804-811). No 1906 rexeitou ser integrado coma socio de número da Real Academia Galega.

636 *El Correo de Galicia*. S.N. 06/10/1913.

637 ARAH CAPO/9/7967/6(1); CAPO/9/7967/6(2) ; CAPO/9/7967/6(3)

638 Juan Fernández Gil y Casal (1863-1946) nado en Vilagarcía foi correspondente da RAH e afeccionado á arqueoloxía. As súas intervencións na área de Arousa permitíronlle reunir unha salientable colección de obextos arqueolóxicos e de documentos. O Museo de Pontevedra conserva os seus apuntamentos manuscritos. ACUÑA

A Comisión remitiu no 1916 abundante documentación a RAH relativa aos restos arqueolóxicos localizados no entorno de Vilagarcía de Arousa.[639] Nestes informes figuraba o realizado polo reputado arqueólogo Juan Cabré Aguiló (1882-1947) que inspeccionou as gravaduras da área do Tambre, Marín e Arosa.[640]

Entre as tarefas ordinarias da Comisión figuraba a de supervisar as obras e reparacións que se realizaran nos edificios monumentais. No *Diario de Pontevedra* recolleuse a controversia suscitada no verano de 1917 en torno as tarefas de limpeza do templo de Santa María. O arquitecto Antonio Palacios denunciara ante o Director Xeral de Belas Artes que a limpeza realizada polo párroco con cloruro atentaba contra a integridade do edificio. O Gobernador suspendeu as tarefas e solicitou o parecer da Comisión de Monumentos sobre a conveniencia deste tipo de actuacións. Reunida a Comisión[641] acordouse a suspensión definitiva das obras e comisionaron a López Hernández e a Gorostola para que inspeccionaran o edificio co fin de restaurar a cor primitiva dos muros afectados.[642]

A Comisión de Monumentos á altura de 1918 viuse novamente aqueixada polas vacantes. De cara a súa reorganización, propuxo o nomeamento coma académicos da RABASF de Antonio López Hernández e de Francisco Riestra Calderón que se integraron na Comisión no mes de maio do ano seguinte.[643]

Estas incorporacións non foron efectivas e, cara finais de1919, permanecían novamente coma únicos individuos activos Casto Sampedro e Manuel la Fuente.[644] Para solventar a falta de integrantes promoveuse o nomeamento de Gonzalo Pintos

---

CASTROVIEJO, F. 2013 O informe remitido a RAH Pode consultarse na ligazón:

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310833&portal=111

639 ARAH CAPO/9/7967/7(1); CAPO/9/7967/7(2)

640J. CABRÉ AGUILÓ. *Arte rupestre gallego portugués: eira d´os Mouros y Cachao da Rapa*. Lisboa,1916 Memórias publicadas pela Sociedade Portuguêsa de Sciências Naturais ; 2

641 Asistiron o arquitecto Antonio López Hernández, Casto Sampedro, o Presidente da Deputación, o alcalde Boullosa e o secretario, Gorostola.

642 *El Diario de Pontevedra: Periódico liberal* N. 10028 14/09/1917 Páx. 2 / *El Diario de Pontevedra : Periódico liberal* N. 10030 17/09/1917 Páx. 2

643 ARABASF 91-15/5(11) 12/06/1918 e ARABASF 91-15/5(14) 18/02/1919

644 ARABASF 91-15/5(19) 27/09/1919

Reino e de Valentín Villanueva Rivas.[645] A plantilla completouse en maio de 1920 coa integración do editor vigués José Cao Moure.[646]

Nos anos inmediatos a esta segunda reorganización contamos con escasas referencias relativas á actuacións da Comisión de Monumento. O xornal *Diario de Pontevedra* infórmanos que no mes de setembro de 1922 a Comisión tramitou unha doazón de 5.000 pesetas do Ministro de Graza e Xustiza con destino ás reparacións do coro da Igrexa de Santa María.[647]

Nestes anos a Comisión de Monumentos seguiu sumando integrantes dado que no 1923 a plantilla estaba conformada por Casto Sampedro, Paz Vidal, **Ramón Sobrino Buigas**, Gonzalo Pintos Reino, Valentín Villanueva Rivas, Francisco Riestra Calderón, Antonio López Hernández e o arquitecto Juan Argenti Navajas.[648]

O templo de San Francisco reclamou a atención dos comisionados no 1923 ao solicitar os franciscanos a reinstalación dos altares e das estatuas xacentes dos seus sepulcros. A RAH amosouse contraria a estas actuación e solicitou a suspensión dos traslados ao Director Xeral de Belas Artes.[649]

Casto Sampedro, contrario as obras e traslados dos sarcófagos, responsabilizou aos franciscanos do edificio das actuacións acometidas. Afirmou que cando se presentara o proxecto á Comisión *no se examinó con detención, ni quedo sobre la mesa, ni hubo ponencia, ni informe o dictamen, ni podía haberlos porque se vió y recogió en una sesión corta; que la aprobación del proyecto no era obstáculo para que se modificase por la Superioridad.*[650]

645 Valentín Villanueva Rivas (1864-1932). Exerceú a cátedera de Filosofía no Semianario de Santiago. Estivo ao fronte de diversas cátedras en Institutos de Segunda Ensinanza en varias provincias españolas e finalmnte exerceu cargos eclesiásticos en varias vilas e cidades galegas. En Pontevedra estivo ao cargo da feligresía de Santa Maria ata a súa toma de posisicon da Canonxía da Catedral de Santiago. Estrada Catoyra, F. B.RAG Nº 241 Páx.1-3

646 ARABASF 91-15/5(21) 18/05/1920

647 El Diario de Pontevedra: Periódico liberal Nº 11550 09/09/1922 Páx. 2

648 ARAH CAPO/9/7967/8(1); CAPO/9/7967/8(2)

649 ARAH CAPO/9/7967/8(1); CAPO/9/7967/8(2)

650 ARABASF 91-5/4(23) 07/07/1923

No ano seguinte os comisionados comunicaron á RAH que se iba a proceder ao pavimentado con madeira da Igrexa de San Francisco. A Academia lembrou á Comisión que debía velar para que durante as obras non se danaran os altares e sepulcros da Igrexa.[651]

A Comisión de Monumentos celebrou unha asemblea no verán de 1924 na cal se tratou sobre a sustitución do coro da Igrexa de Santa María de Pontevedra e a colocación de escudos na igrexa de San Francisco. A Comisión aprobou tamén na reunión solicitar ao alcalde que mantivera a calle da Xudería no seu estado orixinal. Na mesma xuntanza abordouse a cobertura da vacante de Pintos Reino co académico da R.H.A. Alejandro Mon y Landa-Landa[652] en recompensa polos obxectos arqueolóxicos que cedera ao Museo Provincial.[653]

O extravío de documentación propia non nos permite asegurar se a celebración de asembleas similares realizábase periodicamente ou se precisamente esta xuntanza tivo un carácter extraordinario e por tal motivo trascendeu. En todo caso a asemblea permítenos coñecer a natureza das actuacións nas que intervía con carácter xeral a Comisión.

A través dos xornais comprobamos como a Comisión de Monumentos constituía un referente na cidade no relativo aos asuntos do Patrimonio. Así no 1925 os comisionados actuaron coma *cicerone* do fotógrafo alemán Criestianien que visitou a cidade con motivo da

Ramón Sobrino Buhigas

(1888-1946).

Estudou Ciencias Naturais na Universidade de Madrid.

Exerceu a cátedra de Historia Natural en varios Institutos, entre eles o de Pontevedra.

Posteriormente estudou Odontoloxía en Santiago. Nesta cidade simultaneou o exercicio desta profesión e a docencia no Instituto e na Universidade.

Entre as súas publicacións en materia, histórica e arqueolóxica, figura: *Insculturas galaicas prerromanas* (1919); *Petroglifos o insculturas rupestres de Pontevedra* (1931); *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* (1935) e os traballos *Sobre los orígenes y fundación de Pontevedra* e *La descendencia de Colón en Pontevedra.*

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e da RAG

651 ARAH CAPO/9/7967/9(1); CAPO/9/7967/9(2); CAPO/9/7967/9(3); CAPO/9/7967/9(4)

652 Alejandro Mon Landa-Landa (1886-1957). Licenciado en Dereito pola Universidade de Deusto e, en Filosofia e Letras, pola Universidade de Granada. De ideloloxía conservadora, foi deputado a Cortes pola Cañiza e fundou o Partido Agario Gallego. Entre a súa producción escrita figura Estudio de los foros en Galicia (1910)

653 ARABASF 91-15/5(24) 12/06/1924



Filgueira Valverde (1906-1996).

Cursou Dereito, Filosofía e Psicoloxía.

Participou na fundación do Seminario de Estudios Gallegos e logo do Instituto Padre Sarmiento. Foi membro da RABASF, a RAH. e a RAG

Docente no Instituto de Pontevedra. Participou na creación do Museo de Pontevedra no 1927 do cal foi director entre 1942 e 1986.

Realizou estudos literarios, etnográficos, musicais, de historia e guías centrados especialmente na cultura galega.

Foi alcalde de Pontevedra entre 1959 y 1968 e, desde 1991, presidente do Consello da Cultura gallega.

preparación dun libro sobre a arte en España.[654]

A Comisión interviña tamén puntualmente no caso de ter noticias de achados arqueolóxicos. Documentamos unha intervención deste tipo no xornal *El progreso* que recolle a visita de Casto Sampedro a Villar, en Redondela, no mes de setembro de 1930, para recuperar un miliario para o seu trasladalo ao Museo Provincial. Neste caso, a oposición veciñal non permitiu o traslado a pesar de que o precavido Casto Sampedro fora acompañado da Guarda Civil.[655]

As actuacións da Comisión coma inspectora de vestixios arqueolóxicos constatámola coa visita dos comisionados no 1932 ao lugar de Ameal, en Arcos da Condesa onde fotografaron uns vestixios que identificaron coma restos dun forno romano de ladrillo.[656]

A última asemblea das que temos constancia celebrouse no mes de abril de 1933. Nesa xuntanza incorporouse á Comisión Filgueira Valverde cubrindo a vacante de López Hernández. Ángel del Castillo, participou excepcionalmente na xuntanza en calidade de membro nato por exercer coma Gobernador Civil nesa altura.

Os puntos do día da Asemblea foron numerosos. Abordouse o tema do forno de cremación atopado en Caldas de Reis o ano anterior e interesáronse tamén polo estado dos arcos primitivos da ponte do Burgo e polas sepulturas da necrópole da Illa de Arousa. Recolleuse en acta que os ladrillos romanos atopados en Cuntis e un capitel prerománico localizado en San Bartolomé de Tuy foran

654 *El Diario de Pontevedra: Periódico liberal* Nº. 12067 05/03/1925 Páx.3

655 *El progreso Semanario independiente* Nº. 10984 14/09/1930 Páx. 2 O apego dos veciños aos miliarios e lousas con inscricións, aos que concedían propiedades milagreiras, témolo docuementado nun caso similar ocorrido en Nocelo da Pena, Ourense.

656 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de* Galicia S.N. Páx. 911/02/1932 Páx. 9

integrados no Museo da Sociedade Arqueolóxica. Na asemblea referiuse a visita efectuada polo Ángel del Castillo e varios membros da Comisión de Monumentos a Panxón e ao Mosteiro de Armenteira e do Lérez.[657] Acordouse tamén a recollida do miliario de Guizán, en Mos.

Ángel del Castillo, coma Gobernador, comprometeuse a dirixir aos alcaldes da provincia unha circular para que velaran pola conservación dos cruceiros. A Comisión acordou tamén delegar nel a xestión ante o Ministerio de Instrucción Pública da restauración do Mosteiro de Carboeiro.

A pesar do dinamismo que semella ter a Comisión nesta altura non atopamos máis referencias das súas actuacións. Descoñecemos como lle afectou a Guerra Civil e a Ditadura nas décadas posteriores.

657 *El pueblo galleo: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* S.N. Páx. 9 12/04/1933

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Parte III

A Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Comision de Monumentos Historicos y Artisticos de Orense

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7. Antecedentes. O abandono do Patrimonio Nacionalizado. 1835-1844

7.1 O inventariado e selección dos bens culturais e artísticos

As Xuntas Recolectoras e as Comisións Científicas.1835-1841

Ao igual que no resto de Galicia, na provincia de Ourense a atención aos bens culturais nacionalizados viuse dificultada pola difícil orografía e pola climatoloxía adversa. As carencias da rede viaria e o atraso dos medios de transporte entorpeceron tamén enormemente a recollida dun Patrimonio Cultural, moi disperso e afastado da capital provincial. No caso de Ourense, a estas dificultades engadimos a actividade das partidas carlistas e o feito de que mosteiros e conventos abandonados utilizáranse ocasionalmente para o acuartelamento de tropas.

As primeiras tarefas de recuperación dos bens culturais e artísticos comezaron no 1835 , ano no que se instalou en Ourense unha *comisión* ou *junta recoletora* que tiña o cometido de efectuar o expurgo, inventariado e derivación á capital dos *archivos, bibliotecas, pinturas y demás enseres que puedan ser útiles a los institutos de ciencias y artes, así como también los monasterios y conventos, sus iglesias, ornamentos y vasos sagrados*… [658]

Descoñecemos o nome dos integrantes desta *comisión*. Sabemos en cambio que a *comisión* atopara numerosos atrancos a pesar de que traballara *con celo y generosidad. O* informe remitido polo Xefe Político ao Secretario de Estado en decembro de 1835 sinala que o gran número de edificios eclesiásticos a intervir e o afastamento dos mosteiros máis importantes desbordaran á Comisión.[659]

O Xefe Político propuxo ao Goberno que se priorizara o traslado á capital dos materiais dos mosteiros de Celanova e de Oseira por teren os fondos máis cuantiosos e de maior valor. En canto aos bens culturais dos edificios da capital informou que Luís Sánchez, Francisco Cancela Martínez e Antonio Lacasa ofrecéranse a realizar gratuitamente os inventarios dos libros dos conventos de Santo Domingo e San Francisco.[660]

658 R.D. de 25 de xullo de 1835

659 ARABASF 50–3/2 (1) 03/12/1835.

660 ARABASF 50–3/2 (1) 03/12/1835. Para información sobre o proceso desamortizador do convento de San

Con carácter previo a derivación dos efectos culturais á capital o Xefe Político elaborou un orzamento global do custe do traslado de pinturas e libros seleccionados cara ao convento de Santo Domingo de Ourense que ascendía a 43.912 reais.[661] Segundo informou ao Ministerio do Interior era imposible obter esta cantidade dos ingresos provinciais polo cal solicitou que se asinaran partidas complementarias. O Goberno acordou que a Sociedade Económica de Amigos do País contribuiría con 12.000 reais que se destinarían á instalación dunha biblioteca na capital cos bens recuperados dos mosteiros de Celanova e Oseira.[662]

A *comisión* dedicou a primeira metade do 1836 á confección de inventarios dos bens seleccionados pero as dificultades económicas impedíronlle afrontar o traslado do bens seleccionados cara a capital ourensán polo cal os materiais permaneceron abandonados nos edificios de orixe. [663]

A *Junta de Enajenación de Edificios y efectos de los conventos suprimidos*[664] a finais de 1837 apremiou ao Xefe Político para que efectuara o trasladado dos libros, cadros e obxectos artísticos depositados nos conventos e mosteiros para poder dispor dos edificios.[665] O Xefe Político trasladou ao Secretario de Estado este requirimento no mes de abril solicitándolle instrucións de como proceder ao desaloxo dado que carencia de fondos para o traslado dos efectos culturais á cidade de Ourense.[666]

Co obxectivo de continuar os traballos de recuperación dos bens nacionalizados no 1937 o Goberno promoveu a instalación de novas comisións, denominadas agora *científicas*. Estas corporacións estaban integradas por cinco individuos afeccionados ás artes e a súa misión era conformar cos bens seleccionados os Museos e Bibliotecas nas capitais provinciais.[667]

Francisco de Ourense consultar "A desamortización de San Francisco de Ourense" de Francisco Fariña. Boletín Auriense T. 24 Páxs. 209-226 1994

661 ARABASF 50-3/2 (1) e 50-3/2 (1a) 03/12/1835

662 ARABASF 50-3/2 (2) 16/12/1835

663 Algúns deles consérvanse no AHPOConsultar Fariña Busto,F. 2013.Comisión de monumentos históricos e artísticos de Ourense. Aproximación Histórica, 2013 Páxs.36

664 Esta Xunta ocupábase de dar destino os conventos suprimidos ou de autorizar o derrube aos que estiveran arruinados.

665 ARABASF 50-3/2(3b) 25/12/1837

666 ARABASF 50-3/2(3b) 25/12/1837

667 R.O. de 27 de maio de 1837. Gaceta de Madrid Nº 907 28/05/1837)

Non podemos precisar quenes integraron a *comisión científica* de Ourense dado que as referencias bibliográficas posteriores mesturan a información relativa a esta *comisións* coa referida á Deputación Arqueolóxica, constituída por iniciativa privada na provincia de Ourense no 1842.

Entre ás persoas máis cultas da provincia en materia histórica nesa altura atopamos a Verea y Aguiar que exerceu nesa altura por breve tempo un cargo administrativo no Goberno Civil. Nos anos precedentes traballara na súa Historia de Galicia que saíu ao prelo no 1838. Non podemos afirmar que participara na *comisión científica*, se ben xunto co deán Juan Manuel Bedoya e Lafuente conformaban sen dúbida parte do colectivo de persoas inteligentes en literatura, ciencia y arte que requiría a R. O. de 27 de maio de 1837 para a conformación da Comisión. A afección e interese pola arqueoloxía e as cuestións patrimoniais de Verea y Aguiar témola testemuñada coa remisión á RAH no 1838 dun fragmento de guerreiro galaico con escudo atado no reverso atopado en Villar de Barrio.[668] No mesmo ano remitiu á esa Academia trinta e dúas moedas romanas que formaban parte das miles que se atoparan en Canedo, nas proximidades de Ourense.[669]

668 CAOR/9/3931/07 (1) Rosario Cebrián Fernández.Comisión de Antigüidades de la Real Academia de la Historia. Antigúedades e inscripciones.1748-1845 Catálogo e Índices.

669 http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=320810&portal=111

Ilus. 32. Ourense, 1914

A *comisión científica* atopouse cos mesmos atrancos que a súa antecesora, a *junta recoletora*. De feito o Xefe Político a finais de 1837 viuse na obriga de comunicar ao Goberno a *absoluta paralización en que se encuentra este negocio siguiéndose de ella grandes prejuicios, no solo en lo material de los efectos, si no en la privación de ilustración que pueden recibir los naturales concurriendo a una biblioteca, que será la única de la provincia*.[670]

O orzamento para o traslado dos efectos recuperados que se remitira a finais 1835 de 44.000 reais non fora atendido polo Goberno e, nesta altura de 1837, as *comisións científicas* contaban unicamente cos recursos obtidos das vendas dos bens mobles expurgados e dos volumes librarios duplicados. Estas vendas non acadaran o éxito esperado e o recadado foi insuficiente para costear o trasporte dos bens útiles.

Entrado o mes de outubro de 1838 , os libros e obxectos artísticos permanecían aínda nos edificios eclesiásticos, na súa maior parte deteriorados polo abandono. Segundo informou o Xefe Político ao Goberno, atopábanse ao cargo de *comisionados*

670 ARABASF 50-3/2(3) 25/12/1837

[de amortización] que ningún interés se toman en su conservación. Informou tamén de que na provincia non existía universidade e que por tanto non podía cumprir coa Real Orde de 22 de setembro de 1838 que mandaba destinar os volumes librarios aos fondos das bibliotecas universitarias. [671]

Coa finalidade de obter fondos, o Gobernador informou da existencia de dous volumes traídos á capital polo seu predecesor e suxeriu vendelos en Londres para financiar a formación do Museo e Biblioteca.[672] O Ministro da Gobernación, logo de consultar a Biblioteca Nacional sobre a valía dos volumes, determinou que súa venda non era rendible por estar os volumes en mal estado.[673]

Nestes anos en que os efectos permaneceron en depósitos a *comisión científica* realizou novos inventarios. O Xefe Político no 1842 alude a eles advertindo que *no puede en la actualidad asegurarse la existencia de dichos efectos en atención a las frecuentes extracciones y defraudaciones que no era fácil evitar, ocasionadas en unos conventos por la tropa acuartelada en los mismos, y por abandono y desidia de los encargados de su custodia en otros*.[674]

Entre 1839 e 1840 continuouse traballando no inventariado e recollida de bens nacionalizados, en especial dos volumes librarios e documentais de Oseira, Celanova, Melón, San Clodio, San Francisco e Santo Domingo de Ribadavia. Estes inventarios non sempre foron efectuados polos integrantes da *comisión científica* senón que as veces o Goberno Civil designou para

Juan Bedoya (1770-1850).

Nado en Serna de Argüeso, Burgos. Cursou Filosofía e Teoloxía na Universidade de Osma.

Catedrático de Teoloxía no Seminario de Ourense.

Publicou *Memoria sobre el desagüe de la laguna de Antela o de la Limia, en la provincia y Obispado de Orense y Reino de Galicia* (1831)

Remitiu varios informes sobre obxectos de valor da cidade de Ourense á RAH. no 1919. No 1835 informou sobre unha estatua con inscrición votiva e no 1837 participou na inspección da rocha de Carrás. A RAH. recibiu no 1841 o seu artigo *Arqueología* relativo aos monumentos romanos de Ourense.

671 ARABASF 50-3/2(3) 04/11/1838

672 ARABASF 50-3/2 (5a) 14/10/1838

673 ARABASF 50-3/2 (5) 28/10/1838

674 ARABASF 50-3/2 (6) 17/08/1842

realizalos a individuos e comisións específicas nos distritos (BUSTO FARIÑA, F. 2013:43).

A *comisión científica* estaba aínda activa á altura de xullo de 1841, data na que realizou xestións co deán Bedoya para acadar un local para instalar unha Biblioteca no Seminario Conciliar. Podemos situar a desmantelación da *comisión* nese mesmo ano dado que a Deputación Arqueolóxica informou á Academia de Arqueoloxía no momento da súa instalación no 1842 de que na provincia de Ourense non existían comisións ou entidades análogas.

Con respecto a formación da Biblioteca e Museo provincial na cidade de Ourense, Antonio Gattell, o Xefe Político, informou ao Goberno no 1842 de que aínda non se constituíran porque non existían na provincia suficientes obras de mérito nin se dispoñía dos recursos económicos necesarios. A opción gobernamental de aumentar os arbitrios foi desestimada polo Concello que non se atrevía a incrementalos impostos por ser xa excesivos. En canto aos locais dispoñibles para a instalación destes establecementos o Xefe Político sinalou que se barallaban como os máis axeitados os edificios do Seminario Conciliar e os prioratos de San Munio de Veiga e de Xunqueira de Ambía.[675]

A Deputación Arqueolóxica de Ourense (1842)

A Academia de Arqueoloxía estableceu no 1841 delegacións nas principais cidades europeas con notable éxito. Os óptimos resultados levárona durante o 1842 a abordar o seu despregue a nivel nacional instalando Deputacións Arqueolóxicas na maior parte das capitais provinciais, entre elas as catro galegas.

A bibliografía relativa ás Deputacións é practicamente inexistente se ben, excepcionalmente para achegarnos á Deputación Arqueolóxica de Ourense contamos cunha recopilación de documentos de 1842 publicado no Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense no 1930. Esta documentación inclúe os Estatutos da Academia de Arqueoloxía e as actas das sesións da Deputación Arqueolóxica de Ourense ata finais de 1842. Os documentos foron publicados no 1930 confundíndoos cos da Comisión de Monumentos creada no 1844, de aí o epígrafe que encabeza a

675 ARABASF 50-3/2 (6) 17/08/1842 firmado por A. Gattell

recopilación documental: *La Comisión de Monumentos Artísticos e Históricos de Orense*.

A acta de constitución da Deputación Arqueolóxica de Ourense de 14 de abril de 1842 recolle coma integrantes ao Xefe Político José Antonio Gattell; ao deán **D. Juan Manuel Bedoya**;[676] a José Gómez Novoa, a Pedro Bentura de Puga e a Fernando Felipe Fernández. Reproducimos integramente a acta:

Instalación de la Diputación Arqueológica de la provincia de Orense

Luego que la Sociedad ha nombrado por sus corresponsales en esta capital a los señores D. José Antonio Gattell, Jefe político de la provincia; D. Juan Manuel Bedoya, Gobernador eclesiástico de este Obispado; D. José Gómez Novoa, Diputado provincial; don Pedro Bentura de Puga y D. Fernando Felipe Fernández, Párroco de Santa Eufemia la Real de Orense, se reunieron el dia 14 de Abril de 1842 en la casa del gobierno político para formar la Diputación Arqueológica de esta provincia, según se previene en el artículo 11 de las Constituciones, y habiendo comenzado esta sesión por la lectura de algunas comunicaciones de la Sociedad, dirigidas a que sin demora se instalase la Diputación y formase una estadística de los monumentos que de todas épocas existan en esta provincia, su estado de conservación y noticias históricas que les pertenezcan, y de los hombres ilustres enterrados en ella, con todos los pormenores que de ellos haya, y procedido a la elección de Presidente y Secretario, de resultas de cuya operación, salieron elegidos para el primer cargo el Jefe político, y D . Fernando Felipe Fernández para Secretario, en seguida se declaró instalada la Diputación.

Acto continuo se acordó manifestar al público esta instalación por medio del Boletín Oficial, y cuales eran las miras de la Diputación, y que se pusiese en conocimiento de la Sociedad el haber dado ese paso.

Luego después, creyéndose conveniente asociar a la Diputación al Ingeniero D. Alejo Andrade y Yáñez, se determinó que se le pasase un oficio invitándole, y si aceptaba, otro a la Sociedad proponiéndole para corresponsal, a fin de que le enviase las Constituciones y el correspondiente nombramiento.

676 Consultar Otero Pedrayo:D. Juan Manuel Bedoya. Santander. 1950.

> *Finalmente, también se determinó enviar a la Sociedad una hoja impresa con noticias arqueológicas de esta provincia,*[677] *presentada en esta sesión por el señor Bedoya, autor de ella; con lo cual se tubo por terminada la sesión Gattell. Fernando Felipe Fernández, Secretario.* [678]

Entre os integrantes da Deputación Arqueolóxica de Ourense destaca pola súa erudición e comprobada afección á Arqueoloxía o Deán Juan Manuel Bedoya. Descoñecemos se nos anos anteriores formara parte tamén das *comisións recolectoras ou científica*s.[679]

A súa vinculación aos asuntos relativos ao Patrimonio témola documentada xa no 1819 coa remisión á RAH de informes sobre os monumentos e obxectos de valor histórico da cidade de Ourense, entre eles un epígrafe e un tesouriño achado no 1804.[680] En xullo de 1930 remitiu á mesma Academia un debuxo dunha moeda de ouro atopada en San Martín de Araujo, na fronteira con Portugal.[681] Tamén é o responsable dun informe ilustrado datado no 1835 relativo a un pedestal dunha estatua romana cunha inscrición votiva atopado na Horta do Caneiro, da Catedral de Ourense.[682] No 1837 a Academia recibiu un novo informe seu que incluía un plano e a

677 O pliego orixinal de 1841 titúlase Arqueología e reprodúcese no BCPMHAO T II Nº 29 de novembro-decembro de 1902 co título de Antigüidades de Orense. O artigo recolle información sobre achados epigráficos da cidade de Ourense.

678 BCPMHAO T. IX Nº 194 Páxs. 124-127, 1930

679 Otero Pedrayo na semblanza que lle adica rrecolle La Junta, de más gloria que fruto, proporcionó al señor Bedoya […] la busca de libros nuevos o largo tiempo deseados. Fue tiempo, el de la guerra civil, de grandes remoniciones de Bibliotecas. A los aficionados de hoy se nos hace la boca agua recorriendo en papeles de entonces las obras en subasta y los precios… Registra el señor Bedoya con evidente satisfacción cómo adquirió en Toledo las obras de San Isidoro y otras soberbias ediciones sufragadas por el cardenal Lorenzana."

680 ARAH CAOR/9/ 7965/1 (1); CAOR/9/7965/1 (2) e CAOR/9/7965/2. Neste informe Bedoya afirma que "no he hallado en esta ciudad otro monumento de considerarse de la antigüedad si no la pieza con la inscripción Nimphis calpunia Abana". Logo de informar sobre o estado de abandono da mesma alude a un achado de 1804 no cal se atoparan no pobo de Castro de Beiro moitas moedas romanas "que no se sabe donde fueron á parar" e das cales un comerciante da cidade conserva catro; dúas de Adriano, unha de Trajano e unha terceira de Matidia, filla de Marciana.

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310504&portal=111

681GN 1830-2(3) 01/07/1830

http://bib.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/RAH is/12393889943496051876213/index.htm

682 CAI-OR/9/3931/5(1) 1835

descripción dunha laxe con gravaduras atopados no monte de Carrás, preto da cidade de Ourense, que inspeccionara xunto con Lafuente e Verea y Aguiar.[683]

Ao pouco de constituirse a Deputación Arqueolóxica foi convidado a unirse a ela o enxeñeiro **Alejo Yáñez de Andrade**, de recoñecida traxectoria en canto a coñecementos arqueolóxicos.[684] No 1832 realizara traballos na Praza Maior de Lugo no transcurso dos cales atopara restos de edificios e alcantarillas romanas. Na mesma cidade, fronte a Casa Consistorial, recuperara varias moedas romanas antigas. Anos máis tarde, no 1836, traballou na consolidación da Muralla de Lugo o cal lle permitiu a localización de dez inscricións romanas das que remitiu un informe á RAH: *Antigüedades e inscripciones de Lugo*.[685] A mesma Academia recibiu no 1839 unha notificación súa do achado dunha columna miliaria cilíndrica atopada no camiño de Ourense a Valdeorras da cal a RAH obtivo a correspondentes copia.[686] Tamén informou á esta Academia no 1939 sobre unha moeda do emperador Augusto atopada perto de Monte Alegre na capela dos Gozos.[687]

Alejo Yánez de Andrade (1792-1844) .

Enxeñeiro e arquitecto nado en Monforte de Lemos.

Correspondente da RABASF e da Academia de Arqueoloxía.

Participou na Deputación Arqueolóxica de Ourense de 1842, dependente da Academia de Arqueoloxía.

Remitiu á RAH. informes sobre achados arqueolóxicos na Praza Maior (1832) e da Muralla de Lugo (1836) entre outros.

Coma arquitecto realizou numerosos edificios públicos en Galicia.

A Academia de Arqueoloxía emprendeu a formación dunha *estadística monumental* confeccionada a partir de

683 CAI-OR/9/3931/6(1) e (2)1937. Non podemos prescisar se esta actuación estivo relacionada coa actividade das *comisión científicas*.

684 Para información sobre o autor e a súa obra consultar ANDRÉS ALVAREZ VALES. Alejo Andrade Yáñez(1793-1844): *Académico de mértio de la Real Academia de San Fernando e Ingeniero de Caminos, Revista del Colegio de Ingenieros de Caminos y Canales y Puertos de Galicia, Páx. 24-28 Nº10 2006 e Alejo Andrade Yáñez, Manuel de Prado y Vallo, Faustino Domínguez Domínguez, Faustino Domínguez Coumes-Gay, Gabriel Vitini Alonso" Artistas Gallegos. Arquitectos* (Da Ilustración ó Eclecticismo). Nova Galicia edicións, Vigo, 2003.

685 ARAH CAILU/9/3931/06 (1) e (2). Yáñez de Andrade, Alejo. *Informe sobre las diez inscripciones romanas descubiertas durante los trabajos de consolidación de la muralla de Lugo*. Xunto co informe remitira as moedas atopadas no 1832 as cales según lle comunicou á Academia non chegaron ao seu destino CAILU/9/3931/06(4)

686 ARAH CAIOR/9/3931/08(3) sen data

687 ARAH CAIOR/9/3931/08 24/11/1839

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=307273&portal=111

información recabada nas provincias polas Deputacións Arqueolóxicas. Para a súa confección as Deputacións distribuíron nos distritos cuestionarios sobre o estado de conservación, historia e características artísticas dos monumentos e sobre os personaxes ilustres enterrados na provincia. Previndo a escasa formación dos axentes locais as cuestións formuláronse para que poderan ser respondidas con afirmación e negacións ou números. [688]



Ilus. 33 Laxe de Carrás.

A Deputación Arqueolóxica a través do Boletín da Oficial da provincia dirixiuse a *todos los habitantes de la provincia, que tengan las noticias espresadas, se servirán*

688 BCPMHAO T. IX Nº 194 Páxs. 125-126.O cuestionario modelo remitido as localidades é: 1.ª *¿Quienes habitaron ese país (el respectivo de cada corresponsal) antes de la dominación romana ; cuál fué el origen de aquellos pueblos primitivos, y qué vestigios se conservan de su existencia? 2. ª ¿Dónde estuvieron situados los pueblos antiguos que hubo en él y no existen en el día y su historia? 3.ª ¿Qué costumbres tenían los antiguos pobladores de ese país, particularmente en los nacimientos, matrimonios y mortuorios; en que se diferenciaban de las que tienen los de ahora, y en que participan las de éstos de los hábitos de los primeros? 4.ª ¿Qué causas influyeron en las de aquéllos e influyen en las modernas, y en que se distinguen éstas, si ese país es exclusivamente agrícola, de las de otros donde sus habitantes están entregados a la industria fabril, o hacen en caravanas emigraciones periódicas a otras provincias o al extranjero? 5.ª ¿Cuál fué el origen, los progresos y decadencia de las ciencias y artes de los antiguos habitantes de ese país, y cuál el estado actual de ambas cosas? 6.ª ¿Qué número de monumentos e inscripciones hay en ese país de todas épocas, su estado de conservación y noticias históricas que le pertenezcan, y las excavaciones que es necesario hacer para descubrir los que puedan estar ocultos? 7. ª ¿Qué hombres ilustres se hallan enterrados en él, con los pormenores que de ellos haya? 8. a ¿Tiene V. S . en su poder alguna obra inédita de autor español, que verse sobre puntos arqueológicos y merezca ver la luz pública, o tiene V . S. noticia de ella?*

comunicárselas cuanto antes les sea posible procurando al verificarlo examinarlas con crítica para que en las comunicaciones no vengan comprendidas aquellas, que descansando tan solo en tradiciones vulgares inverosímiles estén destituídas de sólidos fundamentos; en todo lo cual harán un servicio á su Patria,…" [689]

A Deputación Arqueolóxica de Ourense no mes de abril de 1842 acordou nomear correspondentes nos partidos xudiciais coa finalidade de facilitar a confección da *estatística monumental*. Para a súa elaboración distribuíron no mes de xuño os cuestionarios sobre monumentos xuño nas vilas. Entre estos informes foi necesario *inquirir pormenores del señor Corresponsal de Allariz sobre el castillo de Armeá, de que habla la historia de Orense, del Sr. Muñoz de la Cueva, y del de Bande acerca de la ciudad de Abobriga, de la cual también se ocupa el Sr. Muñoz…."* [690]

Na asemblea de agosto de 1842 a Deputación interesouse por certas noticias referidas polo corresponsal de Carballino relativas á lagoa dese distrito. O arquitecto Alejo Yáñez de Andrade comprometeuse a realizar averiguacións ao respecto en canto lle fora posible.

A Academia de Arqueoloxía non solo se interesou polos monumentos senón que recabou información todo tipo de vestixios. Así , cara finais de 1842, recibiu varias copias do epígrafe dun miliario de Xinzo, outro de Valença obtido por Yáñez de Andrade e un terceiro facilitado polo ecónomo de Santa María do Val de Riocaldo.[691]

Os documentos recollidos no Boletín da Comisión de Monumentos de 1930 abarcan ata finais de 1842. Descoñecemos cal foi a traxectoria da Deputación no 1843 e cando cesou a súa actividade. A instalación das Comisións de Monumentos no 1844 supuxo o desmantelamento da infraestrutura da Academia de Arqueoloxía a nivel provincial e o repregue da súa actividade na sede central de Madrid.

As actas dispoñibles de 1842 evidencian que a Deputación Arqueolóxica de Ourense, na súa breve andadura, amosou un funcionamento óptimo atendendo á regularidade na celebración de asembleas, á participación activa dos individuos e a rapidez e eficacia en executar as instrucións da Academia de Arqueoloxía.[692]

689 Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, Nº 48 de 23 de abril de 1842Páx. 3.

690 BCPMHAO T. IX Nº 194 Páxs. 124-127, 1930

691 Sesión da Deputación Arqueolóxica de Ourense de 25 de decembro de 1842 BCPMHAO T. IX Nº 194

692 Fundación Lázaro Galdiano conserva cinco tomos das Actas da Academia de Arqueoloxía na súa biblioteca da de

Os inventarios realizados pola Deputación no 1842, firmados por José de La Fuente, Yáñez de Andrade e o Gobernador Gattel foron anos despois contrastados cos efectuados á altura de 1844 polas Comisións de Monumentos.[693] A comparación entre ambos permitiu constatar que no intervalo os materias que permaneceran nos depósitos sufriran apreciables perdas, das cales as Comisión de Monumentos responsabilizaron aos comisionados de bens nacionais que tiñan os efectos ao seu cargo. A Comisión Central na súa Memoria de 1845 referiuse a este inventario realizado pola Deputación Arqueolóxica no 1842:

> *Existe un inventario exacto y razonado de los libros procedentes de conventos que existían en la provincia de Orense, formado en el año de 1842. Este documento ha servido de guía á la Comisión provincial en el cotejo que le ha sido preciso hacer de los libros que en la actualidad existen aún en sus respectivos conventos con los aportados en el inventario mencionado, del que esta Central remitió copia para aquel efecto en Enero del presente año. Con vista de este documento empezó activamente sus trabajos la Comisión de Orense, y en Marzo último participa notarse la falta de algunas obras que se habían reclamado ya á los comisionados de bienes nacionales, como únicos responsables de las diferencias que se advertían entre los libros existentes en la actualidad y los anotados en el catálogo de que queda hecha mención".* [694]

No referente a actuación relativas ao Patrimonio carecemos practicamente de referencias para 1843 na provincia de Ourense. Sabemos apenas que cara o mes de maio dese ano eleváronse desde cada distrito informes dos edificios monumentais. Nestes informes o Concello de Celanova informaba por extenso do Mosteiro e da capela de San Miguel; desde Ribadavia enviáronse noticias dos conventos dos dominicos e de franciscanos; Monterrei informou sobre o convento dos xesuítas e o de San Francisco; desde Montederramo destacouse a valía da Igrexa dos bernardos e dos claustros anexos; Cea aportou un informe do Mosteiro de Oseira.[695] Unha vez máis a Memoria anual da Comisión Central de 1845 destacou a boa calidade destes inventarios locais: *Los Ayuntamientos de los pueblos indicados habían evacuado sus*

Madrid pendentes de estudo. Inventarios 15110, 15111, 15070, 15112.

693 ARABASF 50-3/2 (6) 17/08/1842

694 Informe da Comisión Central de 1845. Páx. 35. Pola data este inventario podería corresponderse cos traballos realizados neste ano pola Deputación Arqueolóxica.

695 ARABASF 50-3/2(57a)

informes con un tino poco común acompañándolos de curiosa e interesantes noticias sobre cada monumento,….[696]

A partir de 1844 o Goberno prestou maior atención cara a protección do Patrimonio. A comezos de ano ordenou aos Xefes Políticos instalar nas capitais provinciais bibliotecas e museos.[697] No caso de Ourense alegouse que a falta de locais adecuados impedía proceder a súa formación.[698] Cara ao mes de abril o Goberno interesouse polos edificios e monumentos artísticos das provincias que polo seu mérito ou valor histórica debían conservarse.[699] Nesta altura o Xefe Político de Ourense atendeu o requirimento gobernamental elevando os informes confeccionados nos distritos no mes maio do ano anterior.[700]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

696 Informe da Comisión Central de 1845… Páx. 103

697 R. O. de 14 de xaneiro de 1844.

698 ARABASF 50-3/2(20) 18/02/1844

699 Real Orde do 2 de abril de 1844

700 ARABASF 50-3/2(57) 26/05/1844

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

8. A Comisión de Monumentos de Ourense1844-1941

8.1 Traxectoria e periodización

A selección e recuperación dos Bens culturais e artísticos.1844-1849

Nos corenta, rematada a contenda carlista, o Goberno de Narváez puido dedicar maior atención ás cuestións culturais e á conservación do Patrimonio. O novo Goberno promoveu un ambicioso proxecto de extensión educativa no marco do cal contemplaba a formación de Museos e Bibliotecas. Co seu establecemento perseguía o dobre obxectivo de garantir a conservación dos bens culturais nacionalizados e facilitar o acceso á cultura á un sector da sociedade máis amplo.

Con estes fins constituíronse as Comisións de Monumentos Históricos e Artísticos mediante a Real Orde de 23 de xuño de 1844. A Comisión de Ourense instalouse o 8 de agosto de 1844. Exerceu coma Presidente o Xefe Político Manuel

Feijóo y Río e conformárona **Bonifacio Ruíz** no cargo de Secretario; Vicente López Dorado,[701] Manuel Tutor,[702] o Marqués de Leis,[703] e **José de la Fuente**.[704]

En referencia aos integrantes da *Comisión* un documento elevado a Central en marzo de 1845 recolle que *estes individuos en su mayor parte lo fueron ya de la junta análoga anterior*.[705] Entendemos que se refire a Comisión Científica de 1837 se ben José de la Fuente participara tamén na Deputación Arqueolóxica. .[706]

Bonifacio Ruíz (1790-1866).

Nado en Burgos. Foi abade do Mosteiro de Celanova desde 1832 ata 1836.

Foi o responsable do selección e recollida dos volumes librarios e pinturas nacionalizados e da instalación do Museo de Pinturas e da Biblioteca de Ourense. Confeccionou o libro guía da Biblioteca *El Mabillón*.

No 1852 pasou a ocupar o cargo de arcediano en Astorga.

Nos anos sesenta realizou varias doazóns de libros á Biblioteca de Ourense.

A constitución da Comisión e o seu Regulamento difundiuse a nivel provincial a través do Boletín Oficial da Provincia de Ourense. No Regulamento das Comisións establecíase a organización, as súas obrigas e tamén a necesaria colaboración que debía recibir dos alcaldes e párrocos dos distritos.[707] Reproducimos o Regulamento nos textos anexos.

A Comisión Central no mes de outubro apremiou novamente ao Xefe Político para que, co auxilio da recén instalada Comisión de Monumentos, efectuara a instalación da Biblioteca e do Museo.[708] Se o argumento do Xefe Político para eludir a súa formación fora meses atrás a falta de locais nesta altura foi o da inexistencia de obras artísticas de valía na provincia. A Comisión Central desconforme con esta valoración facilitoulle o inventario

701 Lectoral da Catedral de Ourense e profesor do Seminario. Faleceu en xullo de 1845.

702 Exerceu coma abogado e foi deputado provincial.

703 Foi alcalde de Ourense e deputado provincial e Senador. Faleceu en febreiro de 1845.

704 ARABASF 50-3/2(21) 29/12/1844 e 50-3/2(7) 09/08/1844

705 ARABASF 50-3/2(59) 11/03/1845

706 Sinalamos que o deán Juan Manuel Bedoya a pesares dos seus recoñecidos méritos e traxectoria non participou na Comisión de Monumentos de 1844, exclusión que pode explicarse pola súa avanzada idade de setenta e catro anos e polo seu delicado estado de saúde. De feito no 1847 renunciou ao cargo de Bispo de Ourense alegando este motivo e a súa extrema falta de visión. Igualmente no 1849 aludíu motivos de saude e idade para rexeitar o cargo de xuíz colector de anualidades e vacantes do Obispado. BOPO Nº 63 26/05/1849.

707 BOPO Nº 77 29 de xuño de 1844

708 ARABASF 50-3/2(34) 22/10/1844

realizado no 1842 no cal figuraban rexistrados cincuenta e dous cadros de interese.[709]

Os traballos para a instalación da Biblioteca e Museo cobraron pulo durante o inverno de 1844 a 1845. No mes de outubro delegouse en Bonifacio Ruíz a selección dos volumes librarios e dos cadros e a formación dos correspondentes índices e catálogos.[710] A Comisión Central recibiu a noticia de que os traballos estaban xa avanzados no mes de novembro. Segundo comunicou Bonifacio Ruíz para realizar a selección contara coa activa colaboración de numerosos eclesiásticos e persoas instruídas das vilas.[711]

A Comisión Central facilitou aos comisionados no mes de febreiro de 1845 os inventarios de libros realizados anteriormente para que os cotexaran cos recén confeccionados co obxecto comprobar os materiais extraviados no intervalo. O cotexo dos catálogos permitiu evidenciar a perda de numerosos volumes librarios.[712]

O Xefe Político, Manuel Feijo del Río, cara ao mes de marzo de 1845 facilitou á Comisión un local interior para a instalación do Museo e da Biblioteca. Na primavera de 1845 incorporouse á Comisión. **Domingo Lareo**[713] que cubriu a vacante do Marqués de Leys falecido en febreiro.

Nesa altura fixérase xa a maior parte do expurgo e inventariado dos volumes librarios e restaba unicamente efectuar o traslado dos volumes á capital aprazado forzosamente pola rigorosidade do inverno. No referente aos edificios monumentais encomendouse aos eclesiásticos e persoas cultas das vilas que realizaran memorias:

José de la Fuente Herrero.

Foi deputado a Cortes por Ourense no 1843 e 1844. Exerceu coma funcionario da Junta de Caminos.

Afeccionado á literatura e ás Belas Artes. No 1837 participou, xunto con Verea y Aguiar e Bedoya, na inspección da laxe de Carrás onde se localizaran figuras gravadas.

Firmou conxuntamente con Yáñez de Andrade e Gattell un inventario de cadros nacionalizados datado no 1842 polo cal deducimos que debeu formar parte da Deputación Arqueolóxica.

709 ARABASF 50-3/2(49) 23/10/1844

710 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. Actas. Sesión Ordinaria 20 /11/1844. Páx. 51

711 ARABASF 50-3/2(35) 14/11/1844

712 ARABASF 50-3/2(22) 15/01/1845 e 50-3/2(23) 08/02/1845

713 ARABASF 50-3/2 (8) Consultar datos biográficos en Fernando Pérez Rodríguez. *La formación profesional de distintos arquitectos académicos gallegos: Domíngo Lareo, Santiago Estevez, Manuel de Pradoy Vallo y Pascual Rosende*. Porta da Aira 11, Páxs. 403-434, 2006

> *En seguida se repartieron y encargaron los trabajos respectivos con arreglo a las Reales órdenes y circulares e instrucciones de la Central, pero todo esto era, por decirlo así, puramente nominal. Porque, sin biblioteca ni museo establecido ni edificio público en donde colocarlo, careciendo enteramente de fondos siquiera para la habilitación del local, sin cuyo requisito era excusado el pensar en todo lo demás, en vista de esto la comisión, cuyos individuos en su mayor parte lo fueron ya de la junta análoga anterior, temió que por iguales causas volverían otra vez a ver frustrados sus conatos y buenos deseos como sucediera sin duda a no ser impulsados por la energía e irrevocable decisión de su digno presidente, a cuyo genio activo y creador se debe sin duda el tener ya dispuesto un local aunque interior para todo y a no ser por el temporal que no deja secar las obras que se han hecho e imposibilita los caminos para el transporte de los efectos, ya se estarían ordenando dichos establecimientos lo cual sin embargo se verificará muy luego. Al mismo tiempo que esto aquí se hacía se trabajaba en todas partes arreglando y componiendo los efectos que se hallaban enteramente abandonados y perdidos en los mismos conventos suprimidos. Se firmaron índices para asegurar las existencias de libros, pinturas y demás objetos, y con respecto a los edificios, tanto en su historia particular, como del mérito artístico, etcétera, se encomendó a los Ayuntamientos respectivos que acompañados de eclesiásticos celosos y otras personas instruídas, formasen cada uno su memoria, como la verificaron en la mayor parte, y de todas se pasó copia al Ministerio*.[714]

A Comisión Central no mes de maio de 1845 solicitou que se complementara a información sobre os edificios eclesiásticos da provincia. Este requirimento foi cumprimentado pola Comisión ourensán co envío dun breve listado dos conventos suprimidos non alleados alegando que non dispoñían de máis noticias sobre os edificios que as xa remitidas nos informes anteriores procedentes dos distritos. Segundo informaron os comisionados á Central, a valía arquitectónica dos conventos ourensáns *no era tan notable que merecieran por tal motivo su conservación*. Salientaron unicamente o mérito da capela de San Miguel de Celanova por ter gran antigüidade e singular factura.[715]

714 ARABASF 50-3/2(59) 11/03/1845

715 ARABASF 50-3/2(63b) 30/05/1845

En canto a evaluación da calidade dos obxectos artísticos, os comisionados propuxeron a Comisión Central delegar nun especialista a selección dos cadros destinados ao Museo. Con este fin facilitaron á Central un listado cos artistas máis distinguidos da provincia. No mesmo comunicado informaron dos contactos mantidos Antonio Bugallal, Abade de Nocelo da Pena, en Sarreaus, onde se localizaran dúas inscricións epigráficas e varios obxectos arqueolóxicos os cales consideraban que poderían estar vinculados ao Forum Limicorum.[716] Con respecto a este asunto a Comisión Central lembrou aos comisionados que estos temas non debían distraerlles das tarefas de recuperación dos bens desamortizados. Xa sinalamos que o Goberno nesta altura non estaba interesado en incrementar pola vía das escavacións arqueolóxicas o Patrimonio a custodiar. [717]

Domingo Lareo Quintela (1791-)

Nado en Santiago de Compostela no 1791.

Enxeñeiro, Topógrafo e Arquitecto.

Foi discípulo de Alejo Yáñez de Andrade e colaborador de Domingo Fontán na confección da Carta Geométrica de Galicia.

Realizou numerosos retablos, entre eles o da Catedral de Ourense e o de Sta. Mariña de Ribeira.

Exerceu coma Arquitecto Municipal de Pontevedra. Coma enxeñeiro de camiños participou no proxecto da estrada de Vigo a Ourense.

Coma conclusión, referíndonos aos traballos da Comisión de Monumentos no seu primeiro ano de existencia, podemos concluír que foron satisfactorios. Así o considerou a Comisión Central a cal afirmou que as Seccións Primeira e Segunda encargados dos libros e obxectos artísticos *habían desplegado un celo digno de todo elogio*.[718]

No que respecta aos informes relativos aos edificios monumentais, a Central afirmou na Memoria anual de 1845 que foran decepcionantes a pesar de que os inventarios preexistentes prometían maiores resultados.[719]

Os integrantes da Comisión acolleron con malestar o apercebemento da Comisión Central incluíno na Memoria Anual. Con tal motivo presentaron unha queixa

716 O informador dos achados fora o párroco de Entrimo Antonio Bugallal que formara parte da Deputación Arqueolóxica de 1842.ARABASF 50-3/2(50) 11/06/1845 . Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. 1845 . Sesión de 25 de xuño de 1845 Páx. 118

717 ARABASF 50-3/2(8) 04/05/1845

718 ARABASF 50-3/2 (36) 11/03/1845

719 *Memoria comprensiva de los trabajos verificados por las Comisiones de Monumentos Históricos y Artísticos del reino, desde 1 de julio de 1844 hasta igual fecha de 1845*. 1845. Páx. 35

á Raíña informándoa de que a Comisión realizara intensos traballos durante todo o ano e que mesmo foran acollidos con gran satisfación pola Comisión Central no mes de decembro último. Xustificaron o retraso na remisión dos informes sobre os edificios alegando que estiveran centrados nas recollida de libros e efectos culturais e que carecían do asesoramento dun profesor de arquitectura para a súa confección por non habelo na cidade nin nas inmediacións.

O Xefe Político tamén se pronunciou ante a Comisión Central en defensa das actuacións realizadas pola Comisión de Monumentos:

> .. *que en una provincia en donde nada se había hecho y cuya capital carece absolutamente de edificios capaces para objetos públicos, no era posible hacer más de lo que se hizo, ni entrar tampoco en la calificación del mérito artístico de las pinturas, interín no se reunían en esta ciudad y no se presentaba algún inteligente en esta clase de obras que se encargase de aquel trabajo, pues que en el día ni uno sólo hay en toda ella que sea capaz de desempeñarlo.*[720]

No verán os comisionados dedicaron a súa atención ás pinturas. A Central recibiu o catálogo de cadros depositados aínda nos conventos no mes de xuño con indicación de que *no puede ser más metódico ni más razonado de lo que va el expresado índice, pues la distancia y el estado de pura custodia en que se encuentran, no permite la debida clasificación.*[721] O traslado das pinturas seleccionadas á capital tivo que pospoñerse ata rematar a habilitación dun novo local para o Museo dado que desbotaran o proxecto inicial de instalalo no edificio de Santo Domingo en favor de ubicalo no Colexio de xesuítas de San Fernando.[722]

Na segunda metade do ano o retraso dos informes relativos aos edificios motivou novos apercebemento da Central. Efectivamente ata o mes de outubro de 1845 non recibiu o novo informe sobre os conventos suprimidos confeccionado a partir de información facilitada polos Concellos e a recollida pola Comisión *sin deseño ni aparato según su actual posibilidad.* O inventario recollía a descrición do Mosteiro de Celanova e o oratorio de San Miguel; a igrexa do Convento de San Francisco; a Igrexa dos Dominicos en Ribadavia; os conventos de xesuítas e de San Francisco en

720 ARABASF 50-3/2 (59) 11/03/1845

721ARABASF 50-3/2(50a) 11/06/1845

722 ARABASF 50-3/2(50) 11/06/1845

Monterrei; a Igrexa parroquial de Montederramo e o Mosteiro de Oseira.[723] Os comisionados escusáronse por presentar un resultado discreto alegando falta de persoal entendido en cuestións relativas á arquitectura.[724] O informe non contentou á Comisión Central que requiriu que se complementara a información, en especial a relativa ao Mosteiro de Monterramo e a do convento de dominicos de Ribadavia.[725]

No mes de decembro de 1845 faleceu Vicente Dorado e incorporouse na Comisión Juan Lebrón, vinculado ao recén inaugurado Instituto de Segunda Ensinanza.[726] Lebrón e Bonifacio Ruíz participaron activamente no acondicionamento dun local para a Biblioteca e o Museo no colexio de Xesuítas de San Fernando. Neste edificio proxectaban instalar *120 cuadros y algunas esculturas que aún permanecen en su depósitos primitivos y deben ser trasladados al mencionado colegio en cuanto se termine la obra pendiente en él. Unidos aquellos objetos á otros que anteriormente se hallaban reunidos en la capital formarán un Museo Apreciable*.[727]

Ilus. 34 Convento de San Francisco.

A Biblioteca e o Museo de Pinturas inauguráronse a finais do 1845 conxuntamente co Instituto de Segunda Ensinanza. [728] As instalacións inicialmente serviron de apoio a actividade do Instituto dado que a apertura ao público tivo que esperar ata o 1847. Destacamos que a Comisións ourensán foi unha das que excepcionalmente acadou nestas datas o obxectivo de formar un Museo de Pinturas. A nivel nacional unicamente conseguiran este obxectivo as Comisións de Córdoba

723 ARABASF 50-3/2(63) e (63a) 08/10/1845

724 ARABASF 50-3/2(63) 08/10/1845

725 ARABASF 50-3/2(58) 23/10/1845

726 ARABASF 50-3/2(39) 28/12/1845

727 *Memoria comprensiva de los trabajos verificados por las Comisiones de Monumentos Históricos y Artísticos del reino,* desde 1 de julio de 1844 hasta igual fecha de 1845. 1845. Páx. 68

728 Memoria sobre la creacion del Instituto de Segunda Enseñanza de la ciudad de Orense y su inauguración el dia 1º de noviembre de 1845. Orense.Decembro de 1845. Páx. 5

(1844), Oviedo (1845), Xerona (1846) e Lérida (1847) (MEDEROS MARTÍN, Alfredo. 2010:202). Afondamos sobre a instalación da Biblioteca e do Museo de Pinturas en apartados específicos

Unha vez instaladas os libros e as pinturas, a Comisión dedicou ano e medio a confección de *Cadernos* cos índices a modo de inventarios. Segundo a Comisión a elaboración deste catálogo realizárase *según se pudo hacer a la simple vista, sin guía ni nombre de autor, y como adivinando los rasgos y golpes principales que los distinguen por entre el polvo que los cubre y su mal estado de conservación; por lo cual no será extraño lleven algunas inexactitudes y aún errores que podrán correguirse con el tiempo y la observación.*

Os *Cadernos* cos índices dos libros eleváronse á Central por entregas nos meses de xullo, setembro e decembro de 1846.[729] Estes inventarios foron acollidos con satisfacción pola Central tanto polo apreciable número de obras que contiñan como pola súa calidade dado que figuraban neles valiosos exemplares dedicados ás Ciencias Naturais, Literatura, Historia e Belas Artes.[730]

Con respecto aos cadros, no mes de setembro os comisionados axuntaron ao catálogo xeral de pinturas un apéndice con trinta e cinco obras de menor valía ou moi deterioradas.[731] Neste ano de 1846 a Comisión dedicou gran esforzo a xestionar a compra dun cadro do *Padre Lemos* o cal consideraban de gran mérito artístico e histórico.[732] A finais de ano a Central amosou a súa satisfacción polo detalle dos inventarios das pinturas e recomendou á Comisión que velara pola conservación de todas elas, incluídas as de menor mérito e as peor conservadas. [733]

No relativo aos edificios, neste ano o Goberno, logo de comprobar a dificultade da súa venda a particulares, promoveu a súa reutilización para usos públicos ou privados coa finalidade de garantir a súa conservación e eludir os gastos de mantemento. Neste contexto as Comisións debían colaborar remitindo informes con propostas para a súa reutilización ademais da información artística e histórica.

729 ARABASF 50-3/2(42) 22/07/1846) e 50-3/2(44) 30/09/1846

730 Memororia da Comisión Central de 1845. Páx. 35

731 ARABASF 50-3/2(54b) 14/09/1846

732 ARABASF 50-3/2(54) 14/09/1846 / 50-3/2(41) 07/07/1846 / 50-3/2(43) 14/09/1846

733 ARABASF 50-3/2(56) 02/12/1846

A Central recibiu o informe dos edificios no mes de outubro de 1846. Nestes informes para o Mosteiro, de propiedade estatal, propuxeron conservar a igrexa parroquial e destinar o resto do edificio ao arrendamento de fábricas e talleres para financiar o sostemento do inmoble. No caso do Mosteiro de Oseira a Comisión suxeriu o seu uso como penitenciaría, opción que descartou a Central por implicar modificacións estruturais que desfigurarían o edificio. A Central optou por ceder o edificio aos donos das terras colindantes coa condición de que asumiran os custes da súa conservación. Esta mesma solución acordouse para o Mosteiro de Esteban de Rivas de Sil.[734] A finais de o ano a Central requiriu que se ampliaran os informes sobre a abadía de Melón, a igrexa e claustro de Montederramo e doutros conventos.[735]

A Comisión Central neste ano de 1846 interesouse tamén pola recuperación de sepulcros de reies e personaxes célebres. Neste tema a Comisión notificou que non tiña constancia da que existiran na provincia pero comprometeuse a realizar averiguacións ao respecto.[736] A Central interesouse especialmente polo estado dos sepulcros da abadía de San Clodio.[737]

O último Índice do inventario da Biblioteca rematouse comezado xa 1847. Os comisionados tiveron que dedicar parte deste ano a adecuar os inventarios elaborados o ano anterior aos modelos normalizados facilitados pola Central.[738]

A Biblioteca, instalada no Instituto no 1845, abriuse ao público no mes de xuño de 1847. Neste ano a Comisión seguiu coa recuperación de volumes que permitiu o incremento dos fondos da Biblioteca no mes de decembro coa integración dos libros procedentes do convento de Santo Domingo e de San Francisco de Ourense.[739]

Rematado o groso da recuperación e instalación dos bens nacionalizados, a documentación da Central relativa á Comisión de Monumentos diminuíu espázase significativamente. Para os anos seguintes contamos coa documentación propia da

734 ARABASF 50-3/2(64) 23/12/1846

735 ARABASF 50-3/2(64) 23/12/1846

736 ARABASF 50-3/2(52) 07/07/1846 e 50-3/2(52b)

737 ARABASF 50-3/2(64) 23/12/1846

738 ARABASF 50-3/2(46) 10/03/1847 e 50-3/2(47) 24/03/1847

739 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol 1847

Comisión que polo seu mal estado ou ilexibilidade permítenos unicamente achegarnos á algunhas actuacións puntuais.[740]

Nesta documentación figura a acta da asemblea celebrada o once de decembro de 1847 que contou coa participación do Xefe Político Juan Perales, Juan Lebrón e Bonifacio Ruíz. Nesta xuntanza reflíctese a inquedanza dos comisionados polo destino da sillería do coro do Mosteiro de Oseira a cal pretendían que se conservara na provincia.

> *…esta Comisión recuerda a V.E. con el mayor celo e interés la comunicación de 20 de octubre pasado elevó a la Central acerca de la Sillería del Coro del convento de Osera que existe almacenada en esa ciudad, reclamando su protección para sostener el justo derecho que tiene de conservar en su poder tan precioso monumento y que no permita se enagene de esta provincia para otra estraña como se pretende*.[741]

Neste asunto a Comisión non acadou o seu obxectivo xa que a sillería do coro de Oseira foi enviada á Universidade de Santiago en setembro de 1848. Interveu no seu traslado o xovencísimo Ramón Barros Sibelo e seguindo a Otero Pedrayo co tempo pasou a formar parte do Museo de Historia Natural.[742]

A Comisión de Monumentos nesta altura de 1848 tiña asignada unha partida económica anual no orzamento provincial. En concreto recibía unha partida de 3.000 reais para gastos de secretaría; a Biblioteca contaba cunha partida propia de 17.100 reais e o Museo de 1.000 reais.[743] Neste ano o Museo de Pinturas foi trasladado ao exconvento de Santo Domingo por falta de espazo no edificio do Instituto de Sengunda Ensinanza. Afondamos na súa traxectoria nun apartado específico.

740 A documentación custódiase no Museo Provincial de Ourense .Caixa 9.181.

741 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol 1847.

742 YÁÑEZ NEIRA, Fray Damián "*El archivo actual del Monasterio de Oseira*" (IV) Páx. 11. 1998 Sales, catedrático da Universidade Central, no 1900 considerou un descalabro a perda destas artísticas setenta e tantas sillas de pau rosa que foran almaceadas nos desváns da Universidade. Benito Fernández Alonso, Monasterio de Santa María de Osera BCPMHAO T. I Nº 16 setembro , 1900 Páx. Consultar para máis información *La sillería coral de 1794 del monasterio de Oseira y otras noticias relacionadas con la vida coral de Miguel.Angel* GONZÁLEZ GARCÍA – Cistercium, Nº 208, 1997

743 BOPO Nº 98 de 10 de 1gosto de 1848

A atención ás fábricas monumentais 1849-1859

Concluída a recuperación dos bens mobles nacionalizados a Comisión centrouse na súa conservación, en especial na das fábricas monumentais. Esta actividade viña desenvolvéndoa xa nos anos previos. A finais de 1846, a Comisión reclamara a atención do Goberno para as fábricas de San Esteban de Rivas de Sil, o claustro do Mosteiro de Celanova e a Capela de San Miguel, o Mosteiro de Oseira, o de San Clodio e a Igrexa de Melón para os cales solicitara o recoñecemento de Monumento Nacional. Tamén interviu no mes de novembro de 1848 reclamando que se suspendese o alleamento do mosteiro de San Esteban de Ribas de Sil.[744]

FUENTE MONUMENTAL EN LA PLAZUELA DEL HIERRO (ORENSE)

Ilus. 35 Praza do Ferro. Ourense

Os últimos anos da década dos corenta contamos con numerosas actas, circulares e correspondencia que denotan unha actividade considerable da Comisión. Lamentablemente o seu mal estado impídenos afondar nos asuntos aos cales dedicaba a súa atención. Entre a documentación figura abundante correspondencia intercambiada con Bonifacio Ruíz que trasladouse á Diocese de Astorga no 1849, deixando a Comisión sen o seu integrante máis eficiente e comprometido.

A Comisión reorganizouse no 1849 incorporando ao relixioso Nicolás de Castro, a Manuel Ferreiro Cid,[745] Francisco Carvajal,[746] Vicente Seara[747] e Manuel Sestelo Veiga.[748] A integración na Comisión de individuos vinculados ao Goberno Provincial,

744 ARABASF 50-3/2(66) 13/12/1848

745 No 1837 publicou Compendio histórico de lo que ha pasado en la Diputación provincial y Junta de Armamento y Defensa de esta provincia desde 19 de Nero hasta 28 del mismo, acerca de reparto de tres millones de reales…., 1837

746 Exerceu brevemente coma Enxeñeiro de Camiños en Ourense, no 1849.

747 Vicente Seara ocupou o cargo de Vicepresidente do Consello Provincial como mínimo desde 1850. No 1854 sustituíu por enfermedade ao gobernador provincial. B.O.P. Nº 86 de 20 de xullo de 1854.

748 Funcionario vinculado ao Goberno Civil.

sen especial cualificación ou afección coñecida ás cuestións relativas ao Patrimonio, podería estar relacionada coa intención do Gobernador de cubrir as vacantes con persoal do seu contorno inmediato, quizás unicamente coa intención de cumprir coa formalidade de manter a Comisión instalada pero sen vontade de darlle impulso.

Estes comisionados, en agosto de 1850, remitiron unha comunicación ao Ministerio de Facenda advertindo dos perxuízos que poderían resultar da aplicación da R.O. de xullo de 1850 relativa á cesión dos edificios eclesiásticos nacionalizado para institutos e outros usos. Este comunicado da Comisión deu lugar a un ditame gobernamental recollido no Boletín Oficial da provincia de Ourense:

> *1º Que en los edificios del Estado de* Orense *de conocido mérito artístico confiados á la Comisión Central no se haga variación alguna, ni en la forma de la planta, ni en la ornamentación, cuando sean cedidos á alguna Corporación o particular a consecuencia de la Real Orden de 5 de julio.*
>
> *2º Que si según el objeto a que hubiesen de destinarse, fuere necesario hacer en dichos edificios alguna obra interior, se oiga antes de emprenderla a la Comisión Central.*
>
> *3º Que estas obras nunca podrán tener lugar, cuando para realizarlas sea necesario derribar claustros, portadas, galerías y ornatos de conocido mérito artístico.*
>
> *4º Que por ningún pretexto se alteren las formas, o se supriman partes de fachadas existentes, ni se haga en ellas la más pequeña innovación.*
>
> *5º Que si para su seguridad fuese necesario restauralas, se respete el pensamiento primitivo, acomodando las renovaciones al carácter de la fábrica, y procurando que las partes antiguas y las modernas se asemejen y parezcan de una misma época.*
>
> *6º Que las corporaciones o personas a cuyo favor se hagan las cesiones de los edificios, se obliguen al exacto cumplimiento de las anteriores disposiciones.*
>
> *Y 7º Que los Gobernadores de provincia vigilen escrupulosamente las obras que se practiquen en los edificios cedidos, y reconociéndolas auxiliados de un arquitecto de su confianza, hagan suspender inmediatamente las que se*

opongan a las referidas disposiciones, y formen correspondiente sumario, dando parte al Gobierno sin dilación.[749]

A falta de referencias posteriores relativas á actuacións da Comisión, en especial para a primeira metade da década dos cincuenta, parecen confirmar a inoperancia da Comisión á que alude o Xefe Político, A. Guitián, nunha comunicación á Comisión Central datada a finais da década dos cincuenta:

Después de estos laudables esfuerzos, el cambio sucesivo de personas vino a paralizar tantos adelantos y a esterilizarlos hasta cierto punto; habiéndose dado el caso de que la comisión dejo transcurrir cinco años seguidos sin reunirse ni una sola vez. Reorganizada por consecuencia del R. Decreto de 15 de noviembre de 1854 tampoco correspondió a su objeto, estando ausentes y ocupando destinos públicos fuera de la provincia la mayor parte de sus individuos[750]

Neste período de inactividade desmantelouse o Museo de Pintura que viu dispersados os seus cadros polos pasillos e desváns a partir de 1852. A Comisión tamén perdeu neste lapso as súas competencias sobre a Biblioteca que, contra o parecer dos comisionados, pasou a constituírse coma Biblioteca Provincial. Desenvolvemos estas cuestións nos apartados dedicados ao Museo e á Biblioteca.

A pesares da escasa documentación conservada para estes anos podemos constatar a continuidade da Comisión dado que os fondos documentais propios testemuñan a recepción de circulares, oficios e o intercambio de correspondencia.[751] A inoperancia da Comisión a hora de emprender actuacións relacionámola coas ausencias e vacantes dos seus integrantes que impediron a celebración de asembleas formalmente constituídas que requirían segundo o Regulamento da participación de cinco comisionados.

749 BOPO Nº 140. 21 de novembro de 1850

750 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol 1859. Ano 1859.

751 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol 1849. Boa parte da correspondencia de Bonifacio Ruíz mantida coa Comisión está deteriorada e apenas é lexible.

Leoncio Perejón y Campoamor (-1865)

Catedrático de Lóxica e Ética no Instituto de Segunda Ensinanza de Ourense. Exerceu tamén coma director do Instituto.

Foi o responsable da redacción das Memorias do Instituto do 1859.

Publicou Lecciones de Religión y moral (1846); apéndices á las lecciones de moral y religión del programa del Sr. Díez Baeza (1858) e Resumen de Ética (1863).

Higinio Aragoncillo del Villar (1823-1875)

Nado en Zaragoza. Exerceu desde 1849 a Cátedra de Historia Natural no Instituto de Segunda Ensinanza de Ourense onde creou no 1856 o Xardín Botánico e o Gabinete de Historia Natural con importante colección insectos, e sementes.

Desde 1858 exerceu coma catedrático no instituto de Secundaria de Málaga onde acadou gran prestixio como docente e investigador en Botánica.

O Goberno, coa reorganización das Comisións de 1854, ampliou as súas competencias encomendándolles a custodia da totalidade do Patrimonio, incluído o arqueolóxico, en limitalas xa a custodia dos bens nacionalizados.[752] Na práctica esta reforma non foi efectiva por coincidir a segunda metade da década coa crise da Comisión Central e, na meirande parta das provincias, pola falta de financiación por parte dos gobernos provinciais.

A Comisión de monumentos de Ourense reorganizouse o 6 de febreiro de 1855 incorporando a **Leoncio Perejón**, **Higinio Aragoncillo**, Evaristo Vázquez Mosquera[753] e ao médico José María Sánchez. Nesta altura non existía na provincia arquitecto provincial, que segundo o Regulamento, debía formar parte da Comisión. Leoncio Perejón e Higinio Aragoncillo, vinculados ambos ao Instituto de Segunda Ensinanza, permaneceron solo un par de anos na provincia por mor dos seus traslados profesionais.

Desde a reorganización de 1854 a Comisión Central solicitou anualmente ás provincias informes sobre os monumentos e as súas necesidades de reparación e mantemento. A resposta da Comisión de Ourense de 1855 foi significativa: sostiña que ningún edificio da provincia tiña gran mérito nin requiría especial atención.[754]

Os informes de 1856 remitíronse logo de varias reclamacións da Central. Os comisionados ourensáns escusaron a tardanza alegando que non tiñan nada que engadir aos do ano anterior. O inventario deste ano incluía información sobre a fundación, propietario, destino, mérito e

752 Neste ano de 1854 a cidade de Ourense atravesou unha devastadora epidemia de cólera

753 Estudou Filosofia e Dereito. No 1858 atopámolo exercendo coma Visitador de papel Selado en Madrid polo cal deducimos que apenas pemaneceu activo na Comisión.Publicou Legitimidad de la Reina de España Doña Isabel de Borbón (1855)

754 AHPO Caixa 9181 / 9.181 / Cartafol Ano 1855.

estado de conservación das principais fábricas monumentais da provincia. Os comisionados unha vez máis afirmaron que *ninguno de tales edificios encierra un mérito artístico especial, ni un recuerdo histórico de importancia que le haga acreedor de que se les conserve*.[755] A Central achou insuficientes estes informes e reclamou que se ampliaran facilitando a Comisión un formulario estandarizado para a recollida de datos. [756] Neste ano encomendou á Comisión que *ejerza la vigilancia más solícita sobre los anuncios de subastas de los bienes nacionales de esa provincia para dar inmediato aviso a esta Central siempre que en ellos aparezca la de un monumento de valor histórico artístico……"* [757]

A Comisión demorouse novamente no envío dos informes sobre os monumentos de 1857. A insistente reclamación da Central motivou que os comisionados dirixiran unha notificación ao Xefe Político manifestando o seu malestar pola desatención que se lle profesaba desde o Goberno provincial: *Señor Gobernador; aunque a cargo de la Comisión provincial no hay monumentos de ningún género, ni por consiguiente hubo gastos que haya necesidad de justificar, será conveniente que VD. se sirva mandar reunir la Comisión para que si lo cree conveniente forme el presupuesto que la Central indica en la presente circular. Luís de la Peña*.[758]

No mes de setembro de 1857 cesou Higinio Aragoncillo por traslado ao instituto de Málaga.[759] Tamén dimitiu neste ano por traslado Leoncio Perejón. A provisión destas vacantes supuxo a integración no 1858 de Cirilo Vázquez Mosquera e Laureano Vázquez Varandola. [760]

Cara finais da década dos cincuenta as novas incorporacións, xunto cunha maior implicación do Xefe Político, deron novo pulo á Comisión. Cara xuño de 1858 informaron os comisionados dirixíronse á Central con fin de solicitar financiación para dous proxectos. Por un lado pretendían conformar unha delegación para que visitara os edificios monumentais que lles permitira acadar datos sobre o seu estado de

755 RABASF 50-3/2(68a) e 50-3/2(68) 08/079 e AHPO Caixa 9.181 / Cartafol /1856

756 *Comisión Central de Monumentos históricos y artísticos*. 1856 19/08/1856 Páx. 79

757 AHPO Caixa 9.181 Ano 1856.

758 AHPO Caixa 9.181 Ano 1857.

759 ARABASF 50-3/2(25) 28/09/1857

760 A actividade de Cirilo Vázquez na Comisión foi breve dado que no mesmo 1858 pasou a exercer en Madrid coma visitador de papel sellado.

conservación dado que na documentación da Comisión carecían de información ao respecto. O outro proxecto consistía en restaurar os cadros do antiguo Museo de Pinturas para o cal elaboraran un orzamento detallado que ascendía a 4.000 reais:

> *1º Que por falta de datos existentes en esta Secretaria respecto del Museo, estado de conservación e importancia de los monumentos de la provincia juzga conveniente y necesario hacer una Comisión compuesta de dos o más individuos o inspeccionar dichos monumentos pues solamente de este modo podrá obtenerse conocimientos razonables de los mismos.*
>
> *2º Que hallándose la mayoría de los cuadros que componen este museo provincial en bastante mal estado de conservación y no haberse empleado cantidad alguna en su reparación esta comisión cree necesario proceder a la restauración de aquellos que más lo necesiten.* [761]

A implicación dos comisionados nesta altura era elevada. No mes de febreiro de 1859 Calixto Varela e Antonio de Medina presentaron na asemblea da Comisión de Monumentos unha relación de propostas que amosan a vontade real de reactivar a Comisión. Neste informe recóllense as necesidades materiais e os proxectos inmediatos da Comisión:

> *1º Que se dirija al Sr. Gobernador de la provincia pidiéndole que con arreglo al art. 25 del Real decreto de 18 de noviembre de 1854 se consigne en el presupuesto adicional de la misma para el corriente año la cantidad de 2000 reales que se consideran precisos para los gastos puramente indispensables en cada uno.*
>
> *2º que se pida el mismo Sr. Gobernador un local oportuno para celebrar sesiones y colocar la secretaría.*
>
> *3º que se entreguen a la Comisión todos los datos y documentos que existan en el archivo del Gobierno y demás oficinas públicas relativos al particular, para que se examinen y diga la secretaría en otra sesión lo que de ellos resulte de interés de los fines de la Comisión.*
>
> *4º que se reclame nuevamente la restauración de los cuadros que forman el llamado Museo provincial y que por su estado lo necesiten.*

761 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol Ano 1858.

5º que se reorganice convenientemente este mismo Museo colocando los cuadros que lo componen en su sitio a proposito y libres de las contingencias que ofrecen los pasillos de este Gobierno en donde se encuentran reunidos.

6º que la Comisión se ponga en comunicación directa con el Sr. Cura de Junqueira de Ambía a fin de que se sirva indicar los puntos en que puedan hallarse las columnas miliarias que existen en esta provincia.

7ºque se escriba una memoria del estado de los monumentos que existen en la provincia y modo de atender a su conservación, la cual en su día se remitirá a la superioridad en solicitud de los fondos necesarios.

8º que se delibere sobre el destino que hayan de recibir los restos de la biblioteca de Montederramo que todavía existen en el mismo.

Orense 12 de febrero de 1859.

Fdo. Calixto Varela, Antonio de Medina.[762]

Entre os obxectivos propostos no comunicado, solucionouse con rapidez a cuestión da asignación económica. Un artigo de Paz Novoa publicado na revista *Bellas Artes* de 1859 recolle que *la digna comisión de monumentos a duras penas ha podido conseguir la pequeña cantidad de 3.000 reales anuales, con los que tiene que atender á los gastos de secretaria y á la conservación de tantos lienzos.*[763]

Tamén foi exitosa a recuperaron de *168 volumenes procedentes de Montederramo, en donde se estaban destruyendo entre el polvo y el olvido*.[764]

Nos anos seguintes os comisionados dedicaron boa parte do seu esforzo a atender ao punto sexto da comunicación, o relativo ás investigacións de Xunqueira de Ambía. O interese da Comisión polos vestixios da vía romana que pasaba por esta localidade respondía a unha demanda da RAH de que se continuaran os traballos comezados polo recén falecido Cid de la Concepción.[765] Estas investigacións estaban

762 AHPO Caixa 9181 Catafol 1859.

763 Bellas Artes: su importancia social. su dedsarrollo en Galicia. Museio de Pinturas de Orense.Revista de Instrucción pública, Literatura y Ciencias. Juan Manuel Paz, 1860 Páxs. 377-379

764 *Memoria del Instituto de Segunda Enseñanza de Orense leida en la apertura de curso 1859 a 1860*.

765 ARAH CAOR/9/7965/3 (3) e CAOR/9/7965/3 (4) CAOR/9/7965/03(6) O abade de Xunqueira, durante o 1858, mantivera un intenso intercambio de comunicacións coa Academia informándoa do achado de dous miliarios da vía de Braga a Astorga, da copia dun privilexio de 1354 concedido ao Mosteiro de Xunqueira de Ambía e dun documento de

relacionadas co programa de estímulos á investigación das vías romanas impulsado pola RAH a través da concesión de Premios de Investigación.[766]

A RAH estaba interesada en que a Comisión averiguara o lugar exacto onde fora atopado o miliario de Bobadela-Pinta de Sobrado, en Xunqueira de Ambía. Solicitaba tamén unha segunda copia da inscrición de Xinzo de Limia para cotexala coa enviada por Cid de la Concepción e novas copias de inscricións de Riocaldo e de Salvador de Trono para resolver dúbidas da versión do P. Flores existentes nos arquivos da Academia. A RAH quería ademais que a Comisión realizara informes sobre traxecto da vía romana entre Sobrado e Baños de Molgas.[767]



Ilus. 36 Epígrafes de Cid de la Concepción.

A Comisión comprometeuse a realizar estes encargos *ya bien utilizando los datos que posee, ya dirigiéndose á aquellas personas que crea competentes en la*

1.005 do mesmo mosteiroEstas actuacións valéranlle a Cid de la Concepción o nomeamento de correspondente desa Academia pouco antes do seu falecemento. Texto dispoñible en http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310506&portal=111

766 ARAH CAOR/9/7965/3 (1) e CAOR /9/7965/3 (2) e Sobre los trabajos de Fray Pedro Cid y del sr. D. Ramón Barros Sibelo para ilustrar el segundo camino de Braga á Astorga". BRAH T.1 Cuaderno II. Informe VI. 1877

767 AHPO Caixa 9.181 9.181 / Cartafol 1859. Correspondencia RAH (documentos imcompleto).

materia, ya practicando por si misma lo que estime más oportuno. Con este fin, no mes de novembro de 1859, convidouse a Ramón Barros Sibelo a asistir a unha asemblea na que se lle propuxo efectuar as investigacións solicitadas pola RAH. Esta invitación fundamentábase nos estudos previos que este afeccionado á arqueoloxía efectuara sobre as vías romanas no sur da provincia.[768] Barros Sibelo aceitou continuar coas investigacións de sobre a vía que se estenderon ata ben entrado 1860. Afondamos nos seus estudos nun apartado específico. [769]

Cara finais de 1959 tivo lugar o traspaso de competencias da Comisión Central ás Reais Academias. No medio deste proceso, a Comisión de Monumentos de Ourense afrontaba tamén unha reorganización interna. Os candidatos Calixto Varela, Antonio de Medina e Pablo González Rivera firmaron un documento con catorce propostas para presentar na asemblea de reorganización da Comisión ourensán:[770]

> *1º Que se traslade la Anaquelería del Monasterio de Osera al Instituto de Orense, ó a donde pueda colocarse, siquiera sea provisionalmente, comisionando al efecto al Sr. Arquitecto al fin de que dirija el desarme, traslación y colocación y para que informándose del estado de deterioro en que se halla dicho Monasterio pueda ponerse en conocimiento del Gobierno lo urgente que es su reparación.*
>
> *2º Que se nombre una Comisión del seno de esta, a la que se agregará si parece conveniente Dº Ramón Barros Sibelo para estudiar la antigua vía Romana Bracarense en el trayecto de la Prov. Y pudiendo ser hasta Astorga y Braga.*
>
> *3º Que se pidan antecedente a cuantas personas se presuma puedan suministrarlos, así referentes a dicha vía como a cualquier clase de Monumentos que deban conservarse y que de los que se recojan y puedan ser transportados y se forme aquí un Museo.*
>
> *4º Que se solicite del Gobierno de S. M. que con objeto de dar la Comisión de Monumentos a esta provincia impulso a sus trabajos y costear las indagaciones que han de hacerse de orden de la academia se asigne alguna*

768 CAOR/9/7965/03(7) 08/11/1859

769 Para máis información sobre Barros Sibelo consultar o artigo propio publicado no Boletín Auriense, Ano XL, Ourense, 2010 Barros Sibelo. Aproximación biográfica. Páx. 23-54.

770 BCPMHAO Nº 1 Páx. 4 Marzo de 1898 e ARABASF 50-3/2 (12) / 50-3/2 (11) 17/06/1859

cantidad de los presupuestos del Estado, sin perjuicio de que en el presupuesto provincial se incluya alguna partida con igual destino.

5º Que por conducto de S.I. el Obispo de esta Diócesis y como Vice-Presidente de la comisión se pidan noticias sobre la situación y demás de la Ciudad que se supone existió en la Limia; y que reunidos los suficientes datos se ordene un sistema de excavaciones dirigidos por la Junta.

6º Que de paso que se practican dichas escavaciones se estudie también el desagüe de la Limia.

7º Que dejando un marco con su correspondiente inserción en el sitio do están o se hallaren las piedras miliarias, se trasladen estas a Orense o se consulte sobre si deben trasladarse o dejarse donde están y en que términos.

8º Que se pidan a las Autoridades y Academia de Braga noticias sobre la antigua vía Romana á Astorga.

9º Que mientras no se proporcionen fondos con que hacer frente la Comisión a los gastos que necesariamente han de ocasionarse de alguna consideración se abonen estos de los asignados a la Comisión de Estadística una vez que a aquella se dirige la academia para la remisión de datos y modelado de la piedra miliaria de que se tiene conocimiento.

10º Que dichos trabajos de investigación sean inspeccionados precisamente por un individuo de esta Comisión, puesto que en su día ha de ser responsable de las noticias que se acojan como ciertas.

11º Que por el Gobierno de la Provincia se dirijió también una circular a todos los Alcaldes, Jueces de Primera Instrucción, Archiveros y demás funcionarios que por sus cargos puedan dar alguna luz sobre Monumentos, sin olvidarse de muchas personas curiosas, que en todas partes existen y de quienes puede prometerse muchísimo la Comisión de provincial.

12º Que se gire una visita a todos los Monasterios y Edificios del Estado sitos en esta provincia y que se forme su presupuesto de los reparos más indispensables que deban hacerse y que al elevar este al Gobierno se le indique el destino que podría darse más ventajoso a dichos establecimientos para los sucesivo

13º Que a toda persona de las que se ocupen en investigaciones monumentarias y que con este motivo se le ocasionen gastos que sean de

correspondencia, transporte o escavaciones, se le indemnice previa cuenta debidamente justificada.

14º Que todas estas proposiciones consten en el acta de este dia sean o no tomadas en consideración.

Orense, 26 de octubre de 1859.

Fdo. Calisto Varela / Antonio de Medina / Pablo G. Rivera.[771]

A Comisións reorganizouse a finais de 1859 a partir das ternas de candidatos eleboradas polo Gobernador. Nesta ocasión a selección recaeu novamente en funcionarios do Goberno Civil, sen vinculación coñecida aos asuntos relativos ao Patrimonio. A este entorno inmediato do Gobernador pertencían o Marqués de Leis,[772] Calixto Varela Montes,[773] Antonio Medina y Canals[774] e Pablo González Rivera.[775] Maior formación en Humanidades tiña o Vicepresidente da Comisión, José Avila,[776] e **Constantino López Corona**[777] vinculado á Escola de Belas Artes de Ourense. [778]

771 AHPO Caixa 9.1919.181 / Cartafol Ano 1859

772 Fillo doprimeiro Márqués de Leis que participara na Comisión de 1845. Non temos constancia de que exercera de forma activa na Comisión.

773 Licenciado en Dereito en Santiago e doctor en xurisprudencia na Complutense (1853).

A altura de 1859 ocupou un cargo administrativo no Goberno Civil de Ourense. Parte dos anos nos que estivo vinculado á Comisión de Ourense situámolo coma subgobernador do Ferrol, cargo do que cesou no 1864. Nos anos seguintes ocupou postos similares nos Gobernos Civís de varias provincias. A altura de 1885 exerceu coma Gobernador Civil da provincia da Coruña. Realizou varias traduccións ao castelán de publicacións francesas.

774 Exerceu coma Secretario no Goberno Civli de Ourense e da Coruña. No 1864 publicou Índice de la legislación de todos los ramos de gobernación y fomento: desde 1º de enero de 1850 hasta 30 de junio de 1864.

Exerceu brevemente coma Gobernador de Lugo participando nesa provincia naComisión de Monumentos por algúns anos. Finou en Valladolid no 1918, ano no que figura coma vocal da Comisión de Monumentos desa provincia.

775 Pablo González Rivera y Huertes publicou varios artigos nos xornáis ourensanos que denotan unha formación técnica. O xornal *El Fomento de Galicia* recolleu un estudo seu sobre as enfermedade da vide (1858). No Heraldo Gallego publicou unha Memoria sobre fertilizantes (1876).

776 Bispo da Diocese

777 Figura as veces como Constancio e Constante.No blog http://ourensenotempo.blogspot.com.es/ pode accederse a obra de López Corona coma pintor e fotógrafo.

778 AHPO Caixa 9.1919.181 / Cartafol Ano 1859

A recén reorganizada Comisión continuou coas tarefas pendentes, entre elas a restauración das pinturas do antigo Museo. No mesmo mes de decembro de 1859 informaron á RABASF sobre o número e cadros a intervir, indicando o autor e o estado de conservación .[779] Os traballos de reparación dos lenzos comezaron a seguir e estendéronse ata o mes de abril de 1860.[780]

Constantino López Corona e Hijón (1819-1885).

Nado en Xirona. Cursou estudos de Arte na RABASF

Desde 1856 exerceu a cátedra de Debuxo Lineal, Natural e Pintura na Escola de Belas Artes de Ourense onde exerceu coma Director no 1860.

Parte dos seus retratos e cadros costumistas consérvase no I.E.S. Otero Pedrayo de Ourense.

Foi pioneiro como fotógrafo na cidade de Ourense.

A Comisión consumiu os fondos asinados polo Goberno na reparación das pinturas o cal imposibilitou que se conformara a proxectada subcomisión que debía supervisar o estado de conservación dos monumentos da provincia. Neste punto unicamente puideron facilitar á RABASF, no mes de febreiro de 1860, un listado con noticias sobre os monumentos célebres da provincia. [781]

A reorganización da Comisión baixo control Académico

Comezada a década dos sesenta atopámonos cunha recén reorganizada Comisión que amosaba vontade de intervir activamente na protección do Patrimonio. Os comisionados, xa baixo o control efectivo da RAH e da RABASF dedicaron os primeiros meses de 1860 á restauración dos cadros e en confeccionar o breve informe sobre os monumentos da provincia presentado á RABASF en febreiro.

A RABASF recibiu, xunto coa información relativa aos monumentos, unha relación dos integrantes da recén reorganizada Comisión. A listaxe foi acollida con sorpresa pola Academia dado que unicamente coincidía un dos vocais con respecto aos datos que obraban no seu poder. A Academia pediu que se clarificaran as circunstancias polas que nomearan novos comisionados.

779 AHPO Caixa 9.1919.181 / Cartafol Ano 1859 / Comisión Central de Monumentos Histór i cos y Artísticos.1859 Sesion de 22/11/1959 Páx. 121

780 Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. 1860. 11/04/1860 Páx. 125 Durante anos a Central seguíu sendo a interlocutora das Comisións pero como organismo dependente e integrado na RABASF

781*Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. 1860. 11/02/1860 Páx. 124 / ARABASF 50-3/2(31) 04/01/1860 / ARABASF 50-2/3(32) 27/02/1860

Nos meses seguintes á reorganización, a Comisión de Monumentos viu truncada a que prometía ser unha frutífera andadura. As vacantes producidas polos traslados profesionais impediron a celebración de asembleas oficiais por falta dos integrantes mínimos requiridos para tomar acordos válidos. Deste xeito, ata ben avanzada a década dos sesenta, a minguada Comisión repregouse sobre si mesma acadando unha precaria continuidade que lle permitiría atender unicamente ás cuestións de Secretaría.

A través do *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, comprobamos que nos presupostos do Goberno provincial de 1861 a Comisión recibía aínda a asignación de 3.000 reais concedida desde 1859.[782] O mesmo Boletín infórmanos de que a Comisión tramitou nestes anos dúas doazóns de libros do excomisionado Bonifacio Ruíz, a primeira de 600 volumes no 1860 e, unha segunda, de 40 volumes no 1863.[783]

A Comisión, nesta primeira metade da década, continuou coas labores de intermediación na remisión de informes entre Barros Sibelo e a RAH O seu estudo definitivo sobre a vía de Braga a Astorga, xunto cun mapa de grandes dimensións, elevouse á RHA no 1861. A Comisión, finalizadas as investigacións, pretendía recompensar economicamente a Barros Sibelo o cal rexeitou os cartos por considerar que as averiguacións non lle ocasionaran gastos excesivos. Nos anos seguintes, a pesares do seu traslado á Coruña, o investigador visitou regularmente a provincia de Ourense mantendo o contacto cos comisionados ourensáns aos cales informou regularmente dos seus estudos, localización de epígrafes, moedas e outros vestixios. En ocasións valeuse da intermediación da Comisión nestes

Ramón Barros Sibelo (1828- 1903)

Nado en Santiago. Estudou probablemente Notarías e exerceu coma visitador de papel selado.

Foi redactor de *La Lira del Miño* (1854) e *El Eco coruñés* (1866).

Correspondente da Real Academia das Ciencias de Lisboa (1861); da RABASF e da RAH. (1867); da Academia de Arqueoloxía (1868).

Realizou numerosas investigacións prácticas sobre a vía romana de Braga a Astorga, sobre a localización do Medulio, localización de epígrafes, a Lagoa de Antela,…

Publicou *Antigüedades de Galicia* (1875). Nos anos oitenta residiu en Torres de Lobelle, Zas, onde traballou no *Catálogo de las monedas romanas encontradas en el estudio de las dos vías romanas que motivan esta memoria* (1877).

782 BOPO Nº15 14/02/1862

783 BCPMHAO T. XII Nº 252 maio-xuño de 1940. Páx. 272

anos para remitir informes, calcos e restos arqueolóxicos á RAH.

Cara metade da década, a RABASF contactou novamente con Barros Sibelo a través da Comisión para encargarlle un informe sobre a Catedral de Ourense. O arqueólogo comprometeuse a elaborar este informe advertindo que carecía da formación necesaria en cuestións artísticas. O resultado das súas averiguacións comunicounos á RABASF no 1867 a través da Comisión de Monumentos. Ao estudo solicitados sobre a Catedral de Ourense anexou un informe titulado *Las puertas del perdón en la catedral de Orense* que incluía un plano e o alzado do Pórtico da Catedral. Aproveitou para comunicar á Academia que en breve trasladaríalle tamén outros estudos e apuntes gráficos de varios edificios monumentais que tiña xa avanzados, entre eles a colexiata de Baiona e a catedral de Tui.[784]

As Academias, ante a desorganización xeneralizada das Comisións a nivel estatal, iniciaron no 1865 un proceso de reorganización que perseguía, entre outros obxectivos, o de fornecelas de persoal máis cualificado. Con esta finalidade, estableceron como requisito para ser comisionado o de ter o nomeamento de *correspondente académico*. Na práctica, este requerimento converteuse nun atranco para a provisión de vacantes pola escaseza de académicos nas provincias. De feito, coa finalidade de reorganizar ás Comisión, as Academias tiveron que facer no 1868 un chamamento masivo para que os aspirantes ao título de académicos informaran dos seus méritos.

As xestións para a reorganización da Comisión de Monumentos de Ourense comezaron en marzo de 1866. López Corona, no momento de recibir as instrucións para a reorganización da Comisión, informou da falta de académicos na provincia e solicitou *que no se decida a proceder a su instalación hasta que tubiese completo por lo menos el personal mínimo que el Reglamento exige para celebrar sesión.*

A Comisión Mixta, encargada da reorganización, solicitou ao Gobernador que informara *confidencialmente de individuos dignos de ser nombrados correspondientes*.[785] Descoñecemos os candidatos recomendados polo Gobernador, se ben sabemos que sinalou a conveniencia de nomear para o cargo de

784 ARABASF 50-3/2(71) 25/09/1867 e 50-3/2 (71a) e 50-3/2(73). Esta é a única referencia que sitúa a Barros Sibelo nesta área xeográfica.

785 ARABASF 50-3/2(14) 20/04/1866

Vicepresidente a **Joaquín Gaite**[786] en vez de a Constantino López Corona, a quen lle correspondía por antigüidade, dado que este último tiña un posto subordinado no Instituto onde Gaite exercía coma Director.[787]

A reorganización efectiva da Comisión de Monumentos retrasouse ata o 1868. O retraso, segundo indicou López Corona á RABASF, debérase a lentitude dos nomeamentos de académicos e á falta de atención dos Gobernadores Civís que motivara que a Comisión *no pudiera r*eunirse *a pesar de los deseos que animan a sus vocales*.[788] A RABASF interveu reclamando ao Gobernador que tomara as medidas necesarias para que a Comisión se constituíra de inmediato e puidera retomar a súa actividade.[789]

A incidencia da Primeira República (1868-1873)

A Comisión reinstalouse en xullo de 1868 integrando nas súas filas como académicos da RAH a Ramón Barros Sibelo,[790] **Joaquín Gaite**, **Antonio Bugallal**[791] e a **Venancio Moreno**. Renovaron coma correspondentes da RABASF Constantino López Corona, José de la Cuesta,[792] Antonio Medina y Canals[793] e novamente Barros

786 Consultar semblanza en Mercedes Gallego Esperanza *Galería de retratos del Instituo Otero Pedrayo*. Porta da Aira Nº 9 Páxs. 348-355 2002 Inclúe cadro de Gaite Núñez.e Memoria del Instituto de Orense, 1879-1880. Páxs. 5-10

787 Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Sesión Ordinaria do 16 de abril de 1866. fol. 33v-34r. *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*. 1866

788 ARABASF 50-3/2(15) 12/02/1868

789 *Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando. Año* 1869. Xunta Ordinaria de 24 de Febreiro de 1868. Fol 190v-191r.

790 O *accesit* aos premios por investigacións sobre vías romanas que acadara coas súas investigacións sobre a Vía de Braga a Astorga no 1861 conlevaba o título de académico da RAH Barros Sibelo tivo que reclamalo persoalmente e obtívoo no 1867. A RAH e a RABASF nomeárano correspondente pola provincia de Ourense a pesar de que é o solicitara para a de A Coruña. A distancia física imposibilitou que participara na práctica na actividade da Comisión.

791 A realación de Bugalla e o Deán Bedoya en materia arqueolóxica está documentada en (BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. E AXEITOS, X.L. Cartas a Murguía T.II 2005:24. A información relativa a localizacion do Forum Limicorum notificada á Comisión de Monumentos instalada no 1845 recóllese en ARABASF 50-3/2(50) 11/06/1845 . Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos, 1845. Sesión de 25 de xuño de 1845 Páx. 118

792 Obispo da Diocese de Ourense desde 1868.

793 Antonio Medina integrouse na Comisión desde 1860 e estivo ausente por traslado profesional durante anos.

Joaquín Gaite (1820-1880).

Cursou Xeografía e Historia (1848), doutorouse en Medicina (1861) e Ciencias Naturais (1876). Académico da RAH (1866)

Compaxinou o exercicio da Medicina coa docencia. Foi catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense desde 1859 e director do centro desde o 1865.

Fundou e dirixiu *El Orensano* e *Periódico de Intereses Morales y Materiales* (1860-1865).

Entre a súa produción escrita figura *Compendio de Historia Universal y de España* (1857); *Método contra el cólera* (1860) ; *El cultivo de la vid* (1862); *Programa de Geografía Elemental* (1862) ;…

Sibelo. Coma vocais natos participaron o arquitecto provincial, Juan Redecilla Rufilanchas e o Xefe da Sección de Fomento, Carlos Vaamonde.[794]

As reorganizadas Comisións provinciais apenas tiveron oportunidade de despegar a súa actividade dado que a instalación da República privou a estas corporacións do apoio gobernamental polos recelos que suscitaba a súa vinculación ás conservadoras Academias. As reticencias iniciais superáronse nos anos seguintes nos que progresivamente retomaron unha actividade que en todo o período republicano non deixou de ser moi discreta.

Antonio Bugallal Muñoz (1805-).

Exerceu o sacerdocio en Entrimo e foi canónico da Catedral de Ourense.

Afeccionado á Arqueoloxía, remitiu á RABASF e á Deputación Arqueolóxica de 1842 informes sobre achados arqueolóxicos.

No 1835 formou coas lápidas romanas da derruída capela de San Pedro o basamento dunha cruz no atrio da Igrexa de Nocelo da Pena. Relacionou estos achados coa localización do Forum Limicorum .

A Comisión de Ourense, conformada no verán de 1868, figurou entre as que viron entorpecido o seu despegue coa chegada da República. De feito, a RABASF, no mes de marzo de 1869, tivo que solicitar ao Gobernador novamente que impulsara a súa actividade.

Neste contexto, as únicas actuacións que temos documentadas da Comisión relaciónanse co requerimento da RABASF ás Comisións de xaneiro de 1871 para que colaboraran na confección da *Estadística Monumental*.

A Comisión de Ourense achegou a este proxecto un informe sobre os monumentos da provincia confeccionado coas noticias recollidas a través dos interrogatorios facilitados pola Academia e trasladados aos curas párrocos, alcaldes e

794 ARABASF 50-3/2(19) 29/07/1868

persoas ilustradas da provincia. Segundo explicou á Academia a falta de fondos impedira ampliar os informes con investigacións e estudos complementarios.[795]

Ante as dificultades da reactivación a propia Comisión dirixiuse á Academia en febreiro de 1872 para defender que *disculpaba su inación la falta de recursos pecuniarios y de iniciativa* por parte de los Gobernadores que se habían sucedido y del Sr. Obispo Vice-Presidente, anciano y enfermo y hacía presente la escasez de personal en que se encontraba por haber mudado de domicilio los dos Académicos más activos.796

Efectivamente Medina y Canals e Barros Sibelo cesaran por traslado, o Bispo José de la Cuesta causara baixa por enfermidade[797] e o arquitecto provincial ausentárase durante longo período. Os comisionados lembraron á Academia que xa lle comunicaran con antelación tanto as vacantes como a supresión dos 3.000 reais que recibían anualmente o cal impedía toda actividade.[798]

A pesar destas circunstancias adversas os comisionados sinalaron á RABASF que recentemente foran felicitados pola RAH e pola Academia de Arqueoloxía[799] e que ambas apreciaran os traballos remitidos polos seus integrantes nos últimos anos. Efectivamente, cónstanos que Ramón Barros Sibelo presentou numerosos informes á RAH e varias Memorias á Academia de Arqueoloxía no 1868.

795 ARABASF 50-3/2 (69) 24/02/1871

796 Sesión ordinaria do 15 de marzo. fol. 268v-269r. Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.Año 1869. Sesión ordinaria 13 de marzo de 1871. Páx. 200-201 Actas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.Año 1871 e ARABASF 50-3/2 (69) 24/02/1871

797 O Bispo, que ocupaba o cargo de vicepresidente, ausentárase durante o primeiro ano do Sexenio por mor das persecucións anticlericais e, ao seu regreso, unha grave enfermidade impedíralle participar activamente na Comisión.

798 Sesion ordinaria 13 de marzo de 1871. Páx. 200-201 A*ctas de Sesiones de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.* Año 1871 e ARABASF 50-3/2 (69) 24/02/1871

799 Reactivada fugazmente nos anos sesenta, foi disolta durante a República pola súa vinculación directa á Coroa.

Para achegarnos á Comisión nestes anos de carencias contamos coa acta dunha asemblea celebrada en febreiro de 1872. O documento recolle que a falta de candidatos lastrara a provisión de vacantes e, por tanto, imposibilitara a celebración de asembleas legais. Efectivamente a Comisión contaba unicamente con catro individuos activos: Antonio Bugallal, Joaquín Gaite, Constancio López Corona e Venancio Moreno.

Venancio Moreno Pablos.

Doutor en Xurisprudencia. Exerceu a avogacía en Ourense, cidade na que participou amplamente na política local.

Participou no 1874, na inspección dos ortostatos de Codesás, Melón, e firmou o artigo de El Heraldo que difundiu estos achados.

Na homenaxe de celebración do centenario de Feijoo leu o discurso que logo publicou como *Memoria biográfico-bibliográfica de las obras literarias del R.P. Feijoó.*

Participou na fundación do semanario bisemanal *La Nacionalidad* (1870) de orientación católica, monárquica e carlista

Neste ano de 1872, a Sección de Fomento pediulle á Comisión que colabora coa organización da Exposición de Viena remitindo obxectos arqueolóxicos e artísticos da provincia para a mostra. Os comisionados delegaron en Venancio Moreno a selección e remisión de obxectos para este evento.[800] Os comisionados atenderon tamén neste ano á restauracións dalgunhas das pinturas do antiguo Museo que precisaban reparacións.

A Comisión recibiu no 1872 unha invitación para suscribirse á *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* xunto cunha solicitude dos editores para que lle enviaran artigos de contido cultural.

O nivel de actividade das Comisión non era o desexado polas Academias. Así, a RAH, cara finais de 1872, solicitou ao Gobernador que informara sobre o estado de conformación da Comisión. No ano seguinte foi a RABASF a que solicitou formalmente ao Gobernador que lle dera impulso e, de ser necesario, que propuxera candidatos a académicos informando dos méritos respectivos.[801] Non contamos con referencias que nos permitan comprobar si efectivamente se renovou á Comisión ou si se lle deu impulso durante o 1873.

A única actividade destacable deste período tivo lugar nos meses previos ao fin da República. A comezos de 1874, a Comisión implicouse nunha das actuacións coas que acadou maior proxección exterior. O médico Rafael Reguillo notificara aos

800 AHPO Caixa 9.181 / Cartafol Ano 1872

801 AHPO Caixa 9181 / Cartafol Ano 1873

comisionados a existencia duns ortostatos decorados dun suposto dolmen derruído descubertos nun monte de Codesás, Melón.

Venancio Moreno, en compañía de Rafael Reguillo, inspeccionaron os achados e realizaron un estudo dos vestixios. O informe, firmado por Venancio Moreno, remitiuse á RAH en febreiro de 1874 e reproduciuse no mes de maio no xornal *El Heraldo Gallego*.[802] A noticia dos achados acadou eco tamén en numerosos xornais de toda España e nos Boletíns Oficiais de varias provincias. Afondamos sobre esta intervención arqueolóxica nun apartado específico.

802 ARAH CAOR/9/7965/10(1); CAOR/9/7965/10(2); CAOR/9/7965/10(3) Pode consultarse o informe orixinario sobre Codesás en http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310566&portal=111



Ilus. 37 Ortostratos de Melón.

A Restauración

Con carácter xeral, a Restauración supuxo para as Comisións de Monumentos unha etapa de reactivación baixo o estímulo académico, en especial da RABASF No caso de Ourense, pola contra, non contamos con documentación ou referencias escritas que avalen unha intensificación da actividade da Comisión finalizada a República.

Na provincia de Ourense apenas temos documentadas as denuncias da Comisión sobre agresións aos monumentos nin comunicacións relativas ás necesidades de conservación que sinalamos nesta altura para o resto das comisións galegas. O certo é que en Ourense o limitado desenvolvemento urbano ocasionou menos tensión urbanísticas e menos agresións ao Patrimonio que nas provincias de Coruña, Lugo ou Pontevedra.

Coincidindo co rexurdir das outras comisión galegas, atopámonos con escasas referencias escritas relativas a actuacións da Comisión ourensán durante os primeiros anos da Restauración. Comprobamos en cambio que os membros da Comisión si participaron activamente en numerosos proxectos culturais desenvolvidos na cidade nestes anos.

Entre os proxectos culturais máis relevantes acontecidos na cidade de Ourense nesta década figura a instalación dun monumento para conmemorar o segundo centenario do nacemento de Feijó no 1875. Para desenvolver esta iniciativa conformouse una comisión na cal participaron varios integrantes da Comisión de Monumentos, entre eles, o Marqués de Leys e Venancio

Juan Manuel Paz Novoa (1839-1895).

Nado en Ourense. Estudou Metafísica, Literatura latina e Literatura española en Santiago. Licenciouse e Doutorouse en Dereito na Universidade Central.

Exerceu a docencia nos Institutos de Secundaria de Bilbao e Ribadeo. Desde 1865 ocupou a cátedra de Economía Política, Lexislación Mercantil Estadística e Xeografía Universal no Instituto de Ourense.

A partir de 1887 exerceu docencia na Escola de Comercio da Coruña. Nesta cidade exerceu tamén a avogacía.

Mantivo unha estreita relación con Murguía e Martínez-Salazar.

Moreno xunto con outros que formaron parte dela nos anos seguintes como Paz Novoa e Manuel Pereiro Rey. Autoridades do prestixio de Saco y Arce e Lamas Carvajal participaron tamén nesta comisión conmemorativa.[803]

Nesta etapa, Venancio Moreno desenvolveu un papel determinante na Comisión de Monumentos de Ourense. No 1874 participara na inspección dos ortostatos de Codesás e no 1876 atopámolo como integrante da *Comisión de Reparación de Templos*[804] representando á Comisión de Monumentos.[805]

Os xornais apórtanos algunhas breves referencias que aluden ao deficiente funcionamento da Comisión nesta altura. O xovencísimo Arturo Vázquez Núñez, na publicación *El Avisador Orensano* de febreiro de 1878, lamentaba o abandono e descuido no que se atopaban a Ponte de Ourense e o Mosteiro de Oseira:

> *"La comisión de monumentos, ó no existe en nuestra provincia, ó á fuerza de permanecer inactiva, deja arrastrarse por la apatía de la corriente general, y muda e insensible presencia semejante profanación. Protestemos nosotros contra ella, ya que no nos queda otro recurso*."[806]

As noticias sobre a Comisión espázanse no tempo e a seguinte referencia coa que contamos data xa no 1882. O xornal *Eco de Galicia* apórtanos unha nova reprobación á inactividade da Comisión de Monumentos. Nun artigo do mes de agosto do 1882 informábase da destrucción do artesoado do refectorio do Mosteiro de Oseira por parte do párroco. No artigo alúdese a inoperancia da Comisión polo que deducimos que a sociedade culta tiña constancia da súa existencia e das súas obrigas:*¡Que hace la Comisión de Monumentos de la provincia de Orense!*.[807]

Durante todo o 1883 no fondo documental da Comisión atopamos rexistros da entrada de comunicacións rutinarias doutros organismos oficiais o cal testemuña a pervivencia da Comisión que atendía as cuestións de Secretaría.[808] Un oficio interno

803 Saco y Arce non mantivo vínculos coñecidos coa Comisions de Monumentos. Sinalamos en cambio a sua aficción á arqueoloxía e a súa actuación coma informador do epigrafista Hubner.

804 Establecidas no artigo 5º do R.D. de 13 de agosto de 1876

805 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión ordinaria de 19 de maio de 1895.

806 Arturo Vázquez Núñez. *El puente Mayor de Orense. El Avisador Orensano*. Nº 2 16/07/1878

807 El *Eco de Galicia: revista semanal de ciencias, arte y literatura* Nº 8 20/08/1882 Páx.6

808 ARABASF 46-4/4 (1ª) 29/06/11883

da RAH de outubro deste ano confírmanos que a Comisión de Ourense non estaba en situación de reunirse en asemblea legal por non contar co número mínimo de vocais requiridos polo Regulamento para constituírse en Asemblea.[809]

A reorganización de 1884

En xuño de 1884 reuníronse nas dependencias do Goberno Civil, Venancio Moreno e Constantino López Corona xunto cos membros natos da Comisión, o bibliotecario da Biblioteca Provincial e o Xefe da Sección de Fomento. Acordaron non celebrar sesión por non acadar o número de académicos necesarios e decidiron informar á Comisión Mixta da necesidade de realizar nomeamentos de académicos na provincia para proceder a reorganización. Durante todo o verán elevaron ás Academias propostas de candidatos indicando os méritos académicos e a súa vinculación cos estudos arqueolóxicos e históricos.[810]

A Comisión reorganizouse cara ao mes de decembro de 1884 incorporando como académicos da RAH a **Manuel Sánchez Arteaga**,[811]**Juan Manuel Paz Novoa**,[812] e a **Rafael Reguillo y Tardío**. Representando á

Rafael Reguillo y Tardío († 1885).

Exerceu coma médico desde os corenta en Madrid, Salamanca e Valladolid.

Académico da RABASF (1884) en atención a súa afección ao estudo de documentos, lápidas e medallas.

Participou xunto con Venancio Moreno na inspección dos achados de Codesás.

Dispoñía dunha colección de antigüidades particular que *visitan con gusto y aprovechamiento las personas dedicadas a los estudios históricos y arqueológicos*.

809 RAH CAH/9/7957/04(6) 09/10/1883

810ARABASF 46-4/4(1a) e 46-4/4(2)26/06/1883 e ARAH CAOR/9/7965/11; BRABASF Nº 27 Páx. 197. Ano III. Setembro de1883 e ARABASF 46-4/4(5)03/07/1884

811Datos biográficos en Necrológica. La Patria Gallega: boletín-revista: órgano oficial de la Asociación Regionalista Año I Número 1 - 30 marzo 1891Santiago S.N.. Páx. 9 1891-1892

812 De ideoloxía liberal, militou no Partido Republicano Federal e participou na Xunta Revolucionaria durante o Sexenio. Acadou amplo recoñecimento como xurisconsulto. No 1872 publicou Los Foros de Galicia e o ano seguinte participou na elaboración da Lei de Redención de Foros de 1873. Coma avogado de prestixio defendeu con éxito a Curros Enríquez enxuizado pola publicación de Aires da miña terra. Xuntos editaron o xornal bisemanal "El Trabajo". Os seus ácedos artigos políticos nesta publicación ocasionáronlle numerosos contratempos. Dirixiu tamén o xornal El Correo de Galicia de Ourense. As súas colaboracións na prensa con artigos de opinión e composicións poéticas foron numerosas. No ámbito privado coñecemos que foi cuñado de Benito Fernández Alonso (AAMAO. Libro de Actas da

Manuel Hermida y Pelogra

Xefe da sección de Ourense do Corpo de Estadística.
Correspondente da RABASF desde 1884.

Afeccionado ao debuxo, realizou para a Comisión de Monumentos os planos e láminas de monumentos e restos arqueolóxicos elevados ás Academias, entre eles os do mosaico de Pentín e varios epígrafes integrados na Muralla de Lugo.

Foi un asiduo colaborador da prensa local.

No 1902 doou á Comisión a súa colección de deseños, entre eles un mapa a escala da Lagoa de Antela.

RABASF integráronse **Manuel Pereiro Rey,**[813] **Antonio Torres Tirado**[814] e **Manuel Hermida Pelogra**.

Dado que na provincia non existía Arquitecto provincial consultouse á RABASF a posibilidade de cubrir esta vacante integrando outro arquitecto.[815] Sinalamos que na asemblea de reorganización firmou coma Secretario Ramón de la Braña[816] do cal non temos constancia de que tivera vinculación algunha coa Comisión.[817]

No mes seguinte á reorganización nomeouse coma Vicepresidente a Constancio López Corona e coma Secretario a Manuel Hermida Pelogra.[818] Apenas uns meses despois faleceu o veterano López Corona relevándoo no cargo Venancio Moreno.[819]

Os comisionados afrontaron esta nova etapa con vontade de reactivar a Comisión. Con tal intención designouse a Venancio Moreno para que solicitara ao

---

CPMHAO Sesión 7 de novembro de 1895 e Sesión de 20 de abril de 1899). A finais da década dos cincuenta reclamaba a necesidade da creación dun Museo de antigüidades (Album el Miño, sept. 1859 pax 494-495.) Socio da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago desde 1887remitíulle oa seu Museo Arqueolóxico no 1888 cerca de trinta moedas e medallas (Revista de la Sociedad Económica de Santiago Nº 72 Páx. 714 1888). Bibliografía: Notas para una biografía de Paz Novoa de Anselmo López Morais. La Región, 05/06/1960 e Jurisconsultos gallegos. Juan Manuel Paz Novoa. Sebastián Martínez-Risco. BRAG Nº 355, 1973 e Correspondencia de España. Nº 6078 29 de xullo de 1874. Páx. 1

813 A Comisión promoveu o seu nomeamento coma académico *por su reconocida ilustración y activo por ser investigador de obras de arte, el primero en la iniciación y el más constante gestor en todas las juntas de exposiciones y a quien se debe casi por completo el monumento moderno, próximo a terminarse a fuerza de verdadero sacrificio de voluntad del mismo Señor Rey que se dedica a perpetuar la memoria del eminente sabio el padre maestro Feijoo*. RABASF 46-4/4 8120/06/1883

814 Semblanza na ligazón: http://www.iessagasta.edurioja.org/elsagasta/archivo/personas_tu.htm

815 AHPO Caixa 9181 / Cartafol 1884.

816 Ramón Albarez de la Braña (1837-1906), nado en Noia e vinculado a Comisión de Monumentos de León.Foi Xefe do Museo Arqueolóxico de León. Publicou Galicia, León y Asturias .. con prólogo de Luís Rodríguez Seoane. (1894) Siglas y Abreviaturas Latinas (1884); Guía del viajero en Santiago (1875);..

817AHPO Caixa9.181/Cartafol1884.

818 ARAH CAOR/9/7965/12(1) / CAOR/9/7965/12(2) / CAOR/9/7965/12(3)

819 ARABASF 46-4/4(10) 29/01/1885 e 46-474(11) 18/11/1885

Goberno Provincial que financiara novamente os gastos de Secretaría que segundo as estimacións da Comisión ascendían a 2.500 pesetas anuais.[820]

Nestes anos os comisionados mantiñan unha relación fluída coa intelectualidade galega. No 1884, co galo da apertura do museo Arqueolóxico da Sociedade Económica de Santiago, Sánchez Arteaga cedeu en depósito aos fondos do novo Museo parte da súa importante colección de esmaltes bizantinos en cobre, torques de ouro e un anel *probablemente céltico con caracteres indescifrables*.[821] Tamén colaborou neste proxecto Paz Novoa que cedeu aos fondos do Museo ata trinta moedas e medaias froito da súa afección ás inspeccións arqueolóxicas.[822]

As carencias económicas limitaron novamente a capacidade de acción da Comisión nos anos seguintes. Os comisionados, ante a imposibilidade de atender directamente aos ruinosos edificios monumentais da provincia, propuxéronse fotografialos coa intención de preservar ao menos a súa imaxe nun Álbum. Este proxecto non puido ser abordado nesta altura dado que a situación económica era tan precaria que a Comisión non tiña capacidade sequera para acometer as viaxes necesarias para realizar as fotografías.

Manuel Pereiro Rey (1832-1901)

Nado en Santiago. Correspondente da RABASF desde 1884.

Exerceu coma banqueiro en Ourense. Destacou pola súa participación na chegada do ferrocarril á cidade.

Participou na política local ourensán onde foi alcalde e concelleiro en varias ocasións.

Realizou numerosos doativos ao Museo e á Biblioteca da Comisión.

A nivel persoal, Paz Novoa mantivo nestes anos unha estreita relación co reputado Manuel Murguía ao cal prestou apoio para a confección da súa *Historia de Galicia*, tanto facilitándolle noticias arqueolóxicas como xestionándolle financiación a través dos seus contactos na Comisión e no Goberno provincial de Ourense. A participación activa de Paz Novoa na Comisión de Monumentos viuse interrompida polo seu traslado profesional á cidade Coruña que tivo lugar no 1887.

820 *El eco de Galicia: revista semanal de ciencias, arte y literatura*. Núm.194 Páx.6 14 de marzo de1886

821 *Revista de la Sociedad Económica de Santiago* Nº 42 Páx. 381, 1885

822 *Revista de la Sociedad Económica de Santiago* Nº 72 Páx. 714, 1888

Neste período, as Comisións provinciais en xeral prestaron colaboración ao Goberno informando sobre os méritos artísticos e históricos dos Monumentos de cara a concesión de Declaracións de Monumentos Nacionais, principal instrumento de protección do Patrimonio nesta altura. A Comisión de Ourense colaborou no 1887 na remisión de informes ás Academias para a obtención das Declaracións de Monumento Nacional para a Igrexa de Oseira, o Mosteiro de Celanova e San Francisco.

Entre a documentación da Comisión relativa a estes anos figura un estudo de 1887 no cal se sinalan cales son os puntos da capital ourensán máis convenientes para a situación de pararraios que incluía un mapa de posicionamento. [823] Descoñecemos cal foi o papel da Comisión neste tema.

Outra das actuacións propias das Comisións nesta década dos oitenta foi a de exercer a vixilancia do estado de conservación dos monumentos. Neste punto temos documentada a notificación da Comisión ourensán á Dirección Xeral de Instrucción Pública en febreiro de 1889 da solicitude de derrube dunha parte ruinosa do mosteiro de Celanova denominada *El Noviciado.*

A demolición do *Noviciado* fora solicitada polo alcalde a instancia dos Escolapios instalados nese edificio. Neste caso tanto o arquitecto provincial como a Comisión de Monumentos amosáronse conformes coa demolición. Os traballos quedaron baixo a supervisión da Comisión que quedou encargada de velar para que as obras non afectaran ao oratorio de San Rosendo.

A raíz desta intervención e, a instancias da Comisión, a R.A.B.A.S. F. solicitou ao Director de Instrucción Pública a Declaración de Monumento Nacional para o oratorio alegando a súa orixinal factura e por datar do século X.[824] A pesares de que se lle recoñeceu notable mérito artístico o edificio non obtivo a Declaración de Monumento Nacional.[825]

823 AHPO Caixa 9181 / Cartafol ano 1887

824 ARABASF 46-4/4(57)30/05/1889

825 ARABASF 46-4/4(55)12/03/1889

Comezada a década dos noventa, os comisionados solicitaron novamente que se consignara á Comisión unha partida económica para gastos de Secretaría de 1.000 pesetas a cargo dos orzamentos provinciais.[826] Nesta ocasión a Comisión viuse favorecida coa asignación de 1.500 pesetas anuais segundo constatamos no orzamento provincial de 1892 e sucesivos.[827] Coincidindo con esta limitada dispoñibilidade de fondos percibimos un maior dinamismo na actividade da Comisión durante os anos seguintes.

A comezos da década dos noventa, a Comisión de Monumentos viuse envolta nunha actuación que causou gran controversia na prensa local. Os feitos desencadeáronse coa sustitución dunha antiga cruz de pedra situada no cerro de Montealegre, nas aforas de Ourense, por outra deseñada polo comisionado Torres Tirado baseada na cruz inglesa de Ruthwel. Os sectores máis conservadores da cidade reprobaron o deseño ao cal atribuían simboloxía supostamente pagana. A destrucción da nova cruz e a controversia suscitada acadou a atención da RABASF que requiriu informes á Comisión sobre o asunto. desenvolvemos este asunto noutro apartado.

Antonio Torres Tirado (1850-1907).

Nado en Zaragoza. Licenciouse en Filosofía e Letras (1871) e estudou na Escola Superior de Diplomática (1872). Académico da RABASF (1884).

Ocupou a cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense desde 1881. Destacou coma escritor, articulista, crítico literario, pintor e profesor de debuxo.

Publicou *Elementos de Xeografía* (1896) e outros manuais académicos de contido historiográfico. No 1897 publicou *Mapa del Cielo.*

A partir de 1892 exerceu docencia nos Institutos de,Vitoria e Santander. Foi tamén individuo da Camisón de Monumentos de Logroño.

A incorporación de **Marcelo Macías** á Comisión no 1891 contribuíu a aportarlle un dinamismo significativo.[828] Neste ano retomouse o proxecto do Álbum fotográfico coas imaxes dos monumentos da provincia que quedara aprazado por falta de fondos. Durante os cinco anos seguintes os comisionados realizaron excursións aos

826 BOPO 16 de abril de 1890 Nº 237 Páx.2

827 BOPO 9 de abril de 1892 Nº 242 Páx.2

828OteroPedrayo recorre a traiectoria persoal, académica e laboral do que fora o seu mestre en *Notas biográficas de D.* Marcelo Macías (1843-1941). BCPMHAO T. XIV 1943-1944

monumentos da provincia en compañía do fotógrafo Pacheco. Abordamos a elaboración do Álbum de Monumentos da Comisión nun apartado propio.[829]

O apoxeo da Comisión. 1895 -1912

Marcelo Macías y García (1843-1941).

Naceu no 1843 en Astorga. Ordenouse no 1866 e exerceu coma cura en varias localidades españolas. Cursou Filosofía e Letras en Madrid.

Académico da RAH. (1891); da RAG (1905); Cronista de Astorga; Fillo Adoptivo de Ourense (1917); Fillo Adoptivo de Galicia (1925); …

Ocupou a cátedra de Retórica no Instituto de Ourense (1884 -1918) onde exerceu coma director (1893- 1901). Participou na creación da Escola de Artes e Oficios de Ourense onde tamén foi profesor e director.

Foi asiduo nas celebracións e eventos culturais ourensáns coroados cos seus longos discursos.

Dedicou especial atención á epigrafía, á numismática e á diplomática.

Publicou *Civitas Limicorum* (1898), *Epigrafía de Astorga, Galicia y el Reino de los Suevos* e a súa tradución do Cronicón de Idacio. Traduciu as fontes galegas do período baixo imperial suevo.

Escollemos o ano de 1895 para sinalar o comezo dunha nova etapa por coincidir co do inicio do segundo Libro de Actas da Comisión de Monumentos.[830] O aumento exponencial de información que nos aporta esta relevante fonte permítenos achegarnos a unha Comisión de Monumentos cunha intensa actividade.

Esta constatación lévanos a cuestionar se as lagoas documentais das etapas anteriores son as responsables dunha falsa imaxe de inoperancia da Comisión ata esta data. Opinamos que, efectivamente, a falta de fontes impídenos coñecer a actividade da Comisión nas etapas previas en toda a súa extensión.

Con todo, parece evidente, que no cambio de século as condicións socioculturais e o desenvolvemento técnico favoreceron en Galicia o auxe dos estudos históricos, arqueolóxicos e as actuacións de protección do Patrimonio que favoreceron o auxe da Comisión ourensán.

Nesta provincia, a inexistencia de organizacións análogas con fins de investigación e divulgación en materia histórica e artística contribuíu a que os estudosos e eruditos locais se articularan en torno á figura do carismático Marcelo Macías. O éxito da Comisión ao acadar a pronta apertura do Museo Arqueolóxico e a

829BCPMHAO T. I marzode1898Nº1Páxs.10-12

830 O Museo Provincial de Ourense conserva únicamente o segundo tomo das Actas da Comisión.

publicación do Boletín converteuna en todo un referente nestes anos, tanto na cidade como na provincia e ata a nivel nacional.

Este relativo éxito da Comisión relacionámolo con certa homoxeneidade ideolóxica dos seus integrantes. A presidencia do reputado Marcelo Macías e a participación do exseminarista Benito Fernández Alonso, de Cándido Cid, Eugenio Marquina, Domínguez Fontela,.. aportaron á Comisión un marcado conservadorismo ligado ao mundo eclesiástico.

Este tradicionalismo reflectiuse na produción escrita de boa parte dos comisionados e, sobre todo, na orientación do Boletín no cal se manifestou amplamente a afección á diplomática, á epigrafía, á orfebrería eclesiástica e, en xeral, á temática relixiosa. No plano político, en xeral, mantivéronse afastados das correntes galeguistas que tiveron ampla representación na Comisión da Coruña.

Os comisionados ourensáns estaban ademais plenamente integrados no ámbito cultural galego. Así, atopámolos entre os socios de da Sociedade Económica de Santiago, da RAG, da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra e, décadas despois, no Seminario de Estudos Galegos.

Comezada esta nova etapa, á altura de 1894, conformaban a plantilla da Comisión Manuel Pereiro Rey, Manuel Hermida e Marcelo Macías, e como membro nato Juan Manuel Amor, Xefe da Biblioteca provincial. A finais dese ano integrouse **Benito Fernández Alonso**[831] e ao longo de 1896

Benito Fernández Alonso (1848-1922)

Nado en Entrimo, formouse no Seminario de Ourense en Humanidades, Filosofía e Grego. Dedicouse ao comercio de panos.

Foi académico da RAH. (1894); socio de mérito da Sociedad Arqueológica de Pontevedra (1899); académico da RAG (1906), Cronista Oficial de Ourense, vocal de Folklore Gallego, …

Publicou *El río Limia y sus contornos* (1879), *Efemérides para la Historia de Orense*; *Disquisición Histórico Geográfica de las Regiones Meridionales de Galicia* (1883); *Camilo Placer Bouzo* (1887); *Guerra Hipano-Lusitana* (1893); *Episodios Históricos del Municipio de Orense* (1887); *Armas de Orense* (1891); *Los judios en Orense* (1904); *Galicia Pehistórica* (1908);*El Pontificado Gallego y Crónica de los Obispos de Orense* (1907); *Orensanos ilustres* (1916); …

Colaborou no *Heraldo Gallego*, *Galicia*, *Revista Regional* e *La Región*.

831Para unha información máis completa consultar Carmen Barbosa Lorenzo "*Benito Fernández Alonso, su vida y su obra (1848-1922).* Entrimo,1995.Aportannos semblanzas o xornal *La idea Moderna. Diario democrático de Lugo*. Nº 2257 25/05/1898. Páx. 1 e *El Ideal Gallego* Nº 1588 30/07/1922 Páx. 1 O Boletín da Comisión o adicoulle un especial, co motivo do seu pasamento. BCPMHAO T. VI Nº 144, 1922

Arturo Vázquez Núñez (1852-1907)

Nado en Ourense. Iniciou Medicina en Santiago. Cofundador da sociedade *Galicia Literaria* en Madrid.

Docente de Lingua Francesa no Instituto de Secundaria e na Escola de Artes y Oficios. De Ourense

Cronista Oficial de Ourense (1893); Académico da RAH. (1896); membro da Sociedad Arqueológica de Pontevedra (1899); da RAG (1906)

Publicou *Efemérides de Galicia* (1870-1878); *Guía del Viajero en Orense y su provincia* (1881); *Arquitectura Cristiana en la provincia de Orense* (1894); *Estudios protohistóricos/ las mámoas* (1901); *El Fuero de Allariz* (1907) e *Epigrafía latina de la provincia de Orense*.

Deixou inédito *varios estudos sobre os monumentos da provincia de Ourense*.

incorporáronse **Arturo Vázquez Núñez**[832] e **Gabriel Puig y Larraz**. [833]

Nestes anos, a Comisión esforzouse en dar impulso a súa actividade e, con este fin, xestionou a cesión de instalacións adecuadas para acoller a Secretaría e para formar un Museo: *careciendo de local en que celebrar sesiones, custodiar documentos de secretaria y archivos, y de una habitación que le sirva de Museo para recoger los objetos artísticos que lleguen a coleccionarse, dirígense por medio de atenta comunicación al Sr. Presidente de la Excma. Diputación provincial, para que en el nuevo edificio destinado a Centro de Instrucción se sirva señalar un departamento que reúna, siendo posible, las condiciones requeridas para tal objeto.* [834]

Neste mesmo ano a Comisión inspeccionou o lugar de Pombar, onde segundo un artigo publicado no *Eco de Orense* se atoparan rencentemente vestixios romanos. Na intervención efectuada polos comisionados localizáronse diversos vestixios antiguos, entre eles, restos do Mosaico da Cigarrosa.[835] Desenvolvemos noutro punto o froito destas investigacións.

832Jesús De Juana. Arturo Vázquez Núñez (e o seu tempo) Boletín Auriense XIV-XV 1984-1985. Páxs. 188-230 Benito Fernández Alonso adicoulle unha semblanza en Orenanos Ilustres en “El Diario de Orense” 1916 Páxs.194-198 tras o seu pasamento, Neira Cancela adicoulle unha semblanza bibográfica en *El Miño*, Nº2 483 05/03/1907. Manuel Martínez Sueiro publicou un artigo sobre Vázquez Núñez en “El Eco de Orense” Nº 6107 e Nº 6108 do 2 e de marzo de 1908.

833 ARABASF 46-4/4(26) 16/07/1896 A pesares de residir en Madrid nas súas estancias profesionais na provincia realizou cuantiosoas investigacións, en especial no relativo ás vías romanas. No momento de ingresar na Comisión informou aos comisionados que tiña moi adiantado un estudos sobre a vía de Antonino e sobre as vías romanas transversais das provincias de Zamora e Ourense, e Pontevedra. Non temos constancia de que publicara este traballo se ben nos seus informes á RAH dos anos previos constatamos que realizou numerosas inspeccións arqueolóxicas na provincia de Ourense.

834AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de7de decembrode1895.

835 Libro de Actas da Comisión. Actas de xullo e agosto de 1996.

Ata 1897 os comisionados celebraron as súas asembleas en lugares diferentes: nas instalacións do Instituto de Segunda Ensinanza, no despacho do Gobernador Civil, no Concello… A comezos dese ano finalmente concedéuselle un local no novo edificio destinado á Deputación para a instalación da Sectaria e dun Museo.

A proximidade da apertura do Museo reflectiuse nas actas da Comisión nas que se da conta das numerosas doazóns e compras de obxectos destinados aos fondos do Museo. Entre eles figuran unhas teselas de Vilamarín, moedas romanas da cidade de Ourense, un canciño de Vilanova dos Infantes, columnas e azulexos da catedral de Ourense,…

Entre os comisionados abondaban os afeccionados á Arqueoloxía que contribuíron a incrementar os fondos do futuro Museo cos froitos súas inspeccións arqueolóxicas. Así, o enxeñeiro **Puig y Larraz**[836] e Manuel Hermida inspeccionaron no 1895 o entorno da vía romana ao seu paso por Bande onde localizaron restos dunha calzada romana.[837] No mesmo ano, Puig y Larraz informou á Comisión da existencia dunha rocha colosal, obxecto de supersticións locais, perto do Monte das Mámoas en Xoán de Monterredondo, Bande.[838]

Gabriel Puig y Larraz (1851-1917)

Nado en Sevilla. Enxeñeiro de Minas con residencia habitual en Madrid. Participou na Comisión do Mapa Xeológico de 1874.

Académico da RAH. Publicou numerosos estudos técnicos: *Datos para la Geología de la provincia de Santander* (1888); *Cavernas y Simas de España* (1896); *Antropología prehistórica ibérica* (1897); *Descripción física y geográfica de la provincia de Zamora* (1883);…

Afeccionado á Arqueoloxía, publicou artigos nos Boletíns da RAH. e no da Comisión de Ourense: *Inscripciones Ibéricas de Galicia* (1897); *Valor métrico de la milla romana* (1898); *Notas de metrología histórica* (1898); *Cantibedonienses* (1898); … *Catálogo de los objetos que presenta la nación española en la Exposición Histórico-Americana de Madri*d (1892); *La tierra de Maside (provincia de Orense)* (1895).

836 Mineros destacados del siglo XIX: Gabriel Ramón Manuel Puig y Larraz../ J.M. López de Azcona, Separata: Boletín geológico y minero, t. 101, 4, 1990. Exerceru tamén importantes cargos en institucions culturais e científicas do momento. Foi Vicepresidente da Sociedade Económica Matritense; membro da xunta directiva da Sociedad Geográfica de Madrid; Presidente da Sociedad Española de Historia Natural; membro da Comisión para *o Mapa Geológico de España; …*

836 ARABASF 46-4/4(26) 16/07/1896

837 CPMHAO. Nº4 setembro de 1898. *Notas de Metrología Histórica*. Puig y Larraz. Páx. 59

838 Pode consultarse en http://www.cervantesvirtual.com/obras/autor/11993/Puig%20y%20Larraz,%20Gabriel

Nestes anos os comisionados colaboraron tamén coa RAH na recuperación e inventariado do Patrimonio epigráfico. Así, en maio de 1896, Manuel Pereiro Rey remitiu a RAH unha copia dos epígrafes de dúas lápidas atopadas no derrube dunha parte da Muralla de Lugo efectuadas no 1894 por Manuel Hermida, afeccionado ao debuxo. Os comisionados visitaron tamén a parroquia da Trinidade no 1897 para inspeccionar unha lápida sepulcral recén descuberta na sacristía.[839] Manuel Hermida foi novamente o responsable de copiar a inscrición dunha ara a Diana remitida á RAH no 1898 para a súa publicación no Boletín da RAH[840]



Ilus. 38 A Trinidade.

Os comisionados dedicaron todo o ano de 1897 a acondicionar a Secretaría e as salas dedicadas ao Museo. A Deputación, coa que compartía o novo edificio,decidiu instalar os cadros do antigo Museo de Pinturas dos que era titular na sala contigua á do Museo da Comisión. Seguindo a Francisco Fariña, a intención inicial da Deputación era a de manter as colecciónsdiferenciadas. Na práctica a proximidade física de ambos fondos levou consigo que a antiga colección de pinturas co tempo quedara novamente baixo o control da Comisión de Monumentos (FARIÑA BUSTO, Francisco. 184:2013).

839 *El Eco de Galicia: órganod los gallegos residentes en las Republicas Sudamericanas.* Nº 204 20/06/1987 páx.1

840 ARAH CAOR/9/7965/16(2)

Ilus. 39 A Comisión de Ourense, 1914.

instalación da Comisión na nova Secretaría e a concesión do local para o Museo intensificou a recollida de obxectos artísticos e de vestixios arqueolóxicos. As actas das sesións reflicten numerosos contactos mantidos coas autoridades políticas e eclesiásticas na procura de doazóns para o Museo:

> *se acordó que los Sres. Pereiro y Macías explorasen la voluntad del R.Prelado de la Diócesis, a fin de conseguir se traigan al Museo los pocos trozos que quedan útiles de la sillería del coro del monasterio de Montederramo cuya iglesia aún emana ruína; y que gestionen también con el Sr.Gobernador Civil y diputados provinciales para que se consigne en los presupuestos cantidad suficiente para cubrir los crecientes gastos de la Comisión*.[841]

A Comisión acordou en maio de 1897 editar unha publicación na que informar das adquisición e doazóns destinadas ao Museo co fin de estimular as achegas e doativos. O proxecto materializouse no mes de marzo de 1898 coa saída á luz do

841 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 3 de febrero de 1898

primeiro exemplar do Boletín da Comisión de Monumentos.[842] Nas últimas páxinas da publicación, baixo o epígrafe Noticias, recollíase puntualmente os materiais que se incorporaban ao Museo expresando o agradecemento aos individuos que os cederan ou doaran. Destacamos entre outras, a doazón de Jesús Palacios de 1899 dun obxecto de bronce e varios restos romanos atopados nun desmonte da vía férrea entre Barco e a Rúa de Valdeorras.[843] O mesmo individuo cedeu no 1903 unha vaixela de barro e un machado neolítico atopado na exploración dun túmulo nas Gándaras de Budiño, Pontevedra.[844]

Manuel Castro (1846-1916).

Presbítero de Ourense e Académico da RABASF desde 1913.

Foi catedrático de Latín e Humanidades, de Física, Química e Matemáticas. no Seminario Conciliar

Colaborou con Martínez Sueiro, no estudo da documentación do arquivo da Catedral de Ourense Publicou no Boletín da Comisión numerosas transcricións paleográficas.

A Comisión promoveu nestes anos numerosas inspeccións na procura de vestixios arqueolóxicos. Así, no verán de 1898, Marcelo Macías visitou Castro Caldelas e a súa contorna onde realizou investigacións no tramo da vía romana desa área.[845] Benito Fernández Alonso, Hermida e Manuel Castro doaron tamén vestixios arqueolóxicos ao Museo testemuña de numerosas saídas e inspeccións arqueolóxicas.

Coa finalidade de enriquecer o Boletín con ilustracións, os comisionados mercaron en xullo de 1899 unha custosa cámara fotográfica a pesares de contar cun limitado orzamento de 1.000 pesetas anuais asinadas pola Deputación.[846] En adiante as visitas a monumentos e inspeccións arqueolóxicas contaron co correspondente material gráfico.

Constatamos no Libro de Actas que nestes anos a Comisión era xa un referente na provincia á hora de comunicar achados arqueolóxicos fortuítos, desperfectos nos monumentos e, en xeral, calquera cuestións que afectara ao Patrimonio. Así, en outubro de 1898, a Comisión foi convocada polo Gobernador con carácter

842 Acta do 21 de maio de 1897. Libro de Actas da Comisión de Monumentos de Ourense.

843 BCPMHO T. I Nº 10 Páx. 192

844 BCPMHAO T II Nº 30 1903 Páx. 124

845 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO. Sesión Extraordinaria de 6 de outubro de 1898.

846 AMAO Libro de Actas da CPMHAO. Sesión de 7 de marzo de 1898 e Sesión de 2 de xullo de 1899

extraordinario co motivo da publicación no xornal *El Eco de Orense* da desaparición dunha escribanía de prata artística da Cámara Abacial do Mosteiro de Oseira.

A noticia sinalaba ao Gobernador como posible responsable da sustracción polo cal este solicitaba da Comisión que comprobara si realmente existira tal escribanía e, neste caso, que se pronunciara sobre o seu valor histórico, artístico e económico e tamén que identificara aos responsables da súa custodia. A Comisión logo de efectuar as pescudas ao respecto concluíu que non se podía demostrar a existencia previa do obxecto supostamente extraviado e consecuentemente tampouco a sustracción.[847]

Ilus. 40 San Estevo de Ribas de Sil, 1940.

No que respecta á defensa dos edificios monumentais temos documentadas varias intervencións da Comisión. A finais de 1899, enterada a través da prensa local das intencións do Ministerio da Guerra de enaxenar o convento de San Francisco da cidade Ourense, amosou a súa desconformidade e solicitou que, como mínimo, se exceptuara das vendas ao seu claustro oxival.[848] A comezos de 1901, os

847 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO sesión extraordinaria de 6 de outubro de 1898 e Sesion de 8 de xaneiro de 1899. Entendemos que a dependencia económica da Comisión con respecto á Deputación impedía calquera investigación obxetiva.

848 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO 12 de decebro de 1899



Eduardo Moreno López (1870-1911)

Nado en Cádiz. Cursou Dereito e Filosofía e Letras. Académico da RAH.

Exerceu a Cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense desde 1897 do cal foi director.

Foi estimado profesor de Florentino L. Cuevillas, Vicente Risco e Otero *Pedrayo.*

Publicou Compendio de Geografía económica (1902) Atlas escolar o colección de Cartas de estudio (1907); Medios para difundir la cultura en la provincia de Orense (1908); Las partes del mundo y los estados de Europa: Ensaio de un compendio científico de Geografía descriptiva (1910); Federico Ratzel: su vida y su obra (1910).

comisionados denunciaron no Boletín o derrube dunha das fachadas do claustro renacentista do Mosteiro de San Esteban de Ribas de Sil. Neste asunto reclamaron á RAH e á RABASF que impediran a total ruína do monumento.[849]

As actas das asembleas da Comisión dos anos 1899 e 1900 son moi breves e apenas recollen breves mencións aos obxectos e libros doados ou adquiridos para o Museo e a Biblioteca e información relativa ao estado de contas. Esta brevidade e espazamento das actas relacionámolo coas dificultades da Comisión destes anos para a celebración de asembleas oficiais dado que se requiría un mínimo de individuos para constituílas.

Comprobamos que, efectivamente, no cambio de século sucedéronse na Comisión as baixas e incorporacións. No 1900 integrouse **Eduardo López Moreno**, profesor do Instituto, comprometido coa rexeneración social a través da formación da xuventude.[850] Neste ano incorporouse tamén Moreno Torres que apenas participou activamente na Comisión. Desde a promulgación do R. D. de 25 de outubro de 1901 pasaron a integrarse coma vocais natos o Presidente da Deputación, o Alcalde da cidade e o Director do Instituto Xeral e Técnico.[851] Conforme a esta normativa no mes de decembro de 1902 integrouse coma o vocal nato Salvador Padilla de Vicente, Director do Instituto Xeral e Técnico.[852]

849 BCPMHAO T. I Nº 18 Páx. 328

850 Consultar datos biográficos publicados co motivo do cabo de ano do seu falecemento no Número-homenaje a la memoria de Don Eduardo Moreno López, ilsutre profesoer del Instituto General y Técnico de oremnse y excelente ciudaddano, con motivo del primer aniversario de su fallecimiento. La Popular, 21 de novembro de 1912 Participou nos Xogos Florais de 1906 co traballo Medios prácticos para difundir la cultura en la provincia de Orense Impreso con este mesmo título no Anuario de la Exportación de 1908 Páx. 10

851 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 28 de novembro de 1901

852 Salvador Padilla de Vicente catedrático de latín e Castelán exerce como profesor do Instituo de Sengunda

Nesta altura causou baixa Manuel Hermida por traslado a Madrid. A reorganización conseguinte a estas baixas e incorporacións levou a Marcelo Macías á presidencia da Comisión.[853]

O Museo e a Biblioteca continuaron incrementando os seus fondos. Así no 1900 Neira Cancela, futuro membro da Comisión, doou unha copiosa colección de manuscritos en pergamiño e en papel pertencentes á varias igrexas da provincia de Ourense.[854] Conde-Valvís, afeccionado as antigüedades, doou tamén ao Museo no 1901 unha lápida de mármore atopada nunha parede en Vilaboa, Allariz.[855]

A relación da Comisión coas Academias nesta altura era moi fluída. Desde a RAH, Fidel Fita solicitou no 1901 a colaboración da Comisión para a obtención dun calco ou fotografía da inscrición do sepulcro de Witiza da parroquia de Punxín para un traballo académico. Benito Fernández Alonso foi o encargado de realizar este encargo.[856]

Os comisionados amosaron nos anos seguintes un gran interese polo estudo dos vestixios arqueolóxicos. Destacou neste eido Manuel Díez Sanjurjo, que ingresou na Comisión no 1902 ocupando a vacante do recén falecido Manuel Pereiro Rey. Aproveitando a súa actividade profesional de enxeñeiro de camiños realizou amplas inspeccións arqueolóxicas na provincia.[857] O Boletín da

Manuel Díez Sanjurjo. (1870-1941)

Nado en Burgos. Enxeñeiro de Camiños e afeccionado á arqueoloxía.

Académico da RABASF (1904) e da RAG (1907).

Publicou no Boletín da Comisión *Las Mámoas* (1901); *Los caminos antiguos y el Itinerario nº 18 de Antonino en la provincia de Orense* (1904-1908).

Realizou estudos sobre a romana e, en particular, sobre a minería do ouro nas Médulas.

Pertenceu tamén ás Comisións de Monumentos de Valladolid, León e Santander.

Ensinanza desde 1880. Exerceu coma director do instituto en diversos intervalos ata o seu tralado ao Instituo de Cuenca no 1930. Finou nesa cidade no 1834. No 1902 integrase na Comisión coma membro nato. Posteriormente voltará a integrarse coma vocal da Comisión no 1914 coma correspondente da RAH BCPMHAO T V Nº 94 xaneiro-febreiro de 1914. Páx.24

853 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 12 de decembro de 1902

854 BCPMHAO TI Nº 17 Novembro de 1900 Páx. 312 ingresará na Comisión no 1903

855 *La epigrafía latina en la provincia de Orense*. BCPMHAO T. I Nº 23 Páx. 407 decembro de 1901

856 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesion de 2 de xuño de 1901-

857 AMAO Libro de Actas da CPOMHAO Sesion de 28 de novembro de 1901 e ARABASF 46-4/4(31) 02/01/1901 e 46-4/4(32) 23/03/1902

Vida Galega Nº3 1909

Juan Neira Cancela (1848 -1909)

Militar e xornalista vigués. Académico da RAH.

Fundou a revista *Galicia Literaria* (1883) e *Galicia en Caricatura* (1889).

Entre a súa produción literaria figura *Ecos del campamento* (1876); *El ahorcado* (1879); *Preludios* (1880); *Programa de los Ángeles* (1890); *Los juegos florales de Orense* (1901); *La* morriña (1907);.

Autor de *Caldo Gallego* (1889) que recolle unha escolma dos seus mellores artigos e *Montaña de Orense* (1905) con prólogo de E. Pardo Bazán.

Comisión danos conta das súas investigacións e das doazóns de vestixios que realizou ao Museo de decembro de 1900[858] e de xuño de 1901.[859] No 1902 Díez Sanjurjo realizou novas escavacións de certa envergadura nas mámoas de Cea e Vilamarín.[860] O Museo da Comisión foi novamente o destinatario dos obxectos recuperados.[861] Dedicamos un apartado específico ás actuacións arqueolóxicas de Díez Sanjurjo.

A Comisión programou no 1902 unha saída de investigación arqueolóxica á Lagoa de Antela co obxectivo de estudar os supostos túmulos e restos de poboacións lacustres. A acta da asemblea de decembro de 1902 recolle o resultado desta inspección de Hermida e Fernández Alonso. A Comisión concedeu gran importancia a estos estudos e acordou darlle continuidade no verán seguinte para publicalo posteriormente no Boletín.[862] Non temos constancia de que se continuaran as investigacións.

En decembro de 1902 o párroco de Verísimo de Seixalvo solicitou o asesoramento da Comisión de Monumentos con respecto a valía histórica e artística da súa Igrexa co fin evitar que as obras que se ían a realizar causaran danos. A Comisión acordou neste caso que o Arquitecto Provincial Crespo, Marcelo Macías e Benito Fernández Alonso visitaran a Igrexa para emitir un informe ao respecto. [863] Os comisionados resolveron que o arco de

858 BCPMHAO T. 1 Nº 17 Páx.

859 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesion de 2 de xuño de 1901 Ente os obxetos doados figura punta de lanza, un coitelo de pedernal e once fósiles que lle dera Manuel Baraja de Vigo

860 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 9 de xuño de 1902

861 BCPMHAO T. 2 Nº 25 Páx .32 Nesta ocasión recupera abundante cerámica basta, percutores, un machado pulimentado, unha lasca de sílex e unha pedra alisadora de granito

862 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 12 de decembro de 1902

863 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 29 de setiembre de 1902

ferradura que separaba o presbiterio da nave merecía ser conservado polo cal recomendaron desmontalo para dar maior altura as xambas e colocalo novamente no seu lugar, permitindo así elevar a entrada. Con respecto ao artesoado de madeira do presbiterio os comisionados non viron inconveniente en reemplazalo por unha bóveda de canón recomendando unicamente situar o artesoado noutra dependencia do templo.[864]

En marzo de 1903 incorporouse á Comisión, **Juan Neira Cancela**[865] coma académico da RAH No momento da súa integración aportou un cuantioso donativo para a Biblioteca da Comisión que se sumaba aos que realizara nos anos anteriores.[866]

As doazóns de vestixios arqueolóxicos continuaron no 1903. Díez Sanjurjo aportou novos obxectos arqueolóxicos procedentes de inspeccións asociados a súa tarefa profesional ao fronte de obras públicas.[867] No mes de xaneiro de 1904 doou ao Museo un anaco de mosaico romano encontrado en San Miguel de Outeiro, un anaco de tella e un de vasilla, e trozos dunha lápida romana atopados en diversos puntos da provincia.[868]

A Comisión acordou no mes de xuño de 1903 revitalizar un acordo previo de 1894 que permitía aos seus integrantes cambiar obxectos e volumes duplicados e adquirir aqueles outros que consideraran oportunos para acrecentar os fondos do Museo e da Biblioteca sen aprobación previa da Comisión. Con esta medida perseguíase dar maior dinamismo á adquisición de fondos, en especial, nos intervalos entre asembleas da Comisión[869]

Nestes anos a Comisión continuou colaborando coa RAH na obtención de calcos e copias dos epígrafes da provincia. Entre outras actuacións deste tipo, os

---

864 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 12 de decembro de 1902

865 Para afondar na producción escrita de Neira Cancela consultar Os Galegos pintados por si mesmos.Homes do País. Ed. Ricardo Polín. Vigo .1999 Couceiro adícalle unha semblanza no xornal La Noche Nº 9285 15 /03/1951 As súas poesías, relatos breves e históricos están espalladas en xornais, revistase almanaques coma La Pequeña Patria, Follas Novas, Galicia e Galicia Moderna, Revista galaica; Revista gallega, El Heraldo Gallego, Extracto de Literatura,…

866 BCPMHAO T.II Nº 31 1903 Páx. 138

867 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 8 de marzo de 1903

868 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 10 de xaneiro de 1904

869 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 10 de xuño de 1903

Manuel Martínez Sueiro (1873-1920)

Nado en Monforte. Cursou Dereito e exerceu coma avogado e xuíz en diversas localidades galegas.

Académico da RAH, da RAG e da RABASF e membro da Comisión de Monumentos (1904).

No 1916 trasladouse a Salamanca desde onde seguiu colaborando co Boletín da Comisión.

Publicou en colaboración con Manuel Castro *Colección Diplomática e Documentos del Archivo Catedral de Orense* publicado no Boletín da Comisión.

Foi autor de *Estudios sociales: Memoria…* (1901*), Fueros municipales de Orense* (1912), *La Cuestión agraria en Galicia. Redención de foros y subforos: una solución equitativa* (1912); *La primera nota histórica de Orense; La Ribera Sagrada; Diego de Lemos; La Cruz grande de la Catedral ;…*

comisionados visitaron a Colexiata e a casa da Mitra de Xunqueira de Ambía no 1903 onde obtiveron calcos de varios epígrafes.[870]

A finais de 1904 conformaban a Comisión Marcelo Macías, Benito Fernández Alonso, Arturo Vázquez Núñez, Eduardo Moreno López, Juan Neira Cancela, Manuel Hermida Pelogra, Manuel Díaz-Sanjurjo e o recén incorporado **Manuel Martínez Sueiro.**[871] Coma vocais natos participaban o alcalde da capital, Antonio Rodríguez, o Presidente da Deputación Provincial, Ramón Gil,o director do Instituto, Salvador Padilla, e o Arquitecto Provincial, Antonio Crespo, xunto co Xefe da Biblioteca provincial, Juan Amor.[872]

Atendendo ás actas das asembleas, esta nutrida plantilla reuníase parcialmente de xeito moi cando algún motivo concreto requiría a aprobación oficial dalgunha actuación. Os comisionados máis activos estaban en contacto continuo en torno á actividade do Museo e da redacción do Boletín. Coincidían tamén nas tertulias as que asistían tamén puntualmente alumnos do Instituto, entre eles os mozos Otero Pedrayo ou López Cuevillas.

O fondos do Museo e da Biblioteca seguiron aumentando coas doazóns. Cara mediados do 1905 Conde Valvís doou unha folla de espada prerromana procedente dunha cova artificial atopada ao realizar unha explanación do canal do salto de auga de Forcas en Parada de Sil. **Eugenio Marquina** aportou un machado de sílex atopado nunha mámoa do concello de Avión.[873]

870 *El Regional: diario de Lugo* Nº 7176 16/10/1903

871Consultar *Manuel Martínez Sueiro entre la historia y la sociología* Carmen Barbosa Lorenzo. Minius: Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, Nº 7, 1999, Páxs. 115-126

872 ARABASF 46-4/4(41) 01/12/1904

873 CPMHAO. T. II Nº 44Maio-xuño Páx. 360.

Marcelo Macías e, en menor medida, Vázquez Núñez acadaran certo nesta altura certo recoñecemento na RAH Ambos mantiveron unha fluída correspondencia con F. Fita, ocupado na recuperación do Patrimonio epigráfico estatal. No 1905 aportaron á Academia documentación gráfica sobre a inscrición de Probo para a súa publicación no Boletíns da RAH[874]

Juan Neira Cancela ocupou o cargo Secretario da Comisión desde o 1906 sustituindo a Martínez Sueiro que causara vacante polo seu traslado para exercer coma xuíz en Riaño. A Comisión decidiu nesta altura a celebración de sesións ordinarias mensuais cada primeiro de mes. Para facilitar a adquisición de materiais para o Museo e a Biblioteca acordaron que o Vicepresidente podería autorizar a calquera dos comisionados e solicitar a asesoría dos vocais en caso necesario.

O Museo Arqueolóxico cambiou de ubicación entre o 1904 e o1906. Vázquez Núñez foi o principal artífice do traslado dos fondos desde o baixo de Goberno Civil ata o novo emprazamento no Instituto de Segunda Ensinanza.[875]

Na asemblea convocada para maio de 1906 a Comisión non acadou o mínimo de participantes requiridos no Regulamento debido a falta de académicos da RABASF Con este motivo en novembro celebrouse unha accidentada asemblea na cal tomou posesión Eugenio Marquina Álvarez. Nesta sesión acordouse o nomeamento coma conservadores do Museo de Fernández Alonso e a Díez Sanjurjo.[876]

Nesta asemblea Neira Cancela leu unha nota e solicitou que se incluíra nas actas ao cal se opuxeron o

Eugenio Marquina y Álvarez (1906-1935).

Catedrático de Arqueoloxía Sagrada no Seminario Conciliar de San Fernando desde 1901. Foi Cronista da cidade de Ourense.

Ingresou na Comisión de Ourense no 1906 coma correspondente da RABASF e no 1913 cesou por traslado profesional a Málaga.

Entre os seus escritos figuran *Objetos de la antigua liturgia, que se conservan en el Monasterio de Celanova; San Martín de Loiro; Los Franceses en Ginzo de Limia (Orense);.*

No 1904 leu o discurso inaugural do Seminario Conciliar de Ourense *Importancia y utilidad de la Arqueología.*

Participou activamente na preparación da Exposición de 1909 de Santiago de Compostela remitindo unha selección dos fondos do Museo de Ourense.

874 AHPCCJ Carta de Marcelo MAcias a Fidel Fita, 07/11/1905.

875 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 22 de febrero de 1906

876 Díez Sanjurjo atopamolo a altura de 1918 integrado na Comisión de Monumentos de Valladolid. AMAO Libro de Actas. Sesión de 23 de novembro de 1906.

resto dos comisionados por consideralo inoportuno.[877] Nunha nova sesión celebrada tres días despois Neira Cancela desculpouse da súa intervención anterior.

O recén incorporado Eugenio Marquina achegou ao Museo varios vestixios arqueolóxicos no mesmo ano de 1906, entre eles, un machado de sílex procedente de Xinzo de Limia.[878]

O recoñecemento social da Comisión nestes anos viuse reflectido na prensa local. O Almanaque Galego de 1906 dedicoulle un extenso artigo con abundante material gráfico. Esta publicación destacaba a súa tarefa ao fronte do Museo e do Boletín e sinalaba que tan altos logros acadáranse coa minguada subvención de mil pesetas concedidas pola Deputación Provincial.[879]

O falecemento de Arturo Vázquez Núñez no en marzo de 1907, en plena xuventude, supuxo unha conmoción para os comisionados, tanto no persoal como para a actividade da Comisión. O Boletín recolleu nas súas páxinas unha homenaxe e as mostras de recoñecemento cara ao finado. Inicialmente sucedeuno ao fronte do Boletín Díez Sanjurjo desde abril de 1907 e, un ano despois, asumiu a dirección da publicación Marcelo Macías.[880]

As inspeccións arqueolóxicas e a recollida de vestixios proseguiu. O Museo recibiu en febreiro deste ano a doazón dunha lápida xudeocritiana de Monforte recollida por Marquina e Fernández Alonso. Díez Sanjurjo novamente doou ao Museo a comezos de ano unha placa de bronce de San Rosendo.[881]

No ano seguinte, os comisionados inspeccionaron os vestixios romanos atopados ao realizar tarefas de mantemento nas fontes termais de Cuntis. No achado atopáranse moedas, ladrillos, tellas, un garfo, un cravo, un coitelo e unha ferramenta indeterminada.[882]

Especialmente intenso para a Comisión foi o ano de 1909 no cal participou activamente na preparación da Exposición de Santiago de Compostela. Eugenio

877 AMAO Libro de Actas da C.P.M.H.A Sesión de 1 de maio de 1906 e ARABASF 46-4/4(48) 03/07/1906

878 BCPMHAO T III Nº 52 setembro-outubro de 1906 Páx. 80

879 *Almanaque Gallego para el año 1906*. Páx. 32-38

880 AMAO Libro de Actas. Sesión de 6 de marzo de 1908

881 AMAO Libro de Actas. Sesión de 1 de febreiro de 1907

882 BCPMHAO T III Nº 63 xullo agosto de 1908 Páx. 259

Marquina foi o principal responsable da selección de obxectos da provincia remitidos para a Sección de Arqueoloxía da Exposición. Ao remate da exhibición compostelana a Comisión organizou unha mostra cos obxectos expostos na cidade de Ourense.

Neste ano a Comisión viuse tamén involucrada nun turbio suceso. Os acontecementos comezaron no mes de xaneiro de 1909 cando o arquitecto diocesano denunciou o estado ruinoso do baldaquino de madeira do Mosteiro de Oseira. Desde o xornal radical *El Miño* acusouse ao Bispo e ao Gobernador de promover a retirada do badalquino. O Bispo consultou ao vicepresidente da Comisión de Monumentos sobre a conveniencia da conservarlo e, segundo o ditame da Comisión, a falta de valor artístico e a súa ubicación aconsellaban o seu desmantelamento:

> *3º Pedido informe técnico por mí al ilustradísimo señor vicepresidente de la Comisión Provincial de monumentos artísticos" (que como sabe el Senado, tiene facultades para intervenir en estas cosas). " me contesto por escrito que el baldaquino de Osera no tiene mérito artístico, antes es de mal gusto, y que conviene su desaparición para que queden al descubierto las magnificas bellezas del ábside principal del templo, que aquel oculta.*[883]

O Bispo, en convivencia co Gobernador, decidiu comezar as obras no mes de febreiro contando coa protección da Guarda Civil dada a oposición e exaltación da veciñanza. O redor de cento cincuenta veciños enfrontáronse aos dezanove gardas civís que custodiaban as obras. O desenlace da liorta rematou con sete veciños mortos, entre eles unha nena, mulleres embarazadas e anciáns e numerosos feridos de gravidade. Segundo a versión do Bispo as forzas de seguridade responderan ás agresións de vecinos *armados con hachas y hoces enmagradas en largos palos.*

O suceso exaltou aos ourensáns contra o Bispo que necesitou protección para garantir a súa seguridade. O Bispo de Madrid-Alcalá defendeu a actuación do Bispo de Ourense no Senado xustificando a solicitude de intervención da Garda Civil. Sinalou que os veciños *estaban especialmente excitados por un señor que por ser desafecto á la religión y por la propaganda de la Prensa impía estaba en malas relaciones con el Cura y vió en esta ocasión un medio para excitar las pasiones contra el cura y contra el Prelado*. Finalmente, na prensa afín ao poder, sinalouse como

883 *En defensa de un Obispo. Discurso del Sr. Obispo de Madrid-Alcalá en la sesión del Senado del día 28 de Abril de 1909. El Correo de Galicia: Diario independiente de avisos y noticias*. S.n. 04/05/1909

responsable moral dos sucesos ao autor dos artigos publicados no xornal *El Miño* por axitar á veciñanza a que se lle atribuíu *provocación* á Garda Civil.[884]

Ilus. 41 Baldaquino de Oseira.

884 *Baldaquino de* ***Oseira*** **.** *El Correo de Galicia: diario independiente de avisos y noticias*. S.N. 04/05/1909 / A.B.C. 19/04/1909 Páx. 7 / La vanguardia 29/04/1909 Páx. 7 e idem de 27/04/1909 / El norte de Galicia : diario político y de información

Num. 2493 29/04/1909 / *La Independencia: diario de noticias* Año II Época 392 04/05/1909 Páx. 1

Nesta primeira axitada metade de ano xurdiron ademais tensións entre os comisionados. As actas da asemblea de marzo, moi breves, non aclara os motivos destes desencontros que poñen no punto de mira novamente a Neira Cancela que, unha vez máis, tivo que escusarse por *obrar con lixeireza*.[885]

No verán o Ministerio de Instrucción Pública contactou coa Comisión para solicitarlles un informe sobre o mérito artístico da Igrexa de Sta. María de Ourense. Díez Sanjurjo e Fernández Alonso foron os encargados de atender este encargo.[886]

Os xornais locais destes anos apórtanos abundantes exemplos de actuacións da Comisión coma anfitrións de autoridades e personalidades do ámbito da cultura. Entre outras visitas os comisionados acolleron a Anette Meakin no seu percorrido pola provincia na procura de información e material gráfico para a redacción de *Galicia, the Switzerland of Spain*

Ilus. 42 Claustros de Oseira.

885 AMAO Libro de Actas. Sesión de 7 de marzo de 1909

886 AMAO Libro de Actas. Sesión de 11 de xullo de 1909

Francisco Conde Valvís. (1860)

Nado en Valverde, Allariz. Licenciado en Dereito, exerceu coma abogado en Allariz. Ingresou na Comisión de Monumentos no 1911 coma correspondente da RABASF

Empresario en Allariz e en Ourense do alumeado eléctrico, promoveu a creación de varias centrais eléctricas.

Froito da súa afección á Arqueoloxía, doou ao Museo numerosos vestixios arqueolóxicos.

No 1910 incorporouse á Comisión o cóengo Juan Bautista Casas[887] coma correspondente da RAH Na mesma sesión de acollida delegou en Marquina as tarefas de Secretaría que lle correspondían como individuo máis recente, indicador de que a súa implicación na Comisión iba a ser moi escasa.[888] Neste mesmo ano a Comisión viuse afectada polo traslado profesional de Manuel Díez Sanjurjo a Valladolid. A súa vacante cubriuse en abril de 1911 coa incorporación do avogado **Francisco Conde Balvís**.[889]

Nesta altura a consolidación do Boletín coma publicación de divulgación e intercambio científico levou á Comisión a establecer dun equipo de redacción no 1910. A dirección correspondeu a Marcelo Macías e formaron parte da redacción Fernández Alonso, Sanjurjo, Martínez Sueiro e Eugenio Marquina.[890]

A Comisión de Monumentos,no verán de 1910, recibiu a unha delegación comisionada polo Goberno para estudar os monumentos visigodos da provincia anteriores ao século X. Esta delegación estaba presidida polo catedrático da Universidade de Granada Gómez Moreno e polos enxeñeiros Juan Allende Salazar e Torres Campos. Marcelo Macías, Fernández Alonso e Marquina visitaron con eles o oratorio de San Miguel de Celanova, Santa Comba de Bande, San Pedro de Rocas e San Esteban de Ribas de Sil. Os investigadores durante as visitas realizaron numerosas fotografías.[891] O Boletín da Comisión recolleu as investigacións realizadas pola comitiva na visita a Santa Comba de Bande.[892]

887 Coengo da Catedral de Ourense. A cesión do cargo de secretarío que lle correspondía entendemos que obedece a intención de non implicarse activamente na actividade da Comisión.

888 AMAO Libro de Actas. Sesión de 11 de juño de 1910

889 ARABASF 46-4/4(51) 28/04/1910

890 AMAO Libro de Actas. Sesión de 19 de xaneiro de 1910.

891 *El Eco de Galicia:órgano de los gallegos residentes en las Repúlicas Sudamericanas*. Nº 679 30/0/1910 Páx. 9

892 BCPMHAO T. XIV 1943-1944.S.N. *Exploraciones en Santa Comba de Bande*. Gómez Moreno, M. Páxs. 47-51

As actas das asembleas destes anos son moi breves e céntranse basicamente no estado de contas da Comisión. Así, a asemblea de abril de 1911 recolle a aprobación das contas dos anos 1908, 1909 e 1910 e dos gastos extraordinarios ocasionados coa á exposición celebrada no Museo entre febreiro a marzo de 1910 cos obxectos que participaran na Exposición de Santiago.

A protección dos edificios monumentais. 1912-1927

Achengándonos á segunda década do século XX confluíron unha serie de circunstancias que deron lugar a un cambio de orientación na actividade da Comisión ourensá con respecto a década precedente.

A nova lexislación sobre Patrimonio de 1911 e a creación da *Junta de Excavaciones Científicas y Antigüedades* modificaron o marco das intervencións arqueolóxicas relegando o papel das Comisións de Monumentos nesta materia. A partir destas datas a Comisión intensificou a supervisión das obras realizadas nos edificios monumentais e colaborou activamente na instrución dos expedientes para as Declaracións de Monumentos.

A Comisión viuse privada nestes anos de parte dos seus comisionados máis activos. Arturo Vázquez Núñez finara no 1907, Díez Sanjurjo e Marquina trasladáronse por motivos profesionais no 1910 e 1911 respectivamente.[893] A súa vez o emblemático Marcelo Macías diminuíu progresivamente a súa participación activa na Comisión a causa da súa avanzada idade.

Na segunda década do século mantívose unha fluída comunicación coa RAH intercambiando abundante correspondencia con Fidel Fita en torno aos epígrafes e demais vestixios da provincia. Atendendo aos seus requirimentos, os comisionados contactaron no 1911 co cura de Codesedo para obter información sobre un epígrafe ao que fixera referencia Barros Sibelo en *Antigüedades de Galicia*. Informaron tamén á Academia das adquisición realizadas para o Museo, entre elas un conxunto de material líticos formado por once follas de puñal, dous machados, un punzón e unha punta de frecha da Idade do Bronce.[894]

893 AMAO Libro de Actas. Sesión de 23 de abril de 1911

894 AHPCCJ Carta de Marcelo Macías a Fidel Fita, sobre un epígrafe que sospecha estaría en una parroquia

Julio Alonso Cuevillas (-1936).

Estudou Dereito en Santiago. Exerceu coma Avogado do Estado en Ávila, Pontevedra, Madrid e Ourense.

Correspondente da R.A.B.A.S. F., participou intermitentemente nas actividades da Comisión.

Durante breve tempo compartiu con Eduardo Moreno López bufete de abogado en Ourense.

Xulio A. Cuevillas apenas deixou produción escrita,a excepción dalgún breve artigo co motivo da Homenaxe á D. Marcelo Macias.

Influíu fondamente no seu sobriño Florentino Cuevillas.

O Boletín da Comisión apórtanos tamén información sobre doazóns e depósitos ingresados nos fondos do Museo. Desde Verín achegouse unha lápida romana. A viúva de Sales e Ferré doou tres machados de pedra pulimentada e vinte e oito moedas de cobre, doce delas españolas e dezaseis imperiais romanas.[895]

As vacantes que se sucederan nos anos anteriores impediran á Comisión novamente celebrar asembleas por carecer de representantes da RABASF.[896] Esta situación solventouse en maio de 1913 coa incorporación do Avogado do Estado **Xulio Cuevillas** e a do catedrático do Seminario Conciliar, **Manuel Castro**. Estes comisionados mantiveron un nivel discreto de implicación na actividade da Comisión.

O Museo da Comisión tivo que afrontar c un novo traslado ara finais de 1913, nesta ocasión desde o edificio do Instituto ao pazo episcopal. Un nutrido grupo de representantes de diversas corporación locais e das Academias asistiron á inauguración das novas instalacións.[897]

Nesta altura, retomouse a iniciativa de recuperar os cadros do antiguo Museo de Pinturas que permanecían aínda dispersos. Benito F. Alonso e Marcelo Macías, representaron á Comisión na Xunta conformada na cidade para xestionar a recuperación dos cadros. A Comisión subvencionou a impresión do catálogo de cadros do antigo Museo realizado polo bibliotecario Juan Fernández Pérez.[898]

A Comisión de Monumentos, neste ano de 1913, acolleu na súa tertulia unha delegación encabezada por Oviedo Arce que informounos das investigacións realizadas en torno aos vestixios arqueolóxicos atopados na illa de Toralla.[899] Os

orensana, sobre la compra de utillaje lítico de la Edad del Bronce. 16/06/1911. Orense

895 BCPMHAO T IV novembro-decembro de 1012 Nº 87 Páx. 248.

896 AMAO Libro de Actas. Sesión de 6 de maio de 1913.

897 BCPMHAO T. IV Novembro-decembro de 1913. Páx. 390.

898 BCPMHAO T IV Nª 93 novembro-decembro de 1913 Páx. 391

899 Sobre a descuberta dos vestixios de Toralla e as primeiras exploracións acometidas por Oviedo y Arce e Pedreira

comisionados amosaron o seu interese en desprazarse á illa cando se proseguiran as intervencións. [900] Non nos costa que finalmente participaran nestas investigacións.

A Comisión colaborou nestes anos co xornalista Cristóbal de Castro na confección do *Cátalogo Monumental y Artístico de la Provincia de Ourense* integrado no proxecto *Catálogo Monumental de España* de 1914.[901]

Os comisionados acompañaron a Cristóbal De Castro no seu percorrido pola provincia visitando os edificios monumentais: *los señores P. Macías, Fernández Alonso y Martínez Sueiro, de la Comisión provincial de Monumentos, que en su alta hidalguía y solícita y previsora hospitalidad, no nos dejan yá, desde entonces, siendo, desde el comienzo al fin de nuestra empresa, nó solo espíritu y pensamiento, sino también instrumento y ejecución.*[902]

Confeccionáronse dous tomos do Catálogo da provincia de Ourense, un dedicado aos materiais do Museo Arqueolóxico e outro con material gráfico dos edificios monumentais. Os volumes non chegaron a publicarse no seu momento.[903]

A Comisión no 1915 acordou homenaxear ao seu presidente Marcelo Macias, de recoñecido prestixio na

Emilio Vázquez Pardo (-1931)

Nado en Ourense. Estudou Dereito na Universidade Pontificia de Santiago.

Catedrático de Arqueoloxía Sagrada no Seminario de Ourense.

Foi académico da RABASF (1917); da RAG e Cronista da Cidade de Ourense (1922).

Coma secretario do Ateneo ourensán, impartiu neste centro conferencias de temática histórica, artística e literaria.

Manuel Castro Iglesias (-1916)

Nado en Ourense.

Académico da RABASF (1917).Exerceu as cátedras de Latín e Letras, Física; Química e Matemáticas no Seminario de Ourense.

Afeccionado á Arqueoloxía e á Paleografía. Estudou os documentos do Arquivo da Catedral de Ourense, xunto con Martínez Sueiro.Publicou *Colección Diplomática y Documentos del Archivo de la Catedral de Orense.*

consultar El Regional. Diario de Lugo Nº 9936 09/10/1913 Páx. 1

900 Vida Gallega Nº 47 10/11/1913 Páx.11

901 Rafael Balsa de la Vega fora o designado para elaborar o Catálogo de Ouense. O seu falecementos levou a Subsecretaría de Bellas Artes a a designar ao periodista Cristóbal de Castro(1880-1953) cun orzamento de 800 pestas anuais.BCPMHAO T IV Nº 93 Páx. 392.

902 *Cátalogo Monumental y Artístico de la Provincia de Ourense*. Prólogo. 1914

903 Os dous volumes do Catálogo, están dispoñibles na ligazón:

http://biblioteca.cchs.csic.es/digitalizacion_tnt/index_interior_orense.html

cidade. Con este obxectivo encargaron medallas conmemorativas coa súa efíxie destinadas ao Museo e para distribuír ás Reais Academias.[904]

Nestes anos o groso da actividade dos comisionados centrouse sobre todo na edición do Boletín e na xestión do Museo. Este último seguiu incrementando sos seus fondos con doazóns como a do ex alcalde de Carballiño, Máximino Álvarez, dun machado de sílex procedente de Beariz.[905]

A celebración de asembleas xerais, atendendo ao contido das actas, tiñan como obxectivo unicamente cumprir co formalismo de recoller o estado de contas da Comisión e a dar constancia dos ceses e incorporacións de novos comisionados.[906] Así, as actas de 1916 recollen a vacante causada polo pasamento de Manuel Castro no mes de abril[907] que foi cuberta coa incorporación nos meses seguintes de Emilio Vázquez Pardo,[908] académico da RABASF.[909]

Marcelo Macías, implicado en todos os eventos culturais da cidade, foi homenaxeado novamente no 1917 cun un acto celebrado no Teatro Principal. Parte dos discursos lidos nesta celebración foron recompilados nun Boletín da Comisión especialmente dedicado a súa figura.[910]

A Comisión, á altura de 1918, seguía a contando coa mesma dotación económica de 1.000 pesetas anuais que lle viña concedendo a Deputación nos últimos anos.[911] Esta precariedade orzamentaria levou aos comisionados a recortar gastos na edición do Boletín modificando os formatos das tapas e a calidade do papel.[912] Esta limitada asignación permitía a Comisión realizar algunha que outra adquisición puntual para o Museo. No mes de xullo de 1918 mercaron unha figura romana de bronce de

904 AMAO Libro de Actas. Sesión de 14 de decembro de 1915

905 BCPMHAO T.V Nº 107 Marzo-Abril de 1916 Páx. 192

906 AMAO Libro de Actas. Sesión de 12 de setembro de 1917

907 AMAO Libro de Actas. Sesión de 6 de maio de 1916

908 O Boletín da Comisión adicalle una semblanza noTomo IX Nº 197

909 AMAO Libro de Actas. Sesión de 10 de xuo de 1917

910 BCPMHAO T.V Nº 112

911 BCPMHAO T VI Nº 120 Páx. 431

912 AMAO Libro de Actas. Sesión de 13 de xullo de 1918

Mercurio achada en Leiro, Vilar de Barrio.[913] No mesmo mes adquiriron tamén un tesouriño atopado en Cudeiro, no Monte do Rego.[914]

A Comisión celebrou unha asemblea extraordinaria a finais de ano co obxectivo de constituírse de acordó ao novo Regulamento aprobado polo R. D. de 11 de agosto de 1918. Asistiron a esta asemblea de decembro Marcelo Macías, Fernández Alonso, Cuevillas,Vázquez Pardo,Salvador Padilla, o arquitecto municipal Gulias e o presidente da Deputación, Taboada. Na sesión deuse conta do cese como membro nato do bibliotecario Juan Fernández Pérez[915] e da delegación do Bispo na persoa de **Cándido Cid**[916] como representante seu. [917]

Segundo se recolle nesta acta de decembro de 1918, a Comisión non celebrara sesións ordinarias durante o ano coma medida hixiénica por mor da epidemia de gripe. Para o ano seguinte o Libro de Actas unicamente recolle a sesión da aprobación das contas dos anos 1918 e 1919. Nestes dous anos contamos con escasas referencias a actuacións concretas da Comisión se ben mantívose a actividade ordinaria que implicaba a publicación do Boletín e o mantemento do Museo. Comezada a década seguinte a Comisión cobrou novamente certo dinamismo.

O párroco de Santa Comba Bande solicitou ao Bispo no 1920 que intermediara para acadar 22.000 pesetas co obxecto de ampliar a igrexa parroquial. Antes de autorizar as obras o Bispo solicitou o preceptivo informe da Comisión de Monumentos. Neste caso a Comisión non dubidou en desautorizar toda intervención que modificara o edificio na súa estrutura

> *que en manera alguna debe accederse a lo solicitado, por ser la mencionada iglesia una verdadera joya de la arquitectura cristiana, tanto más estimable, cuanto que es una de las muy pocas que se conservan de la época*

913Figura de Mercurio de bronce de 18 cm.cos pes mutilados e situda sobre una plancha circular que descansaba sobre tres lebreles dos cales se conservan dous. BCPMHAO T VI Nº 120 Páx. 431. Consultar CAI-OR/9/3931/2 de 9 de xaneiro de 1789 sobre o altar es estatuiña de Vilar de Barrio. En CAI-OR/9/3931/7(1) figura expediene e debuxo da escultura de pedra atopada en Vilar de Bario de 1838.

914 *Diario de Galicia:periódico de la mañana*…. Nº 3217 28/07/1918

915 Bibliogrfía BCPMHAO T VII xullo-Agosto de 1923 Nº 151

916 Consultar datos biográficos na semblanza que lle adica Otero Pedrayo con motivo do se falecemento no 1939 no Boletín Nº 247

917 AMAO Libro de Actas. Sesión de 16 de decembro de 1918.A acta recóllese no BRAH , T.74 (abril 1919) Páxs. 384-385

visigoda en España y única en Galicia, por o cual sería un incalificable atentado al arte ampliarla en la forma que se pide, o hacer cualquiera otra obra o edificación en ella o cerca de ella en detrimento del extraordinario mérito que reviste, reconocido y confesado con encomio por los más sabios arqueólogos y tratadistas. [918]



Ilus. 43 Santa Comba de Bande

No ditame, a Comisión indicaba que tiña proposto á RABASF incluír este edificio, xunto con San Miguel de Celanova, no listado de monumentos susceptibles de ser declarados Monumentos Nacionais. Efectivamente, con este obxectivo a

918 AMAO Libro de Actas. Sesión de 22 de xullo de 1920

Comisión dedicou boa parte de 1920 a elaborar informes para a tramitación da declaración de Monumento Nacional a favor da Igrexa de Santa Comba.[919] O informe emitido pola Comisión recollía basicamente os datos aportados polo párroco de Bande. A RAH e da RABASF pronunciáronse nos seus respectivos ditames favorables á concesión do recoñecemento.[920]

Unha breve nota no xornal *El Compostelano* de 1920 alude ás xestións realizadas pola Comisión para acadar a declaración de Monumento Nacional para a casa solariega onde nacera P. Feijoo.[921] Esta breve reseña sérvemos para constatar que boa parte das actuacións da Comisión non figuran nas actas, na documentación propia nin na correspondencia intercambiada coas Academias e tampouco acadaron eco na maior parte da prensa local. Non podemos precisar que volume de actuacións similares ocuparon aos comisionados sen deixar pegada documental.

A Comisión no mes de outubro de 1920 reuniuse en sesión extraordinaria para dar conta do falecemento de Martínez Sueiro que seguía achegando colaboracións ao Boletín da Comisión desde Salamanca onde exercía coma Xuíz de Instrucción. Nas páxinas do Boletín dedicóuselle un amplo espazo en recoñecemento á súa labor na Comisión.[922]

Unha vez máis requiriuse o ditame da Comisión para a autorización de obras. En marzo de 1921 o dean e cabildo da Catedral de Ourense interpuxo un recurso de alzada contra un acordo do Concello da cidade que autorizaba a

Juan Fernández Pérez (1870-1944)

Licenciado en Filosofía e Letras.

Xefe da Biblioteca Provincial e académico da RAH (1923). Dirixiu o Arquivo de Facenda de Ourense.

Publicou artigos e debuxos na prensa local co pseudónimo de Taxes.

Publicou *Historia del Monasterio de Osera*, *Gramática latina* e deixou unha biografía inédita de Curros Enríquez

Reeditou o *Catálogo íntegro y textual de los cuadros que formaban el Museo*. Reeditouno de 1914 no 1923 precedido polo artigo *Riqueza artística Desaparecida.* Publicou *La Biblioteca Perdida (1927)* e *La nueva Biblioteca Provincial de Orense - Su resurgimiento* (1942).

919 ARAH CAOR/9/7965/19(1); CAOR/9/7965/19(2)

920 Vicente Lampérez y Romea. *Iglesia de Santa Comba de San Torcuato de Bande*. BRAH T.79, 1921

921 *El Compostelano* 1920 S.N.

922 AMAO Libro de Actas. Sesión de 7 de outubro de 1920

construción dun quiosco para despacho de pan adosado á catedral. A Comisión de Monumento pronunciouse en contra deste engadido

> *no procede ocupar con edificación alguna el terreno que en la Calle de las Tiendas existe entre los salientes o contrafuertes de la torre llamada de San Martín de esta Santa Iglesia Catedral porque tratándose de un monumento de reconocido e innegable valor arqueológico cualquier edificación que a ella se adosara la perjudicaría notablemente.*[923]

No verán de 1921 a RABASF solicitou aos comisionados que remitiran materiais para a *Exposición do Traxe* que se iba celebrar en Madrid. No mes de agosto a Comisión reuniuse en asemblea na cal se acolleu cun *voto de graza* a apertura dun museo arqueolóxico na vila Celanova, no colexio de escolapios. Nesta xuntanza os comisionados acordaron solicitar ao Ministro de Instrucción Publica e Belas Artes a declaración de Monumento Nacional para San Miguel de Celanova, San Pedro de Rocas, o Mosteiro de Oseira, o de Ribas de Sil e o Claustro do antigo convento de San Francisco.[924] Os comisionados dedicaron todo 1922 e 1923 a confeccionar os informes para instruír as Declaracións de Monumento destes edificios.[925]

Nestes anos as dificultades económicas que aqueixaban á Comisión no permitiron adquirir para o Museo dous brazaletes de ouro puro con debuxos xeométricos atopados no de 1921 por unha pastora ao pe do monte Urdiñeira.[926]

A Comisión reuniuse en asemblea en xaneiro de 1922 para cumprir co artigo terceiro do Regulamento, segundo o cal debían renovarse todos os comisionados nos seus cargos.[927] Benito Fernández Alonso faleceu apenas uns meses despois, no mes maio. O seu cargo de Cronista da Cidade de Ourense foi ocupado por Emilio Vázquez Pardo.

---

923 AMAO Libro de Actas. Sesión de 30 de marzo de 1921

924 AMAO Libro de Actas. Sesión de 18 de agosto de 1921

925 ARAH CAOR/9/7965/20(1); CAOR/9/7965/20(2); CAOR/9/7965/20(3). Pode Consultarse o informe sobre a Declaracion de Monumentos en

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310600&portal=111

926 *El progreso: semanario independiente*. Nº 2306 13/07/1921 Páx.2 e *Importante hallazgo arqueológico*. Boletín da Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense. Vol. IV, número 140: 335-336

927 AMAO Libro de Actas. Sesión de 30 de xaneiro de 1922

Ilus. 44 San Miguel de Celanova

A Comisión cubriu as vacantes a comezos de 1923 co ingreso de **Domínguez Fontela**,[928] Chantre da Catedral de Ourense, e con **Juan Fernández Pérez**, que ata 1918 participara na Comisión como vocal nato en calidade de Xefe da Biblioteca Provincial. Na asemblea de ingreso destes comisionados acordouse nomear ao Sr. Castro, cura párroco de Santa Comba de Bande, coma delegado da Comisión de Monumentos nesa vila para que custodiara a Igrexa de Bande, declarada recentemente Monumento Nacional.[929]

A incorporación de Domínguez Fontela xunto co estímulo que supuxo a fluída relación dos comisionados con Florentino Cuevillas, do Seminario de Estudos Galegos, favoreceu a reactivación da Comisión. O Boletín viuse enriquecido cos artigos de contido arqueolóxico de Florentino López Cuevillas e de Domínguez Fontela que aportaron unha significativa variedade entre a copiosa temática relixiosa dos de precedentes.

928 Consultar o excelente e exahustivo traballo de Juan Martínez Tamuxe "*Don Juan Domínguez Fontela, notable historiador e ilustre guardés.*"Tui. Museo y Archivo Histórico Diocesano. VIII Páxs. 45-87 1998

929 AMAO Libro de actas. Sesión de 24 de xaneiro de 1923

A Comisión, ao longo do 1923, ocupouse na instrución de informes para as declaración de Monumentos Nacionais de San Miguel de Celanova, San Pedro de Rocas, o Mosteiro de Oseira, Rivas de Sil e o claustro de San Francisco de Ourense. Neste asunto, sinalamos que a RABASF informara negativamente sobre o mérito artístico de San Pedro de Rocas. A RAH en cambio alegou que *aunque no sea muy relevante su mérito artístico, segundo se ha indicado, el interés histórico es suficiente para concederle el título de monumento nacional.*" [930] Finalmente, no mes de novembro, obtiveron o recoñecemento de Monumento Nacional a capela de San Miguel de Celanova, o Mosteiro de San Esteban de Ribas de Sil; a Igrexa de San Pedro de Rocas e o Claustro do Convento de San Francisco de Ourense.[931]

Ilus. 45 Claustro de San Francisco

A Comisión retomou a súa participación nas investigacións arqueolóxicas. No mes de outubro de 1923 recibiu do Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes un libramento de 3.000 pesetas que se destinaron á financiación do Boletín e a costear

930 O Informe de Eduardo Ibara y Rodríguez pode consultarse en B.RAH T. 82 1923. O informe da RABASF foi elaborado por Enrique Repullés y Vargas.

931 AMAO Libro de Actas. Sesión de 1 de novembro de 1923

ás investigacións arqueolóxicas que Higinio García Fernández realizou en Entrimo, Xinzo de Limia e Bande. Unha segunda partida de 315 pesetas destinouse a costear investigacións realizadas na Lagoa de Antela e outra, de 250 pesetas, investíronse nos estudos realizados por Cuevillas en Aquis Querquennis.[932] Dedicamos un apartado específico a estas intervencións.

Neste ano, Salvador Padilla foi nomeado Vicepresidente da Comisión *en consideración a que el Sr. Cuevillas [Xulio] no concurrió, sin causa que lo justifique a las reuniones desde diciembre de 1918*. Este nomeamento contraviña o Regulamento que establecía que Presidente e Vicepresidente debían pertencer a distintas Academias.

Nunha das asembleas da Comisión leuse unha comunicación do párroco de Oseira que informaba do estado ruinoso no que se atopaba o claustro gótico do Mosteiro.[933] A Dirección Xeral de Belas Artes, informada ao respecto, encargou á Comisión de Monumentos que emitira un informe sobre as necesidades de reparación do edificio.[934]

A afluencia de fondos permitiu á Comisión mercar unha nova cámara fotográfica. [935] No mes de novembro do mesmo ano, a Comisión recibiu unha doazón de 100 pesetas do Bispo de Murcia destinada integramente a sufragar os gastos do Boletín.

A finais deste ano, a Comisión reuniuse en asemblea extraordinaria co motivo do pasamento de

Juan Domínguez Fontela (1869-1942)

Nado na Guarda.Doutorouse na Universidade Pontificia de Santiago en Sagrada Teoloxía.

Membro da Sociedad Arqueológica de Pontevedra (1896); da RAG (1911); da RAH.(1922). Foi Chantre da Catedral de Ourense desde 1922.

Realizou exploracións prácticas no Tegra e no pé do monte de San Trocado, en Barbantes.

Participou na recuperación dos fondos do Museo e da Biblioteca da Comisión no incendio de1927 e dirixiu a súa reinstalación no antigo Hospital das Mercedes.

Publicou numerosos artigos no *Boletín da R A.G.;* no Boletín da Comisión; *Faro de Vigo; La Voz del Tecla*;..

Entre os seus traballos figuran: *Catecismo de la Cuestión Social* (1903) *Jalones para la Historia* (1939); *Pedro I el Cruel y la ciudad de Orense* (1939); *Tratado de Albeiteria* (1939);… Deixou inédita *Historia del Castillo de Santa Cruz de La Guardia* e *Monografía Histórico Monumental Descriptiva del Monasterio de Oya.*

932 *La mansión de Aquis Querquenis* BCPMHAO T. VI, Páx. 416

933 AMAO Libro de actas. Sesión de 15 de outubro de 1923

934 AHPO Caixa 9181 / Cartafol Ano 1923

935 AMAO Libro de Actas. Sesión de 15 de outubro de 1923

Cándido Cid Rodríguez (-1939).

Licenciado en Dereito e Procurador eclesiástico da Diócese de Ourense. Académico da RABASF (1924)

Publicou no Boletín *Una visita pastoral de la Diócesis Auriense en 1487*; *El Escultor Francisco de Moure: su patria, un poco de su vida y las primicias de sus obras*. Publicou e anotou a obra inédita de Sánchez Arteaga *Apuntes histórico-artísticos de la Catedral de Orense* (1916).

Jesús Soria (1881-1959)

Nado en Avilés no seu dunha familia de recoñecidos artistas.

Formouse na Escuela Especial de Pintura, Escultura y Gravado de Madrid. Foi nomeado Académico da RABASF (1924).

Instalouse en Ourense no 1906. Exerceu en Ourense coma catedrático de Debuxo no Instituto de Segunda Ensinanza. Realizou numerosos retratos de personaxes ilustres ourensáns.

Martínez Salazar, da Comisión da Coruña. Os comisionados acordaron homenaxealo coa publicación no seu Boletín dunha semblanza e varios artigos laudatorios.[936]

Durante o 1924 a Comisión viuse novamente afectada pola falta de académicos da RABASF O único representante desta Academia era Vázquez Pardo polo cal se propuxo coma candidatos a **Cándido Cid**[937] e a J**esús Soria**[938] Entre os méritos de Cándido Cid sinalouse a súa preparación coma paleógrafo e a súa colaboración no Boletín da Comisión e, no caso de Jesús Soria, destacouse a súa faceta de pintor e a súa colaboración na ilustración de monumentos da provincia.

Neste ano, a Comisión realizou, sen éxito, xestións para evitar a colocación na Catedral de Ourense dun novo órgano nun emprazamento que consideraban prexudicial para a armonía artística do monumento.[939]

o baldaquino do Mosteiro de Oseira volveu a estar de actualidade no 1925 engadido o último capítulo aos tráxicos sucesos de 1909. O xornal *El Pueblo Gallego* recolle nas súas páxinas a noticia da destrucción non autorizada do baldaquino polo párroco de Oseira:

el célebre cura de Osera, olvidando la tragedia a que dió lugar su predecesor acaba de añadir a la serie ininterrumpida de hazañas sin depurar, una provocación más, un atropello inaudito: acaba de derribar a golpe de hacha y a cencerros tapados de sus feligreses el

936 AMAO Libro de Actas. Sesión de 15 de novembro de 1923

937 BCPMHAO T. XII, Nº. 247 Páx. 126-129

938 Mª del Pilar Núñez Sánchez dedícalle unha semblanza na ligazón do Museo Arqueolóxico de Ourense http://www.musarqourense.xunta.es/wp-content/files_mf/pm_2013_03_esp.pdf

939 AMAO Libro de Actas. Sesión de 4 de novembro de 1924

desdichado baldaquino cuya defensa costó la vida a ocho infelices lugareños el 22 de abril de 1909. [940]

A Comisión amosou o seu rexeitamento pola súa destrucción a pesar de manterse na súa postura de 1909 de que o badalquino carecía de valor artístico e de que dificultaba a visión do ábside. Os comisionados consideraban que toda actuación que afectara ao Mosteiro de Oseira debía consultárselle previamente por ser Monumento Nacional. A Comisión solicitou ao Bispo a destitución do párroco e o nomeamento no cargo dunha persoa culta e sensible co Patrimonio.[941] O Gobernador ordenou o ingreso na cadea do párroco e posteriormente deixouno a disposición do Bispo.

A raíz destes feitos a Comisión acordou solicitar o nomeamento dunha persoa entendida en cuestións artísticas para que se encargara da inspección e conservación do Monumento no seu conxunto.[942] No mes de maio a prensa recollía que Marcelo Macías e **Otero Pedrayo** acompañados por un técnico programaban visitar o Mosteiro para estudar as intervencións necesarias para o seu mantemento.[943]

Neste ano a Comisión realizou tamén actuacións en Verín para cumprir con ordes recibidas da R.A.B.A.S. F. O Libro de Actas da Comisión reflicte unicamente os gastos ocasionados pero non nos informa sobre a natureza desta intervención.[944]

Neste ano Pericot, instalado na súa cátedra na Universidade de Santiago, visitou Ourense e ás instalacións do Museo Arqueolóxico. Os comisionado, unha vez máis, actuaron coma guías nas saídas organizadas para visitar os principais xacementos e monumentos da provincia. Entre as visitas realizadas figura a do castro de San Cibrás de Lás, escavado anos atrás por Cuevillas.[945]

940 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* s.n. 28/07/1925.

941 *El Diario de Pontevedra*. Nº 12186 25/07/1925

942 AMAO Libro de Actas. Sesión de 24 de xullo de 1925.

943 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* s.n. 01/04/1925

944 AHPO Libro de Contas da Comisión de Ourense. 9.181 / Cartafol ano 1925.

945 BCPMHAO T. XX Homenaxe a Florentino Cuevillas Ano 1959- 1960 Fasc. I-IV

A Comezos do ano seguinte a Comisión foi requirida para supervisar o proxecto de traslado da igrexa gótica de San Francisco do século XIV situada en Bella Vista para reubicala en San Lázaro.[946]

Durante os anos de 1926 e boa parte de 1927 apenas contamos con referencias sobre actuacións concretas da Comisión. A única actuación que temos documentada e a instrución da solicitude Declaración de Monumento Nacional para Santa Mariña de Augas Santas no mes de setembro de 1926. Neste caso a Comisión obtivo unicamente o recoñecemento do seu mérito artístico.[947] Lembramos, unha vez máis, que estas actuacións compaxinábanse coa atención ao Museo, o coidado da Biblioteca particular da Comisión e a redacción do Boletín.

A Comisión despois do incendio de 1927

A Comisión de Monumentos sufriu un duro revés o 8 de decembro de 1927. Un devastador incendio no edificio que compartía co Instituto destruíu toda a planta baixa da ala norte deixándoa inutilizable polo derrube do teito. Nesta área situábase a sede da Comisión e o local do Museo dos cales apenas deu tempo de retirar os materiais máis valiosos.

Os materiais máis valiosos do Museo puideron ser recuperados das lapas e recollidos temporalmente en locais próximos. Menos sorte tivo a Biblioteca Provincial que perdeu os seus exemplares máis valiosos, entre eles, boa parte dos volumes recuperados pola Comisión nos anos corenta provintes dos mosteiros desamortizados. A Biblioteca propia da Comisión, en cambio, non sufriu danos de importancia. O Boletín da Comisión recolleu a relación dos materiais destruídos no incendio nos artigos *El Trágico siniestro del 8 de diciembre* e *Historial de la Biblioteca Perdida.*[948]

Os comisionados celebraron unha asemblea extraordinaria o 19 de decembro para facer balance do siniestro:

946 AMAO Libro de Actas. Sesión de 5 de abril de 1927

947 AMAO Libro de Actas. Sesión de 20 de outubro de 1926

948 BCPMHAO T. VIII Noviembre-diciembre de 1927 Nº 177 Páxs. 136-144

No pudo salvarse ni un solo volumen de los veinte mil que contenía procedentes en su mayor parte de los Monasterios de Celanova, Santa María de Osera, Ribas de Sil y Montederramo.

La planta baja del ala Norte del edificio estaba ocupada por esta Comisión y por el Museo de donde han podido salvarse, merced al esfuerzo verdaderamente heróico, entre otros, del conservador del Museo, Sr. Juan Domínguez Fontela seis vitrinas y el copioso monetario que contienen casi todo lo que allí tenía carácter arqueológico, histórico o artístico, y cuya perdida hubiera constituído para nosotros una pérdida irreparable.

Asimismo hemos podido arrancar a la voracidad del incendio, cuadros, tallas cueros, cruces, monumentos diplomáticos, improntas, numerosas piezas de cerámica, instrumentos musicales, armas armaduras, grabados, dibujos y en general cuantos objetos colgados en estantes o colgados de las paredes, constituyen con los que se guardan en las citadas vitrinas amado y precioso relicario de nuestras tradiciones.

También pusimos a salvo nuestra biblioteca, toda ella de obras selectas y compuesta de seiscientos volúmenes, entre los cuales se encuentran algunos incunables; así como, manuscritos, pergaminos, documentación oficial, libros de actas y la colección completa de la Calcografía Nacional. [949]

No relativo a custodia dos materiais recuperados do incendio os comisionados decidiron que os materiais líticos de maior volume se trasladaran provisionalmente ás zoas do Instituto non afectadas polo incendio, limpando adecuadamente as lápidas, aras, estelas e demáis materiais danados polo lume. Os demais materiais da colección recolléranse no momento do incendio na planta baixa da propiedade de Obdulia Buján e nos días seguintes deriváronse a varios domicilios particulares.

A pesares do incendio os comisionados continuaron atendendo os asuntos pendentes. O xornal *El pueblo gallego* ,do mes novembro de 1927, nun amplo artigo demandara a atención da Comisión de Monumentos cara as necesidades de conservación do Mosteiro de Oseira. Segundo o xornal, para a custodia do Mosteiro era insuficiente e demanda dun garda efectuada pola Comisión e reclamaba unha intervención de maior envergadura con dotación económica estatal. No artigo propoñíase que coma medida urxente a Comisión solicitara un segundo garda e que

949 AMAO Libro de Actas. Sesión de 19 de decembro de 1927

ambos realizan ademais da vixilancia tarefas de mantemento do edificio. O xornal reclamaba tamén que se eliminaran dos claustros os cultivos, cortellos e currais existentes. Por último, pedíase á Comisión que realizara un inventario dos materiais de valor histórico e artístico conservados no exconvento.[950]



Ilus. 46 Claustro de Oseira

A Comisión reuniuse en xaneiro de 1928 no domicilio de Marcelo Macías para debatir un proxecto de remodelación da Catedral de Ourense. O Bispo Cerviño propuxera a creación dunha praza con escalinata no acceso principal e que se despexara a nave central do órgano, coro e outros elementos do mobiliario. O proxecto, realizado polo arquitecto Ignacio Palacios, contou coa aprobación da

950 *El Pueblo Gallego: diario de la mañana al servicio de los intereses de Galicia*. S. N. 16/11/1927 Páx.12

Comisión. [951] Nos meses seguintes as dificultades orzamentarias obrigaron a pospor o comezo das obras.

As inquedanzas da Comisión nos anos seguintes ao incendio centráronse na custodia dos fondos recuperados e en xestionar a cesión dun local onde establecer novamente as instalacións da Comisión e a sala de exposicións. Co apoio da intelectualidade ourensán, do Seminario de Estudos Galegos e de numerosas institucións culturais da cidade os comisionados solicitaron á Deputación, no mes outubro de 1929, que se lle asinara espazo no edificio do Hospital Vello.[952]

Neste contexto de falta de instalacións, a Comisión seguiu interesándose polos achados arqueolóxicos da provincia. Os comisionados programaron no 1929 visitar a Cova dos Mouros que nos últimos meses atraera a atención de curiosos e buscadores de tesouros. [953] As visitas de inspección da Comisión de Monumentos acrecentaron a expectación veciñal ata o punto de que o Gobernador tivo que remitir unha comunicación ao alcalde de Cenlle pedíndolle a protección do lugar.

> *La Comisión de Monumentos ha iniciado estudios arqueológicos en una estación prehistórica que susistió hasta la época de la dominación Romana, en un antiguo castro situado en la parroquia de Layas (Barbantes), de ese Ayuntamiento, hacia el kilómetro 569, de la carretera de Villacastín a Vigo y en las inmediaciones de aquél, donde la comisión lleva descubiertos multitud de instrumentos paleolíticos.*
>
> *Como pudiera suceder que elementos ignorantes, extraños a los estudios arqueológicos, pudieran intrusar en los trabajos realizados por la Comisión inutilizando lo descubierto o llevándose piezas dignas de ser conservadas a la ciencia, he acordado dirixirme a ustd. poniendo bajo el amparo de esa Corporación el mencionado castro, no permitiendo que sin autorización escrita de este Gobierno dirigida a esa Alcaldía pueda nadie investigar el punto de referencia, para que tenga eficaz cumplimiento esta disposición, puede usted requerir el auxilio de la Guardia Civil del puesto de Barbantes, a cuyo fin se oficia*

951 AMAO Libro de Actas Sesión de 3 de xaneiro de 1928.

952 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia* S.N. Páx.10 13/10/1929

953 Florentino Cuevillas inspeccionara xa no 1926 o lugar onde se atoparan restos dunha probable muralla e basametnos doutras estructuras constructivas xunto con muiños de man e restos de sarcófagos.

al comandante jefe con esta fecha. Orense 9 de marzo de 1929. Señor alcalde de Cenlle."[954]

Cara finais de e 1929 retomouse o proxecto do ano anterior de reformar a entrade e interior da Catedral ourensán posposto por falta de fondos. A Comisión propuxo que se abrira unha suscrición popular na cidade coa finalidade de financiar o proxecto.[955]

Neste ano a Comisión foi requirida para que colaborara coa Exposición de Barcelona de 1929. A este evento enviouse unha espada de bronce para a súa exposición no pavillón de Arte Antigo, asegurándoa previamente en 10.000 pesetas.[956]

A Comisión novamente precisaba cubrir vacantes, por este motivo propuxo á RAH en febreiro de 1930 o nomeamento de Couceiro Freijomil, inspector de Ensino da provincia e colaborador asiduo do Boletín.[957] Non temos constancia da súa integración efectiva na Comisión.

A Comisión non descoidou as súas obrigas de custodia dos monumentos. En xuño de 1930 informou ao Director Xeral de Belas Artes sobre os danos causados por un incendio en San Pedro de Rocas, na zoa anterior as naves escavas na rocha. O incendio deixara ao edificio sen portas e tellado deixando ao descuberto valiosos epígrafes e sepulturas. Segundo o parecer dos comisionado, as pequenas dimensións do templo e as dificultades de acceso aconsellaban trasladar o culto a outra igrexa próxima recen construída.

A Comisión lembrou as autoridades que non podía garantir a salvagarda dos epígrafes e sepulcros de San Pedro de Rocas por non ter aínda concedido un local para a instalación para o Museo.[958]

A Comisión, no 1930, propuxo que no día da Festa Nacional se izara a bandeira de Galicia xunto coa española. Con este motivo solicitou a RAH que se

954 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia*. S.N. Páx.11 27/04/1929

955 AMAO Libro de Actas Sesión de 31 de decembro de 1929

956 BCPMHAO T VIII Nº 189 Novemrbo-Decembro de 1929. Páxs. 445-446

957 AMAO Libro de Actas Sesión de 4 de febrero de 1930

958 AMAO Libro de Actas Sesión de 27 de abril de 1930

pronunciara sobre que bandeiras de Galicia das utilizadas habitualmente era a máis conveniente[959]

A RAH manifestou ambiguamente certa preferencia pola tradicional bandeira Blanco.[960] Esta opinión era compartida por Emilio V. Pardo, portavoz da Comisión neste asunto, partidario da bandeira branca tradicional, con escudo central: *Tratar de reemplazar esta bandera por la de la franja azul, símbolo inexpresivo, carente de contenido espiritual, propagándole merced a la ignorancia del vulgo y solo con fines de proselitismos personalistas, es romper abiertamente con nuestra preciada tradición que resulta pospuesta a motivos tan ínfimos.*[961]

Ilus. 47 San Pedro de Rocas.

959 ARAH CAOR/9/7965/21(1); CAOR/9/7965/21(2) ; CAOR/9/7965/21(3); CAOR/9/7965/21(4) Couceiro Freijomil desde os xornais locais pronunciarase a favor da bandeira tradicional conformada por un lenzo branco con escudo dourado e hostia de prata. Décadas atrás Murguía propuxera o emprego do lenzo branco atravesado por unha franxa azul de esquerda a dereita

960 CAOR/9/7965/21(2) 1930/10/15 e CAOR/9/7965/21(4) 1931/01/26

961 BCPMHAO T IX Nº 196 Xaneiro- febreiro de 1931Páxs. 153- 161

Na asemblea celebrada en abril de 1931 ingresou na Comisión Julián Martínez sustituindo ao recén falecido Emilio Vázquez.[962] Neste ano incorporouse tamén á Comisión **Florentino López Cuevillas** [963] con ampla traxectoria e prestixio no eido da investigación científica e arqueolóxica.

A Deputación inicialmente cedeu á Comisión no 1932 un local para a instalación do Museo e Secretaría no Pazo Provincial.[964] Domínguez Fontela e López Cuevillas foron designados para xestionar a instalación no edificio que finalmente non chegou a facerse efectiva.

A Comisión, igual que no século pasado, continuaba recibindo mil pesetas anuais do presuposto da Deputación. Esta cantidade deixou de asinárselle a partir do 1932. Neste ano os descendentes do finado Emilio Vázquez Pardo realizaran unha aportación extraordinaria á Comisión de 5.423 pesetas. [965]

Na documentación da Comisión para os anos seguintes, entre o 1933 e ata o 1936, recolle no estado de contas apuntes coma *Este año no se ha cobrado ningún trimestre de subvención, por no haber ordenado el presidente de la Diputación el pago*.[966] Neste intervalo a única partida recibida foi a da Dirección Xeral de Belas Artes de 350 pesetas no 1934.[967]

Logo de varias tentativas fallidas de acadar locais para á instalación da Secretaría e do Museo, os comisionados votaron un pulso ás autoridades anunciando a súa dimisión colectiva. A Comisión acadou o apoio da prensa que recolleu con indignación a situación de precariedade na que se atopaba tan emblemática corporación. Na asemblea extraordinaria celebrada en marzo de 1934, presidida polo Gobernador Civil Julio Otero Mirelis, plantexouse a disolución definitiva da Comisión e a suspensión absoluta do Boletín. A postura dos comisionados levou ao Gobernador a comprometerse na obtención inmediata dun local adecuado.

962 Apenas permaneceu na cidade e descoñecemos que mantivera actiavidade algúnha na Comisión de Ourense.

963 A súa producción científica é abundantísima e recollese en gran parte en artigos e separatas das revistas e publicacións científicas do momento. Pode consultarse no BCPMHAOno fascículo Homenaxe a Cuevillas Páxs. 50-59

964 AMAO Libro de Actas Sesión de 29 de xullo de 1932.

965 AMAO Libro de Actas Sesión de 29 de xullo de 1932.

966 AHPOLibro de Contas da Comisión de Monumentos de Orense.Anos 1933/1936.

967 AMAO Libro de Actas Sesión de 26 de febreiro de 1934

A Comisión obtivo en breve un local no antigo Hospital das Mercedes. No novo edificio a Comisión acadou amplo espazo para a instalación da Secretaría, unha Sala de Xuntas, un salón para o monetario e para biblioteca e salas para o Museo. O arquitecto Conde Fidalgo encargouse das reformas necesarias e, no mes de maio de 1934, comezouse a instalación dos fondos do Museo e dos libros da Biblioteca da Comisión. [968]

Julio Cuevillas, tío de Florentino Cuevillas, recén reinstalado na cidade de Ourense solicitara no mes de febreiro a súa reincorporación coma vocal da Comisión.

A altura de 1935 a Comisión estaba conformada polo Gobernador Civil, Simeón Ibars coma vocal nato, por Domínguez Fontela coma conservador do Museo, Florentino Cuevillas, **Jesús Soria**[969] **e** Ramón **Otero Pedrayo**.[970] A participación de Otero Pedrayo na Comisión unicamente podemos documentala no primeiro ano da súa incorporación.

Os comisionados, neste mesmo ano de 1835 programaron unha excursión arqueolóxica a Bande. As investigacións realizadas en Rubiás permitiron identificar o xacemento coma un antiguo castro céltico romano. Nas inmediacións atoparon vestixios coetáneos aos de Sta. Tecla, Troia, Briteiros, Laias e outros similares.[971]

Nesta saída de investigación a Comisión visitou tamén as ruínas de Aquis Querquennis, Santa Comba de

Florentino López Cuevillas (1886-1958)

Nado en Ourense, licenciouse en Farmacia en Santiago (1906). Académico da RAH. (1931) e da RAG (1941); …

Vinculado ao galeguismo, participou nas Irmandades da Fala (1918) e na Revista Nos.

Estivo ao fronte da Sección de Prehistoria Seminario de Estudos Galegos (1926).

Publicou na Revista Nos numerosos artigos de arqueoloxía galega.

En colaboración con Bouza Brey publicou *Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza* (1929).

No Boletín da RAG publicou: *Prehistoria Galega. O Neixón* en colaboración con Bouza Brey (1926); *As mámoas do Concello de Lobeira*. (1925); *As mámoas do Concello de Rairiz* (1925); ..

968 Comisión de Monumentos de Orense – Su nueva instalación.BCPMHAO T. X Nº 216 Maio –xuño de 1934. Comisión de Monumentos de Orense – Su nueva instalación.

969 Mercedes Gallego Esperanza. Retratos del Instituto Otero Pedrayo Páx.350.

970 *La Visita de la Comisión de Monumentos a la región de Bande*. BCPMHAO T. X Nº 225 Páxs. 425-430

971 Froito da saída recolleron pezas de granito labradas, un muíño de man, unha xamba ornamentada, unha lápida rota con inscripción adicada a Trajano, fragmentos de tegula, unha cabeza masculina de granito, cerámica e sete cilindros de pedra con esvásticas, unha aguia de bronce, un capitel de columna e outros elementos arqueolóxicos.

Bande e o templo de Loiro. A participación do Gobernador Civil na expedición facilitou aos comisionados a recollida dos vestixios atopados para a súa integración nos fondos do Museo Arqueolóxico. O xornal *Galicia* acolleu con gran satisfacción estas investigacións.[972]

Ilus. 48 Catedral de Ourense.

A Comisión reuniuse en asemblea en xaneiro de 1936 contando coa asistencia do nonaxenario Marcelo Macías, Domínguez Fontela, o bibliotecario Fernández Pérez, Jesús Soria e Cándido Cid. O obxectivo da sesión foi dar conta do Decreto de 8 de maio de 1933 do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes.* A Comisión debateu sobre a conveniencia de conformarse como Junta Local del Tesoro Artístico decidindo finalmente que non era procedente.[973] Esta decisión supuxo a permanencia da Comisión como tal xa que a lexislación contemplaba a súa existencia ata que se conformaran as Xuntas Locais na provincia.

A seguinte asemblea celebrada en agosto de 1937 no domicilio de Marcelo Macías retomouse o proxecto de remodelar a Catedral suspendido por falta de financiación no 1828. A Comisión acordou consultar ao Cabildo e ao Prelado a conveniencia de trasladar o coro da catedral á Capela Maior. Na reunión espúxose o proxecto técnico de Ignacio Palacio que incluía a consolidación e reposición do Pórtico do Paraíso ao seu primitivo estado e a construción dunha escaleira principal ne entrada da Catedral.

Para sufragar as obras a Comisión de Monumentos contaba coas achegas de varios particulares. Bugallo Pita e Cid Rodríguez foron comisionados para representar á Comisión nos asuntos relativos ás obras da catedral.[974]

---

972 La Visita de la Comisión de Monumentos a la región de Bande. BCP*M*HAO T. X Nº 225 Páxs. 425-430

973 AMAO Libro de Actas Sesión de 17 de xaneiro de 1936

974 AMAO Libro de Actas. Sesión de 10 de Agosto de 1937.En El pueblo gallegos.n. 21/08/1937 Páx. 9 recóllese con detalle o proxecto de remodelación da Catedral de Ourense.

A Guerra Civil ocasionou que a Comisión, no 1938, vírase privada novamente de locais ao requirirse o antigo Hospital das Mercedes para uso sanitario. Finalizada a contenda, a pesar da dispoñibilidade do edificio, non se autorizou a Comisión para a reinstalación nestas dependencias.

A Comisión, sen local e sen asignación económica, no 1939 non estaba en situación de reorganizar os fondos do Museo e, por este motivo, o anciá Marcelo Macías solicitou a súa cesión á *Dirección General de Bellas Artes.* Deste xeito os fondos do Museo quedaron baixo a tutela do *Corpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos.*

Marcelo Macías faleceu no 1941 e co seu pasamento a Comisión de Monumentos na práctica deixou existir.[975] No 1942 constituíuse o Grupo Marcelo Macías integrando a Florentino Cuevillas, Vicente Risco, **Xaquín Lorenzo** e **Ferro Couselo**, Carlos Vázquez e Juan Perillé. Este colectivo deu continuidade á publicación do Boletín da Comisión, agora baixo o título de Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense con Xaquín Lorenzo Fernández coma responsable da edición.[976]

Ferro Couselo, desde o Grupo Marcelo Macías, prantexou a situación dos fondos da biblioteca particular da Comisión solicitando que se debatera sobre a súa titularidade dado que a cesión de Marcelo Macías a Dirección Xeral de Belas Artes referíase unicamente aos fondos do Museo. Decidiuse que os volumes permaneceran confiados nos fondos do Museo pero sen integralos no mesmo. Ferro Couselo recabou do Presidente da Deputación unha asignación para os gastos da edición do Boletín.

Ramón Otero Pedrayo (1888-1976).

Orador e literato, naceu en Ourense de familia fidalga. Estudou xunto con Florentino Cuevillas no Instituto de de Ourense onde foi alumno de Marcelo Macías e Moreno López.

Cursou Dereito e Filosofía en Madrid.

Xunto con Risco e Cuevillas publicaron La Centuria (1917) e, no mesmo ano, ingresou nas Irmandades da Fala.

Exerceu a Cátedra de Xeografía no Instituto de Ourense desde 1921.

Estivo vinculado ao galeguismo e despregou unha intensa actividade xornalística na revista Nós, A Nosa Terra, La Zarpa, El Heraldo Orensano,

Participou activamente nas intervencións arqueolóxicas de Bande.

Na súa madurez destacou coma orador e literato ao tempo que exerceu na USC coma catedrático na Facultade de Xeografía e Historia.

975 AHPO Caixa 9181 / Cartafol 1941.

976 AMAO Libro de Actas Sesión de 13 de abril de 1943.

Os antigos comisionados reuníronse no 1943 nunha tentativa de reorganizar a Comisión. Con tal fin celebrouse unha asemblea na cal se nomeou coma Presidente a Florentino López Cuevillas; coma Vicepresidente a Juan Fernández Pérez, a Jesús Soria González coma Secretario e como conservador do Museo a Manuel C. Fidalgo. Nesta asemblea debateuse sobre os rumores provintes de Madrid relativos a venda de obxectos do Museo Arqueolóxico, nesta altura dirixido por Ferro Couselo. Finalmente aclarouse que os obxectos que se ían vender eran propiedade particular de Marcelo Macías e por tanto non formaban parte do fondo do Museo.[977]

Apenas temos constancias de actuación desta reorganizada Comisión. No Boletín do Museo Jesús Taboada alude a que as investigacións que se ían realizar no Castro de Medeiros no1943 contaban co apoio da Comisión de Monumentos e que perseguían localizar o Forum Bibalorum.[978]

En marzo de 1944 reuníronse novamente Florentino López Cuevillas, Jesús Soria, Ferro Couselo e, representando ao alcalde, Xaime Fernández López. O obxectivo da sesión era plantear a solicitude da Declaración de Monumento Nacional para a Igrexa de San Francisco da cidade de Ourense. [979]

O Concello en maio de 1944 consultou á Comisión de Monumentos o seu parecer sobre a colocación no parque de San Lázaro do monumento ao poeta Javier Prado Lameiro. A Comisión manifestouse contraria ao emprazamento en San Lázaro e propuxo a súa localización no Xardín do Posío.Esta foi a última actuación da Comisión que se recolle no seu Libro de Actas.[980]

A Comisión de Monumentos non se disolveu formalmente e perviviu con esta denominación ata ben entrado o período franquista, fora xa do marco cronolóxico deste traballo.

977 O Museo non está xa baixo depedencia da Comisón de Monumentos senón do Ministerio de Educación Nacional.

978 B.B.P.M.H.A.O. T. XIV 1843-44 El castro de Medieros, Jesús Taboada Páx. 281- 288

979 AMAO Libro de Actas Sesión de 3 de marzo de 1944

980 AAMAO Libro de Actas. Sesión de 8 de maio de 1944

9. As achegas da Comisión de Monumentos

9.1. O Museo de Pinturas de Ourense

As Comisións de Monumentos, no seu primeiro ano de existencia, realizaron unha salientable tarefa de recuperación dos bens nacionalizados. A pesares deste relativo éxito en moi poucas provincias se acadou o obxectivo gobernamental de conformar con estos fondos Museos e Bibliotecas. A Comisión de Ourense xunto coas de Córdoba, Oviedo e Xirona figuran entre as que excepcionalmente conseguiron instalar estes establecementos.

Na provincia de Ourense o éxito acadado relacionámolo directamente coa implicación de Bonifacio Ruíz, ex abade do Mosteiro de Celanova, encargado de seleccionar os materiais destinados a formación do Museo e da Biblioteca.[981]

Os traballos de recuperación das pinturas estendéronse durante un ano e medio e concluíron coa formación dun fondo de 128 cadros dos cales tres cuartas partes procedían do Mosteiro de Celanova.[982]

> *Designado para tan delicado cargo D. Bonifacio Ruíz, persoa muy perita en cuestiones artísticas, arqueológicas y literarias, dió inmediatamente principio a tan ardua tarea pudiendo reunir, después de año y medio de incesante trabajo, más de 12.000 volumenes y 128 cuadros, procedentes de Celanova, Osera, Melón, San Clodio, Santo Domingo y San Francisco de Orense, los cuales, de propósito, al parecer, se habían confundido y desfigurado, con objeto de que en ningún tiempo se pudiesen ordenar, ni por consiguiente averiguar sus faltas.*[983]

981 Yolanda Barriocanal e Francisco Fariña publicaron El antiguo Museo de Pinturas de Ourense (1845-1852) ue aborda a formación do Museo, a análise das pinturas eo seguimento da colección ata a súa integración no Museo Arqueolóxico de Ourense. Requejo Alonso na súa teses sobre os Museos Eclesiásticos galegos inclúe ao Museo de Pinturas coma antecedente dos museos eclesiásticos por proceder os seus fondos dos conventos e mosteiros amortizados.

982Fernández Pérez, Juan. *Riqueza artística desaparecida. El antiguo Museo pictórico de la provincia de Orense.* BCPMHAO T. VII Julio-Agosto de 1923 Nº 151

983 BCPMHAO T. XII Nº 252 M*emoria de la Biblioteca Provincial de Orense escrita por D.Juan Fernández , Jefe de dicha Biblioteca, en virtud de Orden del Jefe de la Biblioteca Nacional, Ilmo. Sr. D. Francisco Rodríguez Marí*n. 1º de abril de 1915- Páx. 271-281

O exconvento de San Fernando foi o local escollido para acoller o Museo, compartindo edificio coa Biblioteca da Comisión e co recén instalado Instituto de Segunda Ensinanza. O Museo de Pinturas e a Biblioteca presentáronse ao público conxuntamente coa celebración da apertura de curso académico do Intitulo de 1845. A inauguración oficial retrasouse ata xuño de 1847. Bonifacio Ruíz, en recoñecemento a súa tarefa, foi nomeado Director do Museo e Bibliotecario Maior cun soldo anual de 6.000 reais ao cargo da Deputación. [984]

A Comisión Central, no mes de xaneiro de 1846, felicitou á Comisión de Ourense polos celo desplegado na recuperación e inventariado das pinutras ao tempo que aconsellou aos comisionados que conservaran tamén os cadros recollidos en San Clodio e en Oseira a pesar do mal estado no que se atopaban.[985]

Instalado o Museo procedeuse ao inventariado dos seus fondos. O mesmo Bonifacio Ruíz elaborou o primeiro Caderno do Catálogo de pinturas, remitido á Comisión Central en xullo de 1846. Neste índice incluía unha breve descrición física e un xuízo artístico das pinturas *sacado por ahora de lo que a primera vista representa, sin perjuicio de ampliarle o reformarle en adelante*.[986]

A Comisión de Monumentos, ,este ano de 1846, interesouse na obtención para os fondos do Museo do cadro do *padre Lemos,* da familia dos Amoedo, o cal consideraban moi valioso por ser o único existente deste personaxe. Segundo o informe que remitiron á Comisión Central relativo a esta pintura, *sería digna de figurar na colección do Gabinete de Antigüedades* da RAH[987]

No 1848 as necesidades de espazo do Instituto, no cal nesa altura se pretendía instalar un internado, motivou o traslado dos cadros aos claustros do convento de Santo Domingo, onde estaba instalada a Deputación Provincial (BENSO CALVO, Mª C. 2010: 208). Este traslado supuxo a separación física do Museo e da Biblioteca da Comisión. Nesta nova localización permaneceron os cadros ata o 1852, data a partir da cal foron dispersándose progresivamente polos pasillos e desváns de diversos despachos públicos quedando vinculada a titularidade das pinturas ao goberno provincial.

984 *Riqueza artística desaparcida* BCPMHAO T. VII Julio-Agosto de 1923 Páxs. 82-84

985 *Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos*. Actas. 1846 Sesión 14/01/1846 Páx. 186

986 Os índices pódense consultar en 50-3/2(52a) e 50-3/2(52b)

987 ARABASF 50-3/2(52) 07/07/1846 e 50-3/2(52b)

A Comisión de Monumentos de Ourense no 1858 acadou certo impulso tras anos de crise. Nesta altura interesouse pola conservación das pinturas e, entre outros obxectivos, prantexou á Central a restauración dos cadros: *hallándose la mayoría de los cuadros que componen este Museo provincial en bastante mal estado de conservación, por no haberse empleado cantidad alguna en su reparación, esta Comisión cree necesario proceder a la restauración de aquellos que más lo necesiten*. Para acometer o arranxo das pinturas a Comisión elevou á Central un orzamento estimado de catro mil reais.

A tramitación desta proposta prolongouse durante todo o 1859. Neste ano, Manuel Paz Novoa publicou un artigo no que analizaba brevemente os cadros máis salientables da colección. Tamén sinalaba a urxencia de acadar un local no cal reorganizar a dispersada colección:

> *También es suficiente para que nuestro patriotismo no se satisfaga con la conservación de dichos cuadros en las salas y pasillos de casa de oficinas; es necesario un salón especial, grande y decoroso para conservarlos, no como muebles de adorno, sino como restos de un período de grandezas; no unicamente para conservarlos, sino también para que el joven inspirado pueda cultivar el gusto, y desarrollar imitando el* sentimiento *de lo bello. Pero en esta cuestión como en otras muchas, se tropieza con una dificultad gravísima: cuando se despilfarra dinero en sueldos y pensiones. Séame lícito deplorar aquí la escasa significación política de las provincias, y recordar al Gobierno de la nación el imprescindible deber de fomentar el desarrollo de las artes.*[988]

A Comisión de Monumentos recibiu do Goberno, cara finais de 1859, a partida económica destinada á restauración das pinturas o cal lle permitiu realizar os traballos de reparación entre o mes de febreiro e abril de 1860.[989]

A conciencia de unidade da colección mantívose nas décadas seguintes. Parte das pinturas foron restauradas novamente no 1872. Nos oitenta, a pesar das décadas

988 Bellas Artes: su importancia social.-su desarrollo en Galicia- Museio de Pinturas de Orense. El Ateneo : periódico de intereses materiales, ciencias, artes y literatura Año 1 Número 28 Páxs. 3-6 de 4 octubre 1859 e Revista de Instrucción pública, Literatura y Ciencias". Juan Manuel Paz, 1860 Páx. 377-379

989 AHPO Caixa 91919.181 / Cartafol Ano 1859 / Comisión Central de Monumentos Históricos y Artísticos. 1860. 11/04/1860 Páx. 125

de dispersión, os intelectuais ourensáns realizaron diversos esforzos por reunir os cadros nun local axeitado *(FARIÑA BUSTO,Francisco. 2013: 145-148).*

Os comisionados,, no momento da instalación do Museo Arqueolóxico, contemplaron novamente a recuperación da colección do antigo Museo de Pinturas. Con este obxectivo, solicitaron a particulares e institucións a devolución dos cadros: *se trató de la conveniencia de gestionar la devolución de los cuadros y objetos que han pertenecido al antiguo Museo Provincial, habiéndose acordado completar al efecto el inventario que conserva en su poder el Sr. Amor, y todos los documentos oficiales que puedan suministrar algún dato respecto al paradero de dichos cuadros, entablando después las oportunas reclamaciones*[990]

No momento da inauguración do Museo Arqueolóxico, parte da colección de Pinturas instalouse nas salas contiguas, baixo a custodia da Comisión pero conformando un fondo diferenciado. A titularidade dos cadros seguiu sendo da Deputación pero a proximidade física e tutela efectiva dos comisionados na práctica supuxo a vinculación de ambos fondos.

O Boletín da Comisión recolle no 1913 o un novo intento da Comisión de recuperar os cadros do antigo Museo de Pinturas que permanecían aínda espallados:

> *La Comisión provincial acordó constituír una Junta que se encargue de averiguar por todos los medios posibles, cuantas noticias puedan adquirirse relativas al paradero de los lienzos que figuraban en el antiguo Museo provincial, y que desaparecieron allá por los años de 1850.*
>
> *Se designó al abogado Sr. Ramos Campo, como diputado más antiguo, al Alcalde de esta ciudad, Sr. Taboada González, y á los señores D. Benito F. Alonso y don Marcelo Macías, como vocales de la Comisión de Monumentos, para formar dicha Junta.*
>
> *El cometido de la Junta no se limitará tan sólo á los Centros de la provincia, sino que se extenderá también á los artísticos mundiales.*
>
> *De la expresada junta formará parte el bibliotecario D. Juan Fernández Pérez, á quien la Comisión provincial ha subvencionado para la impresión del folleto*

990 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 15 de febrero de 1897

escrito por dicho señor, y que contiene el catálogo de los cuadros que entonces formaban el Museo y los que actualmente existen á cargo de la Diputación.[991]

O Director da Biblioteca Provincial e membro nato da Comisión, Juan Fernández Pérez, , no 1914 reeditou o catálogo dos cadros que formara Bonifacio Ruíz no 1846. Esgotados os exemplares da reedición, o catálogo publicouse novamente no Boletín da Comisión de Monumentos no 1923.[992]

O incendio de 1927 non afectou directamente ás pinturas, pero a súa vinculación ao Museo da Comisión condenouno a anos de almacenamento insalubre en desváns e almacéns ata a reapertura do Museo Arqueolóxico de 1934 no Hospital das Mercedes. Con esta reinstalación a colección de pinturas obtivo unha sala propia para a súa exposición. Neste xerme de pinacoteca destacaba a inclusión de oitenta augas fortes dos Caprichos de Goya.[993]

Na Comisión persistía a vontade de dar certa continuidade ao que fora Museo de Pinturas a pesar de que custodiaban unicamente quince cadros desa colección. Unha vez máis realizaron un novo chamamento para recuperar os cadros diseminados por diferentes edificios públicos.

En este nuevo museo figura, como atrás hemos dicho, una nueva sala destinada a Iconografía pictórica. De todos es sabido que al organizarse en 1844, esta Comisión de Monumentos llegó a tener un notable museo de pinturas constituído con los cuadros recogidos por miembros de esta Comisión, especialmente por don Bonifacio Ruíz, Abad exclaustrado de Celanova, prebendado de Astorga, en los antiguos monasterios y conventos de esta provincia, los cuales habían quedado abandonados, merced a la inícua desamortización y a la extinción de las Comunidades religiosas

Los cuadros reunidos en Orense en el local de la Comisión de Monumentos eran unos doscientos, según consta en el Catálogo de los mismos publicados por nuestro compañero de Comisión, el Bibliotecario provincial D. Juan Fernández Pérez, y que hemos reproducido en nuestro BOLETIN, el cual fué escrito por el mencionado D. Bonifacio Ruíz, autor también del Catálogo de la biblioteca de

991 BCPMHAO T IV Nª 93 novembro-decembro de 1913 Páx. 391

992 *Riqueza artística desaparcida* BCPMHAO T. VII Julio-Agosto de 1923 Páxs. 82-84

993 *Comisión de Monumentos de Orense – Su nueva instalación*. BCPMHAO T. X Nº 216 maio-xuño de 1934

> *esta Comisión, que después pasó a formar la Biblioteca Provincial, y que actualmente estamos publicando también en nuestro BOLETIN . La historia de esta iconoteca es la de una triste odisea. Se colocaron primero en el antiguo Colegio de Jesuítas, hoy Seminario Conciliar, en varios salones. Más tarde fueron trasladados de allí al Convento de Santo Domingo, donde estaba instalada la Diputación provincial. Después pasaron al actual Gobierno civil, donde se colocaron en salones y pasillos del edificio y otros al Hospital provincial.*
>
> *¿Y que sucedió con estas traslaciones? Que casi todos desaparecieron. El como y quienes causaron esta pérdida, no es del caso decirlo aquí. Consignamos sólo el hecho. Hoy sólo restan quince .cuadros de los ciento noventa que constituyeron el Museo de Pinturas de esta Comisión de Monumentos. Algunos otros se conservan todavía en determinados edificios públicos. De la caballerosidad de los elementos oficiales de la provincia, esperamos su reintegración y devolución al actual museo*[994]

A Guerra Civil puxo fin a esta nova etapa do Museo ao ser requirido o edificio do Hospital das Mercedes para o seu uso coma hospital. Barriocanal e Fariña Busto, aos cales remitimos para o estudo pormenorizado do Museo de Pinturas, no seu traballo sinalan que das 128 obras coas que se conformou inicialmente o Museo so puideron localizar a cuarta parte.

994 BCPMHAO T. X Nº 216 maio-xuño 1934

9.2. A Biblioteca Provincial e a Biblioteca da Comisión

Finalizada a contenda carlista, o Goberno deu instrucións ao Xefe Político da provincia para que, co auxilio da recén instalada Comisión de Monumentos, recuperara os volumes librarios nacionalizados que as *comisión recolectoras* e as *científicas* seleccionaran e reuniran en depósitos nos anos anteriores. Con estes volumes a Comisión debía proceder a instalar unha Biblioteca na cidade de Ourense.

> *En la contestación dada por V.S. á la Real orde de 14 de enero último, por la que se le pidieron noticias acerca de los Museos y Bibliotecas existentes en esa provincia, se dice no haber en ella ningún establecimiento de esta clase: y como semejante respuesta no puede satisfacer los deseos de S. M., puesto que algún destino se ha de haber dado á los libros y cuadros que contenían los suprimidos conventos, es su voluntad que en unión con la Comisión de Monumentos históricos y artísticos informe V.S. acerca de las causas que han existido para no estar reunidos aquellos objetos artísticos, como asimismo del paradero que tengan, dedicándose además con afán a recogerlos para evitar su pérdida."*[995]

A Comisión de Monumentos delegou no seu comisionado Bonifacio Ruíz a formación dunha *comisión investigadora con amplos poderes* para a selección dos fondos librarios e para acometer a súa derivación á capital.

Para financiar o traslados da documentación e volumes escollidos o Goberno autorizou a venda ao peso dos volumes duplicados e dos materiais librarios de menor valor. As dificultades técnicas e o costo do traslado dos libros e documentación limitou o volume dos fondos seleccionados e ocasionou a destrucción dun inxente volumes

> *los libros y códices, completamente abandonados a la rapacidad y a la ignorancia de las gentes indoctas, fueron destinados a formar camas para los ganados en las cuadras y patios de labranza, y otros arrebatados por los coheteros y tenderos, sirvieron para los menesteres de su oficio.*[996]

Os fondos escollidos foron inicialmente trasladados ao ex convento de San Fernando onde se levaran a cabo obras de reforma para a instalación da Biblioteca. Finalmente desbotouse esta ubicación e a Biblioteca instalouse no edificio do Instituto

995 R.O. de 30 de xullo de 1844 e BOPO. Ano 1848 8 de Agosto. Nº 94 Páx. 2

996 BCPMHAO T. VIII Novembro- decembro 1927 Nº 177 Páx. 143

de Sengunda Ensinanza. A inauguración da Biblioteca coincidiu coa apertura do curso do Instituto de 1845 e, a partir desta data, os fondos quedaron ligados á institución de ensino.

Bonifacio Ruíz foi nomeado Bibliotecario Maior, con 6.000 reais de soldo, e Juan Leonato ocupou a praza de auxiliar, dotada con 3.000 reais.[997] Ata ben entrado o 1846 dedicáronse á elaboración dos catálogos dos volumes, elevados puntualmente á Comisión Central.

O Goberno, no 1848, apartou ás Comisións de Monumentos da tutela das bibliotecas conformadas cos volumes nacionalizados ao decretar a súa conversión en bibliotecas provinciais. No caso de Ourense, esta instrución foi acatada con manifesto desgusto polos comisionados. A perda da tutela dos fondos librarios coincidiu no tempo coa separación física da Biblioteca e do Museo de Pinturas, recén trasladado aos Claustros de Santo Domingo. No ano seguinte, o comisionado e bibliotecario Bonifacio Ruíz trasladouse a Astorga o cal supuxo a perda do vinculo da Comisión coa Biblioteca. [998]

Bonifacio Ruíz, logo do seu traslado a Astorga, mantivo os seus vínculos coa Comisión e co Instituto. Na década dos sesenta, realizou varias doazóns á Biblioteca provincial, unha no 1860, de seiscentos volumes e outra de corenta volumes no 1863.[999]

A Biblioteca Provincial consolidouse nos anos seguintes. Nos anexos do discurso de apertura do curso do Instituto de 1859 publicouse a modo de anexo un inventario dos fondos confeccionado por Juan Leonato, que reflectía un volume de 10.441 obras. No mesmo discurso recollíase que a Comisión de Monumentos integrara na Biblioteca neses ano *168 volumenes procedentes de Montederramo, en donde se estaban destruyendo entre el polvo y el olvido*.[1000]

Non afondamos na traxectoria da Biblioteca Provincial posterior por estar desvinculada da Comisión. Sinalamos unicamente que Juan Leonato sucedeu a Bonifacio Ruíz coma Xefe da Biblioteca ata maio de 1875, data na cal accedeu ao

997 BCPMHAO T. XII Nº 252 Maio-xuño de 1940. Páx.s 271-28

998 BOPO Nº 24 de 24/02/1852

999 BCPMHAO T XII Nº 252 maio-xuño de 1940. Páx. 272

1000 *Memoria del Instituto de Segunda Enseñanza de Orense leida en la apertura de curso 1859 a 1860*.

cargo Juan Manuel Amor. Desde o Regulamento das Comisións de 1865 recolleuse a participación nas Comisións coma membro nato dos Xefes das Bibliotecas Provinciais. A Blanco Amor atopámolo participando en diversas actuacións da Comisión, entre elas a inspección dos ortostatos de Codesás.[1001]

Juan Fernández Pérez sustituír no cargo a Amor no 1911 e participou como membro nato da Comisión ata o 1918. A partir de 1923 incorporouse novamente na Comisión nesa altura coma académico da RAH A súa implicación na Comisión materializouse na publicación no 1915 dun informe sobre a Biblioteca no Boletín no cal cuantificaba os fondos en 15.590 volumes e 2.269 duplicados.[1002] Xa aludimos a súa intervención na reedición dos catálogos do Museo de Pinturas.

O fondo da Biblioteca Provincial foi totalmente destruído no incendio de 1927. Nesa altura contaba cuns 20.000 exemplares, entre os que figuraban códices, manuscritos, tumbos, catorce ou quince incunables e valiosas edicións de Arte, Historia, Aritmética, Filosofía, Teoloxía, Patrística, Hermenéutica e toda clase de disciplinas eclesiásticas. Destacaban pola súa valía o Códice Pasionarium e un Códice visigótico do século X provinte do Mosteiro de Celanova. Segundo sinalou a prensa local apenas puideron salvarse das lapas unha pequena parte dos seus fondo, grazas a Domínguez Fontela.[1003]

O incendio da Biblioteca Provincial tivo un forte impacto na sociedade ourensán.[1004] Vicente Risco e Otero Pedrayo, entre outros intelectuais, organizaron recadación de fondos para mercar novos libros e solicitaron doazóns de obras a particulares e institucións.

A nova Biblioteca, a altura de 1940, atravesaba unha situación precaria. Juan Fernández Pérez, nun informe publicado no Boletín, denunciou que unicamente contaba co auxilio dun mozo para tarefas de limpeza. Consideraba imprescindible crear unha praza de porteiro para o selado de libros, servizo ao público, correspondencia e vixilancia do fondo, tarefas asumidas por el nesa altura.[1005] No ano

1001 BCPMHAO T XII Nº 252 maio-xuño de 1940. Páx. 273

1002 BCPMHAO T XII Nº 252 maio-xuño de 1940. Páx. 275

1003 Un incendio destruyó el ala izquierda del Instituto de Orense. El heraldo gallego. Órgano de las colectividades gallegas en el Plata Nº 737 11/12/1927 Páx. 8

1004 Consultar revista A Nosa Terra Nº 266 e A Zarpa La Region e El Maestro orensano

1005 BCPMHAO T XII Nº 252 maio-xuño de 1940. Páx. 287

seguinte, Ferro Couselo púxose ao fronte da Biblioteca Provincial coma facultativo do Corpo de Arquiveiros, Bibliotecarios e Arqueólogos.[1006]

A Comisión de Monumentos, desposuída da Biblioteca que creara cos fondos nacionalizados, non renunciou a ter unha colección propia tras a *expropiación* de 1848. Ao longo dos anos seguintes conseguiu formar un selecto fondo bibliográfico a través de adquisicións, doazóns e intercambio de publicacións.

Otero Pedrayo, referíndose a esta Biblioteca particular, afirmaba: . a *biblioteca aquela non era grande, pero era escollida e, sobre todo, alí estaban revistas españolas, portuguesas e estranxeiras que nos tiñan ao tanto das últimas investigacións. Ademais podíase estudiar alí a Mortillet, a Cartailhac e outros clásicos da Prehistor*ia. (OTERO PEDRAYO 1980:158).

Esta Biblioteca propia da Comisión contaba, no momento do incendio de 1927, cuns seiscentos exemplares que os comisionados conseguiron salvar das lapas. O fondo estaba conformado por obras selectas entre as que figuran incunables, manuscritos, pergaminos, documentación oficial, libros de actas e a colección completa da Calcografía Nacional. No incendio perdéronse unicamente 176 números do Boletín da Comisión, coleccións de revistas nacionais e estranxeiras, reproducións a gran escala de monumentos da provincia e un mapa mural de Domingo Fontán.[1007]

A partir do incendio o fondo bibliográfico da Comisión seguiu un destino parello aos materiais do Museo Arqueolóxico. Logo da súa breve instalación no edificio do antigo Hospital das Mercedes voltou de novo as caixas con motivo da Guerra Civil. Ferro Couselo, no 1943, recén incorporado ao fronte da Biblioteca Provincial, prantexou a situación deste fondo. Os integrantes do Grupo Marcelo Macías optaron por mantelo xunto cos obxectos do Museo Arqueolóxico.[1008]

1006 OLGA GALLEGO. D. Xesús Ferro Couselo, arquiveiro. Xesús Ferro Couselo. 1996 Páx. 83

1007 BCPMHAO T. VIII Decembro-novembro de 1927 Nº 177

1008 AMAO Libro Actas da CPMHAO Sesión de 13 de abrl de 1943

9.3. Intervencións arqueolóxicas prácticas

Actuacións arqueolóxicas de Barros Sibelo

A RAH, cara os anos sesenta, promoveu o estudo das vías romanas estimulando estas investigacións coa concesión de Premios. Neste contexto, Cid de la Concepción informara no 1858 á Academia de varios achados realizados no entoxo da vía romana ao seu paso por Xunqueira de Ambía. A Academia, con motivo do seu pasamento no 1859, contactou coa Comisión de Monumentos para solicitar que se continuaran as investigacións do finado.

A Comisión delegou en Barros Sibelo[1009] a continuación das investigacións dado que tiña xa realizados estudos previos sobre a Vía de Braga a Astorga.[1010] O investigador completou as súas investigacións durante o 1860 realizando un amplo informe complementado cun mapa da vía romana. Finalizadas estas investigacións que lle valeran un segundo premio da convocatoria anual da RAH o afeccionado arqueólogo rexeitou a compensación económica ofertada pola Comisión de Monumentos.[1011]

Durante o 1861 continuou a súa investigación sobre a Vía de Braga a Astorga no seu tramo portugués por encargo da Real Academia das Ciencias de Lisboa. Esta investigación levou consigo a elaboración dun plano da Vía en toda a súa extensión. O traballo realizado outorgoulle o recoñecemento coma académico correspondente da Academia lusa.

Barros Sibelo, entre 1861 e 1862, dedicou amplos esforzos á localización do mítico Monte Medulio. Seguro de ter localizado o célebre enclave, reclamou a atención da RAH solicitando, sen éxito, que unha delegación académica comprobara as súas teses.[1012]

1009 Para afondar na biografía e obra de Barros Sibelo consultar o traballo propio MARTINEZ RODRÍGUEZ, Ana Cruz. Ramón Barros Sibelo. Aproximación biográfica (1828-1903). Boletín Auriense. 2010

1010 ARAH CAOR/9/7965/04 Borrador que recolle os puntos pendentes de aclarar relativos aos estudos de Cid de la Concepción.

1011ARAH CAOR/9/7965/05

1012ARAH CAOR/9/9765 (37) 1861/09/07 Consultar o informe remitido á RAH en:

Nesta primeira década dos sesenta remitiu á RAH, coa intermediación da Comisión, numerosos informes relativos a varios achados arqueolóxicos na provincia de Ourense. Os arquivo da RAH acollen unha notificacións sobre un epígrafe e a copia dun miliario descuberto en Vilar de Santos;[1013] un informe sobre tres inscricións de Portela do Home;[1014] noticias sobre un miliario e varias inscricións achados en Lobios;[1015] copias de tres miliarios, entre eles o de Máximino e Máximo atopado en Xinzo no 1758;[1016] un informe sobre as mansións da vía de Braga a Astorga;[1017] tres calcos de miliarios e vinte e sete moedas de cobre e dez de prata;…[1018]

A RAH recibiu tamén informes seus sobre investigacións efectuadas na provincia da Coruña. Ente eles, debuxos de moedas e unha inscrición romana;[1019] un informe sobre a doazón dun pergamiño do século XV e a transcrición dun novo epígrafe;[1020] un informe sobre moedas e diversos obxectos arqueolóxicos coruñeses;[1021] desde perto de Iria Flavia remitiu a copia dunha inscrición funeraria romana e a transcrición dun novo epígrafe;…[1022]

O redor de 1863 Barros Sibelo fixou a súa residencia na Coruña. Despois deste ano seguiu realizando investigacións puntuais na provincia de Ourense. Nesta provincia no 1864 inspeccionou unha sepultura galo-romana atopada no entorno da que creía vía romana na parroquia de Poulo, Ourense.[1023] No 1866 remitiu á RAH un

---

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310551&portal=111 Ante o desinterés da RAH optou por publicar o no 1863 en diferentes publicacións co títulos Apuntes Arqueológicos de Galicia. El monte Medulio. Nestes anos publicou tamén varíos traballos teóricos de contido histórico sobre Ourense en diversas revistas galegas.

1013RAH CAOR/9/7965/3 (9)

1014 RAH CAOR/9/7965/05(24)

1015 RAH CAOR/9/7965/5(23) e sucesivos ata (35)e 1861 e CAG/9/7980/34 (101)

1016 PALAZÓN /CEBRIÁN. *Manuscrito sobre Antigüidades de la Real Academia de la Historia*.2006 Páx. 296.

1017 CAG/9/7980/34 (100)

1018 RAH CAOR/9/7965/5(32)

1019 RAH AC/9/7953/3 (1); CAC/9/7953/3(2); CAC/9/7953/3(3).

1020 RAH CAC/9/7953/3 (4); CAC/9/7953/3(5)

1021 RAH CAC/9/7953/4(1); CAC/9/7953/4 (2); CAC/9/7953/4(4)

1022 RAH CAC/9/7953/04(1)

1023 RAH CAOR/9/7965/07(2) 22/03/1864

informe titulado *Nota de Miliarios y monedas de Galicia*.[1024] Nesta segunda metade da década colaborou tamén asiduamente coa RABASF na confección de informes teóricos sobre a Catedral de Ourense. A Comisión de Monumentos intermediou nestes anos entre Barros Sibelo e ás Academias na remisión dos seus informes e materiais arqueolóxicos.

Barros Sibelo acadou o título de correspondente de ambas academias no 1867 e integrouse na Comisión de Monumentos de Ourense no 1868a pesares de residir na Coruña.[1025] Nestes anos participou tamén coma comisionado na Academia de Arqueoloxía, reinstalada nos sesenta, a cal remitiu ao menos tres informes de contido arqueolóxico.

A actividade de Barros Sibelo tomou novo pulo no contexto da República, actuando xa como membro da Comisión. Sabemos que no 1867 mantivo correspondencia co Museo Arqueolóxico Nacional ao cal ofertou a adquisición dos torques de ouro aparecidos en Allariz (FRANCO MATA, A. 2005:133). Tamén no 1867, informou á RAH da descuberta dun miliario e unha moeda visigótica.[1026] O ano seguinte doou a esta Academia unha moeda de ouro de Eduardo V de Inglaterra[1027] e, no 1868, envioulle un calco dunha moeda de Égica e debuxos de dúas pedras con grabados de Vide, Ribadavia, e de *Ginzo de la Cuesta*, Maceda.[1028]

Ilus. 49 Gravaduras de Ribadavia e Maceda.

1024 RAH CAIOR/9/3931/05(2) 22/02/1866

1025 O segundo premio obtido polo seu traballo da Vía de Braga a Astorga de 1861 conlevaba a concesión do título de académico.Barros Sibelo tivo que reclamalo persoalmente ao longo da década.

1026 RAH CAC/9/7953/5(1);CAC/9/7953/5(2); CAC/9/7953/5(3); CAC/9/7953/5(5); CAC/9/7953/5(7)

1027 RAH CAC/9/7953/5 (6)

1028 RAH CAOR/9/7965/08(2) 30/04/1868

Especial relevancia tiveron nestes anos da República os seus estudos da etapa prehistórica que o sitúan nos albores das investigacións da prehistoria galega, adiantándose en varios anos ás de comezos dos setenta de Villaamil y Castro. Barros Sibelo sostivo, nun informe remitido á RAH no 1868, que estudara ata corenta e catro puntos da xeografía galega nos cales practicara escavacións en mámoas. Neste extenso informe afirmaba ter despoxado ata trinta túmulos do manto de terra que os recubría.[1029]

A descuberta de poboados lacustres nos lagos suízos estimulara nestes altura a procura de vestixios similares por toda Europa. Neste contexto Barros Sibelo interesouse polos vestixios arqueolóxicos da Lagoa de Antela sobre os cales remitiu un informe á RAH no 1869.[1030] A falta de fondos impedíralle abordar estudos prácticos na lagoa pero localizara nela dúas pedras da *edad de la piedra pulimentada* no transcurso das obras de drenaxe da lagoa.[1031] No que se refire as investigacións prehistóricas sinalamos tamén que atopou en Ourense, Pontevedra e Lugo lanzas de ferro que remitiu ao Museo de Artillería de Madrid.[1032]

As investigacións de Barros Sibelo foron intensas tamén no que se refire ao estudo dos castros. En *Antigüedades de Galicia* (1875) afirmaba ter recoñecidos ata 331 e deixado de visitar tres veces máis.[1033] Os seus estudos pioneiros sobre estes vestixios levárono a determinar que a súa forma era predominantemente elíptica e funcionalmente outorgoulles unha utilidade de fortificacións da etapa romana.

A primeira metade dos setenta dedicouna á preparación da súa obra de síntese *Antigüedades de Galicia* (1875). A partir desta data a súa produción descendeu significativamente.

1029 RAH CAOR/9/7965/09 (5)

1030 RAH CAOR/9/7965/09(4) (5) Consultar informe en

http://bib.cervantesvirtual.com/FichaObra.html?Ref=310563&portal=111

1031 Unha delas considéraa a punta dun dardo ou frecha e a outra un machado ou obxectivo cortante. Afirma que "…. unido esto a otros descubrimientos anteriores, me hace sospechar que es probable se encuentre en la laguna, restos de una ciudad lacustre por este motivo propón á Academia que solicite ao Ministerio de Fomento que nos traballos de drenaxe, no caso de continuarse, se tomasen as medidas para "la conservación de todos los objetos que allí se encuentren, á evitar que manos profanas ocasionen estravio y pérdidas que quizás pasen a enriquecer otros museos estrangeros." Murguía en Galicia referíndose aos achados e estudos de Barros Sibelo dun mazo ou pilón achado na Lagoa de Antela afirma "no nos atrevemos a copiarlo, ni á creer al autor bajo su palabra" (MURGIA, M. 1865:37).

1032 *Antigüedades de Galicia*, Ed. 2007:110

1033 Os seus informes a RAH en cambio apenas recollen investigacións sobre castros.

A RAH, logo de anos de colaboracións de Barros Sibelo, reproduciu nun dos sus Boletíns de 1877 un antigo informe interno relativo ás investigacións que realizara no 1860 sobre a vía romana. O informe descalificaba o seu estudo afirmando que non estaba debidamente documentado e que os calcos das inscricións foran obtidos de xeito inadecuado. Segundo o informe os datos aportados por Barros Sibelo eran *utilísimos y de mérito pero distan mucho de la perfección y carecen del método de las obra hechas con preparación más madura y por esta razón es estéril la mucha fatiga, y se malogran los más hidalgos esfuerzos*.[1034]

Nas décadas seguintes, afincado en Zas, continuou as súas investigacións e participou puntualmente nalgunhas asembleas da RAH en Madrid durante os oitenta. A súa produción de informes para ás Academias cesou e a súa participación na vida pública reduciuse ao mínimo.

O seu interese pola arqueoloxía documentámolo ata o final da súa vida dado que no 1901 seguía realizando investigacións arqueolóxicas estivais. Finou no 1903.

Intervención no Monte Codesás, Melón-Rivadavia. 1874

A Comisión de Monumentos acometeu a súa primeira intervención arqueolóxica de relevancia na primeira metade de 1874, no tramo final da República. O médico Rafael Reguillo informara aos comisionados da existencia de vestixios arqueolóxicos no monte de Codesás, perto de Melón. Con tal motivo celebraron unha asemblea no mes febreiro na cal determinaron conformar unha subcomisión para a inspeccionar os vestixios, recentemente removidos por buscadores de tesouros.

A comitiva que inspeccionou os vestixios no mes de abril estaba conformada polo comisionado Venancio Moreno o paleógrafo do corpo de bibliotecarios Juan Manuel Amor e o médico Rafael Reguillo, con experiencia en arqueoloxía e numismática.[1035]

A estrutura inspeccionada estaba composta por seis rochas dispostas a modo de recinto cónico que estaban removidas do seu lugar orixinario, probablemente polos buscadores de tesouros da localidade.

1034 BRAH T.1 1877 Caderno 2 Informe VI *Sobre los trabajos de Fray Pedro Cid y del sr. D. Ramón Barros Sibelo para ilustrar el segundo camino de BRAGa á Astorga*.

1035 Rafael Reguillo y Tardio (-1884). Profesor de medicina e cirurxía.



Ilus. 50 Ortostatos de Melón.

Os investigadores identificaron os vestixios coma unha estrutura destinada a albergar un sarcófago ou enterramento e relacionárono coa existencia de lendas locais do entorno. Na súa opinión as rochas que conformaban o conxunto foran transportadas ata o lugar.

Na inspección apreciaron nos ortostatos do probable dolmen a presenza de insculturas pintadas de vermello e negro. Cuestionaron a antigüidade das gravaduras negras as que consideraron que poderían ser recentes.[1036]

Cronoloxicamente adscribiron os símbolos á etapa prerromana, sen conexión cos alfabetos gregos, árabes ou a calquera outros sistemas alfanumérico coñecidos.

Sobre a inspección realizada redactáronse dous informes, un firmado por Rafael Reguillo[1037] e outro por Vicente Moreno[1038] remitidos ambos á RAH Segundo recolleu Vicente Moreno no seu texto, non se podía concretar con seguridade se as rochas constituían un monumentos antigo ou se eran restos das canteiras destinada á construción do mosteiro de Melón.[1039]

O informe de Venancio Moreno foi publicado no *Heraldo Gallego* e tivo un relativo eco nos xornais e nos boletíns oficiais de numerosas provincias.

<u>As intervencións arqueolóxicas da Comisión</u>

A Comisión de Monumentos comezou as xestións para a instalación do Museo Arqueolóxico cara mediados dos noventa e concluíron coa apertura ao público no

1036 ARAH CAOR/9/7965/10(2)

1037 ARAH CAOR/9/7965/10(1)

1038 ARAH CAOR/9/7965/10(2)

1039 Vicente Moreno. *Informe…del exámen de las piedras halladas en el Monte de Codesás. El Heraldo Gallego*. Nº19 07/05/1874 Páxs. 19-21

1898. Neste intervalo, os comisionados realizaron numerosas saídas de campo e intervencións arqueolóxicas prácticas nas cales recolleron abundantes materiais para o Museo. As obras públicas acometidas nesta etapa por individuos vinculados á Comisión contribuíron tamén a localización de vestixios da antigüidade en toda a provincia.

A Comisión, prestixiada coa incorporación de Marcelo Macías, era percibida na sociedade ourensán coma un referente ao que comunicar toda clase de achados arqueolóxicos. Estas comunicacións con frecuencia daban lugar a visitas de inspección dos comisionados aos lugares onde se produciran os achados. Cando os fondos o permitían, xestionábase a incorporación dos obxectos recuperados ao Museo ou ben intermediaban na súa adquisición para as Academias.

O Libro de Actas, desde 1895, e do Boletín da Comisión, desde o 1898, nos permiten achegarnos a numerosas *intervencións arqueóloxicas* realizadas directamente polos comisionados.

Unha das inspeccións da Comisión máis salientables desta etapa foi a de Pentín e Cigarrosa. Pereiro Rey, en maio de 1896, convocou unha asemblea a raíz da publicación no xornal *El Eco de Orense* do achado de vestixios arqueolóxicos no lugar de Pombar onde apareceran restos romanos dunha sepultura, un vaso de arcilla, unha medalla de bronce e un prendedor de cabelo. A Comisión designou a Marcelo Macías, Manuel Hermida e Arturo Vázquez para que inspeccionaran o lugar onde consideraban que podía localizarse o Forum Cigarrorum.[1040]

Os comisionados inspeccionaron o lugar de Pombar e, a seguir, desprazáronse á Cigarrosa onde recentemente se desenterrara un muro. O propietario da finca permitiulles escavar unha zanxa o redor do muro onde desenterraron a estrutura dun recinto. Despexado o paramento exterior atoparon a franxa dun mosaico axadrezado de 25 cm. de cor branco, vermello, amarelo e gris. Na parte inferior do muro deron co que consideraron un conducto de augas e, no paramento interior, con tres escadas. Nos dous muros laterais apareceu un segundo mosaico moi deteriorado con cunchas, estrelas de mar e outros motivos mariños. Completada a limpeza, deixaron a vista un mosaico similar en mellor estado de conservación. Entre os materiais de desescombro acharon trozos de cemento, tellas, ladrillos romanos, baldosíns e lousas. Atoparon tamén fragmentos do que podería ter sido unha pila de baño.

1040 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 23 de maio de 1896 e Sesión de 22 de xullo de 1896

Ante as dificultades para trasladar ao Museo Arqueolóxico os obxectos localizados recolleron unicamente un fragmento do mosaico e parte so pilón. Os comisionados deron instrucións ao dono do solar para que desescombrara o resto do recinto coa axuda de varios obreiros e para que logo o cubriran novamente para protexelo.

Os comisionados interpretaron o recinto descuberto coma un posible baño dunha casa particular, tanto polas canalizacións como polo que podería ser un desagüe. Dado o reducido do recinto descartaron que se tratara de termas públicas. A Comisión recolleu o resultado das súas investigacións nun informe que publicou no seu Boletín e remitiu á RAH.[1041]

As investigacións realizadas na Cigarrosa tiveron un custe de199,19 pesetas.[1042] Os comisionados non puideron continuar coas exploracións por falta de recursos polo cal aprazáronas e pediron ás persoas ilustradas de Pentín que os mantiveran informados sobre calquera novidade arqueolóxica que sucedera no distrito.[1043]

Segundo o Boletín, a comezos de 1898, a Comisión recibiu noticias de que no marco das obras da estrada de Orense a Celanova, atopárase no lugar de Barjiña, restos de cimentos de edificios, canalizacións de augas e parte dunha antiga galería subterránea. A Comisión unha vez máis tivo que pospor as inspeccións dos restos por falta de recursos. Manuel Hermida unicamente pudo recoller no lugar tellas, pesas de tear e anacos de ladrillo.[1044]

Periodicamente a Comisión recibiu doazóns particulares de vestixios arqueolóxicos, testemuña da extensión da práctica arqueolóxica por parte de afeccionados. Juan Palacios doou á Comisión en maio de 1898 unha vasilla romana atopada en Pentín. Este colaborador informou á Comisión de que no desmonte da vía férrea, entre Barco e a Rúa, aparecera alfarería romana, a sección dun muro e dunha vía ou calzada. Notificou tamén a existencia da entrada dunha galería na Cigarrosa e do achado dun anaco de muíño de man e sepulturas formadas con lousas de pizarra no Barco de Valdeorras. Tamén informou da aparición dun anaco de inscrición romana

1041 AMAO Libro de actas. Sesión 12 de decembro de 1896Nos arquivos dixitalizados da RAH non atopamos nin o informe remitido desde a Comisión nin dictame académico sobre el.

1042 AMAO Libro de actas. Sesión 22 d julio de 1896

1043 *Informe sobre el descubrimiento y estudio de un mosaico y otros restos de la época rmana en Rúa-Petín*. BCPMHAO Nº1º marzo 1898 Páx. 2-10

1044 BCPMHAO T I Nº 2 Maio de 1898 Páx. 37

no monte do Viso, en Nocelo da Pena. A Comisión pediulle que lle ampliara todos estes informes por escrito.[1045]

Na primavera de 1898, Manuel Hermida obtivo informes sobre o achado de vestixios no Monte Louredo onde tempo atrás se descubrira una lápida entre Rexa e Freixendo, a oito kilómetros de Ourense. Manuel Hermida, Marcelo Macías e Arturo Vázquez desprazáronse a este punto para mercar a lápida e obter noticias dos anacos de armas e outros restos que se atoparan no lugar.[1046]

A Comisión inspeccionou, en setembro de 1898, as obras de explanación da estrada de Ourense a San Clodio, nun punto situado entre Astariz e a Cavadiña onde apareceran anacos de tella e ladrillo de época romana.[1047] Marcelo Macías visitou tamén neste ano a área de Castro Caldelas onde realizou investigacións sobre o tramo da vía romana.[1048]

O enxeñeiro Díez Sanjurjo ingresou na Comisión no 1902 en consideración ás numerosas achegas de vestixios arqueolóxicos realizadas ao Museo nos anos anteriores. Efectivamente entre 1900 e 1910 realizou numerosos estudos e prospeccións arqueolóxicas na provincia que lle permitiron reunir unha salientable colección particular de antigüedades e vestixios arqueolóxicos cos que con frecuencia agasallaba as súas amizades.[1049] A

A maior parte da información coa que contamos das súas intervencións é a referida aos obxectos recuperados. No 1900, procedentes da provincia de Lugo, o Museo da Comisión recibiu en depósito dous machados de pedra, un de ferro, un anel de bronce, un anaco de vaixela de barro e un fragmento de brazalete de pedra e, como doazón, ingresou quince moedas romanas e hispano-cristianos de cobre e de bellón.[1050]

A comezos de século realizou investigacións sobre mámoas entre Cea e Villamarín, nunha área de noventa metros cadrados. Neste lugar inspeccionou ata

1045 BCPMHAO T I Nº2 Maio de 1898 Páx. 38

1046 BCPMHAO T I Nº2 Maio de 1898. Páx. 32

1047 BCPMHAO T I Nº4 Setembro de 1898. Páx. 72

1048 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión Extraordinaria de 6 de outubro de 1898

1049 Emilio Montero doará catro puntas de pedernal e un cuarzo traslucido agasallo de Díez Sanjurjo á colección do Museo. BCPMHAO T XX 1959-60 Fasc. I-IV Páx. 65

1050 BCPMHAO T. I Nº 17 novembro 1900

sesenta mámoas das cales solo unha parte estaban intactas. Dez das mámoas estaban no lugar de Orbán, sete en Ardesende, tres en San Facundo, oito en Carballino, dúas en Covas, sete en Vilar e vinte e tres entre Porto Amieiro e Ardesende. Estes estudos aportaron abundante información sobre a composición dos enxoivales funerarios dos túmulos galegos. Entre os obxectos atopados figuraban un machado e unha gubia.[1051]

En decembro de 1901, Díez Sanjurjo agasallou novamente ao Museo con varios obxetos artístico, entre eles, restos de muíños romanos.[1052] O Boletín da Comisión recolle tamén as investigacións realizadas por Díez Sanjurjo e ao longo de 1902 en vías romanas e en varios castros:

> *En el castro de Soulecín, entre el Barco de Valdeorras y Santiago, al hacer excavaciones e una carretera en construcción se encontró un gran depósito de monedas lenticulares de Bronce pertenecientes a la época romana. De ella pudo recoger el Sr. Sanjurjo unas 800 que exhibió a la Comisión y regaló después a la misma para que figuren en el Museo provincial. El ofrecimiento del Sr. Sanjurjo fue aceptado con viva gratitud por sus compañeros.*
>
> *También manifestó el Sr. Sanjurjo que en el lugar de Otero, entre Villamarín y la Rúa de Valdeorras, en el paso por aquel punto de la vía militar de Braga á Astorga, se encontró un trozo de friso de mosaico en mármol de una dimensión aproximada de 90 x 40 cents; y finalmente que a unos 200 metros de Rubiana, y también en el paso de la vía militar, se han encontrado ladrillos de grandes dimensiones y dos urnas de barro, que a pesar de sus gestiones no le fue posible recoger.*[1053]

Díez Sanjurjo realizou tamén investigacións na Lagoa de Antela que animaron a Manuel Hermida e Fernández Alonso a visitala o lugar a finais de 1902 para estudar os túmulos e vestixios aos que aludira.[1054]

1051 Vázquez Núñez *Las Mámoas* BCPMHAO T. I Nº 20 xuño 1901Páx. 351

1052 BCPMHAO T.I. Nº 23 setembro 1901 Páx. 408.

1053 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 13 de enero de 1903 Páx. 104 BCPMHAO T II Nº 29 novembro decembro de 1902

1054 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 12 de decembro de 1902

Díez Sanjurjo realizou novas doazóns ao Museo a finais de 1903, procedentes das obras dunha estrada que cortaba en varios puntos a vía militar de Braga a Astorga. [1055] Nesta altura tamén doou un mosaico romanos enterrado nunha finca de S. Miguel de Outeiro, Villamartín; anacos de tella e de vasilla atopados en Pueblica e dúas lápidas romanas inseridas nos muros derruídos da capela da Magdalena en Piñeiro de Trives. [1056]

As investigacións de Díez Sanjurjo continuaron no ano seguinte segundo testemuñan os vestixios ingresados no Museo no 1905 entre os que figura un machado de bronce atopado en Feás, Borborás, un estilo de bronce de Berguidum Flavium, unha chave e anacos de fíbulas e outros obxectos.[1057] O Museo recibiu novas doazóns súas nos meses seguintes, nestes caso un cipo de granito cunha cabeza humana basta e unha inscrición achada no pé do castro de San Facundo en Cea.[1058]

A maior parte das investigacións de Díez Sanjurjo están vinculadas co seu proxecto de determinar o itinerario da vía Nº 18 de Antonino. Con este fin dedicara anos á realizar prospeccións e a recoller informacións sobre achados arqueolóxicos e mesmo promovera ás inspeccións de terceiros: *á instancias nuestras, varios amigos han practicado algunas excavaciones cerca de la Vía, poniéndola al descubierto en diferentes sitios.*[1059]

O froito dos seus estudos sobre a vía romana recolléronse no seu extenso traballo *Los caminos antiguos y el itinerario Nº 18 de Antonino en la provincia de Orense* publicado por entregas no Boletín da Comisión. [1060] Este traballo inclúe un mapa da vía romana no seu trazado pola provincia de Ourense, incluído tamén no Boletín.

O seus artigos apórtanos novas referencias sobre a localización de numerosos vestixios arqueolóxicos da provincia. De Ponte Liñares afirmaba conservar varias

1055 BCPMHAO T. II Nº 34 setembro-outubro de 1903 Páx. 187. Unha das lápidas atopadas é recollida no número seguinte do Boletín. *La Epigrafia latina de Orense. Suplemento* (Inclasificables. Nº 4 Váquez Núñez). BCPMHAO T. II Nº 35 Novembro- decembro de 1903. Páx. 190

1056 AMAO Libro de Actas da CPMHAO. Sesión de 10 de xaneiro de 1904

1057 BCPMHAO T.II Nº 45 Páx. 375

1058 BCPMHAO *La epigrafía latina en la provincia de Orense.* Vázquez Núñez, A. 1906 T.III Nº49 Páx. 24

1059 BCPMHAO T III Nº 52 Setembro-aoutubro de 1906 Páx. 75

1060 BCPMHAO T. III Nº 48, 51, 52 e 56 de 1906 / 57,58 e59 de1907 / 60, 62 e 63 de 1908

moedas, en Porqueira localizara restos de tellas, en Ganade atopara un áureo de Vespasiano e unha lápida xunto a vestixios de edificacións.[1061] No castro de Medorra atopara fustes de columnas, pedras labradas, tellas e outros materiais cedidos ao Museo. Neste estudo alude ás inspeccións realizadas nos castros de Camba e Burgo.[1062]

O seu interese por aclarar o itinerario das diversas vías romanas levouno a realizar investigacións na procura de numerosas inscricións. Entre outras, busco sen éxito o epígrafe que os autores antigos situaran no ponte Bibey. Tampouco puido atopar a dedicatoria a Júpiter Ladico que as fontes localizaran nos castros de Laroco.[1063] Máis éxito tivo coa localización da lápida 2.524 de Hübner que atopou, xunto con outra, na Igrexa e na casa reitoral da parroquia de Camba.[1064] En Trives achou tamén algúns vestixios romanos que o levaron a situar nesa vila a cidade de Nemetobriga.[1065]

Díez Sanjurjo sentiu tamén atracción polo tema dos poboados lacustres.[1066] Nas súas investigacións sinalou a existencia na Lagoa de Antela de pilotes, emparillados e dos restos dunha árbore oca que sostiña que podería ter sido unha embarcación. Segundo el, no centro da lagoa existían semiesferas ou *cortejos* nos que atopara carbón, anacos de arcilla cocida e cuarzo. Referíndose a estas investigacións de Díez Sanjurjo nos anos cincuenta Conde-Valvís Fernández comentaba *su tendencia a ver mámaos por todas partes acaso le impidiese reconocer los palafitos.*[1067]

Florentino Cuevillas, nos anos sesenta, referíndose ás investigacións de Díez Sanjurjo sinalaba *las actividades del Sr. Díez Sanjurjo no se limitaron al estudio de las vías romanas, sino que, aprovechando los frecuentes viajes a que le obligaban sus*

1061 *Los caminos antiguos y el itinerario Nº 18 de Antonino en la provincia de Orense* BCPMHAO T. I Maio-xuño de 1905 Nº 44 Páx. 353

1062 BCPMHAO T. II Nº 42 xaneiro-febreiro Páx. 320

1063 BCPMHAO T. II Nº 42 xaneiro-febreiro Páx. 321

1064 Los caminos antiguos y el itinerario Nº 18 de Antonino en la provincia de Orense BCPMHAO T. II Nº 45 xullo-agosto de 1905. Páx. 368-369

1065 *Los caminos antiguos y el Itinerario Nº 18 de Antonino en la provincia de Orense* BCPMHAO. 1906 T. III Nº 48 Páx.8

1066 Barros Sibelo manisfetara xa a posibilidade da existencia dunha cidade no centro da lagoa de Antela. Murguía en Historia de Galicia e Villa- Amil y Castro aceitaban tamén a existencia de palafitos e cidades lacustres en Galicia.

1067 *La Laguna Antela y sus palafitos*. BCPMHAO T. XVIII Xaneiro-decembro de 1951

deberes profesionales, visitó iglesias y pazos, subió a los recintos de muchos castros y exploró por último una serie de mámoas emplazadas entre las villas de Carballino y Cea y en el valle superior del rio Barbantino en el tramo comprendido entre la parroquia de Covas y la de Lamas de Aguada." [1068]

Outros comisionados aproveitaron tamén a súa actividade profesional para realizar inspeccións arqueolóxicas nas cales con frecuencia o Museo foi o destinatario. Conde Valvís no 1905 ao realizar unha explanación do canal do salto de auga de Forcas en Parada de Sil atopou unha folla de espada prerromana nunha dunha cova artificial. Eugenio Marquina, no mesmo ano de 1905, atopou un machado sílex nunha mámoa do concello de Avión.[1069] O mesmo Marquina a finais de 1906 ingresou varios vestixios arqueolóxicos procedente de Xinzo de Limia.[1070]

Na primeira década do século as intervencións arqueolóxicas da Comisión foron moi ocasionais, coa excepción das efectuadas por Díez Sajurjo. Os Comisionados máis activos centraron a súa actuación sobre todo na recuperación de lápidas, miliarios e copias de epígrafes. Nos anos seguintes o pasamento de Vázquez Núñez e os traslados de Díez Sanjurjo e Hermida xunto coa avanzada idade de Marcelo Macías limitou as saídas de campo da Comisión.

Intervencións de Higinio García en Entrimo e Lobios. 1922

O avogado e afeccionado á arqueoloxía, Higinio García Fernández,[1071] solicitou no 1921 ao Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes autorización para

1068*Nuevo material de mamaos del valle alto del Barbantiño*. Florentino Cuevillas / Joaquín Lorenzo Fernández. BCPMHAO Tomo XX 1959-60 Fasc. I-IV Páx. 63

1069 BCPMHAO. T. II Nº 44 Maio-xuño Páx. 360.

1070 BCPMHAO T III Nº 52 setembro-outubro de 1906 Páx. 80

1071 Avogado e xuíz de primeira instancia de Pontevedra. A altura de 1921 exercía na Audiencia de Lugo. No 1924 estaba destinado na provincia de Badajoz e nos anos seguintes ocupou postos similares noutras provincias. A súa familia era de Entrimo motivo polo cal pediú autorización para investigar e realizar escavacións no lugares de Pía da Moura/Castelo. Segundo o BPCMHAO de novembro-decembro de 1921 *El desprendimiento, laborosidad y fervores artísticos de nuestro querido amigo, garantízan el buen éxito de la empresa que, desde hace algunos meses, viene dedicnado con centifico esmero y excelente resultado su actividad y competencia*

inspeccionar os vestixios arqueolóxicos de Monte dos Castrelos, en Entrimo.[1072] Neste lugar atopáranse anteriormente varios obxectos de ferro, bronce e cobre e moedas de cobre e prata que suxerían a existencia dun castro habitado ata a alta Idade Media. As lendas e a toponimia do lugar reafirman a presenza de poboacións primitivas nesta área.[1073]

Benito Fernández Alonso recollera no folleto *El Río Limia,* publicado no 1879, a existencia de vestixios arqueolóxicos neste lugar onde existía tamén unha formación rochosa con gravaduras denominada Penedo das Sete Espadas sobre que escribira un artigo no Boletín da Comisión.[1074]

Higinio García visitou o Monte dos Castrelo a comezos de 1922 pero o n o mal tempo impediulle realizar escavacións arqueolóxicas e unicamente puido realizar unha inspección do lugar. Durante a súa inspección comprobou que no cerro denominado Coto da Pía da Moura había unha pila escavada na rocha, vestixios dun antigo edificio e numerosas pedras labradas. A uns cincuenta metros atopou unha construcción megalítica e, entre os peñascos deste cerro, localizou unha cova natural con restos óseos, cerámica basta, cantos rodados e pedras ennegrecidas polo fogo.

Noutro dos cerros do Monte dos Castrelos, o *Coto das Ferradas*, localizou restos de murallas de máis dun metro de espesor dispostas en líneas paralelas cunha separación entre elas de dez metros. Entre este cerro e o denominado *Buraca da Moura*, existía unha ampla planicie con restos de construcións circulares. No cerro de *Buraca da Moura* atopou outra cova baixo unhas rochas que atribuíu a buscadores de tesouros.

Nos meses estivais de 1922 Higinio García inspeccionou o Monte de Santa Eufemia, no municipio de Lobios. Na ladeira norte deste monte situaran Muñoz de la Cueva e Flórez a antiga cidade de Abóbriga. Concluíu que a para determinar a situación desa cidade sería necesario realizar escavacións e no caso de atopar

1072 Biblioteca do Ministerio de Educación. Atado 10.143 (101;113); 10.145-66 Orense: Parroquia de San Ciprián, San Amaro, Entrino, Dos Castelos, Cartelle /1921-1935/ García Fernández, Higinio; López Cuevillas, Florentino; Martínez Risco, Vicente; Ramos; Cárdenas, Evaristo .

1073 GARCÍA FERNÁNDEZ , HIGINIO. *Exploraciones arqueológicas en "Monte Dos Castelos". Entrimo* (Orense). BCPMHAO T. VI marzo-abril de 1912. Nº 143. Páxs. 389-396

1074 Sobre o Penedo das Sete Espadas Fenández Alonso publica un artigo no Bolentín da Comisión número 67 do cal inclúe fotografía. Fernandez Alonso interpreta os surcos da rocha coma testemuñas da escritura hemísférica, tema popular nas cara comezos do século.

vestixios analizar a posible relación coa poboación de Abóbriga. Na súa opinión estas investigación permitirían tamén averiguar se nestes montes se situaba realmente a cidade de Calcedonia.[1075]

Higinio García inspeccionou tamén outros montes de Entrimo, entre eles, os de Maduro, Olleiro de Antas, Casiñas do Rey, Chan, Cabeza da Vella, D. Rodrigo, San Benito, Castelo da Pica, Penedo, Chan de Frades, Cuba da Moura e Cuba de tras de Castro. Nalgúns casos unicamente realizou inspeccións oculares e noutros efectuou breves escavacións. Na súa opinión todos os puntos visitados eran ricos en xacementos arqueolóxicos preromanos que atribuíu á *civilización Asturiense*.[1076]

Nos montes visitados observara a existencia de restos de muros e promontorios que sinalaban a presenza de terras removidas contidas por paredes soterradas. Nas zonas roturadas observou que para despexar as terras para os cultivos realizáranse numerosos amontoamentos de pedras que delataban a presenza de antigas construcións. Neste amontoamentos atopara muíños de man e outros vestixios arqueolóxicos. Nas áreas incultas apreciara a presenza de espazos circulares de tres a cinco metros de diámetro.

O resultado das súas investigacións de Hixinio García publicouse no Boletín da Comisión en dous artigos titulados *Exploraciones arqueológias en Monte Castrelo*s e *Monte de Santa Eufemia ¿Antigua Obóbriga?*[1077]

A Comisión de Monumentos tramitou a financiación destas investigacións. foron coetáneas das realizadas por Cuevillas en Bande. Descoñecemos se os comisionados participaron ou supervisaron estas investigacións como no caso das de Aquis Querquennis.

1075 Barros Sibelo nos anos sesenta adicara un extenso artigo publicado en varias revistas e xornais sobre a localización desta cidade nas serras do Xerés. Martíns Sarmiento tratara no 1882 de localizala sen éxito.

1076 GARCÍA, HIGINIO. Monte de Santa Eufemia. Antigua Obóbriga? BCPMHAO T. VI Novembro-decembro de 1922. Páxs. 499-502

1077 BCPMHAO T VI Nº 143 Páx. 389-396 e Nº 147Páx. 499-502

Escavacións en Aquis Querquennis e a Cibdá.1922

López Cuevillas afirmaba que a carencia de fondos públicos unicamente permitía aos arqueólogos practicar exploracións preliminares para a localización de xacementos e que obrigaba a pospor os estudos máis rigorosos. Con este planteamento realizou as modestas intervencións de Baños de Bande e Santa Comba, fronte o pobo de Porto Quintela:*empresa modesta y pequeña, como operación de vanguarda que descubre el terreno y avisa a los que vienen detrás*.[1078]

Nesta intervención a Comisión de Monumentos interveu tramitando a financiación e permisos das exploracións e realizando diversas visitas de supervisión aos lugares intervidos. O Museo Arqueolóxico acolleu parte dos froitos materiais destas investigacións.

Os traballos teóricos sobre as vía Romana de Braga a Astorga de Blázquez e de Díez Sanjurjo determinaran xa a situación de Aquis Querquennis en San Juan de Baños. López Cuevillas antes da intervención revisou tamén a bibliografía e a información sobre os epígrafes e outros achados atopados con en Santa Comba de Bande e en Baños de Bande.

A exploración preliminar realizouse o día cinco de San Xoan na Cibdade, no lugar de Porto Quintela, a beira do Limia. Participaron Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas e Vicente Risco acompañados polo avogado de Bande, Francisco Pena. A intervención realizouse nun lugar utilizado polos veciños para a extracción de pedras no cal tiñan aparecido moedas e cerámica de barro negro.

Os traballos foron entorpecidas polo mal tempo e unicamente puideron desenterrar seis metros dun muro recto de cachotería dun grosor de medio metro. A ras de chan atoparon restos de tellas romanas e ao realizar a escavación localizaron unicamente dous cravos de ferro e anacos de barro negro e amarelo e un vermello. Coa colaboración dos veciños deixaron ao descuberto numerosos restos de edificacións de planta cuadrada e rectangular que cubrían unha parte importante da explanada.

1078 O artigo *La Mansión de Aquis Querquernis* recolle as escavacións efectuadas no 1922. Publicado orixinariamene na Revista Nos Nº 10 e 13 e reproducido en caselán no Boletín da Comisión de Monumentos. Nº 144

Os traballos retomáronse o nove de outubro. Nesta ocasión abriuse unha zanxa a sete metros do muro descuberto en xuño e atopando a pouca distancia unha nova parede grosa de coidada factura en sentido norte-sur. A intervención puxo ao descuberto unha muralla de vinte e seis metros de ancho de cachote recuberto nas caras posteriores por pedras rectangulares sen portas nin vanos. Acharon tamén tellas romanas rotas, a asa dun xarro amarelo e un anaco de vaso de cerámica *sigilata*.

As investigacións permitiron concluír que entre Baños de Bande e Santa Comba existira unha cidade romana ou celto-romana de certa importancia, identificada coma Aquis Querquennis, que contaba con establecemento termal e na que confluían dúas vías de áreas poboadas.[1079]

Finalizando o ano, López Cuevillas realizou *por su iniciativa y bajo su dirección* escavacións no castro de A Cibdá en San Ciprián de Lás. Entre os obxectos atopados nesta intervención figuran dous puñais de antenas, un aro de fíbula, un alfiler de bronce, tres contas de vidro verde, anacos de cerámica decorada e dúas moedas. Todos eles pasaron a disposición do Museo da Comisión.[1080]

Inspección da Comisión en Bande. 1935

A Comisión visitou á comarca de Bande no 1935 co obxectivo de inspeccionar vestixios arqueolóxicos descubertos recentemente. Participaron na visita os comisionados Domínguez Fontela, Florentino Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e Jesús Soria. Sumáronse á saída de investigación o Gobernador, Simeón Ibars, e o Secretario da Deputación, Faustino Santalices, ambos afeccionados á arqueoloxía.

Na intervención efectuada en Rubiás recolleron varias pezas de granito labradas con trenzados e funículos, un muíño de man, un anaco de xamba dunha porta artisticamente labrada, unha lápida rota con inscrición romana dedicada a Traxano, unha cabeza masculina de granito procedente dunha sepultura, fragmentos de tégulas e anacos de cerámica, sete cilindros de pedra con esvásticas, estelas funerarias, unha agulla de bronce, un capitel de columna e outros elementos

1079 LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino. *La Mansión de Aquis Querquernis*. BCPMHAO T. VI Maio-xuño de 1922 Nº144 Páxs. 416-439

1080 BCPMHAO T. VI Novembro-decembro de 1922. Nº 147. Páx. 503

arquitectónicos. Na opinión dos comisionados os restos que localizaran eran contemporáneos aos dos castros de Santa Trega, Laias ou Troia.

Estes achados permitiron determinar que a vila de Rubiás estaba situada sobre un castro céltico-romano. Destacaron a amplitude do castro de Rubías e a gran área que controlaba na cal existían evidencias de existir numerosos xacementos coetáneos. Sinalaron que ao pe do castro pasaba dunha vía ibérico-romana secundaria e que nas proximidades había unha ponte romana.

Segundo a Comisión os veciños oíran con respecto e aplauso as súas explicacións e déranlles todas as facilidades para a recollida dos obxectos descubertos para o seu traslado ao Museo Arqueolóxico.[1081]

A Comisión aproveitou esta intervención para visitar Aquis Querquennis, o templo visigodo de Santa Comba de Bande, o templo de Loiro e outros lugares de interese arqueolóxico.

.

1081 *La visita de la Comisión de Monumentos a la región de Bande*. BCPMHAO T. 10 Nº225 Novembro-decembro de 1935. Páxs. 425-428

9.4. O Museo Arqueolóxico de Ourense

A Comisión de Monumentos durante anos almacenara nun local húmido e con filtracións de auga numerosos vestixios arqueolóxicos achados na provincia. Cara o me novembro de 1895 propuxo a formación dun Museo para custodialos adecuadamente. As negociacións mantidas coa Deputación ao respecto concluíron en decembro de 1896 coa cesión dun local para o establecemento da Secretaría da Comisión e para a instalación dun Museo Arqueolóxico .

Benito Fernández Alonso e Arturo Vázquez Núñez, recén integrados na Comisión, dedicaron todo o ano de 1896 á adquisición de fondos para a colección do futuro Museo. Pola súa parte, Manuel Hermida, Pereiro Rey, Díez Sanjurjo e Marcelo Macías colaboraron coa aportación vestixios procedentes das súas coleccións privadas e de numerosas intervencións arqueolóxicas practicadas na provincia. Máis discretas foron as achegas de Benito Fernández Alonso e de Manuel Castro. Tamén o Bispo de Ourense apoiou o proxecto facilitando á Comisión a adquisición de materiais propiedade da Igrexa, entre eles, as lápidas de Nocelo da Pena.

Coincidindo coa instalación do Museo, na acta de febreiro de 1897 recóllese a incorporación á colección de dous machados e un martelo de pedra neolíticos; dous denarios de prata de Tiberio, una campaíña do Renacemento de Bronce, pesas romanas, o capitel de Maside, un azulexo árabe,…[1082]

A Comisión para facilitar a adquisición de obxectos artísticos e arqueolóxicos simplificou os seus procedementos autorizando aos comisionados a mercar obxectos sen necesidade de aprobación previa na asemblea. Esta disposición facilitou a Manuel Hermida a compra de antigüedades por toda a provincia aproveitando os seus desprazamentos profesionais.[1083]

Arturo Vázquez e Manuel Hermida foron os principais responsables da adecuación do local e da instalación dos fondos. Encargáronse tamén de acondicionar o salón destinado a Sala Xuntas e a Biblioteca da Comisión. O Museo inaugurouse en febreiro de 1897 coa exposición dos seus fondos en varias salas e corredores do edificio da Deputación.

1082 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 15 de febrero de 1897

1083 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 15 de febrero de 1897

Os fondos estaban estruturados nunha sección protohistórica recollida nunha sola vitrina que amosaba os obxectos da *idade de pedra* e da *idade do bronce*. Unha segunda sección incluía a colección de aras, pilastras e mosaicos de época romana. Os vestixios medievais provintes de centros monásticos da provincia conformaban unha terceira sección. Completaba a exposición o Monetario da Comisión e vitrinas co Álbum de Monumentos confeccionado recentemente.

Os fondos iniciais cos que se inaugurou o Museo no 1898 publicáronse no primeiro Boletín da Comisión. Esta publicación nacera precisamente coa vontade de difundir os fondos do Museo e de estimular as doazóns a través do recoñecemento público dos doantes.[1084]

Atendendo ao catálogo do Boletín, entre os vestixios máis sinalados do Museo no momento da súa inauguración figuraban os trozos do mosaico romano da Cigarrrosa; a lápida romana de Boelius Rufus de Baños de Bande (Hübner, 2530); o Miliario de Caracalla de Bargiña (Hübner 4876); un machado da Idade do Bronce; dous machados e un martelo da Idade de Pedra cedido por Sales y Ferré; a lápida de Calpurnia (Hübner, 2527);a lápida romana de Nerva (Hübner, 4853); …

As disposicións vixente a comezos de século relativas aos Museos Arqueolóxicos establecían que os museos debían abrir ao menos para as visitas de institucións docentes e para aquelas persoas instruídas que puntualmente quixeran visitalo.[1085] O Gobernador Provincial propuxo á Comisión a posibilidade de abrilo tamén ao público durante algunhas horas os domingos. Unicamente temos constancia da súa apertura ao público en datas sinaladas, coincidindo coas festas locais.[1086]

Nos anos seguintes á apertura, os comisionados e os seus colaboradores intensificaron as investigacións arqueolóxicas e as saídas na procura de epígrafes proporcionando abundantes doazóns e cesións aos fondos do Museo. Apunta Fort y Roldan: *nadie llegaría á explicarse como pueden enriquecerse de día en día el Museo y el boletín con la suvención de mil pesetas concedidas por la Diputación Provincial,*

1084 O longo listado de adquisicións realizados no 1896 pode consultarse no primeiro Boletín da Comisión. BCPMHAO T. I Nº 1 marzo de 1898. Páxs. 12-16

1085 R.D. de 29 de outubro de1901

1086 Esta opción fora tamén a que se empregara no Museo Arqueolóxico da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago.

sino se conociera á los individuos de la comisión y sospechase, inmediatamente, sus sacrificios personales (FORT, Nicolás. 1906:28).

As instalacións do Museo quedaron pronto estreitas e , no 1901, solicitouse a ampliación aos salóns e corredores contiguos.[1087] A necesidade de espazo da Deputación, supuxo o traslado do Museo ao edificio do Instituto de Segunda Ensinanza no 1904. Xa nesta localización, desde 1906 Benito Fernández Alonso sustituíu ao finado Arturo Vázquez Núñez ao fronte do Museo como Conservador. As intervencións prácticas que aportaran numerosos vestixios ao Museo comezaron a remitir progresivamente co pasamento de Vázquez Núñez e os traslados profesionais de Hermida e Díez Sanjurjo.

A Comisión no 1909 colaborou coa organización da Exposición de Santiago na selección e envío de antigüidades para a Sección de Arqueoloxía. Parte dos fondos do Museo, seleccionados por Eugenio Marquina, partiron para Santiago xunto cos cedidos por particulares da provincia. Finalizada a Exposición de Santiago, os comisionados organizaron cos materiais retornados unha exposición aberta ao público nas instalacións do Museo da Comisión do 15 ao 27 de febreiro de 1910[1088] A Deputación Provincial contribuíu a financiar esta exposición local con 250 pesetas.[1089]

O Museo seguiu incorporando ocasionalmente novos materiais a través cesións e de compras directas da Comisión. O Boletín do primeiro semestre de 1911 recolle un artigo con material gráfico referido a un tesouriño recuperado para o Museo achado no lugar de Roufeiro, en Nocelo da Pena, Sarreaus. Neste punto atoparase no interior dun xarro de barro roto machados, puntas de frechas, follas de puñal e outro útiles. [1090]

Nun dos Boletín de 1913 recóllese tamén as achegas de Maximino Álvarez de Carballiño que cedeu un machado de bronce atopado xunto con outros en Villarderrey, Cenlle e a de Botelho de Souza, de Lisboa, que remitiu cinco pequenos bronces da época imperial romana e tres moedas de cobre portuguesas.[1091]

1087 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesion de 28 de novembro de 1901

1088 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesion de 11 de xullo de 1909

1089 BCPMHAO T. IV Maio-xuño de 1910 Nº 74 Páx. 72

1090 BCPMHAO T IV Nº 78 xaneiro-xuño de 1911Páx. 32

1091 BCPMHAO T IV Nº 90 maio- xuño de 1913 Páx.320

As noticias relativas á incorporación de materiais no Museo remitiron nos anos seguintes. Por un lado, no Boletín suprimíronse as seccións da década anterior dedicadas a acoller noticias arqueolóxicas e a difundir as incorporacións de materiais e libros para o Museo e a Biblioteca. Pero sobre todo, o descenso de incorporación de materiais arqueolóxicos ao Museo debeuse ao repregue da Comisión cara a confección do Boletín. A perda de comisionados afeccionados á Arqueoloxía e avanzada idade de Marcelo Macías supuxo na práctica o cese das inspeccións arqueolóxicas e das saídas na procura de epígrafes.

Cara os anos vinte a incorporación de Domínguez Fontela e a colaboración de Florentino Cuevillas na Comisión deu lugar o rexurdir do interese polas cuestións arqueolóxicas, reflectido no regreso ao Boletín dos artigos con noticias sobre descubertas arqueolóxicas e novos achados. Domínguez Fontela inseriu no Boletín numerosas noticias dos achados arqueolóxicos do Baixo Miño, en especial os relativos a Santa Trega. Maior repercusión para os fondos do Museo tivo a intensa actividade arqueolóxica desenrolado durante o 1922 por Hixinio García e Florentino Cuevillas en Entrimo, Bande, a Cibdade e Rubiás.

O Museo Arqueolóxico viuse gravemente afectado polo incendio de 1927 que afectou sobre todo á Biblioteca Provincial. A maior parte da colección de antigüidades da Comisión pudo ser recuperada das lapas. Os materiais menos voluminosos foron depositados provisionalmente en domicilios particulares e, no caso dos obxectos líticos de maior volume, optouse por mantelos nas zoas non afectadas polo incendio do edificio do Instituto.[1092]

O incendio supuxo a destrucción total da parte do edificio que albergaba as instalacións da Comisión e do seu Museo. Esta privación de local condenou aos fondos do Museo a permanecer encerrados en caixas durante anos mentres a Comisión realizaba innumerables xestións para acadar novas instalacións.

A Comisión solicitou ao *Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes* unha partida orzamentaria para a reposición do mobiliario e dos bens culturais sinistrados no mesmo mes de decembro de 1927[1093] O amplo prestixio da Comisión e do seu Museo non foi suficiente para que se atendera de inmediato a súas solicitudes a pesar

1092 Para afondar no tema do incendio do Museo e dos esforzos da Comisión por acadar un novo local consultar Francisco Fariña Busto, 2013 Páxs 215 e sg.

1093 AMAO Libro de Actas. Sesión de 19 de decembro de 1927

do apoio da intelectualidade da cidade que nos anos inmediatos mobilizouse para procurar a reapertura da Biblioteca Provincial. O comisionado Emilio V. Pardo, en xuño de 1929, expresou emotivamente a frustración dos comisionados polo retraso na consecución de novas instalacións:

> *… tengo que dedicar un recuerdo al Museo provincial, nuestro querido Museo, precioso relicario de las tradiciones orensanas, que yace en el pudridero esperando su enterramiento definitivo, y me violento extraordinariamente para contener, empapada en reproches, la amargura que muerde, hasta tortura, el alma de los que habiamos puesto en él todo el fervor de nuestros amores.*[1094]

A situación prolongouse no tempo durante seis anos e medio nos cales a Comisión atopaba un apoio que non acababa de materializarse: *al hacer las peticiones, perece que se nos oía, pero las órdenes para que se habilitase un local adecuado para esta institución, jamás llegaban a darse.* Ante esta situación a Comisión prantexou un ultimatun ás autoridades provinciais manifestando a súa vontade de disolverse no caso de non obter un local de inmediato. A medida foi efectiva e o Gobernador Civil comprometeuse en habilitarlles un local no antigo Hospital das Mercedes.

A Comisión, no mes de maio de 1935, pudo instalar no edificio das Mercedes a súa sede e o Museo nun local *amplio, espacioso, adecuado para los fines de nuestra colectividad.* As instalación contaban cun espacioso vestíbulo con asentos de granito, un espazo para a Secretaría e unha Sala de Xuntas onde instalaron o monetario e a biblioteca propia da Comisión. O Museo dispoñía dun salón para os fondos de arqueoloxía; outro para materiais epigráficos; unha sala para pinturas e un almacén útil para realizar traballos manuais. Marcelo Macías e Domínguez Fontenla distribuíron os fondos atendendo a disposición que amosaban as fotografías do antigo Museo.[1095]

A reinstalación do Museo foi efémera dado que a Guerra Civil truncou a súa nova andadura no 1938 ao reclamaren as autoridades o edificio das Mercedes para a súa función orixinaria. A Comisión, privada das súas instalacións, viuse novamente sen local para Secretaría e sen Museo. Os seus fondo regresaron ás caixas e a almacenarse en sótanos e desváns.

1094 BCPMHAO T. VIII maio-xuño de 1929 Nº 186 Páx. 356.

1095 *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia*. S.N. 06/03/1934 Páx. 13

A Comisión sen recursos nin local disolveuse e Marcelo Macías, no 1939, solicitou ao Estado que se fixera cargo dos fondos do Museo. Deste xeito a colección reunida pola Comisión pasou a depender da *Dirección General de Bellas Artes* quedando baixo a tutela do *Corpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*.

A altura de 1944, exercía coma Director do Museo Basilio Osaba y Ruíz de Erechun, referíndose a colección afirmaba *Hasta hace escasas semanas el Museo de Orense más que vivero de arte era un triste y destartalado cementerio; la deplorable situación de sus ejemplares, sin que la culpa sea imputable a nadie en particular, hacía sonrojar de vergüenza. Hoy en día, debido a grandes esfuerzos del que suscribe estas líneas, se hallan reunidos con ciertas garantías de seguridad y en un estado aceptable de limpieza en una de las dependencias de la Excma. Diputación Provincial, cedida galantemente por su Presidente D. Arturo Pérex Serantes. Pero ¿este es su lugar adecuado? Si D. Marcelo desde su tumba levantase la cabeza y hablara nos diría: no, mis esfuerzos y trabajos requieren mayor premio.*[1096]

1096 BCPMHAO T. XIX ano 1943-1944 Páx. 302

9.5.A recuperación de epígrafes

Ata ben entrado o século XX, a RAH interesouse por localizar os epígrafes mencionados nos textos clásicos e por recompilar os máis recentes. Nesta tarefa colaborou a Comisión de Monumentos de Ourense facilitándolle debuxos, gravados e fotografías sobre as inscricións dos miliarios, aras e lápidas da provincia.

Nos anos sesenta, Ramón Barros Sibelo colaborara coa RAH indagando sobre a localización de epígrafes recollidos nas fontes clásicas. Os seus informes á Academia recollen tamén a notificación de novos epígrafes localizados no marco das súas investigacións, en especial os asociados ás vías romanas. Remitimos neste punto ao apartado dedicado ás súas investigacións.

A Comisión xestionou no 1984 a adquisición dunha lápida descuberta en Santa María de Arzúa, a cal dedicou F. Fita un artigo no Boletín da RAH anos despois.[1097] Cara mediados dos noventa, coa integración de Marcelo Macías na Comisión, intensificáronse as pescudas e investigacións en materia epigráfica. Nesa altura o estímulo de Fidel Fita desde a RAH materializouse nun abundante intercambio de correspondencia con Marcelo Macias e, en menor medida, con Vázquez Núñez.

A participación da Comisión na recuperación de epígrafes documentámola especialmente a partir da publicación do Boletín da Comisión. As intensas investigacións de Arturo Vázquez Núñez e Marcelo Macías en materia epigráfica publicáronse por entregas no Boletín baixo o epígrafe *La epigrafía latina* complementada con *suplementos* posteriores. Tamén se interesaron pola recuperación e interpretación dos epígrafes da provincia Díez Sanjurgo, Manuel Hermida e Gómez Moreno entre outros comisionados.

Manuel Pereiro, no 1895, enviou a Fidel Fita catro copias de inscricións romanas, tres delas achadas na Muralla de Lugo e a outra nunha casa de labranza de Arines.[1098] Benito Fernández Alonso, no mes de maio do mesmo ano, informou á Comisión sobre a existencia dunha inscrición arruinada vencellada á fundación da igrexa de Mariña Mansa e dedicada a Santa Eufemia. A Comisión, decidiu neste ano, mercar un caderno para levar un rexistro das inscricións que atoparan. Encabezarían

1097 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 22 de xullo de 1896

1098 ARAH CAOR/9/7965/14

este rexistro os epígrafes deteriorados das lápidas aparecidas nas obras da estrada a Portugal, perto de Celanova, das que informara Manuel Hermida.[1099] Non temos constancia de que finalmente se formara este caderno.

A Comisión, a comezos de 1896, foi informada da existencia de varios epígrafes: un capitel no adro da igrexa de Maside; unha inscrición e unha lápida de Pobra de Trives;[1100] unha lápida de Santa Comba de Bande e a columna da cidade de Ourense coñecida coma *Humilladero*.[1101] As negociacións para acadar estes vestixios, mediante cesión ou compra, viuse dificultada polo seu elevado prezo e pola precaria situación económica da Comisión[1102] Neste ano de 1896 acadaron unicamente o depósito dun capitel latino-bizantino de Vilanova dos Infantes. As negociación sobre a adquisición do capitel de Maside estendéronse ata ben entrado o 1897. Os contactos de Marcelo Macías facilitaron neste ano a doazón do Bispo de Astorga dunha lápida romana procedente de San Juan de Camba (4853, Hübner).

Manuel Hermida nas súas viaxes profesionais por Galicia aproveitou para recabar información sobre antigüidades da provincia, en especial as de carácter epigráfico. Cara xullo de 1896 tivo noticias da existencia dunha lápida romana asolagada no 1849 a carón de Ponte Bibei. Marcelo Macías visitou o lugar a finais dese ano e localizou no leito do río dous sillares dos cales non puido precisar si contiñan inscricións. Os comisionados propuxéronse regresar ao lugar para realizar novos estudos cando o caudal do río o permitira.[1103]

Cara o mes de setembro de 1896, Hermida inspeccionou unhas construcións romanas en Sta. Maria de An(?) onde se atoparan anteriormente restos arqueolóxicos. Informada a Comisión, acordou realizar exploracións en canto os seus recursos económicos llo permitiran.[1104]

1099 A. M.A.O. Libro de Actas . Sesión de 19 de maio de 1895

1100Aperecida no1894 na propiedade coñecida coma Souto do Padrón en Santa María de Trives onde foran localizados restos romanos. Localizada por Manuel Hermida. Vázquez Nuñez, A. *Epigrafía latina en la provincia de Orense*. BCPMHAONº 3 xullo de 1898 Páx. 52

1101 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 17 de maio de 1896.

1102 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 22 de xullo de 1896

1103 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 22 de xullo de 1896

1104 AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 2 de decembro de 1896

A Comisión adquiriu, a finais de 1896, unha lápida de Pobra de Trives estudada anteriormente por Hübner. Puig y Larraz remitiu un informe sobre esta lápida á RAH con puntualizacións xeográficas e epigráficas matizando que matizaban un recente artigo publicado no Boletín da Academia. No ano seguinte, o mesmo Puig e Larraz, publicou nese Boletín académico un artigo titulado *Inscripciones inéditas de Galicia* no cal informaba sobre os estudos epigráficos que realizara en Galicia.Este traballo recollía tamén as súas apreciacións sobre as gravaduras das rochas de Prado e calcos da rocha de Liñares.[1105]

En febreiro de 1897 os comisionados acordaron a adquisición dunha lápida romana cunha inscrición alusiva ás augas das Burgas que fora atopada no 1802 na cidade de Ourense, no parador de *O Centro*. No mes de xullo, a Comisión acadou dous novos ingresos de epígrafes, unha lápida recuperada por Hermida en Celanova e o miliario fraccionado de Barquiña (Hübner 4876). A lápida sepulcral de Celanova custara á Comisión dezaseis pesetas e o miliario vinte.[1106]

O Bispo da Diócese, en outubro de 1897, autorizou á Comisión de Monumentos para recuperar cinco lousas con epígrafe de Nocelo da Pena (entre elas, as lápidas 2576, 2577 e 5622 de Hübner). A Comisión tiña noticias de que no 1881 un comisionado da RAH intentara acadar estes epígrafes sen éxito ao oporse os naturais da vila que atribuían ás pedras a propiedade de protexer á parroquia da sarabia. [1107]

A Comisión, temendo a oposición dos veciños, optou por solicitar o auxilio da Guarda Civil para recuperar os epígrafes. No mes de novembro, Marcelo Macías, Fernández Alonso e Vázquez Núñez viaxaron a Nocelo da Pena coa escolta das forzas de seguridade. Ao comezar os traballos de extracción das lousas os veciños ameazáronos con gritos e paus: *la presenza de la Guardia Civil pudo solamente tener a raya a aquellos energúmenos, que por la tarde cambiaron de táctica, desaparecendo*

1105Inscripciones inéditas de Galicia. B.RAH T. 31 1897 Páx. 414-426.

1106 AAMAO. Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 2 de xullo de 1897

1107As lápidas apareceran na planicie da Cibdá e foran colocadas na ermida de San Pedro por Antonio BugallalEstas inscripcións están recollidas nos tomos XII e XVII da España Sagrada de P. Flórez o cal tivera noticias delas no 1785. A ermita de San Pedroonde seinsertaran foidestruída no 1827 porque non dispoñía de rendas que costearan as reparacións do edificio. O abade, de Nocelo da Pena, Antonio Bugallal, no 1835 recolleu as lápidas xunto con outras do edificio e formou con elas un pedestal para unha cruz erixida no adrio da Igrexa de Nocelo da Pena. Neste pedestal o copiara Barros Sibelo. F. Fita. BCPMHAO T. 4 Nº 80 Páxs. 76-78 Hübner visitara a provincia de Ourense no 1881, descoñecemos se foi el o visitante de Nocelo da Pena dese ano.



Ilus. 51 Epígrafes de Nocelo da Pena.

todos del lugar y llevándose los ganados a fin de que no se encontrase un carro en que conducir las piedras a Ginzo.

O Concello auxiliou á Comisión e deu orde de embargar un carro de bois para proceder ao traslado das lousas. Para compensar aos veciños pola perda das lápidas a Comisión acordou construír unha cruz no atrio da Igrexa. Na recollida destes epígrafes a Comisión investiu 151,25 pesetas.

Manuel Hermida, no mes de febreiro de 1898, promoveu a recuperación dunha ara de granito en perfecto estado procedente de Monte Louredo, a oito kilómetros de **Ourense.**[1108] **A Comisión inspeccionou no** mes de setembro do mesmo ano os epígrafes localizados en Mendoya, no Val Cendón, próxima ao Bibey e moi perto da vía romana.[1109]

Nestes anos as intervencións e artigos de Arturo Vázquez en materia epigráfica Núñez foron numerosos. As súas investigacións permitíronlle localizar e integrara na colección do Museo Arqueolóxico tres inscricións romanas e un miliario procedentes de Bande, a comezos de 1902, entre elas a consagrada ás Ninfas que mencionara Bedoya no seu informe *Arqueología* de 1841 e da cal Hübner lamentara o seu extravío. No mesmo ano analizou dúas inscricións medievais e unha sueva de San Pedro de Rocas, nun artigo publicado no Boletín da Comisión. A RAH aludiu a valía as súas investigacións nun artigo do seu Boletín de1902. [1110]

1108 Arturo Vázquez Nuñez. *La epigrafía latina*.BCPMHAO Nº 2 Maio de 1898. Páx. 31 e AMAO Libro de Actas da CPMHAO Sesión de 7 de marzo de 1998

1109 BCPMHAONº4 Setembro de 1898. Páx. 72

1110 *Inscripciones visigóticas y suévicas de Dueñas, Baños de Cerrato, Vairaoa; Baños de Bande y San Pedro de Roca*s. BRAH T.41, ano 1902 Páxs. 497-511

F. Fita instou a Vázquez Núñez para que proseguira as súas investigacións e para que pescudara sobre o paradoiro de dúas lápidas (Hübner 137 e 139) documentadas nos arquivos da Academia en copias de P. Sobreyra, unha da Peroxa e outra de San Salvador de Lemosiños, preto de Celanova. A inscrición da Peroxa fora catalogada por Hübner (137) coma lápida sepulcral do século VIII pero non puidera vela persoalmente por coincidir a súa visita a Ourense no 1881 co falecemento do seu correspondente na cidade, Juan Antonio Saco.

Arturo Vázquez Núñez remitiu a F. Fita a información solicitada sobre os epígrafes no 1903. Sobre a inscrición 137 da Peroxa publicou un artigo no Boletín da RAH no cal aparece catalogada coma pertencente a un sarcófago da segunda metade do século IV ou primeira metade do século V. As xestións da Comisión co propietario acadaron a doazón da peza ao Museo Arqueolóxico.[1111]

Vázquez Núñez comunicou á RAH no 1903 noticias sobre dúas aras votivas que figuraban no Museo da Comisión. Unha delas era a de Bande (Hübner 2530) que fora trasladada ao pazo episcopal de Ourense primeiro e doada posteriormente ao Museo no 1896. A segunda, non catalogada por Hübner, fora a descuberta no 1898 no Monte Louredo.[1112]

A Comisión visitou no 1903 o lugar de Sobral onde localizaran un miliario cilíndrico moi deteriorado que contaba apenas cunha ducia de carácteres. A brevidade desta inspección debida ao mal estado da peza permitiu aos comisionados visitar a igrexa parroquial de Gustey da cal Vázquez Núñez elaborou posteriormente un artigo histórico e estilístico.[1113]

Díez Sanjurjo realizou nos anos seguintes exploracións dedicadas determinar o itinerario da vía romana no marco das cales achou e verificou numerosos epígrafes miliarios. As súas investigacións permitíronlle localizar no 1908 dous miliarios inéditos nos lugares de Cerdeira e Castromao (números 33 e 34 dos suplementos a Epigrafía Latina).

1111 *Un sarcófago cristiano del siglo V* BRAH T. 42 (1903), Páxs. 226-232

1112 *Excursión epigráfica por Villar del Rey, Alhambra, Venta de los Santos, Cartagena, Logroño y Orense*.

BRAG T. 42 Ano 1903 Páxs. 308-310

1113 *La Iglesia Parroquial de Santiago de Gustey*. BCPMHAO T. II Nº 34 Setembro-Outubro de 1903. Páx. 177

Marcelo Macías e Eugenio Marquina, acompañados do arqueólogo Manuel García Moreno, visitaron no 1910 Santa Comba de Bande para inspeccionar e tomar fotografías dunha inscrición romana.[1114]

A RAH solicitou a colaboración da Comisión novamente no 1911 para que investigaran a localización de dous epígrafes rexistrados por Sarmiento e por Hübner. O epigrafista alemán situara as lápidas número 2.565 e 2.566 erroneamente na vila costeira de Ribeira. A Real Sociedad Histórica de Londres, interesada nestes epígrafes, solicitara información sobre a súa localización a Casto Sampedro e a outras autoridades académicas sen obter resultados satisfactorios. A controversia suscitada levou a RAH a solicitar a intervención da Comisión de Ourense.

A Comisión verificou a documentación e concluíu que as fontes aludían ao lugar de Mosteiro de Ribeira, preto de Xinzo de Limia e non a vila costeira de Ribeira. O Alcalde de Xinzo de Limia confirmoulle a existencia dos dous epígrafes, un nun pallar de Mosteiro e outro no veciño pobo de Lamas. Marcelo Macías, Benito Fernández Alonso, Florentino Cuevillas e o Presidente da Deputación viaxaron á localidade de Mosteiro para obter información e fotografías dos epígrafes.[1115]

As saídas de campo dos comisionados na pescuda de epígrafes diminuíu progresivamente co falecemento de Vázquez Núñez, os traslados dos comisionados dedicados ás obras públicas e coa avanzada idade de Marcelo Macías.

Nas décadas posteriores a Comisión seguiu recibindo noticias puntuais de novos achados.O alcalde de Maceda, Demetrio Álvarez, remitiu á Comisión no 1913 a fotografía dun epígrafe situado no atrio da igrexa de Sta. Eulalia de Escuadro.[1116] Marcelo Macías comunicou a Fidel Fita no 1914 que a Comisión tiña previsto recuperar unha columna miliaria regalada por un particular de Xunqueira de Ambía.[1117]

1114 *Exploraciones en Santa Comba de Bande*. BCPMHAO T XIV ano 1943-1944 Páx. 47

1115 Lápidas Romanas de Mosterio de Ribeira. Antecedentes B.C.P.M.H. A O. T IV Nº 79 xullo-agosto de 1911 Páxs. 51-56 *Lápidas Romanas de Mosteiro de Ribeira – Indagaciones útiles.* BCPMHAO T IV Nº 80 setembro-outubro de 1911 Páx. 66-80. *Tres lápidas romanas de Mosteiro de Riveira*. B.RAH T. 58, año 1911 Páx. 388 reproducido en BCPMHAO T IV Nº 81 novembro decembro de 1911 / *La correspondencia gallega: diario de Pontevedra*. Nº 6379 01/06/1911 Páx. 2

1116 BCPMHAO T. IV Nº 91 xullo agosto de 1913 Páx. 338

1117 AHPCCJ. *Carta de Marcelo Macías a Fidel Fita, sobre la decisión del Cabildo de Orense de abrir a la Comisión*

O Museo recibiu no 1915 a doazón dunha lápida procedente de Florderrey Vello, Vilardevós, atopada no 1912 por Manuel Núñez González.[1118] Este veciño informou a Comisión da existencia de numerosos vestixios no lugar onde a atopara os cales, na opinión de Marcelo Macías, poderían corresponder a unha poboación romana con prolongación medieval.[1119]

> *…en la cima de la colina de Florderrey quedan claros y evidentes vestigios de antiquísimos trabajos de fortificación, ladrillos de varias formas, montones informes y restos de recios muros graníticos, adornos toscos de piedra, con algunas figuras de animales (recuerdo un jabalí), y muy señaladamente, en la ladera del naciente y en el punto en que es menos acentuado el declive, un buen número de sepulcros, aunque no endurecida como las rocas.*
>
> *Descubriéndose estos sepulcros, al querer plantar en aquel sitio una viña, y aunque yo registré unos catorce ó más á poco de ser descubiertos, no hallé en ellos huesos, ni objeto alguno. En un extremo de aquel ignorado cementerio, aparezo un pozo, que parecía de forma circular y más profundo que los sepulcros, donde había carbones, restos de pucheros negros, huesos calcinados y cenizas mezcladas con tierra; debía ser un horno crematorio. Los sepulcros oscilaban entre 1´80 y 1´90 de longitud; eran de forma antropoide, y tenían una especie de almohada de la propia tierra para los hombros y un hueco semicircular para la cabeza. Aún deben de existir algunos. Se han hallado monedas de oro, plata y bronce de diferentes emperadores romanos, varios utensilios de diversas formas, puntas de flechas, etc."*

A alusión a achados epigráficos foi moi puntual nas décadas seguintes. Unicamente a excursión realizada pola Comisión a área de Bande no 1935 aportou ao

---

de monumentos los archivos de la Catedral, le informa sobre un miliario en Junquera y de su nombramiento en la Academia. 09/06/1914. Orense

1118 Marcelo Macías. *Nueva inscripción romana de la provincial de Orense.* BRAH T. 62, *1913, Páxs. 387*-389. *La epigrafía latina en la provincia de Orense. Suplemento. Inscripciones funerarias*. Nº 11 (inédita). BCPMHAO T. IV Nº 88 xaneiro-febreiro de 1915 Páxs. 260-262

1119 Jesús Taboada realizará estudos en Florderrey que recolle no artigo Un sepulcro romano en Vilardevós. BCPMHAO T XV Fasc. II xullo-decembro de 1945.

Museo novos epígrafes, neste caso unha lápida romana inédita con inscricións de Trajano que aparecera incrustada na parede interior dunha bodega en Rubiás.[1120]

9.6. O monetario da Comisión

Ao longo do século XIX o colecionismo vinculado ao mecenazgo da corte e da aristocracia foi sustituido pola formación de coleccións privadas vinculadas á emerxente burguesía liberal. Neste século, os corredores de antigüedades percorreron as vilas galegas recuperando vestixios arqueolóxicos, antigüedades e obras de artes que surtiron ás coleccións privadas.

Desta presenza de coleccionistas e marchantes de arte en Galicia danos conta Villaamil y Castro. No 1886 fora comisionado polo Goberno para percorrer Galicia co obxectivo de evaluar a dispoñibilidade de materiais arqueolóxicos cos que conformar un Museo en Santiago de Compostela. Logo de visitar as principais vilas galegas, afirmou:

> *Una triste certidumbre ha sido el mayor fruto que he obtenido de mi detenida excursión por las cuatro provincias gallegas: la de que la comarca ha sido muy explotada por los agentes de los almacenistas de antigüedades, y por consiguiente que grande y buena parte de la riqueza arqueológica de Galicia, restos de su pasado esplendor así como de la manificiencia de sus poderosas corporaciones, de muchos de sus insignes magnates y de algunos preclaros hijos, ha salido de las tierras gallegas, y probablemente de las españolas para enriquecer las tiendas de los comerciantes y las colecciones de los anticuarios.*[1121]

Neste fenómeno do colecionismo, tivo gran éxito a formación de monetarios de pezas recuperadas dos xacementos arqueolóxicos que afloraron especialmente na segunda metade do século. No que respecta ás moedas, comprobamos que os informes de Barros Sibelo remitidos á RAH nos anos sesenta, incluían numerosas comunicacións de achados de moedas. Boa parte delas foron ofertadas a esta Académica a cambio de compensacións económicas. Este afeccionado á arqueoloxía

1120 BCPMHAO T. X Nº 225 novembro-decembro de 1935. Páxs. 428-430.

1121 Villa-Amil y Castro, José. *Memoria sobre la creación de un Museo arqueológico en la ciudad de Santiago.* 1887

dedicou unha das súas publicacións máis tardías precisamente á numismática: *Catálogo de la monedas romanas encontradas en el estudio de las dos vías romanas que motivan esta memoria,* de 1887.[1122]

A afección á Arqueoloxía a partir da segunda metade do século acrecentou a formación de pequenas coleccións de antigüedades en mans dos eruditos das vilas. Nestas coleccións as moedas ocuparon un lugar destacado e mesmo deu lugar ao auxe das acuñacións falsas. A partir das últimas décadas do século, as coleccións particulares e os monetarios disgregáronse progresivamente co falecemento dos seus donos e, a medida que se instalaron os Museos nas capitais provinciais, as pezas vendidas polos herdeiros das coleccións particulares integráronse nas coleccións públicas (ACOSTA NIETO, I. 2007).

Comprobamos que membros da Comisión de Monumentos como Barros Sibelo, Sánchez Arteaga, Paz Novoa, Díez Sanjurjo e Marcelo Macías tiveron monetarios particulares que nalgúns casos co tempo pasaron a engrosar os fondos do Museo.

Ilus. 52 Monetario do Museo Arqueolóxico.

1122 Memoria prácticamente descoñecida do autor incluída en "*Estudios prácticos de las antigüidades de Galicia. Itinerarios 3ª y 4ª entre Braga y Astorga*" manuscrito de 1887 Arquivo do MAN 9.181 / Cartafol 13, Exp. 4. Referencia tomada de Acosta Nieto, I. 2007:17

Díez Sanjurjo refírenos a frecuencia e abundancia dos achados de cara o cambio de século e da desafortunada atención que se lles prestaba a estes vestixios:

> *De monedas no sé si se hallarán muchas romanas acuñadas en Galicia. Pero de las acuñadas en Roma se hallarán infinitas, que servían para el comercio, y cada día se descubren ollas de ellas, que plateros y caldereros las derriten al instante, porque los poseedores no penetran su utilidad literaria.*[1123]

A partir da reactivación da Comisión de fin de século o proxecto de instalación do Museo estimulou a formación dun monetario. O Boletín da Comisión danos conta das doazóns e adquisicións que o enriqueceron.

José Florit, conservador da Real Armería de Madrid, doou para o Monetario no 1898 varias moedas romanas e hispano-cristiáns xunto con medallas napoleónicas.[1124] Varios individuos da Comisión fixeron doazóns de moedas no verán de 1899, entre eles Manuel Hermida e Benito Fernández Alonso e especialmente Manuel Castro que cedeu sete moedas romanas de bronce.[1125]

O Boletín da Comisión de decembro de 1901 infórmanos de que no entorno da Vía militar de Braga a A**s**torga ao paso por Vilaboa de Allariz d*e mucho tiempo á esa parte vienen haciéndose incesantes descubrimientos de monedas romanas en gran cantidad.*[1126] Outra achega significativa de moedas aportounas a da viúva de Sales y Ferré que no 1911 doou vinte e oito moedas de cobre e dezaseis imperiais romanas.[1127]

Algúns dos achados de moedas foron especialmente significativos pola cuantía e calidade das moedas atopadas. Así, no 1916 co galo da construcción dunha estrada en Poulo, Gomesende de Celanova, apareceu un rico tesouro de moedas romanas de prata, consulares e imperiais e algunhas de ouro, todas anteriores a Dominiciano. Foron postas a venda en Ourense e a Comisión mercou para o Museo parte delas,

---

1123 Manuel Sanjurjo. Vía 3ª *Militar romanas desde Braga a á Astorga por los pueblos Quarquernos Sarmiento Nº 62* Páx. 237 B.P.M.H.A.O. 1908

1124 BCPMHAO T. I Nº 6 Páx. 108

1125 BCPMHAO T. I Nº 9 xullo de 1899 Páx. 176

1126 *La epigrafía latina en la provincia de Orense*. BCPMHAO T. I Nº 23 Páx. 407 decembro de 1901

1127 BCPMHAO T. IV Novembro-decembro Nº 87 Páx.248

todas en bo estado de conservación.[1128] Dous anos despois, no monte do Rego, en Cudeiro, perto de Ourense, recuperouse un peto de barro esférico con catrocentas moedas en moi bo estado de Alfonso VIII de Castillo, Alfonso IX de León e Alfonso X o Sabio.[1129]

O Monetarios da Comisión non sufriu perdas de importancia no Incendio de 1927. O seu destino foi parello ao do resto da colección do Museo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1128 Noticias. BCPMHAO T. V Nº 111 novembro-decembro Páx. 264

1129 BCPMHAO T. VI Nº 120 Páx. 431

9.7 O Boletín da Comisión

A Comisión de Monumentos desde que comezou as xestións para a instalación do Museo Arqueolóxico esforzouse en incrementar os seus fondos. Con este obxectivo, Arturo Vázquez Núñez propuxera aos comisionados a publicación dun Boletín no que difundir os obxectos da colección e incentivar as doazóns mediante o recoñecemento público dos doantes. A publicación editaríase con carácter puntual, segundo o permitira a dispoñibilidade económica da Comisión. O proxecto aprobouse na asemblea de 21 de maio de 1897:[1130]

> *Con el fin de dar á conocer los trabajos de alguna importancia que la Comisión realice, promover y difundir los estudios arqueológicos en la provincia y dar cuenta de la adquisición y donativos de objetos para el Museo aumentando el número de actos altruístas por la publicidad que se de á los nombres de los donantes, se acordó la creación de un Boletín de la Comisión de Monumentos que por ahora verá la luz cuando se vea necesario, reservándose para más adelante su publicación periódica si se obtienen recursos para los gastos que ocasione.*[1131]

O primeiro Boletín saíu a luz o sete de marzo do 1898. Encabezando a publicación Marcelo Macías recollía na introdución aspiracións máis amplas para o Boletín:

> … *dar a conocer sus trabajos y las adquisiciones de objetos arqueológicos hechas con destino al Museo provincial recientemente inaugurado* (…) *Excusado nos parece decir que no aspira nuestra humilde publicación á cultivar los estudios arqueológicos de una manera doctrinal y científica: su fin es puramente regional y práctico; pero esto no obsta para que tenga cierto carácter de vulgarización, que despierte el interés de nuestros*

1130 Luís Martínez-Risco no seu taballo *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense. Análise temática e significación histórica*.

1131 AMAO Libro Actas da CPMHAO Sesión de 21 de Maio de 1897

coetáneos, á la realización de los nobles y patrióticos fines que esta Comisión persigue".[1132]

(…) *Al efecto, no con periódica regularidad por ahora, sino cuando el interés ó la conveniencia lo reclamen, aparecerá el BOLETÍN, abarcando los siguientes puntos: Acuerdos de la Comisión que sean de interés público. Trabajos en que se ocupe la Comisión. Estudios sobre los objetos que se adquieran para el Museo ó se descubran en la provincia, con grabados que los representen, cuando así lo merezcan. Descripción de monumentos, como complemento del Álbum fotográfico mandado hacer por la Comisión, y de otros que no figuren en él. Estudios sobre lápidas, así romanas como hispano-cristianas. Informes y documentos de carácter histórico referentes á la provincia. Adquisiciones y donaciones de objetos al Museo. Noticias de carácter general relativas á descubrimientos, trabajos y estudios que se hagan en España y en el extranjero.*[1133]

O Boletín pronto ocupou un oco entre as publicacións científicas e de divulgación cultural coetáneas. O patrimonio histórico, cultural e arqueolóxico galego acadou ampla difusión no exterior a través da práctica do intercambio do Boletín coas publicacións doutras institucións nacionais e estranxeiras. No 1902 a Comisión establecera intercambio co *Boletín de la Real Academia de Historia*, a *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, *O Archeologo Portugués*, a *Revista de Guimaraes*, o *Boletín do Centro Excursionista* de *Cataluña*, a R*evista de la Asociación Artístico-arqueológica barcelonesa*, *Boletín de la Sociedad Arqueológica Luliana*, *Documentos para la historia de Pontevedra*, … A lista incrementouse nas décadas seguintes e, a altura de 1944, o Boletín da Comisión mantiña


BOLETIN
DE LA
Comisión Provincial de Monumentos
HISTÓRICOS Y ARTÍSTICOS
DE
ORENSE
TOMO VI
NÚM. 145
JULIO-AGOSTO 1922
ORENSE

Ilus. 53 Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense.

1132 BCPMHAO T. I Nº 1 marzo de 1898

1133 BCPMHAO T. I Nº 1 Páx. 2-3 marzo 1898

intercambio con setenta e cinco revistas nacionais e estranxeiras.[1134]

Arturo Vázquez Núñez estivo ao fronte da edición do Boletín ata o seu pasamento no 1907. Díez Sanjurjo sucedeuno no cargo pero pronto solicitou que se o relevara desa responsabilidade pola gran dedicación que requiría. Desde o 1910 fíxose cargo da publicación unha Comisión de Redacción dirixida por Marcelo Macías e integrada por Benito Fernández Alonso, Díez Sanjurjo, Martínez Sueiro e Eduardo Marquina. Nos anos vinte responsabilizouse da publicación Domínguez Fontela.[1135]

Os contidos do Boletín foron moi heteroxéneos e a súa composición variou ao longo da súa ampla traxectoria. Os catro primeiros tomos que abarcan ata 1914 recollen as investigación arqueolóxicas dos comisionados; as reprodución por entregas dos traballos epigráficos de Vázquez Núñez, Marcelo Macías e Puig y Larraz; as descrición históricas e estilísticas de monumentos eclesiásticos; noticias de achados arqueolóxicos; descricións estilísticas de obxectos litúrxicos e de arte, ….

Nestes primeiros anos o Boletín recolleu tamén con profusión reproducións de escritos medievais, inicialmente comentados por Vázquez Núñez e Benito Fernández Alonso. Marcelo Macías no 1914 comunicou a Fidel Fita que a Comisión tiña proxectado publicar no Boletín copia dos documentos do Arquivo da Catedral de Ourense con *paxinación diferenciada para que pueda ser recogida en volumenes a parte.*[1136] A altura de 1927 a Comisión tiña publicados catrocentos vinte e catro documentos paleográficos inéditos dos cales douscentos setenta e sete conformaban dous volumes separados.[1137]

A partir do quinto tomo, desde 1914, as alusións a investigacións arqueolóxicas dos comisionados remitiron e deixaron paso a contidos máis teóricos onde predominou a temática eclesiástica, en especial as descricións de obxectos artísticos litúrxicos e os artigos dedicados a personalidades do ámbito relixioso. Neste tomo as homenaxes e semblanzas dedicadas aos comisionados finados reflicten as perdas sufridas pola Comisión.

1134 BCPMHAO T. XIV 1943-1944 Páx. 301

1135 AMAOSesión de 19 de xaneiro de 1910

1136 AHPCCJ. *Carta de Marcelo Macías a Fidel Fita, sobre la decisión del Cabildo de Orense de abrir a la Comisión de monumentos los archivos de la Catedral*. 09/06/1914

1137 BCPMHAO T. VIII Nº 172 xaneiro-febreiro de 1927

As dificultades económicas que afectaron á Comisión na segunda década do século tiveron tamén a súa repercusión na publicación do Boletín. No 1918 reduciuse o número de exemplares de trescentos a douscentos por mor da carestía do papel e a sustituíuse ás pastas habituais por outras máis económicas.[1138]

O sexto e sétimo tomo, publicados entre o 1918 e o 1926, recolleron numerosas noticias arqueolóxicas, entre elas as intervencións realizadas por Cuevillas e por Hixinio García. Nestes anos estivo ao fronte do Boletín Domínguez Fontela o cal deu ampla difusión as novidades arqueolóxicas do Baixo Miño, en especial as novidades relativas ao castro de Santa Trega. Os contidos de temática relixiosa, a descrición de monumentos e a reprodución de documentos paleográficos seguiu sendo copiosa.

Do oitavo ao décimo tomo, publicados ente 1927 e 1935, os Boletíns recollen os artigos referidos ao incendio de 1927 e dan conta das dificultades da Comisión para acadar novas instalacións. Nestes anos aportaron calidade científica ao Boletín, autores recoñecidos coma Ángel del Castillo, Martínez Salazar e os investigadores lusos cos seus estudos sobre o paleolítico do Baixo Miño. A temática relixiosa seguiu moi presente coas colaboracións de Emilio V. Pardo e Cándido Cid. A partir do tomo once, o cese por traslado de Domínguez Fontela, supuxo o aumento da temática eclesiástica coas copiosas achegas de Aureliano Pardo.

O Boletín da Comisión, que acadara alta consideración entre a sociedade culta ourensán, sobreviviu á propia Comisión. O Grupo Marcelo Macías continuou coa súa edición, publicando desde 1843 co título *Boletín del Museo Arquelógico Provincial de Orense*. Esta publicación mantívose ata o 1971, ano no que comezou a publicar o seu herdeiro, o Boletín Auriense.

1138 AMAO Libro de Actas. Sesión de 13 de xullo de 1918

9.8. Os informes sobre o Patrimonio

Informes sobre os conventos suprimidos.1845

O Goberno comprobara nos anos corenta a dificultade da venda dos edificios monumentais nacionalizados, en especial dos máis afastados ás capitais provinciais. Ante seu o manifesto deterioro optara por destinalos a usos públicos e particulares para garantir a súa conservación. Neste contexto, a Central requiriu ás Comisións que nos seus informes e descricións estilísticas das fábricas monumentais aportaran tamén suxerencias para a súa reutilización.

A Comisión de Monumentos no seu primeiro ano centrouse na recuperación dos bens mobles. Con respecto aos monumentos, no mes de maio de 1845 confeccionou un breve informe que foi acollido con malestar pola Central na súa *Mermoria de 1845*. Neste informe os comisionados sostiñan que os edificios da provincia *aunque en algunos de ellos hay varios trozos de arquitectura notable y de mas ó menos mérito, y los mismos edificios, especialmente los dos primeros, [*Celanova e Oseira] *son todos en sí magníficos y muy útiles bajo diferentes conceptos, sin embargo sus fábricas no son tan sobresaliente, ni su trozos de tan sublime arquitectura, que por sola esta razón merezcan conservarse.* Sinalaban que o único edificio de verdadeiro mérito da provincia pola súa antigüidade e boa factura era a capela de San Miguel, no Mosteiro de Celanova.[1139]

A Comisión de Monumentos, logo de varios requirimentos da Central, en outubro de 1845 elevoulle un extenso informe complementario confeccionado coa colaboración dos Concellos. Neste informe incluíase a descripción física e apuntes históricos sobre os Mosteiros de Celanova, Oseira, San Clodio e San Estaban de Ribas de Sil. Este documento recollía tamén o estado de conservación de cada edificio e propostas para a súa reutilización. Así, no caso de San Esteban de Ribas de Sil, abandonado e aberto ao público, propoñían utilizalo coma cuartel por estar situado nun lugar *áspero y solitario*.[1140]

No mes de outubro do ano seguinte a Comisión de Monumentos remitiu á Central novos informes nos cales propoñía reutilizar aos edificios eclesiásticos como talleres,

1139 ARABASF 50-3/2(63b) 30/05/1845

1140 ARABASF 50-3/2(63a) e 50 -3/2(63) 08/10/1845

penitenciarías ou cederllos aos veciños para usos agrícolas coa condición de que se responsabilizaran do seu mantemento.[1141] A Comisión continuou realizando informes sobre edificios para a Central durante o 1847, entre eles, O Mosteriro de Melón e o de Montederramo. [1142]

Informes teóricos de Barros Sibelo

A RABASF,. cara metade dos sesenta, estaba interesada na obtención de informes relativos á Catedral de Ourense. Nesa altura a Comisión de Monumentos estaba aqueixada polas vacantes e, por este motivo, delegou o encargo en Barros Sibelo.

O informe sobre a Catedral ourensán elevouse á RABASF no 1867.[1143] En setembro do mesmo ano Barros Sibelo remitiu a esta Academia un estudo complementario sobre as Portas do Perdón da Catedral e, no ano seguinte, información gráfica sobre o Pórtico do Paraíso.[1144] Barros Sibelo traballou tamén nestes anos na preparación de informes sobre a Colexiata de Baiona e á Catedral de Tui.[1145]

El Heraldo Gallego nos anos setenta publicou numerosos artigos de Barros Sibelo dedicados aos edificios relixiosos da provincia de Ourense.[1146] Baixo o epígrafe *Antigüedades de Orense* estes artigos recollían as reseñas histórica e artísticas dos edificios nos cales a información relativa aos epígrafes e a diplomática constituían unha parte esencial.[1147]

1141 ARABASF 50-3/2(64) 23/12/1846

1142 ARABASF 50-3/2(64) 23/12/1846

1143 ARABASF 50-3/2(73) 27/10/1867

1144 ARABASF 50-3/2 (71a 23/09/1867 e 50-3/2(75) 08/05/1868

1145 ARABASF 50-3/2(73) 27/10/1867

1146 As veces figuran baixo o epígrafe. *Crónicas de Orense*

1147 *El Heraldo gallego.* Nº 30 e Nº 31 30/07/1874

Informes sobre monumentos recollidos no Boletín da Comisión

A reactivación da Comisión nos anos noventa facilitou as saídas de campo e as inspeccións de monumentos dos comisionados. Estas visitas materializáronse na publicación no Boletín da Comisión de informes con noticias históricas e descricións estilísticas dos edificios.

Arturo Vázquez Núñez, Benito Fernández Alonso e, anos despois, Emilio V.Pardo figuran entre os comisionados máis prolíficos no que respecta á difusión do patrimonio arquitectónico da provincia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

El Monasterio de Osera	M. Sales y Ferré	T.I Nº 7, 1899
Monasterio de Celanova :…	B. Fernández Alonso	T.I Nº 11, 1899
Santa Comba de Bande	M. Sales y Ferré,	T.I Nº 14,1900
Santa María la Madre	A. Vázquez Núñez	T. I Nº 14,1900
El Monasterio de Ribas de Sil /	A. Vázquez Núñez	T. I Nº 15,1900
La iglesia parroquial de Santa María de Castrelo de Miño	A.Vázquez Núñez	T.I Nº 18,1901
Orense: la iglesia y la ciudad	B. Fernández Alonso	T. I Nº 19, 1901
La Iglesia parroquial de Santiago de Gustey	A.Vázquez Núñez	T.II Nº 34,1903
Junquera de Ambía	B. Fernández Alonso	T. II Nº 44,1905
San Martín de Loiro	E. Marquina y Álvarez	T. III Nº 63,1908
San Miguel de Celanova	V. Lampérez y Romea	T. III Nº 64, 1908
Santa Comba de Bande	V. Lampérez y Romea	T. III Nº 65, 1908
Santa Marina de Gomariz	C. Vaamonde Lores	T. IV Nº 72 e 73,1910
Un Monasterio Gallego (San Julián de Samos)	M. Castro	T. IV 82 - 86, 1912
Pórtico de la Gloria de la Catedral de Orense	B. Fernández. Alonso	T. IV Nº 89, 1913
El coro de la Catedral de Orense	B. Fernández. Alonso	T. IV Nº 90-93,1913
El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil y …	M. Castro	T. IV Nº 77, 1913
El Monasterio de Osera, Su fundación	B. Fernández. Alonso	T. IV Nº 91, 1913
San Pedro de Rocas	A.Vázquez Núñez	T. II Nº 27, 1902
San Pedro de la Mezquita	A.Vázquez Núñez	T. II Nº 45, 1905
Pinturas murales descubiertas en la Catedral de Orense	B. Fernández Alonso	T. IV Nº 85, 1912
Monasterio de San Clodio de Avia	B. Fernández Alonso	T.VI Nº 127, 1919
San Martín de Munio da Veiga	B. Fernández Alonso	T.VI Nº 128, 1919
San Esteban de Ribas de Sil	E. Vázquez Pardo	T.VI Nº 128, 1919
El Claustro del antiguo convento de San Francisco	E. Vázquez Pardo	T.VI Nº 136, 1921

La Iglesia de Santa Comba de Bande declarada Monumento Nacional	RABASF (sen firmar)	T.VI Nº 139,1921
Una visita a Santa Comba de Bande	E. Vázquez Pardo	T.VII Nº 150,1923
El Monasterio de Osera /	A. Palacios	T.VII Nº 159,1924
Monasterio de Osera	Marcelo Macías	T.VII Nº 168,1926
Iglesia del Monasterio de Celanova	(sen firmar)	T.VIII Nº 176,1927
Guía Artística y Monumental de la provincia de Orense	Ángel del Castillo	T.VIII Nº180,183,184,1928
Dos nuevas iglesias pre-románicas: Santa Eufemia de Ambía y Santa María de Mixós	Ángel del Castillo	T.VIII Nº182,1928
Otro monumento pre-románico en la provincia de Orense: Capilla de San Ginés de Francelos	Emilio V. Pardo	T.VIII Nº183, 1928
Nuestras joyas arquitectónicas	Emilio V. Pardo	T.VIII Nº 186 1929
Casa palacio de los Oca	Cándido Cid	T. VIII Nº 187,1929
Ermita de los Santos Cosme y Damián /	Adriano de la Seca	T. Nº 188, 1929
Colegio de Jesuítas en Orense	Adriano de la Seca	T.IX Nº 190,191,193, 195,197, 1930 / 200-202, 1931
La iglesia de Sobrado de Trives	Heliodoro Gallego Armesto	T.IX Nº192,1930
Monasterio de Junquera de Espadañedo	B. Paradela	T.IX Nº 192, 1930
La iglesia de Pungín y el sepulcro de San Vintila	Ángel del Castillo	T.IX Nº 195, 930
El Convento de Sto. Domingo de Orense	P. A. Pardo Villar	T.IX Nº 196, 1931
El Convento de Santo Domingo de Ribadavia	P. A. Pardo Villar	T.IX Nº 200-213, 1931
Guía de Osera. Galicia monumental	J. Domínguez Fontela	T.IX Nº 203,1932
La Restauración del Monasterio de Osera /	A. García Górriz	T.X Nº 215,1934

9.9 As reparacións dos edificios Monumentais

A Comisión de Monumentos, finalizada a recuperación dos bens nacionalizados, quedou ao cargo da custodia dos edificios eclesiásticos. Entre as súas competencias figuraba a de comunicar á Comisión Central as necesidades de reparación dos edificios e a de vixiar para que as obras que se realizaran neles para a súa adaptación a novos usos non afectaran a súa estrutura nin aos elementos arquitectónicos máis relevantes. En todo caso, nos rexistros de contas da Comisión Central non consta que durante os anos cincuenta as comisións de monumentos galegas reclamaran partidas económicas para a reparación de edificios.

A finais desta década dos cincuenta os comisionados propuxéranse crear unha subcomisión para revisar o estado de conservación dos edificios e solicitar as reparacións que foran necesarias. A inspección dos edificios non foi posible dado que as partidas orzamentarias destinadas á Comisión de Ourense no 1859 investíronse integramente na reparación dos cadros do Museo de Pinturas.

Nas décadas seguintes as reparacións ordinarias dos edificios eclesiásticos quedaron baixo a competencia da *Junta para la reparación de Templos* na cal debía participar un membro da Comisión de Monumentos. Venancio Moreno representou á Comisión ourensán neste cargo durante anos. A Comisión de Monumentos unicamente debía intervir no caso de que as obras afectaran ao mérito artísticos dos edificios.

Non temos documentadas actuacións da Comisión intervindo na inspección de obras nos edificios monumentais durante todo o XIX. As intervencións desta natureza que documentamos son moi posteriores, todas a partir da segunda década do século XX. O Bispo de Ourense, no 1920, informou á Comisión de que o cura párroco de Santa Comba de Bande obtivera 22.000 pesetas para ampliar en seis metros o templo parroquial. A Comisión de Monumentos determinou que o valor arquitectónico do templo era incuestionable e desestimou calquera proxecto que implicara a ampliación ou modificación do templo. [1148]

1148 Acta da Sesión da Comisión de Monumentos de 22 de xullo de 1920 .BCPMHAO T VI Nº 137 Páx. 296 Acta da Sesión da Comisión de Monumentos de 22 de xullo de 1920.

Nesa altura, a Comisión remitira informes á RABASF para a solicitude da Declaración de Monumento Nacional de Santa Comba. Obtida a Declaración, a Academia recomendou que se realizaran no templo *trabajos urgentes de conservación y limpieza, consistentes exclusivamente en retejos, excavaciones en el pavimento, un cuidadoso e inteligente desencalado por si, como es probable, existen pinturas, inscripciones u otros detalles, y que, aún de no existir estos, pondrían a la luz los aparejos de la construcción*.[1149] A Comisión, responsable da execución das obras, tivo que reclamar á Dirección Xeral de Belas Artes, a finais de 1921, que facilitara os fondos necesarios para atender ás intervencións que recomendara a Academia.

A Comisión visitou o Mosteiro de Oseira en xullo de 1921. O impacto que causou aos comisionados o estado de abandono levounos a solicitar a Declaración de Monumento Nacional para que o Goberno*, así, haciéndolo suyo, lo cuidara paternalmente*. As xestión da Comisión acadaron no 1923 a Declaración de Monumento para a Igrexa, a Sala Capitular e o Claustro gótico do Mosteiro.

A Comisión interesouse de novo polo Mosteiro de Oseira no 1928. Neste ano solicitou ao Goberno o arranxo do edificio indicando que *sería posible, con trescientas o cuatrocientas mil, hacerlo habitable poniéndolo a cubierto de ulteriores ultrajes; cantidad pequeña, casi insignificante, si se la compara con el valor de lo que se salva.* A Comisión non obtivo resposta das autoridades centrais se ben, grazas as súas xestións anta a Deputación Provincial, no 1929, fixo posible a devolución do edificio á comunidade relixiosa.[1150]

O Concello de Ourense, no 1927, consultou á Comisión sobre o mérito da portada do Hospital de San Roque. Na opinión dos comisionados o seu mérito arquitectónico era notable e era conveniente que se conservara polo cal propuxeron que se trasladara á praza da Trinidade.[1151]

No mesmo ano de 1927 o Bispo da Diócese e os Franciscanos de Ourense propuxeron desmontar a igrexa gótica de San Francisco e trasladala ao campo de San

1149 BCPMHAO T. VI Novembro-decembro de 1921 Nº 141 Páx 363

1150 *Esfuerzos que hizo la Comisión de Monumentos para salvar el monasterio de Osera Emilio V. Pardo* BCPMHAO T. IX Nº 193, 1930 Páx. 97-103

1151 Recollemos o informe da Comisión nos textos anexos.

Lázaro. A Comisión inspeccionou o proxecto e pronunciouse sobre os elementos arquitectónicos que debían conservarse polo seu mérito artístico.[1152]

A Comisión no 1928 participou nas xuntanzas para a remodelación da Catedral de Ourense propostas polo Bispo Florencio Cerviño baseadas no proxecto do arquitecto Antonio Palacios. As obras consistían en retirar da nave central, o coro, o transcoro, os órganos e os muros laterais da nave. Tamén se pretendía instalar unha vidreira policromada no rosetón central para aportar luminosidade ao interior do templo. A remodelación incluía a construción na entrada principal dunha escalinata de acceso e a reposición ao estado primitivo do Pórtico do Paraíso.[1153]

